Los padres de D. Ramón, eran dueños de la casa y torre de la Escoura, donde residían" [1].

"D. Ramón Pedrosa contrajo matrimonio con D.ª Dominica Miranda y Ron, de Mondoñedo, hija de D. José Miranda y Ron y D.ª Rosa Pardo.
D. Ramón Pedrosa y su esposa tuvieron dos hijos los cuales, según afirma un hijo de José González, de Adelán, fallecieron en una misma semana a los 12 y 14 años de edad, respectivamente" [2].

"En 1819, el 4 de Enero, D. Ramón Pedrosa tomó posesión del cargo de procurador general del Concejo de Mondoñedo.
Acordado el nombramiento de nuevo Ayuntamiento en 13 de Mayo de 1820 por D. Manuel de Sierra y Ben, Jefe político de este distrito y el de Lugo, a medio de compromisarios eligidos por la ciudad y arrabales, fue nombrado Pedrosa regidor 6º.
El 30 de Septiembre de 1823, el Sr. Pedrosa, abogado de la Real AUDIENCIA DE Galicia, tomó posesión del cargo de Alcalde mayor interino, para el que fuera nombrado por el Real Acuerdo.
En la sesión del Municipio, de 10 de Noviembre [de 1823], vióse un oficio del Inspector general de Milicias, pidiendo informe acerca de la conducta política y militar observada en tiempo del Gobierno revolucionario por D. Ramón Pedrosa, y preguntanto si este merecía se le encargara la organización del Provincial de Mondoñedo.
El Concejo acordó decir que Pedrosa era muy a propósito para el desempeño del cargo; y hace relación de sus méritos, carrera militar y persecuciones sufridas por su adhesión a la justa causa" [3].

«Por R. C. de 4 de Junio de 1825, por haber sido ascendido Pedrosa a "Alcalde del Crimen de la Real Chancillería de Granada, con consideración a su fidelidad y adhesión al Altar y al Trono" fue nombrado Alcalde mayor de Mondoñedo D. Angel Antonio de Varrio, abogado de la Real Audiencia de Galicia» [4].

«Veamos ahora lo que Lafuente dice acerca del crimen cometido por D. Ramón Pedrosa con Mariana Pineda, nacida en Granada en 1804.
"Viuda desde 1822 de D. Manuel Peralta, incurrió en el enojo del Alcalde del Crimen Ramón Pedrosa, que la creyó cómplice, aunque sin pruebas, de la evasión de D. Fernando Alvarez Sotomayor, preso en la cárcel de aquella ciudad por delitos políticos y amagado de la pena de muerte.
Desde entonces espió el vengativo magistrado todas las acciones de D.ª Mariana. Por un clérigo supo que dos hermanas, bordadoras de oficio, estaban adornando, por encargo de aquella señora, una bandera de seda morada, con el lema: Ley, Libertad, Igualdad, que había de servir de enseña para un proyecto revolucionario.
Este trabajo se suspendió por el mal éxito de las tentativas de Torrijos, de Manzanares y de los marinos de la Isla. Sin embargo, Pedrosa aprovechó esta bella ocasión para sus fines. Hizo que la bandera fuese devuelta a D.ª Mariana. Pasó luego a reconocer su casa la policía y fue hallada la tela en el piso segundo, que habitaba D.ª Ursula de la Presa.
Con todo esto, arrestose a la Pineda en su casa de la cual se fugó: pero cogida pronto, trasladósela al beaterio de Santa María Egipciaca y de allí a la cárcel. Instruído proceso, el fiscal Aguilar pidió la última pena, el juez Pedrosa la impuso y la Sala de Alcaldes confirmó la sentencia. Mostró la joven Mariana en la capilla un ánimo esforzado y varonil. Prestáronle los consuelos de la religión el franciscano Fr. Juan de la Hinojosa y el Párroco D. José Garzón, hombre de carácter bondadoso y compasivo. Hizo la sentenciada algunas declaraciones escritas recomendando a la piedad de sus hijos de tierna edad que dejaba y se preparó para morir con la entereza del heroísmo.
En un cadalso que se había levantado junto a la verja de la estatua del Triunfo, se consumó para afrenta del tirano y gobierno de aquella época [el] 26 de Mayo [de] 1831 y para baldón de los feroces jueces, el sacrificio de la joven heroína, por lo que se llamaba un delito, pero ni siquiera consumado"» [5].

[1] E. Lence-Santar y Guitián, Mondoñedo, Marzo de 1923. Recompilado por J. I. Fernández Villalba, *Mondoñedo, regreso al pasado VII*, Mondoñedo, xuño de 2010, páx. 76.
[2] J. I. Fernández Villalba, op. cit., xuño de 2010, páx. 76.
[3] J. I. Fernández Villalba, op. cit., xuño de 2010, páxs. 76-77.
[4] J. I. Fernández Villalba, op. cit., xuño de 2010, páx. 77.
[5] J. I. Fernández Villalba, op. cit., xuño de 2010, páxs. 78-79.

“Dice el citado hijo de José González que, hallándose Pedrosa en su casa de la Escoura, se presentaron allí 36 soldados, los cuales le condujeron preso al castillo de San Antón, en la Coruña, donde se le formó causa, siendo después desterrado por seis años a Filipinas” [1].

«El 2 de Mayo de 1835, el Subdelegado de Policía de Mondoñedo, en oficio reservado al Gobernador civil, dice que D.ª Dominica Miranda, esposa de D. Ramón Pedrosa, “destinado por orden superior a las Islas Marianas [Filipinas], vecina de esta ciudad, solicitó pasaporte para Madrid con objeto, según pude percibir, de pretender se alce el confinamiento de su marido: pero sólo se lo expedí el 30 de Abril para esa ciudad por término de ocho días, con objeto de que V. S. se lo franquee o deniegue para la corte, según crea más conveniente. Hasta ahora no salió por efecto del temporal”.
Refiere el hijo del criado de Pedrosa, que éste después de cumplir los seis años de destierro, se marchó a Roma, donde falleció, habiendo dejado en su testamento 12.000 reales de renta anual para el dinero de San Pedro» [2].

“D. Joaquín Basanta, nuestro pariente, natural de Adelán y que falleció de más de ochenta años, nos dijo repetidas veces que Pedrosa era un hombre soberbio, amigo de imponerse a todos y que en la iglesia se le veía siempre de rodillas y con un enorme rosario en las manos” [3].

“D.ª Dominica Miranda, habitante en la calle de la Cruz, número 16, de Mondoñedo, falleció el 11 de Agosto de 1847 y fue enterrada el 13 en la Capilla de San Isidro, del Coto de Otero, con hábito de los Dolores” [4].

“Otorgara testamento D.ª Dominica, el 11 de Octubre de 1841, ante D. José Díaz Suárez, dejando por usufructuario al esposo, que se hallaba en Manila.
Del testamento resultó también lo siguiente: D. Ramón Pedrosa otorgara testamento el 1.º de Mayo de 1835 [en Filipinas], instituyendo por herederos para después del fallecimiento de D.ª Dominica, a D.ª Remedios y D.ª Josefa Santiso Pedrosa, sobrinas del testador, con la carga de una función anual perpetua el día de San Ramón, en Adelán, por cuenta de la herencia materna, y tener encendida la lámpara del altar Mayor” [5].

## Algunhas notas tiradas dun traballo publicado acerca de Ramón Pedrosa de Andrade. Autor: José-Martinho Montero Santalha (2013) [6].

«*Resumo*. O artigo compila dados biográficos e documentos históricos sobre Ramón Pedrosa Andrade, nascido no lugar da Escoura, da parróquia de Adelán, em 1786. Foi alcalde de Mondonhedo, juiz em Granada, figura do carlismo galego, e esteve desterrado vários anos nas Ilhas Filipinas, e depois exilado em Paris e Roma. Alcançou fama no mundo literário como anti-personagem por ser o juiz que decidiu, de acordo com a legislação do momento, acondena à morte da jovem liberal granadina Mariana Pineda, executada publicamente em Granada em 1831 com apenas 27 anos de idade: Pedrosa aparece como “símbolo da intolerância” em romances populares e em obras literárias (entre as que cumpre destacar a peça teatral *Mariana Pineda*, de Federico García Lorca). Os documentos aquí recolhidos ajudam a formar uma imagem menos parcial, e mais justa, da personalidade de Pedrosa”» [7].

«Na verdade, compreende-se bem que o macabro e cruel espectáculo de uma mulher jovem, condenada e executada por uma legislação tiránica, unicamente por causa das suas simpatias e actividades políticas, suscite repulsa em qualquer espírito minimamente sensível; e a triste comprovação de que esse feito não só não foi excepcional mas frequente tanto nesse como noutros momentos históricos não pode modificar o nosso sentimento de repulsa. Mas atribuir a Ramón Pedrosa a culpabilidade dessa morte não corresponde à verdade histórica. O que fez o juiz Pedrosa foi aplicar a legislação então vigente, cuja crueldade e arbitrariedade nos estremece, mas da qual ele não era responsável: vistas as circunstâncias históricas em que os acontecimentos se desenvolveram, seria injusto lançar sobre Pedroa a condena que deve lançar-se ante tudo sobre o rei Fernando VII e os seus ministros (especialmente Calomarde, ministro de Justiça), autores da

[1] J. I. Fernández Villalba, *Mondoñedo, regreso al pasado VII*, xuño de 2010, páx. 79.
[2] J. I. Fernández Villalba, op. cit., xuño de 2010, páxs. 79-80.
[3] J. I. Fernández Villalba, op. cit., xuño de 2010, páx. 80.
[4] J. I. Fernández Villalba, op. cit., xuño de 2010, páx. 81.
[5] J. I. Fernández Villalba, op. cit., xuño de 2010, páx. 81.
[6] José-Martinho Montero Santalha, “O juiz Ramón Pedrosa Andrade (Adelán 1786 - Roma? Ca. 1850?): notas biográficas e documentos”, *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páxs. 123-220.
[7] J.-M. Montero Santalha, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páx. 123.

legislação que Pedrosa não podia deixar de aplicar, na chamada "década ominosa" (1823-1833) com que concluiu o reinado de Fernando VII» [1].

"O presente trabalho tem uma origem de índole pessoal. Há algum tempo o reverendo Ramón Otero Couso, querido amigo e companheiro desde os tempos de estudo no Seminário de Mondonhedo, e nativo da parróquia de Adelán, fez-me conhecer um conjunto de documentos sobre o seu paisano Ramón Pedrosa. Ao mesmo tempo que lhe manifesto o meu agradecemento, quero oferecer-lle aquí os resultados que pude obter sobre esta personagem.
Apresento em primeiro lugar um resumo biográfico de Ramón Pedros Andrade, em ordem cronológica, segundo osdocumentos que me foram conhecidos e as informações que pude recolher em fontes diversas, e em segundo lugar 5 apêndices documentais (que, apesar do seu carácter de apêndices, constituem na realidade a parte mais valiosa do trabalho):

1. Cartas de Ramón Pedrosa Andrade à sua mulher Dominica Miranda Ron.
2. Documentos eclesiásticos vários referentes a Ramón Pedrosa.
3. Manuel Ramos (párroco de Adelán, 1916), *Breves apuntes biográficos de D. Ramón Pedrosa Andrade, promotor en la parroquia de Adelán de la devoción de San Ramón Nonnato*.
4. Ramón Pedrosa em textos literários sobre Mariana Pineda.
5. Indulgências concedidas pelo Papa Bento XIV à Confraria das Ánimas de Adelán (13 de agosto de 1751)" [2].

"Por razões práticas estabeleço as seguintes etapas na vida de Pedrosa:

- Nascimento (1786) e primeiros anos
- Matrimónio com Dominica Miranda (1811)
- Na política municipal de Mondonhedo
- Juiz do crime em Granada (1825)
- As actividades liberais em Granada
- O testemunho de um detido
- O oratório privado
- Carta sobre a recolha de armas (1829)
- O processo de Mariana Pineda (1831)
- Juiz en Madrid (1831)
- Detenção e juízo (1833-35)
- No carlismo
- Desterro nas Ilhas Filipinas
- Falecimento do pai em Adelán (1837)
- O exílio em Europa
- Falecimento de Dominica Miranda (1847)
- En Roma: falecimento [1850?]" [3].

«Ramón Pedrosa Andrade nasceu na freguesia de Adelán, na casa da Escoura, em 20 de agosto de 1786. Seus pais eram Juan Pedrosa Saavedra e Manuela Andrade Maldonado, donos da casa.
Foi bautizado na igreja parroquial de Adelán dois dias depois, em 22 de agosto. A acta batismal, conservada no correspondente livro parroquial, diz assim:

"El 22 de agosto del año de mil setecientos ochenta y seis yo el Dr. D. Julián Solbeira y Teixeiro, cura rector propio del Señor Santiago de Adelán, del Valle de Oro, bauticé solemnemente un niño que nació el día veinte del referido mes y año, entre ocho y nueve de la noche poco más o menos, hijo legítimo de mis feligreses D. Juan Pedrosa y Saavedra y de Dª Manuela de Andrade y Maldonado, su mujer; nieto, por padre, de D. Alonso de Pedrosa, ahora difunto, y de Dª María Agustina de Uz y Pardo, vecinos de esta de Adelán; por la madre, [nieto] de D. Nicolás de Andrade y Maldonado, difunto, y de Dª María Lorenza Montenegro, vecinos de S. Martín de Codesido.
Púsele de nombre Ramón Joaquín Bernardo.

[1] J.-M. Montero Santalha, "O juiz Ramón Pedrosa Andrade (Adelán 1786 - Roma? Ca. 1850?): notas biográficas e documentos", *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páx. 124.
[2] J.-M. Montero Santalha, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páx. 125.
[3] J.-M. Montero Santalha, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páx. 126.

Fueron sus padrinos D. Juan de Andrade y Maldonado, cura de S. Miguel de Rigueira, tío de la madre del niño, y Dª María Agustina de Uz, abuela del referido infante. Advertiles del parentesco y más que dispone el Santo Concilio de Trento.
D. Julián Solbeira y Teixeiro" »[1].

«Um documento autógrafo do párroco de Adelán dá-nos notícias, tomadas dos livros parroquiais, referentes à familia de Pedrosa. Eis a lista dos irmãos:

"Consultando el correspondiente libro denacimientos resulta que D. Ramón nació el 20 de agosto de 1786, siendo el primogénito; después se halla (2) a Vicenta Teresa Froilana, que nació en 13 de octubre de 1787; luego a (3) Mª Juana Francisca Javiera Benita, que nació el 22 de febrero de 1789; continúa (4) Francisca de Borja Tomasa Isabel Mª Manuela, que nació el 10 de octubre de 1791; y por fin se halla María Vicenta Josefa, que nació en 8 de marzo de 1796.
De la Vicenta Teresa Froilana no hay noticia alguna; pero es lo más probable que habrá muerto antes de 1792, pues no figura confirmada con su hermano y en cambio figura la Mª Agustina, que es sin duda la III en el orden de nacimientos, aunque en su partida bautismal no aparezca el nombre de "Agustina", como no aparece en ninguna.
[...] su hermana María (Agustina) casó con D. Baltasar Santiso en primero de enero de 1809: consta de su partida en el libro correspondiente de matrimonios.
No se encuentran datos en este archivo que aclaren cuántos fueron los hijos de D. Baltasar y Dª. María, ni cuál el primero; en San Vicente de Lagoa, en donde han vivido, y, creo, terminado sus días, se hallarán.
En el libro de muertos de Adelán hay la partida de defunción de D. Gabriel, que ocurrió el 25 de diciembre de 1876, y en ella consta que era hijo legítimo de D. Baltasar y Dª María.
Consta así mismo de la mencionada partida de defunción de D. Gabriel, que éste era viudo de Dª Joaquina Cora, dejando por hija única de ambos a Dª Carmen Santiso y Cora [que casou con D. José Villa-Amil y Castro], sin que se encuentre razón de los demás que hubieren tenido.
En la misma partida de defunción está consignado que Dª Carmen Santiso y Cora, hija única de D. Gabriel y Dª Joaquina, estaba casada cuando la muerte de su padre, con D. José Villamil en la Villa y Corte de Madrid.
Es también notorio, aunque en este archivo nada hay consignado, que D. José Villamil y Dª Carmen Santiso tuvieron una hija única, llamada Dª Josefa, actualmente casada con Florencio Álvarez Ossorio, residentes en Madrid» [2].

## Extracto dun artigo de Martín Fernández do ano 2017

«Ramón Pedrosa de Andrade... fue abogado de la Real Audiencia de Galicia y en 1823 los absolutistas lo nombraron Alcalde de Mondoñedo y, dos años después [1825], Alcalde del Crimen (juez) de Granada.
En ese tiempo, en España proliferaban las actividades políticas liberales que eran duramente reprimidas por el absolutismo en el poder. El Ministro que lo nombró, Francisco Calomarde, le impuso dos misiones: una, abrir causa contra el Marqués de Cabriñana y otros masones; y otra, reprimir a todo liberal opuesto al régimen de Fernando VII.
...
Y las cumplió. A rajatabla, para reunir méritos. Persiguió a los masones y condenó a muerte a Mariana Pineda, una joven noble de 26 años, viuda con dos hijos del también noble Manuel de Peralta y Valte. Se decía que [Mariana Pineda] protegía a los liberales y que había ayudado a huir de la cárcel a uno de ellos. Pero era firme y nunca delató a sus correligionarios.
Pedrosa desconfiaba de ella. La espió, la acosó, urdió un plan. Mariana había encargado a dos bordadoras una bandera liberal con la leyenda "Libertad, Igualdad y Ley". Lo supo por una confidencia de un cura que mantenía relaciones con una de ellas. Así que hizo que llevaran la bandera a su casa [a la casa de Mariana] y ordenó un registro. Al encontrarla, la acusó de conspiración y la condenó a morir, a garrote vil, un 26 de mayo de 1831.
Tres meses después, le agradecieron los servicios prestados y lo nombraron miembro de la Sala de Alcaldes de Casa y Corte, una especie de Tribunal Supremo del régimen.
...

[1] J.-M. Montero Santalha, "O juiz Ramón Pedrosa Andrade (Adelán 1786 - Roma? Ca. 1850?): notas biográficas e documentos", *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páxs. 126-127 e n. 1, que di: "Arquivo Diocesano de Mondonhedo, Livro 3º de batizados da parróquia de Santiago de Adelán (que abrangue do ano 1774 a 1806), página 74. Publicou já este documento Andrés García Doural na «Miscelánea mindoniense» que mantém na rede; daí tomo ao longo deste trabalho várias outras informações".
[2] J.-M. Montero Santalha, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páxs. 127-128.

Poco disfrutó del éxito. Al morir Fernando VII en 1833, su mujer, Cristina, incrementó la participación de los liberales en el poder y apartó, persiguió y detuvo a los que tuvieron responsabilidades políticas en el decenio precedente, la llamada década ominosa.
Pedrosa fue detenido en Adelán, recluido en el castillo de San Antón (A Coruña) y desterrado a Filipinas en 1835. A su regreso en 1843 –como era carlista, no estaba bien visto y tenía miedo de vivir en España– se asentó en París y luego en Roma donde falleció cinco años después [1848]»[1].

«El romance de Mariana Pineda dice: "Oh! Que día tan triste en Granada, / que a las piedras hacía llorar / al ver que Marianita se muere / en cadalso por no declarar. / Marianita, sentada en su cuarto, / no paraba de considerar: «Si Pedrosa me viera bordando / la bandera de la Libertad» /".
García Lorca llevó el cantar y a Pedrosa a su drama sobre la heroína liberal. Lo describe como "viejo verde", "perverso", "cruel trepador", de modo similar a otras obras sobre ella»[2].

*A Casa da Escoura e a familia Villa-Amil*

A Casa da Escoura estaba vinculada á familia Villa-Amil [3] e nela veraneaba o investigador José Villa-Amil y Castro (Madrid, 12.11.1838-27.09.1910) [4], casado con Carmen Santiso y Cora, filla única de Gabriel Santiso (neto este dunha irmá de Ramón Pedrosa de Andrade) e de Joaquina Cora [5]. Como consta nos documentos anteriores, José Villa-Amil e Carmen Santiso residían en Madrid, e tiveron unha filla, Josefa, que casou con Florencio Álvarez Ossorio. Este último matrimonio era o propietario da Casa da Escoura a comezos do século XX.

## A CASA DE CADEIRIDO (ou CASA DE CANOURA)

Situación: Cadeirido [6].
Cronoloxía: 1690.
Casa-torre.
Construída por Luís Canoura, familiar do Santo Oficio [7].
Porta con arco de medio punto.
Escudo de armas.
A fachada do patín co escudo está tapada por unha casa de nova construción.
No medio da corte ten un muro de pedra considerabelmente alto e groso.

Figura no Inventario do Patrimonio Cultural da provincia de Lugo. Histórico-Artístico. Arte: Arquitectura civil. Casas e pazos [8].

Até o ano 1928, cando menos, existía o lugar chamado Cardigonde, que se fusionou con Cadeirido, permanecendo este. En Cadeirido había unha torre, onde hoxe está a casa. Desta torre pode proceder o muro de pedra da corte [9].

"En 1701 pertenecía al regidor perpetuo de Mondoñedo D. Alonso de Pedrosa y Saavedra. En 1725 a D. Álvaro Pedrosa" [10].

---

[1] M. Fernández, "MEMORIA DE MARIÑÁNS. Ramón Pedrosa, el alfocense que condenó al patíbulo a Mariana Pineda", *La Voz de Galicia*, (A Mariña), 05.03.2017, páx. 5.
[2] M. Fernández, op. cit., *La Voz de Galicia*, (A Mariña), 05.03.2017, páx. 5.
[3] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 131.
[4] A comezos do século XX pertencía a Florencio Álvarez Osorio e Josefa Villaamil. J. Martínez Cobo, *El Valle de Oro. Apuntes históricos*, Mondoñedo, 1912, páx. 21.
[5] J.-M. Montero Santalha, "O juiz Ramón Pedrosa Andrade (Adelán 1786 - Roma? Ca. 1850?): notas biográficas e documentos", *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páx. 127.
[6] Detrás da casa de Fidel García Caión, *Fidel do Pouso.* Estrada LU-160 (Mondoñedo-A Seara).
[7] Este personaxe da Inquisición é o primeiro Canoura que aparece no Valadouro. C. A. González Paz, 16.08.2001.
[8] DOG, núm. 133, 12.07.1991. X. Fariña Jamardo, *Os Concellos Galegos*, t. I, 1993, páx. 74.
[9] C. A. González Paz, 16.08.2001.
[10] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 131.

Nomeamento de alcaldes. Cronoloxía: 1701.

«Después, en 1701, a 23 de Junio, por ante dicho Escribano [Antonio Río Cordido], D. Alonso de Pedrosa y Saavedra, Regidor perpetuo de Mondoñedo, vecino y residente en la parroquia de Adelán, dijo que como dueño, señor y poseedor de la torre y casa de Cadeirido, en aquella parroquia, le tocaba "De cada tres años nombrar un Alcalde hordinario de los dos que nombran en esta jurisdicción de Castro de Oro y de dichos tres años le tocaba nombrar este presente año que comienza y ha de comenzar a correr el día del Sr. San Juan que biene". Por lo tanto, "nombró por tal Alcalde hordinario que es en la voz de los yxos dalgo de la Casa de Adelán a Juan Canoyra de Cordido", de Bacoy» [1].

## A CASA DE MIRANDA (ou CASA DAS MESTRAS)

Situación: O Cristo [2].
Estrada LU-160 (Mondoñedo-A Seara-Ferreira).
Coñecida tamén como A Casa do Cristo. Obra Escola Pía [3].
Cronoloxía: 1777.
Construída polo filántropo Xosé Caión, natural de Adelán [O Coto] e residente en Madrid, funcionou como escola até comezos do século XX. Está totalmente rehabilitada.
Columna con capitel, suxeitando o soportal da entrada.
Xanela abucinada.
Fachada principal: marco para escudo e encima unha cruz, en lugar do escudo, lastra coa seguinte lenda:

*A honra de Dios y de María Santísima hizo y fundo esta casa de escuela de primeras letras Joseph de Cayon natural de esta feligresía de Adelán y residente en Madrid. Año de 1777.*

"Entre las fundaciones que tenían como finalidad la enseñanza sobresalen la fundación Cayón en Adelán creada en el siglo XVIII..." [4].

## A CASA DE RAÚL

Situación: O Coto [5].
Estrada LU-160 (Mondoñedo-A Seara-Ferreira).
Coa capela dos Remedios e San Rosendo. Cronoloxía: 1786.
Do lugar do Coto eran veciños José Cayón e a súa muller María da Fraga, século XVIII [6].

## A CASA DO ROXO

Situación: Cadeirido, núm. 7.
Estrada LU-160 (Mondoñedo-A Seara-Ferreira).
Casa patrucial dos Geadas actuais. A casa procede dos Mosquera.
Segundo predicaba un cura que houbo en Adelán, esta era unha das "Catro Columnas do Inferno", referíndose ás casas de Cadeirido, Basanta, O Pazo e mais esta dos do Roxo [7].
Foi propiedade de Pedro Pardo de Cela [8].
No século XX aínda presentaba escudo de armas.

---

[1] E. Lence-Santar y Guitián, Santiago, 10 de junio de 1924. Recompilado por J. I. Fernández Villalba, *Mondoñedo, regreso al pasado VII*, xuño de 2010, páx. 85.
[2] Ao pé da escola financiada polos emigrantes de Cuba. Visita: IF, 24.06.2001.
[3] Informante: Xosé Blanco López, 17.12.2001.
[4] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 138.
[5] Raúl Adrio, cura de Adelán. A casa era propiedade de Remedios Pardo, de Mondoñedo.
[6] Véxase a Capela dos Remedios e San Rosendo, e mais a casa das Mestras, tamén en Adelán.
[7] Era morador desta casa Fidel Geada Mosquera. Informante: Enrique Geada Mosquera; 29.10.2000.
[8] Chamábanlle *O Roxo* a Hipólito Geada. A casa procedía da muller de Hipólito, que era dos Mosquera. Deste matrimonio naceron Enrique, Fernando, Fidel, Luís, Ramón e María Geada Mosquera (IF).

## A CASA DO FRANCO

Situación: O Cristo, núm. 6.
Estrada LU-160 (Mondoñedo-A Seara-Ferreira).
Antiga casa de Basanta.
Cronoloxía: século XVIII.
Patín. Porta con arco de medio punto. Xanelas abucinadas. Balcón.
Cabozo de dúas cepas.
Restaurada para Casa de Turismo Rural (Casa Franco de Turismo) [1].

## | Escudos de armas |

Situación: Casa da Escoura.
Cronoloxía: século XI.
Nel pódese ler a palabra: PALUDA.
Tres cuarteis.
Motivos: guerreiro, castelo, palma, media lúa, lobo e cocho bravo [2].

Situación: O Pazo [3].
De mármore, copia do orixinal, que foi trasladado á Casa de Basanta.

Situación: Casa de Basanta.

"El escudo [labrado en granito] que ostenta la casa-torre [de Basanta] de Adelán, procede de la primitiva llamada Do Pazo, situada a unos trescientos metros de distancia. Es cortado y partido conteniendo en el primer cuartel, una fuente surmontada por signos salomónicos y una cobra cortada; segundo, dos lobos pasantes; tercero, tres fajas escacadas [dos Saavedra], y cuarto, estrella de ocho puntas al centro de un rombo curvilíneo, flor de lis en los cuatro ángulos; en bordura divisa POR TU LEY Y POR TU REY, armas, entre otras, de los Basanta, Osorio, Aguiar y Saavedra" [4].

Situación: igrexa parroquial de Adelán.
Muro esquerdo do presbiterio.
Cronoloxía: século XVII.
Escudo da Casa dos Basanta, coa lenda:

ESTAS ARMAS SON DE DON JUAN
BASANTA Y OSORIO
PATRONO IN SOLIDUN DE LA CAPILLA
MAIOR DESTA FELEGRESIA COMO DUEÑO
SUCESOR DEL BINCULO I MORASGO
I CASA DO PAÇO DESTA FELEGRESIA
POR TU LEY I POR TU REY [5].

---

[1] Tamén coñecida como a Casa do Santo. A finais do século XX habitada por José Díaz Nécega (Pepe do Santo). Retellada e restaurada no ano 2001. Rexentada por Jose Díaz e Marisol Pereiras.
[2] Información e debuxo de Xosé Blanco López, 08.12.1999.
[3] E. Valiña Sampedro-N. Rielo Carballo-S. San Cristóbal Sebastián-J. M. González Reboredo, *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, tomo I, 1975, páx. 30.
[4] M. Vázquez Seijas, *Fortalezas de Lugo y su provincia*, t. V, 1970, páx. 27.
[5] M. Vázquez Seijas, op. cit., t. V, 1970, páx. 20.

Situación: Casa de Cadeirido ou de Canoura [1].
Entre unha xanela e a porta de acceso á casa polo patín.
Cronoloxía: 1690.
Lenda: ESTA CASA IZO LOYS CANOVRA FAMYLYAR DEL STO OFICIO AÑO DE 1690 [2].

## | Outras casas de interese |

### A CASA DOS VÁZQUEZ (DE) VAAMONDE

Unha casa de interese histórico. Cronoloxía: 1579.

"La de los Vázquez Vaamonde y Adelán descendientes de Ares Vázquez de Vaamonde (s. XVI) y de las casas de Parga y Salidos" [3].

"Si ponemos en relación la posesión de una de estas armas de fuego con la posición social del propietario, podríamos observar cómo la práctica totalidad de los hidalgos mencionados en el texto son poseedores de un ejemplar [de arcabuz] como es el caso de Alonso Vázquez de Vaamonde, Diego de Lanzós, Ares Vázquez de Vaamonde, Alonso Mel y su hijo Pedro Mel..." [4].

### A CASA-ESCOLA DE ADELÁN

Situación: O Cristo.
Estrada LU-160 (Mondoñedo-A Seara-Ferreira).
Cronoloxía: inaugurada o 29.10.1933.
Era escola de ensino primario para nenos e casa do mestre. O uso da escola como tal cedéuselle ao Concello en 1946. Deixou de funcionar como escola en 1973. No ano 1993 a propiedade pasou a mans do Concello, que a restaurou [5].
Actualmente utilízase como centro sociocultural [6].
Financiada no primeiro terzo do século XX polos emigrantes do Valadouro a Cuba.
Promotores: El Valle de Oro. Sociedad de Instrucción, Protección y Recreo [7].
Compra do terreo. Construción de nova feitura. Mantén esta lenda na fachada:

ESCUELA DE ADELÁN - SOCIEDAD HIJOS DEL VALLE DE ORO EN LA HABANA - / AÑO / 1933 [8]

*Descrición e historia*

"Edificio de planta única e forma rectangular, que segue o modelo arquitectónico doutras escolas creadas pola sociedade El Valle de Oro da Habana en toda a comarca. Está construída sobre unha plataforma de cimentación con fiestras, para salvar o desnivel do terreo.

---

[1] E. Valiña Sampedro-N. Rielo Carballo-S. San Cristóbal Sebastián-J. M. González Reboredo, *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, t. I, 1975, páx. 30.
[2] Colección fotográfica: Manuel Lourenzo.
[3] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 131. Nota dos autores: realizadas diversas pesquisas, tamén entre os veciños, descoñecemos que casa pode ser hoxe.
[4] C. A. González Paz, "Un alarde en la jurisdicción de Alfoz del Castro de Ouro en el año 1579", *Estudios Mindonienses*, núm. 24, 2008, páxs. 385-386.
[5] Consello da Cultura Galega (http://mapas.consellodacultura.org/escolas/).
[6] Existen fotografías do ano 2009 no Fondo gráfico do Arquivo da Emigración Galega (CCG).
[7] Consello da Cultura Galega (http://mapas.consellodacultura.org/escolas/).
[8] Visita: IF, 24.06.2001.

Os materiais empregados son os tradicionais da zona, en cachotaría con esquinais de cantaría e cuberta de dúas augas en lousa.
Na fachada principal, moi sinxela decorativamente, destacan só os enmarcados en cantaría das fiestras e esquinais, e unha escalinata de acceso en semicírculo en función do terreo. Aparece tamén unha inscrición con letras de molde na que se le... [(*víd.* Antes deste parágrafo].
Aínda que seguía o esquema de dobre aula, só dispoñía dunha para impartir clases aos nenos; ao parecer existía á súa beira outro edificio ao que acudían as nenas [a Casa de Miranda ou das Mestras, fundada por José Cayón en 1777]. No lateral dereito estaba situada a vivenda do mestre.
A sociedade promotora [Hijos del Valle de Oro en La Habana] investiu unhas 15.000 pesetas na súa construción.
O uso da escola como centro educativo foi cedido ao Concello de Alfoz en 1946. Deixou de funcionar como tal en 1973, debido á creación dun colexio público na parroquia [no concello], e finalmente en 1993 a entidade, a petición do Concello, cedeulle a súa propiedade coa condición de que tivese un fin social para os veciños. Foi rehabilitado e pasou a ser un centro sociocultural da parroquia" [1].

### *A construción de escolas*

"En atención ao seu obxectivo inicial, a entidade [*El Valle de Oro*] promoveu a construción de edificios escolares. Baixo a iniciativa desta sociedade construíronse escolas como as do Cadramón, Vilacampa, Bacoi ou Adelán, centros que tiveron importantes achegas económicas. Por outra parte, a entidade tamén participou na construción das escolas de Santa Cruz [do Valadouro], Santo Tomé [San Tomé de Recaré] e Moucide, ás que achegou perto de dúas mil pesetas cada unha.
Imos comezar o relato das escolas construídas pola sociedade *El Valle de Oro* pola parroquia de Adelán. En efecto, tal e como nos conta o xornal mindoniense *Vallibria*, a escola desta parroquia foi inaugurada o 29 de outubro de 1933 coa presenza dos representantes da sociedade e as autoridades municipais de Alfoz. Ao igual que outras, esta escola contaba con aulas para os nenos e vivenda para o mestre. O acto comezou coa interpretación do Himno Galego, a cargo das nenas. Seguidamente o médico José Mel pronunciou un discurso no que enxalzaba en xeral o labor dos emigrantes en América e en particular o da sociedade *El Valle de Oro*. Varios nenos recitaron varias poesías, entre as que destacaban as do crego Celestino Cabarcos Suárez, natural da parroquia da Laxe (O Valadouro) e naquel intre párroco de Lagoa (Alfoz). O acto foi pechado coa alocución de Ramón Canoura Fernández, representante da sociedade no Val e antigo presidente da mesma. Cómpre dicir que na organización do acto participaron tamén Benito Pardiñas, Ángel Reigosa e Generoso Díaz, que no seu día tamén foron emigrantes na Habana e membros destacados da sociedade" [2].

### *Cesión do uso das escolas*

"Co paso dos anos as escolas construídas polos emigrantes perderon a súa finalidade inicial, é dicir, servir de centros de ensino; ao tempo que a súa propiedade pasou aos Concellos do Val. Polo que toca a Alfoz, xa o 14 de decembro de 1946 a Sociedade *El Valle de Oro*, mediante documento notarial, facía cesión dos edificios das escolas de Bacoi e Adelán ao Concello para continuaren co seu labor educativo. Nese mesmo documento facíase cesión ao Concello do Valadouro das escolas de Vilacampa e O Cadramón, tamén coa condición de que continuasen como centros escolares.
Anos despois, en novembro de 1991, o Concello de Alfoz informaba á Sociedade de que as escolas perderan a súa finalidade inicial, polo que solicitaban da entidade a súa desafectación como centros de instrución e a súa cesión para dedicalas a finalidades sociais. A Sociedae accedeu aos desexos do Concello e, en febreiro de 1993, procedeu á cesión dos inmóbeis sempre e cando foran [sic] dedicados a obxectivos sociais e comunitarios" [3].

## O LABOR FILANTRÓPICO DOS EMIGRANTES DA HABANA (CUBA)

[1] Consello da Cultura Galega (http://mapas.consellodacultura.org/escolas/).
[2] *Vallibria*, Mondoñedo, núm. 195, 12 de novembro de 1933. Prudencio Viveiro Mogo, "O Valadouro en Cuba: a sociedade *El Valle de Oro* da Habana", *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páx. 614 e n. 25.
[3] Fondo documental do Arquivo da Emigración (Consello da Cultura Galega). Fondo da sociedade *El Valle de Oro*. P. Viveiro Mogo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páxs. 617-618 e n. 34.

"Probablemente no exista familia en el Valle de Oro que no tuviera parientes en aquella isla, Cuba era para nosotros algo más nuestro que cualquier otro país próximo e incluso La Habana nos era más familiar que la mayoría de las ciudades españolas" [1].

*"El Valle de Oro. Sociedad de Instrucción, Protección y Recreo"*

Esta sociedade fundárona os emigrantes dos concellos de Alfoz e O Valadouro na Habana (Cuba) o 15 de outubro do ano 1907. No percurso da súa existencia o seu nome societario recibiu diferentes variacións, mais sempre mantivo o núcleo "El Valle de Oro".

«"El Valle de Oro" Sociedad de Protección Mutua e Instrucción, Memoria que la junta presenta a los señores socios, 1 de Enero de 1911. // Sociedad gallega de instrucción, recreo y protección mutua, El Valle de Oro, Memoria 1916-1917. // El Valle de Oro. Sociedad de instrucción, protección y recreo, memoria social de 1928" [2].

«El capítulo veintidós [de los estatutos de la Sociedad El Valle de Oro] define su empeño por la formación, su generosidad y visión, el [cual] se titula "Construcciones de casas escuelas" en su Art. 47 dice "La Sociedad El Valle de Oro construirá casas-escuelas o grupos escolares, según lo exijan las necesidades de las parroquiales"» [3].

"A fundación de sociedades microterritoriais foi algo común á emigración galega dende comezos do século XX. En Cuba, dende a fundación en 1904 da Alianza Aresana de Instrucción foron xurdindo varias entidades que pretendían dinamizar a súa terra de orixe. En efecto, o principal obxectivo destas sociedades foi a instrución, é dicir, a construción de escolas nas súas parroquias natais. Baixo esta preocupación docente naceu na Habana a sociedade de instrución El Valle de Oro en outubro de 1907. Entre os promotores da sociedade podemos apuntar os seguintes nomes: Valentín Nécega Rivas, Juan R. Álvarez, Ángel Mandiá Reigosa, José F. Vidal, Antonio Vila Ares, Constantino Romero Cortiñas, Manuel Díaz Lestegás, José Mandiá Reigosa, Generoso Díaz Villar, Francisco Moscoso Febrero [os dez formaron o consello de fundadores] [4] e Francisco Janeiro Goás, que foi o primeiro presidente da entidade. O número de socios fundadores foi de dez e, en 1928, chegou a acadar a cifra de douscentos catro.
A sociedade construíu as escolas do Cadramón, Vilacampa e Bacoi, que tiveron un investimento de quince mil pesetas cada unha. Por outra parte, a sociedade tamén participou na construción das escolas de Moucide, Santo [sic] Tomé e Santa Cruz, participando coa cantidade de dúas mil pesetas. En 1933, grazas ás achegas da entidade, puido rematarse a escola da parroquia de Adelán.
Ademais das escolas, a sociedade El Valle de Oro participou decisivamente na restauración das igrexas do val.
...
O obxectivo da sociedade era tamén dar protección aos seus asociados, favorecendo a repatriación dos emigrantes menos afortunados. A entidade tamén construíu en 1933 un panteón no Cemiterio Colón da Habana. Por outra parte, a sociedade organizaba cada certo tempo festas e xiras para favorecer a unión entre todos os emigrados do Valadouro e para recadar fondos para financiar os seus obxectivos. As crónicas destas festas eran reproducidas nas revistas galegas da Habana [*Suevia*, etc.]" [5].

"Aquel día [15 de outubro] de 1907, na rúa Monte, número 317, de La Habana (Cuba) uns homes conspiraban. Eran xentes que profesaban diversas ideas e creenzas [sic] e que tiñan distintas opinións. Chegaran de Budián, de Alaxe [A Laxe], de Bacoi, de Santa Cruz ou Santo Tomé [San Tomé], das altas terras de O Cadramón... Entre todos crearon 'Hijos del Valle de Oro'" [6].

---

[1] A. Orol Pernas (ed.), *El Valle de Oro. Sociedad de Instrucción, Protección y Recreo. Memoria social 1928*, Habana, Castañeda, 1929; facsímile: Colección Vallis Auri, núm. 1, maio de 1991, Introducción, páx. 2.
[2] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, Lugo, 2000, páx. 141, n. 7.
[3] A. Orol Pernas (ed.), op. cit., facsímile: Colección Vallis Auri, núm. 1, maio de 1991, páx. 2.
[4] "Outros promoveran aquela xuntanza, sobre todo José María Candia Nécega e Andrés Canoura Palmeiro", Martín Fernández, "Cen anos de 'Hijos del Valle de Oro' en Cuba", *El Progreso* (A Mariña), 19.08.2007, páx. 10.
[5] P. Viveiro Mogo, "Os nosos homes na Habana. Memoria da Sociedade El Valle de Oro", *Búsola*, núm. 2, revista anual editada pola Casa da cultura do concello do Valadouro, Suso Rubio (dir.), 2006, páx. 35.
[6] M. Fernández, op. cit., *El Progreso* (A Mariña), 19.08.2007, páx. 10.

«... O labor dos emigrados do Valadouro a prol dos seus concellos natais fíxose moito máis visíbel a partir da constitución en 1907 da sociedade *El Valle de Oro*. Os obxectivos desta entidade ficaban deste xeito expostos pola revista *Follas Novas* da Habana:

"El Valle de Oro
Con este título ha quedado constituída en esta ciudad una sociedad de fomento y protección mutua que los hijos de aquella comarca gallega han organizado con el fin siempre noble de procurar la unión entre los naturales del Valle de Oro, provincia de Lugo, sus descendientes y de todos cuantos no reuniendo esas condiciones simpaticen con la idea, teniendo también entre sus fines el de propender moral y materialmente al mayor auge y prosperidad del valle natal, estando para ello en relación directa con un Consejo de Administración compuesto de siete vecinos de los de más reconocido arraigo y honorabilidad de Ferreira del Valle de Oro, el cual bajo la dirección de la Junta Directiva de aquí invertirá los fondos que se le remitan" [1].

"O seu obxectivo prioritario era fomentar a unión entre os naturais do Valadouro residentes na illa de Cuba e axudar moral e materialmente a [sic] súa terra natal a alcanzar o maior auxe e prosperidade a través da educación.
Esta entidade deulle preferencia á instrución antes que á protección e ao recreo, lemas da entidade. En 1908, D. Andrés Canoura [Palmeiro], presidente de honra da entidade, envíalles unha carta en que solicita apoio financieiro [sic] para a construción dun sanatorio no Valadouro, co fin de que nel se hospedasen os emigrados retornados sen recursos e sen saúde; a directiva respóndelle que é unha grande idea, pero que o fin primordial da sociedade é o de soster un colexio con casa propia, en cuxa fachada aparecese a palabra «enseñanza».
Nese ano publican un manifesto co que piden a solidariedade dos seus naturais na Arxentina e Madrid, para establecer na súa localidade natal un colexio de primeira e segunda ensinanza onde impartir leccións teóricas e prácticas de agricultura" [2].

"Cabe destacar el deseo de la sociedad de dotar al valle de una escuela de primera y segunda enseñanza donde se implantarían clases de agricultura al estilo de la que funda en la Devesa (Ribadeo) Pedro Murias" [3].

## *Outras realizacións de* "El Valle de Oro"

"La Sociedad construyó en el cementerio de La Habana un espléndido panteón a donde se llevó ex profeso tierra del Valle de Oro" [4].

"Ao igual que outras sociedades, *El Valle de Oro* preocupouse por construír un panteón no cemiterio Colón da Habana, obra que debía de servir para soterrar aos asociados que falecesen en Cuba. Neste senso, o primeiro paso foi a adquisición dunha parcela no devandito cemiterio, a cal se efectuou mediante escritura outorgada polo Arcebispado da Habana o 10 de decembro de 1929 [5]. A partir de aquí a sociedade comezaría as obras do panteón, que estarían rematadas polo ano 1933" [6].

«Otra sociedad digna de mención fue la "SOCIEDAD AGRO-MUTUAL DEL VALLE DE ORO", con domicilio social en Ferreira, según López [Martínez?] Cobo pretendió la creación de una granja Agrícola en la Granda» [7].

«También fundaron un digno periódico cuyo título, cómo no, era "El Valle de Oro". Se creó, asimismo, el "Comité pro Valle de Oro" en donde aparece en sus impresos la estrofa de Rosalía de Castro "Miña terra, miña terra, terra donde m'eu criei", siendo su objetivo "Un aliado espontáneo del Valle de Oro

[1] *Follas Novas*, A Habana, núm. 542, 20 de outubro de 1907. P. Viveiro Mogo, "O Valadouro en Cuba: a sociedade *El Valle de Oro* da Habana", *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páxs. 612-613 e n. 22.
[2] Consello da Cultura Galega (http://mapas.consellodacultura.org/escolas/).
[3] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 141.
[4] A. Orol Pernas (ed.), *El Valle de Oro. Sociedad de Instrucción, Protección y Recreo. Memoria social 1928*, Habana, 1929; ed. facsimilar: Colección Vallis Auri, núm. 1, maio de 1991, Introducción, páx. 3.
[5] Fondo documental do Arquivo da Emigración (Consello da Cultura Galega). Fondo da sociedade *El Valle de Oro*. P. Viveiro Mogo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páx. 621, n. 43.
[6] P. Viveiro Mogo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páx. 621, e n. 43.
[7] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 141.

en La Habana"; en 1956 Joaquín Díaz Villar era su presidente y Ramón Fernández Mato su secretario» [1].

## A SOCIEDADE "EL VALLE DE ORO". Cronoloxía: 1907-2013.

Fundada, como queda escrito, en 1907, estes son algúns dos seus aconteceres máis salientábeis:

*A primeira xunta directiva da sociedade* "El Valle de Oro" [2]

Francisco Janeiro Goás (presidente)
José María Otero (vicepresidente)
José María Candia Nécega (secretario)
Juan R. Álvarez (vicesecretario)
Juan López (tesoureiro)
Manuel Hermida (vicetesoureiro)
Valentín Nécega, Manuel Rubal, José Fernández, José Arcas, José Ramón Villarón, Andrés Rivera Goás, Ramón Reigosa, Antonio Colmenares, José Pérez, Antonio Díaz, e Generoso Requeijo (vogais).

*Os primeiros presidentes da sociedade* "El Valle de Oro" [3]

Francisco Janeiro Goás (1º presidente, 1907)
Ramón Fernández Cayón (2º presidente, 1910)
Antonio Vila Ares (3º presidente, 1912) [4]
Valentín Nécega Rivas (4º presidente, 1915)
Ángel Mandiá Reigosa (5º presidente, 1915-1917)
Manuel Díaz Lestegás (6º presidente, 1917-1922)
Juan R. Álvarez (7º presidente, 1922-1925)
Ramón Canoura Fernández (8º presidente, 1925-1927) [5]
Francisco Moscoso Febrero (presidente, 1928)

*Outros presidentes*

Generoso Requeijo (1933) [6]
Lorenzo Veiga (1937) [7]
Segismundo Expósito Palmeiro (1945) [8]
José García Romero (1960) [9]
Castor Lamas Díaz (1986) [10]
Esperanza Uz Medina (2004) [11]
Manuel Álvarez Fuentes (2017) [12]

---

[1] A. Orol Pernas (ed.), *El Valle de Oro. Sociedad de Instrucción, Protección y Recreo. Memoria social 1928*, ed. facsimilar: Colección Vallis Auri, núm. 1, maio de 1991, páx. 3.
[2] M. Fernández, "Cen anos de 'Hijos del Valle de Oro' en Cuba", *El Progreso* (A Mariña), 19.08.2007, páx. 10.
[3] A. Orol Pernas (ed.), op. cit., ed. facsimilar: Colección Vallis Auri, núm. 1, maio de 1991, páxs. 7-11.
[4] «Antonio Vila Ares faleceu na illa [sic] da Habana o 24 de xaneiro do ano 1961», Miguel Vila Pernas, "Banquete de vodas de ouro na Habana", *El Progreso* (A Mariña), 14.09.2007, páx. 9.
[5] Nota dos autores: na Xunta Directiva de 1925, presidida por Ramón Canoura Fernández, figuraba como vicepresidente 1º Ramón Blanco Álvarez, natural de San Tomé de Recaré, avó materno dun dos autores deste *Inventario*, Isaac Pérez Blanco (Isaac Ferreira).
[6] M. Fernández, op. cit., *El Progreso* (A Mariña), 19.08.2007, páx. 10.
[7] M. Fernández, op. cit., *El Progreso* (A Mariña), 19.08.2007, páx. 10.
[8] P. Viveiro Mogo, "O Valadouro en Cuba: a sociedade *El Valle de Oro* da Habana", *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páx. 622.
[9] P. Viveiro Mogo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páx. 631.
[10] A. Orol Pernas (ed.), op. cit., ed. facsimilar: Colección Vallis Auri, núm. 1, maio de 1991, páx. 3.
[11] P. Viveiro Mogo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páx. 629.
[12] M. Fernández, "MEMORIA DE MARIÑÁNS. Solo 3 de las 21 asociaciones de emigrantes que A Mariña tuvo en Cuba sobreviven hoy", *La Voz de Galicia* (A Mariña), 28.05.2017.

## *1907. Nace "El Valle de Oro"*

"Foi nos anos seguintes á independencia real de Cuba, en 1902, nos que apareceron na illa multitude de asociacións fundadas por emigrantes galegos, asociacións que nacían co obxectivo de xuntar esforzos para conseguir que un pouco da prosperidade cubana chegase a Galicia, a través da fundación de escolas e con axudas ás familias máis desfavorecidas ou donativos para os máis diversos propósitos nos lugares de orixe destes emigrantes.
Nesa situación naceu, en outubro de 1907, a sociedade de instrución El Valle de Oro, fundada por un grupo de emigrantes procedentes dos dous concellos que forman o Valadouro: Valentín Nécega Rivas, Juan R. Álvarez, Ángel Mandiá Reigosa, José F. Vidal, Antonio Vila Ares, Constantino Romero Cortiñas, Manuel Díaz Lestegás, José Mandiá Reigosa, Generoso Díaz Villar [irmán de Joaquín, de Almacenes El Encanto], Francisco Moscoso Febrero e Francisco Janeiro Goás.
A sociedade protexía aos seus asociados na illa, facilitándolles diversos servizos e pagando a construción dun panteón, existente na actualidade, no principal cemiterio da Habana, o Cemiterio Colón, no que probablemente foi depositada terra levada dende o Valadouro para que os emigrantes que alí repousan o fagan na súa terra de orixe.
É ben coñecido o labor da sociedade neste lado do océano, construíndo ou colaborando na construción de escolas no Cadramón, Adelán, Bacoi, Vilacampa, Moucide e Santa Cruz e aportando fondos para a construción da igrexa de Ferreira. Non puideron facer realidade o soño de dotar ao Valadouro dun sanatorio" [1]. .

## *1910. Banquete na Habana*

«El Valle de Oro tamén tiña un lado festivo e, aparte doutras festas e reunións, cada oito ou nove de setembro os seus membros xuntábanse nunha comida que se celebraba nalgúns dos locais máis de moda da época na Habana. Nos anos anteriores á revolución eses locais eran os xardíns das dúas grandes fábricas de cervexa da cidade: La Tropical e La Polar.
Prudencio Vivero recolle, nun artigo publicado en Búsola, a crónica publicada en setembro de 1910 na revista Suevia, sobre a festa dese ano:
"*Atentamente invitados por el digno Presidente de esta sociedad, nuestro querido paisano señor Antonio Vila, asistimos á la gira que celebraron el pasado domingo en los jardines de La Tropical, la que resultó expléndida en la organización, archi-super en la comida, más que super en la bebida y despampanante en el baile.*
*Al penetrar en aquel recinto, que parece un trozo de tierra arrancado del Norte de España, traido por obra y gracia de algún gracioso y para solaz, recreo y mata-morriña nuestra, fuimos muy finamente atendidos á cuerpo de Presidente –porque á lo de Rey ya es antiguo– por los dignos y entusiastas Sres. Manuel Hermida y Valentín Nécega, Tesorero y Secretario respectivamente de la mencionada Sociedad, á los que damos nuestras más expresivas gracias.*"
O cronista dá conta do discurso de Juan R. Álvarez e remata enxalzando o lacón e o viño que puxeron no banquete, servido por Antonio Romero» [2].

## *1912. Comisión xestora para a casa-escola de Vilacampa*

"En 1912 nomean unha comisión xestora encargada da construción dun edificio-escola na parroquia de Vilacampa e contribúen con 50 000 pesetas para montar un campo de experimentación agrícola no Valadouro" [3].

## *1917. Acordo cos concellos para a creación das escolas de Bacoi e O Cadramón*

"En el año 1916, siendo presidente, Mandiá se traslada al Valle con la finalidad de poner en marcha el proyecto de construcción de la casa-escuela de Vilacampa [1921]. En 1917 se llega a acordar con los ayuntamientos de Alfoz y Valle de Oro [sic] la colaboración en la creación de las escuelas de Oiras, Bacoi [1930] y Carballido, así como en Sta. Cruz y Cadramón [1925]" [4].

"... Os emigrantes tiñan moi claro que a sociedade á que pertencían abranguía dous Concellos, polo que de inmediato decidiron escribir ao Concello de Alfoz para que, do mesmo xeito que o seu veciño,

[1] M. Vila Pernas, "Trimalta para as damas do Valadouro na Habana", *Candea Branca*, núm. 2, Revista editada polo Seminario de Estudos do Valadouro, Xaneiro 2017-Xullo 2018, páxs. 29-30.
[2] M. Vila Pernas, op. cit., *Candea Branca*, núm. 2, Revista editada polo Seminario de Estudos do Valadouro, Xaneiro 2017-Xullo 2018, páx. 30.
[3] Consello da Cultura Galega (http://mapas.consellodacultura.org/escolas/).
[4] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, Lugo, 2000, páx. 140. Nota dos autores: véxase na parroquia de Bacoi → escola.

patrocinase a creación de centros escolares. Desde Alfoz informaban de que As Oiras, Bacoi e Carballido eran as únicas parroquias que polo momento carecían de centros escolares. O alcalde de Alfoz, Pedro Fernández Palmeiro, comunicaba que polo momento non tiñan concedida ningunha escola, razón que o rexedor atribuía ao centralismo do Estado. En carta de 19 de novembro de 1917 a sociedade *El Valle de Oro*, que tamén criticaba o centralismo, continuaba a ofrecerse para colaborar no futuro en materia de ensino" [1].

*1920. Constitución, na Habana, do Comité Pro Iglesia de Ferreira*

"Ademais..., a sociedade El Valle de Oro participou decisivamente na restauración das igrexas do val..., a súa principal actuación foi remitir os fondos necesarios para rematar a igrexa de Ferreira..., en decembro de 1920 constituíuse na Habana o Comité Pro Iglesia de Ferreira, que estaba integrado por: Juan R. Álvarez, Pedro García Hernán, Manuel Rico, Manuel Palmeiro, Manuel Díaz, Ramón Reigosa, Ramón Canoura, Pedro Fernández López, Antonio Vila, Eduardo Pernas, Antonio Rúa Cao, Ramón Blanco Álvarez, José Orol Fernández, Manuel Pernas, Laureano Díaz e Manuel Mon Reimonde" [2].

*1925. Inaugúrase a primeira casa-escola: O Cadramón*

"No ano 1925 foi aprobado en asemblea de socios o proxecto de regulamento para a edificación da casa-escola no Valadouro [sic]. Ademais, constrúen escolas no Cadramón [1925] e Bacoi [1930], cun custo de 15 000 pesetas cada unha.
Tamén mandaron doazóns puntuais para mobles e mobiliario escolar para as escolas de Moucide [1926], San Tomé e Santa Cruz, de máis de 2000 pesetas cada unha" [3].

*1928. A Memoria social da Sociedad de Instrucción, Protección y Recreo*

"La lista de socios que figura en esta memoria [de 1928] la inician los diez fundadores que, según los estatutos, son aquellos inscritos con anterioridad al 1 de enero de 1908. En la lista de socios que se conserva en el Archivo están con fecha de alta de 1-1-1907 los indicados diez socios y los dos siguientes que aquí no figuran como fundadores, ellos son Joaquín Díaz Villar y Antonio Rubal.
La lista total de socios en esta memoria [de 1928, páxs. 62 a 64] llega al número 204, que corresponde a Nazario Pumares" [4].

As contas de "El Valle de Oro" de 1916 a 1928 [5]:

Saldo anterior (o de 1915).... 2.779.21 $ [pesos cubanos da época]
Ingresos en 1916..... 3.119,29 $
Ingresos en 1917..... 498,55 $
Ingresos en 1918..... 502,36 $
Ingresos en 1919..... 467,60 $
Ingresos en 1920..... 331,26 $
Ingresos en 1921..... 424,35 $
Ingresos en 1922..... 880,73 $
Ingresos en 1923..... 1.096,75 $
Ingresos en 1924..... 1.469,04 $
Ingresos en 1925..... 2.341,15 $
Ingresos en 1926..... 1.867,86 $
Ingresos en 1927..... 1.668,65 $
Ingresos en 1928..... 1.503,09 $

[1] P. Viveiro Mogo, "O Valadouro en Cuba: a sociedade *El Valle de Oro* da Habana", *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páx. 612.
[2] P. Viveiro Mogo, "Os nosos homes na Habana. Memoria da Sociedade El Valle de Oro", *Búsola*, núm. 2, Suso Rubio (dir.), 2006, páx. 35.
[3] Consello da Cultura Galega (http://mapas.consellodacultura.org/escolas/).
[4] A. Orol Pernas (ed.), *El Valle de Oro. Sociedad de Instrucción, Protección y Recreo. Memoria social 1928*, ed. facsimilar: Colección Vallis Auri, núm. 1, maio de 1991, Introducción, páx. 3.
Nota dos autores: Nesta listaxe de socios activos en 31.12.1928, páx. 62, figura, (co núm. 17, o sétimo despois dos dez fundadores), Ramón Blanco Álvarez, (que foi vicetesoureiro da sociedade en 1916-1917, vicepresidente 1ª en 1925, e vogal, cando menos no ano 1928; tamén foi vicepresidente da "Sección de Socorros Mutuos y Protección", en 1928).
[5] A. Orol Pernas (ed.), op. cit, ed. facsimilar: Colección Vallis Auri, núm. 1, maio de 1991, páx. 65.

Total egresos.....10.638,84 $
Saldo..... 5.531,84 $

*1928. Créase a Sección de Socorros Mutuos y Protección*

"Dejamos sin citar muchas de sus realizaciones, entre ellas la creación en 1928 de la sección de Beneficencia, socorros mutuos y protección [teniendo como modelo la beneficencia gallega del Centro Gallego] [1], cuyo presidente era Francisco Moscoso y Secretario Saladino Reigosa..." [2].

*1928. A Delegación no Valadouro: José Martínez Cobo (presidente).*

"Para a mellor inversión [sic] e canalización dos fondos que remitían dende A Habana [tiñan a súa sede social no Centro Gallego], os directivos crearon en Ferreira do Valadouro un Consello de Administración, composto por sete veciños, que investía o diñeiro remitido e controlado dende a capital cubana. En 1928, presidía esta delegación na bisbarra o crego de Bacoi, José Martínez Cobo, que era o director e redactor do xornal quincenal *El Guerrillero*, que se viña editando dende 1907 no Valadouro" [3].

*1937. A sociedade* "El Valle de Oro" *e Ramón Fernández Mato*

"A MARIÑA EN CUBA. Entre outros méritos contraídos por el [Ramón Fernández Mato], sen dúbida tan apaixoada [sic] defensa da honra do Valadouro [os "perxurados", pola traizón ao Mariscal Pedro Pardo de Cela en 1483] fixo que a sociedade Hijos del Valle de Oro na Habana o nomease Socio de Honor. A prensa galega en Cuba fíxose eco, en amplas e diversas informacións, do nomeamento de Fernández Mato e do solemne acto en que foi investido.
A directiva de Hijos del Valle de Oro que adoptou o acordo en 1937 estaba presidida por Lorenzo Veiga e formada por Eduardo Pernas (vicepresidente), Manuel Palmeiro (secretario), Antonio Villarino (vicesecretario), Pedro Fernández (tesorero), Ramón Varela (contador) e Edelmiro Rey (vicecontador).
[...]
En Mato se apoiaron os Hijos del Valle de Oro en Cuba para defender a súa terra, Uns fillos do Valadouro que foron decisivos, a través de Andrés Canoura [Palmeiro] e Juan R. Álvarez, na creación da máis importante institución galega da emigración, o Centro Galego da Habana, que posibilitou o Himno Galego, a bandeira, a creación da Academia, un emblemático edificio social e unha louvable actividade social, educativa e benéfica" [4].

*1946. Cesión do uso de escolas*

"En 1946 ceden o uso das escolas de Adelán e Bacoi ao Concello de Alfoz coa condición de seguiren sendo centros de ensinanza" [5].

*1957. A sociedade celebra as súas vodas de ouro na Habana*

«A MARIÑA EN CUBA. A sociedade 'El Valle de Oro' conmemorou o seu medio século de existencia cunha comida nos xardíns do establecemento 'La Polar' da capital da illa caribeña o día 8 de setembro de 1957.
Un mes de setembro coma o que vivimos, pero a comezos do século pasado, un fato de homes do Valadouro, sen facer distincións de concello, deron vida á Sociedad de Instrucción, Protección y Recreo *El Valle de Oro* que nestes días cumpre 100 anos de existencia sen recibir a homenaxe debida dos actuais veciños do val, beneficiarios e herdeiros daqueles emigrantes que na Habana comprenderon a importancia da formación para o futuro da terra natal e construíron escolas, cofinanciaron outras, restauraron igrexas e socorreron a quen o precisou.
Non houbo, supoño, este recente oito de setembro grandes fastos na Habana como houbo en tempos pasados e, de maneira moi especial o día 8 de setembro de 1957 en que *El Valle de Oro* celebrou as súas vodas de ouro.

[1] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, Lugo, 2000, páx. 141.
[2] A. Orol Pernas (ed.), *El Valle de Oro. Sociedad de Instrucción, Protección y Recreo. Memoria social 1928*, ed. facsimilar: Colección Vallis Auri, núm. 1, maio de 1991, páx. 3.
[3] M. Fernández, "Cen anos de 'Hijos del Valle de Oro' en Cuba", *El Progreso* (A Mariña), 19.08.2007, páx. 10.
[4] M. Fernández, "El Valle de Oro, solar de hidalguía", *El Progreso* (A Mariña), 14.10.2007, páx. 9.
[5] Consello da Cultura Galega (http://mapas.consellodacultura.org/escolas/).

Aquel domingo, como tódolos anos a comezos de setembro, os asociados dábanse cita nos xardíns de *La Polar*, unha das cervexerías máis coñecidas da capital cubana (a outra era *La Tropical*) para unha xornada de confraternidade que xiraba arredor dun banquete ao que asistían centos de persoas membros de *El Valle de Oro*, uns naturais do Valadouro, outros nacidos en Cuba (as súas mulleres, maridos, fillos...) pero sempre vencellados á terra galega que vivía no seu corazón.
Os concorridos banquetes de *La Polar* coincidían coas datas das Festas do Oito de Ferreira, por entón as máis importantes do val e hoxe xa ven... En 1956 o banquete celebrouse na mesma cervexería o día 9 de setembro, tamén domingo.
O programa-menú de 1957 reza "Banquete en conmemoración de las Bodas de Oro" e despois indica "Que se celebrará en honor de los asociados, el día 8 de septiembre de 1957, en el salón Extra de los Jardines de la Cervecería *La Polar*". A cita era para as doce e media da mañá...» [1].

«Vodas de Ouro.
En 1957 a sociedade El Valle de Oro cumpría os seus primeiros cincuenta anos. Houbo festa o oito de setembro no salón Extra de La Polar. Da mesma maneira que a houbera o 9 do mesmo mes do ano anterior.
O programa-menú de 1957 reza "*Banquete en conmemoración de las Bodas de Oro*" e despois indica "*Que se celebrará en honor de los asociados, el día 8 de septiembre de 1957, en el salón Extra de los Jardines de la Cervecería La Polar*". A cita era ás 12,30 horas para antes da comida degustar un aperitivo consistente aquel ano en vermú "*Omar*" ("Delicia del paladar"), acompañado de "*jamón dulce, pierna de puerco, salami, gruyere, pepino y olivas*". Toda unha "sesión vermú".
Despois chegaría un menú composto de "*medio pollo con arroz e lomo de puerco adobado con papas doradas*", para a sobremesa brazo de xitano e para beber "*Cerveza Polar. Trimalta para las damas*", ademais pan, café e a animación da "*Orquesta Tomé*" para quen quixera marcarse un cha-cha-cha, un dos ritmos que triunfaban por entón na illa.
O banquete foi servido "*por los populares Peñita y Campita*", este último vese que provedor habitual da sociedade, xa que o banquete do ano anterior servirano "los populares Abundio y Campita".
Da "*Orquesta Tomé*" non teño máis datos nin aparece no "Diccionario de la Música Cubana" de Helio Orovio, unha auténtica enciclopedia editada na Cuba revolucionaria e da que unha lenda urbana di que foi excluída a mellor cantante cubana do século XX: Celia Cruz. Naturalmente, todo é unha lenda, que Celia Cruz está no libro de Orovio, e tamén a súa data de nacemento, que tanto quixo ocultar. A propia Celia Cruz lembraba, cando a entrevistei para a Radio Galega en xullo de 1999, ter cantado na Polar nalgunha festa galega.
Quen sabe se foi para os de El Valle de Oro, naqueles tempos en que triunfaban o chachachá e o mambo» [2].

### *1986. A sociedade* "El Valle de Oro" *continúa en pé*

"... en 1986 cuando visitamos su archivo era presidente Castor Lamas Díaz, no nacido en el Valle de Oro, su esposa es de Budián. El Secretario era cubano, Nicolás Matidiani, que amablemente nos atendió. El tesorero, natural del Valle de Oro, es Pascual Fernández Candia, así como el contador, llamado Jesús M. Rey Chao, nacido en San Acisclo" [3].

### *1993. Cesión da propiedade dos edificios das escolas*

"En 1993 ceden a propiedade dos edificios [das escolas de Adelán e Bacoi] ao Concello [de Alfoz] para a súa rehabilitación, sempre que o seu uso sexa para fins sociais" [4].

[1] M. Vila Pernas, "Banquete de vodas de ouro na Habana", *El Progreso* (A Mariña), 14.09.2007, páx. 9.
[2] M. Vila Pernas, "Trimalta para as damas do Valadouro na Habana", *Candea Branca*, núm. 2, Revista editada polo Seminario de Estudos do Valadouro, Xaneiro 2017-Xullo 2018, páx. 30.
[3] A. Orol Pernas (ed.), *El Valle de Oro. Sociedad de Instrucción, Protección y Recreo. Memoria social 1928*, ed. facsimilar: Colección Vallis Auri, núm. 1, maio de 1991, páx. 3.
[4] Consello da Cultura Galega (http://mapas.consellodacultura.org/escolas/).

*2004. Unha nova etapa: a presidenta Esperanza Uz Medina*

Desde febreiro de 2004 é presidenta da sociedade "El Valle de Oro" na Habana Esperanza Uz Medina [1], filla de Cándido Uz, emigrante nacido en Budián [2] e de Natividad Medina [3].
No ano 2009, e coa mesma presidenta, a sociedade contaba con 450 socios, deles 330 eran mulleres e o resto (120) homes [4].
En 2011 continuaba Esperanza Uz como presidenta de "El Valle de Oro", que tiña ese ano 452 socios; deles, 4 eran naturais de Galiza e 227 eran descendentes directos de galegos [5].

"La Sociedad de Instrucción, Recreo y Protección El Valle de Oro celebró en la capital cubana el pasado día 30 de abril el 104º aniversario de su fundación con una velada cultural y un festival infantil en el salón de actos de la Oficina Delegada de la Xunta de Galicia en Cuba, antiguo Palacio del Centro Gallego de La Habana, con la participación de más de un centenar de asociados que asistieron en compañía de sus hijos y nietos" [6].

*2013. Esperanza Uz é ratificada como presidenta da sociedade*

"El pasado 19 de enero la Sociedad gallega 'El Valle de Oro' celebró su Junta General de Asociados y de Elecciones en el salón 'Antonio Cougil Fernández' del antiguo Palacio del Centro Gallego de La Habana, en la que fue ratificada como presidenta de la entidad Esperanza Uz Medina.
Fueron renovados algunos de los cargos de la Junta Directiva con la incorporación de nuevos asociados al Ejecutivo en aras de fortalecer el trabajo de esta sociedad que tiene más de cien años de fundada...
Durante el encuentro se entregaron diplomas a un grupo de asociados destacados en el trabajo desplegado por la sociedad durante el último cuatrienio (2008-2012)...
Como homenaje al 160º aniversario del natalicio del Héroe Nacional de Cuba, José Martí y Pérez, el bardo Manuel Álvarez Fuentes leyó su poema 'Os galegos de Martí' inspirado en los escritos del Apóstol de la Independencia de Cuba sobre algunas personalidades gallegas y gallegos que lucharon junto a los cubanos en las gestas independentistas del pueblo cubano" [7].

*A Xunta Directiva de xaneiro de 2013* [8]

Esperanza Uz Medina (presidenta)
Leonor Rodríguez González (vicepresidenta)
Antonio Queija González (secretario contador)
Pilar Domínguez Leal (vicesecretaria)
María P. Fernández González (tesoureira)
Manuel Álvarez Fuentes (vicetesoureiro)
María A. Justo Fernández (secretaria de actas)
Estrella Rodríguez García (vicesecretaria de actas)

"Completan la nómina de la Junta Directiva diez vocales efectivos y diez vocales suplentes" [9].

*2017. Manuel Álvarez Fuentes sucede na presidencia a Esperanza Uz Medina*

"Hijos del Valle de Oro tiene 450 socios [en 2011 eran 452], 111 tienen nacionalidad española y sólo 6 nacieron en Galicia. El escritor Manuel Álvarez Fuentes sustituyó en la presidencia hace escasos meses a Esperanza Uz Medina, que dirigió durante años la entidad.

[1] De Esperanza Uz Medina véxase unha pequena biografía na parroquia de Budián → Personaxes.
[2] Informante: Prudencio Viveiro Mogo, 13.05.2013.
[3] V. G. / Viveiro, "Val do Ouro mira a la diáspora". *La Voz de Galicia* (A Mariña), 02.04.2005.
[4] I. G. / Mondoñedo, "A MARIÑA. Un certamen artístico recordará la labor de los 'Hijos del Valle de Oro'", *El Progreso* (A Mariña), 13.06.2009, páx. 8.
[5] Manuel Barros (Galicia), "La Sociedad 'El Valle de Oro' de La Habana conmemora su 104 aniversario", *Galicia Exterior*, 10.05.2011 (http://www.espanaexterior.com).
[6] M. Barros (Galicia), op. cit., *Galicia Exterior*, 10.05.2011 (http://www.espanaexterior.com).
[7] M. Barros (Galicia), "La Sociedad gallega El Valle de Oro de La Habana ratifica como presidenta a Esperanza Uz Medina", *Galicia Exterior*, 05.02.2013 (http://www.espanaexterior.com).
[8] M. Barros (Galicia), op. cit., *Galicia Exterior*, 05.02.2013 (http://www.espanaexterior.com).
[9] M. Barros (Galicia), op. cit., *Galicia Exterior*, 05.02.2013 (http://www.espanaexterior.com).

Álvarez es nieto e hijo de emigrantes de Fortesende, Arteixo (A Coruña). Tres de sus hermanas fallecieron jóvenes y de sus tres hermanos varones Rodolfo fue combatiente en Angola, Luis Roberto, oficial de la seguridad personal de Fidel Castro y él escritor (publicó siete libros de poesía), economista y profesor de lengua gallega en el obradoiro Curros Enríquez.
Sus cuatro hijos son todos emigrantes. Una, Flory, marchó a Estados Unidos y nunca regresó a Cuba; dos, Manuel y Yunied, fueron a España primero y luego a Ecuador y Estados Unidos; y el cuarto, Anairis, doctora, trabaja y vive en Miami" [1].

## Unha débeda pendente con "El Valle de Oro" en La Habana.

### *O recoñecemento desde o país orixinario: primeiro intento para unha homenaxe no Valadouro*

*2006. Comisión para o Primeiro Centenario da Sociedade (1907-2007)*

O sábado, 3 de xuño de 2006 celebrouse unha asemblea aberta na Casa da Cultura de Ferreira para crear unha comisión que levase adiante actos de celebración do 1º Centenario (en 2007) de "Hijos del Valle de Oro en La Habana". O resultado foi unha comisión formada por: Alfonso Iglesias Geada, Lionel Rexes Martínez, Prudencio Viveiro Mogo, Enrique Geada Arca e Néstor Veiga Blanco. Ofrecéronse como colaboradores: Miguel Vila Pernas, Pedro Rubal Pardeiro, Fernando Monterroso Carril, Luís Miguel Yáñez Pena (Luismi) e Isaac Pérez Blanco (Isaac Ferreira). A comisión non foi operativa, aínda que puido ser un dos alicerces para que, un ano despois, nacese o colectivo *Berce das orixes* [2].

*2007. Foro Encontros no Retorno*

No ano 2007 créase na comarca do Valadouro o clube de análise *Berce das orixes*, que nace da man, entre outros, de Lionel Rexes Martínez, e cuxo acto de presentación pública será precisamente unha homenaxe á sociedade "El Valle de Oro" polo centenario da súa fundación. O acto fíxose público co nome *Encontros no Retorno*.
Consistiu a homenaxe nun ciclo de entrevistas-coloquio-relatorio, en dous actos, a catro persoas que viviron a experiencia da emigración europea e americana (o primeiro acto aconteceu o día 7 de xullo no Centro Social de Alfoz, en San Pedro de Mor; e o segundo o día 8 de xullo na Casa da Cultura de Ferreira do Valadouro).

«Galicia y emigración son palabras casi sinónimas, un fenómeno que el recién creado colectivo Berce das orixes se ha marcado como objetivo "estudar, difundir e debater", tanto en lo que se refiere al ámbito territorial como a la Galicia exterior.
El club, que nace en el seno de la Liga Céltica [sic] Galaica y que toma su nombre de un poema de Castelao, hará su presentación en la comarca con un homenaje a la sociedad de instrucción *El Valle de Oro* con motivo del centenario de su creación.
La intención de los organizadores del acto, cuyo coordinador es Lionel Rexes, es reconocer "a filantropía, lealdade e lucidez da Sociedade" que se creó en la ciudad cubana de La Habana en 1907 por emigrantes de Alfoz y O Valadouro y de las parroquias focenses de San Acisclo [sic] y Santa Cilla, y cuyos descendientes son ahora los encargados de que siga existiendo.
[...]
El programa del acto, que se ha bautizado como *Encontros do [no] Retorno*, incluirá conferencias y entrevistas con cuatro personas vinculadas al Valle, que narrarán sus experiencias y vivencias en otros países... Carlos Cornide, residente en O Valadouro, pero natural de Bélgica, país al que emigraron sus padres, y Orlando González, actual alcalde de Mondoñedo, que vivió durante mucho tiempo en Uruguay y Argentina... Las jornadas seguirán... con dos entrevistas, que tendrán como protagonistas a Xosé Chantres, bretoñés nacido y criado en Cataluña, y Miguel Vila, valadourés nacido en Cuba, concretamente en el Hospital *Hijas de Galicia* y buen conocedor de la Sociedad *El Valle de Oro*, de la que fue socio...» [3].

[1] M. Fernández, "MEMORIA DE MARIÑÁNS. Solo 3 de las 21 asociaciones de emigrantes que A Mariña tuvo en Cuba sobreviven hoy", *La Voz de Galicia* (A Mariña), 28.05.2017.
[2] IF, 12.05.2013.
[3] Susana L. Montes, "Cien años de historia", *El Progreso* (A Mariña), 26.06.2007, páx. 5.

«El foro *Encontros no Retorno*, organizado por el club de análisis *Berce das Orixes* y que se llevó a cabo los pasados días 7 y 8 de este mes en los concellos de Alfoz y O Valadouro, propone eliminar la "burocracia absurda e desbotar toda caste de trabas e obstáculos" en el momento en el que los emigrantes gallegos retornados gestionan su documentación al llegar a Galicia, referido también a los integrantes de segunda generación en cuanto a tramitación de la nacionalidad u homologación de títulos académicos, entre otras cuestiones.
Asimismo, se considera de gran importancia ayudar desde todos los sectores de la sociedad a que los retornados recuperen su lugar, evitando que tengan que integrarse de nuevo en el propio colectivo social del que eran miembros. Otro de los asuntos que quisieron destacar los ponentes fue el hecho de que es necesario establecer relaciones permanentes con los colectivos de la Galicia exterior, para lo que se debe conocer y aprovechar las iniciativas sociales, económicas y culturales que se desarrollan en ellas» [1].

"El club de análisis Berce das Orixes organizó en Alfoz y en Ferreira un ciclo de conferencias en homenaje a la Sociedade [sic] de Instrucción El Valle de Oro, fundada en La Habana en el año 1907 por emigrantes de la comarca de O Valadouro. El sábado, en el centro social de Alfoz, disertaron sobre su vinculación con Bélgica Carlos Cornide y con Uruguay, Orlando González, hoy médico y alcalde de Mondoñedo.
Ayer el turno fue para Xosé Chantres y para el escritor Miguel Vila, vinculados a Cataluña y a Cuba, respectivamente. Vila nació en el hospital Hijas de Galicia.
Estas conferencias forman parte del programa *Encontros no retorno*, con el que se rinde homenaje a la sociedad que permitió con sus ingresos la construcción de varias escuelas, además de financiar otras actuaciones" [2].

«El cuarto de los invitados que intervinieron en el encuentro, Miguel Vila [Pernas], habló de los vínculos establecidos entre los emigrantes gallegos en Cuba y personajes de la Historia de la isla. Así, señaló que... Celia Cruz actuó en las fiestas de la sociedad *El Valle de Oro* [de La Habana]» [3].

"Conmemorouse no 2007 o centenario da sociedade de emigrantes El Valle de Oro, que dá testemuño da preocupación dos emigrantes pola súa terra natal. Benvidos sexan, xa que logo, os aniversarios se serven para, como é o caso, traer á nosa memoria feitos que influíron na nosa maneira de ser, que explican a Galiza na que vivimos hoxe" [4].

"O autor participou, en agosto de 2007, nunhas xornadas sobre Historia local organizadas pola asociación *A Pomba do Arco* de Foz. O asociacionismo dos emigrantes galegos en Cuba, e moi en particular, a sociedade *El Valle de Oro*, foron o cerne desta participación e, xaque logo, a orixe das presentes liñas" [5].

### *2009. Primeiro Certame de Ilustración A Emigración*

Convocouse este certame artístico por primeira vez en xuño de 2009, para homenaxear o labor da sociedade "Hijos del Valle de Oro" na Habana. Foi promovido polos responsábeis das oficinas municipais de información xuvenil dos concellos de Alfoz e O Valadouro coas que colaborou a Fundación Comarcal A Mariña Central.

«Precisamente..., la temática central del concurso artístico será la emigración. Los promotores de la iniciativa fueron los responsables de las oficinas municipales de información juvenil (Omix) de Alfoz, Marta García, y de O Valadouro, Suso Rubio, quienes solicitaron la colaboración del gerente de la Fundación Comarcal A Mariña Central, Manuel Valín, para llevarla a buen término.
"Non só convocamos así o primeiro concurso artístico desta entidade, senón que lle tributamos unha homenaxe á sociedade 'Hijos del Valle de Oro' pola súa traxectoria", subrayó Valín.
El certamen está abierto a la participación de los gallegos que residan dentro o fuera de las fronteras de la comunidad y también a los residentes en Galicia, aunque no sean oriundos, y se difundirá en todos los centros gallegos del mundo.

---

[1] Anónimo (Delegación / A Mariña), "Un foro propone eliminar trabas a los emigrantes gallegos retornados", *El Progreso* (A Mariña), 18.07.2007, páx. 6.
[2] Anónimo (La Voz / O Valadouro), "Concluyen las charlas en homenaje a la sociedad El Valle de Oro, fundada en Cuba hace un siglo", *La Voz de Galicia* (Lugo), 09.07.2007, páx. 13.
[3] Anónimo (Delegación / A Mariña), op. cit., *El Progreso* (A Mariña), 18.07.2007, páx. 6.
[4] P. Viveiro Mogo, "O Valadouro en Cuba: a sociedade *El Valle de Oro* da Habana", *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páx. 603.
[5] P. Viveiro Mogo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páx. 603, n. 1.

El primer premio,..., que se publicará en la revista 'Búsola', está patrocinado por los concellos de Alfoz y de O Valadouro: el segundo,..., corre a cargo del Área de Cultura de la Diputación Provincial, que dirige Antonio Veiga, y el tercero,..., por la empresa ribadense 'O Chispa', de Alejandro López» [1].

«Como un homenaje a la centenaria Sociedade de Instrucción y Recreo Hijos del Valle de Oro, "que tanto labor social fomentou na comarca do Valadouro", la Fundación Comarcal A Mariña Central y los concellos de Alfoz y O Valadouro coorganizan el I Certame de Ilustración A Emigración, que repartirá tres premios en metálico por un valor total de 2.100 euros.
Alrededor de la emigración y de las sociedades filantrópicas creadas por los gallegos en ultramar deberán girar las obras que se presenten: viñetas humorísticas, recreaciones originales de carteles reales o ficticios, imágenes de actividades culturales o de recreo realizadas por los emigrantes en los países de acogida, postales "ou calquera ilustración que teña relación con este tema de algún xeito".
El concurso fue presentado ayer, en la sede de la fundación A Mariña Central, por los alcaldes de Alfoz (Emilio Lousas) y O Valadouro (Eulogio Sampayo), por el responsable de Cultura de la Diputación Provincial de Lugo (Antonio Veiga), por el gerente de A Mariña Central (Manuel Valín) y por los responsables de las oficinas de información de los dos municipios citados...» [2].

*2009. Gañadores do I Certame de Ilustración* "Sociedad Valle de Oro" [3]

Organiza: Concello do Valadouro, Concello de Alfoz, Fundación Comarcal A Mariña Central.
1º Premio: *Emigración en serie*, de Sabela Pintado.
2º Premio: *Partida*, de Eduardo Pérez Baamonde.
3º Premio: *A xente que marcha, ou queda*, de Noel Pérez Fungueiriño.

## | F o n t e s |

### A FONTE DE SAN RAMÓN

Situación: A Igrexa.
Estrada LU-160 (Mondoñedo-A Seara-Ferreira), Km 14.
Adro da igrexa parroquial. A uns 50 metros do presbiterio.
Frontis de pedra [4].
De tres canos.
A ambos lados, dúas pedras circulares que semellan capiteis dóricos, e que se usaron para pousar as sellas e os caldeiros. Estas pedras son posíbeis restos da igrexa parroquial ou dunha igrexa antiga; en todo caso, e con certeza, non teñen a súa orixe na fonte actual [5].

[1] I. G. / Mondoñedo, "A MARIÑA. Un certamen artístico recordará la labor de los 'Hijos del Valle de Oro'", *El Progreso* (A Mariña), 13.06.2009, páx. 8.
[2] Anónimo (La Voz / Viveiro), "A Mariña Central, O Valadouro y Alfoz rinden homenaje a la Sociedad Hijos del Valle de Oro", *El Progreso* (A Mariña), 13.06.2009, páx. 14.
[3] Estes traballos premiados, e mais outros catro, publicáronse na revista *Búsola*, núm. 4, baixo o título «Ilustración: I Certame de Ilustración "Sociedad Valle de Oro"»; Suso Rubio (dir.); edita: Casa da Cultura do Concello do Valadouro, 2009, páxs. 36-37.
[4] S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario Artístico de Lugo y su Provincia*, t. I, 1975, páx. 30.
[5] Visita e fotografías: I. Ferreira, 26.08.2000.

## As catro columnas do inferno

Un cura que houbo en Adelán dicíalle aos veciños:
—¡Cuidado con las Cuatro Columnas del Infierno!
Referíase ás catro casas grandes de Adelán: O Pazo, A Escoura, Cadeirido e a Casa do Roxo [1].

## Apelativos varios

Os de Adelán son campaneiros, os de San Pedro lagarteños, os de San Tomé chopeiros, os de Recaré fabeiros, os de Frexulfe sombrizos, os de Lagoa caguñeiros, os do Castrodouro choias, os de Santa Cruz e os de Vilacampa prexurados, os de A Laxe montantes, e os de Carballido do corno [2].

## O señor do Pazo

Houbo un señor no Pazo de Adelán que tiña dereito de palio. Todos os domingos había que ir buscalo á casa para levalo á misa en procesión. Até que veu un cura novo que non sabía daquel costume e non mandou o palio ao pazo. Sen pensalo dúas veces, o señor presentouse na igrexa cando o cura estaba a predicar e matouno dun tiro [3].

## Os mouros de Adelán

“En Adelán hay una profunda zanja por la que los mouros salen de noche a dar de comer a los polluelos de su corral” [4].

## O gado ao orballo

En moitas parroquias do Valadouro, antes de lumbrigar o Día de San Xoán, a xente botaba o gado ao orballo para que engordase e criase bon pelo [5].

## A Pena da Meda

“La llamada PEDRA DAS MEDAS [a Pena da Meda] en la parroquia de Adelán es centro de reunión de mouros y mouras que bailan, a su alrededor, la noche de San Juan” [6].

---

[1] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, 2005, conto IX, páx. 18.
[2] Eduardo Lence-Santar, *Etnografía Mindoniense*, edición de Armando Requeixo, Ed. Librería Follas Novas, Santiago de Compostela, febreiro de 2000, páxs. 37-38. Esta versión figura en X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto XI, páxs. 18-19.
[3] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto XX, páx. 21.
[4] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 37.
[5] En Adelán, As Oiras, O Pereiro, O Cadramón... E. Lence-Santar, op. cit., edición de Armando Requeixo, febreiro de 2000, páx. 88. Esta versión figura en X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CLIX, páx. 110.
[6] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 37. A Pena da Meda está en Adelán, fixo, segundo nos asegurou o noso amigo e informante Lionel Rexes Martínez, 31.08.2011.

## Os peites de ouro

Unha nena do lugar da Pega, en Adelán, foi unha mañá levar as vacas para o monte, e no Penido dos Corvos viu unha Encanta que estaba a peitearse enriba dunha pena. A pícara achegouse para vela mellor, e niso a Encanta desapareceu, mais deixou quedar os peites, que eran de ouro. A nena pillounos e foise para a casa. Así que llos viu a mai, tomou tanto medo que lle dixo:
—Vaite agora mesmo alí e deixa os peites onde estaban.
A nena obedeceu. E cando chegou á pena as vacas desapareceran [1].

## As fanfurriñas

Un home e mais unha muller da Rebolada ían para Mondoñedo con castañas. O home levaba o saco ás costas, e a muller, por lle axudar, puxo o mochilo enriba da cabeza. Ao pasaren pola Pena dos Encantos, que está no Penido dos Corvos, sentiron tocar unhas chocas, e a muller burlouse:
—Non toquedes as fanfurriñas.
E vai o mochilo e saíu voando [2].

## O trasno e o argadelo

O trasno ía todas as noites á Casa da Escoura e enredaba no argadelo, dicindo:

*—Un, dous, tres...*
*un, dous, tres...*

A ama da casa quixo pillalo e púxolle unha cunca de millo enriba do tear. Pola noite chegou o trasno e tirou coa cunca. E laiábase:

*—Ai de min,*
*que o verquín!*

Así e todo apañou o grao e seguiu dándolle ao argadelo.
Para o outro día, a ama púxolle unha cunca de auga tapada cun pano. Cando chegou o trasno tirou coa cunca a rolo, e non podendo apañar a auga, foise e nunca máis voltou [3].

## O cesto


Un rapaz de Adelán, que voltaba unha noite das mozas, viu vir un cesto a rolo polo camiño, e pegoulle unha vareada. No momento, o rapaz caeu de costas e foi toda a noite a rastro por sitios descoñecidos sen ver quen o levaba. Pola mañá apareceu diante da casa dacabalo dunha pedra [4].

---

[1] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, 2005, conto CLXXXVII, páx. 114.
[2] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CXCIX, páx. 118.
[3] Contadora: Xosefa Rega Fernández. X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCXXVIII, páxs. 130-131.
[4] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCXC, páxs. 160-161.



*Igrexa parroquial.*
Adelán.
Cronoloxía: século XVII.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 26-08-2000.




*Igrexa parroquial de Adelán.*
Derradeira reforma: século XVII.
Plano da planta.
Elías Valiña Sampedro,
Nicanor Rielo Carballo,
Santos San Cristóbal Sebastián,
José Manuel González Reboredo.
*Inventario Artístico de Lugo y su provincia,*
tomo I, 1975, p. 28.



*Igrexa parroquial.*
Adelán.
Portada principal.
Cronoloxía: século XII.
Foto: Xosé Blanco López.
Data: 12-09-2017.



*Igrexa parroquial.*
Adelán.
Portada principal.
Capiteis da esquerda.
Foto: Xosé Blanco López.
Data: 12-09-2017.



*Igrexa parroquial.*
Adelán.
Portada principal.
Capiteis da dereita.
Foto: Xosé Blanco López.
Data: 12-09-2017.





*Igrexa parroquial.*
Adelán.
Pedras achadas nas reformas dos anos 1999 a 2001.
A superior ten figuras humanas.
Cronoloxía: séculos XIV e XVI.
Fotos: Isaac Ferreira.
Data: 16-08-2000.




*Capela do Coto.*
Adelán.
Cronoloxía: 1783.
Foto: Ángeles Parga.
Data: 17-12-2017.



*Cruceiro da Igrexa.*
Adelán.
Cronoloxía: 1905.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 13-04-2001.



*Cruceiro do Cristo.*
Adelán.
Foto: Ángeles Parga.
Data: 05-03-2017.



*Cruz [Cruceiro] da Campá.*
Adelán.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 28-08-2000.



*Cruceiro de Plas*
*ou da Casa de Pardeiro.*
Adelán.
Foto: Ángeles Parga.
Data: 05-03-2017.



*Cruceiro da Rebolada.*
Adelán.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 15-04-2001.





*O Pazo.*
Adelán.
Fotos: Isaac Ferreira.
Data: 26-08-2000.



*O Pazo.*
Adelán.
Antiga cheminea.
Sen escudo.
Foto: Eloi Galán.
Data: 1974.

*O Pazo.*
Adelán.
Escudo de armas.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 26-08-2000.







*Casa de Basanta.*
Adelán.
Fotos: Isaac Ferreira.
Data: 20-05-2001.




*Escudo da liñaxe dos Basanta.*
Cronoloxía: século XVII.
Igrexa parroquial de Adelán.
Colección fotográfica Sargadelos.





*Casa-torre da Escoura.*
Adelán.
Fotos: Isaac Ferreira.
Datas: 20-05-2001 e 26-08-2000.




*Pedra de armas.*
Casa-torre da Escoura.
Adelán.
Cronoloxía: século XI.
Debuxo: Pepe Blanco.
Data: 1993.





*Casa de Cadeirido.*
Adelán.
Cronoloxía: 1690.
Fotos: Eloi Galán.
Data: 1974.



*Escudo de armas.*
Casa de Cadeirido.
Adelán.
Cronoloxía: 1690.
Colección fotográfica
Manuel Lourenzo.





*Casa de Franco.*
Adelán.
Fotos: Isaac Ferreira.
Data: 26-08-2000.



*Casa de (ou do) Franco.*
Adelán.
Restaurada.
Foto: Ángeles Parga.
Data: 08-03-2017.






*Casa do Roxo.*
Adelán.
Arco de medio punto.
Fotos: Isaac Ferreira.
Datas: 15-04-2001 e 17.04.2014.





*Casa das Mestras*
ou Casa de Caión
ou Casa de Miranda.
Adelán.
Cronoloxía: 1777.
Fotos: Isaac Ferreira.
Datas: 28-08-2000
e 28-05-2001.



*Escola de Adelán.*
e Casa das Mestras.
Foto: Ovidio Vila Pernas.
Data: 12-11-2016.




*Escola de Adelán.*
"Hijos del Valle de Oro".
Cronoloxía: 1933.
Foto: Ángeles Parga.
Data: 15-09-2016.

*Bacoi*

Parroquia do concello de Alfoz, arciprestado do Valadouro e diocese de Mondoñedo-Ferrol [1]. A igrexa parroquial dista 3,2 Km da capital municipal.

Coordenadas [2]: Latitude: 43º 32' Lonxitude: 7º 23'

Superficie [3] en Km$^2$: 3,44

Delimitada, ao norte, polas parroquias de Budián (O Valadouro) e Santo Acisclo do Valadouro (Foz); ao sur, polas do Castro de Ouro (Alfoz) e Carballido (Alfoz); ao leste, pola de Carballido (Alfoz); e ao oeste, polas de San Pedro de Mor (Alfoz) e O Reirado (Alfoz) [4].

Ten 183 habitantes (Homes: 97. Mulleres: 86) [5], distribuídos nas 14 entidades de poboación de: *Canaledo, O Castrillón, Cima de Vila, A Costiña, Esmoriz, A Faia, O Gorvidal, A Igrexa, As Leas, A Milicroca, O Piñeiro, Rolle, Santo Antonio, O Vilar* [6].

Cruza o seu termo a estrada CP-0202, e regan as súas inmediacións o río Ouro (< Douro) e os seus afluentes, os regueiros Faia, Leas e Gorvidal.

Festividades [7]: *Santo Antonio*, 13 de xuño.
*A Nosa Señora*, *(Santa María)* 15 de agosto. Titular e Patroa da parroquia. A ela ofrécense as mulleres que están próximas a parir.

[1] *Gran Enciclopedia Gallega*, t. III, páx. 37.
[2] A. Precedo Ledo-M. Gallego Priego (dirs.), *Mapa de parroquias de Galicia (1:200.000)*, Xunta de Galicia, Barcelona, 2001, páx. 129.
[3] A. Precedo Ledo-M. Gallego Priego, op. cit., 2001, páx. 64.
[4] Fonte: elaboración propia, IF, 2000.
[5] Fonte: INE, 01.01.2017.
[6] DOG, núm. 245, 19.12.1991, páxs. 10.343 e 10.344.
[7] Informante: Xoán Ramón Pérez Blanco, 1983.

*Bacoi:* nome da parroquia.

## Hidrónimos

*Ouro, Rego da Granda* (do preindoeuropeo **ganda* 'pedregal' > *gándara* 'superficie pedrosa; terreo inculto') [2]*, Rego de Valdeinfernos*.

## Entidades de poboación

*Canaledo, O Castrillón* (do lat. CASTELLU 'castelo')*, Esmoriz* (–RIZ: orixe xermánica, deriva do patronímico do propietario da explotación: *Esmorico*) [3]*, O Gorvidal, As Leas, A Milicroca, Rolle* [4]*.*

## Lugares

*Canel* [5]*, A Veiga de Bacoi* [6]*.*

## Topónimos con data documentada

*Baconi* (1010; documento en latín), *Baconi* (1124) [7], *Bacoy* (1220) [8], *Baquoy* (1474; documento en galego), *Vacoy* (1488) [9], *Bacoy* (1509; documento en castelán) [10], *Porto do Ouro* (1819) [11].

No ano 1928, Manuel Amor Meilán cita os seguintes lugares, que xa non figuran no actual Nomenclátor oficial da provincia de Lugo:

*Acevido* (flora; do lat. AQUIFOLIUM > lat. vulg. **acifoliu* > **acífolu* > *acífoo* > *acivo* (máis un –r– epentético, parasito) [12]*, Candedo* (*CANDANETUM > *Candaedo* > *Candedo*; derivado de *cándano* 'póla seca; árbore queimada')*, , Meixide, Padriñán, Vizosa* [13].

---

[1] Fonte: elaboración propia, IF, 2000-2014.
[2] F. Cabeza Quiles, *Os nomes de lugar*, Vigo, 1992, páx. 97.
[3] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páxs. 53-54.
[4] Nomenclátor da provincia de Lugo, DOG, núm. 16, 25.01.2000, páx. 973.
[5] Fonte: elaboración propia, X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, 1999.
[6] Lugar onde están situadas as casas de Abilio Alves García e de Jaime Rodríguez Martínez, *Jaime de Costiña*.
[7] E. Cal Pardo, *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 1999, doc. 11, Palencia, 10.07.1124, páx. 25.
[8] E. Cal Pardo, op. cit., 1999, doc. 38, Sevilla, 23.03.1261, páx. 60.
[9] E. Cal Pardo, op. cit., 1999, doc. 206, Santiago, 19.02.1488, páx. 428.
[10] Fonte: coleccións diplomáticas, *Estudios Mindonienses*, núm. 3, páx. 119; núm. 5, páx. 583; núm. 8, páx. 270.
[11] Documento de permuta. Cronoloxía: 01.05.1819. Colección particular: Orol Freire. Ferreira do Valadouro. Transcrición: IF, 2001.
[12] F. Cabeza Quiles, op. cit., 1992, páxs. 24-25.
[13] M. Amor Meilán, *Geografía del Reino de Galicia. Provincia de Lugo*, 1928.

*Século X*

É unha das máis antigas parroquias da comarca do Valadouro, da que se conservan documentos do século X [1].

*Século XI*

Nun documento escrito en latín de data 1 de maio do ano 1010, sendo Armentario bispo de (San Martiño de) Mondoñedo (985-1018), menciónanse a *uilla nuccupata Baconi* e mais as reliquias *de Santa Maria*.

"Noticia en una carta datada el 1 de mayo de 1010..., en cuya virtud se rememoran la fundación y vicisitudes del monasterio de Santa María de Bacoy" [2].

"El 1 de mayo de 1010, hallándose en Bacoy –Valle de Oro– confirma Armentario, sin indicación de sede, un documento en el que se habla de la fundación y vicisitudes [d]el monasterio familiar de Bacoy" [3].

«*Fundación y vicisitudes del monasterio familiar de Bacoy.*

"Notum et omnibus et patefactum est fidelibus habitacium urbe et uico de uilla nuccupata Baconi ubi reliquie recondite sunt Sancte Marie cum..."» [4].

*Século XII*

No ano 1124 a parroquia pertencía ao bispado de Mondoñedo, sendo raíña Dona Urraca (1109-1126):

Reparto de parroquias. Cronoloxía: 1124-1128.

O 10 de xullo do ano 1124, Alfonso VII (1126-1157), xunto coa súa nai a raíña dona Urraca (1109-1126), fai unha composición entre o bispo de Mondoñedo don Nuno Afonso (1112-1136) e a súa igrexa, por unha parte, e don Rodrigo Vélaz, Conde de Sarria, pola outra, precisando as parroquias pertencentes a un e ao outro e as relacións co mosteiro de Vilanova de Lourenzá. No ano 1128, morta xa dona Urraca, o rei Alfonso VII estendeu un novo documento aprobando a división realizada anteriormente. Nesta distribución figura *In terra de Aurio post partem sedis... sancta Maria de Baconi* [5].

*Século XIII*

"El camino que seguía la costa y atravesaba el norte de nuestro territorio parece que formaba dentro de él un pronunciado ángulo entrante, que descendía probablemente hasta la misma ciudad de

[1] R. Reigosa Méndez, *As cruces do Valadouro*, (inédito).
[2] M. Carriedo Tejedo, "Obispos mindonienses del siglo XI (1001-1067)", *Estudios Mindonienses*, núm. 17, 2001, páx. 493.
[3] E. Cal Pardo, "Episcopologio mindoniense. Alta Edad Media", *Estudios Mindonienses*, núm. 18, 2002, páx. 805 e nota 298.
[4] AHN. Clero. Lorenzana. Tumbo 1044 B. Fols. 145v-146r. A. Rodríguez González-J. A. Rey Caíña, "Tumbo de Lorenzana. Transcripción y estudio", *Estudios Mindonienses*, núm. 8, 1992, doc. 220, páxs. 270-271.
[5] E. Cal Pardo, *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*, 1999, doc. 11, páx. 25; AHN. Sección Clero. Carpeta 1185. Núm. 8, copia de 21.01.1341. Resúmeo, con algunhas imprecisións nos nomes latinos das parroquias, J. Villa-Amil y Castro, "Pobladores, ciudades, monumentos y caminos antiguos del norte de la provincia de Lugo", Boletín de la Sociedad Geográfica, Madrid, agosto de 1878, páxs. 134-135. Tamén Martínez Cobo, *El Valle de Oro. Apuntes históricos*, 1912, páx. 19.

Mondoñedo... pasaba el puente Estelo, al Valle de Oro, a coger el puente de Vivero o el de Landrove... Este camino, que debía existir ya en el tiempo de los romanos, fue muy frecuentado en los siglos medios y recorrido por la misma corte leonesa, constando, por las fechas de varios documentos, que Alfonso IX y San Fernando pasaron por él en varias ocasiones..." [1].

O Foro de Benavente. Cronoloxía: 10.04.1220.

Un documento que se conserva no Arquivo da Catedral de Mondoñedo (ACM) certifica a presenza do rei Alfonso IX de León na antiga vila de Bacoi o 10 de abril de 1220, concedéndolle o Foro de Benavente, que tamén outorga para Alfoz [2].

"En esta parroquia –según ya indiqué– estuvo el Rey Alfonso IX, y, según se deduce de las palabras del citado Cartulario, tenía el título de 'Villa', pues aún hoy algunos lugares de la parroquia tienen los nombres de *As Plazas, Cima de Vila, A Plaza das Panadeiras*" [3].

"¿En qué nos fundamos para decir que Alfonso IX estuvo en Villamayor [Mondoñedo]? En el elocuente hecho de que Alfonso se hallaba en la cercana parroquia de Bacoy, en el actual municipio de Alfoz, en el Valle de Oro, el 10 de Abril de 1220, en cuyo día otorgó un privilegio a favor de los pobladores de Burio [Aurio?], en el que les concede el fuero de Benavente, y lógico es suponer que vino entonces a Villamayor, si antes no llegó a esta ciudad y desde ella pasó a Bacoy" [4].

"En 1220 el rey Alfonso IX, hallándose en Bacoy concede el fuero de Benavente a todos aquellos que fueren a poblar el valle del Ourio (Aurio). Dado que el documento lo conocemos a través de una confirmación de Alfonso X el Sabio, no sabemos si fue confirmado por nuestro prelado [D. Martín I, bispo de Mondoñedo (1219-1248)]; pero el mismo monarca Alfonso IX dice que concede a los que fueren a poblar aquel lugar el mismo alfoz que les había otorgado el obispo D. Martín. De donde se infiere que, con anterioridad, nuestro prelado había realizado un acto de jurisdicción sobre las tierras del Valle de Oro, precisando los linderos sometidos a su dominio" [5].

Este Foro de Benavente outorgárallo o propio rei Alfonso IX Á Coruña no ano 1202; posteriormente, a Parga (Lugo), e a Betanzos, no 1225. Alfonso X concedeullo a Ortigueira no 1255 e a Pontedeume no 1270 [6].

Carta de Concordia. A parroquia de Bacoi queda incluída no alfoz do Castrodouro. Cronoloxía: 07.02.1254.

O 7 de febreiro [de 1254] o bispo de Mondoñedo, D. Juan II Sebastianes (1248-1261), leva a cabo unha concordia cos veciños do Castrodouro, pola que ambas as dúas partes se comprometen a resolver todas as súas querelas e controversias; os moradores, pola súa parte, obríganse a elevar o número de veciños até 300, nun prazo de 15 meses, e a viviren conformes co Foro de Benavente; o bispo, á súa vez, outórgalles a metade de todo o reguengo que el tiña no Valadouro e inclúelles no seu alfoz as parroquias de Bacoi, San Sebastián (Carballido), Santiago de Adelán e a vila do Castro, coa metade da freguesía de San Pedro de Mor, e a de San Vicente (Lagoa) con todos os seus dereitos e pertenzas [7].

---

[1] J. Villa-Amil y Castro, "Pobladores, ciudades, monumentos y caminos del norte de la provincia de Lugo", Boletín de la Sociedad Geográfica, Madrid, 1878, páx. 111.

[2] F. Monterroso Carril, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XXIX, páx. 213. F. Monterroso Carril, "El Valle del Ouro y la ruta jacobea", *El Progreso* (A Mariña), 20.03.1992, páx. 16.

[3] J. Martínez Cobo, *El Valle de Oro. Apuntes históricos*, 1912, páx. 23.

[4] E. Lence-Santar y Guitián, reproducido en *Mondoñedo, regreso al pasado V*, de José Isidro Fernández Villalba, Impr. Suc. de Mancebo-Mondoñedo, 2001, páxs. 141-142.

[5] ACM. Arm. 8, n. 38. E. Cal Pardo, *Catálogo de los documentos medievales, escritos en pergamino, del Archivo de la Catedral de Mondoñedo (871-1492)*, Lugo, 1990. E. Cal Pardo, *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo.* Transcrición íntegra dos documentos, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 1999. E. Cal Pardo, "Episcopologio mindoniense. Baja Edad Media", *Estudios Mindonienses*, núm. 14, 1998, páx. 529 e n. 150.

[6] Ricardo Pérez Domínguez, "Población del Monte de Rúa", *Estudios Mindonienses*, núm. 11, 1995, páxs. 392-393.

[7] AHN. Clero. Carp. 1185, n. 19. Tumbo de la Dignidad Episcopal, Fol. 87; Flórez, páxs. 155-156. Villa-Amil, Fol. 66; F. Mayán Fernández, *Historia de Mondoñedo*, 1994, páx. 46. En E. Cal Pardo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 14, 1998, páx. 541 e n. 204. A tradución é nosa.

*Século XV*

Foros. Cronoloxía: 21.08.1474.

O 21 de agosto de 1474, o convento de Santo Domingo de Viveiro (desaparecido fisicamente en 1851) [1] afóralle o lugar de Bacoi (*Baquoy*), freguesía de Santa María de Bacoi a Rodrigo Afonso de San Romao e a súa muller, María Basanta [2].

"Saban quantos esta carta de foro viren commo nos o mestre Frey Pero Marinno, prior do moesteiro de Santo Domingo de Viveiro e os doctores Frey Fernando das Ribeiras e Fray Vasco da Lagoa e Fray Pero Canaro e Frey Diego de Miranda e Frey Fernando de Sayoane e Frey Alvaro Peres Mortal, frayres conventuaes do dito moesteiro, sendo nos juntos enno noso capitolo por campana tangida, segun que o avemos de uso e de costume, outorgamos e conosçemos que por nos e en nome do dito moesteiro e frayres aforamos a vos Rodrigo Afon [sic] de San Romao e a vosa moller, Maria Basanta, que soodes presentes aambos e dous por todas vosas vidas e de qualquer de vos que postremeyro fallesçer, todo o noso lugar moynnos e casas e herdades mansas e bravas e soutos e arbores e vinnas que nos teemos e perteesçen ao dito moesteiro enno lugar que disen Baquoy, friguelia de Santa Maria de Baquoy. E avedes a dar e pagar de foro ao dito moesteiro e a nos en seu nome e aos frayres que despoys de nos vieren ao dito moesteiro dos ditos moynnos, casas e vinnas e herdades en cada huun anno, durante o tempo de vosas vidas e qualquer de vos seys çoramiis [celemíns] de trigo, limpo, boo e perteesçente, posto e carrejado enno dito moesteiro, por dia de San Martinno de cada huun anno, medido por la medida direita da alfondega desta dita villa [de Viveiro]" [3].

Organización eclesiástica. O "Deanalgo". Cronoloxía: 19.02.1488.

No ano 1488, conforman o "Deanalgo" 24 parroquias, unha delas é *Santa Maria de Vacoy* [4].

*Século XVI*

Foros. Traslado de dúas cartas de foro. Cronoloxía: 1503-1509-1538.

*Alonso López de Fondoya, síndico* [do mosteiro] *de San Francisco de Vivero, solicita el traslado de dos cartas de foro anteriores, según las cuales Ares Vázquez de Bahamonde y su mujer* [Inés Fernández de Saavedra, veciños e moradores da freguesía de Santa María de Bacoi] *cedían al convento un foro de 130 maravedís en Santa Eulalia de Lago.* 1538, enero 14. Vivero [5].

Primeira carta de foro. Cronoloxía: 26.01.1503.

"[...] Este es un treslado bien e fielmente sacado synada, su thenor de la qual es este que se sigue:
Sepan quantos esta carta de público instrumento vieren commo nos Ares Vasques de Vaamonde e minna muller Inés Fernández, vezinnos e moradores que somos en la flegesia de Santa Maria de Bacoy, que somos presentes e outorgantes, outorgamos e conosçemos que outorgamos e damos a foro a vos Juan de Santa Maria, o vello, vezino e morador que sodes en la fleguesia de Santa Olalla de Lago, conven a saber que vos aforamos e damos en foro para sempre jamás a vos e a todas vosas voces y herdeyros que despois de vos vieren e suçederen todas las nosas herdades asy bravas como mansas e voces de montes e soutos e pumaregas que nos tenemos e nos pestecçe [sic], e a Pedro de Savedra, el novo, en la fleguesia de Santa Oalla de Lago e en su término e en su signo.
Con esta condiçion que vos el dicho Juan de Santa Maria e vosos herdeiros nos avedes de dar e pagar de foro para sempre jamás de cada un anno por todas las dichas herdades de montes e soutos

[1] J. García Oro, "Viveiro en los siglos XIV y XV. La Colección Diplomática de Santo Domingo de Viveiro", *Estudios Mindonienses*, núm. 3, 1987, páx. 40.
[2] AHN. Códices 290 B. Códice de Santo Domingo de Viveiro. Fol. 18r. J. García Oro, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 3, 1987, doc. 82, páx. 119.
[3] AHN. Códices 290 B. Códice de Santo Domingo de Viveiro. Fol. 18r. J. García Oro, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 3, 1987, doc. 82, páx. 119.
[4] ACM. Arm. 8. Doc. 206. Santiago, 19.02.1488. E. Cal Pardo, *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*, 1999, páx. 428.
[5] Manuel Castro, OFM, "Los Franciscanos de Viveiro y Gómez Pérez das Mariñas", *Estudios Mindonienses*, núm. 5, 1989, doc. 6, páxs. 582-585.

e pumaregas a nos pertenesçentes e al dicho Pero de Savedra en la dicha fleguesia de Santa Oalla de Lago çento e treynta maravedís pares de brancas de cada un anno de foro...
[...] Para lo qual asy tener e gardar e comprir, como dicho es, renunçiamos e partimos de nos e del dicho Pero de Savedra todas las leyes, foros e derechos que en contrario de lo sobredicho podesemos desir e alegar...
[8] Foi da familia dos Mel. Despois de morar nela D. Xosé Ramón Souto Mel, *Setemantelos*, natural de Bacoi e párroco de Santa Cruz do Valadouro e de Bacoi, pasou á súa irmá Roxelia, que casou con Damián López, coñecido industrial e conserveiro. Hoxe é propiedade de Manuel López Souto, *Manolito*, (falecido recentemente, século XXI), fillo de Damián e de Roxelia. Non a consideramos entre as casas grandes, aínda que pode encerrar un certo interese. Actualmente (2014) non mora ninguén nela.

## A CASA-ESCOLA DE BACOI

Situación: Canaledo.
Estrada CP-0202 (Santo Acisclo-Bacoi-A Seara).
Cronoloxía: inaugurada en 1930.
Era escola de ensino primario para nenas e vivenda da mestra. Funcionou como centro educativo até 1973.
Rehabilitada en 2005, actualmente utilízase como centro sociocultural [1].
Financiada no primeiro terzo do século XX polos emigrantes do Valadouro a Cuba.
Promotor: El Valle de Oro. Sociedad de Instrucción, Protección y Recreo [2].
Compra do terreo. Construción de nova feitura.
Mantén a seguinte lenda na fachada:

ESCUELA DE BACOY. HIJOS DEL VALLE DE ORO EN LA HABANA / AÑO / 1930

*Descrición e historia*

"Edificio de planta única e forma rectangular, construído sobre unha plataforma de cimentación para salvar o desnivel do terreo.
Os materiais empregados son os tradicionais da zona, en cachotaría e unha cuberta de dúas augas en lousa.
Sen case elementos decorativos, destaca na fachada principal, baixo a liña da cornixa, unha inscrición en que lemos... [(*víd.* Antes deste parágrafo].
Na planta baixa estaba situada unha soa aula para nenas e, separadas por un vestíbulo, outras dependencias que servían como vivenda da mestra.
Segue o mesmo modelo arquitectónico que as outras escolas construídas na comarca pola entidade promotora [Hijos del Valle de Oro en La Habana].
A escola estaba situada nun pequeno terreo murado que servía de campo de recreo para as alumnas.
Funcionou como centro educativo ata 1973. Na actualidade, tras unha rehabilitación do edificio en 2005, é un centro cultural para os veciños da parroquia" [3].

*Os pasos iniciais en Alfoz (obxectivos de 'Hijos del Valle de Oro en La Habana')*

Unha primeira carta, acaso aínda hoxe impagada.

«Como el fin primario de esta sociedad es la instrucción y deseando que en todas las parroquias comprendidas en nuestro querido Valle de Oro, exista el mayor número de escuelas posible, con fecha 15 de Julio, y en sesión celebrada en la junta general anteriormente dicha, se acordó atenta comunicación al excelentísimo Ayuntamiento de Alfoz, invitándole a que imite la obra tan felizmente emprendida en favor de la enseñanza por su colega de Ferreira.
He aquí una buena muestra del resultado obtenido en las distintas comunicaciones que esta sociedad cruzó con el excelentísimo Ayuntamiento de Alfoz.

[Primeira comunicación] Habana, 16 de Agosto de 1917.
Sr. Alcalde y Sres. Concejales del Ayuntamiento de Alfoz.
Honorables señores:
Sean nuestras primeras palabras ofrenda cariñosa de vuestros hermanos de Cuba. Estas líneas que el corazón dicta y el alma empapa de cariño...
[...]
Oíd: En el seno amoroso de nuestra sociedad conviven fraternalmente, unidos los espíritus por un común ideal, elementos de todas las parroquias que pertenecen al Valle de Oro, del que tenemos el nombre que denomina nuestra Sociedad. Los fines que ésta persigue son los de elevar el nivel cultural de todas esas parroquias, empezando desde luego por la niñez, fundamento de la sociedad futura. ¿Cómo conseguirlo? Por medio de las escuelas. ¿Cómo crear y establecer éstas? A esto va encaminada nuestra acción social. Este es el objetivo para que fué fundada la sociedad "El Valle de Oro". La aspiración que vive y alienta en nuestra conciencia social es la de que todos los niños de las parroquias correspondientes a El Valle de Oro dispongan del número suficiente de escuelas en las que reciban la preparación intelectual necesaria para librar con ventaja la lucha por la existencia.

[1] Consello da Cultura Galega (http://mapas.consellodacultura.org/escolas/).
[2] Consello da Cultura Galega (http://mapas.consellodacultura.org/escolas/).
[3] Consello da Cultura Galega (http://mapas.consellodacultura.org/escolas/).

Queremos que el analfabetismo –fantasma pavoroso de nuestra tierra–, que mantiene en la ignorancia y en la indigencia a generación tras generación, deje de ser una triste realidad en nuestros pueblos. Nos proponemos difundir la instrucción entre todos los niños, llenando de luz sus cerebros y preparándoles para ser hombres útiles y para el libre y consciente ejercicio de la ciudadanía. He aquí, pues, nuestra plataforma social. Al calor de este ideal de progreso y mejoramiento para nuestras parroquias palpitan todos los corazones que se agrupan bajo la bandera de la sociedad "El Valle de Oro". Ahora bien; el Ayuntamiento de Ferreira nos ha dirigido el escrito del que hemos impreso un regular número de ejemplares, uno de los cuales incluímos. En este documento se solicita nuestra cooperación en la forma que veis. Nosotros, cumpliendo acuerdos tomados, no sólo accedemos a la solicitud, sino que desarrollamos allí una vigorosa acción cultural por medios distintos: con la aportación de los fondos sociales y enviando el fruto de suscripciones con este fin organizadas. Pronto esperamos que se inaugure la escuela de Villacampa [inaugurouse en 1921], fruto de nuestros esfuerzos y de nuestros anhelos. Lo mismo que hemos hecho con el Ayuntamiento de Ferreira queremos hacer con el de Alfoz. Para ello, esperamos que vos, Sr. Alcalde, y vosotros, señores Concejales, nos deparéis ocasión propicia, mediante iniciativas que tiendan al fomento de la enseñanza y al más amplio e intenso desarrollo de ésta. ¿Sería difícil establecer una cooperación entre la acción de ese Ayuntamiento y la de nuestra Sociedad, que tuviera por objeto la creación de escuelas, tantas cuantas fueren posibles? Por no hacer interminable este escrito, ponemos aquí punto, y dejamos enunciada la idea que lo inspira, no dudando que hallará en vuestro acogimiento el calor necesario para que pueda cristalizar felizmente.
Esperamos vuestra contestación, honorables señores, y en nombre de la Junta Directiva y de la General, por cuyo acuerdo y mandato hemos escrito lo que antecede, se complacen en saludar cordial y efusivamente,
Angel Mandiá, Presidente. Joaquín Díaz, Secretario.

[Primeira resposta] Contestación de la [a la] carta que esta Sociedad, con fecha de Agosto 16 dirigió al muy ilustre Ayuntamiento del Alfoz:
Señor Presidente y miembros de la Sociedad de Instrucción y Recreo "El Valle de Oro".—Habana.
Muy queridos paisanos nuestros: Un abrazo leal y cariñoso para los mártires del trabajo, hermanos nuestros uncidos todos en la santa cuna de este hermoso Valle que el "Oro" arrulla y que en momentos de lucha titánica tuvieron con sentimiento que dejar, para en tierra extranjera, sostener triunfante el orgullo de una raza, sin olvidarse de las necesidades de su madre. Sois nobles hijos de la nación gallega; vuestros hidalgos corazones, que no era extraño albergasen alguna indiferencia para quien no supo apagar las calderas del barco que os condujo a este país, están empapados de vivificante y moderna sangre gallega, que libre de todo odio y rencor, sale pujante y bienhechora, al encuentro de una nueva generación y como diciéndole: Atrás la ignorancia y el abandono intelectual de nuestros paisanos; no queremos recorran inciertos e inseguros el triste camino de los desengaños; queremos afianzarlos en una base sólida donde puedan, sin peligro, andar el círculo de acción donde el destino les lleve; queremos dotarles de la cultura e instrucción que los tiempos actuales reclaman.
¿Puede darse ideal más hermoso? ¿Puede acariciar corazón humano idea más bella y altruista? No, queridos paisanos, no; y por eso os admiramos y bendecimos vuestras nobles acciones.
Esta Corporación Municipal, no menos preocupada que vosotros en asunto tan importante y trascendental como lo es la formación de nuevas generaciones al crisol sacrosanto de la civilización moderna, tiene obligado y verdadero interés en que los hijos del Ayuntamiento de Alfoz del Castro de Oro, cobijados al amparo de este caserón, mudo testigo de hazañas gloriosas de un mártir de la libertad, al verles, con tristeza en nuestra alma, formar parte de ese contingente que cubre el soldado del Trasatlántico, llevar siquiera como único patrimonio que podemos darles, los preliminares conocimientos que pueden adquirirse en una escuela rural.
A tal fin, fueron y van encaminados nuestros principales trabajos, solicitando constantemente, del poder central dos escuelas más en el distrito, que cubran las necesidades de las parroquias de Oiras, Bacoy y Carballido, únicas que en la actualidad carecen de esas fuentes vivificadoras que dan al alma temple y al cuerpo vida.
Nada hemos conseguido hasta la fecha por dos poderosísimas razones. Una por ser gallegos de carácter bonachón y sufridos; sabemos pedir suplicando, no imponiéndonos, sistema ineficaz y hasta creo contraproducente en los tiempos actuales y que sirve solo de mofa y risión a nuestros prohombres, que despiadados ven en nuestros lamentos el modelo de un pueblo esclavo; otra y no menos importante es, que como esta clase de escuelas no gravan el presupuesto municipal, es decir, son gratuitas para los municipios, con la sola obligación de dar estos casa y mobiliario, todos los ayuntamientos se apresuran a solicitarlas, siempre en mayor número que el de las plazas concedidas.
Aceptando pues muy gustosos vuestra valiosa e importante cooperación que tan desinteresadamente nos ofrecéis, de la que daremos cuenta en la Junta local de primera enseñanza de este término, nos es gratísimo daros cuenta de las necesidades culturales del distrito, poniéndonos desde ahora en comunicación constante con esa Entidad para todo lo que se relacione con la instrucción primaria, dándole si posible es, más actividad contando como contamos con vuestro poderoso auxilio.

Prosperidad y salud a todos.
El Alcalde de Alfoz, *Pedro Fernández Palmeiro*.
Octubre 12 de 1917.

[Segunda comunicación] Habana, 19 de Noviembre de 1917.
Sr. Alcalde y Srs. Concejales del Ayuntamiento de Alfoz.
Queridos hermanos e[n] ideales y en la sangre: La Junta Directiva de "El Valle de Oro" ha leído con emoción patriótica la hermosa carta que le habéis dirigido. Al través de sus bellos párrafos, saturados de ternura del corazón, esa ternura que fluye a raudales de todos los corazones gallegos, se adivina la inquietud que palpita en vuestros espíritus producida por el desgobierno en que agota todas sus energías el poder central.
El favoritismo y el nepotismo de las clases directoras de España son las que esquilman y depauperan los ubérrimos organismos de la Patria. Todos somos responsables, con nuestra pasividad, de los males que año tras año viene sufriendo el país por la rapacidad y la banalidad de nuestros hombres públicos, empeñados en la nefanda obra de extraer de las arterias del cuerpo nacional la sangre que debía vivificarle e impulsarle.
El día que todos los gallegos estemos bien organizados; el día que la enseñanza primaria se difunda por todos los pueblos de Galicia; y el analfabetismo deje de ser un fantasma en nuestra vida; el día que en todos los entendimientos haya luz de cultura, y todos seamos conscientes de nuestros derechos como ciudadanos honrados, toda la familia gallega vivirá la vida del derecho, ese derecho que ahora se le niega sin razón ni justicia.
La base de esta vasta obra de sano patriotismo (España quiere hijos libres de opresiones y tiranías de políticos venales), la base de esta obra está encomendada a la escuela, y de ésta tienen que salir los ciudadanos de mañana, como garantía de paz y amor entre todos los hijos de un pueblo. Identificados todos en este pensamiento, debemos laborar en tal sentido con verdadero tesón, y para ello os ofrece "El Valle de Oro" su adhesión entusiasta y fervorosa. Ya sabéis dónde estamos, y cuál es nuestro criterio respecto al problema de Galicia, que es el problema de todas las regiones de España; pero principalmente de la nuestra, que es donde más se hace sentir la necesidad de propagar y extender la enseñanza.
Para cuanto tienda a trabajar por el bien del terruño aquí estamos nosotros, siempre con la mira puesta en los altos intereses de nuestra tierra y en la felicidad y ventura de nuestros hermanos.
Estas manifestaciones, señores, contienen el espíritu que anima a la Junta Directiva de "El Valle de Oro", y yo me complazco en trasladároslas poniendo en ellas el más íntomo [íntimo] latir de mi corazón.
Por orden del Sr. Presidente, Joaquín Díaz, Secretario» [1].

## *A construción das escolas*

«Ao tempo que se daba publicidade a este contrato [da escola do Cadramón] anunciábase que, de xeito inmediato, procederíase tamén á construción dun edificio escolar na parroquia de Bacoi, que até aquel momento non contaba con ningunha escola. A escola desta parroquia [de Bacoi] será inaugurada no ano 1930. Polo que toca á inauguración deste centro escolar debemos destacar que contou coa presenza do mestre de Foz Ramón Salgado Toimil, que se dirixiu a todos os presentes: "El conocido galleguista de pluma erguida y rebelde D. Ramón Salgado Toimil, dirigiendo su palabra cálida y vibrante al público que concurrió a la inauguración de las escuelas de Bacoy, Alfoz"» [2].

"As obras para a construción da escola do Cadramón avanzaron con rapidez e axiña se puido proceder á inauguración da escola. En efecto, tal acto tivo lugar en decembro de 1928 e contou coa presenza de todos os veciños da parroquia, autoridades, representantes da sociedade no val ademais de varios emigrantes que estaban de visita" [3].

## *Cesión do uso das escolas*

"Co paso dos anos as escolas construídas polos emigrantes perderon a súa finalidade inicial, é dicir, servir de centros de ensino; ao tempo que a súa propiedade pasou aos Concellos do Val. Polo que toca a Alfoz, xa o 14 de decembro de 1946 a Sociedade *El Valle de Oro*, mediante documento notarial, facía cesión dos edificios das escolas de Bacoi e Adelán ao Concello para continuaren co seu labor educativo...

[1] *Sociedad Gallega de Instrucción, Recreo y Protección mutua* "El Valle de Oro". *Memoria 1916-1917*, Habana, Imp. "Avisador Comercial", Cuba 121, 1918, páxs. 21-25.
[2] *Eco de Galicia*, A Habana, núm. 363, febreiro de 1931, páx. 17. P. Viveiro Mogo, "O Valadouro en Cuba: a sociedade *El Valle de Oro* da Habana", *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páx. 616 e n. 29.
[3] P. Viveiro Mogo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páx. 616, e n. 30.

Anos despois, en novembro de 1991, o Concello de Alfoz informaba á Sociedade de que as escolas perderan a súa finalidade inicial, polo que solicitaban da entidade a súa desafectación como centros de instrución e a súa cesión para dedicalas a finalidades sociais. A Sociedade accedeu aos desexos do Concello e, en febreiro de 1993, procedeu á cesión dos inmóbeis sempre e cando foran [sic] dedicados a obxectivos sociais e comunitarios" [1].

[1] Fondo documental do Arquivo da Emigración (Consello da Cultura Galega). Fondo da sociedade *El Valle de Oro*. P. Viveiro Mogo, "O Valadouro en Cuba: a sociedade *El Valle de Oro* da Habana", *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páxs. 617-618 e n. 34.

## A dona moura da Lagoa do Encanto

"Na Lagoa do Encanto da parroquia de Bacoi, no Valadouro, hai unha dona moura que lles pregunta ós que pasan se queren que os peitee; se consenten, os incautos poden ser transformados en serpes ou noutra clase de réptil" [1].

## A Poza do Encanto

Estaban dúas nenas de Bacoi a alindar as ovellas xunto da Poza do Encanto, e niso viron saír da auga unha muller cun peite na mao. A muller díxolle á máis nova:
—Niña, ¿quieres que te peine?
A nena contestoulle que si, e cando a muller lle pasou o peite polo cabelo, a cativa volveuse cobra.
Entón a muller díxolle á outra:
—Tú, que eres la más bonita, ¿quieres que te peine?
A nena respostoulle:
—Arrenegada sexas na vida e mais na morte.
E a muller desapareceu [2].

## A Virxe de Bacoi

A Virxe de Bacoi vaise lavar polas mañás na Fonte da Nosa Señora [3].

## A pía bautismal

Na igrexa de Bacoi había unha pía bautismal que xa non se usaba, e un día o cura mandou tirala nun ribeiro. Como a pía quedou virada viñan todas as noites unhas mulleres e púñanse a fiar enriba dela, laiando como as cadelas.
Os veciños tomaron tanto medo que llo foron contar ao cura, mais el non lles fixo caso. Entón pillaron a pía nun carro e levárona para o adro da igrexa, e as mulleres non voltaron máis [4].


## As luces do Castrillón

Xosé do Tintán viña unha noite do enterro dun veciño ao que non quería ben. Ao pasar por diante da casa do defunto reparou nuns pantalón postos a enxugar, e sen pensalo máis pegoulles unha vareada.
De alí a un pouco, cando baixaba polo Castrillón, viu unhas luces que o foron rodeando. El quería apartalas, mais non se podía mover. Entón viñeron máis luces, a centos, e estiveron toda a noite a atormentalo [5].

[1] Xoán R. Cuba-Antonio Reigosa-Xosé Miranda, *Diccionario dos seres míticos galegos*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1999, páx. 106.
[2] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, 2005, conto CLXXXV, páx. 113.
[3] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCVIII, páx. 122.
[4] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCXXXIX, páx. 138.
[5] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCXCII, páx. 161.



*Igrexa parroquial.*
Bacoi.
Cronoloxía: século XVIII.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 24-08-2000.



*Igrexa parroquial de Bacoi.*
Primeira metade do século XVIII.
Plano da planta.
Elías Valiña Sampedro,
Nicanor Rielo Carballo,
Santos San Cristóbal Sebastián,
José Manuel González Reboredo.
*Inventario Artístico de Lugo y su provincia,*
tomo I, 1975, p. 159.



*Inmaculada.*
Bacoi.
Cronoloxía: século XVII.
Igrexa parroquial.
Capela da Asunción.
Retábulo barroco popular.
Foto: Xesús Pisón.
Data: 1999.



*Maternidade.*
"De poñer".
Bacoi.
Igrexa parroquial.
Sacristía.
Estilo: popular.
Foto: Xesús Pisón.
Data: 1999.





*Cruz do Castrillón*
ou *Cristo da Veiga*.
Bacoi.
Fotos: Isaac Ferreira.
Data: 31-08-2001.





*O Santo Cristo.*
Situación: *O Rego do Cura.*
Bacoi.
Fotos: Isaac Ferreira.
Data: 24-08-2000.



*Cruceiro da Granda.*
Bacoi.
Cronoloxía: 1930.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 24-08-2000.



*Cruceiro de Padriñán.*
Bacoi.
Cronoloxía: 1940.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 30-03-2013.



*Cruceiro do Vilar.*
Bacoi.
Cronoloxía: 19X0 ou 1930.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 24-08-2000.



*Casa Reitoral.*
Bacoi.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 24-08-2000.





*Casa de Esmoriz.*
Bacoi.
Porta alintelada con modillóns
e xanela dunha soa peza, cegada.
Fotos: Isaac Ferreira.
Data: 31-08-2001.




*Escola de Bacoi.*
"Hijos del Valle de Oro".
Cronoloxía: 1930.
Foto: Consello da Cultura.
Facilitouna Ovidio Vila Pernas.
Data: 08-11-2016.

*Budián*

## BUDIÁN

Parroquia do concello do concello do Valadouro, arciprestado do mesmo nome e diocese de Mondoñedo-Ferrol [1].

Coordenadas [2]: Latitude: 43º 33' Lonxitude: 7º 24'

Superficie [3] en Km$^2$: 14,83

Delimitada, ao norte, pola parroquia de Rúa (Cervo); ao sur, polas de Ferreira (O Valadouro), Bacoi (Alfoz) e O Reirado (Alfoz); ao leste, polas de Moucide (O Valadouro) e Santo Acisclo do Valadouro (Foz); e ao oeste, polas de A Laxe (O Valadouro) e Vilacampa (O Valadouro) [4].

Ten 207 habitantes (Homes: 96. Mulleres: 111) [5], distribuídos nas seguintes 27 entidades de poboación: *A Amarela, A Arnela, Budián de Redeiro, O Calvario, Casal de Diego, Os Casás, Centeás, Corveira, Coto da Rega, Escourido, Freitemunde, A Granda, Lobeira, O Machuco, Pena Redonda, Pereiros, O Porto da Vaca, Pradia, O Reguengo, O Requeixo, O Retorno, San Cristovo, A Sara, A Telleira, Trasisto, O Vedreiro, Vilacemil* [6].

Atravesa o termo a estrada LU-162, que vai de Ferreira a Cangas (Foz), e régano tres pequenos regueiros.

Festividades [7]: *As Dolores*, 15 de setembro.
*Santa Eulalia*, 10 de decembro. Titular da parroquia.

[1] *Gran Enciclopedia Gallega*, t. IV, páx. 67.
[2] A. Precedo Ledo-M. Gallego Priego (dirs.), *Mapa de parroquias de Galicia (1:200.000)*, 2001, páx. 133.
[3] A. Precedo Ledo-M. Gallego Priego, op. cit., 2001, páx. 87.
[4] Fonte: elaboración propia, IF, 2000.
[5] Fonte: INE, 01.01.2017.
[6] DOG, núm. 69, 09.04.1992, páx. 3.158. *Nomenclátor de Galicia. Lugo*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2000.
[7] Informante: Xoán Ramón Pérez Blanco, 1983.

## | Toponimia | [1]

*Budián:* nome da parroquia [2].

### Orónimos

*O Pau da Vella* (702 m), *Lapide* (666 m), *Penas Cabaleiras* ou *Chao de Gamoíde* (638 m), *Coto do Acivro* (604 m; flora, lat. AQUIFOLIUM > lat. vulg. **acifoliu* > *acivo*), *Costa Vella* (588 m), *Coto do Castrillón* (297 m) [3].

### Hidrónimos

*Pozo da Onza* (fervenza), *Rego das Hortas* (referencia á flora), *Rego de Valdeinfernos* (afluente do Ouro pola súa marxe esquerda en Bacoi).

### Entidades de poboación

*A Amarela, A Arnela* (precelta; probábel raíz hidronímica: ARN– 'río, corrente de auga'), *Centeás* (flora), *Corveira* (fauna), *Escourido* (relacionado con minerais; do lat. SCORIA 'escoura', residuos de ferro; sulfato de cal), *Freitemunde* (superestrato xermánico), *Lobeira* (fauna), *O Machuco* (tamén relacionado coa industria do ferro, para laminar), *Pradia, o Reguengo* (substrato latino, b. lat. REGALENGU 'que pertence ao patrimonio real', á Coroa), *A Sara* (orixe xermánica), *A Telleira, O Vedreiro, Vilacemil* (composto latino-xermánico) [4].

### Lugares

*O Calvario* (lat. CALVARIUM), *Currás* (na Serra do Buio), *Pena Redonda*, *O Porto da Vaca* [5].

### Topónimos con data documentada

*Budulani* (1124) [6], *Budiani* (1128) [7], *Budilam* (1129), *Budian* (1434, 1448, 1474), *Escoyrido [Escourido]* (1434), *Petroso* (cara ao 1100) *(Pedroso)* [8], *Raulfe* (1129) [9], *S. Christophorus [San Cristovo]* (1128) [10], *Vudia [Budián]* (1486) [11], *Budian* (1488).

No ano 1928, Manuel Amor Meilán cita os seguintes lugares, que xa non figuran no actual Nomenclátor oficial da provincia de Lugo, así como os nomes dalgunhas pontes:

*Aguapedre (Augapedre)* (hidrónimo), *Caldeirón, Calvelo, Carreja (Carrexa), Fondaya (Fondaia), Fraga, Lombo, Pardelas, Rapadoiro, Rigueira* (hidrónimo), *Río* (hidrónimo), *Soutochao*; *A Ponte do Areal* [12].

---

[1] Fonte: elaboración propia, IF, 2000-2014.
[2] *Villa de Butinane.* Documento en latín, sen data (segundo A. Canoura Quintana, cara ao ano 1100). Apeo de servos e posesións do mosteiro de Lourenzá. *Estudios Mindonienses*, núm. 8, 1992, páx. 44.
[3] O Castrillón de Budián. Clave de identificación toponímica: GA.27.063.TOP1. Xacementos inventariados en Patrimonio, Xunta de Galicia, 2014. Listaxe facilitada por Manuel Miranda Ruíz, de Mariña Patrimonio, 17.05.2014 (IF).
[4] Nomenclátor da prov. de Lugo, DOG, núm. 16, 25.01.2000, páx. 1.006. *A Telleira*: GA.27.063.TOP4.
[5] Fonte: elaboración propia, X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, 1999. *Porto*: 'pasantía dun rego; paso de montaña'.
[6] E. Cal Pardo, *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*, 1999, doc. 11, páx. 25.
[7] División de parroquias levada a cabo en tempos de Alfonso VII (1126-1157), privilexio de 1128 confirmado polo rei Fernando II (1156-1188). A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páxs. 51-52.
[8] Documento sen data (cara ao ano 1100). Noticia das vilas que Guterri Osoriz lle deu ao mosteiro de Lourenzá. *Kartula in Mansilani, villa Petroso.* AHN. Clero. Lorenzana. Tumbo 1044 B. Fols. 23v-26v.
[9] Fonte: coleccións diplomáticas, *Estudios Mindonienses*, núm. 3, páxs. 97 e 120; núm. 6, páxs. 363 e 364; núm. 8, páxs. 44 e 238.
[10] E. Cal Pardo, op. cit., 1999.
[11] AGS. Registro General del Sello. V-1486. Fol. 42. A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 52.
[12] M. Amor Meilán, *Geografía del Reino de Galicia. Provincia de Lugo*, 1928, páxs. 549 e 552.

*Século XI*

No Apeo de servos e posesións do mosteiro de Lourenzá, cara ao ano 1100 [1], no apartado 13 C, Noticia das *villas* que Guterri Osoriz (fillo de Osorio Guterriz, o Conde Santo), figura: *Villa de Butinane* (Budián).

"NOTICIA DE VILLAS DE GUTERRI OSORIZ QUE DEDIT MONASTERIO VILLENOUE.
Decem uillas que sunt in Aurio, id sunt: Villa in Sancti Aciscli; Villa de Radulfi [Raúlfe, Santo Acisclo]; Villa Mayorciti; villa in Uillare; Villa de Butinane [Budián]; Villa in Radulfi [Raúlfe, Santo Acisclo]; Villa Mayor; Villa de Ambresco; Villa in Felguosa [Folgosa, Santa Cilla]; Villa de Randanes que dedit domno Manualdit [Manualdo] a Guterri Osoriz" [2].

*Século XII*

No ano 1124 a parroquia pertencía ao bispado de Mondoñedo, sendo raíña Dona Urraca (1109-1126):

O 10 de xullo do ano 1124, Alfonso VII (1126-1157), xunto coa súa nai a raíña dona Urraca (1109-1126), fai unha composición entre o bispo de Mondoñedo don Nuno Afonso (1112-1136) e a súa igrexa, por unha parte, e don Rodrigo Vélaz, Conde de Sarria, pola outra, precisando as parroquias pertencentes a un e ao outro e as relacións co mosteiro de Vilanova de Lourenzá. No ano 1128, morta xa dona Urraca, o rei Alfonso VII estendeu un novo documento aprobando a división realizada anteriormente. Nesta distribución figura *In terra de Aurio post partem sedis... sancta Eolalia de Budulani* e mais a ermida de *sanctus Christophorus* (San Cristovo, hoxe desaparecida) [3].

Aínda así, sabemos, por un documento de data 29 de xaneiro do ano 1129, que o Conde de Sarria, Rodrigo Vélaz tiña posesións na parroquia de Budián:

*Hereditate indiuisa in Budilam ibi dicunt Raulfe [4], de comité domno Roderico et de suos irmanos* [5].

*Século XIV*

*1306-1309: A liorta poder local / señorío real / señorío episcopal*

Pretensións de autonomía local e mesmo de paso ao reguengo [6].

[1] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 51.
[2] AHN. Clero. Lorenzana. Tumbo 1044 B. Fols. 23v-26v. A. Rodríguez González-J. A Rey Caíña, "Tumbo de Lorenzana. Transcripción y estudio", *Estudios Mindonienses*, núm. 8, 1992, doc. 13 C, páx. 44.
[3] E. Cal Pardo, *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*, 1999, doc. 11, páx. 25; e AHN. Sección Clero. Carpeta 1185. Núm. 8. Copia de 21.01.1341. Resúmeo, con algunhas imprecisións nos nomes latinos das parroquias, J. Villa-Amil y Castro, "Pobladores, ciudades, monumentos y caminos antiguos del norte de la provincia de Lugo", Boletín de la Sociedad Geográfica, Madrid, 1878, páxs. 134-135. Tamén J. Martínez Cobo, *El Valle de Oro. Apuntes históricos*, 1912, páx. 19.
[4] Actualmente existe Raúlfe na parroquia de Santo Acisclo do Valadouro. Convén ter en conta que as parroquias de Budián e Santo Acisclo son lindantes.
[5] AHN. Clero. Lorenzana. Tumbo 1044 B. Fols. 129v-130r. A. Rodríguez González-J. A. Rey Caíña, op. cit., 1992, doc. 187, páx. 238.
[6] J. García Oro-Mercedes Vázquez Bertomeu-M.ª del Pilar Rodríguez Suárez, "El obispo Fray Antonio de Guevara y la documentación mindoniense", *Estudios Mindonienses*, núm. 11, 1995, páx. 36, n. 40.

Os veciños do Castrodouro, cos seus alcaldes e xuíz á fronte, pretendían evadirse do señorío episcopal, afirmando que a vila do Castrodouro e o seu alfoz pertenceran sempre ao rei, até que o bispo D. Álvaro Gómez (1286-1297) reclama para si todo o señorío da vila e das freguesías de Budián, Santa Cruz, San Martiño da Veiga [hoxe desaparecida], Recaré, etc. O rei, tras un estudo polo miúdo de todos os feitos históricos e á vista das diversas sentenzas e cartas dadas ao respecto, o 14 [24?] de agosto de 1307, achándose en Burgos, sentenciou que o bispo de Mondoñedo, D. Rodrigo Vázquez (1298-1318), desempeñaba o señorío do Castrodouro e dos termos do seu alfoz, co privilexio de poñer xuíces e alcaldes e facer xustiza [1]. Todo o reflectido polo Rei (D. Fernando IV) no mencionado documento confirmouse solemnemente nas Cortes de Valladolid o 1 de abril do ano seguinte (1308), como pon en evidencia o privilexio rodado dado polo propio rei Fernando e mais pola raíña Dona Constanza, coa confirmación, entre outros, do rei de Granada Mohamed Abenaza, o arcebispo de Santiago e os bispos de León e Lugo [2].

*Século XV*

O Mariscal Pedro Pardo de Cela e o beneficio de Santa Eulalia de Budián.

«Pardo de Cela se comportó ciertamente con dureza rayana en crueldad con los clérigos mindonienses a quienes despojó desaprensivamente de sus beneficios. Un testigo de relevancia, el Bachiller Gonzalo García, nos descubre este comportamiento del Mariscal. Poseía este clérigo el beneficio de Santa Baya de Budián. Un día se ve sorprendido por los peones de Pedro Pardo quienes le conminan a entregar el beneficio con sus frutos, y ante su resistencia, "le prendieron sus peones e levaron preso a poder del dicho Pero Pardo e que le non solto fasta que le dio fianzas e le pago quatro mil maravedis que le levo de rescate". Gonzalo García temió que el golpe no parase en el despojo y trató de ponerse a salvo y "dis que estuvo fuydo por miedo del (Mariscal) tres años fuera del dicho Reyno de Galizia, fasta quel dicho Pero Pardo murió".
El hecho parece haber dejado huella viva en la misma conciencia del Mariscal, ya que en su testamento se cuidó de reparar este desmán, devolviendo el beneficio a su titular y resarciendo al clérigo mindoniense con dos mil maravedíes y pidiéndole perdón» [3].

Organización eclesiástica. O "Deanalgo". Cronoloxía: 19.02.1488.

No ano 1488, conforman o "Deanalgo" 24 parroquias, unha delas é *Budian* [4].

*Século XVI*

En tempos do Bispo de Mondoñedo D. Diego de Soto (1545-1549) eran da Dignidade Episcopal os "yantares [comida á conta dos colonos varias veces no ano] de... Budián..." [5].

A fidalguía no Antigo Réxime. Desempeñadores de oficios liberais.
Os Díaz de Labrada, unha familia de fidalgos.

"Alonso Díaz de Seoane, cabeza del tronco de los Díaz de Labrada (siglo XVI) era escribano de Budián" [6].

Foros. Cronoloxía: 17.06.1562.

---

[1] AHN. Sec. Clero. Carp. 1186, n. 11. Flórez, p. 168; Villa-Amil, fol. 72v; F. Mayán, *Historia de Mondoñedo*, Lugo, 1994, p. 48. E. Cal Pardo, "Episcopologio mindoniense. Baja Edad Media", *Estudios Mindonienses*, núm. 14, 1998, páx. 561 e n. 307. A tradución é nosa.
[2] AHN. Sec. Clero. Carp. 1186, n. 12. Flórez, *ibid*; Villa-Amil, *ibid*. E. Cal Pardo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 14, 1998, páx. 561 e notas 306, 307, 308. A tradución é nosa.
[3] AGS. Registro General del Sello. V-1486. Fol. 42. F. Mayán, *Dos Documentos*, páxs. 31-33. En J. García Oro, *Galicia en la Baja Edad Media. Iglesia, señorío y nobleza*, Edita: Toxosoutos, Noia, 2ª ed. 1999, páx. 184 e n. 5.
[4] ACM. Arm. 8. Doc. 206. Santiago, 19.02.1488. E. Cal Pardo, *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*, 1999, páx. 428.
[5] J. I. Fernández Villalba, *Mondoñedo, regreso al pasado*, 1999, páx. 252. Artigos de Lence-Santar.
[6] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 101.

"En el año 1562, a 17 de junio, [D. Pedro Maldonado, OFM, bispo de Mondoñedo (1559-1566)] otorgó otro foro a favor de Pedro Dorado, vecino de Budián, de los montes y heredades llamados da Sara, sitos en dicha feligresía, por tiempo de tres vidas y canon foral de la 5.ª parte de los frutos cosechados en las tierras mansas y de la 6.ª de las bravas" [1].

## O viño de Landrove (Viveiro). Cronoloxía: 1572.

"Otra prueba de la buena calidad del vino de Landrove la hallamos en otro escrito de 1572, en el que se hace constar que un vecino de Budián tenía que entregar al arcediano de Montenegro Diego Maldonado 6.000 maravedís por dos pipas de vino que le habían sido entregadas en Landrove por Juan Pernas do Barrio [2]. El precio de estas pipas parece excesivo si se tiene en cuenta el consignado en los documentos mencionados anteriormente [documentos non mencionados neste inventario, por non faceren referencia ningunha ao Valadouro]. De tener los 200 azumbres castellanos, le corresponderían a las dos pipas 3.750 maravedís y no los 5.000 que consigna el documento. ¿Se funda la diferencia de precio en la cabida de las pipas o en la calidad del vino?" [3].

## Acordo entre os veciños e o bispo de Mondoñedo. Cronoloxía: 19.12.1590.

«También los vecinos de Budián debían a los prelados un yantar. Se llevó a cabo una investigación sobre el tema y se llegó a la conclusión de que "desde tiempo inmemorial se debía pagar (el yantar)". Pero, en cambio, no existía una opinión común en cuanto a la cuantía que suponía el yantar. Por todo ello se llegó a un acuerdo entre ambas partes. Los vecinos se comprometieron a abonar anualmente al prelado, por la fiesta de S. Juan, la cantidad de 1.330 maravedís. El obispo [D. Isidro Caja de la Jara, bispo de Mondoñedo (1582-1593)] aceptó la propuesta de los vecinos y les extendió el oportuno documento a 19 de diciembre de 1590» [4].

## Foros. Cronoloxía: 06.02.1592.

"El 6 de febrero de 1592 otorgó nuestro prelado [D. Isidro Caja de la Jara, bispo de Mondoñedo (1582-1593)] un foro a favor de Pedro Gutiérrez de Quirós, vecino de Budián, por tiempo de tres vidas, de los montes y heredades llamadas da Sara, sitas en la expresada feligresía. Se fijó el canon foral en la 5.ª parte del producto de las tierras labradías y la 6.ª de las montesías" [5].

## Investigación de casetas, herdades e décimos. Cronoloxía: 09.12.1596-15.02.1597.

"El 9 de diciembre [D. Gonzalo Gutiérrez Mantilla, bispo de Mondoñedo (1595-1599)] mandó realizar una investigación sobre las casetas y heredades de S. Cristóbal, sitas en la parroquia de Budián, y la mitad de los diezmos de la feligresía. Se encomendo la cuestión a un árbitro amigable, que, el 15 de febrero de 1597, dictaminó que al prelado correspondía la mitad de los diezmos de la feligresía" [6].

## Foros. Preito. Cronoloxía: 04.08.1598.

"El 4 de agosto de ese mismo año [1598] el Sr. [D. Gonzalo] Gutiérrez Mantilla [bispo de Mondoñedo (1595-1599)] presidió otro cabildo, en el que puso de manifiesto el pleito que había entablado [en febreiro de 1597] con el regidor Bautista López de Prabeo, por razón de la mitad de los diezmos que correspondían a la dignidad episcopal de todo el pan, trigo, mijo, etc., en la feligresía de Budián. En evitación de mayores gastos, tanto el prelado como el regidor, llegaron a un acuerdo: el regidor pagaría de canon del foro de S. Cristóbal, de dicha feligresía, desde el momento de la fecha, 1.500 maravedís anuales, en vez de los 1.070 que venía pagando. En caso de no pagarlos por tiempo de

[1] AHN. Clero. Libros. Núm. 6371. Fols. 373ss. E. Cal Pardo, "Episcopologio mindoniense. Siglo XVI", *Estudios Mindonienses*, núm. 15, 1999, páx. 215 e n. 379.
[2] ACM. Protocolos, 6. Fol. 99r. E. Cal Pardo, "Parroquias del Ayuntamiento de Viveiro", *Estudios Mindonienses*, núm. 9, 1993, páx. 691, n. 164.
[3] E. Cal Pardo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 9, 1993, páx. 691 e n. 164.
[4] AHN. Clero. Libros. Núm. 6371. Fols. 357-362. E. Cal Pardo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 15, 1999, páx. 257 e n. 556.
[5] AHN. Clero. Libros. Núm. 6371. Fols. 377-378v. E. Cal Pardo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 15, 1999, páxs. 261-262 e n. 575.
[6] AHN. Clero. Libros. Núm. 6371. Fols. 363-365. E. Cal Pardo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 15, 1999, páxs. 283, n. 661.

dos años, perdería todo derecho al foro. Los obispos, a su vez, en adelante, cobrarían la mitad de los diezmos" [1].

Foros. Cronoloxía: 04.08.1598.

"El 4 de agosto de 1598, [D. Gonzalo Gutiérrez Mantilla, bispo de Mondoñedo (1595-1599) concedió] foro al maestrescuela mindoniense Fernán Rodríguez de Prabeo de la casería de S. Cristóbal y mitad de los diezmos de dicha feligresía de Budián. El anterior forero, el regidor Bautista López de Prabeo parece que no admitió la sentencia arbitraria de febrero del año anterior [15.02.1597] que resultó favorable al obispo" [2].

*Século XVII*

Preitos. Cronoloxía: 29.11.1606.

"El 29 de noviembre de 1606 [D. Diego González Samaniego, bispo de Mondoñedo (1599-1611)] volvía a otorgar poder, a una con el alcalde mayor de Mondoñedo Lcdo. Santodomingo, a varios procuradores para un pleito que sostenían sobre el puerto de Santiago de Foz y la terrería de Budián" [3].

Visitas pastorais. Cronoloxía: 12.04.1617.

"[D. Pedro Fernández Zorrilla, bispo de Mondoñedo (1616-1618)] Reanudó la vista [visita] el 7 de abril de 1617, empezando por las tierras del Valle de Oro. La primera parroquia que visitó fue la de San Salvador del Castro de Oro. El 12 de abril visitó las parroquias de Budián y Alaje [A Laxe] y la capilla de Ntra. Señora de Ferreira, pasando seguidamente a San Martín de Mondoñedo y llegando a Benquerencia" [4].

A fidalguía no Antigo Réxime.
Os cargos municipais son unha importante fonte de ingresos para a fidalguía.

"D. Pedro Gutiérrez de Quirós, vecino de Budián, era regidor de Viveiro a mediados del siglo XVII" [5].

O 21 de xullo de 1654, o Bispo de Mondoñedo, D. Francisco Torres de Grijalba (1648-1662), estando en Budián, outorgou escritura con D. Antonio de Andrade y Castro, cura de San Pedro de Loira e o seu anexo,... administrador dos bens do seu irmán D. Diego de Andrade y Castro, fillo lexítimo e morgado que quedara do D. Pedro de Andrade e D.ª Francisca de Figueroa [6].

Preitos. Cronoloxía: 1687.

"Tuvo que proceder nuestro prelado [Fr. Gabriel Remírez de Arellano, OP, bispo de Mondoñedo (1682-1689)] en diversas ocasiones contra clérigos y presbíteros, lo que promovió diversos pleitos. [...] Abundaron más los pleitos en 1687. Se dictaron sentencias contra el cura de Santaballa y contra presbíteros de Riotorto y Budián, por vida no tan santa..." [7].

*Século XVIII*

---

[1] AHN. Protocolos, 21. Fols. 155-157. E. Cal Pardo, *Mondoñedo: catedral, ciudad y obispado en el siglo XVI*, Lugo, 1992, núm. 3229. E. Cal Pardo, "Episcopologio mindoniense. Siglo XVI", *Estudios Mindonienses*, núm. 15, 1999, páx. 277 e n. 639.
[2] AHN. Clero. Libros. Núm. 6371. Fols. 363-374. E. Cal Pardo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 15, 1999, páx. 284.
[3] Protocolos, 27. Fol. 223s; E. Cal Pardo, op. cit., 1992, páx. 114. En E. Cal Pardo, "Episcopologio mindoniense. Siglo XVII", *Estudios Mindonienses*, núm. 16, 2000, páx. 31 e n. 134.
[4] E. Cal Pardo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 16, 2000, páx. 55.
[5] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 102.
[6] J. I. Fernández Villalba, *Mondoñedo, regreso al pasado*, 1999, páx. 233.
[7] ADM. Causas criminales. Legs. 3 y 4. E. Cal Pardo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 16, 2000, páx. 241 e n. 1.244.

Preitos criminais. Cronoloxía: 1701.

"El prelado [D. Manuel Francisco Navarrete Ladrón de Guevara, bispo de Mondoñedo (1699-1705)] y su provisor. [...] promovieron pleitos diversos de índole criminal. [...] En 1701, Mondoñedo, contra Juan Reimúndez, por contrabando de tabaco; Mera (Santa María), contra unos vecinos por no oír Misa los domingos; Couzadoiro, contra un presbítero, por malos tratos; Cordido, contra varios jóvenes, por vida deshonesta. Negradas, por amancebamiento de unos vecinos; contra los curas de Budián y un presbítero de Portocelo, por vida no conforme con su condición; Oirán, contra uno que fue a ordenarse a Lugo sin proclamas. [...]" [1].

En 1718, a parroquia de Santa Eulalia de Budián pertencía á Mitra de Mondoñedo, formando parte da Xurisdición da "Tierrallana del Valle de Oro" [2].

Personaxes. Ángel Castañón y Ayala. Cronoloxía: ss. XVII-XVIII (faleceu en 1732).

D. Ángel Castañón y Ayala, natural de Riotorto, párroco de Budián e A Laxe a comezos do ano 1700, foi o impulsor do mercado semanal dos sábados en Ferreira, arredor da ermida da Nosa Señora. Castañón y Ayala morreu na reitoral de Budián o 10 de marzo de 1732, sendo enterrado na mesma parroquia o día 12 dese mesmo mes.

No templo parroquial de Budián hai unha lápida, ilexíbel, onde, segundo o actual párroco (anos 2000) Xesús Torrado Souto, está enterrado un bispo. Sobre a confirmación da morte deste bispo en Budián non logramos noticia. Sabemos que morreu un bispo no Castro de Ouro, e está enterrado en Madrid, de onde procedía.

Montes de Piedade. Cronoloxía: 1753.

En 1753 existía un monte de piedade de 300 ferrados en Budián [3].

*Século XIX*

Organización eclesiástica. O "Deanato" da Mariña. Cronoloxía: 01.06.1855.

Até o Concordato de 1851, a diocese mindoniense estaba dividida en 12 territorios, en función das diversas dignidades, tanto episcopal como catedralicias, e así as parroquias designábanse e agrupábanse con distintos nomes. Un dos doce territorios era o "Deanato" [4], que incluía a Zona da Montaña: parte da Terra Chá e O Valadouro.
Suprimidas moitas das dignidades capitulares, xurdiu a necesidade dunha nova ordenación do territorio diocesano en arciprestados.
Esta modificación estabeleceuse en virtude do decreto de 27 de abril do ano 1855 e comezou a rexer o 1 de xuño do mesmo ano.
En consecuencia, o bispado estruturouse en 18 arciprestados, un deles foi o "Deanato" da Mariña, que abranguía 26 parroquias (18 matrices e 8 anexas): toda a comarca do Valadouro máis 6 parroquias de Foz e 2 de Mondoñedo.
Unha das 18 parroquias matrices que conformaban o "Deanato" da Mariña era *Santa Eulalia de Budián* [5].

*Séculos XIX e XX*

Personaxes. Cándido Uz Lozano. Cronoloxía: 1899-1996.

---

[1] ADM. Pleitos criminales. Legs. 16-19. E. Cal Pardo, "Episcopologio mindoniense. Siglo XVII", *Estudios Mindonienses*, núm. 16, 2000, páx. 287 e n. 1.496.
[2] J. I. Fernández Villalba, *Mondoñedo, regreso al pasado*, 1999, páx. 223.
[3] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 99.
[4] Territorio baixo a xurisdición dun deán.
[5] Recompilación, tradución e adaptación: IF, 29.11.2001.

Nacido en Budián, era fillo de Antonio Uz Pérez e de Esperanza Lozano Rivas. Emigrou para Cuba con vinte anos, en 1919. Alí traballou como panadeiro; sendo despois propietario fixo fortuna. Foi membro da sociedade "El Valle de Oro" desde o ano 1941, onde chegou a ser vogal da xunta directiva. Casou con Natividad Medina Arroyo e tiveron a Esperanza Uz Medina, nacida na Habana en 1937, que foi presidenta de "El Valle de Oro" até 2017.

«... Cándido Uz [pai de Esperanza Uz Medina]... Naceu na parroquia de Santa Eulalia de Budián (O Valadouro) o 16 de xuño de 1899. Fillo de Antonio Uz Pérez e Esperanza Lozano Rivas. Chegou a Cuba en 1919. Comezou a traballar na panadaría "La Eminencia", situada no barrio de El Pilar, Habana Vieja. O negocio era propiedade de Eugenio Barros, tamén do Valadouro. A finais de 1924 realizou unha viaxe a Galicia para visitar á súa familia. Tras regresar a Cuba seguiu a traballar como panadeiro. En 1936 comprou unha panadaría en Puentes Grandes (A Habana), o negocio levaba por nome "La Primera de Puentes Grandes"; con esta panadaría fixo fortuna, vendendo ás sociedades galegas que celebraban banquetes nos xardíns de "La Tropical" e "La Polar", que estaban moi perto da súa panadaría. Foi membro da sociedade *El Valle de Oro* desde 1941, onde chegou a ocupar o posto de vogal da xunta directiva. Trouxo do Valadouro a seu irmán Aquilino; ora ben, ao enfermar tivo que regresar a Galicia. Tamén trouxo aos seus curmáns Valentín, Josefa e José Dorado Lozano. Casado con Natividad Medina Arroyo. Faleceu o 10 de setembro de 1996» [1].

*Século XX*

Personaxes. Eladio Maseda Orol. Cronoloxía: 1911-1999 [2].

Eladio Maseda, aos trece anos comezou a tocar a caixa na Banda Maneche onde participou entre os anos 1926 e 1948, con intervalos. Sendo mozo, fixo dúo con Felicísimo Canoura (1921-2007), violinista e compositor; creou o Trío Maseda (1934-1937), onde Felicísimo, con trece anos, "rascaba el violín", como el mesmo di. No ano 1939, Eladio fundou o Cuarteto Maseda (acordeón: Eladio Maseda; batería: Manuel Martínez Amor *Manolín* ou *Mingote*; saxo tenor: Pepe Maciñeira; trompeta: José Piñeiro Vivero *O Roquito*). Este cuarteto ía ser o xerme da Orquestra Maseda (1940-1980). Eladio Maseda Orol exerceu o seu maxisterio de acordeonista, como non podía ser menos, tamén en Moucide.

"Eladio Maseda Orol (1911-1999), mestre acordeonista da Mariña [Luguesa] naceu o 6 de Febreiro de 1911 pero, como ocorre na [coa] maioría dos xenios ou persoas de grande transcendencia social, o seu lugar de nacemento é reivindicado por dúas parroquias limítrofes: Budián e Moucide. Investigado o asunto aclaramos que naceu no Calvario, en Budián, e que formaba parte dunha familia numerosa composta polo matrimonio e seis fillos. Seu pai [Antonio Maseda Grandallana], de 29 anos, natural de A Laxe, era fillo de José Maseda, natural de San Pedro de Mor, e de Filomena Grandallana Fraga, natural de A Laxe [28.06.1851]; e súa nai, Consuelo Orol Pedreira, de 26 anos, natural de Budián, era filla de Benigno Orol e de Rosa Pedreira, ámbolos dous de Budián.
Coa aparición do apelido Grandallana na partida de bautismo de Eladio Maseda, grazas ó esforzo e ó traballo sempre encomiable do investigador mindoniense Andrés García Doural,... puidemos aclarar o enigma da orixe das bandas na comarca do Valadouro pois sabendo que foron os Grandallanas os pioneiros musicais destas terras non tiñamos documentos que testemuñasen a súa existencia.
Se por riba engadimos a coincidencia de que os Grandallanas eran bisavós de Eladio por liña paterna, con orixe en San Pedro de Mor, conectamos o ciclo da orixe musical co da figura máis senlleira e deducimos que a sensibilidade e amor pola música mostrados por Eladio Maseda ata puidera ter herdanza xenética.
O feito de nacer preto da casa do acordeonista Daniel Trigo [Hermida, que casou con Dolores Balseiro e foron vivir a Escourido (Budián)] confirmaría a nosa hipótese de contacto musical entre os dous" [3].

"Matilde [Trigo] Balseiro (nacida no ano 1923), de noventa anos de idade despexando a incógnita [di]: –*Meu pai ensinoulle a Eladio Maseda pero o rapaz despois aprendeu moito máis*" [4].

---

[1] P. Viveiro Mogo, "O Valadouro en Cuba: a sociedade *El Valle de Oro* da Habana", *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páx. 630.
[2] Francisco Piñeiro González-M.ª Paz Rodríguez Silva, *Lembranzas musicais do Valadouro*, edita: Asociación Cultural O Mundo de Galea, A Mariña Lucense, xullo de 2013, páx. 63.
[3] F. Piñeiro González-M.ª P. Rodríguez Silva, op. cit., xullo de 2013, páxs. 63-69. Véxase Maseda tamén en: Parroquia → Moucide.
[4] F. Piñeiro González-M.ª P. Rodríguez Silva, op. cit., xullo de 2013, páx. 60.

Organización eclesiástica. O actual Arciprestado do Valadouro. Cronoloxía: 1946.

No ano 1946, a diocese de Mondoñedo está dividida en 27 arciprestados, un deles é o Arciprestado do Valadouro, que abrangue os concellos de Alfoz, O Valadouro e tamén parte do de Mondoñedo.
Compoñen o arciprestado do Valadouro 16 parroquias matrices máis 4 anexas.
Unha das dezaseis parroquias matrices é Santa Eulalia de Budián, que ten como anexa a de Santo Estevo de Moucide [1].

*Séculos XX e XXI*

Personaxes. Esperanza Uz Medina. Cronoloxía: 11.09.1937.

Esperanza Uz Medina, filla de Cándido Uz Lozano, emigrante nacido en Budián [2], e de Natividad Medina Arroyo [3], naceu na Habana o 11 de setembro de 1937, e pasou a formar parte da sociedade "El Valle de Oro" desde 1946, cando tiña só oito anos. A partir de febreiro de 2004 foi presidenta desta sociedade até o ano 2017.

"Aínda que o labor fundamental da sociedade *El Valle de Oro* estendeuse [sic] desde o momento da súa fundación até os anos centrais do século XX, non debemos de pensar que pasados os intres de principal actividade a entidade deixara [sic] de existir ou que mesmo non continúe na actualidade, loxicamente con finalidades diferentes ás que motivaron a súa creación.
É aquí onde debemos de falar da sobranceira figura de Esperanza Uz Medina, verdadeira responsábel da reactivación da sociedade *El Valle de Oro* en pleno século XXI. Naceu na Habana o 11 de setembro de 1937. O seu pai, Cándido Uz Lozano, era natural da parroquia de Budián (O Valadouro). Presidenta desde febreiro de 2004 da sociedade *El Valle de Oro*, entidade á que pertence desde 1946. Tamén pertence, ao igual que toda a súa familia, á sociedade *Hijos del Distrito de Sarria* e á sociedade *Ferrol y su Comarca*. De todas estas sociedades ocupou o posto de vogal. Traballou como contadora e profesora de solfeo [sic] e piano. Impartiu docencia no ensino primario e no ensino especial. Actualmente está xubilada, mais segue axudando a nenos en clases de música. Casada con Antonio Queija González, quen tamén ocupa postos de responsabilidade na dirección da sociedade *El Valle de Oro*. O labor de Esperanza Uz á fronte da sociedade deu como resultado que *El Valle de Oro* sexa na actualidade unha das sociedades con maior número de socios e cunha actividade máis continuada, relativa sobre todo á celebración de festivais en datas sinaladas dirixidos sobre todo aos nenos e aos mozos fillos dos asociados" [4].

Esperanza visitou o Valadouro en 2006; acompañada do historiador Prudencio Viveiro Mogo, estivo concretamente en Budián, na casa onde nacera seu pai, e visitou os seus parentes nesa parroquia; tamén visitaron a casa do Concello, en Ferreira. Outras veces vén a Sarria, onde reside un seu fillo, e pasa algunhas tempadas en Madrid, onde vive a súa outra filla [5].

En xaneiro de 2013 Esperanza Uz Medina é ratificada como presidenta de "El Valle de Oro".

"El pasado 19 de enero la Sociedad gallega 'El Valle de Oro' celebró su Junta General de Asociados y de Elecciones en el salón 'Antonio Cougil Fernández' del antiguo Palacio del Centro Gallego de La Habana, en la que fue ratificada como presidenta de la entidad Esperanza Uz Medina.

[1] J. L. Mínguez Goyanes, "Don Fernando Quiroga Palacios, obispo de Mondoñedo (1946-1949)", *Estudios Mindonienses*, núm. 10, 1994, páx. 125. E. Cal Pardo, "Episcopologio mindoniense", *Estudios Mindonienses*, núm. 10, 1994, páxs. 25-26. F. Monterroso Carril, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XXIX, páx. 214. Tradución e actualización de topónimos: IF, 19.10.2001.
[2] E non en Santa Cruz do Valadouro, como figura en algures. Informante: Prudencio Viveiro Mogo, 13.05.2013.
[3] V. G. / Viveiro, "Val do Ouro mira a la diáspora". *La Voz de Galicia* (A Mariña), 02.04.2005.
[4] P. Viveiro Mogo, "O Valadouro en Cuba: a sociedade *El Valle de Oro* da Habana", *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páxs. 629-630.
[5] Prudencio Viveiro Mogo, 13.05.2013.

Fueron renovados algunos de los cargos de la Junta Directiva con la incorporación de nuevos asociados al Ejecutivo en aras de fortalecer el trabajo de esta sociedad que tiene más de cien años de fundada..." [1].

En 2017, Manuel Álvarez Fuentes (escritor, economista e profesor de lingua galega) sucede na presidencia de "Hijos del Valle de Oro" a Esperanza Uz Medina [2].

[1] M. Barros (Galicia), "La Sociedad gallega El Valle de Oro de La Habana ratifica como presidenta a Esperanza Uz Medina", *Galicia Exterior*, 05.02.2013 (http://www.espanaexterior.com).
[2] M. Fernández, "MEMORIA DE MARIÑÁNS. Solo 3 de las 21 asociaciones de emigrantes que A Mariña tuvo en Cuba sobreviven hoy", *La Voz de Galicia* (A Mariña), 28.05.2017.

## O PAU DA VELLA [1]

Situación: Serra do Buio.
Confluencia dos concellos de Viveiro, Xove, Cervo e O Valadouro.
Parroquia: Budián (ese territorio pertenceu á parroquia de Vilacampa).
Cruz ou estela antropomorfa, moi semellante ás estelas descubertas no interior dalgunhas mámoas [2].
A lenda que reproducimos a seguido ilustra claramente a cristianización de ritos primitivos alí celebrados:

*Algún tempo os curas do Valadouro, de Viveiro, de Cervo e de Xove ían unha vez no ano ao Pau da Vella e xantaban sentados arredor da cruz* [3].

Algo nos aporta sobre a cruz (ou acaso antropomorfo) do Pau da Vella Alfonso R. Castelao no seu celebradísimo estudo das cruces de pedra:

A CRUZ DE PEDRA NA GALIZA

"O episodio, tan coñecido na vida dos pregadores primeiros, de ergueren cruces onde non eisistían eirexas, debeu darse tamén na nosa terra; pero non subsiste cruz algunha que garde esta tradizón nin outras semellantes. ¿Serían de madeira? Afastémonos de suposicións, xa que non hai maneira de encher este oco; pero se alí existiron cruces outas de pedra nos primeiros séculos de cristianismo, ben podemos supor a rudeza da súa feitura ollando un exemplar que se descobreu nos montes lucenses do Buío (Viveiro-Cervo-Alfoz). Trátase dunha cruz outa e plana cos brazos apenas encetados, a semellanza das que antigamente se erguían na Europa Central, se é que non se trata dunha estola [estela] antropomorfa ou *estatua-menhir.* As xentes chámanlle *cruz de pau da vella*, e non se pode duvidar da antiguedade deste pedrón, porque aparesceu soterrado até os brazos nun xacimento de turba, que se formou dispois da súa ereición; e supoñemos que a cruz é máis vella que o xacimento de turba, por ter o fuste chantado verticalmente na terra do fondo. Velahí, tal vez, unha mostra de cruz outa primitiva" [4].

"Trátase dunha cruz de pedra, casi plana, dunha soa peza..., de brazos cortos e apenas encetados, así o evidencian as súas medidas que tomadas dende o chan no que está fincada son de orde de 107 cm de alto e 65 cm de ancho entre os extremos dos brazos horizontais.

... Estamos pois diante dun traballo máis ben tosco e de *feitura ruda* como tamén sinala Castelao, pero que sen dúbida é expresión dos primeiros movementos dunhas creencias que pugnaban por logra-la súa representación perdurable no tempo, o que teñen logrado sobradamente, por máis que o ánimo práctico dos nosos conveciños os teña levado a utilizar a cruz para amarrar nela un alambre de espiño que xa causou desperfectos na súa cabeceira e que de calquera forma é uso impropio para tal *pedra*" [5].

"Cruz de brazos cortos con una envergadura de 65 cm., teniendo de alto 107 cm. La encontramos esculpida en una sola pieza, como la existente en Sto. Tomé, hoy en día destruida, a la que iba asociada una leyenda, o la que existe al lado de la iglesia de O Pereiro" [6].

---

[1] *Pau da Vella* pode ser sinónimo de *Fuso da Bruxa*, que designa en Galiza os menhires. Xesús Pisón.
[2] Véxase a foto da páx. 204 de *O megalitismo*, A. Rodríguez Casal, Biblioteca de Divulgación, núm. 4, 1990.
[3] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, Sada, 2005, conto XXVIII, páx. 23.
[4] Alfonso R. Castelao, *As cruces de pedra na Galiza*, 1984, páx. 48. Edición facsimilar que reproduce fielmente, incluso no seu tamaño, a edición orixinal de 1950, que estivo a cargo de Xosé Núñez Búa, Rodolfo Prada e Luís Seoane.
[5] Sen sinatura. O Valadouro, 29.06.1988. *Programa das Festas do Oito de Setembro*.
[6] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 25.
O apartado acerca do *Pau da Vella* figura, mesmo ampliado e actualizado, no noso libro *Arqueoloxía do Valadouro. Prehistoria*, Isaac Ferreira-Manuel Lourenzo-Xesús Pisón, Lugo, 2010, páxs. 70-72.

*O Pau da Vella, un resto prehistórico do século VII a. C.?*

«... es la estela antropomorfa, lo que sería un resto Pre-romano, ya comentado por Castelao en su libro "Las cruces de piedra en Galicia", mas a la que se le conoce como Cruz del Pau da Vella (s. VII a. C.) por su forma de cruz está clavado en el punto limítrofe de los ayuntamientos de O Valadouro, Cervo, Xove y Viveiro. Habla la Historia que en el medievo los párrocos de las parroquias colindantes se reunían ante ella una vez al año para celebrar rituales religiosos» [1].

*O Pau da Vella e as lindes da xurisdición de Viveiro no século XVI*

*"En Area y San Bartolomeu: penidos de pedra tallada que tienen una crus."*

"31 de mayo de 1550. La comisión se persona en la feligresía de Area y abre el acostumbrado interrogatorio ante los testigos citados. Se trata de comprobar los deslindes entre tres jurisdicciones: la del Vizconde de Altamira, la del Obispado de Mondoñedo y la del Concejo de Viveiro.
Están en pie los *'penidos de pedra tallada que tienen una crus'* que son los de Picouto da Rega, el Penido de Outeiro, la Fuente de Miguel Peres, la Fraga del Penido y la Pena da Trapaza *sobre los cortellos*...

... La jornada fue larga y dio tiempo para una nueva sesión en la feligresía de San Bartolomeu do Monte. Los lindes concejiles eran también claros en esta zona. *Las marcas del conçejo van topar en Piago Mouro e de alli se viene a la Poza da Lagoa e de alli a la Pena das Cancelas... Porto de Obeaçin e por alli rio arriba a la pasada del Rio de San Bartolomeu*. La demarcación colindaba como de costumbre con el señorío episcopal de Mondoñedo.

Otros testigos prosiguen la línea de demarcación en los siguientes términos: *e de alli se baxa al rego de Vastian a dar en el Rio Grande, e de alli va por el Rio Grande arriba a dar a la Laxe de Carreiros, e de alli va a dar al Pao da Vella, e por alli va a dar al Rego de Cedeiras [Cerdeiras] abaxo e ao Campo Redondo, e de alli a la Pena das Layas, e de alli a la cruz de sobre Rioboo, e de alli se baixa al Porto de Salton, e por alli se va a las balsadas de Cajoto*.

Fue el 1 de junio de 1550 la última jornada del recorrido. El notario de número de Viveiro, Alonso de Pedrosa, puso por escrito los incidentes y él nos guía hoy mismo, al igual que otros colegas suyos, en esta exploración del Viveiro rural en el que es posible comprobar muy claramente la importancia ganadera de los montes comunales" [2].

## | Ermidas e igrexas |

### IGREXA DE BUDIÁN *(Santa Eulalia)*

Parroquial. *Sancta Eulalia de Budalani, Budeloni ou Budiani* (1128) [3].
Situación: Estrada LU-162 (Ferreira-O Empalme-Cangas), Km 2.
Cronoloxía: século XVII. Reformada recentemente [4].

Figura como Igrexa de Santa Eulalia no Inventario do Patrimonio Cultural da provincia de Lugo. Histórico-Artístico. Arte: Arquitectura relixiosa [5].

[1] http://www.laspain.com/sitios-de-interes/lugo/o-valadouro/63.html, 06.03.2013.
[2] J. García Oro-M. Romaní, "Viveiro en el siglo XVI", *Estudios Mindonienses*, núm. 5, 1989, páxs. 44-45.
[3] J. Martínez Cobo, *El Valle de Oro. Apuntes históricos*, 1912, páx. 19.
[4] S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, t. I, 1975, páx. 287.
[5] DOG, núm. 133, 12.07.1991. X. Fariña Jamardo, *Os Concellos Galegos*, t. X, 1993, páx. 35.

*Naves*

"Tres naves cubiertas a la misma vertiente con techumbre moderna siguiendo la línea del primitivo artesonado" [1].

*Fachada principal*

Espadana de dous corpos e tres vans.

"Arco adintelado y encima espadaña de dos cuerpos. Puerta de acceso directo al campanario" [2].

*Cruceiro*

"Crucero con cuatro arcos torales y cubierto a las cuatro aguas, brazos del crucero y presbiterio a tres aguas. Techumbre moderna" [3].

*Interior*

"Pavimento de lastras del país. Las naves separadas por tres arcos de medio punto. Las naves laterales se cubren a una sola vertiente y la principal a dos. Junto a la puerta principal, pila de agua bendita, semicircular, de piedra de granito" [4].

*Presbiterio*

Retablo maior.
Cronoloxía: século XX.
Estilo: neorrománico.

"Retablo mayor de principios del presente siglo [XX], estilo neorrománico. Un solo cuerpo. Sagrario con Agnus Dei, encima Niño Jesús de vestir, siglo XVIII, con bola en la mano y sobre el mismo Asunción de la Virgen moderna. A los lados Virgen del Carmen moderna y Santa Eulalia, siglo XVIII, con palomas encima, 0,72.
A los lados del retablo San Isidro Labrador moderno y San Pedro, siglo XVII, con llaves en mano, 0,68" [5].

*Brazo dereito do cruceiro*

Retablo.
Estilo: renacemento, popular.

"Retablo Renacimiento popular jaspeado y dorado, dos cuerpos y rematado con frontón. En el primer cuerpo tres hornacinas con Dolorosa de vestir y a los lados San Roque, popular, 1,10, y San Antonio, popular, 0,80. En el segundo cuerpo, Santo Apóstol, popular, finales del siglo XVII, 0,65. En las cornisas hay cabezas de ángeles y a los lados del segundo cuerpo dos mascarones" [6].

*Brazo esquerdo do cruceiro*

Retablo.
Cronoloxía: século XIX.

---

[1] S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, t. I, 1975, páx. 287.
[2] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. I, 1975, páx. 287.
[3] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. I, 1975, páx. 287.
[4] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. I, 1975, páxs. 287-288.
[5] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. I, 1975, páx. 288.
[6] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. I, 1975, páx. 288.

Estilo: neoclásico.

"Retablo neoclásico, siglo XIX, jaspeado y dorado. En el primer cuerpo Virgen del siglo XVI con Niño en la mano sosteniendo un rosario, 0,80. A los lados San Blas de pontifical, popular, 0,84, y Santa Lucía, popular, en pequeño camarín dorado en que se lee: 'Francisco García de Cela dio esta Santa Lucía en el año de 1724'. Tamaño de Santa Lucía, 0,43; tamaño del camarín, 0,81" [1].

*Baptisterio*

Parede do baptisterio: portiña de madeira, policromada, cunha talla de Cristo Resucitado [2].

"[El bautisterio] es moderno y el muro lleva alacena con puerta con relieve popular de Jesucristo Resucitado" [3].

*Sacristía*

"Sacristía al lado derecho del presbiterio. Otra sacristía se proyectó al lado izquierdo, pero no se llegó a hacer, y puede verse el arco correspondiente en el muro" [4].

"Medio viril de plata sobredorada con cruz, piedras y rayos, finales del siglo XVII, 0,32.
Cáliz, siglo XVII, sobredorado, liso, 0,24.
Cáliz plateresco, siglo XVII, con ángeles en pie y copa, 0,235.
San Sebastián, popular, siglo XVIII, 0,99.
Sobre la cajonería, Cristo, popular, siglo XVIII, 0,80.
Dos floreros blancos de Sargadelos, tipo de dedos.
San Isidro, popular, de besar, 0,27.
San Antonio, popular, de besar, 0,24.
Dolorosa, popular, de besar, 0,23.
Pila de abluciones de piedra de granito empotrada en el muro" [5].

*Imaxes existentes no ano 1999* [6]

| | |
|---|---|
| *Virxe do Rosario* | Cronoloxía: século XVI. |
| *San Brais* | Estilo: popular. |
| *Santo Apóstolo* | Cronoloxía: século XVII.<br>Estilo: popular. |
| *Santa Lucía* | Cronoloxía: 1727.<br>Estilo: popular. |
| *Santo Antonio* | Estilo: popular. |
| *San Sebastián* | Cronoloxía: século XVIII.<br>Estilo: popular. |
| *Santa Eulalia* | Cronoloxía: século XVIII. |
| *San Pedro* | Cronoloxía: século XVII. |

[1] S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, 1975, páx. 288.
[2] Colección gráfica: Xesús Pisón, 1999.
[3] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., 1975, páx. 288.
[4] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., 1975, páx. 287.
[5] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., 1975, páx. 288-289.
[6] Colección gráfica: Xesús Pisón, 1999.

*Cristo crucificado,*
*coa Virxe e San Xoán* Cronoloxía: século XVIII.

## A CAPELA DE SAN CRISTOVO (Restos)

Situación: esta capela encontrábase, co seu cemiterio, no actual lugar de San Cristovo [1].
Cronoloxía: século XII.

Un documento do ano 1124 fálanos da ermida de *Sanctus Christophorus de Moucide*, e pertencía ao bispado de Mondoñedo [2]. Na división por Igrexas que fixo o rei Alfonso VII no ano 1128 menciónase tamén unha ermida: *Sanctus Christophorus* [3].

No século XVIII era propiedade dos Rebellón de Foz [4].

"En el camino de San Ciprián, Sargadelos y aldeas próximas a O Valadouro en la ruta [jacobea] de Mondoñedo se pasaba junto a la iglesia de San Cristóbal (Budián) [5], hoy desaparecida, aunque se conserva el topónimo" [6].

"Esta primitiva división parroquial [privilexio de tempos de Alfonso VII, de 1128] corresponde a las actuales... Budián, donde aparecen incluidas dos ermitas correspondientes la primera a San Cristovo cuyo ámbito de influencia se extendía hasta el río de Rúa y la segunda a San Esteban de Moucide, todas ellas bajo el señorío del obispo" [7].

*Restos da capela*

No ribeiro da estrada hai anacos de tellas.

A espadana, dun só corpo e un van, que foi da Capela de San Cristovo está na igrexa parroquial de Budián, no tellado, sobre a porta da sacristía [8].

O esquilón que foi da Capela do San Cristovo está (a 2001) no cemiterio novo de Moucide, situado no lugar chamado A Rubial [9].

Nunha casa do lugar de San Cristovo encóntrase o pé dunha pía bautismal ou de auga bendita, de pedra, con forma cilíndrica, de algo menos dun metro de altura.

"Xa non queda nada, excepto unha pía da auga bendita e unha santiña da virxen de Fátima [(sic]" [10].

"… Según dicía miña avoa, ela recordaba a capela pero xa mui deteriorada" [11].

En Ferreira, na Avenida da Veiga, houbo unha pía bautismal ou de auga bendita, tamén de pedra e con forma cilíndrica, que puido proceder da capela de San Cristovo (Budián).

---

[1] Entre a casa de Benxamín Fernández Lamelas (o pai de Teresa Fernández Fdez., falecido despois de 2016) e a de Xaime Fernández Otero (falecido despois do 2000). Visita: Xesús Pisón, 31.08.2000.
[2] E. Cal Pardo, *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*, 1999, doc. 11, páx. 25.
[3] J. Martínez Cobo, *El Valle de Oro. Apuntes históricos*, 1912, páx. 19.
[4] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 103.
[5] P. H. Flórez, *España Sagrada*, t. XLI, Ap.
[6] F. Monterroso Carril, "El Valle del Ouro y la ruta jacobea", *El Progreso* (A Mariña), 20.03.1992, páx. 16.
[7] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 52.
[8] Colección fotográfica: IF, 13.08.1999 e 01.09.2000.
[9] Colección gráfica: Xesús Pisón, 1999.
[10] Informante: Teresa Fernández Fernández, Facebook: "Eres de Ferreira do Valadouro si...", o 03.07.2016. (IF).
[11] Informante: Teresa Fernández Fernández, Facebook, "Eres de Ferreira do Valadouro si...", o 05.07.2016. (IF). Visita a Teresa e Benxamín: César Mogo Zaro, Xesús Pisón, Isaac Ferreira,..., 18.07.2016.

Un santo ou santa, representando a San Cristovo ou a Santa Eulalia, que fora da capela vendeuse hai pouco tempo.

«A información que eu che din é a que escoito dicirlle a meu pai [Benjamín Fernández Lamelas] e mais a miña avoa; ela contaba sempre: "era a única igrexa que había"; incluso dicía que aquí viñan a enterrar a xente de Rúa (Cervo), os que vivían ao lado do río hacia aquí, e que viñan andando cos mortos dende alí.
Aquí tiñan cemiterio.
Eu recordo unhas santas grandes que tiña unha veciña no faiado da casa; eu tíñalles medo pois unha tiña o manto negro. Esas parece que logo as vendeu, eu só teño unha pequeniña da Virxen de Fátima.
… Sei que meu primo, cando arreglou a casa que tiñan aquí, sacou as pías de auga bendita… E incluso nunha parede dunhas cuadras que fixeran meus pais hai unha pedra da capela» [1].

"… Según dicía miña avoa, ela recordaba a capela pero xa mui deteriorada" [2].

[1] Informante: Teresa Fernández Fernández, Facebook, "Eres de Ferreira do Valadouro si...", o 04.07.2016. (IF).
[2] Informante: Teresa Fernández Fernández, Facebook, "Eres de Ferreira do Valadouro si...", o 05.07.2016. (IF).

"No concello de O Valadouro, despois de facer andainas o ano pasado [2013] polo concello de Alfoz, achei, ben informado por personalidades de señoría e sabedoría, unha morea de Cruceiros, Cristo[s], Cruces, Viacrucis,... que os amantes desta arte queremos deixar como legado escrito na prensa, libro, congreso, rúa,... poñendo como testemuña aos nosos fillos, netos, bisnetos e a todos os amantes da meirande obra de arte dos nosos pedreiros. Aquelas persoas, coñecidas como canteiros, que viron a luz neste Concello, transmitiron ás xeracións vindeiras as súas crenzas, amor no traballo e, que sen ir á escola ou á universidade, foron creadores dunha arte que fai o encanto das corredoiras" [2].

«Prometín falar destas persoas, chamando a cada unha polo seu nome, para deixar impreso no devir do tempo o fermoso e dadivoso traballo que nos deixaron. Estoume referindo ao señor Abel de Esqueira, aínda coxo, soubo deixar o seu pensamento reflectido no Viacrucis de Santo [sic] Tomé e outras moitas cruces. Do mesmo xeito podemos falar de Xosé María "O Torno" de Santa Cruz que nos legou obras de arte no Cadramón (Cristo de A Laxe) e o Cruceiro da Torre (Santa Cruz); os canteiros de Román, "Os Carboeiras", que sen deixar esquecida a Terra Chá levaron o seu traballo ao adro da igrexa do Cadramón (Cruceiro da Fonte da Vila), a Santa Cruz (Cruceiro de Cendemil) e a Vilacampa, onde traballaron a pedra con moito saber (Cruceiro do Chao). Do mesmo xeito podemos falar de Nicanor de Santa Cruz, de Mario de Galdo de Viveiro, de Angelito de Navallos e de outros moitos que, sen lembrar, non quedan no esquecemento» [3].

"Quixen que este traballo que perante trinta días por este Concello faga berce no vindeiro Congreso da Asociación de Amigos dos Cruceiros, Cruces de Pedra e Petos de Ánimas que presentamos no Pazo de Tor, en Monforte, perante os días 15 e 16 do mes de novembro [de 2014]" [4].

"Do mesmo xeito quero deixar lembranza de moita xente do concello de O Valadouro que, coa súa axuda, fun quen de chegar aos lugares máis fermosos da Mariña Central. Estou a falar da Serra do Buio, alí onde se xuntan os concellos de Xove, Viveiro, Cervo e O Valadouro. Contan as lendas que, alí mesmo, onde estivo Castelao e despois eu mesmo, ao carón da Cruz do Pau da Vella, xantaban unha vez ao ano os alcaldes destes catro concellos e nalgunha ocasión os cregos tamén" [5].

## CRUCEIRO DE ESCOURIDO

Situación: Escourido.
Diante da Casa do Mestre de Escourido.
Cronoloxía: 1892-1968.
Descrición: base circular de pedra; puido soster un cruceiro máis antigo. Esta pedra anteriormente estaba situada noutro lugar, tamén fronte á casa.
Fuste e cruz de cemento. Cristo de bronce.
Comentario: o conxunto amosa pouco valor, agás a pedra circular da base [6].

"Forma parte do grupo de Cruceiros datados nos séculos XVIII, XIX e XX.
Está situado no lugar de Escourido dentro dunha propiedade privada. Foi feito en dúas etapas, unha no ano 1892 e outra no 1968. O canteiro da última etapa foi Manuel García, veciño do lugar, que foi quen colocou a cruz" [7].

[1] Mario Saavedra Pérez, *Cruceiros, cristos, cruces, viacrucis e esmoleiros no concello do Valadouro*, 2014, Publicado nas Actas do VI Congreso galego de cruceiros, Asociación de Amigos dos cruceiros, cruces de pedra e petos de ánimas. Pazo de Tor (Monforte de Lemos), 15 e 16 de novembro de 2014, páx. 91-113. Recollido en www.mesondoforno.com, 07.12.2015.
[2] Mario Saavedra Pérez, op. cit., Pazo de Tor (Monforte de Lemos), 2014, páx. 91-113. Recollido en www.mesondoforno.com, 07.12.2015.
[3] M. Saavedra Pérez, op. cit., 2014, www.mesondoforno.com, 07.12.2015.
[4] M. Saavedra Pérez, op. cit., 2014, www.mesondoforno.com, 07.12.2015.
[5] M. Saavedra Pérez, op. cit., 2014, www.mesondoforno.com, 07.12.2015.
[6] Visita e fotografías: M. Lourenzo, X. Pisón, I. Ferreira, Xoán Carlos Lorenzo Basanta; 27.08.2001.
[7] M. Saavedra Pérez, op. cit., 2014, www.mesondoforno.com, 07.12.2015.

## CRUCEIRO DA IGREXA (ou CRUCEIRO DE PEDRO SOUTO)

Situación: pista que baixa para a igrexa parroquial.
Estrada LU-162 (Ferreira-O Empalme-Cangas), Km 2.
Cronoloxía: 19X4 → 1924.
Con lenda pintada en letra branca, de difícil lectura.
Descrición: catro bases cilíndricas. Tramo inferior do fuste (duns 40 cm) do primitivo cruceiro. O resto do fuste é posterior. Cruz recentísima [1].

"Localizamos este cruceiro ao carón da estrada á igrexa de Budián. Foi colocado por unha familia desta parroquia por razóns de devoción, segundo informa a dona de Pedro Souto, que foi quen pagou o cruceiro aos canteiros de Vilacampa. Está datado no ano 1924 segundo consta na base. A plataforma é semellante á dos cruceiros de Alfoz formando un círculo en tres gradas" [2].

## A CRUZ DO VEDREIRO

Situación: O Cristo-O Vedreiro.
Estrada do Calvario ao Vilar.
Cronoloxía: século XIX.
Descrición: catro pedras rústicas.
Historia: en memoria dun home que morrera na casa do Vedreiro, situada nun rueiro próximo á cruz [3].

"En Santa Eulalia de Budián, entre outras cruces desaparecidas [?], achamos esta do Vedreiro feita con refugallo doutras. Está situada na estrada do Calvario ao Vilar, á man dereita. Estaba no medio do Camiño Real, con paso a ambos lados, e foi cambiada polo arranxo da estrada por Claudio Legaspi de Moucide e outros obreiros. Ten como base a moa dun muíño e unha cruz moi rústica. Foi colocada en lembranza da morte dun home do Vedreiro e despois serviu de lugar de enterramento de nenos sen bautizar. Segundo os veciños, data de finais do século XIX" [4].

[1] Visita e fotografías: IF, 01.09.2000.
[2] M. Saavedra Pérez, *Cruceiros, cristos, cruces, viacrucis e esmoleiros no concello do Valadouro*, 2014, www.mesondoforno.com, 07.12.2015.
[3] Visita: Alfonso Pérez Blanco e I. Ferreira; 01.09.2000. Colección fotográfica: IF, 01.09.2000.
[4] M. Saavedra Pérez, op. cit., 2014, www.mesondoforno.com, 07.12.2015.

## .| Casas Grandes |

### A CASA DE FREITEMUNDE

Situación: Freitemunde.
En tempos tiña escudo de armas.

"Otras familias fueron las de... los Castro Osorio de Budián" [1].

### A CASA DE SOUTO CHAO (ou de REMEDIOS PARDO)

Situación: Souto Chao.
Estrada do Calvario ao Vilar. A 500 metros do Calvario, indo para O Vilar (Bacoi).
Patín e dúas portas en arco de medio punto.
En tempos tiña escudo de armas.
Cabozo de dúas cepas, situado na eira [2].

"También destacan otras Casas Grandes situadas en diferentes parroquias: ... la que se le conoce como la Casa de Remedios Pardo, ubicada en el Souto do Chao [Souto Chao] de Budián, es posiblemente de origen tardomedieval o renacentista. Dos puertas con arco de medio punto –seguramente fabricadas con piezas reaprovechadas– llevan a pensar eso, la moldura que remata la fachada cuando contacta con el tejado lleva al mismo pensamiento. Posee además un escudo [na nosa visita do ano 2000 non llo encontramos] y en la finca tiene un cabozo y un lagar de vino;..." [3].

### A CASA DO VEDREIRO

Situación: O Vedreiro.
Desaparecida.
Restan en pé as dúas casas de ambos os lados.
Presentaba escudo de armas, depositado actualmente na Finca Galea.

## | Escudos de armas |

Situación orixinaria: O Vedreiro.
Da que fora a Casa do Vedreiro.
Este escudo está actualmente na Finca Galea [4].

Situación: Freitemunde.
Desaparecido.

---

[1] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 132.
[2] Visita: Alfonso Pérez Blanco e I. Ferreira; 01.09.2000. Colección fotográfica: IF, 01.09.2000.
Era caseiro Euloxio Cabanela Pérez. Comprouna Antonio Mandiá Prieto. Informante: Arturo Blanco Orol; 06.09.2000. Os Pardo Montenegro, de Mondoñedo, compraron moitos bens cando a Desamortización de Mendizábal.
[3] http://www.laspain.com/sitios-de-interes/lugo/o-valadouro/63.html, 06.03.2013.
[4] D. Sánchez Orol, 06.12.1999.

## | Outras casas de interese |

### A CASA DO MESTRE DE ESCOURIDO [1]

Situación: Escourido [2].
Columna cilíndrica, ao pé dun rego canalizado con pedras, na horta.
A columna está construída con pedras e barro. Altura: 3 metros.
Está rematada cunha pedra redonda, e outra enriba desta, formando unha especie de sombreiro. Puido soster unha estrutura cara ao lado máis baixo do lugar.
A columna e a canalización puideron estar relacionadas cun antigo taller de ferreiro [3].
Había fundición. Hoxe aínda quedan pedras de escoura de gran tamaño [4].
Cruceiro.
Cabozo de tres cepas, en bon estado.
Muros de planta do que foi un lagar.

*Acerca da columna cilíndrica*

"Pues nadie supo decir con exactitud [de que se trata], hay muchas interpretaciones... y, por desgracia, la última tala lo derrumbó" [5].

### A CASA DE XULIA [6]

Situación: Vilacemil.
Cronoloxía: 10.03.1601.
Ten unha pedra cun gravado que di: [año] 1601 Dº [décimo, mes de] marzo [7].
Suponse que fai referencia á data en que se acabou de construír.

---

[1] Manuel Díaz Freire, coñecido como O Mestre de Escourido, debeu ser, en rigor, o que se chamaba un escolante, que se dedicaba ao ensino aínda que non tivese titulación de mestre, cousa que permitía a lei no seu tempo. O certo é que facía escola, e cando faleceu, como recoñecemento póstumo dos seus servizos, pasáronlle unha pensión a algunha das fillas. Manuel estaba casado con Xosefa Canoura Pena. Informante: Milagros Canoura López, 22.08.2013 (IF).
Manuel e Josefa tiveron seis fillos: Aurita Díaz Canoura (casada con Julio Fernández López), Pepita, *Lolé*, *Lele* (Eulalia), Eduardo e *Tinín*, todos eles coñecidos como "de Lobeira". Estes Lobeiras son tamén Canouras e están emparentados cos Lobeiras de Cendemil (por seren Canouras: Ramón e Pepe Canoura Cerdeiras) e cos Díaz Cerdeiras (por Díaz: Celestino, o mestre de Ferreira, Pepe, Piedade, Asteria e Josefa [*Xefa*]).
A casa do Mestre de Escourido era propiedade das súas fillas Aurita e *Lele* [Eulalia] Díaz Canoura. Actualmente, a casa (cando menos a parte que herdou de súa nai) é propiedade de Julio Fernández Díaz (*Julito*, casado con M.ª Antonia Gallardo Carmona, *Toñi*), fillo de Julio e de Aurita (falecidos) e neto do Mestre de Escourido. Informante: Julio Fernández Gallardo, bisneto do Mestre de Escourido, 08.08.2013 (IF). Nota: desafortunadamente, Julio Fernández Díaz (*Julito*) faleceu o martes, 23.04.2016 (IF).
[2] Escourido: nome que nos indica unha zona onde se traballaba o ferro.
[3] Abel Vigo García, *Aportacións sobre o Valadouro*, agosto de 2002, (inédito), páx. 13.
[4] Visita e fotografías: M. Lourenzo, X. Pisón, I. Ferreira, Xoán Carlos Lorenzo Basanta; 27.08.2001.
[5] Informante: Julio Fernández [Carmona] (fillo dos propietarios), no grupo de Facebook: "Eres de Ferreira do Valadouro si...", o 11.07.2016. (IF).
[6] A fotografía coa pedra gravada publicouna Daniel Moreno o 04.05.2016, ás 22:30 horas, no grupo de Facebook: "Eres de Ferreira do Valadouro si..." (IF).
[7] O día seguinte, 05.05.2016, Fernando Orol Díaz, sobriño de Xulia, transcribe o significado da atractiva e orixinal gravura: "La casa de mi tía Julia, año 1601 décimo mes de marzo". (IF).

## Outros lugares de interese

### O LUGAR DO MACHUCO

Fai referencia a un mazo de ferrería, mostra evidente da importancia do ferro en épocas antigas [1].

### O LAGAR DE ESCOURIDO

Situación: Escourido.
Contorno da Casa do Mestre de Escourido.
Muros da planta. En ruínas.
As escrituras confirman que existían viñas neste lugar [2].

## Fontes

### A FONTE DO RAPADOIRO

Situación: arriba do Pozo da Onza.
Augas minero-medicinais, con ferro e sulfuradas [3]. Actualmente tapada por mor dunha obra.

[1] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 96.
[2] Visita: M. Lourenzo, X. Pisón, I. Ferreira, Xoán Carlos Lorenzo Basanta; 27.08.2001.
[3] Moi recomendadas no primeiro terzo do século XX, sobre todo polo médico don Atilano Basanta Santomé, da Casa de Basanta de Adelán, que dicía delas seren tan boas como as de San Cosme, moi de moda por aquel tempo. Dolores Sánchez Orol, *Villa de Ferreira (1894-1994)*, 1994, páx. 32.

## A Pena Redonda

"En esta parroquia de Budián, hay un enorme peñasco de forma circular [sic] del cual decían los antiguos que había sido traído hasta allí, no se sabe desde donde, por una viejecita portándola [sic] en su cabeza, y al mismo tiempo que venía caminando y cargando con ella, venía hilando con una rueca y un huso.
Este peñasco tiene un hueco en el medio que, cuentan, es el sitio de la cabeza de la viejecita que la transportó" [1].

## O Pau da Vella

Algún tempo os curas do Valadouro, de Viveiro, de Cervo e de Xove ían unha vez no ano ao Pau da Vella e xantaban sentados arredor da cruz [2].

## O reparto das moscas no Pau da Vella

A Noite de San Xoán ían dous homes de cada parroquia ao Pau da Vella para o reparto das moscas, e todos os anos había reña cos de Budián, pois estes só querían tabaos [3].

## O Calvario

No mundo hai moitos Calvarios, mais o verdadeiro é o de Budián. Disque a Cristo o mataron alí. Noso Señor tiña un burro coas ferraduras postas ao revés, e no canto de botar para Mondoñedo, veuse para Budián [4].

## A anana do Pozo da Onza

"En San Cristobo de Budián me contaron la historia del pozo Da Onza a orillas del río de Valdeinfernos, donde habita el encanto. Una mujer camino del mercado de Ferreira contempla una dama pequeñita y hermosa, de cabellos de oro, que con un peiteeiro (peineta) se alisa el cabello. La mujer enamorada de aquella joya se la pide prestada a la dama con la condición de que al volver le cuide los polluelos de su corral, la buena de la mujer nunca volvió, la dama sólo se dedicó a gritar el resto de sus días *Devólveme os peiteeiros*..." [5].

## O Pozo da Onza

No Pozo da Onza, en Budián, caeu un home con dous bois e un carro e ninguén soubo máis deles [6].

---

[1] D. Sánchez Orol, *Villa de Ferreira (1894-1994)*, 1994, páx. 57. Tamén figura en A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 37. E mais en X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, 1998, conto CXIII, páx. 93. Versión de 2005, conto CLVI, páx. 109.
[2] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto XXVIII, páx. 23.
[3] Contador: Xosé Lorenzo Prieto, *Piribí*, 22.06.2001; a *Piribí* contárallo Ramón Acevedo Pena, do Reirado, (casado con Esperanza Cerdeiras), pai de Vera, Amelia e Exidia Acevedo Cerdeiras (IF).
X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCXXXVI, páx. 137.
[4] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto V, páx. 17.
[5] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 38.
[6] *Códice de soños*, IES Monte Castelo (Burela), 2001, páx. 23.

## A xiganta de Vilacemil

Un rapaz de Vilacemil viña unha noite de traballar cando lle saíu ao camiño unha muller  moi alta que lle deu unha peza de roupa negra. O rapaz foise agrimado, e ao chegar á casa atopou a mai morta [1].

## O vedoiro de Vilacemil

Unha noite voltaban dous homes para Vilacemil, e niso dixo un deles:
—Aparta, deixa pasar.
—O que? —repuxo o outro, non vendo ninguén.
—O enterro de Modesta.
—Boh! Seica tes gana de lerias?
—Non son lerias, Manuel, que eu vexo os enterros.
—Que has ver, home! Tira para diante, que é noite.
Entón o outro díxolle:
—Ti queres velo?
—Quero.
—Pois daca a mao.
Manuel deulle a mao e entón viu pasar o enterro da veciña. O pobre tomou tanto medo que non falou palabra en todo o camiño. E cando chegaron a Vilacemil dixéronlles que Modesta acababa de morrer [2].

[1] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, 2005, conto CCLIII, páx. 147.
[2] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCCV, páxs. 165-166.





*Igrexa parroquial.*
Budián.
Cronoloxía: século XVII.
A espadana lateral procede
da capela de San Cristovo (1124).
Fotos: Isaac Ferreira.
Datas: 01-09-2000 e 13-08-1999.



*Cruceiro da Igrexa*
*ou de Pedro Souto.*
Budián.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 01-09-2000.



*Cruceiro de Escourido.*
Budián.
Cronoloxía: s. XX.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 27-08-2001.



*Cruz do Vedreiro.*
Budián.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 01-09-2000.



*Casa de Souto Chao.*
Budián.



*Casa do Mestre de Escourido.*
Budián.
Columna cilíndrica.
Fotos: Isaac Ferreira.
Datas: 27-05-2001 e 27-08-2001.

*O Cadramón*

## O CADRAMÓN

Parroquia do concello do Valadouro, arciprestado do mesmo nome e diocese de Mondoñedo-Ferrol [1].

Coordenadas [2]: Latitude: 43º 29' Lonxitude: 7º 29'

Superficie [3] en Km$^2$: 32,77

Delimitada, ao norte, pola parroquia de Frexulfe (O Valadouro); ao sur, polas de Montouto (Abadín) e O Pereiro (Alfoz);ao leste, polas de Frexulfe (O Valadouro) e O Pereiro (Alfoz); e ao oeste, pola de Silán (Muras) [4].

Ten 137 habitantes (Homes: 61. Mulleres: 76) [5], distribuídos nas 23 entidades de poboación de: *A Abelleira, O Albardo, Andamil, A Balsa, Bustomeao, O Campo, As Cancelas, Chocha, Cortegaza, Corvelle, O Esteleiro, Ferrocente, As Folgueiras, A Fonte da Vila, A Liñarega, O Loureiro, A Muxueira, Pereira, O Porto do Río, Rego Cavado, As Rozadas, O Tituelo, As Veigas* [6].

Situada nas terras máis altas do Valadouro, encravada na Serra do Xistral, que ten no Coto do Cadramón a súa máxima altura (1.056 m).

Cruza a parroquia a estrada que parte de Ferreira CP-0101 (Ferreira-O Cadramón-Abadín, en obras de melloramento desde o verán de 2013 [7]), vila e capital do concello, e báñana os ríos Furna (afluente do Ouro < Douro, nas proximidades do lugar de Esteleiro) e Ouro [< Douro] (este nace na vertente oriental da Serra do Xistral, na ladeira leste do pico do Cadramón, a uns 720 m de altitude, e salva unha distancia de 30 Km até a súa desembocadura na ría de Fazouro, en Foz), e tamén o regueiro chamado O Porto do Río (xa unido co da Fraga das Lerias, é afluente do Ouro [< Douro] perto da Cova do Baratón) .

Nos lugares da Balsa e O Campo áchanse as capelas de San Isidro, ruinosa, e Santa Filomena.

Festividades [8]: *San Xurxo*, 23 de abril. Titular da parroquia.
*Santo Isidro*, 15 de maio.
*Santa Filomena*, 12 de agosto (celébrase o 1º domingo de xuño).
*San Cosme*, 27 de setembro.

Antigamente (s. XX) celebrábanse as seguintes festividades:

Na igrexa parroquial: o San Xurxo, o 23 de abril.
Na capela de Santa Filomena: a Santa Filomena, o primeiro domingo de xuño.
Na capela de San Isidro: O San Isidro e o San Cosme, este último o día 27 de setembro.
Hoxe en día celébranse xuntas tres festividades na parroquia: o San Xurxo, a Santa Filomena e o San Cosme, o día 26 de setembro, día de San Cosme e San Damián (aínda que algúns anos se teñen celebrado no mes de outubro) [9].

---

[1] *Gran Enciclopedia Gallega*, t. IV, páx. 140.
[2] A. Precedo Ledo-M. Gallego Priego, *Mapa de parroquias de Galicia (1:200.000)*, 2001, páx. 134.
[3] A. Precedo Ledo-M. Gallego Priego, op. cit., 2001, páx. 87.
[4] Fonte: elaboración propia, IF, 2000.
[5] Fonte: INE, 01.01.2017.
[6] DOG, núm. 69, 09.04.1992, páxs. 3.158 e 3.159. *Nomenclátor de Galicia. Lugo*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2000.
[7] I. E. (O Valadouro / La Voz) (2013). "La Diputación inicia las obras en la vía que une Abadín y O Valadouro". *La Voz de Galicia* (A Mariña), 24.08.2013, páx. 4.
[8] Informante: Xoán Ramón Pérez Blanco, 1983. Coa reforma do calendario litúrxico de 1969 pasou ao 26 de setembro, X. Ferro Ruibal-A. I. Boullón Agrelo-X. M. García Álvarez-X. M. Lema Suárez-F. R. Tato Plaza, *Diccionario dos nomes galegos*, Ir Indo Edicións, Vigo, 1992, 1ª reimpr.: 1998, páx. 211.
[9] Informante: Ermitas Cao Vázquez (natural do Cadramón), Ferreira; agosto de 2000.

## | Toponimia | [1]

*O Cadramón:* nome da parroquia; orixe céltica, CADR– 'branco, claro, puro limpo'; MOND 'o mundo, o ceo, o firmamento'.

### Orónimos

*Serra do Xistral* (LIC) (Serra do vento Norte; prerromano *Xistral* 'vento do norte ou nordés, o que vén pola esquerda') [2]*; Coto do Cadramón* (1.056 m), *O Pico Verde* ou *O Cochón* (1.041 m), *Alto da Pena da Cadela* (1.028 m, TV), *O Seixo Branco* (1.022 m) [3], *Lombo Cativo* (1.012 m), *Coto da Lagoa* (999 m), *A Pena do Seixo* (925 m).

### Hidrónimos

*O Cachón ou Fervenza do Boival ou Boibal* (abaixo das Rozadas e arriba da Balsa) [4]*, Río Ouro ou Douro* [5]*, Río da Furna* (despois Río Ouro)*, Rego das Caburnas, Rego das Cancelas, Rego de Corvelle, Rego de Fontao* (baixa ao Pozo da Furna), *Rego da Fraga das Lerias, Rego dos Piagos* [6]*, Rego da Poltra* (a 1.032 metros ten un repetidor de TVE)*, Rego do Porto do Río*.

### Entidades de poboación

*A Abelleira* (flora; do lat. APICULA > *abec'la* > *abella*), *O Albardo* (ALB– 'monte'), *A Balsa* (da voz prerromana *balsa* 'sitio ou valgada encharcada') [7]*, Bustomeao* (de BUSTU MEDIANU 'extensión de terra destinada a pasto de gando') [8]*, Cortegaza* (de *corte* 'lugar pechado, cercado')*, Corvelle* (fauna; de 'corvo'), *Chocha, O Esteleiro, Ferrocente* (de 'ferro')*, As Folgueiras* (flora), *A Liñarega* (flora; do lat. LINU 'liño'), *A Muxueira*.

### Lugares

*Andamil* (composto latino-xermánico), *A Cabana da Mouriña*, *A Caseta da Granda do Marco* (arriba de Ferrocente) [9]*, Os Degrosiños*, *O Forno de don Juan* [10], *A Fraga da Moradoira* ou *Amoradoira*, *Pena Mosqueira*, *O Porto da Andrea*, *O Pozo dos Encantos*, *Xan Pícara* [11].

### Topónimos con data documentada

*[Serra de] Quadramon* (922) [12], *Sancti Georgii de Quadromon* (1100) parroquia [13], *Sant Jurjo de Cadramon* (1488) [14].

No ano 1928, Manuel Amor Meilán cita os seguintes lugares, que xa non figuran no actual Nomenclátor oficial da provincia de Lugo, así como o nome dalgunhas pontes:

*Felfa; A Ponte de Ferradás* [15].

---

[1] Fonte: elaboración propia, IF, 2000-2014.
[2] Así como nós temos por referencia o Norte, os celtas tiñan por referencia o Leste. Mirado deste xeito, o Norte queda á man esquerda, e o Sur á man dereita. H. Martínez Estévez, "Nomes de povos pré-romanos", *Estudios Mindonienses*, núm. 10, 1994, páxs. 457-459.
[3] No *Seixo Branco* confluén tres concellos: Abadín, Muras e O Valadouro. IGN, 1ª Edición 2003.
[4] Tamén existen *A Cova, As Penas, As Penas Pequenas* (*do Boival*) [no Rego de Corvelle]. XP, 2014.
[5] Lugar de Importancia Comunitaria (LIC). Incluído na Rede Natura 2000.
[6] Dos *regos das Caburnas*, *de Fontao* e dos *Piagos* informounos Xosé Cao García, 06.09.2000.
[7] F. Cabeza Quiles, *Os nomes de lugar*, 1992, páx. 56
[8] F. Cabeza Quiles, op. cit., 1992, páx. 83.
[9] Informante: Xosé Cao García, 13.09.2001.
[10] Informante: Francisco Fernández Martínez, *Paco do Cadramón*, 14.09.1999.
[11] Fonte: elaboración propia, X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, 1999.
[12] E. Cal Pardo, *Colección diplomática medieval do Arquivo da C...*, 1999, doc. 5, 18.05.922, páx. 16. A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 47, n. 16. Privilexio de Ordoño II, doazón feita en Labrada.
[13] Fonte: colección diplomática, *Estudios Mindonienses*, núm. 8, 1992, doc. 206, páx. 257.
[14] ACM. Arm. 8. Doc. 206. Santiago, 19.02.1488. E. Cal Pardo, op. cit., 1999, páx. 429.
[15] M. Amor Meilán, *Geografía del Reino de Galicia. Provincia de Lugo*, 1928, páx. 549.

*Séculos III e IV*

*Moedas romanas*

No lugar que lle corresponde, dentro do apartado que describe o patrimonio desta parroquia do Cadramón, informamos acerca de todo o recollido por nós no referente a estas moedas da época romana.

*Século X*

Nun documento do ano 922 menciónase a *Serra de Quadramon* [1].

*Século XI*

Preitos. Cronoloxía: 01.05.1100.

Nun litixio entre o abade de Lourenzá e outros 1100, menciónase *Sancti Georgii de Quadromon*.

"Inter homines de Sancti Jacobi de Adelan et de Autan [Oirán] et inter homines de Masma qui sedebant im Padrinam et in hereditate de filiis bene natorum, facta est rixa [2] super diuisiones moncium et super... Et super hos deuenerunt in concilium in presencia episcopus domni Gundisalui et comitis domni Vele Sancti Georgii de Quadromon et elegerunt bonos et legittimos uiros ut diuiderent inter eos ipsos montes ut ulterius non esset inter eos... Petrus Coresteniz, Adefonsus Gunzaluiz, Ennequs ...uitiz, Gundisaluus Cidiz et diuiderunt ipsos montes ut anusquisque haberet suum ius et suum exitum" [3].

*Século XIII*

Cartas. Murcia. Cronoloxía: 17.06.1271.

Nunha carta escrita en Murcia, no ano 1271, polo rei Afonso X o Sabio para o bispo D. Nuno II Pérez (1261-1286), figura *S. Jurio [Jurjo] de Quadramon*.

"La segunda etapa de los acontecimientos se desarrolla en tiempos de Alfonso X el Sabio, siendo del 17 de junio de 1271 una carta del rey [ao bispo D. Nuno II Pérez (1261-1286)] [4] en la que se hace referencia al intento de anexión del valle entero, que por algún tiempo logra el concejo y alcaldes" [5].

[1] E. Cal Pardo, *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de* Mondoñedo, 1999, doc. 5, páx. 16. A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 47, n. 16. Privilexio de Ordoño II, doazón feita en Labrada (Abadín).
[2] Disputa, discusión, rifa.
[3] AHN. Clero. Lorenzana. Tumbo 1044 B. Fols. 139r-v. A. Rodríguez González-J. A. Rey Caíña, "Tumbo de Lorenzana. Transcripción y estudio", *Estudios Mindonienses*, núm. 8, 1992, doc. 206, páxs. 257-258.
[4] J. Martínez Cobo, *El Valle de Oro. Apuntes Históricos*, 1912, páx. 12.
[5] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 59.

«La carta de Alfonso X [de data 17.06.1271] dirigida a D. Nuño II desde Murcia informaba a este último de la presentación de los del Castro al rey de otra carta abierta de Alfonso IX [avó de Alfonso X], confirmatoria de la concesión que les hiciera el Obispo D. Martín de cierto territorio: *"En términos de Val douro"*, por alfoz, y que se querellaban por que *"vos"*, téngase en cuenta que la carta va dirigida a D. Nuño: *"sen razon e sen dreito lles pasades a este foro et lles tenedes tomado aun felegresias que dicen S. Iohan [San Vicente] de Lagoa, Santa Cruz et Santa Maria de Villa Campa et S. Martino da Veyga et San Gilao [San Xiao] de Recare et Santome et Santa Valla de Frejulfe et S. Jurio [San Xurxo] de Quadramon et Santo Esteuuo de Oyran* [Mondoñedo] *et S. Martino de Figueiras* [Mondoñedo]*, que cazen en el término de Val de Ouro, que es su alfoz et que elles tenian de juro et de poder cogelas non queredes leixar"*» [1].

*Século XV*

Organización eclesiástica. O "Deanalgo". Cronoloxía: 19.02.1488.

No ano 1488, conforman o "Deanalgo" 24 parroquias, unha delas é *Sant Jurjo de Cadramon* [2].

*Século XVI*

En tempos do Bispo de Mondoñedo D. Diego de Soto (1545-1549) tiña a Dignidade Episcopal xurisdición civil e criminal no monte do Xistral e en San Xurxo do Cadramón. Naquel tempo, o monte do Xistral era moi visitado de franceses que levaban del moitas herbas diferentes [3].

Testamentos. Cronoloxía: 1578.

"El siglo XVI no es mucho más abundante en documentación relativa a esta parroquia [de Santo André de Boimente (Viveiro)]. El año 1578 nos encontramos con el testamento de Alfonso Cabanela do Porto do Río, vecino de San Jorge del Cuadramón, en virtud del cual deja 6 reales para el alumbrado del Santísimo de la iglesia de Boimente" [4].

Personaxes. Juan de Lombarte. Cronoloxía: 16.02.1585.

Juan de Lombarte [ou Llombart], pintor, veciño primeiramente da cidade de Santiago e despois de Viveiro, o 16 de febreiro de 1585, outorga unha transacción co tamén pintor e, coma el, veciño de Viveiro, Alonso López Pardo de Cela, respecto á diferenza que tiñan sobre obras tocantes ao seu oficio que os dous fixeran nesta vila de Viveiro, nas igrexas do Viveiró e en San Xurxo do Cadramón, e noutras partes. Poñen a solución do asunto nas mans dos xuíces árbitros, obrigándose a pasar pola sentenza que os ditos xuíces ditaren [5].
Este Juan de Lombarte é o autor das pinturas murais da capela da Santa Filomena.

*Século XVII*

Unión de préstamos. Cronoloxía: 08.06.1668.

"Posteriormente, en 8 de junio de 1668, para el mismo fin [para dotar 'los Maitines y Laudes cantados de toda la octava del Corpus'], [D. Dionisio Pérez de Escobosa, bispo de Mondoñedo (1663-1668)]

[1] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 59; e páx. 65, n. 27. M. Amor Meilán, t. IV, páx. 107.
[2] ACM. Arm. 8. Doc. 206. Santiago, 19.02.1488. E. Cal Pardo, *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*, 1999, páx. 429.
[3] J. I. Fernández Villalba, *Mondoñedo, regreso al pasado*, 1999, páx. 251.
[4] ACM. Arm. 5. Est. 3. Leg. 15, n. 11. E. Cal Pardo, "Parroquias del Ayuntamiento de Viveiro", *Estudios Mindonienses*, núm. 9, 1993, páx. 627 e n. 7.
[5] Pablo Pérez Costanti, *Diccionario de artistas que florecieron en Galicia durante los siglos XVI y XVII*, Santiago, 1930, páx. 318. A tradución é nosa.

unió a la mesa capitular [da Catedral de Mondoñedo] el préstamo, dos terceras partes sin cura, de San Jorge de Cuadramón" [1].

"Este préstamo del Cuadramón fue renunciado previamente por el Lcdo. José Pérez de Escobosa, cura de Motilla del Palancar, diócesis de Cuenca. A juzgar por la identidade de apellidos, bien pudiera tratarse de un hermano de D. Dionisio o de un sobrino del mismo" [2].

Preitos. Cronoloxía: 1691.

"El prelado [Fr. Miguel Quijada, O. Cist., bispo de Mondoñedo (1690-1698)] y su provisor también promovieron pleitos criminales diversos. [...] Abundaron los pleitos en 1691 contra curas y personas de Muras, Cuadramón, Santa María de Carballido [Vilalba], Cerdido, Foz, [San Pedro de] Mor, Mondoñedo, Landrove, Justás [Cospeito], Lago, Germade, Cabaneiro [Abadín], Villameá [A Pontenova], Castro (Santa María) [Begonte], Couzadoiro [Ortigueira], San Sebastián de Carballido [Alfoz], Romariz [Abadín], San Acisclo, Vivero. Los motivos fueron diversos, como apropiación indebida, palabras injuriosas, alborotos en la iglesia, etc." [3].

Preitos. Cronoloxía: 1697.

"El prelado [Fr. Miguel Quijada, O. Cist., bispo de Mondoñedo (1690-1698)] y su provisor también promovieron pleitos criminales diversos. [...] En 1697 encontramos pleitos de las parroquias de Reigosa (Santiago), Seijas, Villapena, Parga (San Esteban), Balmonte, Bendia, Freijo, [San Pedro de] Mor, Sancobad, Villameá, Valcarría, Castromayor, Lagoa (San Vicente), Mayor (Santa María), Adelán, Meilán, Riotorto, Cabanas (San Pantaleón), Villalba, Grañas de Sor, Roca, Castro de Rey, Labrada (San Pedro), Romariz, Reigosa (San Vicente), Lorenzana (San Adriano), Cillero (Santiago), Cuadramón. Entre las causas de los mismos no faltan la vida deshonesta, incumplimiento del precepto pascual, pendencias en el pórtico de la iglesia, falta de residencia, amancebamiento, por trabajar en domingos, vida escandalosa de unos vecinos, alborotos en la iglesia, irreverencia de un escribano al prelado, bautismo de un niño, etc." [4].

*Século XVIII*

No ano 1718, a parroquia pertencía á Mitra de Mondoñedo, formando parte da "Tierrallana del Valle de Oro" [5].

Feiras e mercados. Cronoloxía: 1744.

No século XVIII expídense autorizacións para realizar feiras ou mercados no Cadramón [6], como a feira de gando de San Xurxo [7].

"Con anterioridad al año de 1789, en 1744, sabemos que en la provincia mindoniense se celebraban las ferias siguientes, además de la del tercer domingo, en San Julián de Cabarcos; del mercado de Ferreira, de la feria de Gontán, de la de Trabada, de la de Galdo, de las de Cerdeirido, de la del 13 de Julio, en Carballido; de la de Aguajosa y de la de S. Lucas:
[...] Las del Cuadramón, el 24 de Agosto y el 24 de Septiembre" [8].

*Século XIX*

Organización eclesiástica. O "Deanato" da Mariña. Cronoloxía: 01.06.1855.

---

[1] ACM. Arm. 3, nn. 1-8, páxs. 50-57. E. Cal Pardo, "Episcopologio mindoniense. Siglo XVII", *Estudios Mindonienses*, núm. 16, 2000, páxs. 176-177 e n. 898.
[2] ACM. Arm. 3, n. 1/8, pp. 50-57. E. Cal Pardo, op. cit., *EM*, núm. 16, 2000, páx. 177, n. 898.
[3] ADM. Causas criminales. Legs. 5-12. E. Cal Pardo, op. cit., *EM*, núm. 16, 2000, páxs. 256 e 257, n. 1.334.
[4] ADM. Causas criminales. Legs. 5-12. E. Cal Pardo, op. cit., *EM*, núm. 16, 2000, páxs. 256 e 257, n. 1.334.
[5] J. I. Fernández Villalba, *Mondoñedo, regreso al pasado*, 1999, páx. 223.
[6] F. Monterroso Carril, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. IV, páx. 140.
[7] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 98, citando a Larruga.
[8] E. Lence-Santar y Guitián, "Ferias y mercados de la provincia de Mondoñedo". Recompilado por J. I. Fernández Villalba, *Mondoñedo, regreso al pasado VII*, xuño de 2010, páxs. 155-156.

Até o Concordato de 1851, a diocese mindoniense estaba dividida en 12 territorios, en función das diversas dignidades, tanto episcopal como catedralicias, e así as parroquias designábanse e agrupábanse con distintos nomes. Un dos doce territorios era o "Deanato" [1], que incluía a Zona da Montaña: parte da Terra Chá e O Valadouro.
Suprimidas moitas das dignidades capitulares, xurdiu a necesidade dunha nova ordenación do territorio diocesano en arciprestados.
Esta modificación estabeleceuse en virtude do decreto de 27 de abril do ano 1855 e comezou a rexer o 1 de xuño do mesmo ano.
En consecuencia, o bispado estruturouse en 18 arciprestados, un deles foi o "Deanato" da Mariña, que abranguía 26 parroquias (18 matrices e 8 anexas): toda a comarca do Valadouro máis 6 parroquias de Foz e 2 de Mondoñedo.
Unha das 8 parroquias anexas que conformaban o "Deanato" da Mariña era *San Jorge de Cuadramón* (anexa da matriz O Pereiro) [2].

O Cadramón, parroquia independente. Cronoloxía: 21.01.1896.

O 6 de xuño de 1895, o bispo de Mondoñedo, D. Manuel Fernández de Castro (o Bispo Santo) eleva á S. M. a Raíña Rexente o expediente de recomposición parroquial da diocese de Mondoñedo. O 21 de xaneiro de 1896 o expediente ten a aprobación Real, co que San Xurxo do Cadramón é declarada parroquia independente das demais [3]. Desta mesma data é a creación da parroquia de Ferreira (Santa María) como nova parroquia; e, acaso, da de Vilacampa (Santa María) como parroquia independente do resto (o mesmo que a do Cadramón).

*Século XX*

A primeira planta de luz do Cadramón. Cronoloxía: 1940.

"[O Muíño do Marico (San Isidro → As Rozadas)] ... cen metros máis adiante estaba a primeira planta da luz que houbo no Cadramón, aínda se ve a canle que levaba a auga que ía para a planta; chamábanlle a planta de luz do Boibal, e fixéraa Leivas de Mondoñedo no ano 1940" [4].

Organización eclesiástica. O actual Arciprestado do Valadouro. Cronoloxía: 1946.

No ano 1946, a diocese de Mondoñedo está dividida en 27 arciprestados, un deles é o Arciprestado do Valadouro, que abrangue os concellos de Alfoz, O Valadouro e tamén parte do de Mondoñedo.
Compoñen o arciprestado do Valadouro 16 parroquias matrices máis 4 anexas.
Unha das dezaseis parroquias matrices é San Xurxo do Cadramón [5].

[1] Territorio baixo a xurisdición dun deán; deádego, deado.
[2] Recompilación, tradución e adaptación: IF, 29.11.2001.
[3] E. Cal Pardo-J. M.ª Fernández, "Don Manuel Fernández de Castro, el Obispo Santo", *Estudios Mindonienses*, núm. 6, 1990, páxs. 728-729. Nota dos autores: até ese momento, a parroquia do Cadramón era anexa da do Pereiro, por decreto do 27 de abril de 1855.
[4] Informante: Margarita Romero Bello, Facebook, 03.04.2017.
[5] J. L. Mínguez Goyanes, "Don Fernando Quiroga Palacios, obispo de Mondoñedo (1946-1949)", *Estudios Mindonienses*, núm. 10, 1994, páx. 125. E. Cal Pardo, "Episcopologio mindoniense", *Estudios Mindonienses*, núm. 10, 1994, páxs. 25-26. F. Monterroso Carril, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XXIX, páx. 214. Tradución e actualización de topónimos: IF, 19.10.2001.

## MOEDAS ROMANAS [1]

Cronoloxía: séculos III-IV.

"La romanización del valle es algo que no se puede dudar. Determinar el grado de intensidad de este proceso de aculturación resulta más difícil. No debemos olvidarnos de los hallazgos de monedas romanas en la zona de Cadramón, lo que no parece desacertado si atendemos a la proxiomidad de la Vila Romana de Labrada [Abadín] y el hallazgo de numerosos utensilios de influencia romana en los castros del valle" [2].

"... o achado en numerosos enclaves desta nosa zona cantábrica galaica, *latu sensu*, de pequenos tesouriños de moedas da época romana (séculos III a IV d. de C.)..." [3].

«Entre eles cabe citar os atopados en Montoxo-Cedeira, en 1930; no castro da Devesa, en 1979 (composto por 30 moedas do século IV); en Bares, en 1947 (composto por máis de mil moedas do século III) e, por último, na parroquia de San Xurxo do Cadramón, no Valedouro (composto por varias moedas dos séculos III e IX, das que dá conta Felipe Arias Vilas no traballo "Noticia dun tesouriño de moedas romanas no Cadramón [Valedouro, Lugo]", *Gallaecia*, USC-Facultade de Xeografía e Historia, Santiago, nº 5, 1979, pp. 325-327» [4].

### *O tesouriño do Cadramón segundo Arias Vilas*

"Foron donadas ao Museo de Lugo por D. Ricardo López Pacho once moedas que, ao parecer, proceden dun tesouriño de moitas pezas atopado non hai moito tempo na parroquia de S. Xurxo do Cadramón, concello do Valedouro [sic], en Lugo. Das numerosas pexas do tesouriño esparexéronse moitas delas e hoxe só podemos analizar estas once que agora describimos.
As pezas están, en xeral, en moi mal estado de conservación, e teñen sinais de ter formado un conglomerado, cicáis con todo o tesouriño, que empece algunhas veces leermos [sic] as moedas, dadas as grosas concrecións de cobre e do bronce que teñen. Nalgún caso, consérvase relativamente ben o anverso e moi mal o reverso.

1. Mediano bronce de Diocleciano. Cronoloxía: 284-305. Regular conservación.
2. Mediano bronce de Maximiano Hércules. Cronoloxía: 286-305. Regular corservación.
3. Mediano bronce de Galerio Maximiano. Cronoloxía: 292-305.
   No exergo, marca de ceca inidentificábel. Regular conservación, no reverso ten parte do «forro» de prata.
4. Mediano bronce de Galeria [sic] Maximiano. Moi regular conservación.
5. Mediano bronce de Galerio Maximiano. Regular conservación.
6. Mediano bronce de Constante I?, Constantino Magno?, Constantino II?, Constancio Cloro? Ou Constancio II? Mala conservación.
7. Mediano bronce. Rev. / Figura femenina[sic]?, de pé, no exergo, A (ceca de Alexandría?). Mala conservación.
8. Mediano bronce, ilexíbel, moi mala conservación.
9. Mediano bronce, ilexíbel, moi mala conservación.
10. Mediano bronce, ilexíbel, moi mala conservación.
11. Pequeno bronce. Mala conservación.

Son, xa que logo, once moedas dun tesouriño de época tetrárquica (transición do s. III ao IV d. C.) na súa maioría.
Pero, o que chama a atención e motiva estas liñas é o lugar do achado, xa que se trata dunha zona que non ten dado deica agora resto ningún coñecido da época romana. O Cadramón é unha alta comarca montañosa (1.056 metros no Pico do Cadramón) que, xunto coa Serra do Xistral (1.036 m.)

[1] F. Monterroso Carril, "Ferreira en sus orígenes", *Programa das Festas do Oito de Setembro*, 1988.
[2] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páxs. 28-29.
[3] E. X. Ínsua López, *Orixe, peripecia e pertinencia do topónimo San Cibrao* (Cervo), Edita: Seminario de Estudos Terra de Viveiro, Imprime: Gráficas Neira Brochs, Viveiro, 2010, páx. 27.
[4] E. X. Ínsua López, op. cit., 2010, páx. 27, n. 44.

[debería dicir “xunto co Xistral (1.036 m)”] fai nesta parte de divisoria entre a banda Norte e a Central da provincia de Lugo. A parroquia onde se localiza o achado está mesmo ao pé, polo Norte, dos cumes do Cadramón e é, por outra banda, a cabeceira do río Ouro. Quer isto decir [sic] que a presunta vía de penetración de elementos romanos no Cadramón debeu ser a partires da bocarribeira do Ouro onde, ademáis, está situado o castro de Fazouro, con claras [sic] sinais de contacto e influencias romanas (anacos de ánfora e terra sixilata, feitura dalgunhas casas, algún muiño circular, etc.) (cfr. Suárez Acevedo e G. de Sela y Torres en *AEArq*, XXXVI, 1963, p. 162-165, e Chamoso Lamas en NAH, VII, 1963, p. 110-115).

Pola banda Sul [sic] das mesmas serras están localizados algúns achados de terra sixilata ocasionais así coma restos de conduccións de auga pertenecentes [sic] a algunha vila e outros (cfr. Ramil Soneira e Vázquez Varela en *Gallaecia*, 2, 1976, p. 48, en Labrada-Abadín, e tamén outras noticias referidas ás zonas de Roupar e Lousada, en Xermade). Trátase eiquí dunha zona perto da cabeceira do Masma, pero a penetración puido ser máis ben dende o Sul, directamente dende a parte central lucense.

O tesouriño do Cadramón ven [vén] ser un dato máis da influencia romana no Norte da provincia de Lugo, algunha vez posta en dúbida (cfr. Abel Vilela e Arias Vilas, *Guía arqueológica romana de Lugo y su Provincia*, Lugo 1975, p. 47 s.) cando agora son evidentes dúas cousas: unha, que ao pouco que se percure, hai sinais de certa romanización en diversos elementos materiais dende Bares a Ribadeo, por toda a liña costeira inzada de castros e penetrando ao interior cando menos polos vales do Ouro e o Masma, e outra, que, loxicamente, Roma non debía descoñecer a gran tradición e sona de orfebrería do ouro e a prata nesta banda Norte lucense, o cal abondaría para supormos un achegamento á dita zona por parte do colonizador romano” [1].

[1] Felipe Arias Vilas, “Noticia dun tesouriño de moedas romanas no Cadramón (Valedouro, Lugo)”, Separata de *Gallaecia*, núm. 5, Santiago de Compostela, USC, Facultade de Xeografía e Historia, publicación do Departamento de Prehistoria e Arqueoloxía, 1979, páxs. 325-327.

## CAPELA DA SANTA FILOMENA

Situación: O Campo.
Estrada CP-0101 (Ferreira-O Cadramón-Abadín), Km 14,500.
Cronoloxía: século XI [1].
Estilo: románico.
O templo actual é o presbiterio dunha igrexa do século XI.
Capiteis románicos do século XII.
Canzorros de estilo románico.
Pinturas murais góticas do século XVI.

Figura no Inventario do Patrimonio Cultural da provincia de Lugo. Histórico-Artístico. Arte: Arquitectura relixiosa [2].

Existe noticia de que foi igrexa parroquial do Cadramón (O Valadouro), Labrada (Abadín) e Silán (Muras).
Tamén se asegura que por alí pasaba un Camiño de Santiago, polo que peregrinaban, cara á Cidade do Apóstolo, xentes da Mariña luguesa e do Valadouro.
Para algúns autores e medios, data do século IX [3] ou X. No século X (ano 922) dooulla (posibelmente o territorio e non a construción) o rei Ordoño II (rei de León que morreu no ano 924, fillo de Alfonso III) á sé mindoniense.

### *A capela*

"Y volviendo al pasado, puede decirse que todo el valle está como salpicado de recuerdos históricos. Citaremos entre otros: La capilla de Santa Filomena del siglo IX en el Cuadramón,..." [4].

"Data aproximadamente de los siglos IX o X,... conservándose tan solo lo que fue el presbiterio-ábside, quedando oculta bajo el terreno la estructura perimetral de lo que fue el crucero, las supuestas tres naves y el nártex [entrada] y la fachada" [5].

"Situada en lo alto del monte sobre todo el Vale de Ouro, en un lugar agreste de impresionante belleza. Data del siglo XI y hasta el siglo XIX fue parroquial de una gran zona que hoy comprende varias feligresías. De la edificación primitiva, que constó de nave, arco triunfal y presbiterio, sólo subsiste este último, habiéndose cerrado el arco triunfal. Se puede reconstruir perfectamente el perímetro del templo primitivo por los restos de muro que aún subsisten" [6].

"En esta fase expansiva y de reorganización del territorio [fins do s. XII] constituye un capítulo importante la construcción de templos, unas veces sentados sobre antiguas construcciones (Cuadramón (?), San Pedro de Viveiro, San Andrés de Boimente, Santiago de Adelán, Abadín), otras creados *ex novo*, como en el caso de la ciudad de Vivero.
La más antigua es la iglesia de Santa Filomena de Cuadramón. Lo único que queda en pie es un ábside de planta cuadrangular, posible eco de una construcción altomedieval precedente, si bien su organización mural y decoración responde a una arquitectura románica del siglo XII avanzado [7].
Así, en la parte mejor conservada, el muro norte, se dispone un alero con siete canes figurados. Cuatro de ellos presentan temas y motivos obscenos –onanistas, un falo y una mujer exhibicionista–, derivados en parte del repertorio de San Martiño [de] Mondoñedo, pero realizados en un estilo sumamente rudo. Por su parte, los otros tres presentan, sin embargo, una decoración no-figurativa –

[1] S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, t. II, 1976, páx. 241.
[2] DOG, núm. 133, 12.07.1991. X. Fariña Jamardo, *Os Concellos Galegos*, t. X, 1993, páx. 35.
[3] "Es una joya arquitectónica del siglo IX". Pedro Rubal Pardeiro, "Miscelánea sobre Valadouro", *Ruta Pardo de Cela*, Asociación O Mundo de Galea, Gráficas Ribazán, Navia (Asturias), 1999, páx. 97.
[4] D. Sánchez Orol, *Villa de Ferreira (1894-1994)*, Lugo, 1994, páx. 29.
[5] http://www.laspain.com/sitios-de-interes/lugo/o-valadouro/63.html, 06.03.2013.
[6] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. II, 1976, páx. 241.
[7] "En el *Inventario artístico de Lugo y su provincia*, t. II, se la fecha, en cambio, del siglo XI". M. A. Castiñeiras González, *Estudios Mindonienses*, núm. 15, 1999, páx. 314, n. 99.

rollos en voluta, billettes con bola y moldura cuadrangular cóncava con arista– propia de repertorios del Románico de finales del siglo XII con influencias cistercienses, cuyo modelo pudo estar en el alero del ábside de Santa María de Meira. En el muro sur, la apertura de una ventana barroca hizo que los canecillos fueran reemplazados en la zona inferior del muro, pero con su parte ornamental encastrada en el paramento" [1].

*Presbiterio*

"El presbiterio, pues, única parte subsistente, tiene sus muros de piedra labrada y siete canecillos, de los cuales dos llevan figuras humanas. Pequeña espadaña sobre lo que fue arco triunfal. En el interior existen en el muro izquierdo restos de pintura gótica del siglo XVI, adivinándose detalles del Nacimiento de Cristo. Es de suponer que haya algo más de pintura oculta por las capas de cal. (Pudiera haber una extensión de unos tres metros cuadrados). Santa Filomena popular, 0,70. Virgen popular, 0,75. Santa Filomena, popular, de besar, 0,24" [2].

*Pinturas murais*

Situación: capela da Santa Filomena. Muro esquerdo, interior.
Cronoloxía: datadas, en principio, nos séculos XIII-XIV.
As últimas investigacións dátanas da primeira metade do século XVI [3].
Estilo: gótico, ao fresco.

Representan, con moita probabilidade, un Nacemento [4].
Amosan un paralelismo coa obra do chamado Mestre de Mondoñedo e o seu círculo [5], e continúan o estilo hispano-flamenco dos frescos da parede do coro da catedral de Mondoñedo [6].

"En la pared norte de este antiguo presbiterio de una iglesia que ha perdido, con el paso del tiempo, la nave" [7].

"... la aparición de varios ciclos de pinturas murales en la antigua provincia de Mondoñedo, la mayor parte de ellos del siglo XVI y vinculados estilísticamente a los frescos de las paredes del coro de la catedral mindoniense. Son, pues, representaciones pictóricas encuadrables en el primer tercio del siglo y relacionadas con la vigencia del hispanoflamenco. El llamado *maestro de Mondoñedo* dejó ciclos pictóricos en San Martín de Mondoñedo (segunda capa de pintura), capilla de Santa Filomena de O Cadramón (O Valadouro), santuario de Nosa Señora da Ponte (Arante-Ribadeo) y los murales perdidos de la iglesia de Santa María de Viveiro.
El estilo pictórico de este anónimo artista se caracteriza por una componente lineal acusada, de trazo marcado luego relleno de color, así como por la disposición en franjas de los compartimentos a decorar. Así aparecen las pinturas de Arante, en donde la figuración se despliega en dos registros con escenas rectangulares" [8].

[1] M. A. Castiñeiras González, "La actividad artística en la antigua provincia de Mondoñedo: del Prerrománico al Románico, *Estudios Mindonienses*, núm. 15, 1999, páxs. 313-314.
[2] S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, t. II, 1976, páxs. 241-242.
[3] José Manuel García Iglesias, *Pinturas murais de Galicia*, páx. 22, dátaas na primeira metade do século XVI. M.ª Dolores Fraga Sampedro, "El arte gótico mindoniense (siglos XIII-XV)", *Estudios Mindonienses*, núm. 15, 1999, páx. 456, n. 152.
[4] O arquitecto ferreirés, radicado na Coruña, Xosé Manuel Casabella López denunciounas, no seu día, a Manuel Chamoso Lamas.
[5] M.ª Dolores Vila Jato, "La actividad artística en la provincia de Mondoñedo durante el Renacimiento", *Estudios Mindonienses*, núm. 15, 1999, páx. 468.
[6] M.ª D. Fraga Sampedro, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 15, 1999, páx. 456.
[7] J. M. García Iglesias, Universidade de Santiago de Compostela, "Las pinturas de Arante y el maestro de Mondoñedo (siglo XVI)", *Estudios Mindonienses*, núm. 4, 1988, páx. 498.
[8] M.ª D. Vila Jato, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 15, 1999, páx. 468.

*Imaxes existentes no ano 1999* [1]

| | |
|---|---|
| *Santa Filomena* | Estilo: popular.<br>A comezos do último terzo do século XX, na man esquerda tiña unha palma, e no brazo dereito non tiña cousa ningunha [2]. |
| *Santa Filomena* | Estilo: popular.<br>De poñer.<br>Restaurada por un veciño que a estragou con moi boa intención. A caixa é actual. |
| *Santa Ana* | Estilo: popular.<br>Coa Virxe Nena. Non hai Neno [3]. |
| *San Bartolomeu* | Pouca pintura. |

*A Capela da Santa Filomena descrita polo historiador Andrés Canoura Quintana*

"La ermita de Sta. Filomena, antigua parroquial de Cadramón, aparece citada por primera vez en la donación de Ordoño II del año 922 a la sede mindoniense.
Arquitectónicamente es representativa de las primeras etapas del románico gallego. Presenta planta rectangular de la que sólo subsiste el presbiterio. Con fuertes muros y espadaña de reducidas dimensiones, la portada se reduce a un simple arco de medio punto, sufriendo restauraciones que son visibles en el dintel de la puerta de acceso, así como en la cubierta del primitivo pórtico de entrada o nartex, que en la actualidad no existe. La decoración exterior se reduce a una serie de canecillos dispuestos bajo la cornisa del lado derecho [esquerdo].
Las representaciones escultóricas de los canecillos, de ellos sólo existen dos esculpidos, pues el resto se han perdido, tienen como asunto la lujuria dentro de la línea didáctica y caricaturesca del pecado. El primero muestra el órgano sexual masculino en pleno acto de la penetración, el segundo a un ser humano mostrando sus órganos.
Pertenece este grupo escultórico a una serie de imágenes esquemáticas de representación de falos y vulvas, así como mujeres desnudas de clara influencia del románico mindoniense, su finalidad es la de formar parte del programa iconográfico del templo. Es de suponer que la cornisa estaba originalmente esculpida con canecillos que representaban la oposición entre el vicio y la virtud" [4].

*As pinturas murais da Capela da Santa Filomena foron obra do artista compostelán [ou mediterráneo, Llombart] Juan de Lombarte*

"Las pinturas murales existentes en uno de los muros interiores de esta capilla románica representando la natividad, fueron obra de Juan de Lombarte, pintor compostelano afincado en Viveiro, según se deduce del documento dado en la ciudad de Viveiro el año 1585 [5]. Pinturas de clara influencia del gótico gallego, María de rodillas y en actitud orante vela al niño acostado en su pesebre, en la parte posterior y asomando su rostro José contempla la escena" [6].

"... Juan Llombart, en el libro de Pérez Constanti [sic] aparece como Juan Lombarte, natural de Santiago y empadronado en Viveiro, como pintor y dorador de imágenes... Además lo conocemos por haber alzado pleito junto a Alonso López Pardo de Cela, igualmente pintor, por estar en desacuerdo con el importe en que se le habían tasado ciertas obras que había realizado en la iglesia de Viveiró (un pueblo de montaña de la comarca de Viveiro) y San Xorxe do Cadramón (en Valadouro). Las referencias de Pérez Constanti [sic] son protocolos notariales en su momento custodiados en el archivo notarial de Padrón y Viveiro, hoy no están localizados, aunque cabe la posibilidad [de] que hayan sobrevivido. De el, por nuestro lado, podemos agregar que en 1588 estaba empadronado en Mondoñedo, cuando menos se reconocía como vecino de esta ciudad y que había sido contratado

[1] Colección gráfica: Xesús Pisón, 1999.
[2] S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, t. II, 1976, lámina 156.
[3] R. Reigosa Méndez, 2001. Colección gráfica: Xesús Pisón, s/d. (máximo: 1999).
[4] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 70.
[5] ANV. Protocolo de Jácome Núñez Castrillón, de 1615.
[6] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 110.

para pintar y dorar las imágenes y retablo de la capilla de las nuevas casas de consistorio, donde trabajaría con un Cristo, un San Sebastián y una imagen de Nuestra Señora.
...
El trabajo de Juan Llombart en principio parece que se limita al policromado de las imágenes, aunque es más que probable que no desechase alguna pintura en tabla, o parietal sobre todo en técnica mixta o a seco que no requería de especial formación como sucedía en los frescos. La referencia de haber trabajado junto a Alonso López Pardo de Cela en la iglesia de San Xurxo do Cadramón nos hace suponer que pudiera estar entre los que llevaron a cabo la decoración en el ábside que aún se conserva en la hoy conocida como capilla de Santa Filimena de Cadramón.
Sobre su origen podemos añadir de nuestra cosecha algún dato inédito, por un lado tenemos la suerte de contar con las cartas de pago de su puño y letra donde vemos como desliza su apellido real, en su lengua materna, de diferentes modos. Mientras que en las libranzas de concejo aparece con el castellanizado Lombarte, él se hace llamar Llombarte, Llombart y siempre firma como Juan Llombart. Es pues más que probable que [...] nuestro pintor procedería de la escuela del Levante español, catalán o valenciano, aunque, como vemos, se empadronaba en cada villa y ciudad donde prestaba sus servicios" [1].

[1] Roberto Reigosa Méndez, "Mondoñedo ciudad medieval; fuentes para su estudio". Mondomedieval,blogspot.com, 31.05.2017.

## IGREXA DO CADRAMÓN *(San Xurxo)*

Parroquial. *Sancti Georgii de Quadromon* [1].
Situación: A Fonte da Vila.
Estrada CP-0101 (Ferreira-O Cadramón-Abadín), Km 12,800.
Cronoloxía: 1860 [2].

Figura no Inventario do Patrimonio Cultural da provincia de Lugo. Histórico-Artístico. Arte: Arquitectura relixiosa [3].

### *A igrexa*

Fachada principal: arco alintelado na porta. Espadana de dous corpos e tres vans. O van superior, mutilado, derrubouno un vendaval que tamén tirou unha campá [4].
Pórtico lateral, muro dereito, sostido por cinco pilastras [5].
Pequena espadana na parte posterior.

"Consta de nave, arco triunfal, capilla mayor cuadrada a las cuatro aguas y sacristía detrás con puerta independiente. Pórtico lateral en el muro derecho sostenido por cinco pilastras. En la fachada principal espadaña de dos huecos y arco adintelado en la puerta. Pequeña espadañita de un campanil sobre el muro derecho de la sacristía" [6].

### *Rehabilitación da igrexa*

"Porén, non foi só a igrexa de Ferreira a que se veu favorecida pola solidariedade dos emigrantes. Tamén o templo parroquial do Cadramón foi rehabilitado grazas aos cartos chegados de Cuba. A iniciativa nesta ocasión partiu do párroco, José F. Ocampo Hernández, cubano de nacemento, que se dirixiu aos fillos do Cadramón residentes na Habana en solicitude de axuda. Os emigrantes naturais do Cadramón, e mesmo doutras parroquias do Valadouro e Alfoz, non desatenderon a chamada. Así, en maio de 1954 *Juventud de Alaje* publicaba unha listaxe de doantes, dos que damos a coñecer tan só uns nomes, correspondentes a emigrantes do Cadramón: Constantino Carracedo, Amador Cao Carballeira, Castor García Romero, José Díaz Raña..." [7].

### *Presbiterio*

Retablo maior.
Cronoloxía: século XIX.
Estilo: neoclásico.

"Retablo mayor neoclásico, siglo XIX, dos cuerpos, jaspeado y dorado, con las siguientes imágenes: San Jorge moderno, Virgen popular 0,80 [Santa María da Cabeza]; San Antonio, siglo XIX, 0,82, y San José moderno" [8].

"En la actualidad aparte de las imágenes reseñadas tengo que añadir la imagen de S. Cosme, procedente como ya dije anteriormente de la capilla de S. Isidro [no lugar da Balsa, en ruínas]; una imagen de la Virgen del Rosario, donación de un feligrés de la parroquia, y una imagen pequeña de

[1] Documento escrito en latín, 01.05.1100, A. Rodríguez González-J. A. Rey Caíña, "Tumbo de Lorenzana. Transcripción y estudio", *Estudios Mindonienses*, núm. 8, 1992, páx. 257.
[2] S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, t. I, 1975, páx. 241.
[3] DOG, núm. 133, 12.07.1991. X. Fariña Jamardo, *Os Concellos Galegos*, t. X, 1993, páx. 35.
[4] Visita e fotografías: IF, 15.09.2000.
[5] Visita e fotografías: IF, 15.09.2000.
[6] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. I, 1975, páx. 241.
[7] *Juventud de Alaje*, A Laxe (O Valadouro), núm. 106, maio de 1954, páxs. 1-2. P. Viveiro Mogo, "O Valadouro en Cuba: a sociedade *El Valle de Oro* da Habana", *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páx. 620, e n. 40.
[8] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. I, 1975, páx. 241.

Santa María de la Cabeza, procedente de la capilla de Santa Filomena, situada en el lugar de Campo, y que data del s. XI" [1].

*Sacristía*

"Incensario gótico de metal amarillo, siglo XVI, 0,25.
Cáliz de plata sencillo, 0,22.
Cristo popular, 0,40.
Cruz procesional de plata sin dorar, 0,94 [século XVI]. En el anverso cuatro Evangelistas, medallón con sol y luna y Cristo sobredorado. En el reverso San Jorge sobre el dragón, tres profetas del Antiguo Testamento y Virgen con el Niño. Macolla con grutescos y cuatro ángeles.
*Esta cruz mandó hacer A de Cabaneiro de Porto del Río, año 1580*" [2].

*Imaxes existentes no ano 1999* [3]

| | |
|---|---|
| *Santo Antonio* | Sen pintura.<br>Sobre o libro da man esquerda só se conservan os peíños do Neno.<br>Ombro dereito comesto da traza. |
| *San Xurxo dacabalo* | Moderno. Restaurado. |
| *Corazón de Xesús* | |
| *Santo Antonio* | Cronoloxía: século XIX.<br>Fáltalle a man esquerda. |
| *Santiña de pedra* | Situación: sacristía.<br>Procede do cruceiro do adro.<br>Fendida en dous cachos. |
| *Cristo crucificado* | Estilo: popular.<br>Situación: sacristía. |

*Outras imaxes existentes no ano 2016* [4]

| | |
|---|---|
| *Santa María da Cabeza* | De poñer.<br>Ten un cesto na man e vai cun pano na cabeza. |

"É a Santa que hai na igrexa de abaixo [a parroquial de San Xurxo], aquela pequena que lle poño á xente o día de San Cosme" [5].

*Monte de piedade e Aniversario perpetuo no século XVII*

"Andrés do Pico y su esposa Antonia Val da Balsa fueron moradores del lugar de Ribeira da Balsa en San Jorge de Cuadramón jurisdicción de la Tierrallana del Valle de Oro.

[1] J. M. Blanco Prado, "La devoción popular en el santuario de San Cosme do Cadramón (Valadouro-Lugo)", *Lucus*, Boletín Informativo de la Excma. Diputación de Lugo, núm. 41, 1993, páxs. 35-39. Nota dos autores: no ano 1999, Xesús Pisón fotografou todas as imaxes existentes na igrexa parroquial, e non figuran, nese ano, nin o San Cosme nin a Virxe do Rosario nin a imaxe de Santa María da Cabeza.
[2] S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, t. I, 1975, páx. 241.
[3] Colección gráfica: Xesús Pisón, 1999.
[4] Informante: Adrián Cao Hermida, 19.12.2016. En 1999 esta imaxe popular, de poñer, estaba na capela ou ermida da Santa Filomena. Colección gráfica: Xesús Pisón, 1999.
[5] Informante: Adrián Cao Hermida, 19.12.2016.

En testamento de 31 de julio de 1678, ante Domingo Fernández de Soto, fundaron en la Iglesia de dicha parroquia un monte de piedad de seis celemines de pan y seis de mijo.
Dispusieron los fundadores que el grano de este monte de piedad estuviese en un arca de dos divisiones y se prestase por mayo a los pobres de la parroquia, los cuales lo devolverán por noviembre con un cuartillo más en cada ferrado...
... Y cuidar, dar y recoger el grano del monte de piedad.

Andrés do Pico y su esposa, fundaron también cuatro misas de aniversario perpetum en la Iglesia del Cuadramón, llamaron para suceder en el vínculo, en primer lugar, a María Fernández, que vivía con los testadores, hija de Juan da Costa y Antonia Fernández, del Cuadramón, y dispusieron que a la muerte de la María sucediesen en el vínculo sus herederos, prefiriendo el varón a la hembra y el mayor al menor" [1].

## CAPELA DE NOGUEIRIDO

Situación: Estrada CP-0101 (Ferreira-O Cadramón-Abadín).
Abaixo da entidade de poboación de Freixido (Frexulfe).
Restos.
Até os anos 70 do século XX celebrábase a romaría do San Cosme [2].
Para o Santuario do San Cosme véxase a Capela de San Isidro.

## CAPELA DE SAN ISIDRO

Situación: Ribeira da Balsa-A Balsa.
Estrada CP-0101 (Ferreira-O Cadramón-Abadín), Km 10,800.
Máis arriba de Freixido (Frexulfe), pista á esquerda, nun fondal.
Cronoloxía: século XVII.
Só restan as paredes, ameazadas polos eucaliptos que a rodean [3].
As imaxes pasáronas para a parroquial de San Xurxo.

Figura no Inventario do Patrimonio Cultural da provincia de Lugo. Histórico-Artístico. Arte: Arquitectura relixiosa [4].

"Situada en el lugar de Balsa. Construcción rústica, espadaña de un solo vano.
Imagen popular de San Isidro labrador pintada al óleo, 0,80" [5].

Construída por Andrés do Pico e Antonia Val da Balsa, moradores do lugar de Ribeira da Balsa en San Xurxo do Cadramón. Fixeron testamento o 31 de xullo de 1678 [6].

"En testamento de 31 de julio de 1678... erigieron un vínculo, que comprendía, entre otros bienes el lugar de Ribeira da Balsa.
Los poseedores de este vínculo tendrían las obligaciones siguientes:
Celebrar ocho misas anuales en la Ermita de San Isidro, que los testadores construyeran en Ribeira da Balsa, cuatro de las cuales el día de este Santo, con responsos cantados; y las otras cuatro, en los días o vísperas de la Concepción y San Andrés, dos cada día.
Dar de comer a los sacerdotes que celebrasen las cuatro misas el día de San Isidro.
Tener bien cuidada y provista de todo la Ermita.
Dar luz, vino y ornatos a los sacerdotes que en aquella quisieran celebrar.

[1] J. I. Fernández Villalba, *Mondoñedo, regreso al pasado III*, 2001, páx. 88. Recompilación de artigos publicados en diversos medios de comunicación por Eduardo Lence-Santar y Guitián.
[2] Informante: Jorge Val Díaz, 12.04.1998 e 04.06.2000.
[3] Visitas: Xesús Pisón, 12.04.1998; X. Pisón e I. Ferreira, 30.08.2002. Conservamos fotografías.
[4] DOG, núm. 133, 12.07.1991. X. Fariña Jamardo, *Os Concellos Galegos*, t. X, 1993, páx. 35.
[5] S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, t. II, 1975, páx. 242.
[6] J. I. Fernández Villalba, op. cit., 2001, páx. 88. Recompilación de artigos publicados en diversos medios de comunicación por Eduardo Lence-Santar y Guitián.

Hacer decir las ocho misas perpetuas y dos responsos que en su testamento dejara fundadas Francisco da Balsa" [1].

Celebrábase festa desde tempo inmemorial o día do Santo, 15 de maio [2].

## O SANTUARIO DO SAN COSME [3]

Até uns vinte e dous anos antes de 1996 [polo ano 1974] o santuario estaba situado no lugar da Balsa. Na actualidade, por deterioro da capela do San Isidro, o santuario situouse na igrexa parroquial do San Xurxo, que está no lugar da Fonte da Vila. Dista uns 9 Km da capital municipal (Ferreira do Valadouro).

"No ano [19]74 houbo romaría de San Cosme no San Isidro por última vez (dato que me aporta miña nai [Dina Rei]), non sei en que anos foron levados os santos para a igrexa de San Xurxo" [4].

*A festividade e a procedencia dos devotos*

O día 27 de setembro, data da festividade do S. Cosme, acoden devotos dos municipios do Valadouro e Alfoz, preferentemente. Tamén é importante a presenza de devotos da parroquia residentes noutros lugares.

"En este santuario aparte de la festividad reseñada se celebran otras dos: la de S. Jorge el día 23 de abril y la Virgen del Rosario el 1º domingo de octubre" [5].

*As rogativas*

Os devotos préganlle ao santo para que sexa propiciatorio perante unha serie de peticións: doenzas de tipo humano e animal. Algúns devotos traen o gando vacún e cabalar para que sexa bendicido polo crego da parroquia.

*O ritual da bendición do gando*

Sobre as once da mañá o crego da parroquia recita en latín a fórmula do Ritual romano *Benedictio animalium*. Ao rematar a fórmula bendice os animais con auga bendita. Logo celebra unha misa no interior do santuario.

Nos derradeiros anos reuníronse nos días da festividade do San Cosme máis de cen cabezas de gando vacún e cabalar.

*A celebración de misas*

No santuario celébranse dúas misas: unha despois da bendición do gando e a outra, que reviste os caracteres de solemnidade de cara á festividade, á unha da tarde.

*O ritual da circunvalación*

«[Entre las peticiones más específicas distingo las siguientes:]... Curación y protección de enfermedades de animales de raza vacuna, caballar y porcina. Los devotos que solicitan esta

[1] J. I. Fernández Villalba, *Mondoñedo, regreso al pasado III*, 2001, páx. 88.
[2] J. I. Fernández Villalba, op. cit., 2001, páx. 89.
[3] J. M. Blanco Prado, *Exvotos e rituais nos santuarios lucenses*, 1996, Deputación Provincial, Lugo, páxs. 161-162. Algunhas pequenas correccións ortográficas son obra dos autores deste inventario.
[4] Informante: Cristina Fernández [Rei], no grupo de Facebook: "Eres de Ferreira do Valadouro si...", o 21.12.2016. (IF).
[5] J. M. Blanco Prado, "La devoción popular en el santuario de San Cosme do Cadramón (Valadouro-Lugo)", *Lucus*, Boletín Informativo de la Excma. Diputación de Lugo, núm. 41, 1993, páxs. 35-39.

intercesión normalmente realizan el "ritual de circunvalación" alrededor del recinto sagrado,... Algunos traen el ganado para que sea bendecido por el sacerdote» [1].

En chegando ao santuario, algúns devotos adoitan dar unha ou máis voltas ao redor do recinto sagrado, portando exvotos de cera que representan animais: vacas, cochos, e ás veces unha imaxe pequena do santo.

*O ritual de poñer o santo*

«Los devotos en general se ofrecen por sí mismos, o para conseguir alguna intercesión para otras personas, que no podían acudir al santuario por algún impedimento. Entre las peticiones más específicas distingo las siguientes:
Curación y protección de enfermedades humanas, algunas de ellas relacionadas con enfermedades de la cabeza, como lo atestigua el hecho de que en el santuario exista una imagen pequeña de Sta. María de la Cabeza, con la que se lleva a cabo el ritual de "poñer o santo"» [2].

O sacristán recita a seguinte xaculatoria: *Cristo vive, Cristo reina, San Cosme polo poder que Dios ten, te libre de todo mal. Amén.*

*O ritual da procesión*

A procesión percorre o perímetro do santuario. Nela interveñen unha serie de elementos: A cruz e o estandarte parroquiais, as dúas imaxes da Virxe do Rosario levadas en andas por mulleres da parroquia, as imaxes de San Xurxo e de San Cosme levadas por homes da mesma comunidade, o crego e devotos en xeral. Algúns anos participaron na procesión varios gandeiros coas súas reses.

*Ademais destes rituais, os devotos realizan outra serie de promesas ou ofrendas*

Algunhas misas que o crego da parroquia ten que celebrar no santuario.
A esmola en metálico.
Os exvotos de cera que simbolizan o gando vacún e porcino.
A ofrenda en especie a base de produtos derivados do cocho ou porco, queixos cereais.
Ao rematar os oficios relixiosos a comisión organizadora da festa poxa esta ofrenda como un medio para recadar fondos.

A bendición do gando era un ritual moi usual en bastantes santuarios da provincia de Lugo, debido a que nos medios rurais se vivía nunha forte dependencia da terra, dos animais, da auga, etc... as persoas do rural tentaban buscar resposta na fe e na relixión, cando algún destes elementos sufría algunha alteración de signo negativo: pedrazo, "doenza de animais", ...

Na actualidade este ritual foi decaendo paseniño debido, entre outras razóns, aos obstáculos que orixina o transporte dos animais polas estradas, nas que hai máis tráfico que antano, e ademais pola prohibición de bastantes cregos debido á sucidade na que ficaba o adro do recinto sagrado [3].

[1] J. M. Blanco Prado, "La devoción popular en el santuario de San Cosme do Cadramón (Valadouro-Lugo)", *Lucus*, Boletín Informativo de la Excma. Diputación de Lugo, núm. 41, 1993, páxs. 35-39.
[2] J. M. Blanco Prado, op. cit., *Lucus*, núm. 41, 1993, páxs. 35-39.
[3] J. M. Blanco Prado, *Exvotos e rituais nos santuarios lucenses*, 1996, páx. 161.

## CRUCEIRO DO ADRO NA FONTE DA VILA

Situación: A Fonte da Vila.
Estrada CP-0101 (Ferreira-O Cadramón-Abadín), Km 12,800.
Adro da igrexa parroquial de San Xurxo.
Cronoloxía: 1898.
Descrición: cruceiro alto, instalado sobre unha serie de tres gradas de forma cuadrangular, de basa tronco-piramidal cuberta de escritos gravados.
Fuste octogonal, onde destacan os obxectos da Paixón en relevo. A parte alta do fuste remata en forma cuadrangular e en cada cara ou face contén unha imaxe referida á Paixón e ao Universo, como o corazón, o sol en forma de aspa e a lúa.
Capitel renacentista, con catro caras de anxiños labradas entre cada voluta.
Cruz barroca de forma esvelta, encaixada no capitel, coa única iconografía do crucificado de tres cravos exenta da cruz.
Historia: cruceiro procedente dunha doazón particular, de finais do século XIX. Na base explícase a concesión dunha serie de indulxencias por orar ante ela.
Comentario: ten o estilo inconfundíbel das vellas escolas da Terra Chá. No concello de Castro de Rei existe un exemplar de cruceiro moi semellante a este do Valadouro. A cruz do Cadramón tiña no capitel unha imaxe orante da Virxe, imaxe que permanece gardada na sacristía da igrexa parroquial [1].

«Forma parte do grupo de Cruceiros datados nos séculos XVIII, XIX e XX.
Trátase dun cruceiro obra dos canteiros de Román de Vilalba, coñecidos co nome dos Carboeiras. Na base está datado no ano 1898. Cruceiro sobre tres gradas con lenda en tres lados. Nuha delas lemos a data e na do anverso figura o nome do donante [sic]: "*DR. JOSE ROMEU*". No anverso: "*EL ILMO SEÑOR OBIS/PO DE MONDOÑEDO CO/NCEDIO 80 DIAS DE YN/DULGENCIAS POR REZAR*" e na cara suroeste [sic]: "*PADRENUESTRO/SALVE ACTO DE CONTRICION/...*" No capitel achamos, cara frontal, a lúa (símbolo da morte, a noite) e no reverso o sol (símbolo da vida, día). Capitel da escola dos Carboeiras con anxos e volutas. No anverso da cruz hai unha efixie de Cristo, exenta da cruz. Na sancristía consérvase a imaxe da Virxe en actitude orante» [2].

## CRUZ DO MURADO DO CEMITERIO

Situación: A Fonte da Vila.
Estrada CP-0101 (Ferreira-O Cadramón-Abadín), Km 12,800.
Cargadoiro da porta do cemiterio da igrexa parroquial.
Descrición: só queda o fuste piramidal, con estraños motivos de carácter apotropaico [3].
A cruz debía de ser de ferro, pois aínda podemos ver un pouco do empezo.
Comentario: constitúe unha curiosa peza moi popular de cruces de portadas, bastante escasas no val, se descontamos algunhas que se conservan nos cemiterios [4].

## CRUZ ALTA (CRUCEIRO) DO INTERIOR DO CEMITERIO

Situación: A Fonte da Vila.
Estrada CP-0101 (Ferreira-O Cadramón-Abadín), Km 12,800.
Cronoloxía: 18.12.1920.

---

[1] R. Reigosa Méndez, *As cruces do Valadouro*, (inédito), páxs. 31-32. Visita e fotografías: IF, 15.09.2000.
[2] M. Saavedra Pérez, *Cruceiros, cristos, cruces, viacrucis e esmoleiros no concello do Valadouro*, 2014, www.mesondoforno.com, 07.12.2015.
[3] *Apotropaico:* (adx.) 'que afasta o mal'. Pilar Barciela Garrido-Eusebio Rey Seara, *Xacementos arqueolóxicos de Galicia*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 2000, páx. 136.
[4] R. Reigosa Méndez, op. cit., páx. 32. Visita e fotografías: IF, 15.09.2000.

Descrición: cruz alta (cruceiro), con basa cuadrangular.
Fuste octogonal.
Capitel cuadrangular, modulado.
Cruz octogonal, coa única iconografía do Crucificado, en relevo, lixeiramente exenta da cruz. De trazos moi populares comestos pola erosión.
Historia: coroa unha serie de tumbas de chan, dunha soa praza, e foi erixido con esta función primordial. Está flanqueado por outras dúas cruces, máis comúns, de ferro.
Comentario: non é moi frecuente atopar un cruceiro alto, feito e dereito dentro dun cemiterio modesto como este do Cadramón [1].

"Forma parte do grupo de Cruceiros nos cemiterios.
Está en fronte da porta de entrada ao cemiterio presidindo tres sepulturas con relación familiar. O murado do cemiterio serve de plataforma e ao seu carón hai dúas cruces de ferro propias de cemiterio. Trátase dun cruceiro con base cuadrangular, varal octogonal e capitel modulado de forma cadrada. A cruz é moi sinxela de estilo florenzada. No anverso efixie de Cristo cos brazos estendidos ao longo da cruz e mirada ao chan. Foi colocado coa función de presidir as tres sepulturas. No sepulcro do centro hai unha lenda relacionada con este cruceiro: *AQUI YACEN LAS CENIZAS DE/D. JUAN PARDO [CAMPO] Y GÓMEZ/PARROCO DESTA PARROQUIA/QUE FALLECIÓ EN 18 DE/DICIEMBRE DE 1920/D.E.P/*" [2].

## CRUZ DAS ROZADAS (ou CRISTO DA LAXE)

Situación: A Laxe.
Estrada CP-6306 (O Cadramón-A Fonte da Vila-O Pereiro).
A 1 Km da Fonte da Vila, á esquerda, indo pola estreita estrada que conduce até o rueiro das Rozadas. Resulta difícil a súa localización para quen descoñeza o lugar.
Cronoloxía: 1963.
Estilo: popular.
Descrición: cruz pequena, levantada sobre unha tarima de dúas pezas de pedra.
Basa tronco-piramidal cuberta de inscricións.
Cruz octogonal, con sinxela iconografía. Na cara dianteira, a imaxe de Xesús crucificado, con tres cravos, de labra sinxela e trazos acusadamente popularizantes. Debaixo do Cristo, a imaxe dun santo ou santa, lixeiramente distinguíbel e tratada cuns poucos trazos. Na cara traseira da cruz, só a figura da Virxe en posición orante, cun carácter case infantil do máis puro estilo popular.
Historia: procede dunha doazón. Construíuna o mesmo que a doou, canteiro de profesión.
Comentario: inconfundíbel proba de arte popular. A imaxe da Virxe fóra de contexto podería confundirse facilmente con calquera mostra paleo ou precristiá dun ídolo feminino [3].

«Forma parte do grupo de Cristos dos séculos XIX e XX.
Trátase dun Cristo moi semellante ao do Campo das Rozadas. Comentan os descendentes da persoa que o doou que foi copiado polo canteiro José María "O Torno", pedrairo de Santa Cruz. Está enriba dun plinto formado por dúas pedras de granito de forma cúbica dun metro de alto aproximadamente. A base ten forma tronco piramidal cunha lenda na cara Noroeste: "M.G.H." que se correnponden con Manuel H. García. A cruz ten forma octogonal con cartela e no reverso [anverso] leva a efixie de Cristo sobre un supedáneo que representa un santo: Comentan os descendentes que pode ser San Xurxo, patrón da parroquia. No reverso aparece a imaxe da Virxe, con trazos sen definir, en actitude orante. Este Cristo poi produto dunha promesa ou devoción dunha familia desta parroquia: Rosa García da casa do "Marico" alá polo ano 1963, segundo testemuñas dos veciños. O encargo fíxoo [sic] Manuel e Antonia García; pois dona Rosa García xa finara» [4].

[1] R. Reigosa Méndez, *As cruces do Valadouro*, (inédito), páxs. 32-33. Visita e fotografías: IF, 15.09.2000.
[2] M. Saavedra Pérez, *Cruceiros, cristos, cruces, viacrucis e esmoleiros no concello do Valadouro*, 2014, www.mesondoforno.com, 07.12.2015.
[3] R. Reigosa Méndez, op. cit., páx. 34.
[4] M. Saavedra Pérez, op. cit., 2014, www.mesondoforno.com, 07.12.2015.

## CRUZ DA CASA DA PARDIÑA (ou O CRISTO DO PRADO DA PONTE)

Situación: A casa da Pardiña.
Estrada CP-0101 (Ferreira-O Cadramón-Abadín), Km 12.
Marxe dereita. Nun lixeiro alto da gabia. Onde arranca unha pista asfaltada que leva ao lugar do Albardo [1].
Cronoloxía: 1900-1905 [1903].
Descrición: cruz pequena, ao modo da cruz da Arnela (O Pereiro), a da Pena do Golpe ou a de Guilfonso (O Pereiro).
Peaña de pedra mal traballada, na que se empoleira a basa para gañar altura.
Basa tronco-piramidal cuberta de inscricións ilexíbeis.
Cruz octogonal, con restos de policromía e con nutrida iconografía. Na cara dianteira, a imaxe do Crucificado de tres cravos, notabelmente exento da cruz e morto. Debaixo del, unha pequena figura en relevo, posibelmente representativa de San Pedro (figura masculina vestida cun saio plisado até os pés, e cunha capa tamén longa, as mans suxeitas na cintura, aínda que non as entrecruza, o que descarta que estea orando). Na cara traseira, a imaxe da Virxe, exenta da cruz, en posición orante.
Historia: trátase dunha cruz de doazón, pertencente á primeira metade do século XX, posibelmente entre os anos 1900 e 1905, data en que morreu o autor do donativo.
Comentario: de estilo común, coa labra moi coidada e abundante iconografía. Representa un dos mellores e máis perfectos exemplos de cruces de todo o Valadouro [2].

"Forma parte do grupo de Cristos dos séculos XIX e XX.
Preto da estrada dende O Cadramón á man esquerda, está esta cruz que se comenta que foi feita polos canteiros de Santo [sic] Tomé, sendo un aprendiz por aquel tempo Abel de Esqueira. Estes pedreiros, como aquí no Valadouro son coñecidos, fixeron moitas obras de cruces,... Está levantado sobre un montículo de terra, preparada para tal feito, dende o ano 1903. A plataforma en forma de plinto está formada por tres tramos tronco piramidais, sendo o último o que serve de base. En tres lados da base pódese ler: */ESTAS CRUCES... /SE HIÇO POR/MAUEL [sic] ROMEU/ ...AÑO DE 1903/.* A cruz é de sección octogonal con restos de policromía. No anverso hai unha efixie de Cristo, exento da cruz, cos brazos en ángulo recto con relación á cruz, enriba dunha peaña onde se atopa un santiño, quizais San Pedro ou San Xosé en lembranza da persoa que a mandou facer: JOSE ROMEU. No reverso ten unha imaxe da Virxe en actitude orante" [3].

## CRISTO DO CAMPO DAS ROZADAS

Situación: O Campo das Rozadas.
Perto da Cruz das Rozadas ou Cristo da Laxe.
Cronoloxía: 1906.
Descrición: de formas e estilo moi semellantes á Cruz das Rozadas ou Cristo da Laxe, difire principalmente na meirande naturalidade coa que están representados os diferentes personaxes da Paixón, tanto a Virxe como o propio Cristo.
Historia: o ano 1906 reza na base. Procede tamén dunha doazón particular [4].

"Forma parte do grupo de Cristos dos séculos XIX e XX.
Sobre un plinto dun par de chanzos de forma tronco piramidal, levántase o Cristo do Campo das Rozadas, nunha encrucillada de camiños. Segundo comentarios dos veciños foi feito polos canteiros da Escola de Santo [sic] Tomé, onde traballou Abel de Esqueira. Este Cristo está formado por unha base tronco piramidal e enriba a cruz florenzada e con cartela. Esta cruz, de granito, ten forma octogonal, sendo semellante a outras deste concello. No anverso leva a efixie de Cristo con trazos populares, brazos en forma de uve. O Cristo está apoiado nun supedáneo con un [sic] santo, cecais San Xoán ou San Xosé en lembranza do donante [sic]: Xosé Romeu. No reverso leva unha imaxe da Virxe en actitude orante pouco definida. Foi doado pola familia de José Romeu Cortiñas e a súa

[1] Visita: Xesús Pisón e Isaac Ferreira, 31.08.2002. Fotografías: IF, 31.08.2002.
[2] R. Reigosa Méndez, *As cruces do Valadouro*, (inédito), páx. 33. Visita e fotografías: IF, 31.08.2002.
[3] M. Saavedra Pérez, *Cruceiros, cristos, cruces, viacrucis e esmoleiros no concello do Valadouro*, 2014, www.mesondoforno.com, 07.12.2015.
[4] R. Reigosa Méndez, op. cit., páx. 34.

muller Dolores Vivero Gómez no ano 1906. Na base hai unha lenda en tres caras: *EL ILMO. SR/OBISPO DE MONDOÑEDO CON/CEDIO 100 DIAS DE/YNDULGENCIAS P/OR REZAR CREDO/.../DELANTE ESTAS/EFIGIES/ANO DE 1906/.*" [1].

## CRUZ DO CAMPO

Situación: O Campo.
Estrada CP-0101 (Ferreira-O Cadramón-Abadín), Km 14,800.
No cruce da estrada que vai para o Porto do Río. Antes de chegar á capela da Santa Filomena [2].
Cronoloxía: 1950.
Coa lenda: "Propiedad de Generoso Cao 1950" [3].

"Forma parte do grupo de Cristos dos séculos XIX e XX.
A Cruz do Campo está situada ao carón da estrada dende Abadín a Ferreira, á man esquerda no lugar do Campo, cruce da estrada ao Porto do Río, preto da capela de Santa Filomena. Consta dunha plataforma, un plinto con lenda: *PROPIEDAD DE/GENEROSO CAO/AÑO 1950/*, cruz cuadrangular e outra de mármore incrustada. Foi colocada pola familia de Generoro Cao por devoción. O canteiro foi Jesús do Campo. Pola festa de Santa Filomena a procesión chega ata este lugar" [4].

## CRUZ DO ESTELEIRO DE ARRIBA (ou DE GUMERSINDO)

Situación: O Esteleiro.
Cronoloxía: finais do século XIX.

"Forma parte do grupo de Cristos dos séculos XIX e XX.
No Esteleiro de Arriba, preto da casa de Gumersindo, atopamos esta cruz. A plataforma está formada por un chanzo, base cuadrada, cun plinto cuadrangular e unha cruz de sección cuadrangular coas arestas rebaixadas. Na cruz, en dous sentidos, hai unha lenda: En horizontal: */PDAD./ DE/GUMERSINDO/FERNANDEZ* e en vertical: */Y/CAR/MEN/PER/NAS/*. Foi colocado a finais do século XIX, por devoción da familia de Gumersindo" [5].

## CRUZ DO ESTELEIRO DE ABAIXO (ou CRUZ DA PONTE DO ESTELEIRO)

Situación: O Esteleiro.
Cronoloxía: finais do século XIX.

"Forma parte do grupo de Cristos dos séculos XIX e XX.
Moi preto do río da Furna, no Esteleiro de Abaixo e ao carón da ponte está situada a Cruz da Ponte do Esteleiro ou da Beira do Río. Está formada por unha plataforma soterrada, un plinto formado por dúas pedras de granito de sección cúbica, unha base en dous tramos (un en forma de capela cunha cruz en rebaixe e outro en escaleira no cumio). A cruz, de granito, desapareceu alá polo ano 2009, comentan os veciños que fora colocada a finais do século XIX por unha promesa dunha familia da Liñarega" [6].

"Está sen a cruz; tropezoulle unha pala e rompeuna. A Ponte do Esteleiro rompera hai uns 25 anos, e arranxárona" [7].

---

[1] M. Saavedra Pérez, *Cruceiros, cristos, cruces, viacrucis e esmoleiros no concello do Valadouro*, 2014, www.mesondoforno.com, 07.12.2015.
[2] Informante: Xesús García Paz (natural do Cadramón), 16.04.2001.
[3] Visita: IF, 15.09.2000.
[4] M. Saavedra Pérez, op. cit., 2014, www.mesondoforno.com, 07.12.2015.
[5] M. Saavedra Pérez, op. cit., 2014, www.mesondoforno.com, 07.12.2015.
[6] M. Saavedra Pérez, op. cit., 2014, www.mesondoforno.com, 07.12.2015.
[7] Informante: Margarita Romero Bello, no grupo de Facebook: "Eres de Ferreira do Valadouro si...", o 11.12.2016. (IF).

## A CASA-ESCOLA DO CADRAMÓN

Situación: A Fonte da Vila.
Estrada CP-0101 (Ferreira-O Cadramón-Abadín), Km 12,800.
Cronoloxía: asinouse o contrato en novembro de 1927; inaugurada en decembro de 1928 [1].
Era escola de ensino primario para nenos e nenas con vivenda para o mestre ou mestra.
Na actualidade úsase como centro sociocultural da asociación de veciños.
Financiada no primeiro terzo do século XX polos emigrantes do Valadouro a Cuba.
Promotores [2]: El Valle de Oro. Sociedad de Instrucción, Protección y Recreo.
Construción de nova feitura. Doazóns diversas.
Mantén a seguinte lenda na fachada:

ESCUELA DE O CADRAMÓN. HIJOS DEL VALLE DE ORO EN LA HABANA / AÑO 1925

*Descrición e historia*

"Edificio dunha soa planta, de forma rectangular, construído en cachotaría, con esquinais de cantaría e cuberta de dúas augas en lousa.
Na fachada principal aparece unha inscrición en que se le... [(*víd.* Antes deste parágrafo].
Esta escola tiña unha soa aula, situada nun dos laterais da planta baixa, na que recibían clases tanto nenos como nenas; no outro lateral, separado por un vestíbulo, estaban as dependencias para vivenda do mestre/a. Dispoñía dunha soa porta de acceso, con dous pequenos chanzos para salvar o desnivel do terreo.
O edificio segue o esquema arquitectónico das escolas creadas nesta comarca pola sociedade habaneira El Valle de Oro" [3].

«ESCUELAS DE SANTA CRUZ Y DEL CUADRAMÓN
Con motivo de haberse recibido una muy atenta comunicación de las autoridades del excelentísimo Ayuntamiento y junta local de educación de Ferreira, solicitando el concurso de esta sociedad para la construcción de dos escuelas, una en el Cuadramón, y la otra en Santa Cruz, con fecha 15 de Julio último [1917], se citó a junta general para tratar de varios asuntos, entre ellos, enterar a todos los asociados del contenido de la referida comunicación.
Una vez enterados todos los socios de los fines patrióticos que allí y aquí se persiguen para exterminar el analfabetismo, sin titubear un momento, y con el mayor entusiasmo, se acordó que esta sociedad aportara la cantidad de mil seiscientas pesetas para contribuir a la edificación de dichas escuelas.
Véase a continuación las comunicaciones cruzadas entre dicho Ayuntamiento y esta sociedad.

[1ª comunicación] Ferreira del Valle de Oro, Mayo 12 de 1917.
[...]
De Vd. Afmos. Amigos y s. s. q. b. l. m.
Ricardo Pardeiro, Justo Alonso, Andrés Canoura, Víctor Dean, Ramón Lorenzo, Laureano Lorenzo, Andrés Goas, Ramón Hermida, Manuel Rolle, Ángel López, Andrés Orol, Leandro Buján [mestre de Ferreira], Francisco Janeiro, Juan Orol, Aquilino González, Severino Coriña [Cociña, o primeiro párroco de Ferreira], Salvador Castro, Salustiano Lastao, Manuel García.

[Resposta] Sociedad Gallega de Instrucción, Recreo y Protección Mutua "El Valle de Oro"
Habana, Julio de 1917.
[...]
Muy cordialmente,
Joaquín Díaz [Villar].
Secretario.
Con fecha 19 de Julio del corriente año, por Secretaría se dirigió la adjunta carta al honorable Alcalde del Ayuntamiento de Ferreira [sic], señor D. Ricardo Pardeiro, la cual copiada al pie de la letra dice:

---

[1] *Correo de Galicia*, Bos Aires, 18 de decembro de 1927, páx. 3. P. Viveiro Mogo, "O Valadouro en Cuba: a sociedade *El Valle de Oro* da Habana", *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páx. 616, n. 30.
[2] Consello da Cultura Galega (http://mapas.consellodacultura.org/escolas/).
[3] Consello da Cultura Galega (http://mapas.consellodacultura.org/escolas/).

“Señor Alcalde Municipal del Ayuntamiento de Ferreira [sic].
Honorable Señor Alcalde:
Tengo el honor de comunicarle que en sesión extraordinaria celebrada el día quince del corriente mes [de Julio de 1917] por esta sociedad, se acordó contribuir con la cantidad de MIL SEISCIENTAS PESETAS para ayudar a la construcción de dos escuelas que ese Ayuntamiento se propone aumentar en el término Municipal de Ferreira.
Quedando por lo tanto a la disposición de ese Ayuntamiento dicha cantidad y en la Tesorería de esta sociedad y no habiendo el giro de momento por estar los cambios muy elevados con frecuencia en este país, hasta que usted lo ordene.
Lo que por orden del señor Presidente, le comunico para su conocimiento y el de los señores firmantes del documento dirigido a esta Sociedad.
También me ordena el señor Presidente le diga a Vd. y demás miembros de esa corporación que la cantidad concedida para dichos colegios no corresponden a los patrióticos fines que esta Sociedad patrocina por tener que hacer frente a análogos asuntos en el Ayuntamiento del Alfoz ya que esta Sociedad abarca los dos Ayuntamientos y para los dos desea la misma prosperidad.
Tengo el honor también de comunicarle que en dicha Sesión y por unanimidad se acordó dar un voto de gracias a usted y a los señores firmantes del documento ya mencionado, por la hermosa obra que se han propuesto llevar a cabo en bien de la enseñanza en nuestro Valle, interpretando así fielmente los fines para los que esta Sociedad fué creada”.
Aprovecho esta oportunidad para ofrecerme de Ud. atto. Y S.S.Q.B.S.M.
Joaquín Díaz.
Secretario» [1].

## *A construción de escolas*

“Continuando co relato da construción de escolas, o 1 de novembro de 1927 a sociedade *El Valle de Oro* asinou o contrato para o levantamento dunha escola na parroquia do Cadramón. O edificio, que contaba cun só andar, tiña un orzamento aproximado de 15.000 pesetas. A obra foi adxudicada aos contratistas José Lorenzo Pérez e José Maseda Grandellana [ou Grandallana]...
[...]
Todas estas xestións estaban a cargo da delegación no Val da sociedade *El Valle de Oro*, que estaba presidida polo párroco de Bacoi José Martínez Cobo e actuaba como secretario Severiano Mon [Mel], que era o alcalde de Alfoz; a tesourería da delegación estaba ocupada por José Mandiá, antigo directivo da sociedade na Habana; as vogalías estaban desempeñadas por Francisco Janeiro, Aquilino González e Francisco Fuentes. Non está de máis lembrar que Francisco Janeiro fora o primeiro presidente da sociedade *El Valle de Oro* en 1907 [2].
As obras para a construción da escola do Cadramón avanzaron con rapidez e axiña se puido proceder á inauguración da escola. En efecto, tal acto tivo lugar en decembro de 1928 e contou coa presenza de todos os veciños da parroquia, autoridades [3], representantes da sociedade no val ademais de varios emigrantes que estaban de visita” [4].

## *Cesión do uso das escolas*

“Co paso dos anos as escolas construídas polos emigrantes perderon a súa finalidade inicial, é dicir, servir de centros de ensino; ao tempo que a súa propiedade pasou aos Concellos do Val. Polo que toca a Alfoz, xa o 14 de decembro de 1946 a Sociedade *El Valle de Oro*, mediante documento notarial, facía cesión dos edificios das escolas de Bacoi e Adelán ao Concello para continuaren co seu labor educativo. Nese mesmo documento facíase cesión ao Concello do Valadouro [sendo alcalde Manuel Lorenzo González-Seco (1941-1958)] das escolas de Vilacampa e O Cadramón, tamén coa condición de que continuasen como centros escolares” [5].

---

[1] *Sociedad Gallega de Instrucción, Recreo y Protección mutua* “El Valle de Oro”. *Memoria 1916-1917*, Habana, Imp. “Avisador Comercial”, Cuba 121, 1918, páxs. 17-21.
[2] *Correo de Galicia*, Bos Aires, 18 de decembro de 1927, páx. 3. P. Viveiro Mogo, “O Valadouro en Cuba: a sociedade *El Valle de Oro* da Habana”, *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páx. 616, n. 30.
[3] Era alcalde do concello do Valadouro Pedro Pérez Salvatierra (1927-1929), nacido no lugar da Pena, Vilaúde, parroquia de San Pedro de Mor; era o irmán máis vello de, entre outros, Nivarda (1903-1999, avoa de Xesús Pisón), Isaac (1917-1993, pai de Isaac Ferreira) e Carmen (*Mucha*, 1921-2005, nai de Manuel Lourenzo). Pedro faleceu en Santa Cruz do Valadouro, onde está enterrado.
[4] P. Viveiro Mogo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páx. 616, e n. 30.
[5] Fondo documental do Arquivo da Emigración (Consello da Cultura Galega). Fondo da sociedade *El Valle de Oro*. P. Viveiro Mogo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páxs. 617-618 e n. 34.

## A CASA DA NEVE

Situación: Lombo do Foxo [1].
A 50 metros do Pozo da Furna.
O Pozo da Furna, antigamente, era do tamaño de dúas prazas de Santa María de Ferreira.
Hoxe está comesto da vexetación [2].
Ruta: Pozo da Furna → Chao da Furna → Costa do Coto do Cadramón → Forno de don Juan [3] → Lombo do Foxo (Casa da Neve) [4].
Aínda existe esta casa, onde se facía xelo, que se utilizaba tamén para sandar doenzas.
Dimensións: 7 x 3 metros.
Forma: circular.

*A Casa da Neve, unha reminiscencia do Paleolítico*

"En en Paleolítico [40.000-8.000 a. C.], como ahora, los recursos estaban disponibles según la época del año, de ahí que algunos fueran cuidados con esmero para ser rentabilizados en tiempos de escasez.
A la derecha [unha fotografía], poza para almacenar agua de nieve (en Cataluña, España), un sistema paleolítico, que ha perdurado hasta el presente" [5].

## O FORNO DE DON JUAN

Situación: Os Penedos da Costa.
Arriba do Pozo da Furna, na cabeceira da Fraga de Penadoso [Pena do oso?].
Ruta: A Ponte do Carro → Casa da Neve → Costa do Coto do Cadramón → Chao da Furna → Penedo da Costa → Forno de don Juan [6].

*O Forno de don Juan, en descrición de Francisco Fernández Martínez*

"O Forno de Don Xoán é unha cova natural con forma de forno que se atopa nos Penedos da Costa, na cabeceira da Fraga de Penadoso, enriba do Pozo da Furna, na parroquia do Cadramón.
Leva o nome de Don Xoán porque, segundo os vellos do lugar, alí estivo escondido o cura do Cadramón D, Xoán Campo y Gómez, que naceu e viviu no barrio do Campo xunto con un irmán que se chamaba Francisco, a criada e o seu home. A criada chamábase Pepa e era afillada de Francisco, o irmán do Cura. Os fillos de Pepa aínda viven e din que hai documentos feitos polo cura, D. Xoán, cunha caligrafía moi bonita; e parece ser que despois de estar escondido no Forno perdera moitísimo. Polo que parece, na terceira guerra carlista, a raíña pedía a cabeza do Sr. Cura e para librarse da persecución el escondeuse alí, no mencionado forno; algúns din que estivo ata catro anos. A comida proporcionábanlla os familiares, e tamén parece que tiña un canciño que utilizaba de mensaxeiro e chegaba ata a parroquia de Corvelle [Vilalba] na Terra Chá, para entregar e recoller mensaxes duns familiares que tiña nesa parroquia.
D. Xoán finou o 18 de decembro de 1920 e está enterrado no cemiterio do Cadramón, xunto co seu irmán Francisco e faniliares, alí se encontran as tumbas dos dous [7].

---

[1] Informante: Xema F. Rei, Facebook, "Eres de Ferreira do Valadouro si...", 29.09.2016.
[2] Informante: Xosé Cao García (natural do Cadramón), 13.09.2001 e 22.09.2003. Outra persoa que nos falou desta casa foi Xesús Díaz Raña, tamén do Cadramón, falecido recentemente. Tamén sabe dela o noso amigo, e guía, Jorge Val Díaz, de Lagoa.
[3] O Forno de don Juan é unha cova natural onde se agochou un crego carlista; a cova está situada no Penido da Costa, por enriba da Fraga do Penadoso [Pena do Oso?]. Informante: Xema F. Rei, 29.09.2016.
[4] Informante: Xema F. Rei, Facebook, "Eres de Ferreira do Valadouro si...", 29.09.2016.
[5] Alfonso Moure Romanillo, "El Paleolítico Superior". En Jesús González y Alfonso Moure, *El origen del hombre*, *Historia de la Humanidad*, Volumen I, Arlanza Ediciones, Madrid, 2000, páx. 97.
[6] Informante: Paco Fernández Martínez, 11.10.2012.
[7] Nota dos autores: véxase nesta mesma parroquia do Cadramón: CRUZ DO INTERIOR DO CEMITERIO.

O acceso ao lugar do Forno pódese facer dende a Ponte do Carro pola pista que sae dende a mesma ponte pola marxe dereita do Río Ouro, e no lugar da Casa da Neve, en fronte, na Costa do Coto do Cadramón, cara á Furna, veremos o Penedo da Costa e nel o mencionado Forno de Don Xoán,
O acceso é doado ata chegar alí, pero para acceder ao forno hai uns 100 metros aproximadamente con moita maleza e de difícil acceso" [1].

## *Don Xoán, o cura carlista do Cadramón*

Personaxes. Xoán Campo Gómez. Cronoloxía: O Cadramón, 24.06.1838-18.12.1920.

«Nos derradeiros días da vida do rei Fernando VII estaba en vigor a Lei Sálica, pola cal unha muller non podía reinar, polo tanto a súa filla Sabela debería deixar paso no camiño ao trono a seu tío Carlos, irmán de seu pai. Este era o camiño que marcaba a lei, pero un movemento de última hora, artillado polos políticos liberais, consegue a derrogación da Lei Sálica, momentos antes de producirse a morte do citado Rei. O Estado español atopábase ante dúas opcións: elixir como raíña a Sabela II, filla de Fernando, ou ben a seu irmán Carlos.
Esta situación, que a simple vista semella unha *menudencia*, derivou en tres guerras civís coñecidas como As Guerras Carlistas.
O noso bispado non foi alleo a este movemento e, se ben é certo que non coa virulencia que tivo no interior de Lugo e Ourense, tivemos *escarfeos* [*escarceos*? incursións?] militares entre liberais e carlistas.
No mes de outubro de 1872, e dentro da terceira destas guerras, nacidade episcopal créase a partida carlista de Mondoñedo. Dela quedan dúas lembranzas: unha destas lembranzas é gráfica, grazas á fotografía realizada por Antonia Santos, unha das pioneiras da fotografía galega, que exercía a súa profesión en Mondoñedo, cidade que a viu nacer; outra lembranza é literaria, e correu da man de Patricio Delgado Luaces, coñecido como *Xan de Masma*, na súa novela *A Besta*, na que conta as peripecias desta partida, da cal el formara parte.
Patricio, na súa novela, escribía sobre unha reunión que os da partida mantiveran cun colaborador: *"o rancho olía a groria, cearon ben, e cearon todos os veciños que alí xuntáronse* [sic] *e para todos houbo, pois don Juan nada facía a medias*". Este personaxe ficticio que agasalla aos carlistas non era outro que don Xoán Campo Gómez, cura párroco do Cadramón.
Don Xoán naceu na parroquia do Cadramón, en concreto no barrio do Campo, un 24 de xuño de 1838; eran seus pais Antón Campo e María Fernández. Aos 28 anos xa exercía como coadxutor das parroquias do Pereiro e do Cadramón, parroquia que non abandonou ata ser chamado por Deus, un 18 de decembro de 1920, falecendo na casa reitoral. No camposanto parroquial podemos contemplar a súa marmórea sepultura, rematada nunha gran cruz de granito, pegada á de seu irmán Francisco.
Este sacerdote tivo unha vida peculiar, pero se chega a estas páxinas é pola vinculación que mantiña coa partida carlista e os avatares posteriores que esta amizade lle trouxo.
Cando a partida carlista de Mondoñedo caeu en mans das tropas do goberno [non era a primeira vez; véxase en Frexulfe, século XIX, 1835, Carlistas en Frexulfe], moitos dos seus colaboradores tiveron medo de ser denunciados e de rematar nas cadeas do Estado ou no exilio forzado. Un destes temerosos colaboradores foi don Xoán Campo, que coidou necesario fuxir cara ó monte que tanto coñecía pola súa experiencia como cazador, e agocharse nun lugar recóndito da súa parroquia natal.
O cura do Cadramón logo apareceu na lista de buscados pola xustiza, e así vemos como na *Gaceta de Madrid* o xuíz mindoniense, Gregorio Vieito de Hoyos, solicitaba tanto ás autoridades civís como militares *"procuren la busca y captura de dicho presbítero"* para que comparecese ante o xulgado mindoniense. Textualmente a citación dicía o seguinte: "*cito, llamo, y emplazo a D. Juan Campo Fernández (en otros documentos figura con el apellido Gómez), presbítero, coadjutor de la parroquia de S. Jorge del Cadramón, término municipal del Valle de Oro, cuyas señas personales se expresan a continuación, a fin de que en el término de 30 días, contados desde la última inserción de este anuncio en los Boletines de las cuatro provincias de Galicia y en la Gaceta de Madrid, se presente en este Juzgado a responder a los cargos que le resultan en causa contra D. David Cornejo Díaz y otros por delito de rebelión en sentido carlista y a rendir indagatoria*". Nesta orde de busca e captura aparecen os sinais prsoais do citado párroco: "*Edad, 34 años; estatura completa; pelo castaño, ojos garvos; barba poblada; nariz regular; cara oval; color bajo; vestía gabán, chaleco y pantalón de paño negro, usado, sombrero hongo, también negro, tapaboca de merino negro y botas de cuero*" [2].
Durante dous anos don Xoán estará agochado nun lugar inhóspito coñecido como *O Penido do Lombo do Foxo*. Aló permanece malvivindo, escapando de todos, tanto coñecido, que o podían delatar, como de foráneos; manténdose cos poucos alimentos que algún que outro familiar e amigo lle podía levar, durmindo entre rochas húmidas e baixo mantos de neve. A cavidade [*O Forno de don*

[1] Paco Fernández Martínez, "O Forno de D. Juan", www.blogoteca.com/cadramón/index.php?cod = 116178, 11.10.2012.
[2] Gaceta de Madrid, nº 325, 20 novembro de 1872.

*Juan*] existente no Penido do Lombo do Foxo, na que se agochou o noso protagonista, é de todo, menos acolledora.
O noso compañeiro de artigo, Andrés García Doural, o máis espelido e buscador destes que lles escriben, desprazouse tres veces a este lugar. A primeira chegou ata o mesmo pé das ruínas coñecidas como *A Casa da Neve*, dende as que se podía observar o mencionado Penido [coñecido tamén como *O Penedo da Costa*]. Na segunda ascensión chegou ata o Penido pola parte traseira, sendo imposible acceder ata a súa base. Na terceira,e grazas á información de varios veciños do Cadramón, puido chegar e comprobar en primeira persoa que a cavidade tiña forma irregular, rematada en cuña, e de escasa capacidade. Húmida, humidade que logo se veu acentuada pola chegada da néboa, veloz, inmensa na súa espesura; unha humidade que entra por todo o noso corpo e que che fai pensar nas penurias e calamidades que pasou ese home, agochado alí durante dous anos, pois alí estivo dende o mes de outubro de 1872 ata o de setembro de 1874.
Don Xoán volverá exercer o seu cargo trala amnistía recibida, pero xa non era o mesmo, os seus anos como fuxitivo pasaran factura á súa saúde. A letra das partidas sacramentais escritas por este cura antes da súa fuxida e a escrita trala súa reincorporación non son as mesmas. O frío, a néboa e a humidade deberon de provocar en don Xoán un proceso de reumatismo acentuado, talvez acompañado dalgún tipo de tremores, que provocaron unha variación na súa letra.
A pesar de que a morte reclamou a don Xoán no ano 1920, aínda existen lembranzas del. Así o descubriu Andrés García no ano 2009, cando, nunha das súas excursións polo Cadramón, coñeceu a un veciño de 97 anos, chamado Fernando, natural do lugar de Portoderío [O Porto do Río]. A este home, acompañado da súa dona [Xosefa], entrevistouno sobre a vida cotiá do Cadramón de cando el era novo. Despois de falar dos seus tres anos como soldado na guerra civil do 36 e das súas peripecias como tratante de gando, contou unha anécdota que espertou o interese de Andrés. Falaba dun veciño chamado Caetano, que matara dun tiro ao can do cura don Xoán Campo, porque pensara que era un lobo. O cura preguntou casa por casa sobre a morte do seu can e a identidade do autor; a resposta foi o silencio. Ao cabo duns meses os veciños pensaron que morrera o conto, pero don Xoán non esquecía.
Con motivo do Precepto anual, chegaron á parroquia varios sacerdotes e algún que outro freire coa intención de confesar e dala comuñón aos parroquiáns. Pouco podían imaxinar os infelices veciños que don Xoán esixira a todos os curas invitados que nas súas confesións preguntasen, sen chamar a atención, pola morte do seu can. Así foi como don Xoán soubo quen o matara, recriminando ao culpable da seguinte maneira: "*Ay Queitano, eite mandar prender, léveme un santo, eite desterrar, matácheme o can*". Caetano suplicoulle perdón e que a razón da morte do seu can debérase a unha confusión. Pasado o tempo don Xoán, quen non debía de ser tan malo, perdoou a Caetano.
O can, ao que bautizara co nome de *Rodín*, era moi querido polo cura, era o seu acompañante fiel nas partidas de caza, tanto menor como maior. Ademais, segundo relataba Fernando, este can era o medio que empregaba don Xoán Campo para comunicarse co cura párroco de Corbelle [Corvelle, Vilalba], outro carlista declarado, cando andaba escapado. Segundo conta Fernando, o can do cura do Cadramón estaba adestrado polo seu amo para percorrer o camiño que unía a parroquia do Cadramón coa de Corbelle [sic] e foi o sistema que empregou para comunicarse, a través de cartas ocultas no colar do cánido, co seu amigo, o cura párroco de Corbelle [sic].
Rodín tamén era o que acompañaba a don Xoán Campo nas súas partidas de caza. Hai que facer mención a que o cura tiña fama de gran cazador. Este cura destacou, así aparece na prensa, como aniquilador de lobos. No xornal *El Correo de Galicia*, do 25 de xuño de 1904, podemos ler a seguinte noticia, na qur dá conta de "*que el señor cura párroco de Cuadramón, encontró hace días en los montes de aquella parroquia una madriguera, que andaba buscando, en la que una loba escondía família numerosa. De un balazo hirió a la fiera, que abandonó ocho lobeznos que el citado párroco mató, Dicha prole se componía de siete hembras y un macho*".
Dous anos despois, esta vez no xornal *El Norte de Galicia*, do 18 de xuño de 1906, lemos a seguinte noticia: "*El señor cura párroco del Cuadramón (Valle de Oro) don Juan del Campo ha dado muerte a siete lobeznos, dejando además, herida de muerte a la madre. El señor cura corrió, según nos aseguran, grave peligro. No es la primera vez que el señor Campo ha hecho cazas idénticas*".
De pouco serviu o labor exterminador deste cura, pois no xornal *El Progreso*, do 21 de xuño de 1918, podemos ler como se organiza unha montería contra lobos "*que vienen causando destrozos en varias parroquias del Ayuntamiento del Valle de Oro, resultando las más castigadas por las fieras las del Cuadramón, Santo Tomé y Frejulfe. La montería se realizará con intervención de las autoridades y fuerzas de la guardia civil, el día 30 del actual*". Formaría parte don Xoán Campo destas partidas? Probablemente non, porque tiña 80 anos, pero coñecéndoo, non o descartamos.
Será esta abundancia de lobos o que lle fai dicir a don Eduardo Lence Santar, nun artigo titulado *Una montería en el Toxoso*, e publicado no xornal *Vida Gallega*, do 15 de outubro de 1923, o seguinte: "*en los montes del Cuadramón está la Fúrnea [A Furna], afamado criadero de lobos, jabalís, tejos, corzos, martas y gatos monteses*".

En decembro de 1920 remataba a vida deste pintoresco cura párroco do Cadramón, mais non a súa lenda, que permaneceu ata hoxe en día» [1].

## | F o n t e s |

### A FONTE DA ABELLEIRA

Situación: A Abelleira.
Con pinguela grande de pedra e pío de lavadoiro para dúas persoas [2].

### A FONTE DA VILA

Situación: A Fonte da Vila.
Onde a igrexa parroquial [3].

### A FONTE DO SANTO

Situación: O Campo.
Estrada CP-0101 (Ferreira-O Cadramón-Abadín).
Perto da capela da Santa Filomena (Km 14,800) [4].

[1] Andrés García Doural-Xoán Ramón Fernández Pacios, "Xoán Campo Gómez, o cura carlista do Cadramón", *Candea Branca*, núm. 2, Revista editada polo Seminario de Estudos do Valadouro, Xaneiro 2017-Xullo 2018, páxs. 24-27.
[2] Informante: Ángeles Parga Pardiñas, publicou fotografía en Facebook, o 11.03.2017 (IF).
[3] Informante: Ángeles Parga Pardiñas, publicou fotografía en Facebook, "Eres de Ferreira do Valadouro si...", o 11.03.2017 (IF).
[4] X. Pisón, agosto de 2001. Dixeron os veciños que alí se aparecera un santo, mais non completaron a información.

## A Pedra das Ferraduras

No Monte das Folgueiras está a Pedra das Ferraduras, que ten marcadas dúas pasadas de cabalo, e din que debaixo hai ouro [1].

## A lenda das Arcas de Sinás

Un home do Cadramón viña un día de Viveiro cunhas bestas cargadas de sal, e como traía con el o fillo, pararon a descansar onde as Arcas de Sinás. Entón o neno viu meterse un paxariño debaixo das pedras, e ao querelo pillar atopou un tesouro moi grande, que era formado de moedas e mais un cabrito de ouro. Entre o pai e o fillo metérono nun saco e levárono para a casa. Mais os veciños de Miñotos chamáronse ao tesouro, e como o home non quixo cedelo, veu a Xustiza e deulles a razón aos veciños. Entón o home foi cabo da Raíña de España e regaloulle o cabrito, e ela mandou que lle desen o tesouro. O home voltou para O Cadramón moi contento, e ao chegar deu unha cruz de prata para cada parroquia do Valadouro [2].

## O Pozo dos Encantos

Unha nena do Cadramón andaba a brincar xunto do Pozo dos Encantos cando se lle apareceu unha muller moi guapa que lle dixo:
—Neniña, hasme traer mañá unha cunca de leite callado para merendar?
A nena contestoulle que si, e voltou para o outro día coa cunca, que pousou na beira do río. De alí a un pouco saíu a muller, pillou o leite callado e díxolle á nena:
—Mañá tráesme un púcaro de mel.
A nena tróuxollo tamén, e a muller requiriu:
—Mañá tráesme unha ovella.
A pícara voltou para a casa moi apesarada, pois non sabía como cumprirlle o antollo á muller sen que os pais se decatasen. Así e todo, ao outro día pillou unha ovella da corte e foise con ela para o río. Mais a muller non apareceu. Entón a ovella púxose a escaravellar coa pata na terra e destapou a pelella dun carneiro chea de ouro [3].

## O Encanto dos Degrosiños

Nos Degrosiños, unha muller que viña de lavar viu unha galiña cunha larada de pitos, e púxolles a mantela ao son do camiño, chamando por eles:
—Pitos, pitos, pitos...
Os pitiños metéronse na mantela e a muller levounos para a casa, moi contenta. Cando abriu a mantela para acochalos na lareira, viu que os pitos se volveran moedas de ouro [4].

## Os Encantos da Fraga da Moladoira

“Chámanlle a Moladoira porque alí iban os encantos moer o centeo que botaban. Tiñan unhos muíños de pedra, de mau, e neles muían [sic] os graos de centeo e ca fariña que conseguían cocían o pan que comían. Naide os veu pero así contan. Dicen [sic] que escollían esta fraga porque era a única

[1] Contador: Francisco Fernández Martínez, *Paco do Cadramón*, 14.09.1999. X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, 2005, conto CXXV, páx. 99.
[2] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CXXXVI, páx. 102. Outra versión, cunha muller como protagonista, en Dolores Sánchez Orol, *Villa de Ferreira (1894-1994)*, 1994, páx. 53.
[3] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CXXXIX, páx. 103.
[4] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CXL, páxs. 103-104.

que había por aquí, porque se o facían fóra da fraga podían velos a así os carballos e os acivros tapábanos e naide os vía" [1].

## O tesouro da Fraga da Amoradoira

Na Fraga da Amoradoira hai un tesouro enterrado debaixo dunha caseta. Se alguén pon o pé na soleira para pillar o tesouro, fica convertido nunha pedra negra, e ten que agardar así até que pase alguén que saiba desencantalo [2].

## O Encanto da Veiga da Lagorza

O Encanto da Veiga da Lagorza son unhas pedras que se poñen en ringleira na lama para que pasen os mozos guapos sen mollar os pés [3].

## A anana da Fonte da Fervenza

Unha moza do Esteleiro que andaba á felga foi beber na Fonte da Fervenza e viu unha muller moi pequeniña que tiña nunha mao un peite de ouro e na outra un de prata. A moza tomou tanto medo que escapou para a casa e nunca máis voltou á fonte [4].

## A Encanta do Rego da Laxe

Un rapaz do Albardo viña un día para a casa e ao pasar polo Rego da Laxe saíulle a Encanta e díxolle:

—*O que de aquí me ha sacar*
*tres veces polo nome me ha chamar.*

O rapaz ía dicir tres veces o nome da Encanta [5] [que se chamaba María], mais ela non lle deixou e mandoulle volver para o outro día. Pola mañá cediño, o rapaz volveu ao río. Entón presentóuselle a Encanta e forma de cobra e enrebozóuselle no pescozo. O rapaz tomou medo e dixo:
—Deus me valla!
E a cobra desapareceu [6].

## A Furada do Encanto

Unha vez pasaba un home pola Furada do Encanto, do Cadramón, e niso saíulle unha muller moi guapa e díxolle se quería casar con ela. O home contestoulle que non podía, que xa estaba casado. Entón a muller engadiu:
—Toma este diadema de ouro e lévallo á túa muller.

---

[1] Informante: F. G. V. Publicada por C. A. González Paz-X. C. Beiro Piñeiro, "A Pena Abaladoira: un exemplo de litolatría na lucense Serra do Xistral", *Estudios Mindonienses*, núm. 24, 2004, páx. 945.
[2] Informante: Francisco Fernández Martínez, 14.09.1999. X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, 2005, conto CXLIII, páx. 104. Máis abaixo da Fraga da Moradoira, Amoradoira ou Moladoira hai restos de construcións "circulares". Primeira visita: Jorge Val Díaz e Xesús Pisón. Segunda visita: Jorge Val Díaz e Isaac Ferreira, 23.08.2005. Véxase: I. Ferreira-M. Lourenzo-X. Pisón, *Arqueoloxía do Valadouro. Prehistoria*, Lugo, abril de 2010, páx. 165.
[3] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CLXXX, páx. 112.
[4] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CLXXXIII, páx. 113.
[5] "Que se chamaba María". Informante: Indalecio García Paz, con posterioridade á publicación da lenda en outubro de 2005.
[6] Contador: Indalecio García Paz, verán de 2004. X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CLXXXVI, páxs. 113-114.

O home foise moi contento, e ao chegar á casa contoulle á muller o que lle pasara. Ela puxo o diadema na cabeza e no momento ardeu enteira [1].

## A Pena da Meiga

Xan da Xelfa estaba a apañar na braña xunto da Pena da Meiga, do Cadramón, cando viu saír a vella, que tiña uns cornos de ouro. Xan guindoulle a pucha e díxolle:

—*Toma da miña pobreza*
*e dáme da túa riqueza.*

Mais a meiga non lle fixo caso e seguiu camiño pola Veiga da Lagorza [2].

## A rosa das vinte follas

Unha nena do Cadramón que andaba coas ovellas viu unha cova xunto do Pozo do Encanto, e ao entrar nela topou cunha señora que estaba sentada ao pé dunha lareira. A señora volveuse para a nena e díxolle:
—Toma esta rosa das vinte e nove follas e lévaa para a casa, e cada día, antes de raiar o sol, arráncaslle unha folla.
A nena voltou para a casa coa flor e foi facendo como a señora lle dixera. E ao arrancarlle a folla derradeira, caeu morta [3].

## O Pozo do Encanto do Cadramón

Se alguén se vai mirar na auga do Pozo do Encanto do Cadramón ve a cara dunha muller moi bonita, e é un grande perigo, porque se fica alí a ollar para ela pasan douscentos anos [4].

## O castrón

Nunha casa do Cadramón estaban tres homes xurando ao pé da lareira, e niso entrou un castrón polo poxigo e desfíxolles o lume [5].

## As bruxas do Xistral

Todos os anos, pola amañecida do San Xoán, xúntanse as bruxas no Xistral e reparten as moscas, tantas moscas para cada casa, de maneira que non sobren nin falten. Tamén reparten os días da semana, póndose a dúas bandas e contando as da primeira:
—*Luns, martes, mércores: tres.*
Ao que responden as da outra:
—*Xoves, venres, sábado: seis.*
E así, tras ter casado ben os días, despídense até de alí a un ano.
Nunha ocasión, un corcovado que pasaba polo chao sentiulles facer o reparto e ficou admirado do ben que casaban os días.
Así é que resolveu que para o ano había voltar ao Xistral e intentalo el tamén.

---

[1] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, 2005, conto CXCII, páx. 115. Este conto está relacionado co mito grego de Medea.
[2] Contador: Indalecio García Paz, verán de 2004. X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CXCIII, páxs. 115-116.
[3] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CXCV, páxs. 116-117.
[4] Informante: Indalecio García Paz, verán de 2004. X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CXCVI, páx. 117.
[5] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCXVIII, páxs. 127.

En chegando a data sinalada, presentouse o chepudo no monte cando xa as bruxas comezaban o reconto:
—*Luns, martes, mércores: tres.*
Entón o home saltoulles:
—*Xoves, venres, sábado: seis.*
As sabias mulleres volvéronse admiradas para el e dixéronlle:
—*Por ben casar, da corcova haste librar.*
E a chepa desapareceu das costas do home, que non atinou a pronunciar palabra coa emoción de verse libre daquela eiva.
Xa voltaba feliz para a casa, cando no camiño lle saíu un seu compadre que tamén tiña corcova, e preguntoulle como fixera para perdela. O home libre contoulle o que pasara, e o outro xurou que el tamén había ir ao Cadramón, cousa que fixo non máis chegar o San Xoán.
Agachado detrás dunha caxigueira, agardou polas bruxas, que apareceron antes de romper o día e puxéronse a contar:
—*Luns, martes, mércores: tres.*
O chepudo, non querendo perder vez, e pensando casar mellor que elas, retrousoulles:
—*Xoves, venres, sábado: seis.*
*E domingo: sete!*
Entón as sabias volvéronse para o intruso e castigárono con esta maldición:
—*Ti, por mal casar, dúas corcovas has levar.*
E puxéronlle unha chepa máis, por retrouseiro. Así o home cangou con dúas para o resto da súa vida [1].

## A Meiga de Ferrocente

Nunha casa do Cadramón, indo para Ferrocente, había un matrimonio ao que lle morrían todos os fillos. A última en nacer foi unha rapaza, e por moitos coidados que lle deron, enfermou cando aínda non deixara de mamar.
Os pais, vendo que a nena enfraquecía igual que lles pasara aos irmaos, foron cabo dunha veciña que tiñan por meiga, para que lles dese algún remedio.
A vella foi apañar unhas herbas e mandou que as fervesen todas as noites e lle desen á nena a auga a beber.
Conque así o fixeron, mais a nena non melloraba, e á volta duns días estaba tan ensumida que os pais pensaron que morría. Entón foron buscar o cura, que cando se puxo a sacramentar a pícara reparou nuns furados que había nas sabas, e dixo:
—Estanvos a secar a nena e non sei quen é, mais mañá habémolo saber.
Así é que mandou que lle mudasen as sabas á cativa e foise, quedando en voltar para o outro día.
Antes do amencer presentouse na casa e viu que as sabas novas tamén tiñan furados, conque desfixo a cama e encontrou unha araña que lle estaba a chuchar o sangue á nena. Tirouna no chao, esmagouna co pé e dixo:
—A que vos está a secar a nena é a meiga de Ferrocente.
O pai respostou:
—Que ha ser, señor cura. Se a boa da muller estivo a menciñar a nena.
—É boa polo día —dixo o crego— mais en chegando a noite vólvese araña e zúgalles o sangue ás criaturas.
E como o home non acreditaba, o cura dixo:
—Pilla o candil e vente canda min.
O home fixo o que lle mandaban e botaron a andar os dous polo medio da neve. Cando chegaron á casa da meiga petaron na porta e non lles contestou ninguén. Entón abriron e encontraron a vella morta na cama, e tiña a cabeza esmagada [2].

## O alento

Unha noite, un rapaz do Cadramón foi visitar unha veciña que estaba moi enferma. De camiño cruzouse cunha muller e sentiu que lle roubaba o alento. El quixo agarrala para defenderse, e xa pensou que a tiña apreixada cando se encontrou sen nada no medio dos brazos. Foise moi asustado, e en chegando á casa da enferma, dixéronlle que a muller acababa de morrer [3].

[1] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, 2005, conto CCXXXV, páxs. 135-136. Unha versión desta lenda recóllea Dolores Sánchez Orol en *Villa de Ferreira (1894-1994)*, 1994, páx. 55.
[2] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCXLVII, páxs. 141-142.
[3] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCLIV, páx. 147.

## O laio da pía bautismal

Un home do Cadramón que emigrara á Arxentina cando neno, voltou un día con intención de coñecer a súa Terra.
Estando no Cadramón, foi visitar a igrexa onde o bautizaran, e ao pouco de entrar sentiu un laio:
—Ai, ai...
O home volveuse e non viu ninguén, mais pareceulle que a voz saíra da pía bautismal. Asi é que se achegou a ela e púxose a escoitar.
A pía repetiu:
—Ai, ai...
Entón o home foise para a casa e morreu de alí a uns días [1].

## A Amosa

A Mosa [2] é unha luciña que anda de noite polo Cadramón, e se para nun sitio é que alí mataron alguén [3].

[1] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, 2005, conto CCLXI, páxs. 149-150.
[2] Nota dos autores: mantemos a dúbida de se o nome desta luciña é A Mosa ou A Amosa. Temos noticia dunha Fonte da Amosa, entre os dous Penidos, perto do aramado que delimita as parroquias de San Tomé e de Frexulfe. Informante: Xusto Rega Pérez, pastor, 2007. Fonte que nos confirma a copla: *Penido Novo, / Penido Vello, / Fonte da Amosa, / Cabana do Merlo*.
[3] Contador: Indalecio García Paz, verán de 2004. X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCLXII, páx. 150.





*Capela da Santa Filomena.*
O Cadramón.
Cronoloxía: século XI.
Estilo: románico.
Fotos: Isaac Ferreira.
Data: 15-09-2000.





*Capela da Santa Filomena.*
O Cadramón.
Dous dos sete canzorros.
Cronoloxía: século XII.
Estilo: románico.
Fotos: Isaac Ferreira.
Data: 15-09-2000.



*Santa Filomena.*
O Cadramón.
Talla popular.
Foto: Xesús Pisón.



*Santa Ana coa Virxe (sen o Neno).*
O Cadramón.
Foto: Xesús Pisón.
Data: cara a 1999.





*Igrexa parroquial.*
O Cadramón.
Cronoloxía: 1860.
Fotos: Isaac Ferreira.
Data: 15-09-2000.



*Cemiterio parroquial.*
O Cadramón.
Porta de acceso.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 15-09-2000.



*Cruceiro do Adro da Fonte da Vila.*
O Cadramón.
Foto: Xoán Ramón Perez Blanco.
Data: 12-03-2017.



*O Cristo do Prado da Ponte*
*ou Cruz da Casa da Pardiña.*
O Cadramón.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 31-08-2002.



*Cruz do Esteleiro de Arriba*
*ou Cruz de Gumersindo.*
O Cadramón.
Foto.: Xoán Ramón Pérez Blanco.
Data: 21-09-2017.



*Cruz do Esteleiro de Abaixo*
ou *Cruz da Ponte do Esteleiro.*
O Cadramón.
Foto: Margarita Romero Bello.
Data: 11-12-2016.




*Escola do Cadramón.*
"Hijos del Valle de Oro".
Cronoloxía: 1925.
Restaurada.
Foto public.: Ovidio Vila Pernas.
Data: 09-11-2016.

*Carballido*

## CARBALLIDO

Parroquia do concello de Alfoz, arciprestado do Valadouro e diocese de Mondoñedo-Ferrol [1].

Coordenadas [2]: Latitude: 43º 31' Lonxitude: 7º 23'

Superficie [3] en Km$^2$: 8,14

Delimitada, ao norte, polas parroquias de Bacoi (Alfoz) e Santa Cilla do Valadouro (Foz); ao sur, polas de Adelán (Alfoz) e Oirán (Mondoñedo); ao leste, polas de Santa Cilla do Valadouro (Foz) e Oirán (Mondoñedo); e ao oeste, polas de Bacoi (Alfoz) e O Castro de Ouro (Alfoz) [4]. A parroquia está situada á marxe dereita do río *Ouro.*

Ten 268 habitantes (Homes: 132. Mulleres: 136) [5], nas seguintes entidades de poboación: *A Agueira, Allegue, Barbeito, O Carballal, A Cruz, O Espido, Facelude, A Granda, A Nespereira, A Palloza, Os Penoucos, Piñeirós, As Pontellas, Porto do Río, A Presa, O Pumar, A Rega, Solbeira* [6].

Cruzan o seu territorio as estradas CP-0202 (Santo Acisclo-Bacoi-Carballido-A Seara) e CP-0201 (Carballido-Adelán).

Festividades [7]: *San Sebastián*, 20 de xaneiro. Titular da parroquia.
*San Roque*, 16 de agosto.

[1] *Gran Enciclopedia Gallega*, tomo V, páx. 36.
[2] A. Precedo Ledo-M. Gallego Priego (dirs.), *Mapa de parroquias de Galicia (1:200.000)*, 2001, páx. 136.
[3] A. Precedo Ledo-M. Gallego Priego, op. cit., 2001, páx. 64.
[4] Fonte: elaboración propia, IF, 2000.
[5] Fonte: INE, 01.01.2017.
[6] DOG, núm. 245, 19.12.1991, páx. 10.344.
[7] Informante: Xoán Ramón Pérez Blanco, 1983.

*Carballido:* nome da parroquia (relacionado coa flora; da voz prerromana ***carb*** 'pedra, planta nacida entre as pedras'; precelta, de *CARBALIU 'carballo') [2].

## Orónimos

*A Frouseira* (427 m), *A Pena das Follas* (304 m).

## Hidrónimos

*Río Adelán, río Cobos, río Ouro* (<*Douro*)*, Rego de Candaínzos*.

## Entidades de poboación

*A Agueira, Allegue, Barbeito* (lat. VERVACTUM 'terra de labor que se deixa en descanso, sen cultivo'), *O Carballal* (flora; precelta, de *CARBALIU 'carballo'), *Facelude* (*face*: fai referencia á desembocadura ou estreitamento dun río; unión dos ríos Rial e Ribeira) [3], *A Nespereira* (flora), *A Palloza, Os Penoucos, O Pumar* ('horta con árbores froiteiras, especialmente maceiras') [4]*, Solbeira* [5].

## Lugares

*As Pontellas, Porto do Río, A Torre* [6].

## Topónimos con data documentada

*Froxeram* [*Frouseira*] (1156) [7], *Carballido* (1425, 1438), *Caruallido* (1488) [8], *Piñeiros* [*Piñeirós*] (1584), *Coído* (1629), *Carvallido* (1782), [9].

No ano 1928, Manuel Amor Meilán cita os seguintes lugares, que xa non figuran no actual Nomenclátor oficial da provincia de Lugo:

*Acea* (hidrónimo; da voz árabe *al-saniya* 'acea, muíño fariñeiro, noria') [10]*, Bedros, Cabreiras* (fauna; de 'cabras'), *Coído* [1629]*, Corvite* (fauna; de 'corvo'), *Cruz Pazo, Fojovedro* (foxo vello), *Lama da Vila, Molazal, Molino* (hidrónimo)*, Nogueiras* (flora; lat. NUCARIAM, do lat. cl. NUCEM > lat. vulg.**nocem* > *noz*), *Pena da Vila, Pino* (flora), *Porto da Vaca* (*Porto* 'paso de montaña')*, Vistalegre* [11].

---

[1] Fonte: elaboración propia, IF, 2000-2014.
[2] F. Cabeza Quiles, *Os nomes de lugar*, 1992, páx. 498.
[3] "... Facelude... posible poblamiento que se remontaría a la época suevo-gótica... parece hacerse referencia a un antiguo *lugar de godos*". A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 53.
[4] F. Cabeza Quiles, op. cit., 1992, páx. 334.
[5] Nomenclátor da provincia de Lugo, DOG, núm. 16, 25.01.2000, páx. 973.
[6] Fonte: elaboración propia, X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, 1999.
[7] ACM. Bulas Pontificias. Doc. 1. Narvona, 18.08.1156. E. Cal Pardo, *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*, 1999, páx. 445. Nota dos autores: Pódese tratar da zona de Valdoviño. Aínda así, tanto para o topónimo de Ferrolterra como para o Mariñao, debemos ter en conta o traballo de José Álvaro Porto Dapena [Catedrático emérito de Lengua Española-Universidade da Coruña (UDC), alpordap@udc.es] titulado "Un topónimo valdoviñés: *Frouseira*, de *Frondia*, que no *Frouxeira*, de *Fluxus*", *Estudios Mindonienses*, núm. 32, 2016-2017, páxs. 593-625. (Informante para este topónimo: Juan Fanego Vidarte, Facebook, 07.06.2018) (IF, 2018).
[8] ACM. Arm. 8. Doc. 206. Santiago, 19.02.1488. E. Cal Pardo, op. cit., 1999, páx. 428.
[9] Fonte: coleccións diplomáticas, *Estudios Mindonienses*, núm. 3, 1987, páx. 89; núm. 7, 1991, páx. 202; núm. 16, páx. 81; núm. 17, páx. 161.
[10] F. Cabeza Quiles, op. cit., 1992, páx. 228.
[11] M. Amor Meilán, *Geografía del Reino de Galicia. Provincia de Lugo*, 1928.

*Século XII*

No ano 1124 a parroquia pertencía ao bispado de Mondoñedo, sendo raíña Dona Urraca (1109-1126):

O 10 de xullo do ano 1124, Alfonso VII (1126-1157), xunto coa súa nai a raíña dona Urraca (1109-1126), fai unha composición entre o bispo de Mondoñedo don Nuno Afonso (1112-1136) e a súa igrexa, por unha parte, e don Rodrigo Vélaz, Conde de Sarria, pola outra, precisando as parroquias pertencentes a un e ao outro e as relacións co mosteiro de Vilanova de Lourenzá. No ano 1128, morta xa dona Urraca, o rei Alfonso VII estendeu un novo documento aprobando a división realizada anteriormente. Nesta distribución figura *In terra de Aurio post partem sedis... sanctus Sebastianus* [1].

A petición do bispo de Mondoñedo, D. Pedro I, o Papa Adriano IV [2], en Bula do ano 1156, toma baixo a súa protección a Igrexa de Mondoñedo. Particularmente, o Papa di que quere citar o castro de Goia, *Froxera* [A Frouseira], Grallal e, entre outros bens que menciona, quince igrexas en Aveancos e Sarria" [3].

*Século XIII*

Carta de Concordia. A parroquia de Carballido queda incluída no alfoz do Castrodouro.
Cronoloxía: 07.02.1254.

O 7 de febreiro [de 1254] o bispo de Mondoñedo, D. Juan II Sebastianes (1248-1261), leva a cabo unha concordia cos veciños do Castrodouro, pola que ambas as dúas partes se comprometen a resolver todas as súas querelas e controversias; os moradores, pola súa parte, obríganse a elevar o número de veciños até 300, nun prazo de 15 meses, e a viviren conformes co Foro de Benavente; o bispo, á súa vez, outórgalles a metade de todo o reguengo que el tiña no Valadouro e inclúelles no seu alfoz as parroquias de Bacoi, San Sebastián (Carballido), Santiago de Adelán e a vila do Castro, coa metade da freguesía de San Pedro de Mor, e a de San Vicente (Lagoa) [4].

*Século XIV*

Sentenzas. Cronoloxía: 1354.

No ano 1354, o bispo de Mondoñedo, Alfonso Sánchez Moscoso (1347-1366), acode ao 'Adelantado Mayor de Galicia', Andrés Sánchez, e este, a teor do pedido polo bispo, dita unha sentenza contra os veciños de San Sebastián de Carballido e doutras freguesías do Valadouro, polo dano que fixeran no muro do Castrodouro, propio da Igrexa [5].

---

[1] E. Cal Pardo, *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*, 1999, doc. 11, páx. 25; e AHN. Sección Clero. Carpeta 1185. Núm. 8. Copia de 21.01.1341. Resúmeo, con algunhas imprecisións nos nomes latinos das parroquias, J. Villa-Amil y Castro, "Pobladores, ciudades, monumentos y caminos antiguos del norte de la provincia de Lugo", Boletín de la Sociedad Geográfica, Madrid, 1878, páxs. 134-135. Tamén J. Martínez Cobo, *El Valle de Oro. Apuntes históricos*, 1912, páx. 19.

[2] Adriano IV (h. 1100-1159), único inglés elixido papa, foino desde 1154 até 1159. Loitou contra Arnaldo de Brescia e despois contra Federico Barbarroja. *Enciclopedia Salvat*, t. I, 1997, páx. 45.

[3] P. Flórez, *España Sagrada*, t. XVIII, apéndice XXII, páxs. 345-347. E. Lence-Santar y Guitián, *El Mariscal Pedro Pardo de Cela. La Santa Hermandad*, 1930, páx. 24, n. 1.

[4] AHN. Clero. Carp. 1185, n. 19. Tumbo de la Dignidad Episcopal, Fol. 87; Flórez, páxs. 155-156. Villa-Amil, Fol. 66; F. Mayán Fernández, *Historia de Mondoñedo*, 1994, páx. 46. En E. Cal Pardo, "Episcopologio mindoniense. Baja Edad Media", *Estudios Mindonienses*, núm. 14, 1998, páx. 541 e n. 204. A tradución é nosa.

[5] M. Vázquez Seijas, *Fortalezas de Lugo y su provincia*, t. III, páx. 119.

"Acude D. Alfonso [Sánchez (Moscoso), bispo de Mondoñedo (1347-1366)] al adelantado mayor de Galicia D. Andrés Sánchez y éste, a tenor de lo pedido por aquél, dicta una sentencia contra los vecinos de San Sebastián de Carballido y otras feligresías del Valle de Oro, en orden a la paga de 20.000 maravedís, en que se había estimado el daño que habían hecho en el muro del Castro de Oro, propio de la iglesia" [1].

*Século XV*

Organización eclesiástica. O "Deanalgo" [2]. Cronoloxía: 19.02.1488.

No ano 1488, conforman o "Deanalgo" 24 parroquias, unha delas é *Sant Sebastian de Caruallido* [3].

*Século XVI*

No século XVI, o Valadouro estaba repartido en dous xulgados, o de "Castrodoro" e o de "Tierrallana", cada un con oito freguesías.

Cartas. Piñeirós (Carballido). Rendas. Cronoloxía: 06.04.1584.

*«Copia de una carta que Matheo de Segura escribió a su Magestad [Felipe II] en manos del señor secretario Escobedo en 6 de abril 1584. Para cambiar al señor secretario Juan Vázquez de Salazar»* [4].

"De Piñeiros [Piñeirós] [5], en el Valledoro, a 6 de abril, 1584.
Suplico a v. m. se acuerde de hazerme merced en alguna cosa de las que ay se offrecieren para poder servir mejor en ello a su Magestad y a v. m...
Matheo de Segura.
Copia.
... Y con este intento vine a este Valledoro, del obispado de Mondoñedo, donde ay dos juzgados de a ocho feligresías cada uno, el uno de los cuales tengo averiguado en lo que toca a las rentas jurisdicionales y temporales y contada la vezindad y voy persiguiendo la medida de los terminos del. Y en el otro avia ya pedido padrones por ganar tiempo para en acabando el primero pasar al segundo... En esta sazon llego Hernando Díaz con comision particular para todo el Valledoro y me / hizo un requerimiento le entregase las averiguaciones que del tenía hechas en el estado en que estaban para proseguirlas y fenescerlas el. Yo le respondi que no lo podia hazer pues tenia acabado el un juzgado y començandose a hacer padrones por mi orden en el otro, atento lo cual no procediese en la averiguación de nynguno. Pero por escusar demandas y respuestas y algunas diferencias le dexe el que llaman de Tierrallana, ques la mitad del Valledoro,...
[...]
De todo esto me ha parescido darla a V. M. para que entendido mande resolber lo que mas a su real servicio convenga. Y aunque yo averigue el juzgado del alfoz de Castrodoro, en el Valledoro, como tengo dicho, por mi comisión general, y agora se me manda no haga quenta del porque esta ya esta ally acabada, ny mida los terminos supuesto que ay comision a ynstancia de parte para que se averigue, como lo esta haciendo el juez de V. M. que la truxo en el de Tierrallana, que es todo en el mismo valle, y estaba por averiguar quando llego, entiendo acabar de medir los terminos del que tenia averiguado y fenescer las averiguaciones del como sy yo tubiese la particular, pues aviendo comprador es de un mismo effecto averiguarle por una que por otra. Y en esto guardo y cumplo lo que V. M. me manda agora ultimamente, y hago su real servicio como conviene" [6].

---

[1] Tumbo de la Dignidad Episcopal, Fol. 146; Flórez, páx. 179; Villaamil, Fol. 77v; F. Mayán Fernández, *Historia de Mondoñedo*, 1994, páx. 48. E. Cal Pardo, "Episcopologio mindoniense. Baja Edad Media, *Estudios Mindonienses*, núm. 14, 1998, páx. 585 e n. 418.
[2] Territorio baixo a xurisdición dun deán; deádego, deado.
[3] ACM. Arm. 8. Doc. 206. Santiago, 19.02.1488. E. Cal Pardo, *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*, 1999, páx. 428.
[4] AGS. CC. 581. J. García Oro-M.ª J. Portela Silva, "El señorío eclesiástico gallego y la Corona en el siglo XVI", *Estudios Mindonienses*, núm. 17, 2001, páxs. 161-163.
[5] *Nomenclátor de Galicia. Lugo*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, Imprime: Litonor, 2000, páxs. 17 e 357.
[6] J. García Oro-M.ª J. Portela Silva, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 17, 2001, páxs. 161-163.

*Século XVII*

Foros. Cronoloxía: 10.07.1629.

"El 10 de julio de 1629 [Fr. Rafael Díaz de Cabrera, Oss Trinitatis, bispo de Mondoñedo (1618-1630)] aforó a Domingo Fernández Miranda y María Fernández de Cordido, por dos voces o vidas, el lugar de Coído, sito en San Sebastián de Carballido, en canon foral de 16 reales" [1].

Preitos. Cronoloxía: 1691.

«Militarmente a Frouseira era inexpugnábel, debido ás súas condicións naturais: somente se accede a ela pola cara norleste, por un pequeno camiño, que estaría moi ben protexido polas tropas do Mariscal. O demais é un cumio "a pico", cunha caída de 200 ou 300 metros sobre a súa base. Era practicamente imposíbel tomala polas armas. Era unha fortaleza estritamente militar. De feito estiveron dous anos e medio "longos" intentando conquistala e foilles imposíbel: de aí ese "fartazgo" do que fala Acuña e "masacre" da que nos deixa constancia Mudarra. A Frouseira era a salvación de Pardo de Cela: aí derrotaba a todo o mundo. Mudarra tivo que ir dándose conta de que polas armas non podían conquistala. E chegou un momento en que os dirixentes pensaron na traizón, tan recorrida, por outra parte, ao longo da Historia. É polo tanto moi lóxico pensar que recorreran ao engano, ao suborno dos defensores da Frouseira para poder tomala e acabar co Mariscal, como así foi. E imaxinamos que non subornarían a calquera, senón ao home de confianza do Mariscal ou responsábel da súa defensa, que moi ben podía ser un de Ferreira ou arredores. Na versión C da *Relazon* nos versos do Cantar apuntan a Roy Cofano [de Bacoi]. Moi probábel que así fose. Na versión B e nos romances o que abre a porta e parlamenta con Mudarra é Afonso de Santa Mariña» [6].

[1] M. Vázquez Seijas, *Fortalezas de Lugo y su provincia*, t. I, 1955, páx. 275, n. 1.
[2] Eduardo José Pardo de Guevara y Valdés, nunha intervención transmitida pola TVG desde o Castelo do Castrodouro o 22.01.2013.
[3] E. Lence-Santar y Guitián, *El Mariscal Pedro Pardo de Cela. La Santa Hermandad*, 1930, páx. 41.
[4] A. X. Meilán García, *O "Mito" do Mariscal Pardo de Cela. (Historia, lendas e literatura)*, Lugo, maio de 2004, páx. 78.
[5] A. X. Meilán García, op. cit., maio de 2004, páx. 78.
[6] A. X. Meilán García, op. cit., maio de 2004, páx. 79.

«Que a traizón foi historicamente certa respáldano varios feitos: a) hai un documento que "excluye de fe en juicio a los descendientes de los citados (que tiñan relación cos traidores da Frouseira) de la tierra llana del Valledouro en el pleito que siguió D. Juan Gayoso y Lugo. Capitán de Lugo, como marido de doña Francisca de Valcarcel, con D. Gregorio Díaz, sobre la sucesión del mayorazgo que fundó el abuelo de la susodicha", é dicir, prohibíaselle testemuñar a calquer persoa de Ferreira que estivese emparentada con traidores da Frouseira, iso tamén demostra que foi un da zona de Ferreira o que participou máis directamente na venda; b) a descrición tan exacta e radiográfica dos traidores que fai a *Relazon*, que é un dos fins de dito documento; c) o cantar e os romances do Mariscal e d) outros documentos nos que tanto casas como familias nobres do Valadouro tiveron que demostrar a ausencia de vínculos familiares cos traidores da Frouseira. Andrés Canoura Quintana cita ao menos dous casos, un ["... las alegaciones del fiscal a cerca de la hidalguía"] dos descendentes de Gonzalo Ares que di "Que si Gonzalo Ares, abuelo del que litigaba dexo de ser enpadronado algun tiempo por pecho de pechero, fue por ser el y sus hermanos criados e allegados del mariscal e andavan en su compañía", e outro de finais do XVII no que D. Fernando Mosquera de Lanzós para acceder ao Colexio de Fonseca, no seu expediente de limpeza de sangue ten que presentar testemuñas que declaren "que los apellidos son todos del Valle de Oro, todos de buena reputación, que por lo menos ninguno de los que tenía noticia y había conocido no traía origen ni descendencia de la Frouseira"» [1].

A *Relazon da Carta Xecutoria* onde figuran os nomes dos que venderon a Frouseira ao capitán Mouço Mudarra figura no *Memorial da Casa de Saavedra*, que ten data de 1679 e di que foi impreso en Madrid, con licencia, por Julián de Paredes, impresor de libros. A última parte informa de que o libro se rematou de imprimir en Granada. O *Parecer* do libro está datado en Madrid o 2 de xullo de 1682. No mesmo *Memorial* aparece o romance popular anónimo coñecido como o *Romance da* [ou *Pranto pola*] *Frouseira* ou *O Cantar do Mariscal.* José María Canel Otero, veciño de San Sebastián de Carballido, tiña un exemplar do *Memorial*, a comezos do século XX [2].

### *Canoura Quintana aclara a orixe do apelativo "Prexurados"*

"A los vecinos de Santa Cruz del Valle de Oro se les conoce en todo este valle con el nombre de *Prexurados.* Dícese que recibieron este nombre porque los traidores que entregaron la Frouseira eran de Santa Cruz. Pero en la *Relazón...* sólo consta que eran del Valle de Oro, Pero do Valledouro y Juan Martiz de Bacoy, aunque tal vez lo fuese algún otro. De todos modos, si hubo la traición, bastó que uno de ellos fuese de Santa Cruz, para que se llamase *Prexurados* a los vecinos de dicha parroquia" [3].

"La formalización de aquellas hidalguías que eran conocidas, pero carecían de la documentación pertinente, suponían la segregación de miembros del estado general y su consecuente paso al estado noble, con la consiguiente reticencia de los miembros de este último, que solían parar las probanzas de hidalguía llegando muchas veces a declarar falsamente contra los futuros nobles; Diego y Rodrigo Díaz de Labrada se enfrentan en 1672 a los de Sta. Cruz; como consecuencia, los miembros del estado general fueron multados. Tendencia a entorpecer los procesos que arranca del siglo XVI y que lleva a los vecinos de esta última parroquia a ser condenados como traidores y a no ser oidos en juicio por causa de ser testigos falsos, de ahí el nombre de *prexurados* que se les dio y que algún autor extendía a todo el valle, atribuyendo esta fama a la traición de Pedro Pardo, lo que carece de sentido" [4].

### *Meilán García estende o apelativo "Prexurados" a todos os veciños do Valadouro*

«Nun principio os "prexurados" eran os de Sta. Cruz, pois a tradición mantivo que o traidor maior era desta parroquia, vid. Neste senso a Lence-Santar y Guitián, *op. cit.*, páx. 79, mais actualmente é extensíbel ás xentes do Valadouro» [5].

---

[1] A. X. Meilán García, *O "Mito" do Mariscal Pardo de Cela. (Historia, lendas e literatura)*, maio de 2004, páxs. 79-80 e n. 97. A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 82.
[2] E. Lence-Santar y Guitián, *El Mariscal Pedro Pardo de Cela. La Santa Hermandad*, 1930, páx. 78.
[3] E. Lence-Santar y Guitián, op. cit., 1930, páx. 79.
[4] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 103.
[5] A. X. Meilán García, op. cit., maio de 2004, páx. 78, n. 95.

*O asalto e a destrución da fortaleza da Frouseira*

"Hernández del Pulgar, cronista de los Reyes Católicos, la cuenta entre aquellas fortalezas derribadas en tiempo de los irmandiños, noticia que recoge el Licenciado Molina en su *Descripción del Reino de Galicia*, publicada en Mondoñedo en 1550. Información que se contradice con lo dicho por Vasco de Aponte, a quien seguimos, y quien sitúa a Fernando de Acuña asediando a Pedro Pardo en la Frouseira en 1482, a lo que se le suma un seguro real otorgado a la fortaleza en noviembre de 1480. De esto se deduce que en tiempo de los irmandiños debió de sufrir ciertos ataques que no supusieron su destrucción total. Situación que se produciría tras la muerte del mariscal" [1].

Nos últimos parágrafos da *Relazon da Carta Xecutoria*, versión do documento da Casa Pardo-Montenegro, podemos ler:

"El castillo de la Frouseira fue del todo derrivado pues aora nibestixios deel seencuentran en el rreferido monte" [2] .

Cousa que nos parece incerta, dado que aínda hoxe podemos contemplar vestixios, como muros, defensas, zonas habitacionais e mesmo un pozo.

*Versión de Vázquez Seijas acerca do asalto da Frouseira*

"En los primeros meses del año 1478, aparece ya el Mariscal en plena rebeldía. En 1480 se dicta contra él sentencia de confiscación de bienes y pena de muerte; sin embargo aún es tiempo de volverse atrás. Los Reyes Católicos le mandan emisarios y le brindan su Real perdón, pero él responde redoblando sus ataques contra las fuerzas del Rey, que a las órdenes del capitán Mudarra, tratan de apresarlo por todos los medios. El Mariscal lucha con audacia y sus fortalezas defendidas por los capitanes de su casa, resisten con bravura largo tiempo. Era una guerra desigual, pero tienen que pasar tres años de duras luchas para que las fuerzas reales consigan sitiar al Mariscal en una sola de sus fortalezas, la Frouseira" [3].

"Se intenta un asalto; se resisten las fuerzas de Pardo de Cela. Luego contraatacan en campo abierto y diezman y ponen en fuga al ejército sitiador. El Mariscal se cree seguro y sale hacia Castro de Oro; sin duda se dirige al castillo que allí posee. Deja la Frouseira en manos de veintidós criados y un enviado de Mudarra obtiene, mediante soborno, la entrega de la fortaleza. Pardo de Cela que ignora lo sucedido, es sorprendido en casa de Fonsa [ou Fonso] Yáñez, de Castro de Oro y hecho prisionero [4] en unión de sus escuderos y otros hidalgos y labradores que le acompañaban.
Tras breves días, es decapitado en la Plaza Mayor de Mondoñedo, el 17 de Diciembre de 1483. El cadáver recibió sepultura en la Capilla Mayor de la Catedral, cerca del púlpito del evangelio" [5].

Mais Villa-Amil y Castro afirma categoricamente:

"De todos modos, la entrega de la Frouseira y la prisión del Mariscal, por más que otra cosa diga la *Relación*, son dos hechos totalmente distintos y hasta muy distantes, entre los que mediaron muchos meses, desde principios de 1482 hasta fines de 1483" [6].

González Paz apórtanos o seguinte parágrafo, tirado de López Ferreiro:

[1] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páxs. 80-81.
[2] Documento que procede do "Archivo de la Casa Pardo-Montenegro de Mondoñedo". Eduardo José Pardo, *El mariscal Pedro Pardo de Cela y la Galicia de fines del siglo XV*, Lugo, 1981, Apéndice núm. 3, páx. 193.
[3] M. Vázquez Seijas, *Fortalezas de Lugo y su provincia*, t. I, 1955, páx. 279.
[4] En realidade, como xa queda dito, pasou un ano desde a toma da Frouseira (1482) até a detención de Pardo de Cela (1483) no Castrodouro.
[5] M. Vázquez Seijas, op. cit., t. I, 1955, páx. 279.
[6] E. Lence-Santar y Guitián, *El Mariscal Pedro Pardo de Cela. La Santa Hermandad*, 1930, páx. 41.

«A finales del año 1482 los procuradores mindonienses en la Junta General de la Santa Hermandad, reunida en Madrid, pidieron que los Reyes Católicos concedieran a la ciudad de Mondoñedo una feria o mercado, justificando esta petición en que "la cibdad de Villa mayor de Mondoñedo quedo muy despoblada con la guerra que en el obispado de Mondoñedo de hace [...] servido bien los vecinos della e han fecho [...] gastos en la [...] de Pena Froxera"» [1].

*O derrubamento (segundo Vázquez Seijas)*

Recolle Vázquez Seijas a opinión de que a Frouseira foi derrubada na época dos irmandiños, probabelmente no 1468, e reconstruída posteriormente por orde de Pardo de Cela.

"Los abusos y humillaciones de que durante mucho tiempo vino siendo objeto la clase llana, por el poder absoluto e ilimitado que los señores ejercían sobre sus vasallos, satisfaciendo muchas veces venganzas, en vez de suministrar justicia, había dado lugar en pleno siglo XV, a que contra ellos se levantaran las hermandades habilmente organizadas, incluso con licencia real, consiguiendo de Enrique IV [1454-1474] autorización para el establecimiento de una junta de defensa. D. Antonio López Ferreiro [2] dice que fue Alonso de Lanzós el que consiguió el permiso en el año 1465" [3].
"Se tiene noticia de que entre las fortalezas derrocadas figuran en esta provincia [de Lugo]... la Frouseira..." [4].

*Mayán, Canoura e Meilán*

O historiador Francisco Mayán [5], que é unha autoridade nas investigacións acerca de Pardo de Cela, opina (baseándose no cronista Diego de Valera) que A Frouseira foi derrubada despois do asalto (que durou oito meses) do ano 1482 e que o Mariscal entregou a fortaleza "con certas condicións" [6]. Opinión que comparte o historiador Canoura Quintana. Foi, acaso, derrubada a fortaleza, en parte ou totalmente máis dunha vez [7].

"El Memorial de la Casa de Saavedra dice que el Mariscal Pero Pardo fue dueño de muchos castillos, fortalezas y casas solariegas; citando entre ellos: el castillo de A Frouxeira [sic], en el Valadouro, otro en Santa Cruz del mismo valle, el castillo de Vilaxuán, la casa de Villaguisada, la fortaleza de Sobrado de Aguiar, la casa fuerte de A Barreira, la casa de Santa María de Saavedra, el castillo de Penadreda, solar antiguo de los Aguiares, casa de Guitiriz, con otras más y muchas jurisdicciones anejas a dichas fortalezas y casas, que se demolieron en tiempos de las Comunidades" [8].

«Documentalmente, no ano 1482 índa [sic] non a derrubaran. E loxicamente con Pardo de Cela dentro da fortaleza sería imposíbel unha traición. Neste senso, pensamos como Villamil [sic] y Castro: "la entrega de la Frouseira y la prisión del Mariscal,..., son dos hechos totalmente distintos y hasta muy distantes,..., desde principios de 1482 hasta fines de 1483". Probabelmente non tan distantes como pensa Villamil, pois ao Mariscal con moitos meses polo medio, houbéralle dado tempo de volvela a reconstruír... Como mera hipótese pódese pensar que en febreiro de 1483, cando o cerco de Lugo, aínda a Frouseira estaba en pé. E seguindo coas hipóteses, podemos pensar que a traizón e entrega e derrubo da Frouseira debeu acontecer entre setembro e outubro de 1483. Despois diso Acuña e Mudarra estarían en contacto coa xente da Hermandad, tratando de apresalo. Sen a protección da Frouseira, o apresamento do Mariscal probabelmente non pasou de dous ou tres meses» [9].

---

[1] A. López Ferreiro, *Fueros municipales de Santiago y su tierra*, Madrid, 1975, p. 719. En C. A. González Paz, "Un alarde en la jurisdicción de Alfoz del Castro de Ouro en el año 1579", *Estudios Mindonienses*, núm. 24, 2008, páx. 387, n. 16.
[2] A. López Ferreiro, *Galicia en el último tercio del siglo XV*, páx. 82.
[3] M. Vázquez Seijas, *Fortalezas de Lugo y su provincia*, t. I, 1955, páx. 7.
[4] M. Vázquez Seijas, op. cit., t. I, 1955, páx. 8.
[5] Francisco Mayán Fernández (Cee, 1916-Lugo, 2010), Académico correspondente da 'Real Academia de la Historia'.
[6] F. Mayán Fernández, "El Mariscal Pedro Pardo de Cela", *Ruta Pardo de Cela*, 1999, páx. 14.
[7] Unha información máis ampla do profesor Mayán acerca do mariscal Pardo de Cela témola, dentro deste traballo, na parroquia do Castrodouro.
[8] F. Mayán Fernández, op. cit., *Ruta Pardo de Cela*, 1999, páxs. 10-11.
[9] A. X. Meilán García, *O "Mito" do Mariscal Pardo de Cela. (Historia, lendas e literatura)*, maio de 2004, páxs. 80-81.

*Pedra de armas da Frouseira*

Situación actual: Museo Provincial de Lugo.
Cronoloxía: século XV.
Ten gravados os escudos dos Pardo (polo Mariscal) e dos Castro (pola súa dona, Isabel).
Depositada no Museo Provincial no ano 1933 [1].

"En el Museo provincial [de Lugo] se guarda una piedra de armas recogida en la parroquia de San Vicente de Lagoa, término municipal de Alfoz, que estuvo muchos años conservada en una casa de aquel lugar, propiedad de D. José María Montenegro [Soto]. Es creencia tradicional que perteneció al castillo de la Frouseira, que estaba emplazado próximo a la citada parroquia y del que solo quedan ligeros vestigios, por haber sido mandado demoler totalmente de orden de los Reyes Católicos, una vez decapitado el Mariscal.

Los dos escudos gemelos que se ven en dicha piedra corresponden, el de la derecha [esquerda], al apellido Pardo, que ha sido representado por el águila rampante, y el de la izquierda [dereita] al de Castro, cuyos son los seis roeles en él significados, ya que Pardo era el apellido del Mariscal y Castro el de su mujer, viéndose ambos cuarteles en sendos escudos separados, aunque parejos y no dentro de uno solo, como seguramente ocurriría si uno y otro apellido fueran exclusivamente llevados por la misma persona" [2].

"Armas de los Pardo que también podemos ver en uno de los dinteles de una puerta de una de las casas de la *Calle del Castro [Rúa dos Ferreiros]*, si bien este último se encuentra incompleto por haber sido construida la mayor parte de las casas con restos de la antigua fortaleza de Castro de Oro" [3].

O historiador Carlos González Paz opina que pode proceder da torre da Lomba, en Lagoa.

"Además de los testimonios arqueológicos que se encuentran sobre el terreno [no lugar da Lomba, Lagoa], se conserva el que podría ser el escudo de esta torre [da Lomba]. Manuel Vázquez Seijas recogió en este lugar, en el año 1942 [no Museo Provincial de Lugo consta que a depositou alí don José María Montenegro Soto, no ano 1933], esta piedra de armas que él identificó como proveniente de la fortaleza de A Frouseira, suponiendo nosotros que tal identificación la realizó al desconocer la existencia de una torre en ese mismo lugar.
La piedra de armas, conservada actualmente en el claustro del Museo Provincial, posee dos escudos: en el de la izquierda aparece un águila rampante de los Aguiar aunque también usada por los Pardo y en el de la derecha, seis roeles usados tradicionalmente por los Castro. Aunque Vázquez Seijas los identifica como las más que probables armas del mariscal Pardo de Cela y de su esposa Isabel de Castro, nosotros no estamos tan seguros de ello; aunque de lo que no cabe duda es de su origen medieval" [4].

*A cadea da Frouseira: A Mariscala*

Situación actual: Museo Etnográfico de San Paio de Narla, no concello de Friol, centro dependente do Museo Provincial de Lugo [5].
Cadea de ferro con vinte e catro elos e unha argola.

*Eduardo José Pardo (Relazon C da Carta Xecutoria)*

[1] Depositouna don José María Montenegro Soto no Museo Provincial de Lugo no ano 1933. Información facilitada polo Museo Provincial de Lugo (MPL) a Xesús Pisón o 01.07.2013.
[2] M. Vázquez Seijas, *Fortalezas de Lugo y su provincia*, t. I, 1955, páx. 280. Tamén en A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 81.
[3] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 81.
[4] C. A. González Paz, "Las fortificaciones medievales en el Val do Ouro", en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páx. 177.
[5] J. C. Fernández Pulpeiro, "La batalla de A Frouxeira, última proeza de Pardo de Cela", *La Voz de Galicia* (Especial), 09.08.1991, páx. 5.

"Por prenda deste suzesso seguarda enla Carzel de la Ciudad deMondoñedo una Cadena de Yerro muylarga y doble quellaman lacadena delMariscal" [1] .

*Vicetto*

"En la cárcel de Mondoñedo se guarda una gran cadena con el nombre de la Mariscala, que se asegura que es la única cosa que se conserva de la Frouseira; algunos dicen que sirvió para sujetar al Mariscal los días que estuvo preso. Tiene la Mariscala 24 eslabones de un pie de largo y una fuerte argolla en la punta" [2].

*López Ferreiro*

"Muéstrase en la cárcel de Mondoñedo una gran cadena de hierro, llamada la *Mariscala*, y cogida, según se cree, en el castillo de la Frouseira" [3].

*Vázquez Seijas*

"La tradición señala como procedente de la fortaleza de la Frouseira, una cadena formada de veinticuatro gruesos eslabones de hierro con argolla terminal. Mide esta argolla 29,5 centímetros de diámetro y los eslabones, en forma de ocho, oscilan de 22 a 34 centímetros de largo, por tres de grueso, como término medio. Se conoce esta cadena con el nombre de *La Mariscala* y se dice sirvió para tener preso a Pardo de Cela, los días que precedieron a su trágica muerte en la plaza de Mondoñedo. Estuvo varios años guardada en la cárcel de la ciudad, hasta que por orden superior fueron retiradas de todas las prisiones de España las cadenas e instrumentos que significasen o recordasen a los reclusos los viejos procedimientos carcelarios. Posteriormente fué llevada a Madrid de donde retornó a Mondoñedo, por gestiones de su Ayuntamiento, que quiso conservarla, por estar vinculada, siquiera sea tradicionalmente, a un hecho histórico de esta ciudad. Actualmente se halla en el Museo provincial.
Cadenas de esta clase las tenían muchas fortalezas, ya para sostener sus puentes levadizos, o ya colgadas en sus muros externos, a fin de que se pudiese ejercer el derecho de hospitalidad, de que alguno de los señoríos disfrutaba" [4].

*Lence-Santar*

"Tiene esta cadena, como dice Vicetto, veinticuatro eslabones y una argolla; pero los eslabones no son todos iguales, ni de un pie de largo como él asegura. Empezando por la argolla, que tiene 95 centímetros de circunferencia por 11 de perímetro, los dos primeros miden 34 cada uno; el tercero, 33; el cuarto, quinto y sexto, 35 cada uno; el séptimo, 33; el octavo, 34; el noveno, 35; el diez, 36; el once, 27; el doce, 26; el trece, 25; el catorce, 27; el quince y dieciséis, 30 cada uno; el diecisiete, 25; el dieciocho, 22; el diecinueve, 25; el veinte, 26; el veintiuno y veintidós, 31 cada uno; el veintitrés, 33; y el veinticuatro, 31. Los eslabones son esféricos, como la argolla; de 10 centímetros de perímetro y ovaloblongos de doble flexión interna en sentido del eje menor. La cadena tiene de largo seis metros" [5].

*Meilán García*

"No cárcere de Mondoñedo, conservouse durante moito tempo unha cadea coñecida polo nome da *Mariscala*, que ten seis metros de largo e vintecatro [sic] eslabóns. Crese que foi a que tivo posta o Mariscal os dez días que estivo no cárcere e que era tan longa e pesada para que non escapara [sic], pero o máis curioso é que hai outra cadea moi parecida na prisión de Mogor e Bares, que pertenceu á mitra mindoniense, e que tamén se chama a Mariscala" [6].

---

[1] Dun documento que procede do "Archivo de la Casa Pardo-Montenegro de Mondoñedo". Eduardo José Pardo, *El mariscal Pedro Pardo de Cela y la Galicia de fines del siglo XV*, 1981, Apéndice núm. 3, páx. 193.
[2] Vicetto Pérez, B., *Historia de Galicia*, t. IV, 1869, páx. 192, n. 2. En J. I. Fernández Villalba, *Mondoñedo, regreso al pasado*, 1999, páx. 156.
[3] A. López Ferreiro, *Galicia en el último tercio del siglo XV*, Ed. Faro de Vigo, 1968, páx. 100, n. 2. 3ª edición, corrixida por Ramón Fernández-Pousa.
[4] M. Vázquez Seijas, *Fortalezas de Lugo y su provincia*, t. I, 1955, páxs. 280-281.
[5] J. I. Fernández Villalba, *Mondoñedo, regreso al pasado*, 1999, páx. 156.
[6] A. X. Meilán García, *O "Mito" do Mariscal Pardo de Cela. (Historia, lendas e literatura)*, maio de 2004, páx. 105.

*Pica de ferro*

Cronoloxía: probabelmente do século XV.
Situación actual: Museo Provincial de Lugo [1].
Lanza de ferro, de folla estreita onde ten gravado o nome 'Pardo'. Segundo a tradición, foi atopada nos arredores do castelo da Frouseira [2]; segundo Ofelia Carnero, técnica de catalogación do Museo Provincial de Lugo, figura como aparecida na parroquia de Adelán [3], depositada polo señor Pedrosa Pérez, seguramente da casa da Escoura, en Adelán.

"De aquella época [do asedio da fortaleza da Frouseira no século XV] es una lanza de hierro de hoja estrecha con el nombre Pardo grabado en la misma, que se guarda en el Museo Provincial [de Lugo] y que según la tradición fue encontrada en las inmediaciones del castillo [da Frouseira], lo mismo que una piedra de armas existente en la actualidad en el mismo Museo procedente de una casa de la parroquia de Lagoa, que según la tradición pertenecía a Pardo de Cela" [4].

*Mito e lendas. O Pranto pola Frouseira*

A min chaman toda Mira
Senora do gran tesouro,
Por estrela esclarecida,
Iago neste Valedouro.
De min a triste Frouseyra,
Que por treyçon foy vendida,
Derribada na ribeyra
Ca jamais se veo vencida.
Mas tredor foy que vn mouro
O vilao que me vendeo,
Que de Lugo a Ribadeo
Toudos me tinan temor.
Por treyçon tamen vindido
Iessus nosso Redentor,
E por aquestes tredores
Pedro Pardo meu Señor [5].

*Século XVI*

Fidalgos que loitaron na Frouseira contra o mariscal Pedro Pardo de Cela [6].

"Nada sabemos deses homes que morreron no asedio ao derradeiro reducto de Pardo de Cela, tan só nos consta a existencia de mortos, supoñemos que ambos bandos, que foron soterrados en San Martiño.

[1] Depositouna don Carlos Pedrosa Pérez no Museo Provincial de Lugo no ano 1933. Información facilitada polo MPL a Xesús Pisón o 01.07.2013.
[2] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 81.
[3] Xesús Pisón, 26.06.2013.
[4] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 81.
[5] Figura no Memorial da Casa de Saavedra. O orixinal data, ao parecer, do ano 1484; esta é a versión do profesor Antón Meilán García (Mondoñedo, 1950), *Pranto pola Frouseira* (tamén coñecido como *O Cantar do Mariscal*), en "O Mariscal D. Pero Pardo de Cela (Un rebelde contra a Igrexa mindoniense e os Reis Católicos)", *Casahamlet*, Revista de Teatro, núm. 12, Isaac Ferreira (dir.), A Coruña, maio de 2010, páx. 42. Tamén existe o R*omance de Pardo de Cela*, de 1484, do que chegaron a nós 54 versos, nunha reconstrución de Xosé M.ª Álvarez Blázquez, que figura en Antón Meilán García, *O "Mito" do Mariscal Pardo de Cela. (Historia, lendas e literatura)*, maio de 2004, páxs. 168-169.
[6] Juan Ramón Fernández Pacios, "Fidalgos mariñáns que loitaron contra Pardo de Cela", http://ogabinetedefoz.blogspot.com.es, 30.11.2016.

De onde eran? Que os motivou a pelexar? Se ben nun principio predominou a idea de que os asaltantes eran mercenarios baixo o mando de Mudarra, agora sabemos que entre as tropas asaltantes tamén había homes fidalgos das terras da Mariña.

Descoñecemos se participaron voluntariamente no cerco ou foron forzados polo novo goberno. Tamén descoñecemos, xa que como fonte documental tan só temos a palabra dada por outros fidalgos, se realmente participaron no cerco ou ben, pola contra, as testemuñas presentadas por eles lles outorgan un mérito que non tiveron. Sexa como fose este artigo recolle un número de fidalgos que loitaron contra Pardo de Cela. Supoñemos que aparecerán máis nomes, de certo agardámolo, pois sería moi gratificante que este breve artigo fose o xerme dun novo campo de investigación.

A documentación que empregamos foi a que se atopa en pares.mcu.es, en concreto a referente ás executorias e preitos de fidalguía que se conservan no Arquivo da Real Chancelería de Valladolid. Na miña defensa debo dicir que non son medievalista e que por iso algúns preitos resistíronseme de tal maneira que non cheguei a poder lelos. Digo isto para que algún dos lectores se anime a continuar e afondar nesta investigación.
Nesta relación aparecen todos os fidalgos que acudiron ao cerco da Frouxeira e que presentaron, posteriormente, preito de fidalguía.
Comezamos co caso de Roi Lorenzo, fidalgo da parroquia de Espiñarcao, concello de Abadím, que preiteaba pola súa fidalguía o 25 de maio de 1509 (Arquivo da Real Chancelería de Valladolid, Rexistro de executorias, caixa 235, 54)" [1].

Ruy Lorenço, de Espiñarcao, parroquia de Romariz (Abadín).
Xoán Díaz, parroquia de Galgao (Abadín).
Alonso Díaz (fillo de Xoán Díz), parroquia de Galgao (Abadín).
Lope de Recaré (fillo de Juan de Recaré) (O Valadouro).
Fernando de Recaré (fillo de Juan de Recaré) (O Valadouro).
Alonso Arias, O Vello, parroquia de San Cosme (Barreiros).
Alonso Arias (fillo do anterior), parroquia de San Cosme (Barreiros).
Diego Pérez, parroquia de San Cosme (Barreiros).
Xoán de Salgueiros, parroquia de San Cosme (Barreiros).
Alonso de los Santos, parroquia de Cabarcos (Barreiros).
Rodrigo de Folgueira, parroquia de Cabarcos (Barreiros).
Fernando de Folgueira, parroquia de Cabarcos (Barreiros).
Fernando Basanta, do coto de San Martiño, lugar de Ferreira (Foz).
Alvar Alonso, lugar de Vilatuíxe, parroquia de Santa Cilla do Valadouro (Foz).
Alonso Vidal, lugar de Vilatuíxe, parroquia de Santa Cilla do Valadouro (Foz).
Diego de Luaces, parroquia de Vilamor (Mondoñedo).
Estevo de Ramallar, parroquia de Bretoña (A Pastoriza).
Pedro Fernández de Porto de Pedre, parroquia de Bretoña (A Pastoriza).
Pedro Alonso, oriúndo do Porto de Rinlo, parroquia da Devesa (Ribadeo).
Fernando Rei (irmán do anterior), do porto de Rinlo [2], parroquia da Devesa (Ribadeo) [3].

## Fidalguía, administración civil e comercio.

"Asimismo hallamos hidalgos que igualmente pueden ser considerados como medianos propietarios, que encontraron en su participación en el comercio, fundamentalmente del textil, una importante fuente de ingresos" [4].

[1] Juan Ramón Fernández Pacios, "Fidalgos mariñáns que loitaron contra Pardo de Cela", http://ogabinetedefoz.blogspot.com.es, 30.11.2016.
[2] Hoxe Rinlo (San Pedro) é parroquia de por si, mais daquela pertencía á parroquia de Santalla de Devesa, conforme nos informa Juan Ramón Fernández Pacios no seu traballo citado.
[3] Relación tirada de Juan Ramón Fernández Pacios, op. cit., http://ogabinetedefoz.blogspot.com.es, 30.11.2016.
[4] C. A. González Paz, "Un alarde en la jurisdicción de Alfoz del Castro de Ouro en el año 1579", *Estudios Mindonienses*, núm. 24, 2008, páxs. 394-395.

Personaxes. Sebastián Díaz de Carballido. Fidalgo comerciante. Cronoloxía: 1579-1587.

"Armas: espada y vallesta y arcabuz y lança" [1].

"Sebastián Díaz de Carballido fue un importante mercader de lienzos. Desarrollando este oficio lo encontramos entre los años 1584 y 1587" [2].

"A mediados de 1585 [Sebastián Díaz de Carballido] aparece desempeñando el cargo de alcalde ordinario de la Ciudad de Mondoñedo" [3].

*Século XIX*

Excursión á Frouseira.

O poeta mindoniense Manuel Leiras Pulpeiro, en compañía de Antón Vilar Ponte e do librepensador Justo Rodríguez Alba (finado en 1897), estivo no histórico pico da Frouseira, onde residira o mariscal Pardo de Cela, e recolleu uns ramos de carrasqueiras que inspirarían un dos seus máis reivindicativos e coñecidos poemas. Anos despois, Vilar Ponte proporcionaríalle a Ramón Cabanillas o argumento do drama en verso titulado *O Mariscal*, que Leiras non puido ver. Este asunto "patriótico" era moi do seu gosto [4].

*Século XXI*

Un pregoeiro ilustre. Ramón Reimunde Noreña. Cronoloxía: 17.07.2004.

"... E a Frouseira segue aí ollando-nos ou tal vez somos nós os que miramos para ela, tratando de adiviñar o pasado, ainda que xa non vemos a torre da fortaleza semellante a esta [do Castrodouro] que coroaba o pico, ou as catro torres que houbo un dia" [5].

[1] C. A. González Paz, "Un alarde en la jurisdicción de Alfoz del Castro de Ouro en el año 1579", *Estudios Mindonienses*, núm. 24, 2008, páx. 407.
[2] ACM. Documentos soltos. Arm. 9. Est. 1. L. 8, núm. 3 e Protocolos, 8. Fol. 7r-v. Reg. Cal Pardo, E., *Mondoñedo: catedral, ciudad, obispado en el siglo XVI*, docs. 4016 e 2688, páxs. 875 e 562. C. A. González Paz, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 24, 2008, páx. 395.
[3] ACM. Protocolos, 14. Fols. 100r-101r. Reg. Cal Pardo, E., *Mondoñedo: catedral, ciudad, obispado en el siglo XVI*, doc. 2641, páx. 552. C. A. González Paz, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 24, 2008, páx. 395, n. 38.
[4] R. Reimunde Noreña, *Ben pode Mondoñedo desde agora*, XII Premio literario Ánxel Fole, Fundación Caixa Galicia, 1988, páx. 22. Tamén estivo na Frouseira o Cronista Oficial de Mondoñedo, Eduardo Lence-Santar y Guitián, excursión que describe el mesmo. J. I. Fernández Villalba, *Mondoñedo, regreso al pasado II*, 2000, páxs. 103-112.
[5] R. Reimunde Noreña, "Pregón do VI Mercado Medieval de Alfoz", 10.07.2004, páx. 2.

## | Torres |

### A TORRE DA AGÜEIRA

Situación: A Agüeira.
Porta con arco de medio punto.
Pequeno patín que dá acceso a un cuarto alto da torre.
Cabozo de catro cepas.
Na actualidade, a torre está sendo utilizada como corte das vacas [1].

"López Ferreiro cuenta que [Pedro Pardo de Cela], no contento con sus propias fortalezas de Cendemil, Villajuan, Frouseira, Carballido [A Agüeira] y otras, se apoderó de la cuidad de Mondoñedo y de gran parte de los bienes de la mitra mindoniense" [2].

### O LUGAR DA TORRE [3]

Topónimo.

## | Pazos e Casas Grandes |

### A CASA DE ALLEGUE

Situación: Allegue.
Estrada CP-0210 (Carballido-Santo Acisclo).
Cronoloxía: tres corpos, dos séculos XVI a XVIII (1706), con ampliacións entre 1960 e 1980.
Reconstruída totalmente a comezos do século XXI.
Capela do século XVII.
Lintel coa data 1706.
Cruceiro neoclásico do século XVIII.
Lavadoiro neoclásico do século XVIII.
Pombal cilíndrico. Está situado nun alto, do outro lado da estrada [4].

Segundo algúns autores, esta é a Casa Grande de Serantes. Os Serantes proceden de Asturias [5].

Figura como Pazo de Allegue no Inventario do Patrimonio Cultural da provincia de Lugo. Histórico-Artístico. Arte: Arquitectura civil. Casas e pazos [6].
Antes de que se configurase o citado Inventario, Santos San Cristóbal xa lle chama pazo, e a primeira construción debeu ser anterior ao século XVIII:

---

[1] É propiedade do Asilo de Mondoñedo, legado de dona Remedios Pardo. Os veciños chámanlle *A Agüeira*, mesmo algúns *A Augueira* (relacionado coa auga), aínda que no Nomenclátor Oficial de Galicia figura *A Agueira* (DOG, núm. 16, 25.01.2000, páx. 973). Visita: Manuel Lourenzo, Xesús Pisón, Isaac Ferreira, Jorge Val Díaz, Xoán Manuel L. Eirís, 31.08.2001.
[2] E. Lence-Santar y Guitián, *El Mariscal Pedro Pardo de Cela. La Santa Hermandad*, 1930, páx. 23.
[3] Non figura no Nomenclátor Oficial de Galicia, DOG, núm. 16, de 25.01.2000, páx. 973.
[4] Visita e fotografías: IF, 30.03.2013.
[5] C. A. González Paz, 16.08.2001.
[6] DOG, núm. 133, 12.07.1991. X. Fariña Jamardo, *Os Concellos Galegos*, t. I, 1993, páx. 74.

"Situado en un paisaje de praderías y arbolado, a la falda de la zona montañosa. Su edificación corresponde a diversas épocas, siendo lo más antiguo una casa cubierta a las cuatro aguas. A esto se añadió en el siglo XVIII una edificación rectangular de piedra labrada con gran chimenea. Pequeña capilla al lado de la vieja edificación" [1].

"La Casa de Serantes, también conocida como de Allegue, en la misma parroquia [que a de Canel, en Carballido], pazo de excelente sillería con capilla, hoy en día [ano 2000] arruinado por un incendio, antigua propiedad de D. Patricio del Seijo y Serantes, farmacéutico, diputado a Cortes por Mondoñedo en el siglo XIX y Presidente de la Junta de defensa de la diócesis" [2].

## A CASA DE CANEL

Situación: Facelude [3].

"En Carballido la [casa] de Canel, en la que se halla refundida la de Quirós, derivadas ambas de antiquísimas casas nobles asturianas" [4].

"En casa del Sr. Canel de Carballido existe una espada que, según tradición, fue de Pardo de Cela" [5].

"La casa de Canel en Carballido a la que pertenecía D. Manuel Canel que tantos problemas dio al marqués de Sargadelos en los enfrentamientos contra la fundición el 30 de abril de 1788. En ella aparece refundido el apellido asturiano Quirós" [6].

## A CASA DOS PINOS

Situación: O Pino. Perto da ponte de Carballido [7].
Signos aparentemente arábigos, ao lado da entrada principal.

## A CASA DE SANTOMÉ [8] (ou CASA DO ADRO ou CASA DE REIMUNDE [9])

Situación: As Pontellas-Piñeirós.
Estrada CP-0202 (Santo Acisclo-Bacoi-Carballido-A Seara), Km 3,800.
Adro da igrexa parroquial.
Planta rectangular con teito ás catro augas, construída en pedra de cantería.
Escudo de armas, redondo.
Pombal cilíndrico.

Figura como Casa señorial de San Sebastián [de Carballido] [10] no Inventario do Patrimonio Cultural da provincia de Lugo. Histórico-Artístico. Arte: Arquitectura civil. Casas e pazos [11].

---

[1] S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, t. II, 1975, páx. 51.
[2] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 131.
[3] Actualmente é propiedade dos Michelena de Mondoñedo.
[4] J. Martínez Cobo, *El Valle de Oro. Apuntes históricos*, 1912, páx. 21.
[5] J. Martínez Cobo, op. cit., 1912, páx. 14.
[6] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 131. Un Manuel Canel y Quirós, de Carballido, propietario, naceu no ano 1815. Documento: escritura de venda. Cronoloxía: 24.02.1876. Colección particular: Orol Freire. Ferreira do Valadouro. Transcrición: IF, 03.11.2001.
[7] Detrás do restaurante *A Naranxa*. Figura en *Contos do Valadouro*, 1998, conto V, páx. 18. Nesta casa vive Darío Fanego Pardo, *O Chaio*. Colección fotográfica: Manuel Lourenzo.
[8] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 129.
[9] Actualmente é propiedade de Xosé Reimunde Noreña.
[10] Tamén se menciona como O Muíño do Pazo, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. I, páx. 255.
[11] DOG, núm. 133, 12.07.1991. X. Fariña Jamardo, *Os Concellos Galegos*, t. I, 1993, páx. 74.

“Junto a la iglesia parroquial, casa señorial de piedra sillería con portalada de arco adintelado, frontón y bolas de remate” [1].

“Próxima a la iglesia de S. Sebastián de Carballido se encuentra la casa de Santomé vinculada a los Santomé de Lourenzá... En el año 1762 era cabeza de la casa D. Antonio Santomé y Aguiar. Los Santomé descienden de D. Fernando de Alaje, de quien fue primogénito D. Pedro López Santomé y Aguiar. Perteneció a este ilustre linaje el canónigo D. Félix Santomé. En la actualidad la casa pertenece a la familia Reimunde” [2].

Personaxes. Félix Santomé y Aguiar. Cronoloxía: 1809-1814.

“Félix Santomé y Aguiar. Natural de Carballido, canónigo de Mondoñedo, arcediano de Montenegro, examinador sinodal de su obispado. Defensor de la provincia de Mondoñedo en la guerra de la Independencia. Ilustrado de formación cultural francesa. No puede considerársele *afrancesado* sino legitimista.
En Marzo de 1809 se le acusa de ser espía de los asturianos, así como de instigar el asesinato del alcalde mayor de la ciudad de Mondoñedo. Preso por el ejército de Mauricio Mathieu se le degrada de su dignidad de canónigo y recluye en un convento de la ciudad de Ferrol. Las negociaciones del arcediano de Vivero D. Andrés García Fernández y de D. Andrés Santomé ante el duque de Elchingen procuraron su libertad y restablecimiento a su dignidad.
En Junio de 1810 fue representante de la Junta de armamento y defensa de Mondoñedo. En 1813 fue pretendiente a la plaza de inquisidor. Destaca un documento impreso en Madrid fechado el 21 de octubre de 1814: *Relación impresa de los ejercicios literarios, grados, méritos y servicios del Dr. D. Félix Santomé y Aguiar.* Benefactor de la iglesia de Carballido” [3].

*A industria do liño nos séculos XVI a XIX*

“Industria de la que se benefician comerciantes como D. José de la Vega y Río de Lagoa [vinculado á Casa Grande do Rizal, morto en 1775] o los Santomé de Carballido asociados con los Díaz de Labrada. Los comerciantes contrataban la labor con las hilanderas negociando con mercaderes de Castilla a través del mercado de Ferreira” [4].

“Los Santomé de Aguiar de Carballido obtenían sus rentas del comercio del lino, arrendamiento de tierras mediante sistema de aforamiento, trabajo directo de las mismas o explotaciones ganaderas; la idea básica era la obtención de una cantidad de capital destinada al engrandecimiento de su vínculo” [5].

## A CASA DO TRECE [6]

Situación: O San Antonio-O Trece.
Porta con arco de medio punto.
Xanela que semella renacentista, está cortada [7]. Parece adaptada doutro sitio [8].
Debaixo da xanela tiña un escudo de armas, hoxe desaparecido.
A casa está retellada e ten restaurada unha das fachadas.

[1] S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, t. II, 1975, páx. 52.
[2] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx.. 129.
[3] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páxs. 150-151.
[4] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 94.
[5] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 101.
[6] Foi propiedade dos Salgado de Nois.
[7] X. X. Casabella López, 10.09.2001.
[8] Visita: J. Val Díaz, M. Lourenzo, X. Pisón, I. Ferreira, E. Villanueva, X. M. L. Eirís, 21.08.2001.

## Escudos de armas

Situación: Casa de Allegue.
Estrada CP-0210 (Carballido-Santo Acisclo).

Situación: Casa de Santomé (ou do Adro ou de Reimunde).
Estrada CP-0202 (Santo Acisclo-Bacoi-Carballido-A Seara), Km 3,800.
Escudo da liñaxe dos Mariño; ten como motivo unha serea e vieiras.
Andrés Canoura dános unha descrición diferente e pormenorizada do escudo.

"[A casa de Santomé] Presenta agregado un escudo de la casa de Miranda: redondo, destacando en un solo campo cinco damas de torso desnudo portando veneras que bien pudieran hacer referencia al llamado peito bordelo o tributo de las cien doncellas. En bordura destaca la siguiente inscripción: DECUS MIRANDA PROPAGO FAMINEN SERVATE" [SERVATE DECUS . MIRANDA . PROPAGO FAMINEVM] [1].

"Pedro de Miranda, señor da casa do Adro de Carvallido, onde está o seu escudo e desta Torre do Castro" [2].

"Os Mariño, Mariña, Padín e outros apelidos..., descenden de Pasitea, serea grega que nalgún lugar da costa galega tivo amoríos con Roldán, paladín [Padín] de Francia, cuxa morte deu lugar á Chanson de Roland. De aí veñen as sereas do escudo de armas dos Mariño.
Cóntao, entre outros, Gonzalo Torrente Ballester no seu libro *El cuento de Sirena* [3]. Parece que Torrente tamén era da familia, non sei de que rama, á que tamén dicía pertencer Álvaro Cunqueiro pola parte dos Mariña de Lobeira. Eu, que levo o Mariña de terceiro por parte de pai, estou encantado de tan fabulosos parentescos mitolóxicos" [4].

### ESCUDOS DE ARMAS DESAPARECIDOS

Situación: Casa do Trece. O San Antonio-O Trece.

## Outros lugares de interese

### O LAVADOIRO DE ALLEGUE

Situación: Casa de Allegue.
Cronoloxía: século XVIII.
Estilo: neoclásico.
Cuberto. Fonte e pío.
Restaurado a comezos do século XXI [5].

[1] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 129. IF, 16.08.2016.
[2] R. Reimunde Noreña, "Pregón do VI Mercado Medieval de Alfoz", 10.07.2004, páx. 2.
[3] Nota dos autores: relato, escrito en 1978, publicado en 1992, Editorial Juventud; existe unha versión de Ed. Ézaro, 2010, con ilustracións de Miguelanxo Prado: "«El narrador del mismo "parte de la leyenda que recoge en su Nobiliario el conde de Barcelos para contarnos una versión actualizada de la leyenda de los Mariño"». Rodri García (2010). "Miguelanxo Prado ilustra el relato de Gonzalo Torrente Ballester ««El cuento de Sirena», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 08.11.2010.
[4] Miguel Vila Pernas, Facebook, "Eres de Ferreira do Valadouro si...", 13.08.2016.
[5] Informante: Ángeles Parga Pardiñas; publicou unha fotografía en Facebook, o 16.02.2017 (IF).

## As barcas do Trece

En Carballido téñense atopado barcas de madeira enterradas nos prados, e é que cando aquela parroquia estaba cuberta polas augas, os veciños pasaban embarcados para a Feira do Trece [1].

## A Ventá da Frouseira

Din que cando o sol bate na Ventá da Frouseira son as once, e cando dá máis arriba, as doce [2].

## As tres casas do Valadouro

Hai tres casas no Valadouro que se fixeron coa condición de que o Mariscal non as vise desde a Frouseira: a de Allegue, a de Fontao e a Casa dos Pinos [3].

## A Casa de Allegue

Na Casa de Allegue, sita ao pé mesmo da Frouseira, tíñanse atopado tempo atrás bolos de ouro [4].

## A Casa dos Pinos

Á Casa dos Pinos chámanlle así porque tiña dous piñeiros de sombra dunha raza que non era do País. E como a casa estaba en Carballido, ao pé da Frouseira, cando baixaba o Mariscal ao Valadouro, sentaba á sombra deles para descansar, e os da casa agasallábano con café [5].

## O pasadizo da Frouseira

“Una leyenda que me pareció bastante curiosa y que se repite a lo largo de nuestro valle con ciertas variantes es la que habla de un hipotético mundo subterráneo formado por túneles y pasadizos que unen unos castros con otros. De esta manera los mouros de la Frouseira se comunican con el Castro de Ouro a través de un corredor con paredes de oro y latón” [6].

## O Gran Mariscal

O Gran Mariscal, don Pedro Pardo de Cela, recolleuse para a súa torre da Frouseira cando comezaron a asedialo por envexas os sicarios dos reis de Castela, co beneplácito dos condes e do clero do País, que temían o seu poder crecente, pois casara coa filla do Conde de Lemos, o señor máis poderoso daquel tempo, e cobraba as rendas de Mondoñedo, concedidas polo bispo don

[1] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, 2005, conto II, páx. 17.
[2] E. Lence-Santar, *Etnografía Mindoniense*, edición de Armando Requeixo, febreiro de 2000, páx. 89. Esta versión figura en X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto XII, páx. 19.
[3] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto XIII, páx. 19.
[4] A. Reigosa [Carreiras], “O lendario popular arredor do Mariscal Pardo de Cela”, *Candea Branca*, núm. 2, Revista editada polo Seminario de Estudos do Valadouro, Xaneiro 2017-Xullo 2018, páx. 23; tirado de José Villaamil y Castro, *El Compostelano*, núm. 5.810, 11.07.1939.
[5] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto XIV, páx. 19.
[6] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 37.

Fadrique [1], tío da súa muller. Aproveitando que Don Pedro tamén se fixera alcalde de Viveiro, arrebatándollo á Coroa, mandaron os Reis Católicos que viñese o comendador Chinchilla a pór orde en Galiza. E así foi como xuntaron unha tropa, comandada polo capitán francés Mudarra, e rodearon a Frouseira. E pasaban os meses e non daban pillado a Don Pedro, que adoitaba baixar, aproveitando a noite, ao Castrodouro, por mor de visitar a unha tal Fonsa Iáñez, que tiña casa alí. Algúns din que non era tal Fonsa, senón Fonso, un aliado do Mariscal. O caso foi que non podendo sometelo pola forza, os inimigos recorreron á traizón, comprando a un grupo de criados de Don Pedro, que lles dixeron cando ía baixar ao Castro e onde o podían prender. O Mariscal caeu na trampa e foi levado preso a Mondoñedo con grandes medidas cautelares. Metérono en prisión atado a unha cadea que aínda hoxe pode verse e que chaman A Mariscala, e condenárono a morrer decapitado. A muller cabalgou sen descanso até Medina del Campo, onde estaba a Raíña Isabel, para pedir o indulto, graza que lle foi concedida. Púxose outravolta de camiño para Mondoñedo, e en chegando á ponte de Ruzos, no barrio dos Muíños, que hoxe chaman Ponte do Pasatempo, unha xente armada cerroulle o paso dicíndolle que non levara présa, que Don Pedro estaba a salvo. Mais era para darlle tempo ao verdugo de facer o seu labor, pois de alí a pouco tocaron as campás, e era que xa caera a cabeza do Mariscal. Tamén conta a lenda que esta, separada do corpo, foi a rolo pola praza abaixo, dicindo: “credo, credo, credo” [2].

## A forza física do Mariscal

[Pardo de Cela] era posuidor dunha descomunal forza, pois,..., era quen de lanzar unha barra de ferro desde a fortaleza da Frouseira ata o Castro de Ouro, a unha legua de distancia [3].

## As manías do Mariscal

O Mariscal non podía ver no Valadouro unha casa que fose branca, e se unha muller vestía dengue ou outro paxel colorado, mandaba que llo tirasen [4].


## As Penas de Oirán e da Frouseira

*Se as penas de Oirán foran pan,*
*as da Frouseira manteiga*
*e o río de Ouro viño mouro*
*quen podería cos do Valadouro* [5]

[1] Nota dos autores: en realidade o parente da Condesa de Lemos, D.ª Beatriz de Castro, era D. Pedro Henríquez de Castro (bispo de Mondoñedo en 1426-1445). D. Fadrique de Guzmán (1457-1492) era bispo de Mondoñedo cando mataron a Pardo de Cela.
[2] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, 2005, conto XVI, páxs. 19-20.
[3] A. Reigosa [Carreiras], “O lendario popular arredor do Mariscal Pardo de Cela”, *Candea Branca*, núm. 2, Revista editada polo Seminario de Estudos do Valadouro, Xaneiro 2017-Xullo 2018, páx. 22; tirado de José Villaamil y Castro, *Semanario pintoresco español*, núm. 8, 22.02.1857.
[4] E. Lence-Santar, *Etnografía Mindoniense*, edición de Armando Requeixo, febreiro de 2000, páx. 88. Esta versión figura en X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto XVIII, páx. 21.
[5] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 38, n. 3.



*Igrexa parroquial.*
Carballido.
Cronoloxía: 1793.
Estilo: barroco.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 13-09-2000.




*Igrexa parroquial de Carballido.*
Cronoloxía: 1793.
Estilo: barroco.
Plano da planta.
Elías Valiña Sampedro,
Nicanor Rielo Carballo,
Santos San Cristóbal Sebastián,
José Manuel González Reboredo.
*Inventario Artístico de Lugo y su provincia,*
tomo II, 1976, p. 50.



*Cruceiro da Agüeira*
*ou da Penalada.*
Carballido.
Situación actual: A Rega.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 30-03-2013.



*Cruceiro de Allegue.*
Carballido.
Cronoloxía: século XVIII.
Estilo: neoclásico.
Situación inicial.
Foto: Miguel Vila Pernas.
Data: 2ª metade dos anos '80.



*Cruceiro de Allegue.*
Carballido.
Cronoloxía: século XVIII.
Estilo: neoclásico.
Situación actual.
Foto: Juan Manuel López Acebo.
Data: 25-02-2017.



*A Frouseira*
Carballido
Restos da fortaleza
Cronoloxía: séculos XII-XV
Foto: Isaac Ferreira, 12.09.2000






*A Frouseira.*
Carballido.
Cronoloxía: ss. XII-XV.
Restos.
Fotos: Isaac Ferreira.
Data: 12-09-2000.



*Pedra de armas*
*A Frouseira*
Carballido
Cronoloxía: século XV
Escudos dos Pardo e dos Castro
Posibelmente da Casa da Farda (Lagoa)
A cadea é *A Mariscala*
Situación actual: Museo Provincial de Lugo
Fotografía: Museo Provincial de Lugo
Data: xuño de 2013



*Pica de ferro*
*A Frouseira*
Carballido
Cronoloxía: probabelmente do século XV
Situación actual: Museo Provincial de Lugo
Depositada como procedente de Adelán
Fotografía: Museo Provincial de Lugo
Data: xuño de 2013





*Torre da Agüeira.*
Casa-torre.
Carballido.
Fotos: Isaac Ferreira.
Data: 21-08-2001.



*Casa de Allegue.*
*Carballido.*
Reedificada: com. séc. XXI.
Foto: Ángeles Parga.
Data: 02-03-2017.



*Casa de Allegue.*
*Carballido.*
Cronoloxía: ss. XVI-XVIII.
Reedificada: com. séc. XXI.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 30-03-2013.





*Casa de Allegue.*
Carballido.
Cronoloxía: ss. XVI-XVIII.
Reedificada: comez. do séc. XXI.
Fotos: Juan Manuel López Acebo.
Data: 25-02-2017.





*Casa de Reimunde.*
Carballido.
Fotos: Isaac Ferreira.
Data: 20-05-2001.



*Casa de Reimunde.*
Carballido.
Escudo de armas.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 20-05-2001.





[...] Los Reyes, a través de sus enviados, fueron especialmente magnánimos con el Arzobispo, como lo habían sido antes con todos los que se sometieron a su autoridad. En este caso con mucha mayor razón, pues a favor de Fonseca debieron pesar sus importantes servicios a la causa. Por eso, o acaso por todo, se apresuraron a apartarlo del conflictivo escenario gallego, promoviéndolo rápidamente a la presidencia del Consejo Real. Se trató, sin duda, de un altísimo honor y de una indiscutible muestra pública de la gratitud regia. Pero la maniobra tuvo sin duda su segunda intención; con Fonseca fuera del escenario, Acuña y Chinchilla se encontraron con el campo libre para proseguir con su labor de sometimiento y pacificación" [2].

"La fuerza de don Fernando de Acuña se había basado hasta entonces en las *trescientas lanzas, todas a la jineta*, que había traído de Castilla, y en las propias milicias de la Hermandad, donde estaban los más poderosos enemigos del Arzobispo, que lo eran a su vez de quienes habían sido sus más firmes aliados: el Conde de Lemos y el propio Mariscal Pardo de Cela [convén lembrar aquí que isabelinos todos tres]. Ahora, avalado por su reciente triunfo, don Fernando de Acuña contaba, sobre todo, con una reacción general muy favorable...
[...]
... La evidencia está, sin duda, en las acusaciones y denuncias contra la nobleza, que por entonces se generalizaron. Se sabe, desde luego, de algunas que apuntaron directamente al Mariscal y que, varias de ellas, partían de la retorcida personalidad del Corregidor Fernando Cerón. Sin embargo, Pardo de Cela no fue el único destinatario. El viejo Conde de Lemos, don Pedro Álvarez Osorio, por ejemplo, fue objeto de muchas otras iniciativas semejantes" [3].

## *A traxedia do Mariscal*

"... Conviene ahora volver a recordar a los dos grandes enemigos del Mariscal: el avieso Corregidor Fernando de Cerón, y sobre todo el influyente Diego de Andrade. Los dos, pero especialmente este último, apoyaron las medidas de Acuña; también lo hizo el Conde de Altamira, que tampoco era muy afecto al Mariscal. La posibilidad de una auténtica confabulación cobra así indudable sentido, si bien no es posible afirmar nada en relación con la cuestión. Sí hay, sin embargo, un hecho cierto que abona la hipótesis. Me refiero, como ya lo avancé hace casi veinticinco años, a la falta de un heredero varón legítimo al frente de la gran Casa de Lemos. Se sabe mucho de los largos y agrios debates entre el nieto bastardo del viejo Conde de Lemos –o su hijo bastardo, al cual después él mismo hizo pasar por nieto– y las hijas nacidas de sus dos matrimonios. Por eso es fácil comprender también que la primogénita de todas, que lo era doña Isabel de Castro, la mujer del Mariscal, tuvo necesariamente que posicionarse ante la eventualidad de una herencia tan fabulosa. Entiéndase, sólo con este lógico apuntamiento, que la situación del momento y la posibilidad de que Pardo de Cela uniera a su propio patrimonio, que era muy importante en el Norte de Galicia, todo o parte de los vastísimos estados de Lemos, son razones más que suficientes –poderosas exactamente– para admitir el supuesto de toda una conjura perfectamente orquestada.
Por desgracia, la pérdida de todo rastro documental [!!!] casi desde los primeros momentos de la campaña militar desplegada contra Pardo de Cela por los representantes regios, no permite hacer mayores precisiones. Lo indudable es que, a partir de la muerte de su suegro, acaecida como queda dicho en los primeros días del mes de febrero de 1483, se abrió el capítulo final. Son los momentos más oscuros y nada se sabe ya a ciencia cierta. Sólo caben las sospechas, las conjeturas y,

[1] AGS. Registro General del Sello. IX-1480. Fol. 134.
[2] E. Pardo de Guevara y Valdés, "El Mariscal Pardo de Cela: Leyenda, mito y realidad", en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páxs. 35-37.
[3] AGS. Registro General del Sello. IX-1480. Fols. 137, 152, 176. E. Pardo de Guevara y Valdés, op. cit., en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páxs. 37-38 e n. 51.

naturalmente, la aceptación de la tradición en lo que respecta al hecho mismo de su prisión y muerte" [1].

"Los pasajes del relato tradicional son en este punto muy precisos. Se dice, en primer término, que el Mariscal fue capturado en esta casa de Castro de Oro [sic] el 7 de diciembre de 1483, y se dice asimismo que el desenlace lo facilitó la traición de algunos criados suyos –veintidós exactamente–, al frente de los cuales figuraría un tal Roy Cofano, vecino del Valle de Oro [sic]. Si se aceptan además otros pasajes, cabrá admitir también que hubo algún tipo de negociación e, incluso, ofrecimientos de dinero con el fin de salvar la vida del preso. De ahí el poco creíble viaje *a uña de caballo* de doña Isabel de Castro y el consiguiente detalle, todavía menos creíble, de la *ponte do Pasatempo*, donde aquélla habría sido entretenida por los *coengos* mindonienses hasta que las campanas de la catedral tocaron a muerto" [2].

"Por lo demás, todo apunta a que en estos acontecimientos tuvieron también un cierto protagonismo los cuadrilleros de la Santa Hermandad, participando en el hecho personas del entorno familiar del Mariscal. Consta documentalmente, cuanto menos, la presencia e intervención directa de Álvaro González de Ribadeneira, personaje muy bien conocido en el concierto nobiliario gallego, quien después tomó también el título y oficio de *mariscal*" [3].

"Nada se sabe respecto al proceso que se le pudo seguir a Pardo de Cela y poco es, por consiguiente, lo que puede afirmarse con seguridad respecto a este punto. Pese a todo, es fácil suponer que así pudo ocurrir. Herbella de Puga, cuanto menor, lo afirma con toda claridad al aludir a las facultades otorgadas a Fernando de Acuña..." [4].

"La posibilidad de que se hubiera seguido, en efecto, un procedimiento judicial lo avala y explica no sólo la... real cédula de de 1480, donde se especifican los poderes otorgados a los enviados regios [Fernando de Acuña, Chinchilla]. Pero más que esto, la sola existencia de un testamento, que el Mariscal habría otorgado en Mondoñedo el 1 de octubre de 1483 y del que dio fe un notario mindoniense de nombre Pedro López. Por desgracia, el contenido de este instrumento no nos es conocido en su literalidad, aunque sí se sabe de algunas cláusulas concretas, además de su sentido general, sin que nada haya en él que aclare las razones de su tragedia. No obstante, el solo hecho de su otorgamiento en la ciudad de Mondoñedo, apenas dos meses antes de su prisión y muerte, resulta ya muy significativo en sí mismo y no deja de suscitar nuevas dudas e interrogantes. Lo más relevante, de momento, es que pone de manifiesto la presencia del personaje en esta ciudad en los comienzos del mes de octubre de 1483, lo que no parece admisible en medio de la campaña militar, sino sólo tras ella. De ahí, pues, que no sea disparatado vincular este instrumento con la proximidad de un fatal desenlace y suponer, en fin, que la prisión de Pardo de Cela tuvo que ser anterior a aquel primer día de octubre y no el 7 de diciembre, como se afirma en la *Relación*.
Cierto o no, el acto final se materializó, como es bien conocido, el 17 de diciembre, en el centro de la plaza mayor de Mondoñedo. La tradición, que recrea el drama, tomando partido naturalmente por el infortunio, carga las tintas en este hecho culminante" [5].

"El fulminante relevo de don Fernando de Acuña como Gobernador y Justicia mayor del reino de Galicia, que se documenta apenas tres meses después de estos acontecimientos, puso punto y final a la tragedia del Mariscal don Pedro Pardo de Cela. Esta postrera medida es, pues, el único aire de justicia –o de reparación– que la Historia de momento nos permite. No es poco y, sin duda, merece una relectura más detenida" [6].

*A versión do filólogo e profesor Antón Meilán García*

[1] E. Pardo de Guevara y Valdés, "El Mariscal Pardo de Cela: Leyenda, mito y realidad", en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páxs. 46-47.
[2] E. Pardo de Guevara y Valdés, op. cit., en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páxs. 47-48.
[3] E. Pardo de Guevara y Valdés, op. cit., en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páx. 49 e n. 68.
[4] E. Pardo de Guevara y Valdés, op. cit., en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páx. 50.
[5] E. Pardo de Guevara y Valdés, op. cit., en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páxs. 50-51.
[6] E. Pardo de Guevara y Valdés, op. cit., en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páx. 51.

Discrepa Meilán do profesor Mayán e mais do doutor Pardo de Guevara y Valdés no tocante á relación de Pardo de Cela co bispado de Mondoñedo.

«Don Pero Pardo de Cela foi un nobre galego de finais do século XV, a quen fixo Mariscal [o rei] Enrique IV. Nado en Irixoa (Betanzos) foise para Mondoñedo porque o seu pai era encomendeiro de dito bispado (1381), cargo que levaba en nome da casa de Lemos e que desempeñaría despois o propio Mariscal. Neste bispado, entre Mondoñedo, Viveiro e O Valadouro, forxou a súa historia de "forca e coitelo" entre o pobo e de "rebelde" contra os cregos do bispado mindoniense e a coroa de Castela, onde chegou a ser o cabaleiro máis temido e poderoso de toda a Mariña luguesa, así o recolle o *Pranto da Frouseira* "Que de Lugo á Ribadeo / Toudos me tinan temor"» [1].

«A primeira noticia de Pardo de Cela en Mondoñedo témola por un documento do ano 1437, sendo bispo D. Pedro Enríquez de Castro (1426-1445) [2]. Este era irmán de D. Fadrique, Duque de Arjona, conde de Trastámara, polo tanto irmán de Dª Beatriz de Castro, Condesa de Lemos. A filla máis vella dos Condes de Lemos, Isabel de Castro, casou con Pardo de Cela en Mondoñedo, así o pon a *Relaçón da carta xecutoria* "este (o bispo) trouxo consigo a Doña Isabela de Castro, que era muy nova, e casoa co Mariscal, doulle en dote a renta [sic] do seu Obispado por dias de sua vida, salvo un tanto que tomou pra seu sustento". E de aquí xorden parte dos males do Mariscal xa que "despois de feyto o casamento algus dias, morreu o bispo". O bispo morre no 1445 polo que Pardo de Cela marcha para Viveiro, sen querer abandonar os provilexios que adquirira en Mondoñedo, pois entre a encomenda da que se di "que harto tenía para su sustento con lo que le producía su cargo de Comendero del Obispado de Mondoñedo" e os bens e rendas "dotales" que seguía percibindo pola forza, ten razón Vasco de Aponte cando escribe "no comía dinero dél, porque comía todo el obispado de Mondoñedo". Por iso hai que crer que este foi un dos motivos da súa degolación, que tamén o recolle a Relaçón "tomando as rentas do Bispado, vno e outro, por força, é donde se encontravan as suas gentes ivan as maos, é de aquí lle veo muyto dano ó Mariscal, que por defender á dote, pegava nos Cregos, é Segreres, é os matava, é podía mais co Bispo, é outros Cavaleyros"» [3].

*As forzas, os poderes e os bens do Mariscal*

«No ano 1458 Pardo de Cela e Isabel de Castro mercaron bens na Veiga de Landrove (Viveiro) e en Galdo (a casa do Carballo de Galdo, o seu morgado). Na década do 1450 tiñan a consideración de "nobres de primeiro rango", e na do 1460 Pardo de Cela era alcalde, "justiçia e gobernador" en Viveiro e "justiçia e comendeiro" da sé mindoniense. [O rei Enrique IV dende o ano 1464 concédelle un acostamento de 40.000 marabedís e dez anos despois xa firma co título de Mariscal (1474)] [4]. Tiveron dúas fillas: Beatriz e Constanza, as que ao casaren lle reportan máis prestixio social e forza militar, feito que salienta Vasco de Aponte "Desque fue gran señor el mariscal Pedro Pardo, casó su hija Doña Beatriz con Pedro de Bolaño, y sacose toda la casa de Ribadeneyra, que con la casa de Ron amellorávase o competía con la de Don Diego de Andrade" e segue "Y por otra parte tambien vino Pedro Pardo con toda su familia y capitanes de su casa: Ruy Gonçález, Pedro Pardo de Cavarcos, Gonçalo Bezerra de Navia, sus sobrinos y otros principales, Pedro de Bolaño con toda su casa, Lope Núñez de Ron y Sancho López, su yerno, con mil y quinientos peones, que haçían por todos çien lanças y çinco mil peones y algo más", do que sinala "que poco o nada les faltaba para ser la mitad de Galiçia". A súa filla Constanza casa de segundas con Fernán Ares de Saavedra.
Foi señor de varias fortalezas, castelos e casas fidalgas como: as de Cendemil, Frouseira, Santa Cruz e de San Sebastián de Carballido no Valadouro; a de Muras; a de Vilaxoán en San Martín do Pino, a casa de Vilaguisada, Samarugo, Castromaior, a fortaleza de Sobrado de Aguiar, a casa forte da Barreira, a casa de Santa M.ª de Saavedra, o castelo de Penadreda, o solar antergo dos Aguiares, a casa de Guitiriz e de Taboi, a casa do Carballo en Galdo, [o pazo da Regueira en Xove] [5], o Coto de Cajorro, o castelo de Mirabeti e o da Cueba [en San Xoán de Covas?] [6], o de Vilamaior en

[1] A. Meilán García, "O Mariscal D. Pero Pardo de Cela (Un rebelde contra a Igrexa mindoniense e os Reis Católicos)", *Casahamlet*, Revista de Teatro, núm. 12, A Coruña, maio de 2010, páx. 40.
[2] Segundo Enrique Cal Pardo, 1427-1445.
[3] A. Meilán García, op. cit., *Casahamlet*, Revista de Teatro, núm. 12, maio de 2010, páx. 40.
[4] A. X. Meilán García, "A orixe e o desenvolvemento do mito de Pardo de Cela ata o século XX", en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páx. 224.
[5] "[Pazo da Regueira, en Xove] No que parece que viviu nos últimos anos, a medio camiño entre Mondoñedo e Viveiro, perto da Frouseira e ao pé de Burela, onde vivía a súa filla Beatriz con Pedro Bolaño". A. X. Meilán García, op. cit., en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páx. 224 e n. 163.
[6] A. X. Meilán García, "A orixe e o desenvolvemento do mito de Pardo de Cela ata o século XX", en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páx. 224.

Mondoñedo, o pazo de San Clemente de Morás, etc., así como as xurisdicións territoriais de Celeiro de Mariñaos [outorgado polo Mosteiro de Vilanova de Lourenzá] [1], ou os lugares de Quende, Galgao e Bembribe» [2].

*1476-1478: A estrela do Mariscal comeza a apagarse por Viveiro*

Existe unanimidade de opinión entre os profesores Mayán e Meilán en que o punto neurálxico e o groso do conflito para Pardo de Cela está en Viveiro. Discrepan no tocante á actitude e posicionamento da Igrexa mindoniense nos acontecementos.

«Dous foron os seus centros de poder e gloria mais tamén de desgracia [sic] e morte: por unha banda, o bispado mindoniense, ao que lle disputou as rendas, e por outra, o concello de Viveiro, do que pretendeu ser dono e señor. No primeiro caso, Pardo de Cela mantivo ata a súa morte un turbulento "man a man" cos cóengos do que parece que saía beneficiado e no segundo, ao caer en desgraza cos Reis Católicos, expúlsano do Concello de Viveiro e zonas limítrofes, o que o leva a enfrontarse abertamente ao Poder Real, enfrontamentos, coa Igrexa e o Estado, que o abocan primeiramente a manter unha rexa loita coas tropas reais na Frouseira, despois a ser traizoado polos seus criados e, por último, a ser degolado un 17 de decembro de 1483, diante a Catedral mindoniense, da que non saíu nin un xesto de axuda, perdón nin misericordia, unicamente –supoñemos– presentouse algún confesor para bendicir o axustizamento ("*morreu con gran arrepentimento de seus pecados, e sinás de bo Christao*"). Esta morte de loita rexa, traizón e degolamento convérteo en mito, mito que no século XIX remata por fagocitar ao Pardo de Cela real» [3].

As liortas coa Igrexa mindoniense.

«... houbo bulas papais e advertencias de bispos por denuncias de roubos á mitra e temos ao menos unha carta de D. Fadrique de Guzmán (1457-1493) onde claramente apunta a *"un home poderoso"* que fai roubos, mortes, atropelos a cregos e a xente en xeral, que confirman ese enfrontamento entre a Igrexa (sempre poderosa e con diñeiros) e Pardo de Cela, é dicir, este documento [a carta de don Fadrique] demostra claramente que existiron eses enfrontamentos o que vén a confirmar o que pon a Relazón sobre as causas da súa morte, que llas atribúe fundamentalmente a esas loitas coa Institución eclesiástica. A carta do bispo mindoniense, D. Fadrique de Guzmán, escrita no 1477, é indiscutiblemente moi clarificadora neste senso e di:

*por sy e en nombre de la dicha su yglesia e de los clerigos e curas e beneficiados del dicho su obispado disiendo que algunos caballeros e otras personas poderosas del regno de Galisia pospuesto todo temor de Dios y de los reyes y en menosprecio de la justicia, non curando de las penas en tal caso por las leyes establecidas les han tomado e ocupado e toman e ocupan çiertos vasallos suyos e otras rentas e pechos e derechos que le perteneçen e han de aver por razon de la dicha su dignidad e ciertas fortalezas e que asymismo fasen pechar e contribuir a los dichos clerigos e curas e beneficiados de su diocesis en algunas cosas que ellos non son obligados, con lo cual el Obispo, la Iglesia e clerigos e curas e beneficiados han resçibido e resciben grand agravio e daño* [4]*,*

é dicir, este escrito vén a disipar calquera dúbida sobre os enfrontamentos de Pardo de Cela coa Igrexa mindoniense. Neste senso, é lóxico pensar que unha vez morto o seu tío bispo e protector, dado a forma de ser do Mariscal (e os demais cabaleiros da época), tratara de cobrar as rendas por medios violentos, como así parece que foi, segundo se comproba claramente nesta carta bispal. Aparte [sic] deste enfrontamento que podemos chamar "persoal" (déranselle as rendas a eles en dote de voda), non hai que esquecer toda a problemática de fondo que tiña establecida a Igrexa coa merindade, que no caso da mindoniense xa viña de lonxe e que curiosamente o exercicio da merindade lles correspondía aos Castro Osorio, nestes anos herdada por Pardo de Cela con case toda seguridade por esta vía. Estamos pois diante unha loita entre dous poderosos, na que cada un defende os seus intereses e na que un deles, Pardo de Cela, dispoñía de todos os medios para

[1] A. X. Meilán García, "A orixe e o desenvolvemento do mito de Pardo de Cela ata o século XX", en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páx. 224.
[2] A. Meilán García, "O Mariscal D. Pero Pardo de Cela (Un rebelde contra a Igrexa mindoniense e os Reis Católicos)", *Casahamlet*, Revista de Teatro, núm. 12, maio de 2010, páxs. 40-41.
[3] A. X. Meilán García, op. cit., en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páxs. 217-218.
[4] E. Lence-Santar y Guitián, *El Mariscal Pedro Pardo de Cela. La Santa Hermandad*, Mondoñedo, 1930, páxs. 20-21. E tamén A. X. Meilán García, op. cit., en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páx. 221 e n. 160.

atacarlles e roubalos e á Institución eclesiástica unicamente lle quedaba patalexar, protestar, defenderse ou mellor tratar de protexer o seu da única maneira que podían con bulas e cartas de protesta. A Igrexa pide axuda a quen lla podía dar: Papas, Reis e Poder» [1].

«Sen lugar a dúbidas, para a Igrexa a morte de Pardo de Cela supoñía un alivio ou unha liberación no senso de que xa non volvería a ter máis enfrontamentos con el (inimigo que fuxe, ponte de prata). Polo demais, os textos anteriores e as actuacións do Mariscal, demostran que estamos diante unha persoa de carácter "violento" e por qué non dicilo "tirano"» [2].

## As liortas co concello de Viveiro.

«O 23 de maio de 1464 Pardo de Cela aínda asinaba como alcalde de Viveiro e encomendeiro da sé mindoniense. Mais o 10 de outubro de 1476 os Reis Católicos césano como rexedor da vila e nomean para o cargo a Tristán de Leguízamo e como Gobernador, a Fernando de Cerón, que eran, ademais, inimigos do Mariscal. Todo apunta a que o Mariscal quixo facerse co señorío de Viveiro e dominar os arredores, erguendo fortalezas e creando portos propios (Masma, Vares, O Barqueiro...). Ao longo de xuño do 1478 recibe catro cédulas dos Reis Católicos onde 1º) se lle esixe un pago de diñeiro á Facenda Real "sin otra luenga nin tardança nin escusa alguna", 2º) se lle expulsa de Viveiro, 3º) se lle prohibe facer calquera edificación de castelos ou casas fortes, e 4º) se lles dan ordes ao Concello de Ortigueira e ao mindoniense de que non o deixen entrar nos seus lindeiros municipais, todo iso tratándoo de "malfeitor" e baixo o mandamento de que procedería contra el e se lle confiscarían todos os seus bens, se non acataba as ordes reais. Quedaba, pois, o Mariscal moi "advertido" e sen moita marxe de "movementos", agás no Valadouro onde tiña unha restra de posesións: a Frouseira, ¿Castro Douro?, Carballido, Sta. Cruz, Cendemil e probabelmente algunha máis.. No 1478, ante o acoso de Fernando de Cerón, é cando pide aos Reis a primeira carta de "seguro e amparo"» [3].

"Sen a protección de D. Pedro Enríquez de Castro, Pardo de Cela pon as súas miras na cidade e concello de Viveiro, zona con máis posibilidades económicas que Mondoñedo, e 20 anos despois, o 27 de Xulo de 1465, é ratificado como alcalde de dito lugar polo Procurador Xeral do Concello, nomeamento que lle vai a permitir seguir o seu ascenso político, social e militar" [4].

### *1467-1469: A primeira guerra irmandiña e as súas consecuencias*

"Pardo de Cela, como su suegro [o Conde de Lemos] y otros muchos caballeros viérase obligado a huir del reino de Galicia, ante la arrolladora acometida de los hermandinos; y tal vez se hallase con el Conde en el cerco de Ponferrada" [5].

«A primeira guerra irmandiña feita entre o 1467 e 1469 indubidablemente afectoulles aos nobres galegos por varias razóns que non se lle escapan a ninguén: a) porque lles derrubaron as súas fortalezas, b) porque tiveron que fuxir de Galiza e c) porque durante o tempo que durou, dous anos longos, foi un período máis de gastos que de ingresos, e de recibir algúns ingresos serían mínimos.

A volta a Galiza dos nobres foi cruel e vingativa. No caso de Pardo de Cela non foi menos. Sábese que cando viña de volta, probablemente de Ponferrada, co seu sogro o conde de Lemos lle dixo aquela frase de *"que ynchiese los carballos de los dichos basallos* (irmandiños)*"* ao que o Conde de Lemos lle respondeu *"que no quería, que no se había de manter de los carballos, que si ellos hizieran [el] mal, que lo pagarían"* [6]. Viñan cheos de vinganza e por suposto tratarían por todos os medios de recuperar os bens perdidos. Así parece que foi, pois a finais de 1469, o Rei Enrique IV recibe unha carta dos veciños de Viveiro [do Concello, di Villa-Amil y Castro] queixándose dos saqueos, mortes e tropelías que facían os nobres galegos na vila e Concello entre os que se atopaba Pardo de Cela:

---

[1] A. X. Meilán García, "A orixe e o desenvolvemento do mito de Pardo de Cela ata o século XX", en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páxs. 220-222.

[2] A. X. Meilán García, op. cit., en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páx. 223.

[3] A. Meilán García, "O Mariscal D. Pero Pardo de Cela (Un rebelde contra a Igrexa mindoniense e os Reis Católicos)", *Casahamlet*, Revista de Teatro, núm. 12, maio de 2010, páx. 41.

[4] A. X. Meilán García, op. cit., en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páx. 223.

[5] E. Lence-Santar y Guitián, *El Mariscal Pedro Pardo de Cela. La Santa Hermandad*, 1930, páx. 18.

[6] "Esta frase coñecémola grazas a Pedro Paxariño de Monforte, que viña con eles e que a dixo como testemuña no preito Tabera-Fonseca". A. X. Meilán García, op. cit., en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páx. 226, n. 166.

*"[por causa de querer ser de la corona real,]* [1] *por algunos caballeros et personas dese Reyno avían seydo muchas veces cercadas et se habían fecho en la villa muchas muertes de omes et robos et quemas et prisiones et rescates et otros males, et que porque después ellos por su mandado se pusieron en la hermandad con las otras ciubdades et villas et lugares del Reyno [...] agora el Conde de Lemos el Arzobispo de Santiago et Fernan Perez de Andrade et Gomez Perez de las Marinas et Pero Pardo de Cela et Alfonso de Lanzós et Galaor Osorio et Juan Flores e otros algunos caballeros e comenderos, con favor de Juan de Vivero et de otros caballeros que fueron en desfacer la hermandad fazen a la villa y vecinos de ella toda guerra et mal et dano robandoles las iglesias et prendiéndolos et rescatándolo[s];"* [2]

Así as gastaban os nobres galegos *"fazen a la villa y vecinos de ella toda guerra et mal et dano robandoles las iglesias et prendiéndolos et rescatándolos"* e con toda seguridade tamén *"muchas muertes de omes et robos et quemas et prisiones et rescates et otros males"*, o apelativo de "tirano quedáballes certamente pequeno» [3].

«No caso do Mariscal Pardo de Cela a volta, se cabe, foi máis cruenta e vingativa. Ademais das queixas dos veciños de Viveiro no 1469, ao longo dos anos 1470 e 1471, o rei Enrique IV mándalle catro cédulas reais prohibíndolle erguer fortalezas, roubar aos veciños e asaltar a vila, feitos que demostran non só a maneira de proceder de Pardo de Cela senón o grado [sic] de desesperación ou présa por dominar a zona política e economicamente [4]. Parece que todas estas actuacións apuntan a que o Mariscal pretendía facerse *"dono e señor"* de Viveiro. Malia a todos estes desmáns, seguía sendo alcalde de Viveiro e gozando da protección de Enrique IV. No ano 1474 é cando manda axustizar aos irmáns Díaz Teyxeyro, pois hai constancia documental no Arquivo da Catedral de Mondoñedo de que o 29 de Xullo de 1474 concédeselle unha canonxía a un tal Pero Gil que fora de Juan González Saco, ao que lle fan renunciar:

*"por la gran traición que tenía ordenada con Fernando Díaz Teixeiro de tomar la Iglesia de Mondoñedo, matar al señor Mariscal y a Alfonso Vázquez de Cabarcos, y poner a sacomano la ciudad,"* [5]

E en vinganza disto, mándaos asasinar. En palabras de Vasco de Aponte:

*"Después de muerto Lope Díaz Teyxeyro, vivieron con él los tres hermanos Teyxeyros (los quales mató Pedro Fernández Machado en Villamayor por mandado de Pedro Pardo); estos tres hermanos tenían todos treinta de a cavallo y mandaban muyto no obispado de Mondoñedo, que los dos dellos eran de iglesia beneficiados;"* [6]

É dicir, Pardo de Cela non tiña ningún problema en eliminar a xente que lle podía estorbar para os seus fins pois non soamente os irmáns Díaz Teyxeyro tiñan moito poder en Mondoñedo senón que apoiaran aos irmandiños ou eran xefes dos irmandiños na comarca. Por estes documentos pódese considerar un "asasino"» [7].

## *1476: O cesamento de Pardo de Cela como alcalde de Viveiro*

[1] E. Lence-Santar y Guitián, *El Mariscal Pedro Pardo de Cela. La Santa Hermandad*, 1930, páx. 10, citando a Villa-Amil y Castro.
[2] *Vid.* E. Lence-Santar y Guitián, op. cit., 1930, páx. 10. A. X. Meilán García, "A orixe e o desenvolvemento do mito de Pardo de Cela ata o século XX", en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páx. 226, n. 167.
[3] A. X. Meilán García, op. cit., en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páxs. 225-226.
[4] *Vid*. J. García Oro, "Viveiro y la familia de los Pardo de Cela", *Estudios Mindonienses*, núm. 4, 1988, páx. 161.
[5] *Vid.* F. Mayán Fernández, *El Mariscal Pedro Pardo de Cela, a la luz de nueva documentación histórica*, 1962, páx. 38. [Esgotado].
[6] *Vid*. Vasco de Aponte, *Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia*, Introd. y edic. crítica con notas, Santiago de Compostela, 1986, páx. 133.
[7] A. X. Meilán García, op. cit., en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páxs. 227-228.

«Aos dous anos de estar no poder os Reis Católicos, o 10 de outubro de 1476, cesan a Pardo de Cela como alcalde de Viveiro e nomean para o cargo a Tristán de Leguizamo [1], mais non soamente o apartan da alcaldía senón ca [sic] raíña Isabel debía estar moi ben informada de quén [sic] era o Mariscal e qué pretensións tiña, pois non contenta con destituílo, o 27 do mesmo mes manda dúas cédulas reais para disipar calquera dúbida sobre a condición política de Viveiro. Na primeira cédula prometía aos cidadáns de Viveiro que a vila ía ser de condición real, polo tanto que estarían baixo a súa protección, e na segunda prohibía expresamente que *"ningún caballero ni persona poderosa fuere osado a maltratar, herir, matar ni hacer fuerza y daño a los vecinos de aquella tierra"* [2], referencia que, como di J. García Oro, apunta ao Mariscal sen citalo [3]. En definitiva, paráronlle "os pés ao Mariscal": non só lle quitan o poder senón que o advirten, mediante Cédula Real, que Viveiro ía ser de condición real e que se pensaba facerse ca [sic] vila, non llo ían a [sic] consentir xa que sería castigado. Aquí comeza o declive do Mariscal» [4].

«Defenestrado da alcaldía de Viveiro, parece que se lle desata toda a ira ao Mariscal pois no ano 1477 e cando o bispo mindoniense, D. Fadrique de Guzmán, escríbelles unha carta aos Reis Católicos na que di *"que algunos caballeros e otras personas poderosas del regno de Galisia"* onde a persoa poderosa non podía ser outra que o Mariscal, que *"les han tomado e ocupado e toman e ocupan çiertos vasallos suyos e otras rentas e pechos e derechos que le perteneçen e han de aver por razon de la dicha su dignidad e ciertas fortalezas"*, isto é, que andaba roubando a todo o mundo, e remata *"e que asymismo fasen pechar e contribuir a los dichos clerigos e curas e beneficiados de su diocesis en algunas cosas que ellos non son obligados, con lo cual el Obispo, la Iglesia e clerigos e curas e beneficiados han resçibido e resciben grand agravio e daño"*, onde di que tamén non se libran das súas tropelías *"clerigos e curas e beneficiados de su diocesis"*. Máis claro imposible... esta carta do bispo mindoniense parécenos moi esclarecedora e significativa sobre a forma de actuar do Mariscal coa Igrexa mindoniense» [5].

### *1478-1480: A reorganización da "Santa Hermandad" e a "pacificación" de Galiza*

«O 18 de febreiro de 1478, os Reis asinan unha cédula para reorganizar a "Santa Hermandad" e o 3 de Agosto de 1480 expiden outra en Toledo para pacificar Galiza, na que se lles dan plenos poderes civís e militares a Fernando de Acuña, como Xustiza Maior, e López de Chinchilla, como Alcalde Maior, e a Luis de Mudarra, como capitán en Galiza, aos que acompaña un corpo de cabalaría de 300 xinetes. Pardo de Cela, diante do que se lle viña enriba, pide aos Reis a segunda carta de "seguro e amparo" e agárdaos na Frouseira, fortaleza inexpugnábel» [6].

«Cinco meses máis tarde da queixa do bispo mindoniense [e mes e medio despois de emitida a Real Cédula para reorganizar a "Santa Hermandad"] É O Rei dende Madrid, o 2 de abril de 1478, e a petición do Concello de Viveiro, quen lle manda a *"Fernand Ceron mi corregidor de la dicha villa"* que entre e tome lugares, cotos e freguesías que o Mariscal tiña no seu poder e que non eran del. Van claramente polo Mariscal e comeza o acoso das autoridades locais dende Viveiro, coa axuda de quen faga falla:

*entrados e tenudos e ocupados a la villa [...] y que "de aquí adelante, non vos ontrometades de ocupar la tierra e terminos de la villa, nin sobrello los prendays nin fatigueys de manera que la villa nin vecinos della non seian agraviados, et si vos [...] lo asy cumplir non quesierdes [...] mando a Fernand Ceron mi corregidor de la dicha villa que vaya á los dichos lugares et los entre e tome [...] e se para lo asy faser favor e ayuda ouierdes menester, mando á los concejos, alcaldes, alguaciles, regidores, caballeros, escuderos, oficiales e omes buenos [...] de todas las cibdades e villas e lugares del reyno de Galicia [...] que poderosamente se junten con Fernand Ceron mi corregidor, para ello e por sus personas e con sus gentes e armas le den e fagan dar todo favor e ayuda, et demas mando que*

---

[1] "O nome difire segundo os autores: Villa-Amil y Castro chámalle Tristán de Lazuiciano; Lence-Santar, Tristán de Laciano; F. Mayán, Tristán de Lousariño; e J. García Oro, Tristán de Leguizamo". A. X. Meilán García, "A orixe e o desenvolvemento do mito de Pardo de Cela ata o século XX", en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páx. 228, n. 171.

[2] *Vid.* F. Mayán Fernández, *El Mariscal Pedro Pardo de Cela, a la luz de nueva documentación histórica*, 1962, páx. 45. [Esgotado].

[3] *Vid*. J. García Oro, *Galicia en la Baja Edad Media. Iglesia, señorío y nobleza*, 1999, páx. 186.

[4] A. X. Meilán García, op. cit., en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páxs. 228-229.

[5] A. X. Meilán García, op. cit., en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páx. 229.

[6] A. Meilán García, "O Mariscal D. Pero Pardo de Cela (Un rebelde contra a Igrexa mindoniense e os Reis Católicos)", *Casahamlet*, Revista de Teatro, núm. 12, A Coruña, maio de 2010, páx. 41.

*parezcades ante mi en la mi corte do quier que yo sea, del dia que vos emplazaren hasta quince dias primeros siguientes, so pena de la mi merced e de orivacion de los oficios e confiscacion de los bienes* [1]» [2].

«Diante todas estas duras queixas do bispado mindoniense e do concello de Viveiro, os Reis Católicos deciden facerlle fronte a Pardo de Cela e toman a iniciativa para deixar moi claro o seu posicionamento sobre O Mariscal. Así dous meses despois de darlle todas as potestades a Fernando de Cerón para ir a por Pardo de Cela, escríbenlle catro Cédulas reais no [sic] que o advirten sen reservas e lle mandan catro sinais inequívocas de que van por el. En efecto, o 10 de xuño de 1478, os Reis esíxenlle a Pardo de Cela o pagamento inmediato *"sin otra luenga nin tardança nin escusa alguna"* dun diñeiro que debe á Facenda Real, débeda que non paga, pois non debía andar ben de diñeiro. Recordemos que un dos "talón de Aquiles" de Pardo de Cela era a liquidez monetaria, así o fai notar C. Barros. Os Reis Católicos empézano a apertar pola parte económica e uns días máis tarde concretamente o 25, 26 e 27 de xuño volven á carga con sendas Cédulas reais tratando de acosalo socialmente e confinalo xeograficamente, isto é, pretenden telo claramente localizado. Na cédula do 25 comunícaselle a expulsión de Viveiro con toda a súa xente...
[...]
... e se polo que fose non cumpre este mandato, seranlle confiscados todos os seus bens, que dende agora quedan confiscados se non fai o que se lle manda...
[...]
Na cédula do día seguinte, a do 26 de xuño, o Rei probablemente informado de que o Mariscal trataba de construír fortalezas e casas fortes, isto é, de asegurar Viveiro e facerse forte no concello, prohíbelle erguer calquer tipo de edificación...
[...]
e incluso advírteno que se tivese algunha en construción, mándanlla tirar baixo pena de confiscación de bens...
[...]
E por último, na cédula do 27 de xuño, o Rei ordena ás autoridades do concello de Santa Marta de Ortigueira e ás do bispado mindoniense que non o deixen entrar nas súas xurisdicións...
[...]
e prégalles que non o acollan...
[...]
Con estas Cédulas Reais, quedáballe a Pardo de Cela totalmente descartada a posibilidade de facerse co señorío de Viveiro e non só iso...» [3].

«Pero aínda hai máis: por mandato dos Reis Católicos do 2 de abril de 1478, tiña detrás del ou se se quere en pé de guerra non só a Fernando Cerón senón a todos os *"concejos, alcaldes, alguaciles, regidores, caballeros, escuderos, oficiales e omes buenos [...] de todas las cibdades e villas e lugares del reyno de Galicia"* polo menos aqueles mandatarios e achegados que estaban implicados nos desmáns de Pardo de Cela...
[...]
Con toda esta situación de acoso enriba do Mariscal, durante este ano de 1478, pide a primeira carta de seguro e amparo á raíña Isabel, que lla outorga, o que quere dicir que o Mariscal era un home "listo e astuto".
Así as cousas, os Reis Católicos seguen o seu plan de "pacificar" Galiza e continúan a súa política. Uns meses antes, concretamente en setembro de 1477, advertiran de que ían a rexurdir a "Santa Hermandad", iniciativa que están dispostos a levar adiante a pesar dos varios intentos de todos os nobres galegos por neutralizala. A súa constitución e funcionamento quedan asinados mediante Real Cédula en febreiro de 1480, que xogará un papel importante na pacificación de Galiza. Pero xa ao longo dos dous anos anteriores, 1478-1480, os Reis conseguiron que case todos os nobres galegos apoiaran á [sic] iniciativa de poñer en funcionamento a Santa Hermandad –agás Pardo de Cela e Pedro Madruga–, e en outubro de 1480 os Reis dan o golpe final e definitivo ao intervir militarmente de forma directa en Galiza. Foron moi habilmente preparando o camiño.
Mentres tanto, no mesmo ano de 1480, o Mariscal segue facendo das súas, pois hai constancia documental de roubos a tres cregos, un deles foi o crego e bacharel Gonzalo García –que tiña o beneficio de Santa Baia de Budián (Ferreira [sic])– a quen non soamente lle obrigan a entregar o

[1] *Vid*. J. Villa-Amil y Castro, "El Mariscal Pardo de Cela", *Galicia Histórica*, 1901, páxs. 153-154.
[2] A. X. Meilán García, "A orixe e o desenvolvemento do mito de Pardo de Cela ata o século XX", en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páx. 230.
[3] A. X. Meilán García, op. cit., en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páxs. 230-233.

froito e os beneficios das colleitas senón que tamén o fan preso ata que non pague 4.000 marabedís [1]» [2].

*1480-1483: Igrexa e Reis contra a familia Pardo de Cela*

«Con este panorama de depredación mariscaliano, chegan a Galiza, a finais de setembro ou a principios de outubro de 1480, Fernando de Acuña, como Gobernador ou Xusticieiro Maior, o licenciado López de Chinchilla, como Alcalde Mayor e Luis de Mudarra, como capitán e guerreiro, cun corpo de cabalería de 300 xinetes mais con eles traen unha Real Cédula, asinada en Toledo o día 3 de agosto, que lles daba todo tipo de poder para impor xustiza civil e criminal, que en esencia dicía o seguinte: *"que os facultaban para decretar desterros, poñer treguas e seguros, prender persoas, etc."*; que coa axuda da Hermandade [sic], nobres amigos e municipios *"quando por vuestra parte fueren requeridos... se junten a vayan con vos con sus armas e caballos a tomar e çercar e derribar las dichas fortalezas e casa[s] fuertes"*, etc.; *"de sus sentencias y mandatos no podría ser apelado ante persona alguna salvo de las sentencias definitivas, en caso que de derecho hubieran lugar, ante los mismos Reyes"*, é dicir, tiñan todo o poder e liberdade para facer e desfacer o que lles viña en gana. Como así foi: nos tres anos que estiveron en Galiza derrubaron 46 fortalezas e fixeron todo tipo de desmáns, en palabras do Cronista Real, Hernando del Pulgar: *"E tan grande fue el terror de la justicia que executaban, que en espacio de tres meses se absentaron de la tierra más de mil e quinientos ladrones e omicianos"*, é dicir, aplicaron a política da [sic] sangue e do terror con quen non se aviña aos seus mandatos e requirimentos. E Pardo de Cela foi un deles» [3].

«Fernando de Acuña e os seus viñeron directamente a Santiago e esíxenlle ao Arcebispo, Alonso de Fonseca, a entrega *"de la Iglesia mayor, con todas las otras fortalezas de su estado"*, mais o Arcebispo opuxo resistencia. En axuda dos mandados reais acudiron D. Sancho, conde de Monterrey, Diego de Andrade, Lope de Moscoso, Conde de Altamira, Pedro de Soutomaior, Conde de Camiña e o Mariscal Sueiro Gómez, faltando á cita Pardo de Cela. Ante tal espectáculo de forza, Alonso de Fonseca pronuncia aquelas verbas tan coñecidas: *"Criados míos, ahí veo estar a los deservidores del Rey que conmigo y con vosotros quieren salvar sus cabezas, nunca Dios tal quisiera, saquemos buen partido y obedezcamos al Rey"* [4].
Conquistado o centro de Galiza e sometido un dos nobres máis poderosos daquel momento, os demais, agás Pardo de Cela e Pedro Madruga, fóronse xunguindo e apoiando ao Poder e á política dos Reis» [5].

«Ante o cariz que estaban tomando os feitos, Pardo de Cela pide a segunda carta de seguro e amparo, que leva a data do 4 de novembro de 1480. Esta carta, que foi expedida pola Raíña Isabel, viña dirixida tamén a Fernando de Acuña e nela a Raíña toma ao Mariscal, todo o seu e a todos os seus, baixo a súa protección...
[...]
... novamente Pardo de Cela vía crecer a herba baixo os seus pés, mais de nada lle serviron as cartas de amparo, quizabes unicamente para parar o primeiro impulso de Fernando de Acuña e estar dez días en prisión agardando a decisión dos Reis Católicos. Isto demostra que Pardo de Cela era un home "hábil e intelixente" xa que trataba de adiantarse aos acontecementos» [6].

«A operación militar dos Comisionados empezou a finais do 1480 coa toma de Santiago e no resto de Galiza nos primeiros meses do ano 1481. Ao ano e medio, Galiza estaba "pacificada" co resultado de 46 fortalezas derrubadas, confiscación de bens, execucións sumarias e abusos de toda índole; é daquela cando Acuña di aquilo de que "arto tenía que haçer, porque tenía çercado a Pedro Pardo en Peña Frouseira" [asedio que remata ao longo do 1483, probablemente nos meses de agosto ou

[1] *Vid.* J. García Oro, *Galicia en la Baja Edad Media. Iglesia, señorío y nobleza*, 1999, páx. 184. A. X. Meilán García, "A orixe e o desenvolvemento do mito de Pardo de Cela ata o século XX", en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páx. 235, n. 177.
[2] A. X. Meilán García, op. cit., en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páxs. 234-235.
[3] A. X. Meilán García, op. cit., en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páxs. 236-237.
[4] *Vid.* F. Mayán Fernández, *El Mariscal Pedro Pardo de Cela, a la luz de nueva documentación histórica*, 1962, páx. 54. [Esgotado].
[5] A. X. Meilán García, op. cit., en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páxs. 237-238.
[6] A. X. Meilán García, op. cit., en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páxs. 238-239.

setembro coa traizón dos criados] [1]. Está documentado que a guerra na Frouseira foi cruenta, con moitas mortes [segundo testemuño do propio capitán Luis de Mudarra que deixa unha cantidade de marabedís para que se celebre o primeiro luns de cada mes unha misa no altar de Sta. Catarina de San Martiño] [2] e que as autoridades mindonienses gastaron moito diñeiro nela. Ao tempo que se loitaba na Frouseira, o cabido catedralicio mindoniense o 14 de marzo de 1482 "estudia a maneira de quitarlle" a sucesión de Burela a Pedro Bolaño e a súa muller Beatriz de Castro, filla e xenro do Mariscal, isto é, as autoridades civís estaban embarcadas no acoso militar á Frouseira e as eclesiásticas en quitarlles Burela aos Pardo de Cela [cousa que, ao que parece, conseguen finalmente en 1485] [3]. Igrexa e Reis alíanse contra a familia Pardo de Cela"» [4].

"Ante a imposibilidade de tomar polas armas a Frouseira, traman a súa conquista mediante a traizón para o que subornan aos criados do Mariscal, que, segundo as cantigas, foron Roi Cofano e Afonso de Santa Mariña" [5].

*1483: Testamento e morte do Mariscal Pero Pardo de Cela*

"Derrubada a Frouseira, sen o seu baluarte militar, onde derrotaba ás tropas dos Comisionados e da Santa Hermandad, Pardo de Cela séntese desprotexido e presente o seu final, por iso fai o testamento o 1 de outubro de 1483 na notaría de Pedro López en Mondoñedo. Cremos que a traizón da Frouseira debeu ser entre os meses de xuño e agosto" [6].

«"Non fallou nos seus cálculos: dous meses e sete días despois de facer o testamento, o 7 de decembro, é collido nunha emboscada na casa de Fonso Yáñez en Castro Douro (Alfoz-Valadouro), (non no castelo de Castro Douro) e é levado a Mondoñedo. Se se confirma que o tal Fonso Yáñez era cóengo da catedral mindoniense, acaban de encaixar as pezas desta historia. Dise que nada máis que foi encarcerado, a súa muller, en cabalos de postar, marchou a Valladolid a pedir o indulto á súa parenta, a Raíña Isabel. De volta, co indulto na man, saíron catro cóengos á ponte de Ruzos, que está no barrio dos Muíños, a entretela mentres era axustizado; o sinal para deixala pasar sería o tanxido a morto das campás. Dende entón, dita ponte pasouse a chamar a "ponte do pasatempo". Así pois, pasados os dez días [do seu prendemento], o 17 de decembro, era degolado, xunto co seu [fillo] [7] neto político, Pedro de Miranda, na praza maior diante a sé mindoniense, por mandato dos Reis e coas beizóns do bispado. A cabeza do nobre máis rebelde de Galiza –segundo di a tradición– caeu do estrado e foi rodando pola praza dicindo ¡Credo!, ¡Credo!, ¡Credo! ata que parou diante a porta da Catedral, da que fora encomendeiro e anos antes a pasara do brazo da Condesa de Lemos para casar coa súa filla. Desta volta non quixo traspasala. "É o sepultaron [conxuntamente co seu fillo] [8] junto a o Pulpito do Evangeo, é porta da Capela mor da Catredal, con grande autoridad", porque como aínda se di na cidade "tiña dereito de pedra". E aquí, exactamente, neste sitio, onde di a *Relaçón*, ao erguer o sollado do altar maior no ano 1965, apareceu a súa sepultura, onde descansan os seus restos, pero a lápida estragada foi desprazada de sitio polos responsábeis eclesiásticos» [9].

*Morte e enterramento. Con Pedro de Miranda, fillo bastardo ou neto político?*

[1] A. X. Meilán García, "A orixe e o desenvolvemento do mito de Pardo de Cela ata o século XX", en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páx. 239.
[2] A. X. Meilán García, op. cit., en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páx. 239.
[3] ACM. Armario 8. Doc. 203 B. Cillero, 19.03.1485. E. Cal Pardo, "Parroquias del Ayuntamiento de Viveiro", *Estudios Mindonienses*, núm. 9, 1993, doc. 10, páxs. 722-725. E posteriormente en E. Cal Pardo, *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*, 1999, nas executorias e traslados de sentenzas: Valladolid, 27.11.1484, doc. 202 A, páxs. 405-413; Valladolid, 14.02.1485, doc. 202 B, páxs. 413-416; Lugo, 05.02.1485, doc. 202 C, páxs. 416-417; Mondoñedo, 17.03.1485, doc. 203 A, páx. 418; e A Devesa, 19.03.1485, páxs. 418-420.
[4] A. Meilán García, "O Mariscal D. Pero Pardo de Cela (Un rebelde contra a Igrexa mindoniense e os Reis Católicos)", *Casahamlet*, Revista de Teatro, núm. 12, A Coruña, maio de 2010, páx. 41.
[5] A. Meilán García, op. cit., *Casahamlet*, Revista de Teatro, núm. 12, maio de 2010, páx. 41.
[6] A. Meilán García, op. cit., *Casahamlet*, Revista de Teatro, núm. 12, maio de 2010, páx. 41.
[7] A. X. Meilán García, op. cit., en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páx. 241.
[8] A. X. Meilán García, op. cit., en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páx. 241.
[9] A. Meilán García, op. cit., *Casahamlet*, Revista de Teatro, núm. 12, maio de 2010, páxs. 41-42.

«Polo que respecta a Pedro de Miranda, todos os investigadores descoñecen que Pardo de Cela tivese un fillo, mais inclínanse porque sexa un neto político do Mariscal. Incluso a versión C da *Relazon* di que se ten por "apócrifa"... En cambio está demostrado que foi enterrado xustamente onde di a *Relazon* por un documento que se conserva na catedral mindoniense, datado en febreiro de 1558; [...]. Ademais nas escavacións que se fixeron na catedral o día 16 de Marzo de 1965 apareceu onde di a *Relazón* "junto a o Pulpito do Evangeo, é porta da Capela Mor da Catredal", aquí, xustamente, atopouse unha lápida co escudo de armas do Mariscal e unha inscrición onde figuraba o seu nome. Na tumba apareceron restos humanos con tres cranios, probabelmente algún deles do Mariscal, e debaixo dos restos dun cóengo do século XVII, chamado Juan Pardo de Cela» [1].

"A lápida que cubría a sepultura de Pardo de Cela na catedral mindoniense, que tiña gravado o seu nome e o escudo de armas [2], en vez de conservala, ben no seu sitio (moi pouco pisado; de feito conservouse 5 séculos intacta) ou ben no museo ou noutro lugar como lembranza do Mariscal (quéirase ou non se queira é parte da Historia da Mariña lucense e da Historia de Galiza), puxérona diante da capela da Virxe inglesa, a máis visitada da catedral, e actualmente, debido ás pisadas, xa non ten rastro nin do escudo de armas nin do seu nome" [3].

## *Moitas incógnitas por despexar*

«... en efecto, axustizárono cunha certa rapidez aínda non explicábel, pois de momento non se encontrou ningunha documentación sobre a súa morte, o cal non deixa de ser moi sospeitoso ¿por que tanto misterio? En Valladolid á viúva parece que lle din que morreu "por cruel e poderoso". A verdade é que, como din en Valladolid, foi cruel e poderoso. Desde 1476 en que é substituído da Alcaldía de Viveiro, apercibido e chamado á orde varias veces por roubar e maltratar cregos e vilaos, expulsado de Viveiro, advertidos o bispado mindoniense e a vila de Ortigueira de que non o acollesen, perseguido e confinado na Frouseira e máis de dous anos tratando de apresalo... ¿que lle quedaba ou que lle agardaba ao Mariscal cando o deteñen o 7 de decembro de 1483? Eu invirto a pregunta que fan outros estudosos ¿por que non o axustizan aos dous ou tres días de telo no cárcere mindoniense se traía un "curriculum" con méritos para iso? ¿por que tardan dez días en axustizalo se tiña todas as papeletas para facéreno nada máis collelo? ¿Con quen parlamentaron Acuña e Mudarra? ¿quen deu a orde definitiva de degolalo? ¿Por que agardan dez días? ¿Por que na catedral de Mondoñedo non hai ningún documento do seu sepulcro, da súa morte e do seu enterro, se foi o cabaleiro que os protexeu e o Cabido catedralicio, en xullo do ano 1474, destitúe o cóengo Juan González porque quería matar a Pardo de Cela? ¿onde estaban os seus grandes amigos e aliados como o Conde de Monterrey e o Arcebispo Fonseca? ¿onde os da casa de Lemos? ¿onde estaba todo o seu poderío de 4.000 ou 5.000 lanzas?» [4].

"Durante eses dez días parece que ninguén moveu un dedo polo Mariscal, máis ben movérono para dar o beneplácito da súa morte. A bon seguro que os nobres galegos tiveron coñecemento do seu axustizamento, polo menos os máis próximos a Mondoñedo (Andrade, Monterrey, Fonseca, etc.), mais nesta altura xa estaban case todos confabulados co Poder, coa Hermandad e con Fernando de Acuña. Probabelmente viron no Mariscal un grande inimigo se en verdade, como parecía probábel, herdaba o condado de Lemos. Todo actuou na súa contra. E a igrexa mindoniense ben seguro que tamén bendiciu a súa morte, pois quitaba un bo peso de enriba, polas continuas liortas que tiña con el debido ao cobro das rendas..." [5].

«Hai documentos sobre varios feitos do Mariscal, pero non da súa execución e enterramento, nen aquí, na Mariña, nen acolá, en Simancas (de momento).
¿Nestes dez días esperouse a resposta Real? Poden ter algo de veracidade unhas palabras que se atribúen á Raíña Isabel, parente da muller de Pardo de Cela, e que recolle a *Relazon* achada en Mondoñedo, no arquivo da casa dos Pardo Montenegro, segundo a cal unha vez en Valladolid, Isabel de Castro, ofrécelle fortes sumas de diñeiro aos Reis pola liberdade do Mariscal ao que lle contesta a Raíña "quedios la havia echo rreyna para administrar justiª ynopara venderla"» [6].

---

[1] A. X. Meilán García, *O "Mito" do Mariscal Pardo de Cela. (Historia, lendas e literatura)*, maio de 2004, páx. 82.
[2] *Vid.* E. J. Pardo, *El mariscal Pedro Pardo de Cela y la Galicia de fines del siglo XV*, 1981, páx. 156.
[3] A. X. Meilán García, op. cit., maio de 2004, páx. 106.
[4] A. X. Meilán García, op. cit., maio de 2004, páx. 83.
[5] A. X. Meilán García, op. cit., maio de 2004, páx. 84.
[6] A. X. Meilán García, op. cit., maio de 2004, páx. 84.

«¿Tivéronlle medo todos? A) O poder, porque era "un rebelde" que foi contra a Hermandad e sempre a ignorou; porque xamais se amedrentou aos apercibimentos dos Reis Católicos (que foron varios e graves), nunca se presentou ante eles e seguiu mostrando o seu poderío e facendo o que lle viña en gaña; porque a Acuña e Mudarra lles deu moito que facer e víano como un home perigoso; porque albiscaron un poder aínda maior se herdaba o condado de Lemos? E chegado o caso podía liderar todos os nobres e ir contra o poder (recordemos a reunión da Hermandad do 1477). B) Os nobres, porque había malquerencias entre eles (Andrade), que o vían como un "recén achegado" á nobreza, ambicioso, e probabelmente como o futuro Conde de Lemos, co que pasaría a ser o grande señor de Galiza? ¿Houbo vellas xenreiras e posíbeis "novas" envexas do seu poder? C) E a igrexa mindoniense, porque quitaba un grande peso de enriba: o Atila que estaba de cotío dándolles quebradeiros de cabeza. É moi sospeitoso o silencio documental. Se todo este derradeiro proceso for "limpo" e o Mariscal fose un nobre máis e a súa morte fose "con todas as da lei", de seguro que había documentos» [1].

«Pero aínda nesta historia hai outra volta de parafuso. Desde a perspectiva do Poder, con este "extraño" axustizamento do Mariscal parece que no fondo hai algo máis que a morte dun home, dun home "rebelde": córtanlle a cabeza para avisar os outros nobres galegos de que o que pretenda "rebelarse" contra o poder central, correrá a mesma sorte que o Mariscal. Pero aínda retorcen un pouco máis ese parafuso da morte e mandan outro aviso: con Pardo de Cela axustizan o seu fillo ou neto político, Pedro de Miranda: "Degolaron juntamente co él á Pero de Miranda Saavedra é Castro seo fillo, é da sua muller Dona Isabela de Castro, que era filla de Dona Beatriz yrmá do Duque de Arjona;..." axustizamento que ninguén entendeu. Coa morte de Pedro de Miranda matan toda posibilidade de que un Pardo de Cela recolla o facho do Mariscal ou o condado de Lemos e se erga como líder en Galiza, vingando non só a morte de seu pai senón a opresión que estaban tendo de Castela, na figura dos Gobernadores e da "Hermandad Real".
Que as anteriores hipóteses non son descabeladas, demóstrao o acoso á filla do Mariscal. Constanza de Castro encérrase cos seus no castelo de Cal da Loba, Vilaxoán, para vingar o axustizamento de seu pai e failles fronte ás tropas castelás, agora comandadas por Diego de Haro, até morrer envelenada pola auga do pozo e os demais claudicar» [2].

*Novas aportacións: O testamento do Mariscal Pedro Pardo de Cela*

Penúltimas noticias acerca do testamento do Mariscal Pedro Pardo de Cela.
Unha información nova facilitada por Pardo de Guevara y Valdés.
Cronoloxía: 23.01.2013.

«Uno de los hombres del siglo XX que con más afán persiguió la verdad sepultada por el voluminoso mito del mariscal Pardo de Cela, el que fue cronista y alcalde de Mondoñedo Francisco Mayán, le comentó a otro de los especialistas, Eduardo Pardo de Guevara, cuando este era todavía principiante, que existía una "mano negra" que se había empleado a fondo hasta "esconder" la documentación referida al noble del siglo XV, sobre el que se cernía un oscuro silencio. Con el tiempo, los papeles salieron a la luz aquí y allá, y hoy, de la leyenda nacionalista surgida a partir de poemas épicos que empezaron a circular tras la muerte del caballero queda prácticamente nada.
Sin embargo, había un manuscrito que se resistía a ser hallado, el testamento que Pedro Pardo de Cela otorgó el 1 de octubre de 1483, citado una y otra vez en documentos que iban conociéndose. Hasta que en verano de 2011 Pardo de Guevara localizó la última voluntad del mariscal –ejecutado por degüello en Mondoñedo– en la Real Chancillería de Valladolid. Allí habían ido a parar hasta tres copias en medio del extenso proceso judicial que enfrentó a los herederos del noble y a la Iglesia mindoniense entre 1505 y 1542. Ayer, al fin, el manuscrito fue presentado en la sede compostelana del Instituto Padre Sarmiento (Consejo Superior de Investigaciones Científicas), del que es director Pardo de Guevara, y en el mismo lugar, el 1 de febrero, se organizará una lectura pública.

En gallego del siglo XV.

[1] A. X. Meilán García, *O "Mito" do Mariscal Pardo de Cela. (Historia, lendas e literatura)*, maio de 2004, páxs. 84-85.
[2] A. X. Meilán García, op. cit., maio de 2004, páxs. 85-86.

Entonces, una detrás de otra, se señalarán las novedades que aporta el documento y que tumban datos históricamente aceptados sobre el noble convertido en mártir de Galicia frente al puño centralista de los Reyes Católicos, como la fecha de su muerte (que no fue el 17 de diciembre, sino el 3 de octubre de 1483) y el hecho de que solo fuera padre de dos hijas. En el testamento, Pardo de Cela, enfrentado con la corona por el dominio de Galicia (no por una suerte de hermanamiento con los Irmandiños), deja una pequeña parte de su vasto patrimonio a un niño, su hijo varón y bastardo.
Las copias, redactadas en gallego del siglo XV como el original (que no ha aparecido), no son exactas. Una de ellas aparece modificada en dos frases a favor de los intereses del obispo de Mondoñedo. Pardo de Guevara considera que es la falsa, pero valió de prueba para que el tribunal fallase finalmente a favor de la Iglesia» [1].

O testamento de Pardo de Cela. Achado e edición do documento.
Eduardo Pardo de Guevara y Valdés [2].
Cronoloxía: 2013.

”RESUMO
As investigacións en torno á figura e os feitos do mariscal Pardo de Cela –un dos protagonistas máis sinalados e debatidos da segunda metade do século XV galego– lograron nestas dúas últimas décadas avances notables; o máis recente e significativo foi a localización do seu testamento e codicilo, outorgados o 1 e 3 de outubro de 1483, xusto antes da súa execución pública na praza maior de Mondoñedo. Nestas páxinas anúnciase este achado e contextualízase, valora e edita o propio documento, conservado en tres traslados notariais insertos no longo proceso que sostiveron, entre 1510 e 1542, varios descendentes do personaxe [Pardo de Cela] cos bispos de Mondoñedo, sobre a posesión das terrerías de Sargadelos, San Romao, Regueira de Ferrol e Cervo” [3].

”Como fácilmente puede comprenderse, la razón de mi interés no es otro que penetrar en los secretos que todavía encierran aquellos acontecimientos, no para disipar la atractiva leyenda que desde hace siglos envuelve el personaje y cuya pervivencia se justifica precisamente en esa antigüedad, sino para moderar con la verdad de los documentos la interesada imaginación de algunos de sus devotos, me refiero, en particular, a los que todavía hoy insisten en juzgar de forma ligera y sesgada –sobre todo sesgada– las circunstancias y triste final de quien fue uno de los más caracterizados protagonistas de la segunda mitad del siglo XV gallego” [4].

Os tres traslados notariais do testamento de Pedro Pardo de Cela

**1**

”1483, octubre, 1 y 3.- Villamayor de Mondoñedo.

*Testamento y codicilo del mariscal Pedro Pardo de Cela, marido de doña Isabel de Castro, en el que instituye poe legítimas y universales herederas a sus hijas doña Constanza y doña Beatriz.*

VALLADOLID, *ARCH*, Pleitos Civiles, Escribanía de Alonso Rodríguez, caja 2595-1, papel, **traslado notarial** de Juan Nieto, escribano de la Audiencia de Santiago (véase fin del doc. núm. 3), sobre el documento que se consideró “oreginal de Pedro Pardo, el mariscal”, presentado por Bernaldino de Castellanos y su mujer doña Mayor de Vaamonde en la Audiencia de Santiago el **2 de agosto de 1510** ante el gobernador y los alcaldes mayores, castellano y gallego, letra procesal” [5].

**2**

”1483, octubre, 1 y 3.- Villamayor de Mondoñedo.

[1] S. R. P. (Santiago), “El testamento de Pardo de Cela tumba errores históricos”, *El País*, 23.01.2013, páx. 41.
[2] E. Pardo de Guevara y Valdés, “El testamento del Mariscal Pardo de Cela. Noticia del hallazgo y edición del documento”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, LX, núm. 126, enero-diciembre 2013, páxs. 171-223.
[3] E. Pardo de Guevara y Valdés, op. cit., *Cuadernos de Estudios Gallegos*, LX, núm. 126, enero-diciembre 2013, páxs. 171-172.
[4] E. Pardo de Guevara y Valdés, op. cit., *Cuadernos de Estudios Gallegos*, LX, núm. 126, enero-diciembre 2013, páxs. 173-197.
[5] E. Pardo de Guevara y Valdés, op. cit., *Cuadernos de Estudios Gallegos*, LX, núm. 126, enero-diciembre 2013, páxs. 198-205.

*Traslado otorgado en Vivero el 3 de diciembre de 1483 por Pedro López de Sahagún, escribano y notario público del rey, del testamento y codicilo del mariscal Pedro Pardo de Cela, marido de doña Isabel de Castro, en el que instituye poe legítimas y universales herederas a sus hijas doña Constanza y doña Beatriz.*

VALLADOLID, *ARCH*, Pleitos Civiles, Escribanía de Alonso Rodríguez, caja 2595-1, papel, **traslado notarial** otorgado en Santiago el **18 de junio de 1510** estando en la Audiencia los alcaldes mayores, y presentado por Juan de Villanueva en nombre del Obispo de Mondoñedo; ante la petición de este último de recoger la escritura, se volvió a hacer traslado con presencia de la parte contraria por parte de Alvar Núñez, secretario, el 27 de junio de 1510, castellano y gallego, letra procesal.
**Observaciones**: se transcriben en letra de menor tamaño las cláusulas del traslado realizado por Pedro López de Sahagún. Se subrayan, asimismo, las alteraciones, añadidos apócrifos o distorsiones con el tenido por verdadero, que llevaron a considerar espúreo este documento en el proceso" [1].

**3**

"1483, octubre, 1 y 3.- Villamayor de Mondoñedo.

*Testamento y codicilo del mariscal Pedro Pardo de Cela, marido de doña Isabel de Castro, en el que instituye poe legítimas y universales herederas a sus hijas doña Constanza y doña Beatriz.*

VALLADOLID, *ARCH*, Pleitos Civiles, Escribanía de Alonso Rodríguez, caja 2595-1, papel, traslado notarial de Alonso Villalobos, escribano y receptor de la reina en la villa de Vivero, realizado sobre el mismo ejemplar que se presentó el 2 de agosto de 1510 (véase doc. núm. 1) en la causa mantenida por don Diego Pérez de Villamuriel, obispo de Mondoñedo, y Bernaldino de Castellanos y doña Mayor de Vaamonde, su mujer, otorgado en Vivero el 21 de febrero de 1514, castellano y gallego, letra procesal" [2].

Testamento do Mariscal Pedro Pardo de Cela. Cronoloxía: 1 e 3. 10.1483. Mondoñedo.

"Yten desenbargo las vinnas que fueron de Afonso Yanes, capelan do obispo don Pedro, que moraba en o Castro d'Ouro*s (tachado)*, que jazen en o couto de Canedo, a Afonso Yannes de Castro, clerigo de Lagoa, et que le pidan perdon por las nobidades pasadas" [3].

"Yten por cuanto yo lleve a Juan Rodrigues, clerigo del Castro d' Ouro, quatro mill maravedis, mando que ge los den et paguen" [4].

Un artigo posterior de Antón Meilán, profesor da Universidade de Oviedo.
Cronoloxía: 11.11.2013.

«O día 3 de outono (non o 17 de decembro) de 1483 degolaban na praza da Catedral mindoniense (a ¿praza da infamia?) ó mariscal Pardo de Cela e o seu fillo. E isto, amigos, xa non é unha suposición, é un dato histórico, avalado por documento. Non lle deixaron pasar as San Lucas, o que demostra unha vez máis a présa que tiñan por eliminar ó Mariscal. Como histórico é que estivo preso na 'casa dun cóengo' da Catedral (cito polas declaracións de Pardo de Guevara neste mesmo xornal). Xa haberá tempo de explicalo. Agora un entende sen dubidalo por que non hai documentación algunha na catedral do apresamento e degolación. O intuíamos [sic]. E así o dixemos e o escribimos, xa que nos parecía moi sospeitoso o silencio documental destes últimos días do Mariscal, tendo en conta que os 'escribáns' Eclesiásticos deixan anotado case todo aquilo que lles atañe.

[1] E. Pardo de Guevara y Valdés, "El testamento del Mariscal Pardo de Cela. Noticia del hallazgo y edición del documento", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, LX, núm. 126, enero-diciembre 2013, páxs. 205-213.
[2] E. Pardo de Guevara y Valdés, op. cit., *Cuadernos de Estudios Gallegos*, LX, núm. 126, enero-diciembre 2013, páxs. 205-213. Nota: Os autores deste *Inventario* queren manifestar desde aquí un agradecemento expreso a Juan Fanego Vidarte, de Burela, pola súa valiosa información, 30.10.2016.
[3] E. Pardo de Guevara y Valdés, op. cit., *Cuadernos de Estudios Gallegos*, LX, núm. 126, enero-diciembre 2013, páx. 199.
[4] E. Pardo de Guevara y Valdés, op. cit., *Cuadernos de Estudios Gallegos*, LX, núm. 126, enero-diciembre 2013, páx. 204.

A razón é que a igrexa mindoniense estivo implicada 'de fouce e couce' no apresamento e degolamento do Mariscal. E é moi probable que o tal (A)Fonso Yáñez (dono da casa do Castrodouro onde foi apresado) tamén fose un cóengo da catedral, mais falta un pequeno dato para aseguralo. Hai indicios e agora máis, porque senón ¿por que conduto chega o Mariscal ás mans dos cóengos? ¿Por que vai ó cárcere da Igrexa mindoniense e non ós calabozos municipais? Con esta nova documentación atopada en Valladolid cada vez van encaixando mellor as pezas deste puzzle pardoceliano. Non podía haber, pois, documentos dunha felonía na que tomou parte activa a Igrexa mindoniense, de aí esa ¿estraña? ausencia documental.
Como histórico é que a tumba do Mariscal e a do seu fillo están 'junto a o Pulpito do Evangeo' pois –segundo os documentos atopados– deixou dito que ¿quería ser enterrado onde morrera? Tampouco temos documento deste enterramento, a pesar do sitio 'tan sacro' onde está. A todos nos estrañaba esta ausencia, agora menos. Cando apareceu a lápida no 1965, poñía en letras de molde PARDO DE CELA e seguía ARNO DE VIVERO e enriba estaba o escudo de armas do Mariscal ¿cando nunha lápida se poñen soio os apelidos e non o nome diante? Esta lápida ten unha explicación moi sinxela. Foi o primeiro paso (consciente ou inconscientemente) que deu a Igrexa mindoniense para ir borrando a memoria do Mariscal. Soterran ó arcediago na tumba do Mariscal e engaden á lápida o cargo de arcediago.

Uns días antes das San Lucas, chámame o Presidente da Comisión das Festas e dime que van facer unha ofrenda floral na tumba do Mariscal e rógame que lle mande un texto. O texto que enviei consta de dúas partes e di o que segue:

"e o sepultaron junto a o Pulpito do Evangeo, e porta da Capela mor da Catredal, con grande autoridad. Degolaron juntamente co él á Pero de Miranda Saavedra e Castro seo fillo, [?]; era moço virtuoso de edad de vinte e dous anos, foy sua morte como de vn Martir, porque jamais se achou error, que fosse contra pesoa algúa, mor nen menor, se non por os pecados de seu padre, e querelo defender como deveo, que o matavan; sepultarono junto a él. Deus aja misericordia co a sua alma (RELAZON DA CARTA XECUTORIA)".

"Aquí descansan os vosos ósos despois de tanta loita na Frouseira por opoñervos á política dos Reis Católicos. Na vosa tumba, os Reis de Castela soterraron canda vós as arelas dunha Galiza de seu, porque, degolados, os outros nobres galegos entregaron esta terra a Castela. Mais desde entón, do Miño ó Eo, aramos e regamos os nosos campos co sangue voso e algún día a colleita será nosa".

O primeiro corresponde á descrición do enterramento dos Pardo de Cela que se fai na 'Relazon da carta xecutoria' ¿non parece moita casualidade que a tumba que se descobre no 1965 se encontre no mesmo sitio que di este documento do século XVI? Por certo, alguén con poder na Igrexa mindoniense deu a orde no [19]86 de trasladar a lápida fóra da tumba onde descansan os restos do Mariscal.

Xa noutro momento escribín e pedín, xunto con D.ª Blanca Montenegro, que a lápida voltase para onde estaba e agora volvo pedilo desde as páxinas deste xornal. Estaría ben que a Igrexa expuxera os seus motivos do por que se cambiou a lápida de sitio ¿non será novamente un paso máis para ir borrando a memoria do Mariscal?

O segundo texto é de colleita nosa recollendo o sentir de moitos galegos entre os que me encontro. O degolamento do Mariscal tivo tres grandes voltas de rosca: a) a Igrexa mindoniense librábase dun inimigo 'económico'; b) os Reis de Castela puxeron firmes ós nobres galegos, pese ó malestar que había coa actuación dos comisionados. Despois do axustizamento de Pardo de Cela ninguén move un dedo e entregan Galiza a Castela. O desenvolvemento histórico foi distinto ó que sería se non fósemos dirixidos polos reis casteláns. É certo que Pardo de Cela defendía exclusivamente o seu, pero ó defender o seu durante tres anos na Frouseira tamén defendía Galiza, de feito A Frouseira é o único cacho de terra que non foi conquistada polas tropas castelás. Somente a traizón puido con ela. E c) ó degolar ó seu fillo, degolaron un posible sucesor da estirpe dos Pardo de Cela. O Poder sabía como era o sangue do Mariscal, de aí a estrañeza de todos ó degolar ó seu fillo: 'foi sua morte como de vn Martir, porque jamais se achou error, que fosse contra pesoa algúa, mor nen menor, se non por os pecados de seu padre'. A proba é que dous meses despois de ser degolado, a súa filla Constanza de Castro e o seu marido, Fernán Ares de Saavedra, toman a fortaleza de Cal da Loba (Vilaxoán) e teñen en xaque durante un ano ás tropas reais.

E neste outono, un grupo de mariñaos, por primeira vez, despois de 530 anos e 15 días, fixéronlle unha ofrenda floral diante a lápida (non da tumba). Aquel sangue verquido o 3 de outono do 1483 aínda arrecende na Mariña luguesa, e por iso As San Lucas do 2013 van ser recordadas para sempre en Mondoñedo e en Galiza» [1].

*A resistencia en Caldaloba (Cospeito)*

"Nada máis ser degolado [Pedro Pardo de Cela], a súa filla Constanza e o seu marido, Fernán Ares de Saavedra, furtan a fortaleza de Vilaxoán e durante un ano fanlles fronte ás tropas castelás (de Isabel a Católica), comandadas agora por Diego López de Haro, para vingar a degolación do Mariscal. A fatalidade da auga envelenada do pozo da fortaleza matou a Constanza e acabou coa resistencia. Así era o sangue dos Pardo de Cela: rebelde, inconformista e loitador" [2].

Documentos. Córdoba. Cronoloxía: 16.08.1484.

«Con motivo de la revelión de Fernán Ares y a fin de pagar los gastos ocasionados y que se ocasionasen en el cerco de Villajuán, que continuaba verificándose, los reyes D. Fernando y D.ª Isabel libraron carta en Córdoba, a 16 de Agosto de 1484, escrita por el Secretario Álvarez de Toledo y dirigida a D. Diego López de Haro, para proceder a la venta de bienes de Fernán [Ares de Saavedra, marido de Constanza de Castro]. En ella se dice:

"Abos Don Diego Lopez de Aro nuestro Justicia mayor de Galicia salud y gracia sepades que nos abemos sauido que Fernan Dares de Saavedra a sseido *y es rebelde* contra nuestros mandamientoss e de nuestra Justicia en el Reino e hecho otras cosas e ynquietos contra la dha nuestra Justicia e contra nuestro servicio por lo qual la dha nuestra Justicia queriendo proceder contra el e contra *los otros que con el estan en la dha rreuelión* con muchas gentes de acavallo y de apie *tienen cercado* e asitiado en una fortaleza que se dice *Villajuan* de cuya causa se an hecho e hacen muchas costas e danos e por que de sus bienes e basalloss e rentas se pague la gente que estuviese sobre la dha fortaleza e las otras costas que se an hecho e hicieren a su causa e culpa es nuestra merced que para ello se bendan de los dhos sus basallos e bienes e rentas lo que bastare para pagar la dha gente e las otras costas que sean fecho e hicieren en el dho cerco por ende confiando de bos que soys tal que bien e fielmente e sin ningún fraude areis lo que por nos fuere mandado y encomendado por la presente bos damos poder cumplido para que por nos y en nuestro nombre podais traer en almoneda publica por ante escribano publico los dhoss sus vasallos y bienes e rentas e qualquiera parte dellos e lo bended todo en la parte que bastare para pagar la dha gente que a estado y *estbiere* en el dicho cerco e las otras costas e daños que ende se hicieren... [continúa]" [3].

O último traballo de Antón Xosé Meilán García, profesor da Universidade de Oviedo. Cronoloxía: xuño de 2018 [4].

«Ante a imposibilidade de tomala [A Frouseira] polas armas, Francisco de Acuña e Luis de Mudarra traman a traizón, tan utilizada noutros momentos da Historia. Todo apunta a que o criado traidor foi Roy Cofano, do Valadouro, un dos 23 traidores. Algunha versión do *Pranto pola Frouseira* cita tamén a Afonso de Santa Mariña. Polo testamento podemos deducir que non é así, pois no codicilo déixalles dito aos herdeiros que se fía da súa palabra a respecto dunhas alcabalas. Se el fose o responsábel da caída da Frouseira, non se fiaría.
Polo tanto, derrubada a Frouseira, Pardo de Cela e as súas lanzas fican sen defensa. E agora o obxectivo de Acuña e Mudarra é capturalo. Aínda que estaba limitado a morar no Concello do Valadouro, vemos polo testamento que neste concello e na franxa da Mariña luguesa correspondente tiña moitos sitios onde se agochar e burlar así os comisionados. Polo tanto, e porque iría tamén protexido polos seus, non era doado pillalo. Agora ben, se saíra tan ben a conquista da Frouseira, por que non facer outra vez o mesmo? Por que non argallar outra traizón? E ese –cremos– foi o plan. Había que procurar unha persoa coñecida ou amiga do Mariscal para que lle tendese unha trampa e así facerse con el. E esa persoa foi Afonso Yáñez, do Castrodouro.

[1] Antón Meilán, "O día que degolaron ó mariscal Pardo de Cela en Mondoñedo", *La Voz de Galicia*, www.lavozdegalicia.es, 11.11.2013.
[2] A. Meilán García, "O Mariscal D. Pero Pardo de Cela (Un rebelde contra a Igrexa mindoniense e os Reis Católicos)", *Casahamlet*, Revista de Teatro, núm. 12, maio de 2010, páx. 42.
[3] E. Lence-Santar y Guitián, *El Mariscal Pedro Pardo de Cela. La Santa Hermandad*, Páginas Históricas Gallegas, tomo I, 1930, páxs. 81-82.
[4] Antón Xosé Meilán García, *Os derradeiros días do Mariscal (O testamento e a igrexa mindoniense)*, Cadernos do Seminario de Estudos do Valadouro, núm. 9, inédito en outubro de 2018.

Afonso Yáñez era unha das pezas que faltaba por encaixar nos acontecementos dos días finais do Mariscal. E o testamento veu resolver o enigma. No Valadouro, así como na Mariña luguesa, cando se fala do Mariscal dise que o colleron na casa de Fonso ou Fonsa Yáñez, da que se comenta que era a querida do Mariscal. A *Relazon da carta xecutoria* [1] di que "foy preso o dito Mariscal Pedro Pardo de Cela Saavedra Bolaño, na casa da Fonso Yañez do Castrodouro". Con estas referencias, escribín un artigo onde defendín que fora preso na casa de Fonsa Yáñez e non no Castelo de Castrodouro [2], como opinan outros. Sobre Fonso ou Fonsa Yáñez indagamos por dúas vías: a) os veciños do barrio da "Fonte do Castro" no Castrodouro, onde se atopa a casa. Curiosamente, o pobo non perdeu a referencia dela, o cal é moi significativo. E uns dicíannos que era a "querida" do Mariscal [3], e outros que debera ser unha persoa importante, pola forma de torre que presenta a casa, con seteiras e balconada, e b) os documentos catedralicios desa época polos que soubemos que había, polo menos, tres Afonsos Yáñez con relación á catedral mindoniense [4], mais non tíñamos outros datos para situar algún no Castrodouro. A partir dese momento, dada a relación do Mariscal co bispado mindoniense, sospeitábamos que o tal Afonso Yáñez debía ser un cóengo da catedral porque "homes poderosos" no século XV eran só os nobres, os militares e os cregos [5]. E o bispado mindoniense tiña moito interese en coller o Mariscal porque "No comía dinero dél, porque comía todo el obispado de Mondoñedo" [6]. Por certo, levados pola opinión da xente, tíñamos por certo que Fonsa Yáñez era a "querida" do Mariscal, e que ela podería traizoalo por mor dos "amores cegos". Non foi así [7]. O testamento aclara quen era Afonso Yáñez, e aporta datos fundamentais: identidade, profesión e residencia: "Afonso Yanes, capelan do bispo don Pedro, que moraba en o Castro d´Ouros". Non hai dúbida de que é a mesma persoa que indica a *Relazon da carta xecutoria*: o capelán do bispo de Mondoñedo. O cargo de capelán non é un cargo calquera no bispado. Non se trata nin do deán, nin do chantre, nin do provisor, cóengos tamén con moito poder. O capelán era, e é hoxe, o secretario particular do bispo, con quen despacha, con quen se confesa e con quen vai facer as visitas pastorais ou pasear acotío... En definitiva, era o home de confianza do bispo no cabido catedralicio. Afonso Yanes non pisou as lameiras dos camiños parroquiais nin as pedras catedralicias, pisou a alfombra vermella do bispado, e de aí vén –cremos– a súa fachendosa casa do Castrodouro [8]. Velaquí a ponte do bispado co Mariscal. E o codicilo do testamento aporta outro dato máis: O Mariscal ordena que desembarguen "duas bacas questan en casa de Pero, juyz, en Muras, que son de Afonso Yannes do Castro, que bayan por ellas et ge as den". Isto quere dicir que para que Afonso Yáñez lle dea unhas vacas ao Mariscal, que estaban na casa do xuíz de Muras, tiña que ter unha certa relación con el, talvez mesmo de amizade. En resumo, unha vez arrasada a Frouseira, procúrase unha persoa moi próxima ao bispo, e na que tamén confiase o Mariscal, para poder capturalo. Esa persoa foi Afonso Yáñez, que o traizoa e manda aviso ás tropas castelás para que o prendan. Velaí a segunda traizón, a definitiva. As dúas traizóns no Valadouro: unha, na Frouseira, cometida "polos criados en quen máis confiaba", e outra, no Castrodouro, na casa de Afonso Yáñez, amigo do Mariscal e man dereita do bispo de Mondoñedo. A primeira foi argallada polos dirixentes das tropas reais e da Hermandade, e semella que o executor foi Luis de Mudarrra, en connivencia con Roy Cofano. No apeo do mosteiro de San Martiño, do 1540, o crego Roi Pérez di: "El (altar) de Santa Catalina que hizo azer mosior Mudarra que tomó la pena Frouseira"[9].A segunda traizón foi planificada polo bispado en alianza cos comisionados, mais á fronte figura Afonso Yáñez. O interese en apresalo era maior no bispado mindoniense que en Valladolid. Os reis puxeron os decretos e o aparato militar ao servizo do bispo para arrecantar a Pardo de Cela no Valadouro e na Mariña

[1] A *Relazon da carta xecutoria* non é un documento que se poida ter por histórico porque tampouco foi escrito con esa finalidade, mais contén datos referendados pola ciencia histórica. En liñas xerais é fiábel. E grazas a ela soubemos dos acontecemos derradeiros da vida do Mariscal.

[2] Vid. Antón Xosé Meilán García, "O último ano do mariscal Pero Pardo de Cela: o cerco e a traizón da Frouseira", *Murguía, Revista Galega de Historia,* 13, 2007, páxs. 61-77.

[3] Sen lugar a dúbidas, esta crenza pertence ao mito.

[4] Por certo, no testamento menciónanse dous.

[5] Nun conto, publicado pola *Librería Bahía* de Foz, titulado *A última viaxe de Pero Pardo de Cela* «*O Mariscal*», convencido de que Afonso Yáñez era un crego, ante a seguridade do Mariscal de que estaba protexido polo bispo mindoniense, contéstalle Pedro Tapia: "prefiro ver a unha filla puta que ter un fillo crego", polo que perdín amigos en Mondoñedo. A ver que din agora, ao saber que o Mariscal estivo preso tres días na casa dun crego, obrigado a testar, sen presenza da familia, e que de alí saíu para ser degolado. Intuín entón que no desenlace tiña que estar implicada a curia mindoniense. Agora témolo documentado.

[6] Vasco de Aponte, *Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia,* 1986, páx. 167.

[7] Eduardo Lence Santar tamén entendeu que fora preso na casa de Fonsa Yáñez, probabelmente debido a unha mala lectura da *Relazon*.

[8] Os cregos das parroquias moran en casas máis humildes.

[9] Enrique Cal Pardo, "Prólogo" en Antón Xosé Meilán García, *O* «*Mito*» *do Mariscal Pardo de Cela.* páx. 21.

luguesa, e os cregos encargáronse de acabar con el, recuperando así as terrarías, viñas, foros e coutos que lles levaba. O testamento é moi claro neste senso.

Con efecto, en plena loita por conquistar a Frouseira, o 14 de marzo do 1482, en reunión "capitular" do cabido mindoniense, "estudan a maneira de quitarlle" a sucesión de Burela a Pedro Bolaño de Ribadeneyra e á súa muller, Beatriz de Castro, filla e xenro, respectivamente, do Mariscal [1], sentenza que fan firme o 30 de outubro do 1482 [2]. Hai moitos motivos para ver o bispado mindoniense en loita aberta non só contra o Mariscal, mais tamén contra a familia de Pardo de Cela. Había que pillalo e facerlle pagar as "tropelías" que cometera contra os cregos e, sobre todo, facerlle devolver todos os bens que levaba do bispado mindoniense e dos mosteiros de Vilanova e San Martiño.

PRISIÓN E TESTAMENTO.- Da casa de Afonso Yáñez, pasando polo Castelo de Castrodouro case con seguridade [3], lévano para Mondoñedo e péchano, polo menos os tres días finais, na casa do cóengo Fernán Balea. Neses días fai o testamento, o primeiro de outubro do ano 1483, e o codicilo o día 3, día en que o degolan [4]. O testamento xira fundamentalmente arredor dos desembargos de bens da igrexa mindoniense que levaba o Mariscal, algúns (moi poucos) porque lle correspondían, e os máis porque se negou a devolvelos [5]. No testamento adivíñase un axuste de contas do cabido a Pardo de Cela, xa que os cregos queren recuperar os bens todos: os que lles pertencían e os que non, segundo demostra o xuízo da neta, Mayor de Vaamonde, contra o bispo mindoniense. Entre outros, desembarga ao mosteiro de San Salvador de Vilanova catro foros (Çeleyro, Galgao, Quende e Bembibre), que os tiña polo "cargo que soy". Así mesmo desembarga ao mosteiro de San Martiño os beneficios de Abadín, Recaré e San Román de Vilaestrofe. Por certo, o prior de San Martiño, Ares Peres, asina como testemuña no codicilo, e está presente no degolamento, segundo manifesta no proceso xudicial [6]. Debía ter amizade con el porque no testamento concédelle mil cincocentos marabedís para amañar unha casa-refectorio, e pídelle que medie nun desembargo a Lopo Leyron. Un desembargo –para nós moi importante– é o que fai de "todo los beneficios que levaba a los clérigos en questaban puestos et a los que ellos tenían derecho". En vida do Mariscal houbo varios cregos que lle reclamaron colleitas e beneficios que non lle pertencían e que os levara pola forza [7]. Neste desembargo podían reclamar, como vimos, os cregos. Desembarga a Afonso Yáñez, de Castrodouro, unhas viñas e manda que lle devolvan dúas vacas que tiña o xuíz de Muras; e ao cóengo Fernán Balea –dono da casa onde estivo preso tres días e onde fixo o testamento–, a oitava parte de Santa María de Bretoña, así como "dos mil et seysçientos et sesenta maravedís dos cinco mil que me prestó". Non hai que ser moi perspicaz para pensar que levaban amizade, e que Fernán Balea era un dos máis interesados en apertarlle as caravillas ao Mariscal. El asina como testemuña no testamento e no codicilo, polo que se ve que estivo ao mando da operación en Mondoñedo. O Mariscal manda dar cincocentos marabedís ao mosteiro de santo Domingo de Viveiro por unha viña que foi de Frey Ruy Becoz. Desembarga ao provisor Álvaro García de Luarca (que asina como testemuña) o préstamo de Fitoyro, Bretoña, e San Juan de Úveda. Desembarga a Roy Basquez, cóengo, "la parte del beneficio de Santa Çeçilia". A Rodrigo Gonçales de Camara, cóengo, manda "que le paguen cuatro mil maravedís y le desembargo todos sus bienes y casas". Manda que lle leven a Gonçalbo Yannes, cóengo, un tonel de viño por unha meda que lle collera.
Como se pode apreciar, o "groso" dos desembargos pertencía a cóengos da catedral mindoniense que, ademais, estiveron presentes no proceso testamentario e asinaron o documento. Dos trece que asinan como testemuñas, seis pertencen á catedral, e son: "Albaro Garçia de Luarca, probisor en la yglesia de Mondonedo; Fernan Balea, canónigo; Gonçalvo Yanes y Diego Fernandez de Labrada, canónigos; Roy Garçia, suchanter; Martin Vasques, clerigo, e o séptimo, don frey Fernando de Bolanno, administrador del monesterio de Villanueba", dos que os tres primeiros están implicados

[1] Vid. Ricardo Pena Domínguez, *Burela. Apuntes Históricos y Crónicas del siglo xx.* Diputación Provincial de Lugo, 2004, páxs. 58 e 59.
[2] Vide Ricardo Pena Domínguez, *Burela. Apuntes Históricos y Crónicas del siglo xx*, páx. 59.
[3] Vid. Antón Xosé Meilán García, "O último ano do mariscal Pero Pardo de Cela: o cerco e a traizón da Frouseira", páx. 75.
[4] Por certo, o que deu a data máis exacta do degolamento foi Vasco de Aponte "Y dende [morte do conde de Lemos en febreiro do 1483] a seis meses cortaron la cabeça a Pedro Pardo o mariscal", é dicir, errou nun mes, cfr. *Recuento de las casas antiguas…*, páx. 253.
[5] Sería interesante facer un estudo exhaustivo sobre a orixe e pertenza destes bens.
[6] Vid. Eduardo Pardo de Guevara y Valdés, "El testamento del Mariscal Pardo de Cela. Noticia del hallazgo y edición del documento", páxs. 188-189. Agora non se dubidará de que foi degolado, e non a garrote, como defenderon algúns. O degolamento estaba corroborado por Vasco de Aponte e por toda a tradición mariscaliana: en Mondoñedo, O Valadouro, no *Pranto pola Frouseira* e na *Relazon da carta xecutoria*.
[7] Vid. Antón Xosé Meilán García, *O* «*Mito*» *do Mariscal Pardo de Cela. Historia, lendas e literatura*, páxs. 57-59.

como asinantes no testamento, así como o administrador do mosteiro de Vilanova. É máis, o testamento e mais o codicilo redáctanse na casa de Fernán Balea, na que consta que estivo preso os tres días en que se elaboraron estes documentos. Non hai dúbida de que a curia mindoniense foi quen gobernou os días finais da vida do Mariscal.
Polo que respecta ao codicilo, asina como testemuña Ares Peres, prior de San Martiño, que non figuraba como tal no testamento, en que xa lle desembargara uns bens.
Obsérvese, ademais, a orde disposta no testamento: primeiro "amáñanlle a alma", despois o pagamento do enterro e os actos benéficos que o acompañan, a seguido o desembargo de bens á Igrexa, e de último os dereitos da familia, que non estivo presente no proceso testamentario. Moi significativo...

EN QUE CONDICIÓNS FIXERON O TESTAMENTO E O CODICILO?.- Non é difícil deducir que todo foi "cociñado" polos cregos e que o Mariscal actuou presionado por eles, sabendo, ademais, que o ían executar. Ben podemos supor que se non pensasen matalo, non facía falla testamento. Fanlle redixir o testamento porque o ían degolar. Estaba todo disposto [1]. Con efecto, levaban tres anos detrás del na Frouseira; o custo en vidas e diñeiro fora moi grande, e o groso do desembargo dos bens eclesiásticos no testamento así o evidencia. Podemos, ademais, imaxinar a presión á que estivo sometido na casa de Fernán Balea; convén lembrar ao respecto o que manifestou en audiencia pública Pero López de Sahagún, falsificador do testamento do Mariscal a instancias do bispo mindoniense, para presentar no proceso xudicial:

"Et yo, el dicho Pero López de Saagund, en respondiendo a lo contenido de esta otra parte en razón de la redarguyción del testamento del Mariscal et çédula firmada del dicho mariscal, digo et respondo que sy alguna cosa fize que lo fize por importunidad et mandamiento et premia del obispo don Pedro de Muniebrega et Antón Gutiérrez, su maestresala, y el bachiller Rosales, su alcalde mayor, que me tovieron et metieron en una cámara et me fizieron faser lo sobredicho por fuerça et contra mi voluntad, amenazando que lo fiziese" [2].

Se este notario foi presionado de tal maneira "me fizieron faser lo sobredicho por fuerça et contra mi voluntad, amenazando que lo fiziese", que cousa non lle farían a Pardo de Cela? Asinado o codicilo, coa tinta aínda fresca, saíu para a tarima do verdugo. Todo apunta a que unha vez que o capturan na casa de Afonso Yáñez, hai présa por desfacerse del. Cómpre executalo o máis axiña posíbel. O feito de que non estivese presente ninguén da súa familia –pese a moraren todos perto de Mondoñedo: a muller en Galdo, Beatriz en Burela ou en Lugo, e Constanza na zona de Vilalba–, fai pensar que desde que chegan con el a Mondoñedo, todo se desenvolve con moita rapidez para non dar tempo a que os familiares fagan xestión ningunha nin a arrependementos de última hora. O realmente interesado en "axustarlle as contas ao Mariscal" era o cabido mindoniense, pois logo de morrer o bispo don Pedro Enríquez de Castro en 1445, estivo a reclamarlle os bens que levaba do bispado, que lle foran concedidos como dote de voda [3]. Por iso cremos que algúns dos desembargos teñen esa orixe. Conque semella contar a verdade a *Relazon da carta xecutoria* cando di: "Matarono tan presto ó Mariscal co seu fillo…". Esta présa explícase tamén polo medo a que alguén o viñese liberar, idea nada desprezábel, pois aínda que unha parte dos criados morreran ou quedaran malferidos no apresamento do Castrodouro, tiña familiares que miraban por el, dato que igualmente nolo recorda a *Relazon*:

"Matarono tan presto … temendose … que o viessen quitar por armas, particular [mente] Pero de Bolaño, Señor da Casa de Torés, é Pero de Miranda, Señor da Casa, é Fortaleza que chaman o Renegado, que eran os TRES PEDROS, que eran seos primos, toudos tres Pedros que decian de Galicia".

Polo dito, pensamos que Fernando de Acuña teno preso en Mondoñedo mentres el negocia co bispado o degolamento. Ou sexa, é moi probábel que non houbese xuízo nin sentenza, pois todo apunta a que se actuou con grande celeridade. Os Reis Católicos xa o abandonaran había anos

[1] Nunca fixo ninguén un testamento tan a punto. Que casualidade!
[2] Vid. Eduardo Pardo de Guevara y Valdés, "El testamento del Mariscal Pardo de Cela. Noticia del hallazgo y edición del documento", páx. 183. Estas manifestacións foron probabelmente a causa de que morrese queimado na cela do mosteiro dos franciscanos de Viveiro: "Roma non paga a traidores", sábeno ben os cregos e o Poder.
[3] Vid. Antón Xosé Meilán García, *O* «*Mito*» *do Mariscal Pardo de Cela. Historia, lendas e literatura*, páxs. 56-59.

[1], e desde o cerco da Frouseira estaba sentenciado, polo que pensamos que Fernando de Acuña [2] e Luis de Mudarra entréganllo aos cóengos mindonienses para que, como di o testamento:

"... temiendome de la muerte, | que hes cosa natural, otorgo et conosco | que fago et hordeno este mi testamento en | que demuestro la mi postrimera boluntad | a serviçio de Dios et de Santa Maria, et de | toda la corte çelestial, et creo firme | mente aquellas palabras que se contenen | en el Credo yn Deo [3], por la qual creençia son çierto | que la mi anima sera salva ante la faz | de mi sennor Jhesu Chisto, sy ante non, syno | al dia del muy gran juyzio, et por ende | de mi anima et de mi cuerpo et de mis | bienes fago estas mandas que se | syguen" [4].

E de aquí para a praza da "infamia" (como lle chamamos un grupo de amigos) onde é degolado, cousa que gostosamente aceptan os cregos, que lle fan un funeral de primeira e entérrano na catedral, no altar maior, á dereita do evanxeo, segundo indica a *Relazon*:

"... é o sepultaron junto a o Pulpito do Evangeo, é porta da Capela mor da Catredal, con grande autoridad".

Enterramento polo que cobraron 3.000 marabedís, como figura no testamento [5]. "A inimigo que foxe, ponte de prata". Onde está a documentación mindoniense que rexistra todos estes feitos: o testamento e as exequias, feitos un na casa de Fernán Balea, e outro na catedral? O silencio tamén lle estraña a Cal Pardo [6]. Hai que deducir que alguén fixo desaparecer todo rastro documental, e isto só ten unha explicación: os membros do cabido estiveron implicados de cheo nestes acontecementos e decisións. Se non fose porque apareceu a documentación do proceso xudicial no Arquivo da Chancellería de Valladolid, non coñeceríamos o testamento nin todo o que revela o tal proceso xudicial. Conque un pregúntase: onde está a amizade dos cregos de Mondoñedo co Mariscal, que tan vehementemente defenderon Francisco Mayán e Pardo de Guevara? No comezo había unha boa relación coa igrexa, si, mais ao cabo impúxose a loita entre os intereses do Mariscal e os intereses dun estamento con poucos escrúpulos: o bispado mindoniense, tan poderoso daquela como o Estado. Gañou a curia, naturalmente. Pardo de Cela fixo todo o posíbel por defenderse ata que foi degolado, entre traizón e traizón. O que non conseguira Fernando de Acuña na Frouseira nin os Reis mediante os seus decretos, consígueo o machado, previo paso da vítima polas mans da curia e previa sinatura testamentaria que favorece a aquela.

---

[1] Aínda que Pardo de Cela apoiu aos Reis Católicos, no fondo do enfrontamento non aparece tanto a igrexa mindoniense –que tamén– senón as xenreiras da familia dos Viveiro, donos e señores do concello viveirense. Pardo de Cela substitúe a Xoán de Viveiro da alcaldía de Viveiro (1465) por decreto de Henrique IV. Aquí acentúase o odio entre eles. Os Reis Católicos casan en Valladolid, na capela do pazo dos Viveiro, e a irmá de Francisco de Acuña, María de Acuña, casa con Xoán de Viveiro [dato proporcionado por Anselmo López Carreira nunha conferencia na USC, 24.11.2011]. A partir da batalla de Toro (1476), Pardo de Cela é destituído da alcaldía de Viveiro, retíranlle a encomenda de Mondoñedo, e desde Valladolid, decreto tras decreto, redúceno a morar no Valadouro. Todo un "síndrome mortal" no que coincidiron por esta orde: a) a igrexa mindoniense coas súas denuncias, b) as xenreiras dos Viveiro, c) os decretos dos Reis, e: d) as intrigas familares de Fernando de Acuña na Corte, que aparece no outono do 1480 en Galiza como Gobernador, coa espada envelenada de vinganza contra o Mariscal. En Mondoñedo agardaba, entre incenso e oracións, a curia catedralicia.

[2] Fernando de Acuña, que o tiña no punto de mira militar e persoal, confabulado e presionado polos cóengos, non ten máis remedio que aceptar a degolación do Mariscal. De aí probabelmente a súa posterior substitución por López de Haro, vide Vasco de Aponte, *Recuento de las casas antiguas…*, páx. 201, nota 275.

[3] De aquí puido nacer a lenda de que a cabeza rodou ata a porta da catedral repetindo: credo, credo, credo…! Quen vería os cóengos os días seguintes ao degolamento proclamar desde o púlpito que o Mariscal morrera no Credo de Deus.

[4] Vide Eduardo Pardo de Guevara y Valdés, "El testamento del Mariscal Pardo de Cela. Noticia del hallazgo y edición del documento", páx. 198.

[5] Que casualidade que a cova aparecera no mesmo sitio que di a *Relazon* onde foi enterrado, ou dito doutra maneira: non enterrarían ao ARNO DE VIVERO, parente do Mariscal, na cova do Mariscal? De feito, na lápida non aparece o nome do arcediano, que se chamaba Juan. O que fan é engadir á inscripción de PARDO DE CELA a de ARNO. É unha mágoa que non se profundizase nunha análise detallada dos restos atopados e mais da lápida. Entre outras cousas, ademais, –segundo dixo Francisco Mayán– había na cova unha moeda da época de Henrique IV.

[6] Enrique Cal Pardo, "Prólogo" en Antón Xosé Meilán García, *O «Mito» do Mariscal Pardo de Cela...*, páx. 19.

Degolado coa beizón do bispo, do cabido e diante eles, os bens desembargados (e outros) pasaron á propiedade do bispado con nomes e apelidos de cregos. Por todo isto, desde que Pardo de Cela chega a Mondoñedo só dispón de tempo para redixir o testamento e o codicilo, proceso que ocupa os tres días derradeiros do Mariscal. Foi Hernando del Pulgar na *Crónica dos Reis Católicos* o que dixo: "E después de presos, daban grandes sumas de oro para la guerra de los moros porque los salvasen las vidas; pero aquel caballero y aquel letrado no lo quisieron recibir", é dicir, parece que estiveron presos uns días en Mondoñedo, mais xa sentenciados porque "no lo quisieron recibir". Con certeza, o fillo non estivo presente no proceso testamentario, e pensamos que estaba recluído tamén, xunto con outros criados que apresaran na casa de Afonso Yáñez.
Máis unha vez, semella non faltar á verdade a *Relazon da carta xecutoria*:

"D. Iñigo de Castro, Obispo de Mondoñedo: este trouxo consigo a Dona Isabela de Castro, que era muy nova, é casoa co Mariscal, doulle en dote a renta do seo Obispado por dias de sua vida, salvo un tanto que tomou pra seuo sustento; despois de feyto o casamento algus dias, morreu o Bispo […] en muyta facenda que lle dera, decendo no podera dar, é co esso andavan á mal facer, tomando sas rentas do Bispado, vno e outro, por força, é donde se encontravan as suas gentes ivan as maos**,** é de aqui lle veo muyto dano ó Mariscal, que por defender á dote, pegava nos Cregos, é Segreres, é os matava, é podía mais co Bispo".

O fondo do relato pode, por tanto, considerarse real, aínda que erra nalgúns nomes e datas.
O propio codicilo revela tamén a présa dos acontecementos. Cal é o motivo da redacción do codicilo? Ante a présa por facer o testamento e executar ao Mariscal, esquécenlles algunhas cuestións de tipo familiar e persoal. No codicilo non aparecen desembargos de bens realizados a cregos. Só mandas para os sobriños, o fillo, a filla Beatriz, o seu criado, Afonso de Santa Mariña, a petición das vacas por Afonso Yáñez e a do propio escribán do testamento, Tomás, a quen manda entregar os marabedís que reclame. Ademais, fanlle purgar aos herdeiros de Lopo López, Roy Díaz e Diego Teyxeyro marabedís e cabalos. E é sintomático o remate do codicilo. Semella unha despedida, pois se calquera persoa demostra que o Mariscal lle debe algo, este ordena que llo paguen, é dicir, é un peche para saldar contas.

O FILLO DO MARISCAL, JUAN NUNNEZ PARDO, E AS PINTURAS MURAIS DA CATEDRAL MINDONIENSE.- Na Mariña luguesa, e sobre todo en Mondoñedo e no Valadouro, algúns aspectos da vida de Pardo de Cela, tal son a loita na Frouseira, a traizón, o apresamento no Castrodouro e o degolamento ás portas da catedral, continúan presentes na memoria das xentes. Isto demostra que aqueles feitos causaron un grande impacto popular, por iso moito do que se conta do Mariscal pertence ao mito e non ao personaxe histórico. De todos eses aspectos da vida, algúns, curiosamente, están recollidos en tres fontes: na dos Cronistas reais, na *Relazón da carta xecutoria* e no pobo, polo que resulta estraño que as tres estean erradas. Pode alegarse a data do degolamento, pois tanto a *Relazón* como a memoria popular indican que tivo lugar no mes do Nadal. Os Cronistas reais non ofrecen ningún dato ao respecto.

Un dato no que coinciden as tres fontes é o degolamento do fillo do Mariscal, que agora vemos referendado polo testamento. É máis, en Mondoñedo tamén se di que, xunto con Pardo de Cela e o fillo, degolaron máis persoas, aquelas que pillaran na emboscada de Afonso Yáñez. Curiosamente, no ano 1964, cando abren a tumba na catedral de Mondoñedo, afirma Cal Pardo, presente na exhumación, que aparecen tres caveiras cos seus esqueletos correspondentes, e el mesmo di que podían ser: os do Mariscal, os do seu fillo, e o terceiro o dun cóengo de comezos do século XVI, chamado Pedro Pardo de Zela, todo isto como mera hipótese, pois non aporta ningunha proba histórica [1]. O máis lóxico é pensar que cando se enterra ao arcediago de Viveiro, Juan Pardo de Cela (1613), que tiña permiso para enterrarse alí, como consta nun documento, a sepultura era a do Mariscal (a lápida tiña gravado o seu escudo de armas). Aberta a cova, levantan os restos, enterran ao arcediago e enriba colocan as tres caveiras e outros ósos, isto é, a do Mariscal, a do fillo, e eu engado que a terceira podería pertencer a alguén que tamén foi degolado con eles, talvez un parente, se temos en conta a Diego de Varela na *Crónica dos Reyes Católicos,* que di: "fueron degollados con él su pariente Pedro de Miranda… un hijo del Mariscal y otro hijo de Pedro de Miranda", con que a terceira caveira ben podería ser a deste último. Desde o enterramento do Mariscal ao do arcediago transcorren 130 anos. Así, pensamos que os restos do Mariscal e o seu fillo xacen na catedral de Mondoñedo porque, con efecto, a respecto dos seus restos, di o testamento:

"et mando que sea sepultado en la yglesia del lugar donde yo falesçiere desta presente vida, et mando que como mis carnes fueren gastadas que llieven mis huesos a San Françisco de Vibero, et los sepulten honde jaz Fernan Rodrigues d´Aguiar, mi visabuelo".

[1] Enrique Cal Pardo, "Prólogo" en Antón Xosé Meilán García, *O* «*Mito*» *do Mariscal Pardo de Cela.* páxs. 19-20.

En Mondoñedo para levantar unha sepultura é preciso agardar como mínimo 25 anos, tempo parello ao do preito xudicial entre a neta do Mariscal e o bispado mindoniense, que dura 32 anos, desde o 1510 ao 1542. Imaxinamos que durante este tempo os bispos mindonienses, envoltos na poeira que levantara o proceso: testamento falso, recurso tras recurso, declaración de López de Sahagún acusando ao bispo e os seus axudantes de manipuladores, a morte daquel, moi sospeitosa, no convento dos franciscanos de Viveiro, etc..., non verían oportuno trasladar os restos do Mariscal para Viveiro. O feito é que os enterran xuntos na catedral, como se escoita aínda hoxe en Mondoñedo, e como recolle a *Relazon*:

"Degolaron juntamente co él á Pero de Miranda Saavedraá é Castro seo filló, é da sua muller Dona Isabela de Castro, que era filla de Dona Beatriz yrmá do Duque de Arjona; era moco virtuoso de edad de vinte é dous anos, foy sua morte como de vn Martir, porque jamais se achou error, que fosse contra pesoa algúa, mor nen menor, se non por os pecados de seu padre, é querelo defender como deveo, que o matavan; sepultarono junto a él. Deus aja misericordia co a sua alma".

Cinco séculos despois, no ano 1964, apareceron alí as tres caveiras cos seus esqueletos. Nótese que non coincide o nome do fillo que aparece no testamento co da *Relazón*, mais si co que indica Diego de Varela, por tanto hai que pensar que foi así [1]. Polo demais, é rechamante que se cite, tanto no testamento como no codicilo, para que lle dean o coto de Frexulfe, como se o fillo fose unha teima, unha preocupación do Mariscal, se ben o codicilo di:

"Yten rogo et mando a mis herederos por la mi bendiçion et so pena de maldiçion que non ocupen nin tomen el coto de Frejulfe a Juan Nunnez Pardo, mi fijo, porque yo lo fize et nonbre por voz et persona del, et mando que moriendo el menor de hedad, que quede a mis herederos, et que a la muerte de mi muger, que lo llieve Alonso Avade, fasta quel sea de hedad".

Sospeitou o Mariscal que tamén ían degolar o rapaz, ao poñer en condicional "moriendo el menor de hedad"? Insiste Pardo de Cela na minoría de idade cando di "que (o coto de Frexulfe) lo llieve Alonso Avade, fasta quel sea de hedad". Preguntámonos ademais: Quen deu a orde de execución do fillo? Cales foron as razóns para degolalo? Hai algo de certo na afirmación popular de que os cregos fixeron degolar a Pardo de Cela "porque lle tiñan medo" e, por extensión, tamén ao fillo? Temían os cregos mindonienses que Juan Nunnez Pardo seguise os pasos do pai? Probabelmente non lles faltaban razóns, se consideramos que a filla, Constanza, se fixo forte co marido na Torre de Caldaloba (Vilaxoán, Cospeito) loitando pola devolución dos bens incautados. Imaxinemos en Caldaloba o fillo, Constanza e Fernán Ares de Saavedra, cos seus homes, contra López de Haro e os comisionados. Gañarían a loita? Probabelmente non. Os cregos encargáranse de ir minguando as forzas dos Pardo de Cela, e mesmo da morte do Mariscal e do fillo, un posíbel inimigo da igrexa mindoniense.» [2].

## *Fin da historia, comezo do mito*

«Este foi pois O Mariscal real, o histórico mais ao pouco tempo de ser degolado, debido aos acontecementos dos últimos anos, meses e días, é trobado e cantado en feiras e mercados e comeza a converterse en mito. En efecto, os dous longos anos de resistencia cruenta na Frouseira, a traizón dos criados, o apresamento e o posterior degolamento, co enfrontamento eclesial no fondo de toda esta historia mariscaliana, foron suficientes ingredientes para que Pardo de Cela, que levou unha vida raiana co bandoleirismo, moi lonxe polo tanto de ser un heroe, pasara [sic] á literatura oral e escrita e se convertera [sic] en mito dende o propio século XV, que ao longo dos séculos posteriores vaise [sic] afianzando [e] ampliando. Todas as súas calidades humanas, unhas positivas e outras negativas, van a [sic] aproveitadas e potenciadas polo "mito" para converterse no século XIX e XX nun referente na sociedade galega» [3].

## *Ramo*

[1] En definitiva, as tres caveiras son a do Mariscal, a do fillo, Juan Nunnez Pardo, e a dun fillo de Pero Miranda, que era parente do Mariscal.

[2] Antón Xosé Meilán García, *Os derradeiros días do Mariscal (O testamento e a igrexa mindoniense)*, Cadernos do Seminario de Estudos do Valadouro, núm. 9, inédito en outubro de 2018.

[3] A. X. Meilán García, "A orixe e o desenvolvemento do mito de Pardo de Cela ata o século XX", en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páx. 241.

"Até traballos como o de Lence-Santar, Francisco Mayán e sobre todo José García Oro non se volveu a recuperar a dimensión histórica de Pardo de Cela, anque [sic] a nivel popular e de rúa, o Pardo de Cela do que se fala é o do mito" [1].

## *Mito, lendas e literatura*

"Si puede decirse que, en general, lo gallego casi es inconcebible sin una leyenda que lo acompañe; más cierto es aún que lo legendario se apega de tal forma a lo real que incluso esto llega a ser inexplicable sin lo imaginativo.
Por eso, en nuestro caso concreto del Mariscal Pardo de Cela, lo histórico, que honradamente hemos expuesto ya, quedaría incompleto si no dijéramos algo también respecto a lo que de él dice la leyenda; esa leyenda que, por haber contado con el beneplácito de los más importantes literatos gallegos, es ahora casi imposible desterrar de muchas mentes, y hasta hay quien considera sería casi criminal intentar hacerlo.
Vamos, pues, a decir algo, nada más que algo; pues para todo no llegaría un libro, y advirtiendo, previamente, que, en nuestra calidad de historiador y por más que lo hemos investigado, nunca tuvimos la satisfacción de encontrar confirmación para una sola de cuantas cosas, imaginarias, se han contado acerca de la persona de Pardo de Cela.
Las leyendas a que nos referimos pueden agruparse en dos sectores: las de los simpatizantes de su figura y las de los enemigos de ella; ambas sin otro fundamento, hasta la fecha, que la de una opinión personal, que prefiere una y desprecia la contraria" [2].

«Los partidarios del Mariscal dicen que la mujer había conseguido el indulto para su marido y fue demorada en el puente [de Ruzos], denominado desde entonces "do pasatempo", para que no llegara a tiempo de conseguir salvarlo; difiriendo sólo las versiones del suceso en que, para los anticlericales, esos malvados fueron dos canónigos y, para los no tan mal intencionados, simplemente seglares enemigos de Pedro Pardo.
La misma toma de la fortaleza de "A Frouxeira" [sic], los amigos dicen haber sido por la traición de algunos; que incluso fueron declarados después perjuros; cosa que por más que hemos trabajado siguiendo las pistas que se daban y puesto en ello el máximo interés, nunca dimos con nada en que poder apoyarlo.
Incluso gustan decir los amantes de lo fantástico que cuando, decapitado el Mariscal, su cabeza rodó por la plaza de Mondoñedo, iba diciendo "Credo, credo, credo"; afirmando hasta un escritor que "atravesando el tablado, la plaza y el atrio, se metió en la catedral".
Juzgando por la literatura popular, no cabe duda de que el pueblo sencillo estuvo siempre de parte del MARISCAL; llegando a contar los hechos con toda simpatía, como lo demuestra esta composición [3] que transcribe el Memorial de la Casa de Saavedra...» [4].

"Por otra parte, existe en el siglo dieciseis, una tendencia, procedente de cierto sector señorial, a considerar a Pardo de Cela como un déspota, tirano, desalmado, traidor y enemigo de la iglesia; pero sus referencias y relatos son de tal ingenuidad y destilan tanto desprecio que cualquier mente equilibrada las desecha por demasiado infantiles y, desde luego, no hemos encontrado hasta ahora base histórica para tenerlas siquiera en cuenta" [5].

[1] A. X. Meilán García, "A orixe e o desenvolvemento do mito de Pardo de Cela ata o século XX", en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páx. 317.
[2] F. Mayán Fernández, "Leyendas", en S. Fernández (dir.), *Ruta Pardo de Cela*, 1999, páx. 19.
[3] O Pranto pola Frouseira, do que nós reproducimos a versión do filólogo e profesor mindoniense Antón Meilán na parroquia de Carballido → Castelos → A Frouseira.
[4] F. Mayán Fernández, op. cit., en S. Fernández (dir.), *Ruta Pardo de Cela*, 1999, páxs. 19-20.
[5] F. Mayán Fernández, "El Mariscal Pedro Pardo de Cela", op. cit., S. Fernández (dir.), 1999, páx. 22.

"Os últimos días do Mariscal Pardo de Cela converten en mito un home que estaba moi lonxe de selo, que máis ben era temido e odiado polo pobo. Mais a súa morte, xa fose degolado xa fose axustizado a garrote vil, impactou de tal maneira nas xentes da Mariña luguesa que se cambiaron as tornas nada máis morrer. E van ser estes acontecementos últimos os que o converten nun mito: a traizón, o apresamento e o degolamento fan del un personaxe de lenda. Non hai que esquecer tampouco nestes momentos que o apresan porque loita contra as tropas castelás" [1].«A maioría dos feitos da súa vida foron "especiais",... e o final da súa vida foi de novela, por iso o pobo terminou por mitificalo. Un home que en realidade levou unha vida de "lenda" (no senso literario) pasa coa súa morte a ser unha lenda viva no pobo, polo que moitos aspectos da súa vida son "novelados" pola imaxinación da xente. O Mariscal terminou formando parte da vida e das veladas de toda unha zona de Galiza, da Mariña luguesa. E para os galegos en xeral supuxo ese rebelde que non se somete aos designios do poder. A literatura e o tempo fóronse encargando de mitificalo cada vez máis, porque unha vida como a do Mariscal foi capaz de ir alimentando a súa historia de cotío, vida que moi brevemente podemos resumir como segue: "casa cunha muller das máis influíntes de Galiza, filla do Conde de Lemos, que á súa vez era sobriña do bispo de Mondoñedo. Recibe como dote de voda practicamente todas as rendas do bispado, pero ao pouco tempo morre o bispo e comezan as liortas coa igrexa ao intentar cobralas, comportamento que se estende ao seu vivir cotidiano [sic]. É nomeado Meiriño de Mondoñedo e alcalde de Viveiro. Aumenta o seu poder até tal ponto que quere ser dono de Viveiro e se enfronta ao goberno dos Reis Católicos. É expulsado de Viveiro e "prohíbeselle" a entrada nos concellos de S$^{ta}$ Marta de Ortigueira e no de Mondoñedo. Pide e obtén dúas cartas de seguro e amparo aos Reis. Faise forte na súa fortaleza da Frouseira até que é traizoado polos seus criados, polo que o fan preso. Córtanlle a cabeza en Mondoñedo e entérrano nun lugar preferencial da súa catedral". Velaquí unha vida real que raia no ficticio. Son moitos ingredientes "case-fantásticos", que xuntos e mesturados co desenlace final penetran fondamente no seo da sociedade de entón; ingredientes que lles faltaron a outros "nobres" galegos, cunhas vidas semellantes pero que non raiaron tanto no "ficticio", como por exemplo a de Pedro Madruga, por iso non chegaron a onde chegou Pardo de Cela: a ser un mito entre a xente do pobo galego» [2].

«A tradición popular aínda repite hoxe que "houbo que degolalo porque non puideron con el" e "porque os cregos lle tiñan medo". Ademais de enfrontarse á Igrexa e de combater rexamente aos Acuñas e Mudarras na Frouseira e, sobre todo, porque non houbo maneira de derrotalo senón mediante a traizón, é porque ao día seguinte de ser degolado se converteu en "mito" entre o pobo. O seu sangue, aquel 17 de decembro de 1483, xermolou en arrecendos de loita e resistencia contra os poderosos: a Igrexa e os Reis de Castela, de tal maneira que ao pouco tempo empezou a ser cantado e recitado en todas as feiras, festas e romarías da Mariña luguesa o famoso *Pranto pola Frouseira*: "A min chaman toda Mira / Senora do gran tesouro, / Por estrela esclarecida, / Iago neste Valedouro... » [3].

### *Literatura popular en verso: O Pranto pola Frouseira ou O Cantar do Mariscal*

"Un cantar que [X. M.ª Álvarez Blázquez] chama Cantar do Mariscal, do que se conservan catro estrofas que corresponden a un pranto da "casa" de Pardo de Cela, con data moi cercana á morte do Mariscal" [4].

Reproducimos o cantar completo (as catro estrofas) na entrada "A Frouseira", parroquia de Carballido.

### *Literatura popular en verso: o Romance de Pardo de Cela*

"Un Romance que data do ano 1484 que consta de 54 versos e que debeu ter ao redor de 450 ou 500 versos" [5].

---

[1] A. X. Meilán García, *O "Mito" do Mariscal Pardo de Cela. (Historia, lendas e literatura)*, maio de 2004, páx. 103.
[2] A. X. Meilán García, op. cit., maio de 2004, páxs. 103-104.
[3] A. Meilán García, "O Mariscal D. Pero Pardo de Cela (Un rebelde contra a Igrexa mindoniense e os Reis Católicos)", *Casahamlet*, Revista de Teatro, núm. 12, A Coruña, maio de 2010, páx. 42.
[4] A. X. Meilán García, op. cit., maio de 2004, páx. 108.
[5] A. X. Meilán García, op. cit., maio de 2004, páx. 108.

Reproducimos aquí catorce versos do romance reconstruído por Xosé M.ª Álvarez Blázquez:

Vinte e dous foran chamados
os que vindido lo han,
que venderon a Frouseira
e a cerca do Mariscal,
non por fame de sustentos
de carne, viño nen pan,
nen por falta de diñeiro
que falezcan de abondar,
senon por sa vilaicía
e máis por maa intençam.
Eles quedan por tredores
e seu amo por leal,
pois os Reis a seua filla
seuas terras mandan dar [1].

*O Cantar e o Romance*

«Mais vexamos as analoxías e diferenzas de contido de ambos os textos: a) o Cantar "mitifica" á Frouseira e ao Mariscal ao comparalo con Xesús Redentor, en cambio o Romance "agranda" pero non mitifica á figura de Pardo de Cela; b) ambos recollen o feito da traizón, mais relatando aspectos distintos, e c) nos dous, por analoxía acódese a Deus como referente ou modelo da cultura cristián [sic]: no caso do Cantar comparando a traizón do Mariscal ca de Xesús e no Romance invocando o nome de Deus como xusticeiro por haber cometido tal feito» [2].

«As pinturas murais da Catedral de Mondoñedo da "degolación dos Santos Inocentes" e a "crucifixión de san Pedro" parécenos que teñen que ver con este suceso do Mariscal tanto por parte da Igrexa que as mandou pintar como por parte do artista que as pintou. Curiosamente foron pintadas a finais do século XV» [3].

"O Cantar ou Pranto polo demais fai fincapé na traizón, mais dende perspectivas distintas: primeiro referíndose á Frouseira, segundo, ao actor da traizón (ao verdadeiro traidor [4]) e terceiro, aos compañeiros que estaban nela e que tamén considera traidores" [5].

"Recordemos que a xente do pobo vía os castelos e as casas fortes destes nobres galegos como centros de opresión, por iso uns anos antes os irmandiños o primeiro que fan é derrubalas, iras das que parece que tampouco se librou a Frouseira. Non hai verdadeira constancia diso pero anque [sic] así fora [sic], no Cantar cámbianse as tornas radicalmente: de ser derrubada polos irmandiños pasa a ser mitificada polo pobo" [6].

*Literatura popular en prosa: versión A da Relazon da Carta Xecutoria*

[1] Figuran os 54 versos en A. X. Meilán García, *O "Mito" do Mariscal Pardo de Cela. (Historia, lendas e literatura)*, maio de 2004, páxs. 167-169.
[2] A. X. Meilán García, "A orixe e o desenvolvemento do mito de Pardo de Cela ata o século XX", en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páx. 243.
[3] A. X. Meilán García, op. cit., en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páx. 251, n. 193.
[4] "Este cantar xa apunta a un responsable da traizón, nome que probablemente andaría de boca en boca". A. X. Meilán García, op. cit., en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páx. 247, n. 188.
[5] A. X. Meilán García, op. cit., en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páx. 247.
[6] A. X. Meilán García, op. cit., en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páxs. 245-246.

Esta primeira versión, en galego, editouna Álvarez Blázquez e está datada arredor de 1515 [1].

«RELAZON DA CARTA XECUTORIA, e copia de os que venderon á Frouseyra sita no Vále Douro en Galicia, a Mouço Mudarra Capitan do Rey Don Fernando, é curregida no preito do Archivo, na Audiencia de Santiago.
Era seu Señor o Mariscal Pedro Pardo de Cela Saavedra, donde él á cabo dalgus dias, se deu a partido, con muitas honras, sen aveyr feyto mal, contra su Rey, e Señor por invidia, é malquería, que lle desejavan algus Cavaleyros, do Reino, con que competian guerras civis, por ser mais poderouso o malsinaron, de que despois lles pesou; foy vendido por seos criados en quen se fiava, no ano de mil é catro centos é oytenta é tres. Sonbos os siguentes. Vn Fernan Garcia Taforrnelos natural das Pontes de Garcia Rodriguez. Vn Pedro Lopez, natural do Vicedo junto Aldearriba. Vn Afonso de Santa Mariña, que se dizia das Negradas do Sol. Vn Afonso Alvariño, natural das Pontes de Garcia Rodriguez. Vn Gomez do Maurolle. Vn Roy de Mera. Vn Marcos da Canada. Vn Pedro de Merlon. Vn Iuan Bermuz. Vn Roy Bermuz. Vn Justo Bermuz. Todos estos sete naturás de Santa Marta, en especial onde chaman, as Trameras. Vn Afonso Barba, natural das Grana do Iol. Vn Iuan das Mangas natural do Concello de Viveyro. Vn Fernando do Guncal, natural de junto á Lama do Moman. Vn Roy Cofano. Vn Pero do Valedouro. Vn Fernando Fondaya. Vn Juan Martiz do Bacoy. Vn Fernando de Biladelle. Vil tal Carico chamado. Vn Rapatus Sonanbas, naturás do Baro na Sturias. Vn Gonçalvo do Juncal, natural de Alban junto Mosteyro de Meyra. E toudos, e seos descendentes pagan na casa sinás da sua traeçon, con vn vellon de laa, e dois capois por fumes.
E despois que assi foy vendido por os susoditos, que foran vynte é dous traydores, é a muller, que o foron a seu señor, foy a sete do mes de Dizembre de mil é catrocentos é oytenta e tres anos, foy preso o dito Mariscal Pedro Pardo de Cela Saavedra Bolaño, na casa da Fonso Yañez do Castrodouro, por Fernando de Bena, primeyro Governador que veo a Galicia por os Reys D. Fernando, e Dona Isabela, é seos Algacís Jorge de Mondoma, e Mouço Mudarra Capitan, e prendérono co il muitos fidalgos, é labradores honrados, que non foran sabedores da trayçon dos treidores que o venderan, dali foy levado á Ceudad de Mondonedo, adonde o degolaron ó cabo de dez dias que o prenderon; morreu con gran arrepentimento de seus pecados, e sinás de bo Christao; é o sepultaron junto a o Pulpito do Evangeo, é porta da Capela mor da Catredal, con grande autoridad. Degolaron juntamente co él á Pero de Miranda Saavedra é Castro seo fillo, é da sua muller Dona Isabela de Castro, que era filla de Dona Beatriz yrmá do Duque de Arjona; era moço virtuoso de edad de vinte é dous anos, foy sua morte como de vn Martir, porque jamais se achou error, que fosse contra pesoa algúa, mor nen menor, se non por os pecados de seu padre, é querelo defender como deveo, que o matavan; sepultarono junto a él. Deus aja misericordia co a sua alma.
Matarono tan presto ó Mariscal co seo filio, sen justificaçon de causa, nen saber porque, temendose como era tan poderouso, é emparentado no Reino, e fora dél, que o viessen quitar por armas, particular [mente] Pero de Bolaño, Señor da Casa de Torés, é Pero de Miranda, Señor da Casa, é Fortaleza que chaman o Renegado, que eran os TRES PEDROS, que eran seos primos, toudos tres Pedros que decian de Galicia; é nen sequera testamento lle deyxaron facer, é deo poder á sua moller o facés por él; quedou viuda con soa vna filia, é foyse ela a Valladolid, dou querella do Iuez que lle matara á seu marido, é fillo sen causa, nin escrito, e lle quitara muitos bes, pide decrare porque o fezo, é andando o preito sacou sentencia, en que decraran que morreu por cruel, é poderoso, en virtud do cal, ela pide seos bes, mandaron dar traslado o Fisco do Rey, que fizo canto poudo, é non poudo probar nada, sacou ela tres sentencias en seo favor: a primeira facenda que lle deron possesion, foy o lugar do Carvallo do Galdo, en vouz, é nome de toudos mays bes, é despois foy morar á Castromor, por ser parte de Aldea, e uma Fortaleciña, que lle quedara, é alli finou, é enterrarona num Sepulcro de pedra en aquella Igreja, que pra essa fin á [tiña] feyto grande.
Casou Dona Beatriz seau filia con seo tio, e Señor da Casa de Torés, é deste matrimoño quedaron moytas fillas: vna casou na casa co Saavedra; outra casou en Noceda con tal Sanchez de Vlloa; outra na Sturias, co Licinciado Navia; outra junto a Meyra, con fulano Saco Parragués; outra junto a Lugo, con fulano Saco Ribadeneira; outra casou junto a Piquin, con fulano de Lousada; outra casou en Vivero, con Bernardino de Castelaos, Corregidor dali por lo Governador Portocarreyro, cuyo parente é Auditor de Guerra, e ya ay ó presente muyta generaçon, é boa gente: é assi se o mataran por cousa má quel overa feyto, non lle bolveran seuos bes, nin as netas casaran tan nobremente, con [que] decer que se levantara co o Bispado de Mondenedo, é quería matar os Cregos, é o Bispo, é falar sen fundamento, sen saber a raçon que ay.

[1] A. X. Meilán García, *O "Mito" do Mariscal Pardo de Cela. (Historia, lendas e literatura)*, maio de 2004, páx. 108.

Parce que á muller do Mariscal se chamava Dona Isabela de Castro; era filla da Condesa Dona Beatriz, yrmá do Duque de Arjona, é Dona Costança de Castro, que casou na Casa de Andrade, e de D. Iñigo de Castro, Obispo de Mondoñedo: este trouxo consigo a Dona Isabela de Castro, que era muy nova, é casoa co Mariscal, doulle en dote a renta do seo Obispado por dias de sua vida, salvo un tanto que tomou pra seuo sustento; despois de feyto o casamento algus dias, morreu o Bispo [...] en muyta facenda que lle dera, decendo no podera dar, é co esso andavan á mal facer, tomando sas rentas do Bispado, vno e outro, por força, é donde se encontravan as suas gentes ivan as maos, é de aqui lle veo muyto dano ó Mariscal, que por defender á dote, pegava nos Cregos, é Segreres, é os matava, é podía mais co Bispo, é outros Cavaleyros; e co esto foron con queyxumes facendo outras retras de lazos, que argouron dar conta ós señores Reys Don Fernando, e Dona Isabela, que visto por suas Altezas embiaron [o] a chamar, por provisós, moytas vezes, pra ser informados, é oílo, é el ouvo pavor o queyrian matar, ou desterrar dos Reinos de Spaña, é non foy, po lo qual o embaron prender, é él se retirou á Frouseyra, de que sucedeu o que diz atrays, é esto po lo temor que touvo, é non por outra cousa, que se vbera ca estuvera escrito en papel, e non consentiran ser vetuperados os tredores que o venderon, como o son, é serán; nen seos descendentes se tuveran por boos sayendo dél, mormente que os millores de España se preçan de ser seos deudos. E esto sirva dexempro, pra quen tomar bes das Igrejas en dote de casamento. Aquí acabou a Frouseyra, é a vida do Mariscal»[1].

*Literatura popular en prosa: versión C da Relazon da Carta Xecutoria*

Esta terceira versión, en castelán, achouna Eduardo José Pardo de Guevara y Valdés no Arquivo da Casa dos Pardo-Montenegro en Mondoñedo e pódese datar no século XVII [2].

*"Transcricion de un documento que habla de los obispos de Mondoñedo, así como ciertas noticias sobre el Mariscal Pardo de Cela, relación de los criados que le vendieron, y una cantiña popular. Este documento procede del Archivo de la Casa Pardo-Montenegro de Mondoñedo"* [3].

..."Despues sehadado noticia delcastrodeoro no deve quedar ensilencio, antes si renobarse lafunesta memoria del Famoso Mariscal Pedro Pardo de Zela. Fué este Cavallero hijo de Juan Núñez Pardo señor delacasa deZela y de Da Biolanta de Aguiar en su mocedad passo a servir en la guerra a los señores Reyes D. Enrique quarto y D. Fernando el 5.º, en cuyo empleo desempeñando las obligaciones de sunoble sangre consiguió los creditos de valiente soldado con los que ha merecido el onor de ser Mariscal que en aquellos tiempos eradignidad derricos ombres; y habiendo venido aqui porobispo el señor D. Pedro Enriquez comosecontiene en el catalogo arrivapuesto lecasso counasobrina suia llamada D.ª Isabel de Castro hija de la Condesa D.ª Beatriz ermana del duque de Arxona dandole en dote al rreferido Mariscal lamayor parte de las rrentas yjurisdicciones desteobispado, y entre ellas, la fortaleza y Castillo quellamavan la frouieira enun Monte questa sobre la felegresia de Carballido del rreferido Valle deoro; pero haviendo muerto elobispo D. Pedro, y entrando otros señores obispos a governar estasilla, sesuszitaron pendencias entre los cobradores delarrenta de la Dignd y los criados del dcho Mariscal Pedro Pardo ynsistiendo enperzivirlas biolentamente y contra derecho. Dioseparte a los Catholicos Reyes deste atentado, y biolenzia en cuya Vista despacharon sus Provisiones paraquese aquietase y no molestase los coletores delobispo. Nofue esto bastante pues se propasso a maltratar yerir a los clerigos con muerte dealguno que en nombre de los señores obispos recogían susrrentas porno atreverselos legos. bolbiose denuevo a darquenta a S. A. que fue... mandar un comparendo a nuestro Mariscal; y el temeroso yacusado desuconzienzia serresistio alaovedienzia delrey por cuya rrazon mandó orden a D. Fernando deacuña Governador que entonces era degalisia paraprenderle, vino con un Juez Letrado llamado García Chinchilla consus Aguaziles Gor... de Mendoma y el capitan Mudarra, ya haviendo hecha y sustanziada la causa reconociendo era muy dificil yarriesgada la prisión del rreferido Mariscal porhaverse rretirado yechofuerte enel castillodela frouseira concriados, y jente armada pª resistirse alajusticia delrrey y desu Capitan Mudarra consultaron prudentemente el coxerlepor amaño evitando lasmuertes ydescalabros quenecesaria mente se havian desiguir llevando este negozioporbia de armas."

[1] J. M.ª Álvarez Blázquez, "Literatura popular gallega en torno a Pardo de Cela", *Cuadernos de estudios gallegos del Instituto Padre Sarmiento*, t. XX, fascículo 62, Santiago de Compostela, 1965, páxs. 358-360. En A. X. Meilán García, *O "Mito" do Mariscal Pardo de Cela. (Historia, lendas e literatura)*, maio de 2004, páxs. 148-151.

[2] A. X. Meilán García, op. cit., maio de 2004, páx. 108.

[3] E. J. Pardo, *El mariscal Pedro Pardo de Cela y la Galicia de fines del siglo XV*, 1981, páx. 185.

“Determinaron pues sobornar los Criados del dho Mariscal Pedro Pardo y segun elsequeja en las endechas queavajo se pondran, el principal ynstrumento pª estaobra fue uno de ellos llamado Roy cofano Natural del Valle de oro este dió parte asus compañeros los queconvenzidos depromesas y acasso deltemor del apena quemerezían como reveldes a S. M. convinieron envender por traizion a sua mo; y asi quando elmas descuydado estava en una noche avierta la puerta del castillo entraron los menistros delrey acompañados de jente Militar del distriti yprendieron ynmediatamente al ynfeliz Pedro Pardo, de alli le traxeron al Castro deoro, y le pusieron encassa de Afonso Yañez yjuntamente prendieron muchos hidalgos y Labradores onrados quesehallavan alli sin sersavedores delatraizión. Fue la prision echa enel dia 7 de diziembre delaño 1483”.

“Delcastro deoro fue llevado a la Ciudad de Mondoñedo endonde enel dia 17 dedho mes fue por snª degollado, yasimesmo se dize quedegollaron unhijo suyo llamado Pedro de Miranda pero esta notizia setiene por apocrifa. Losierto es quenaquellos tiempos ubotres Pedros eneste rreyno parentes muy cercanos entresi queel uno eranuestro Mariscal, otro Pedro de Bolaño señor de la Casa de Tores y otro Pedro de Miranda señor dela casa y Castillo del Boyllos. o delqual alprincipio hemos dicho algo, y puede ser que por la muerte biolenta quetuvo le equiboquen haziendole hijo del Mariscal. Murio este congrande arrepentimto desus Culpas, yesta sepultado junto alpulpito delevanxelio y puerta de la capilla mayor de la cathedral. Dizese quesumuger Dª Ysavel de Castro acompañada dalgunos deudos suyos paso a ponerse los pies de los Reyes Catolicos ofreziendo Una gran suma de dinero por la vida desumarido aquela Catholica y esclarecida Reya Dª Ysavel respondio quedios la havia echo rreyna para administrar justiª ynopara venderla. Consta por pa(pe)les de la Dignidad que en e-l año 1473 era merino enesta ciudad Albaro Garcia deluarca puesto de mano del Mariscal Pedro Pardo yquesuobispo que lohera entonces D. Fedrique de Guzman estava ensevillade donde seynfiere seavia apoderado deella, y se evidenzian susdesafueros ytiranias.”

“Quedo por hija del Mariscal Pedro Pardo Dª Beatriz de Castro quecaso consutio señor dela casa de tores, y su Madre Dª Isavel a la muertedesu marido querello enlarreal chanzelleria de Valladolid, deljuez quehavia dado lasnª de muerte porno haversido oydo en forma antes apresuradamente de queasi sedeclare porbueno adho Mariscal, y le devenvarguen los vienesqueletenia sequestrados Diose traslado alfiscal yporsultima snª lemandaron dar laposesion del lugar docarvallo de Galdo enboz y nombre de los demas vienes, con lo cual serretiro aesta Provinzia yfeligrexia de Castromayor, por tener allí parte de la aldea, y una fortaleza que aun oy seve yenella murio yla enterraron en un sepulcro depedra junto alacapilla desanta eulalia encuyo entorno ay otras muchas mas sepulturas osepulcros Zerrados depiedra de Canteria sinque sepueda aberiguar dequienes fuesen, peroyndican ser dejente noble y principal.”

“Los criados delrreferido Mariscal que dizen eran 22, fueron los siguientes:

1. Fernan Garcia tafornelos Natural delas Puentes deGarzia Rodriguez.
2. Pedro Lopez natural debizedo junto aldearriva.
3. Alfonso Destª Mariñas Natural das Negradas dorol.
4. Alfonso Alvariño delas Puentes deGarcia Rodriguez.
5. Gomez de Mourele Natural desanta Marta.
6. Roquedemera ydem.
7. Marcos decanada ydem.
8. Pedro deMerlon Ydem.
9. Juan Vermuz Ydem.
10. Roque Vermuz Ydem.
11. Justo Vermuz Ydem enespecial donde llaman las trasmeras.
12. Afonso barba natural de las grañas delsol.
13. Juan das mangas Natural do Consello de Vivero.
14. Fernando del Juncal natural dejunto a la Lama deMonan.
15. Roy cofano del Valle deoro.
16. Pedro delvalledeoro.
17. Fernando fondaya.
18. Juan Martiz debacoy.
19. Fernando de Vilavalle.
20. Unfulano Carrizo.
21. Rapatuz ambos Naturales debares en Asturias.
22. Gonzalo de Juncal Natural de Alban junto al Monasterio de Meyra.
    Otra muger Natural demuras llamada elbira demuras.

Aora se siguen las endechas que enlengua Gallega lloran lamuerte del Mariscal Pedro Pardo y.... dose desus criados.

“Amin chaman todamira...” [1].

[Continúa co *Pranto da Frouseira*; véxase en Carballido, entrada A Frouseira]

[1] E. J. Pardo, *El mariscal Pedro Pardo de Cela y la Galicia de fines del siglo XV*, 1981, páxs. 185-196.

«Esta “Relazon” é un claro exemplo da mestura entre o personaxe histórico e o da lenda» [1].

“Algunhos [nomes] como Valedouro e Bacoi son citados en cantares populares do século XV falando dos vintedous servidores que foron treidores ao Mariscal (un Roi Cofano, un Pero do Valedouro, un Joám Martiz de Bacoi, por certo, só tres dos vinte e dous, apesar de que nos ficou por aqui a má fama e se proibiu aos de Santa Cruz ir de testemuñas aos xuizos, cando case todos eran de Ortigueira, as Pontes ou Viveiro)” [2].

*Literatura popular en verso: romances e cantares*

O Cantar do Mariscal (catro estrofas, con data moi próxima á morte do Mariscal).
O Romance do Mariscal (de 1484, segundo X. M.ª Álvarez Blázquez).

Recollidos das *Relazons* das Cartas xecutorias por Álvarez Blázquez e Filgueira Valverde.

«En efecto, polo *Memorial* de Saavedra sabemos que despois de copiar a *Relazon* di que da vida do Mariscal e do “su tragico fin aun se encuentran entre papeles antiguos algunos Romances o cantiñas Gallegas, que dellos siguiendo el comun sentir de todos los autores, que taen cantares, y versos semejantes, tales quales sean, para prueba de la fama, y sucessos de los personages de quenta de los passados siglos,... se pondran aqui los que basten para muestra, como los siguientes, y su titulo es este: *Ahora chora a Casa por seo Señor, é se queixa dos criados que lle foran tredores*”, cantiguiñas e romances que estudan e reconstrúen autores como Álvarez Blázquez ou J. Filgueira Valverde» [3].

*Literatura culta en verso*

Os sete cantares civís [4] de Manuel Leiras Pulpeiro (1854-1912).
“En pé”, do poemario *Da Terra asoballada* (1917), de Ramón Cabanillas (1876-1959).
*El Mariscal Pardo de Cela, leyenda trágica* (1925), de J. Trapero Pardo (1900-1995).

*Literatura culta en prosa*

*Los Hidalgos de Monforte* (1851), de Benito Vicetto (novela).
*Historia de Galicia* (1872), de Benito Vicetto.
*Galería de Gallegos Ilustres* (1875), de Teodosio Vesteiro Torres.
*Apocalipse dos condes galegos* (1997), de Xoán I. Sánchez-Andrade (novela histórica) [5].
*Confesións do Mariscal Pardo de Cela* (2001), de Luís Enrique Cabanela (novela) [6].
“Valadouro” (1952), de Álvaro Cunqueiro (artigo) [7].
“Las Hormigas y el Mariscal” (1969), de Álvaro Cunqueiro (artigo-relato) [8].
“O Gran Mariscal” (1998), de Xesús Pisón, Manuel Lourenzo, Isaac Ferreira (relato) [9].
“A última viaxe de Pero Pardo de Cela «O Mariscal»”, de Antón Meilán (relato histórico) [10].

---

[1] A. X. Meilán García, “A orixe e o desenvolvemento do mito de Pardo de Cela ata o século XX”, en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páx. 282.
[2] R. Reimunde Noreña, “Pregón do VI Mercado Medieval de Alfoz”, 10.07.2004, páx. 1.
[3] A. X. Meilán García, *O “Mito” do Mariscal Pardo de Cela. (Historia, lendas e literatura)*, maio de 2004, páxs. 107-108.
[4] Ramón Reimunde Noreña, *Manuel Leiras Pulpeiro. Poesía galega completa*, Sotelo Blanco Edicións, 1984, páxs. 201-202; *Ben pode Mondoñedo desde agora. A esencia popular na obra e na língua de Manuel Leiras Pulpeiro*, Fundación Caixa Galicia, El Progreso, Lugo, 1988, páx. 146. En A. X. Meilán García, op. cit., maio de 2004, páx. 109-11 e n. 131.
[5] Edicións Laiovento, Santiago de Compostela, 1997.
[6] Ed. Ir Indo, Vigo, 2001.
[7] Publicado no *Faro de Vigo*, 30.10.1952, e en *El Pasajero en Galicia*, Tusquets Editores, Barcelona, 1989, páxs. 277-279.
[8] Publicado en *El Envés*, Táber, Barcelona, 1969, páxs. 96-99.
[9] Publicado en *Contos do Valadouro*, Edicións A Nosa Terra, Vigo, agosto de 1998, conto VII, páxs. 19-20; e en Ediciós do Castro, Nova edición, corrixida e aumentada, outubro de 2005, conto XVI, páxs. 19-20.
[10] Publicado en Librería Bahía, Foz, Imprime El Progreso Artes Gráficas S.L., Lugo, 2003.

*Literatura teatral*

*O Mariscal. Lenda tráxica en verso* (1926), de Ramón Cabanillas e Antón Vilar Ponte.
*El Mariscal Pedro Pardo*, de Emilia Pardo Bazán. Publicada en Lugo, 2001.
*A noite dos cabaleiros* (2006), de Manuel Lourenzo [1].

*O Mariscal, personaxe de teatro (Manuel Lourenzo)*

*A historia e os mitos*

"Nunca a Historia foi unha ciencia exacta, nin a poesía un crisol que peneirase os grandes ou pequenos erros. Mitificar, por outra parte, é algo máis que o infinitivo dun verbo, –hoxe francamente violado– que non parou de conxugarse desde os tempos da guerra de Troia, por lle pormos unha sólida trastenda á nosa crónica. Animo, pois, a contemplar o mito como máscara, quer dicir, retrato ou interpretación duns feitos que aparecen no seu orixinal esvaídos ou ben insuficientemente expresivos. E animo tamén a descubrir a mestizaxe que se dá entre a propia crónica e a súa interpretación polos poetas, os cantores e mesmo os propios cronistas. Ou non hai máscara, por exemplo, nun Vasco da Ponte manumitido polos Andrades ou no actual redactor dun xornal ou dun informativo da Televisión, sempre atentos á liña editorial e ás vasalaxes do seu cargo?" [2].

"En todo tempo e circunstancia, a historia vén sendo contada polo gañador, que a pon ao servizo da súa causa, elevándoa mesmo ao rango de filosofía. Así, o aqueu canta a destrución de Troia; César, o seu triunfo sobre os galos; Vasco da Ponte, a grandeza da casa de Andrade... E, se preciso for, os feitos desvirtúanse: Franco troca o bombardeo de Gernika por unha sabotaxe de mineiros; Bush II invade Irak para destruír unhas armas inexistentes... Os exemplos serían innumerábeis. E os obxectivos, sempre sublimes; trátase de salvar o mundo a custo do que for. E non vale de moito que, pasado o tempo, o perdedor recupere a palabra. Para entón, moitas evidencias terán desaparecido e a ignorancia e o desinterese polo acontecido, cando non o cansazo ou o temor a que a experiencia se repita, non axudan precisamente a restaurar a verdade histórica" [3].

«E se coa historia son precisas as reservas, co mito tamén. Resultando a miúdo difícil a dilucidación e fixación dos chamados "feitos históricos", debido ao descoñecemento de factores clave neles confluentes, así como a súa posterior maceración en mito, nun proceso de seu lento e exposto ás máis variadas "influencias". Este proceso acabaría conformando a máscara...; unha "face" que acentuaría os rasgos máis apetecíbeis, ou, como diría Aristóteles, "máis expresivos do xeral". Nun plano estritamente cronolóxico, é doado afirmar que a historia –os feitos– é anterior ao mito ou poetización deses feitos constituídos en exemplos, en emblemas de conduta individual e colectiva. A este respecto convén observar que a historia que "aprendemos" é unha síntese en que o mito ten tanta importancia como os feitos obxectivos debidamente documentados. Pois a historia –reducida comunmente a xestas ou episodios "representativos", que nos son relatados unha e mil veces na casa, na escola e na rúa– é utilizada non tanto para informar canto para educar. Aprendemos, pois, selectivamente, e aprendemos de acordo cuns modelos condutuais que o noso medio cultural ten asociados e clasificados no seu código» [4].

"Como estudoso teatral, interésame especialmente a ubicación dos mitos, a súa adscrición a unhas determinadas áreas físicas e sociohistóricas, na medida en que estamos a falar dunha elaboración cultural colectiva a obrar sobre un soporte orixinal –histórico– altamente valorado, é dicir, representativo" [5].

«Ao longo da súa historia, cada comunidade, cada pobo vive unha fase ou período especial, un "tempo de aventuras" en que se recoñece, algo así como un retrato de familia para recordar eternamente.

[1] Edición: Asociación Cultural O Mundo de Galea, Foz. Impresión: Litonor, Santiago de Compostela, xullo de 2006.
[2] M. Lourenzo Pérez, "O Mariscal, personaxe de teatro", en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, Lugo, 2006, páx. 200.
[3] M. Lourenzo Pérez, op. cit., en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, Lugo, 2006, páx. 201.
[4] M. Lourenzo Pérez, op. cit., en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páxs. 201-202.
[5] M. Lourenzo Pérez, op. cit., en *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páx. 202.

A aventura pode ser unha conquista, unha defensa heroica, unha expedición iniciática... Troia, Numancia, a procura do Grial, o descubrimento de América... E tras a ubicación cronolóxica dos feitos, vén a memoria popular, a se despregar en lendas e cancións. E nace o mito, e o pobo séntese orgulloso dese herdo e tenta facelo perdurar, pois el é a súa "xesta", a marca que o distingue como colectividade.» [1].

«E aquí entramos de pleno na cuestión que nos ocupa, ou cando menos, na súa preliminar: Cal é o "tempo de aventuras" dos galaicos? En que momento aconteceron xestas dignas de seren lembradas? Que episodios foron estes? E finalmente, como e cando chegaron a se configuraren como mitos e por que?
Dá a impresión de ter o noso colectivo unha memoria extraordinaria para os feitos máis remotos, conservados en forma de mitos, por exemplo, os do mundo prerromano, e case ningunha para outros máis recentes, como os acontecidos nos séculos XI ao XII, considerados "de esplendor". Mesmo puidera dicirse que hai unha insistencia na constatación –exaltación?– do desarraigo como marca colectiva, talvez a única resposta posíbel á dependencia forzosa que se opera no corpo do país a raíz dos acontecementos que hoxe analizamos, nos mesmos albores do chamado Estado Moderno.
Non é infrecuente ouvir aínda que a única épica galega, a grande aventura colectiva e popular é a emigración.
A emigración, o Medulio, as loitas irmandiñas, a submisión ao reino de Castela, estes feitos que son senón fracasos, constatación dunha impresenza, dunha invisibilidade que perdura ao abrigo desa filosófica noción que os poetas chaman saudade?
Cualidade resistente, pois, fronte a forza actuante da presenza» [2].

«Será esa a nosa historia: un serial de episodios fracasados? Non estará a clave no descabezamento da nobreza galega e consecuente esgotamento do mundo feudal, incapaz de fecundar un futuro?
Non é esa paisaxe crepuscular a que molla o pincel de Vicetto, inspirador desde o romance e unha historia máis ou menos ficcional, do mito por excelencia, que atravesa o rexionalismo, inspira o nacionalismo das Irmandades da Fala e chega até o momento actual lostregante de debate, cal é o mito de Pardo de Cela, "O Mariscal"?
Será entón ese solpor da Idade Media a raia que limita o noso "tempo de aventuras" co do esquecemento e a alterización?
O caso é que a partir dese momento comeza a se producir unha mudanza no social e no económico, dentro dun marco legal, que altera profundamente o edificio vivencial galego; unha "doma y castración" tan eficaz do Reino de Galiza, que só o isolacionismo a que esta sociedade é sometida explicaría a supervivencia de formas culturais tradicionais; e non falo da lingua, sometida a un proceso de degradación progresiva –e malia todo sobrevivente–, mais dese amplo substrato romano e prerromano –deuses e cultos, usos e costumes– e da consciencia lendaria da súa suplantación por novos iconos [sic], inxustamente superpostos aos orixinais, coa consecuente mitificación destes. Así dan pervivido os "mouros" gardadores de tesouros, maxias e segredos da vella sabedoría, construtores de edificios subterráneos, viaxantes polo tempo que ficaron aí –sabedoría dos antigos moradores– para nos recordar que non é certo todo o que se ve nin irreal o que está oculto. Memoria, pois, estraña e milagrosamente viva contra Historia, tristemente sepultada.
Sen a forza vivificadora do mito, nin sequera o país existiría. Sería un territorio apenas, pouco máis que unha noticia mineral o mapamundi» [3].

## *O Mariscal: teatro e mito*

«*O Mariscal*, de Cabanillas-Villar Ponte, "traxedia histórica en verso" na 1ª edición (1926) e "lenda tráxica en verso" nas posteriores, bebe argumentalmente en fontes saturadas de romanticismo (Vicetto, Vesteiro, lendas populares...), de vindicación familiar (*Carta Xecutoria* da casa de Saavedra), e/ou de demandas redentoras (Leiras, Otero, etc.). Os documentos básicos son, pois, abertamente apoloxéticos.
O certo é que a mitificación de Pedro Pardo –talvez debido ás circunstancias do seu prendemento e morte, que deberon ter causado un grande impacto no seu tempo– é case simultánea aos propios feitos, perdurando na memoria popular até a súa eclosión como "xesta" nos autores devanditos.

[1] M. Lourenzo Pérez, "O Mariscal, personaxe de teatro", en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páxs. 202-203.
[2] M. Lourenzo Pérez, op. cit., *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páxs. 203-204.
[3] M. Lourenzo Pérez, op. cit., en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páxs. 204-205.

Como precedente á obra de Cabanillas no teatro temos un texto incompleto en castelán, de Emilia Pardo Bazán, titulado *El Mariscal Pedro Pardo*, que en edición de Francisco Blanco Sanmartín e Xaquín Núñez Sabarís, publica en 2001 a Deputación de Lugo. O orixinal, en verso e reproducido con todas as súas correccións e opcións, inspírase argumentalmente na visión que nos dá Teodosio Besteiro [sic] Torres (1847-1876) na súa *Galería de gallegos ilustres*, tomo I, B. Aires, 1955.
Como consecuentes citemos en primeiro lugar, a variante operística d'*O Mariscal*, con libreto do autor e música de Eduardo Rodríguez-Losada Rebellón, que fora estreada en Vigo (31-05-1929), no Teatro García Barbón, tras ver frustrada a súa representación na Coruña por unha decisión das autoridades da cidade» [1].

«A figura do Mariscal aparece ademais na obra de Manuel Lourenzo *Erros e ferros de Pedro Madruga* (1972), inédita, estreada aquí mesmo, no Castro, tras ter sido prohibida pola censura. E, xa como protagonista, na obra de João Guisan *Pedro Pardo, chamado por outros o Gran Mariscal* (1975), presentada ao "II Concurso de Obras Teatrais en Galego Abrente", de Ribadavia, inestreada e inédita; ou *O milagre vinte e tres* (1994), de M. Lourenzo, que levara un accésit no "II Concurso de Obras teatrais Inéditas Camiño de Santiago".
A primeira versión escénica da obra de Cabanillas fora adaptación que fixeran para monicreques Isabel Rey Pousada, Marcelino de Santiago "Kukas" e Xoán Cejudo, estreada polo Centro Dramático Galego no Teatro Principal de Compostela (15-10-1994).
Á parte diso e da posíbel existencia doutros textos dos que non temos noticia, sinalarei algúns breves ensaios meus, como *Frouseira* (2001), peciña editada en Foz [2] [e, nese mesmo ano, a obra *A noite dos cabaleiros*] [3], ou os pregóns teatralizados do Mercado Medieval do Castro (2001) e da Feira Medieval de Betanzos (2003)» [4].

«A exaltación de D. Pedro como cabaleiro sacro, símbolo dunha Galiza convulsa e irredenta, ornado das cualidades de bondade e xustiza e dun heroísmo que o proxecta á santidade, capaz de contaminar os seus parentes e aliados, eleva esta personaxe á altura de santo tutelar, digno de figurar na galería de Artures, Duncans, Sebastiãos... *"Rei, amo, señor e pai"*, *"Santo cabaleiro"* e outros títulos con que aparece sinalado na obra outórganlle esta cualidade mítica... E se D. Pedro é o "monarca" sacrificado, o mártir, entón A Frouseira é a mansión do Grial, a pena máxica que alberga o místico tesouro dunha raza.
Unha soberbia mitificación do Mariscal e do seu mundo, que aparece instalada, malia o anticlericalismo manifesto –frases como *"contra a abafante escravitú da Eirexa"*– na máis pura ortodoxia católica, cando metaforiza, por exemplo, o sacrificio do Mariscal con imaxes do Calvario, nos famosos tercetos de Bolaño [5] "Camiño de ferradura", que musicara Miro Casabella nos anos 70 do pasado século cun aberto propósito axitador...» [6].

## *O debate continúa*


## *Século XVIII*

«A mediados del siglo XVIII, hallábase arruinada la fortaleza, pues el P. Flórez, en el tomo XVIII de la España Sagrada, al hablar del valle de Oro, dice:
"Todo este valle es del Señorío Temporal del Obispo y de su Santa Iglesia. Tiene en una extremidad acia el Oriente un cerro y sirvió de fortaleza donde los Obispos tenían casa de recreo; pero la omisión en no reparar la fábrica, da libertad al tiempo para sus estragos. Dentro de las murallas hay Iglesia nombrada San Salvador del Castro de Oro; pero es aneja a San Pedro de Mor."» [4].

## *Século XIX*

### *A Desamortización de Mendizábal (1835-1837)*

"Recordemos que la fortaleza fue casa de recreo de los obispos de Mondoñedo, propietarios de la misma, hasta la desamortización en tiempos de Mendizábal, si bien existen pruebas evidentes de la copropiedad de la fortaleza con la familia de los Díaz Valmayor de Bao... (año 1687)" [5].

"Tras o abandono por parte da Mitra mindoniense, sería a finais do século XIX cando a Fortaleza sufriría unha das perdas máis importantes desde o punto de vista constructivo: o derrubamento de parte das murallas, que remataría posteriormente coa desaparición do chamado Arco da Inmaculada Concepción, que servía de acceso ao recinto amurallado.

Por aquel entón asentouse no Castro de Ouro unha dinastía de nobre avoengo, a familia Mel, que ao longo dos anos se fora facendo co poder de parte das terras do Valadouro, ata entón propiedade da Igrexa e, en menor medida, dos veciños.
Parece ser que o poder da familia Mel e a súa influencia no Bispado de Mondoñedo lle permitiu dispoñer das pedras de parte das murallas da fortificación, incluíndo o citado Arco da Concepción, para facer as súas propias construccións e marcar os límites das súas pertenzas. Curiosamente, o monte do Campón, próximo ao Castelo, que segue pertencendo á familia Mel, está totalmente cercado con pedras graníticas semellantes ás da fortaleza, e que, segundo comentan aínda hoxe algúns veciños, proceden das murallas do Castelo.

---

[1] M. Vázquez Seijas, *Fortalezas de Lugo y su provincia*, t. I, Lugo, 1955, páx. 8.
[2] J. Martínez Cobo, *El Valle de Oro. Apuntes históricos*, 1912, páx. 14.
[3] E. Lence-Santar y Guitián, Santiago, 10.06.1924. Recompilado por J. I. Fernández Villalba, *Mondoñedo, regreso al pasado VII*, xuño de 2010, páx. 90.
[4] [4] E. Lence-Santar y Guitián, Santiago, 10 de Junio de 1924. Recompilado por J. I. Fernández Villalba, op. cit., xuño de 2010, páx. 90.
[5] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 109.

A influencia da familia Mel sobre o Castelo, que, aínda que pertencía ao Bispado, estaba en total desuso, faise patente na única zona da muralla que hoxe se conserva en pé e que foi utilizada por estes nobres como panteón familiar. Isto pódese observar nas lápidas deste pequeno cemiterio, pois todas elas teñen nas súas inscricións o apelido Mel" [1].

## *Século XX*

### *A restauración da torre en 1907-1909*

"El Castillo del Castro de Oro, cuya torre del homenaje se ha reconstruido para Casa-Ayuntamiento, Juzgado y escuelas, aunque sin prescindir de una prestación personal que ha sido aceptada por la importancia de la obra, sin oposición alguna formal. El Ayuntamiento de Alfoz, pues, debiera al menos poner una lápida conmemorativa en el Castillo que se ha reconstruido, y que se debe a la grandeza del Mariscal y de su esposa, ya que por esta reconstrucción hicieron desaparecer aquella puerta y arco en que se veía la Virgen de la Concepción en pinturas que desafiaron la intemperie de cuatro siglos, y aquellos restos de muralla y ballesteros que dejó la piqueta demoledora de un material digno de más respeto y que demostraban la forma y arquitectura de la fortaleza, que quedó a lo sucesivo reducida a sólo la torre reformada" [2].

"Años después [de 1572] se fueron desmoronando sus muros, quedando en pie, poco más que la torre del homenaje, y sin duda por lo costoso de su sostenimiento y por no prestar ya un beneficio útil a la mitra, la dignidad episcopal la abandonó y así estuvo bastante tiempo, hasta que el ayuntamiento de Alfoz se incautó de ella y la restauró bajo plano del arquitecto provincial D. Nemesio Cobreros, de Enero de 1907 a Mayo de 1909, instalándose en sus dependencias el ayuntamiento, el juzgado municipal y la escuela de niños" [3].

«O tempo foi pasando, os seus muros fóronse desmoronando e polo custoso do seu mantemento e porque perdera os seususos principais o obispado [sic] de Mondoñedo abandonouno á súa sorte e así estivo ata principios deste século [XX].
Así permaneceu ata que o Concello de Alfoz de Castro de Oro, así denominado por Real Orden de 21 de marzo de 1887, decidiu arranxalo e convertilo na nova sé da casa consistorial, sita ata entón no lugar da Torre, na feligresía [sic] de San Pedro de Mor. O proxecto de recuperación encargóuselle ó arquitecto provincial Nemesio Cobreros, e as obras tiveron que saír tres veces a pública subasta ata que, na última delas, decidiuse concederlle a obra a José García Cayón, veciño de Mondoñedo. A data exacta é a de 02 xaneiro de 1907 e o montante total foi de sete mil setecentas cincuenta pesetas. Aínda que faría falla posteriormente aportar algunga cantidade máis de diñeiro, parece ser que se cumpriu co pactado na escritura de contrato de obras entre ámbalas dúas partes. O prpxecto inicial contemplaba a construcción das dependencias administrativas do concello así como o local do xulgado de paz e unha escola de nenos.
As obras pasaron por distintos avatares e infortunios dos que cabe destacar un atentado anarquista con catro bombas de dinamita que ocurriu a noite do catro de marzo de 1907. Isto provocou algún dano e retraso na obra que se viu subsanado cunha indemnización de dez pesetas ó constructor e cunha parella da Garda Civil de contínua garda namentres as obras continuaron, enviada polo Gobernador Civil da provincial [sic]. É importante sinalar que as obras avanzaron rápidamente polo feito de que se impuxo unha prestación persoal dos veciños do lugar, consistente na aportación do propio traballo, de material constructivo ou na aportación de capital para a axuda de pago de manutención e pensión dos traballadores así como para a compra de material no exterior do Val. Os veciños contentpos coa reconstrucción do castelo parece ser que non puxeron ningún tipo de impedimento formal.
Aínda que as obras sufriron unha demora de catro meses sobre a estimación de tempo feita "a priori", a nova Casa do Concello foi inaugurada polo alcalde Antonio Fraga Díaz que ademais incoou expediente perante a Diputación Provincial para conseguir traslada-la capitalidade dende Mor ata San Salvador de Castro de Ouro. E alí estivo ata o ano 1991 cando por necesidades evidentes de novas infraestructuras se trasladou a Casa Consistorial e a capitalidade ó lugar de A Seara, na parroquia de San Pedro de Mor» [4].

---

[1] X. Pardiñas Suárez, *Castelo de Castro de Ouro-ALFOZ. Proxecto de rehabilitación e acondicionamento*, 2000, 47 páxs., páxs. 5-6 (de 21).
[2] J. Martínez Cobo, *El Valle de Oro. Apuntes históricos*, 1912, páxs. 14-15.
[3] M. Vázquez Seijas, *Fortalezas de Lugo y su provincia*, t. III, 1962, páx. 124.
[4] C. A. González Paz, "O Castelo de Castro de Ouro en Alfoz", en *El legado cultural de la Iglesia Mindoniense*, 2000, (páxs. 513-522), páxs. 518-519.

“Desde entón, e ao longo de todo o século XX, O Castelo pertence ao Concello de Alfoz, e, aínda que posteriormente á citada reforma deixou de ser escola de nenos, albergaría as oficinas municipais ata o ano 1991, data na que se trasladarían á nova Casa do Concello, sita no lugar da Seara, capitalidade do municipio.

Débese salientar como unha das obras máis notables realizadas no Castelo, a instalación dun aseo durante a década de 1970, pois foi unha das reformas máis desafortunadas que sufriu a Torre da Homenaxe desde o punto de vista constructivo... Para levar a cabo a citada instalación, realizouse un forxado que tapa unha antiga foxa, pertencente probablemente a unha parte das antigas mazmorras utilizadas como cárcere nos séculos XIV e XV, que nos dá indicios da existencia dunha planta inferior soterrada.
Non parece demasiado arriscada a afirmación da existencia de dita planta, pois, á parte dos datos que nos confirman que esas mazmorras foron seladas a mediados do século XV [XVII], as xentes do val falaban da existencia dun pasadizo que unía a Fortaleza coas terras de Galea, a carón do río Ouro, ...
A realización deste forxado reflicte a falta de vontade que daquela existía no Concello pola recuperación do elemento histórico e arqueolóxico máis importante de Alfoz e do Valadouro en xeral.

Durante a década de 1990 o Castelo non tivo ningunha función específica, dado o deterioro interior das instalacións, aínda que as súas dependencias foron utilizadas como lugar de reunión de asociacións deste Concello, como obradoiros en diferentes cursos ou como salas de exposicións temporais. A última reparación sufrida foi en 1994, cando se reparou a cuberta da torre da homenaxe“ [1].

“Pero falar do Castelo do Castro de Ouro é falar non só da súa torre de homenaxe que hoxe conservamos, senón tamén falar dun impresionante conxunto defensivo que constaba de dúas murallas e un foxo, parcialmente conservados hoxe en día ámbolos dous elementos.
Estaba dotado o conxunto cunha primeira muralla que separaba a torre da homenaxe do pobo medieval. Contaba cunha altura superior ós catro metros e dispuña de varias saeteiras, en forma de cruz invertida, dende onde se realizaba a vixiancia do único camiño que daba acceso ó núcleo principal do conxunto. A el accedíase a través dun paso abovedado, formado por un arco de medio punto peraltado que acollía no seu interior unha pintura mural de finais do século XV que representaba á Inmaculada Concepción.
A segunda muralla e o foxo rodeaban o que era entón o pobo do Castro de Ouro e do que conservamos algunha construcción, sobre todo un conxunto de casas que mostran ó visitante atento o escudo dos Álvarez de Asturias” [2].

*Século XXI*

Nos anos 2001-2002 acométese unha nova rehabilitación da Torre Pardo de Cela por parte do Concello de Alfoz e a Xunta de Galicia [3]. Pisos e escaleiras de madeira, cunha varanda de aceiro inoxidábel.
Unha vez terminada esta última reforma, a torre alberga un punto de información turística, dúas salas de exposicións e unha fermosa sala de conferencias.

*Descrición do castelo do Castro*

*Descrición de Vázquez Seijas (1958)*

“En visita que hicimos al castillo en Mayo de 1958, hemos podido observar que lo que queda en pie, es el cuerpo de la torre del homenaje, construída totalmente en cantería de grano grueso. Modificada la fachada principal, no con gran acierto, las ventanas ajimezadas de la primera planta, acusan evidente diferencia con las de los otros dos cuerpos de la torre.

[1] X. Pardiñas Suárez, *Castelo de Castro de Ouro-ALFOZ. Proxecto de rehabilitación e acondicionamento*, 2000, 47 páxs., páxs. 6-7 (de 21).
[2] C. A. González Paz, “O Castelo de Castro de Ouro en Alfoz”, en *El legado cultural de la Iglesia Mindoniense*, 2000, (páxs. 513-522), páx. 519.
[3] O custo total é de 240.000 euros, dos que a Consellería de Cultura aporta 116.000. *La Voz de Galicia*, 19.05.2001, 28.08.2001 e 30.07.2002. A rehabilitación inaugurouse o 27.07.2002, no ámbito do Mercado Medieval, cunha exposición pictórica do artista Xeada.

La puerta tampoco se acomoda a la primitiva, que hubo de ser de menores proporciones. En su arcada de medio punto, se descubre facilmente la huella de su transformación, con un impropio revocado de argamasa, en su faja alta.
Las otras tres fachadas conservan, menos alterada, su estructura inicial, repitiéndose algunos ventanales ajimezados. En la posterior son de arco de medio punto, en la primera y segunda planta, y de dintel liso, en la tercera. En ella las almenas, coronan los muros fortificados de todos los frentes de la torre, con una barbacana volada sobre tres modillones, y sus correspondientes aspilleras. Las almenas son de estilo cuadrado, de uso muy frecuente en la Edad Media.
Flanquean esta fachada, dos cubos o torreones que, al propio tiempo, sirven de contrafuerte a la edificación.
Prueba fehaciente de la importancia y solidez que tenía esta fortaleza, es el espesor de sus muros, que se revela en las ruinas de las murallas que defendían el acceso y constituían el cierre de su patio de armas. Un ancho portón de arco de medio punto, que arranca de la base de uno de los torreones, con 2,70 metros de grueso en sus muros, da entrada a aquel y paso, por lo tanto, a las dependencias de la torre.
Al lado opuesto, la cerca arranca adosada al lienzo de aquella, acercándose bastante al ángulo exterior, formando otro, con el fin de dominar con sus defensas ambos flancos, sobre la línea de sus fosos y contrafosos, que aún se advierten visiblemente. Se conserva una de las troneras, con huella en forma de cruz, y arco de descarga interior de fuerte derrame, para la mejor manipulación de las armas. Otra de las troneras, se encuentra ahora tapiada, convertida en hornacina para acoger en ella un crucifijo" [1].

### *Descrición de Canoura Quintana (2000)*

"Si existe una edificación que por excelencia pueda considerarse como símbolo de la comarca esta es, sin lugar a duda, la fortaleza de Castro de Ouro.
La historia del Valle parece condensarse en este caserón testigo de tantas vicisitudes, lástima que las reformas llevadas a cabo a principios de siglo por el arquitecto Nemesio Cobreos (1907) destruyeran las líneas primigenias de su trazado original. En la actualidad sólo se conserva la Torre del homenaje de la primitiva fortaleza, que según Madoz, antes de llevarse a cabo las reformas citadas, era de gran parecido a la del castillo de Villalva [sic].
Presenta planta rectangular con tres pisos y terraza. Fue la fachada principal la que sufrió más, las ventanas ajimezadas desaparecieron, conservándose sólo en las fachadas restantes, de arco de medio punto en la primera siendo en la tercera de dintel liso. Destacan dos cubos semicirculares, uno de los cuales con saetera y hornacina interior. Su función es la de servir de contrafuertes. La fachada presenta puerta con arco de medio punto donde según la tradición existía una pintura de la Virgen. Hacia el año 1550 era cámara del obispo, muriendo en ella el obispo Luján en el año 1572, pasando después a ser la cárcel más fuerte de la diócesis y siendo reconstruida en tiempos del obispo D. Diego de Soto entre 1546 y 1549" [2].

### *Descrición de Xabier Pardiñas (2000)*

#### *O terreo*

"A finca na que se sitúa a Fortaleza está no centro da parroquia do Castro de Ouro, no alto dun outeiro e rodeado por terras de pastoreo e labradío, excepto na faldra nordés na se se sitúa a maior parte da poboación desta demarcación.

No contorno do Castelo podemos atopar, amais da referida Torre da Homenaxe, os restos das murallas da antiga fortificación, a igrexa de San Salvador e o adro da propia igrexa.

A finca está dividida en varios niveis, quedando no máis alto o adro, a continuación a extensión na que se asentan a igrexa e a fortaleza, e nun nivel inferior diversos terreos anexos, utilizados como xardíns na súa maior parte.

Das murallas que rodeaban antigamente o Castelo, hoxe só se conserva a parte situada na marxe dereita da fachada principal da Torre, na cara norte da finca. Con respecto a estas murallas, podemos atopar dúas zonas diferentes, unha máis recente e de menor espesor, e outra máis antiga e en peor

[1] M. Vázquez Seijas, *Fortalezas de Lugo y su provincia*, t. III, 1962, páxs. 124-125.
Como queda dito, este Cristo, de madeira, é propiedade do doutor Xosé Ramón Mel Lorenzo.
[2] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páxs. 72-74.

estado de conservación, con muros de grosor superior á anterior. En fronte desta última existe un cruceiro realizado en pedra granítica e cunha inscrición en mármore branco, na parte inferior, que data a súa construcción no 1898 [1939].

Existen dúas entradas para acceder á finca. Unha delas rodea a muralla ata chegar á entrada da igrexa, e está formada por unha estrada local de 3,50 metros de anchura, discorrendo ao longo da faldra norte do outeiro e comunicando este coa estrada comarcal LU-160.

O outro acceso, que ten maiormente un uso peatonal, atópase sen pavimentar. Nace e desemboca na entrada anterior e pasa por onde antigamente se erguía o Arco da Concepción, posiblemente entrada principal do recinto amurallado.

A igrexa atópase fronte á fachada principal da Torre da Homenaxe e lixeiramente oblicua respecto a esta, coincidindo coa parte oriental da finca. Esta igrexa pertence á parroquia de San Salvador do Castro de Ouro, sendo a única desta demarcación, así na actualidade é utilizada para a celebración dos actos relixiosos dos seus fregueses.

O adro, anexo á igrexa, e que se corresponde coa zona máis alta e máis extensa da finca, atópase na parte sueste, formando un ribazo coa superficie na que se atopa a Torre, no que aparece unha fonte de recente construcción. Actualmente é utilizado como área recreativa, dotada de mesas e bancos de granito... Na parte sur do adro pódese observar un depósito de augas, construído na década de 1970, do que se serve o propio castelo e mais parte da parroquia.

Todo o recinto atópase rodeado por sebes de 1,20 metros de altura, estando a zona do adro arborada“ [1].

| | |
|---|---|
| Superficie construída: | 593, 86 $m^2$ |
| Superficie útil total: | 263, 68 $m^2$ |
| Superficie útil Planta Baixa: | 74, 55 $m^2$ |
| Superficie útil Planta Primeira: | 82, 26 $m^2$ |
| Superficie útil Planta Segunda: | 83, 54 $m^2$ |
| Superficie útil Azotea: | 23, 33 $m^2$ |

*Descrición do edificio*

*Fachadas*

“A Torre da Homenaxe está constituída por un único corpo de planta rectangular. Exteriormente, está formada por catro fachadas que se conservan nun estado aparentemente bon, aínda que presenta algunhas patoloxías importantes, como manchas escuras, debido á caída de augas pluviais, procedentes dunhas gárgolas que recollen a auga da choiva da cuberta actual.
A fachada principal está situada na cara sueste da torre. As plantas primeira e segunda contan con tres fiestras cada unha, rematadas con linteis en forma de arco bilobulado. Unha das fiestras está situada na parte central e as outras dúas son laterais, unha a cada lado da anterior. Na planta baixa, a porta de entrada está realizada con arco de medio punto. Nesta arcada descóbrese facilmente a remodelación sufrida polo Castelo, pois aparece un inoportuno realce, na súa faixa alta, rematado con revoco de argamasa. Esta solución tamén aparece sobre os linteis das dúas fiestras laterais á porta, rematadas tamén cun lintel bilobulado que, neste caso, se presenta esculpido formando motivos florais.
Para acceder á porta de entrada á torre existe unha pequena escalinata formada por tres chanzos e un breve relanzo na parte máis alta.
A fachada posterior parece menos alterada con respecto á estructura inicial da torre e está situada na cara noroeste. Nela destaca un contraforte de forma cilíndrica na esquina occidental do edificio, que ó mesmo tempo fai de balcón a nivel da primeira planta. Figura unha única fiestra por planta na parte central da fachada, nas plantas baixa e primeira, existindo amais unha porta de acceso ó balcón nesta última. Na planta superior aparecen dúas fiestras, situadas unha na parte central e a outra aliñada sobre a porta do primeiro piso. Tódalas aberturas están rematadas con arcos de medio punto, excepto na segunda planta onde se usa un lintel liso.
A nivel da cuberta existe un pequeno balcón en saínte con peitoril de pedra, formando unha seteira.

[1] X. Pardiñas Suárez, *Castelo de Castro de Ouro-ALFOZ. Proxecto de rehabilitación e acondicionamento*, 2000, 47 páxs., páxs. 4-5 (de 24).

A fachada lateral dereita, na cara nordeste, é a máis sobria de todas, pois só aparece unha pequena fiestra realizada con lintel liso, na planta baixa, sendo cego o resto do muro.
Na esquina norte do edificio aprécianse os restos dun muro que prolongaba a fachada posterior ata outro contraforte de forma cilíndrica, que hoxe forma un balcón exterior á propia torre. Estes restos chegan ao nivel da segunda planta, o que fai supoñer que o piso superior foi realizado posteriormente. Esta idea tamén se fai patente nas fiestras da fachada posterior pois, como vimos, mentres que as inferiores son de medio punto, a da segunda planta remata con lintel liso.
Na facha lateral esquerda, situada na cara suroeste, figuran tres fiestras centrais, unha por planta, sendo as dúas inferiores bilobuladas e a superior acabada en lintel liso.
Nesta fachada obsérvase o arranque do chamado Arco da Concepción, que daba acceso ó recinto amurallada e que coincide na esquina occidental do edificio co contraforte cilíndrico descrito na fachada posterior" [1].

### *Cuberta*

"A cuberta actual está constituída por unha cubrición de lousas sobre estructura de madeira. Está deseñada a catro augas, aparecendo na parte noroeste unha rama a dúas augas que dá acceso á cuberta desde o interior. Perimetralmente, a cuberta posúe un estreito corredor de paso, rematado con morteiro de cemento e que limita coa cobertura de lousa e as ameas.
Este paso perimetral recolle as augas procedentes da cuberta, servindo como canlón, cos conseguintes problemas de humidade que se producirán ó penetrar a auga polo interior dos muros. As augas recollidas son posteriormente evacuadas mediante dúas gárgolas que aparecen nas dúas fachadas da parte occidental.
Actualmente existe unha pasarela metálica sobre a cuberta de lousa, que se comunica co corredor perimetral, limitando o paso mediante unhas varandas tamén metálicas. Esta pasarela está situada perpendicularmente con respecto á cumbreira da cuberta, ou o que é o mesmo, respecto á fachada principal" [2].

### *Ameas*

"Situándonos a nivel da cuberta e a pano coas catro fachadas da Torre da Homenaxe, existe un peitoril como continuación dos muros, que circunvala o corredor de paso que rodea a cuberta perimetralmente.
Este peitoril está rematado na súa parte superior pos ameas, que consisten nunhas aberturas que coroan os muros de tódolos frontes da Torre e que servían para vixiar o inimigo sen ser visto por este, característica que nos amosa o uso do Castelo como fortificación militar.
Dada a existencias destas ameas, o muro remata cunhas pezas monolíticas que limitan as citadas aberturas. Ditas pezas, que, igual que os muros, son de material granítico, teñen forma prismática irregular, ó atoparse bastante meteorizadas, aínda que se supón que inicialmente eran de sección rectangular" [3].

### *Distribución interior*

"A distribución actual do Castelo débese ó uso do mesmo como Casa do Concello, debido a que desde entón non sufriría ningunha reforma interior.
Na planta baixa atopámonos con tres dependencias. Á esquerda da entrada principal, aparece un pequeno local que acollía a oficina do Xulgado de Paz, ó que se accede desde o recibidor ou desde a Sala de Reunións anexa. Este último salón corresponde coa maior dependencia da torre e atópase fronte á entrada principal, ó longo de toda a fachada posterior.
A dereita da entrada podemos atopar un pequeno aseo, composto por dous locais, e que aparece en estado de total abandono. Nel figuran uns pequenos depósitos co fin de almacenar a auga para o uso dos sanitarios.
Tamén á dereita da porta principal, preséntanse as escaleiras de acceso á planta superior, baixo as que existe un pequeno rocho.
Na primeira planta están as dependencias das antigas oficinas municipais propiamente ditas, formadas por un total de catro estancias.

---

[1] X. Pardiñas Suárez, *Castelo de Castro de Ouro-ALFOZ. Proxecto de rehabilitación e acondicionamento*, 2000, 47 páxs., páxs. 6-7 (de 24).
[2] X. Pardiñas Suárez, op. cit., 2000, 47 páxs., páx. 7 (de 24).
[3] X. Pardiñas Suárez, op. cit., 2000, páx. 8 (de 24).

O corredor preséntase paralelo ó tramo superior da escaleira que ascende desde a planta baixa paralelamente á fachada nordeste. Este corredor dá acceso a un primeiro habitáculo que se usaba como local de atención ó público, separado por unha vidreira a través da que se atendía desde un local anexo usado como oficina. Da primeira estancia pásase a un novo local, utilizado para as reunións de goberno. Este local e o seguinte, usado como despacho da alcaldía, así como a oficina anteriormente citada, están comunicados entre si.
Na segunda planta, que se corresponde coa superior, encontramos un distribuidor que nos dá acceso desde as escaleiras que soben da planta primeira, ás dúas únicas estancias existentes neste nivel, así como á escaleira de acceso á cuberta.
As dependencias que podemos atopar nesta planta están formadas por un pequeno local situado na esquina oeste da Torre, utilizado como Arquivo, e outro cuarto de maiores dimensións que, aínda que inicialmente era usado como Oficina de Extensión Agraria, nos últimos tempos carecía de uso específico, sendo utilizado tamén como arquivo, e mesmo como almacén, e ocupa a superficie restante da planta. Deste cuarto podemos acceder a un pequeno balcón interior situado sobre o oco das escaleiras inferiores" [1].

## *Estruturas*

"O principal elemento estructural que podemos atopar neste edificio son os muros de carga, realizados con cachotería careada de pedras graníticas, tomada con argamasa de barro, cal e area.
Todos eles son exteriores, o que quere dicir que a estructura sustentante vertical é toda perimetral, quedando o interior do edificio exento de muros. Os seus espesores varían en función da planta e da fachada na que se atopen. Así, o muro de maior espesor corresponde á planta baixa e á fachada posterior, chegando ós 2,10 metros, sendo o de menor grosor o muro pertencente á fachada principal, cun total de 0,95 metros, ó longo das tres plantas. En canto ó resto dos muros, obsérvase que son máis anchos os do alzado esquerdo, con 1,75 metros na planta baixa e 1,55 metros nas restantes; mentres que os do alzado dereito van de 1,40 a 1,20 metros desde a planta inferior ata a superior.
Debemos subliñar neste punto a existencia dun contraforte na esquina occidental da Torre, que ascende ata o nivel da primeira planta, polo que o muro alcanza neste punto un espesor considerable, próximo ós cinco metros.
A cimentación, aínda non podendo acceder a ela para o seu estudio, suponse formada por pedras graníticas de grandes dimensións tomadas con morteiro de barro, seguindo as características dos muros de carga, e de maior espesor que estes. De todas as maneiras, o nivel e a forma da cimentación é algo incerto, pois pode haber a posibilidade de que exista algunha planta inferior tapiada, ...
No piso da planta baixa podemos atopar dous tipos de acabados, sendo bastante incerta a realización da base da mesma, polo apuntado no parágrafo anterior. Aparece rematada cun piso de madeira de castiñeiro na zona correspondente ó Salón de Plenos e Reunións, atopando no resto unha capa de morteiro de cemento acabada cun raiado en relevo en forma de mosaico.
En canto ós elementos sustentantes horizontais, aparecen armazóns de madeira formadas por trabes de carballo e puntóns de castiñeiro, que descansan nos muros de carga perimetrais. O acabado superior destes forxados realízase con taboado de madeira de castiñeiro, mentres que o inferior se remata cun falso teito *in situ* de barrotes de madeira e cal.
A comunicación entre as diferentes plantas aparece solucionada mediante unha escaleira dun único tramo recto nas plantas superiores, e de dous tramos en "L" da planta baixa á primeira. Nesta última aparece, entre os dous tramos, un relanzo no que se sitúa unha porta de acceso que os separa, dando independencia á planta baixa respecto das superiores. En ambos casos a estructura da escaleira está realizada con zancas e chanzos de madeira de castiñeiro. Para o acceso á cuberta disponse dunha escaleira en dous tramos en "L" realizada tamén en madeira de castiñeiro, excepto na parte superior na que vai esculpida no muro.
A estructura sustentante da cuberta está formada por armazóns inclinadas de madeira, similares ós anteriormente citados, formando os catro faldróns dos que consta a cubrición, realizada mediante estructura de pavillón" [2].

## *Murallas*

"Á parte da Torre da Homenaxe, da antiga fortificación que formaba o Castelo de Castro de Ouro, consérvase unha pequena parte das murallas que flanqueaban a fortaleza. Atópanse na parte

[1] X. Pardiñas Suárez, *Castelo de Castro de Ouro-ALFOZ. Proxecto de rehabilitación e acondicionamento*, 2000, páxs. 8-9 (de 24).
[2] X. Pardiñas Suárez, op. cit., 2000, 47 páxs., páxs. 9-10 (de 24).

nordeste da finca e nelas podemos observar dúas tipoloxías diferentes, ambas realizadas con cachotería granítica.
Por un lado, atópase a parte da muralla máis antiga, de maior espesor, e que aparece unida ó contraforte menor do Castelo, na parte noroeste da finca. Esta parte da muralla correspóndese cun antigo cemiterio, aparecendo oito [seis] sepulturas e unha ábsida na parte superior, que xorde do tapiado dunha antiga seteira. Fronte a estes mausoleos aparece un cruceiro, tamén de pedra granítica.
Por outro lado, podemos atopar outra parte da muralla, de posterior realización que a anterior, a xulgar polo material de agarre dos cachotes, consistente en morteiro de cemento. Esta parte da muralla posúe unha forma curva, contando cun espesor medio, na parte superior, duns 50 cm., e limita a rampla principal de acceso ó Castelo coa propia finca.
Na zona de unión entre ambas tipoloxías aparece unha seteira perpendicular ás caras principais das murallas. Esta seteira ten forma de ábsida na parte interior da finca, sendo plana na parte posterior, existindo unha abertura en forma de cruz que atravesa o muro. Este elemento constructivo dános conta do carácter defensivo da fortificación..." [1].

*Aberturas nos muros (xanelas e portas)*

"A característica máis importante que atopamos nos ocos practicados nos muros da Torre da Homenaxe é a crecente abertura que estes sofren cara ao interior do edificio. Este derrame, que ocupa uns dous terzos do espesor total do muro, fainos distinguir dúas formas diferentes de remate nas aberturas, segundo se trate do paramento exterior ou interior.
Así, na parte da fachada podemos atopar varias formas de salvar os distintos vans, e aínda que a maioría son alintelados, na fachada posterior do edificio encontramos tres tipos de remates diferentes: lintel, arco de medio punto e falso arco. Nesta parte exterior os ocos están formados, na súa totalidade, por pezas graníticas aparelladas, tanto no caso de arco e lintel como en xamba, peitoril e soleira ou limiar, sobre as que descansa a carpintería que cerra as diferentes portas e fiestras.
Polo que respecta á parte interior, onde aparece o citado derrame, a solución adoptada consiste en cargadeiros graníticos rematados cun recebado de cal formando unha superficie abucinada, e nalgúns casos plana, inclinada oblicuamente cara ao exterior. As xambas aparecen tamén recebadas e abríndose cara ao interior, excepto no caso das fiestras da fachada principal na planta baixa, onde son perpendiculares ós paramentos...
As fiestras, todas elas practicables, dispoñen de grandes dimensións, con anchuras que oscilan entre os 0,85 e 1,15 metros, chegando ós 2,50 metros de altura nalgúns casos, polo que permiten grande entrada de luz. Aparece unha excepción, que corresponde coa única abertura da fachada dereita, onde nos atopamos cunha fiestra de 0,60x1,25 metros.
Existen unicamente dúas portas que atravesen os muros, ambas rematadas con arco de medio punto. A porta principal de entrada é de grande amplitude, con 1,60 metros de ancho por 3,60 metros de alto. A outra porta existente corresponde co acceso ó balcón exterior da primeira planta e ten unhas dimensións de 0,90x3,00 metros" [2].

*Xanelas*

Peitoril:

"Murete rematado con pezas graníticas prismáticas que limitan a parte inferior da abertura da fiestra. O feito de que os ocos das fiestras teñan un derrame cara ao interior para a mellor entrada de luz provoca que o peitoril sexa menos ancho que o resto do muro do cerramento, concretamente a metade do grosor. A superficie que define a parte superior do peitoril... está rematada cunha tranqueira que corta a superficie en dous planos verticais que fan de tope entre o muro e a carpintería da fiestra, estando esta exenta de marco" [3].

Xamba:

"Cada unha das partes verticais que rematan lateralmente a abertura da fiestra. No seu punto superior definen o estribo sobre o que arranca o muro, mentres que inferiormente descansan sobre o

[1] X. Pardiñas Suárez, *Castelo de Castro de Ouro-ALFOZ. Proxecto de rehabilitación e acondicionamento*, 2000, 47 páxs., páxs. 11-12 (de 24).
[2] X. Pardiñas Suárez, op. cit., 2000, páxs. 19-20 (de 24).
[3] X. Pardiñas Suárez, op. cit., 2000, páxs. 20-21 (de 24).

muro contiguo ó peitoril. Na cara interior das xambas, chamada *mocheta*, distínguese unha tranqueira similar á descrita no caso do peitoril" [1].

Arcos e linteis.

Lintel:

"Esta forma de remate dos ocos das fiestras está constituído por unha única peza granítica apoiada no estribo da xamba. Esta peza traballa a flexión, recibindo as cargas do muro existente por encima del, que posteriormente transmite ós apoios inferiores, cousa que esixe seccións importantes dependendo da luz a salvar.
Aínda que, xeralmente, os linteis son bloques prismáticos de directriz recta, neste caso podemos atopar pezas máis elaboradas, que corresponden ós ocos de fiestra con remate bilobulado. Estes linteis teñen na súa parte superior un desbaste basto que recibe o muro, mentres que na parte da abertura posúen unha labra fina formando dúas semicircunferencias que lle proporcionan dita forma bilobulada.
As testas dos linteis son totalmente lisas, excepto as correspondentes á planta baixa da fachada principal, que aparecen esculpidas con motivos florais.

Arco de medio punto:

Existe un só oco de fiestra salvada con este tipo de construcción, que corresponde á única abertura existente na planta baixa da fachada posterior.
Esta estructura prismática de directriz curva constitúe un arco de medio punto, polo que a frecha corresponde á metade da luz. Está formada por un aparello de cinco pezas, chamadas doelas, de menor dimensión que a luz, e correspondendo a superior á clave [doela central do arco], que teñen como función mecánica a conducción dos esforzos verticais, provocados polo seu propio peso, e as cargas superiores incidentes, ós estribos. Por outro lado, existe unha compoñente horizontal, chamada empuxe, que vai producir unha resultante inclinada normal ás xuntas, que provoca que as doelas traballen a compresión.

Falso arco:

Solución bastante primitiva, utilizada para salvar un van, consistente en crear un aparello de pezas, neste caso graníticas, de forma que quedan algunhas das mesmas en beiril (*en voladizo*). Deste xeito, aínda que unha peza tenda a caer, existe sempre outra encima que contrarresta este movemento.
No edificio en estudio podemos atopar esta construcción na única fiestra que aparece na fachada posterior, a nivel da primeira planta. Neste caso os beirís dos distintos elementos aparecen disimulados, de tal forma que o intradorso do arco forma unha semicircunferencia, dando lugar a un falso arco de medio punto" [2].

*Portas*

Soleira ou limiar:

"Superficie horizontal que limita a parte inferior da abertura das portas, formada por elementos graníticos dispostos de tal forma que aparecen elevados 5 cm. con respecto ao firme exterior para evitar a entrada de auga, estando interiormente a nivel respecto ó pavimento" [3].

Xamba:

"Superficies verticais que definen as partes laterais das aberturas de portas, de características similares ás das fiestras, e que se dispoñen entre o arco e o limiar" [4].

[1] X. Pardiñas Suárez, *Castelo de Castro de Ouro-ALFOZ. Proxecto de rehabilitación e acondicionamento*, 2000, 47 páxs., páx. 21 (de 24).
[2] X. Pardiñas Suárez, op. cit., 2000, páxs. 21-22 (de 24).
[3] X. Pardiñas Suárez, op. cit., 2000, páx. 22 (de 24).
[4] X. Pardiñas Suárez, op. cit., 2000, páx. 22 (de 24).

Arcos:

"Nas dúas aberturas practicadas nos muros coa misión de albergar as portas de acceso utilizáronse, como solución para salvar o van, arcos de medio punto.
O arco correspondente á porta principal está curiosamente formado por un aparello de oito doelas. Deste xeito, ó ser un número par, no vértice do arco aparece unha xunta, en lugar da clave, estando esta formada por dúas pezas, concretamente as dúas doelas superiores. Esta solución non é demasiado común pois, aínda que, como se ve neste caso, non perde a súa funcionalidade, será máis posible a abertura das xuntas, sobre todo da superior.
Polo que respecta á porta de acceso ó balcón, na fachada posterior, aparece un arco formado por cinco doelas, de características similares ás da fiestra rematada con arco de medio punto, correspondente á planta baixa desa mesma fachada" [1].

[1] X. Pardiñas Suárez, *Castelo de Castro de Ouro-ALFOZ. Proxecto de rehabilitación e acondicionamento*, 2000, 47 páxs., páx. 23.

## A CASA DE MEL

Situación: O Castro.
Extremo inferior do barrio, rúa dos Ferreiros.
Casa patrucial dos Mel [1].
Escudo raso [2].
Tiña cheminea de lareira, estilo barroco popular, como a da Casa Reitoral vella de Bacoi [3].

## OS MUÍÑOS DE GALEA

Situación: Galea.
Estrada LU-160, Ferreira-A Seara-Mondoñedo, a 3,2 KM da rotonda do Empalme (Ferreira) e a 1, 2 Km da Seara.
Casa señorial restaurada [4].
Hoxe Finca Galea, casa de turismo rural, ao pé do río Ouro (<Douro).
Pezas de muíños de man procedentes dos castros do Castrillón (Budián) e O Castrodouro.
Muíño. Cronoloxía: século XVI [5]. Tipo maíca ou maquía. En bon estado. Funciona.
Batán [6].
Pedra de muíño de vento; levada doutro lugar. Cronoloxía: probabelmente do século XIX [7].
Fósiles de árbores milenarias.
Museo da auga.

"Neste lugar pódese visitar unha nutrida mostra de maquinaria do antigo réxime entre as que destaca un muíño patarelo, outro de fábrica, un tear, un batán, etc.; toda ela en funcionamento xunto cunha lareira, e centos de obxectos da vida labrega" [8].

## CASA DOS DÍAZ DE LABRADA

Situación: Anxeriz.
Hoxe é coñecida como A Casa dos Barxas [9].
En Anxeriz había unha casa principal e outras dúas de caseiros.

Na parroquia de Santa Cruz do Valadouro existe un escudo de armas que posibelmente proceda dos Díaz de Labrada. Situación: Cabanas-Cendemil. Casa de Cigarro O Vello [10].

"En el lugar de Cabanas existe un escudo agregado a una casa cuya descripción es la siguiente: escudo cuartelado adornado con lambrequines y rostro de ángel en la punta del escudo, destacando en el primer cuartel una torre, en el segundo un águila explayada, en el tercero peces surmontados

[1] José Mel Agueira e Ana Mel Díaz (sobriña do seu home), pais de Ramón Mel Mel (casado con Dolores Pérez Mon), avós de Xosé Mel Pérez (Pepe Mel) e bisavós de Xosé Ramón Mel Lorenzo.
[2] Pedro Mel vivía no ano 1878, e era fillo de Antonia Agueira (ou Agüeira). Documento de certificación do Bispado de Mondoñedo. Cronoloxía: 14.06.1878. Colección: Orol Freire. Ferreira do Valadouro. Transcrición: IF, 03.09.2001. A casa foi propiedade de Xosé Mel Agueira, despois foino de seu fillo Ramón Mel Mel e agora é propiedade do neto de Ramón, Xosé Ramón Mel Lorenzo.
[3] Informante: Xosé Ramón Mel Lorenzo, actual propietario da casa, 24.05.2016. (IF).
[4] C. A. González Paz, "Concello de Alfoz: Algo para recordar", 1999.
[5] Muíño do século XVI. R. Reigosa Méndez, *As cruces do Valadouro* (inédito).
[6] Fíxoo Emilio Méndez Corral, propietario e administrador da Finca Galea.
[7] Procedente dunha "caseta" situada no respaldo da Pena Moura Pequena, en San Tomé de Recaré. Informante: Emilio Méndez Corral, 10.07.2001.
[8] R. Reigosa Méndez, op. cit., (inédito).
[9] Informantes: Pepe Uz Rega e Pedro Rubal Pardeiro, 07.03.2013.
[10] Actualmente da familia de Antonio Fernández Sánchez (Antón de Cigarro).

sobre símbolos de agua, en el cuarto bandera ondeante unida a una lanza rematada en una cruz. Posibles armas de los Díaz de Labrada" [1].

"La participación en oficios liberales era una tónica de este sistema [da fidalguía]: Alonso Díaz de Seoane, cabeza del tronco de los Díaz de Labrada (siglo XVI), era escribano de Budián..." [2].

"Casa de Labrada en Xunqueira (Viveiro), relacionada coa casa de Labrada de Adelán [sic] [do Castrodouro]. Juan Pardo de Cela foi rexidor de Viveiro sobre 1524. O mesmo escudo está na porta da sacristía de Santa María en Viveiro. Aparece o símbolo dos Pardo e dos Gallo" [3].

Personaxes. Rodrigo Díaz de Labrada. Cronoloxía: 1616.

"D. Luis Díaz de Labrada en el siglo XVIII remontaba su mayorazgo al escribano de Budián Alonso Díaz de Seoane (siglo XVI). D. Rodrigo Díaz de Labrada, hijo del anterior, fue alcalde de la jurisdicción del Alfoz del Castro de Ouro, ganando executoría de hidalguía en 1624. Funda vínculo y mayorazgo en 1616. Arranca el tronco por línea recta de la antigua casa solar y Torre do Xuadento, en la parroquia de San Pedro de Labrada [Abadín], teniendo como cabeza de su casa a Ares Cao, que fue padre de Alonso Díaz de Seoane. La familia aparece emparentada con los Basanta de Adelán, Luaces de Abadín, los de Río de Mondoñedo, Uz de Lourido y los Barja de la Cernada de Moimenta, actuales herederos de la casa en la persona de Dña. Concepción Barja Pereira, nieta del militar y poeta Pereiro Moíño" [4].

Personaxes. Luís Díaz de Labrada. Cronoloxía: 1847.

D. Luís Díaz de Labrada, con antecesores no Castrodouro, no ano 1847 tiña propiedades na parroquia de Santo Acisclo do Valadouro, concretamente no lugar da Rabia [5].

## Escudos de armas

Situación: Casa de Argimiro [6].
Escudo moi borroso. Dintínguese unha flor de lis.
Parece estar suxeito, na parte superior, por dúas mans ou coroado cun M dos Montenegro [7].

Situación: Casa do Mariñao.
A Calle [Rúa dos Ferreiros].
Medio escudo.

Situación: Casa patrucial dos Mel [8].
A Calle [Rúa dos Ferreiros].
Escudo raso.

[1] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 114.
[2] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 101.
[3] Informante: Juan Fanego Vidarte, Facebook, 26.11.2017.
[4] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 123.
[5] Pagamento de Xosé Freire. Colección particular: Orol-Freire. Ferreira do Valadouro. Doc. núm. 55. Cronoloxía: 28.01.1847. Transcrición: IF, 18.10.2001.
[6] Argimiro Pardeiro Prieto.
[7] Visita e foto: Juan Fanego Vidarte, 26.11.2016.
[8] José Mel Agueira e Ana Mel Díaz, pais de Ramón Mel Mel, avós de Xosé Mel Pérez (Pepe Mel) e bisavós de Xosé Ramón Mel Lorenzo.

Situación: noutra casa de Mel.
Onde naceu Manuel Pardiñas Pico [1].
A Calle [Rúa dos Ferreiros].
Escudo raso.

## Outras casas de interese

### A CASA DE ABELLA

Situación: A Fonte.

Columna con capitel onde figuraban as iniciais PC (Pardo de Cela).
No capitel había debuxos.
Fixeron reformas na casa e tiraron a columna; o corpo e mais a basa están debaixo da cimentación dun cabano. O capitel non se sabe onde foi parar [2].
A tradición oral mantén que esta casa de Abella puido ser a casa de Fonsa ou Fonso Yáñez.
Tamén se di que o Mariscal frecuentaba a casa en que viviu Indalecio García Anello [3], situada na subida ao Castelo, fronte a un pozo, na marxe dereita, hoxe arruinada [4].

## Fontes

### A FONTE DO COUSO DE ARRIBA

Deste manancial vén a traída de augas do concello de Alfoz [5].

[1] Pai de Pedro Pardiñas García, avó de Xosé Luís Pardiñas Uz e bisavó de Xabiel Pardiñas Suárez.
[2] C. A. González Paz, 16.08.2001.
[3] *Anello* é un apelido moi frecuente na parroquia do Cadramón, e tamén no concello de Mondoñedo.
[4] Informante: Pedro Reigosa Rico, de Vilaúde, 09.07.2001.
[5] Informante: Anxelina Uz Rega, 10.09.2001.

## Os pasadizos

Contan os máis vellos que do Castro á Frouseira hai unha cova que vai por debaixo da terra, que era un camiño moi usado polo Mariscal cando se lle reviraban as cousas. E aínda hai outra que vai do Castro ao Río Douro, e esta é a que aproveitaban os señores para levar as bestas a beber cando batían inimigos fóra [1].

## O francés do Castro

Cando pasaron os franceses polo Pouso, xentes do Valadouro tivéronlles o camiño. Mataron dous e queimaron os corpos nun forno do pan. Os outros fuxiron para o monte, onde viviron de roubar nas casas e de asaltar a xente que viña das feiras.

Nunha destas colleron un home do Castro e fixéronlle cargar cun saco até as Lobeiras. Alí, nun sitio onde había moitas barras, deixárono ir. Mais temendo que os delatase, puxéronse a tirar contra el. O home, que coñecía o país, burlou os perseguidores e chegou á casa.

Para o outro día, presentóuselle un francés ferido e famento. O home, malia o susto que papara cos outros, curouno e deulle casa cuberta.

E alí ficou. Moitos anos despois aínda andaba o francés do Castro na labranza, vestido con roupa do home [2].

## Os defuntos de Labrada

En tempos os veciños de Labrada dábanlles monte aos do Castro porque lles deixasen enterrar os seus mortos nesta parroquia. Como o camiño era moito, agardaban a xuntar varios defuntos para traelos. Unha vez viñan con tres nun carro e un deles perdéuselles polo camiño [3].

## O libro

Un cura que había no Castro tiña un libro que abría as penas, e víase dentro unha misa moi guapa, cos santos todos de ouro e o altar tamén de ouro. E cando o señor cura pechaba o libro, a pena tamén se pechaba [4].

## A trabe de ouro

Ao pé do Castro había unha cova que tiña na porta unha trabe de ouro, e na soleira a pelella dun touro. Se alguén quería entrar e pisaba a pelella, caía a trabe e a cova desaparecía [5].

## O Castelo do Castro

O Castelo do Castro fixérono os mouros nunha noite, e ao chegar o día puxéronse a xogar cos compañeiros da Frouseira, guindando as marras dun couto para o outro [6].

---

[1] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, 2005, conto XV, páx. 19.
[2] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto XV, páx. 22.
[3] Contadoras: Bernarda Uz Rega, 1983; Anxelina Uz Rega, 15.07.2001. X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto XXVI, páx. 23.
[4] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CXXXIV, páx. 101.
[5] Informante: C. A. González Paz. X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CXLIV, páx. 104.
[6] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CLIV, páx. 109.

## Os porcos do Castro

Unha rapaza do Castro estaba a agardar polo home, que fora mercar uns porcos á feira de Gontán. Ao chegar a noite chamou pola mai para que lle fixese compaña. De alí a un pouco sentiron roncar uns porcos fóra. A rapaza foi abrir e non viu nada. E díxolle a mai:
—Pecha a porta, neniña, que é o trasno.
E toda a noite estiveron a sentir aquela roncadela, até que chegou o home cos porcos da feira [1].

[1] Contadora: Xosefa Rega Fernández. X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, 2005, conto CCXXV, páx. 129.



*Torre da homenaxe*
*e igrexa parroquial.*
O Castrodouro.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 13-09-2000.



*Igrexa parroquial.*
O Castrodouro.
Cronoloxía: ss. XII-XV (restos).
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 13-09-2000.





*Igrexa parroquial.*
O Castrodouro.
Baixo-relevo da Crucifixión.
Cronoloxía: século XV.
Estilo: gótico.
Debaixo, dous modillóns.
Cronoloxía: século XII.
Fotos: Isaac Ferreira.
Datas: 04-03-2000 e 09-12-2001.



*Lápida sepulcral.*
O Castrodouro.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 09-12-2001.




*Cruceiro da Igrexa.*
O Castrodouro.
Cronoloxía: 1939
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 17-04-2014.






*Torre da Homenaxe*
*e restos defensivos.*
O Castrodouro.
Cronoloxía: século XV.
Fotos: Isaac Ferreira.
Datas: 19-08-2000 e 09-12-2001.



*Torre da Homenaxe.*
O Castrodouro.
Arco de medio punto.
Porta principal.
Debuxo: Xabier Pardiñas Suárez.
Data: 2000.




*Torre da Homenaxe.*
O Castrodouro.
Xanelas.
Debuxo: Xabier Pardiñas Suárez.
Data: 2000.



*Torre da homenaxe.*
*Xanela. Lintel lobulado.*
O Castrodouro.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 17-04-2014.





*Torre da Homenaxe.*
Castelo do Castro.
O Castrodouro.
Xanela e anaco de xanela.
Fotos: Isaac Ferreira.
Data: 16-08-2001.





*A Calle (Rúa dos Ferreiros).*
O Castrodouro.
Casa de Fonsa Yáñez.
Unha das casas de Mel.
Fotos: Isaac Ferreira.
Data: 19-08-2000.





*A Calle (Rúa dos Ferreiros).*
O Castrodouro.
Escudos de armas.
Unha das casas de Mel.
Casa do Mariñao.
Fotos: Isaac Ferreira.
Data: 19-08-2000.





*Casa patrucial dos Mel.*
Escudo.
O Castrodouro.
Fotos: Isaac Ferreira.
Data: 19-08-2000.



*Escudo de armas.*
Situación: Casa de Argimiro.
O Castrodouro.
Foto: Juan Fanego Vidarte.
Data: 20-11-2016.

*Ferreira*

## FERREIRA

Parroquia do concello do Valadouro, pertence, na administración eclesiástica, ao arciprestado do Valadouro e á diocese de Mondoñedo-Ferrol [1].

Coordenadas [2]: Latitude: 43º 33' Lonxitude: 7º 26'
Superficie [3] en Km$^2$: 0,76

Delimitada, ao norte, polas parroquias de A Laxe (O Valadouro) e Budián (OV); ao sur, polas de Santa Cruz do Valadouro (OV) e O Reirado (Alfoz); ao leste, polas de Budián (OV), Bacoi (AL) e O Reirado (AL); e ao oeste, pola de Santa Cruz do Valadouro (OV) [4].

Ten unha poboación de 806 habitantes (Homes: 390. Mulleres: 416) [5], distribuídos nas 7 entidades de poboación de: *Cabezán, A Castellana, Ferreira, A Pena, Os Pinos, [O] Rebuxento, O Reirado* [6].

Baña as súas terras, que non chegan aos 100 metros de altitude media, o río *Ferreira*, afluente do *Ouro* ou *Douro*, pola esquerda arriba da Ponte Nova.

Dista 83 Km da cidade de Lugo e comunícase por cinco estradas: estrada LU-160 (Mondoñedo-Ferreira), que enlaza coa N-634 á altura de Mondoñedo. Comunícase con Foz pola LU-152, con Burela pola LU-162 e con Viveiro pola LU-161. Unha quinta estrada, a CP-0101, que pasa pola Serra do Xistral, enlaza Ferreira coa N-634 en Abadín.

Ferreira é a vila e capital do concello do Valadouro, e acolle a Casa do Concello, co seu Arquivo municipal, e mais a Casa da Cultura "Manuel Lourenzo", co seu Salón de Actos.

Festividades [7]: *Natividade da Virxe María*, 8 de setembro (As festas do Oito: do 7 ao 10).
*Santa María* (15 de agosto) é a titular e Patroa da parroquia, mais non se celebra en agosto, senón o día da Natividade.

Mercados: semanal, todos os sábados do ano. Anual: Dous de Febreiro.
Vintecinco de Marzo (actualmente *Mercado tradicional de Primavera*).

Feiras anuais: *Semana de Teatro*, primeira semana de setembro.
*Mostra Folclórica*, primeiro sábado de setembro.
*Feira do Mel*, segundo sábado de outubro (celébrase desde o ano 2002).
Organiza: área de Cultura e Turismo do Concello do Valadouro.
*Mercado de Outono. Festa da Castaña*, segundo sábado de novembro (celébrase desde o ano 1990).
Organiza: área de Cultura e Turismo do Concello do Valadouro.
*Feira Exposición de Cans de Caza*, agosto (desde 2002) [8].
*Equiouro. A Festa dos cabalos*, setembro.
Campionato Galego de Andadura e Copa Galicia.
Lugar: Pista de Andadura anexa ao Campo do Árbol. Organiza: Colectivo Apreval (Asociación de Promoción e Recuperación Ecuestre Val do Ouro) [9].
*Festa da Troita*, agosto (a Primeira Festa celebrouse o 17.08.2013).
*1ª Feira de Razas Autóctonas Galegas da Mariña.* (03.02.2018).

---

[1] *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XII, páx. 123.
[2] A. Precedo Ledo-M. Gallego Priego (dirs.), *Mapa de parroquias de Galicia (1:200.000)*, 2001, páx. 146.
[3] A. Precedo Ledo-M. Gallego Priego, op. cit., 2001, páx. 87.
[4] Fonte: elaboración propia, IF, 2000.
[5] Fonte: INE, 01.01.2017.
[6] DOG, núm. 69, 09.04.1992, páx. 3.159. *Nomenclátor de Galicia. Lugo*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2000.
[7] Informante: Xoán Ramón Pérez Blanco, 1983; e os autores, 2013.
[8] Organizada pola *Asociación de Caza O Valadouro*, a primeira Feira celebrouse o 25.08.2002, coa asistencia de criadores da provincia de Lugo e cazadores de Galiza e Asturias.
[9] O presidente de Apreval en 2013 era Alejandro Rouco.

*Ferreira:* nome da parroquia e mais da entidade de poboación e vila. Do río que leva ese mesmo nome.
Do lat. FERRUM 'ferro', deriva o adx. FERRARIA, 'con manifesta alusión a un sitio onde habería mineral de ferro' [2].

"El nombre viene de las primitivas explotaciones de hierro que hubo en la zona, e incluso en praderías el subsuelo está lleno de escorias de fundiciones quizá prehistóricas en que aprovecharon hierro encontrado a flor de tierra. Estas fundiciones estaban cerca del río Ouro, que corre a lo largo de todo el valle a que da nombre. La parroquia se encuentra en el valle, precioso sitio de clima templado y en 1896 se erigió canónicamente, pues era preciso al irse formando un pueblo. La primitiva iglesia parroquial fue la antigua capilla de Santa María, ya desaparecida y que se encontraba en lo que hoy es plaza" [3].

## Orónimos

*O Coto do Piñeiro* (da base prerromana **cotto* 'penedo, prominencia', de orixe hispano caucásica + lat. PINUM 'pino, piñeiro'; flora).

## Hidrónimos

*Río de Ferreira.*

## Entidades de poboación

*Cabezán, A Castellana, Ferreira, O Reirado* [4].

## Lugares

*A Lavandeira* (hidrónimo)*, O Rebuxento* [5]*, Triana* [6].

## Topónimos con data documentada

*Ferreira* (1703) [7], *A Torre de Ferreira* (1850) [8].

No ano 1928, Manuel Amor Meilán cita os seguintes lugares, que xa non figuran no actual Nomenclátor oficial da provincia de Lugo:

*Casás, Currás* (de CURRALES > currais > currás; existe *Currás* na parroquia de Budián, nos contrafortes da Serra do Buio)*, Lavandeira, Rañeiras, A Veiga* ( do preindoeuropeo BAIKA [9], terreo sempre húmido, situado á beira dos ríos) [10].

---

[1] Fonte: elaboración propia, IF, 2000-2014.
[2] M. Ferreiro Fernández, *Gramática histórica galega. II. Lexicoloxía*, setembro de 1997, páx. 36. N. Ares Vázquez, *Estudos de toponimia galega*, t. I, 2011-2012, páxs. 441, 609.
[3] S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, t. III, 1980, páx. 44.
[4] Nomenclátor da provincia de Lugo, DOG, núm. 16, 25.01.2000, páx. 1.006.
[5] Fonte: elaboración propia, X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, 1999.
[6] Triana > Tres-Anas > As tres ninfas do Valadouro: Ana, Xoana e Viviana, anteriores ao culto á Virxe Inmaculada. Como topónimo figura no século XVIII. Informante: Roberto Reigosa, 01.08.2014 (IF). Ou *Tres Ríos*, «en combinación co celta *Tri* "tres", o actual topónimo galego Triana, en referencia á confluencia de tres (ou dous con aparencia de tres) correntes fluviais. Caso dun lugar chamado Triana, hoxe barrio de Ferreira do Valadouro (Lugo)». F. Cabeza Quiles, *A toponimia celta de Galicia*, 2014, páx. 65.
[7] Documento privado de herdanza do ano 1703 (IF).
[8] Fonte: documento privado do ano 1850, a nome de Juan José Martínez Moscoso (IF).
[9] F. Cabeza Quiles, *Os nomes de lugar*, 1992, páx. 334.
[10] M. Amor Meilán, *Geografía del Reino de Galicia. Provincia de Lugo*, 1928. 1ª reimpr. 1980.

*Século XVII*

Visitas pastorais. Cronoloxía: 1615.
Primeira mención da capela de Santa María de Ferreira.

A primeira noticia documentada que temos data do ano 1615, en que o bispo de Mondoñedo Alfonso Mesía de Tovar (1612-1616) visita a capela da nosa Señora de Ferreira; visita na que menciona a existencia de gando: *yeguas, bueyes y vacas* [1]. Nesta época, o lugar de Ferreira e, por tanto a capela, pertencían á parroquia de A Laxe.

Visitas pastorais. Cronoloxía: 12.04.1617.
Mención da capela de Santa María de Ferreira.

"[D. Pedro Fernández Zorrilla, bispo de Mondoñedo (1616-1618)] Reanudó la vista [visita] el 7 de abril de 1617, empezando por las tierras del Valle de Oro. La primera parroquia que visitó fue la de San Salvador del Castro de Oro. El 12 de abril visitó las parroquias de Budián y Alaje [A Laxe] y la capilla de Ntra. Señora de Ferreira, pasando seguidamente a San Martín de Mondoñedo y llegando a Benquerencia" [2].

A Igrexa no Antigo Réxime.

Foro. Cronoloxía: 23.12.1642.
Mención da capela de Santa María de Ferreira.

"D. Gonzalo [Sánchez de Somoza Quiroga, bispo de Mondoñedo (1638-1644)] otorgó unos cuantos foros a lo largo de su pontificado. [...] El tercero llevaba la fecha de 23 de diciembre de 1642 y fue otorgado a favor de Pedro Sánchez de Vidarte, al que se concedieron unas diez fanegas de heredad, sitas [entre A Ribadela (a Laxe) e Pesqueiras (Santa Cruz do Valadouro] junto al río [Ferreira, afuente do Ouro ou Douro] que iba hacia la ermita de Ntra. Señora de Ferreira. El canon foral se fijó en el quinto del fruto, además de dos gallinas" [3].

Foro. Cronoloxía: 03.12.1697.
Mención da capela de Santa María de Ferreira.

"En 3 de diciembre [de 1697] el prelado [Fr. Miguel Quijada, Orde do Císter, bispo de Mondoñedo (1690-1698)] otorgó foro a Antonio da Balsa y otros vecinos de Alaje de una heredad de 10 fanegas, que lindaba con el río que iba junto a la ermita de Ntra. Señora de Ferreira, hacia el lugar de Reirado, por tiempo de tres reyes y canon foral de la quinta parte del fruto" [4].

*Século XVIII*

O mercado semanal dos sábados.

"La ermita por tanto fue centro de romerías en honor de la Virgen, desarrolándose paralelamente un mercado o feria, origen de numerosos pleitos durante el siglo XVIII, vinculados a la figura del clérigo de Budián D. Ángel Castañón y Ayala" [5].

Noticia de que en 1712 xa se facía a feira e o mercado dos sábados en Ferreira.

[1] ACM. Visitas. Messia de Tovar 41/4. A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 96. A tradución é nosa.
[2] E. Cal Pardo, "Episcopologio mindoniense. Siglo XVII", *Estudios Mindonienses*, núm. 16, 2000, páx. 55.
[3] AHN, Clero. Libros. Núm. 6371. Fols. 324v-ss. E. Cal Pardo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 16, 2000, páx. 132 e n. 640.
[4] AHN. Clero. Libros. Núm. 6371. Fols. 334v-329. E. Cal Pardo, op. cit., núm. 16, 2000, páx. 261 e n. 1.358.
[5] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 97.

Cronoloxía: 09.07.1712.

"En 9 de julio de 1712 el procurador general don Juan Bermúdez Saavedra ponía en conocimiento de la corporación municipal (de Mondoñedo) los inconvenientes que para la Ciudad y sus mercados se seguían con la feria y mercado los sábados en Ferreira, los que se celebraban sin la facultad Real" [1].

O historiador Andrés Canoura Quintana dános a data de 9 de xuño de 1712 para esta reclamación mindoniense [2]. Mais a autorización real en contra do bispo de Mondoñedo, Juan Muñoz y Salcedo, data de 1713.

Personaxes. Ángel Castañón y Ayala. Riotorto-Budián. Cronoloxía: s. XVII-10.03.1732.

O impulsor do mercado dos sábados foi Ángel Castañón y Ayala, natural de Riotorto e párroco de Budián e A Laxe a comezos do ano 1700 (e talvez desde o propio século XVII).
Ferreira era daquela un lugar cun pequeno grupo de casas que pertencía á parroquia de A Laxe. O párroco concibiu a idea de organizar un mercado semanal aproveitando a concorrencia dos fieis devotos que, da comarca e de fóra dela, acudían todos os sábados e días de festa dedicados á Virxe María, para venerar a milagrosa imaxe que desde tempo inmemorial recibía culto na antiga ermida da Nosa Señora de Ferreira.
O mercado semanal de Ferreira reportoulle indubidábeis beneficios á comarca do Valadouro e ás de Viveiro e Foz. Ángel Castañón y Ayala morreu na reitoral de Budián o 10 de marzo de 1732, sendo enterrado nesta parroquia o día 12 dese mes.

"El mercado permanente fue el embrión de la actual villa de Ferreira, centro urbano de Valadouro. Ángel Castañón consiguió la perpetuidad del mercado de los sábados, a pesar de la oposición de Mondoñedo. En el valle había *ferrerías* y lencerías, y los talleres se multiplicaron" [3].

"Ciertamente estamos ante un mercado promovido por la iniciativa popular, basado en la devoción y milagros atribuidos a Nuestra Señora de Ferreira" [4].

"En el nacimiento de los mercados de Ferreira influyeron una serie de factores, íntimamente relacionados con la economía del valle: la ganadería, el cultivo de cereales, el comercio de lienzos y las actividades comerciales dedicadas al desarrollo de las explotaciones agrícolas" [5].

"El comercio de lienzos cobra importancia a través del mercado destacando un comercio con Castilla (Ferias de Medina del Río Seco). Madoz al hablar de los mercados de Mondoñedo cita la importancia de los de Ferreira, desde donde se exportaba el lienzo a Castilla, llegándose a hablar en la Corte de *los lienzos de Valle de Oro*" [6].

"Don Alejo Arias, en virtud de Orden del Concejo de Mondoñedo, en 21 de Marzo de 1789, ante Luís Fernández del Riego, Escribano de aquel Concejo, firma una relación de las ferias y mercados existentes en la provincia mindoniense.
Vemos, pues, por esta relación, que había las ferias y mercados siguientes:
... El mercado semanal de Ferreira, en Alaje [téñase en conta que a parroquia de Santa María de Ferreira non se creará até o ano 1896], que se celebraba junto a la Ermita de Ntra. Sra. [derrubada no ano 1931]..." [7].

*Século XIX*

"Durante todo el siglo XIX es observable el proteccionismo que el ayuntamiento de la Tierra Llana de Valle de Oro ejerce sobre el mercado" [8].

[1] J. Martínez Cobo, *El Valle de Oro. Apuntes históricos*, 1912, páx. 17.
[2] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 97.
[3] F. Monterroso Carril, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XXIX, páxs. 213-214.
[4] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 98.
[5] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 98.
[6] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 98.
[7] E. Lence-Santar y Guitián, "Ferias y mercados de la provincia de Mondoñedo". Recompilado por J. I. Fernández Villalba, *Mondoñedo, regreso al pasado VII*, xuño de 2010, páx. 155.
[8] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 99.

*1821*

Os primeiros concellos constitucionais [1].

Neste período, e polo que respecta ao concello que actualmente coñecemos como O Valadouro, figura un concello constitucional chamado 'Tierra Llana'.

"D. Juan Mon y Pardo, de Santa Cruz, fue el primer notario de la Tierra Llana de Valle de Oro" [2].

*1822*

Este concello de 'Tierra Llana' segue pertencendo ao partido de Mondoñedo cando se fai, a comezos do ano 1822, a división de Galiza en catro provincias; mais, a efectos tributarios pasa a depender da nova provincia de Lugo e da súa deputación [3].
A capitalidade era Santa Cruz de Tierra Llana (hoxe Santa Cruz do Valadouro). O seu derradeiro alcalde foi Francisco Maseda y Zaragoza (1837-1838) [4], e na súa casa señorial, no lugar de Zaragoza, estivo a Administración, de 1800 a 1830.
En 1832, a sede estaba en A Laxe [5].

*1835*

A lista alfabética dos concellos da provincia de Lugo, segundo o Real Decreto de 23 de xullo de 1835, estabelece 87 concellos, e entre eles figura o de 'Tierra Llana del Valle de Oro', concello que hoxe coñecemos como O Valadouro.
Estes concellos do ano 1835 só tiveron un tempo de vida de cinco anos, ao seren reformados no ano 1840.

*1839*

"Es a raíz de 1839 cuando el mercado de Ferreira deja de depender de los vecinos de Alaxe y pasa a ser administrado el ramo del peso por cuenta de la Corporación" [6].

O alcalde de 'Tierra Llana del Valle de Oro', nesta etapa, é Ramón M.ª Villares, que será alcalde posteriormente por dúas veces, unha en 1842 e a outra en 1844-1849 [7].

*1840*

A comarca do Valadouro, un só concello. Cronoloxía: 18.10.1840.

A Xunta do Goberno Provisorio da provincia de Lugo reduce os concellos a 62 (Boletín Oficial da Provincia de Lugo, BOPLU, 18.10.1840), facendo desaparecer trinta. Entre os novos concellos figura 'Valle de Oro', absorbendo 'Alfoz de Castro de Oro' e 'Tierra Llana del Valle de Oro'. O novo concello compóñeno 17 parroquias [8]. Todo o val constituía un só concello, con dous xulgados de Paz, un en Adelán e outro en A Laxe [9]. O alcalde deste concello único, 'Valle de Oro', era Ramón M.ª Alonso (1840-1841) [10].

---

[1] X. Fariña Jamardo, *Os Concellos Galegos*, 1933, t. X (O Valadouro), páx. 24.
[2] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 102.
[3] X. Fariña Jamardo, op. cit., 1993, t. X (O Valadouro), páx. 24.
[4] Informante de datas e nomes de alcaldes desde o ano 1837: Fina Geada Losada, funcionaria do Concello do Valadouro, 16.04.2014 (IF).
[5] Informante: Xosé M.ª Rodríguez López, *Joseíño*, (1908-1991), funcionario do Concello do Valadouro, casado con Piedad Díaz Cerdeiras (1908-1961); ambos os dous están enterrados no cemiterio parroquial de Santa Cruz do Valadouro (IF). É preciso indicar que, na actualidade, o lugar de Zaragoza (o mesmo que o da Casela) figura repartido entre as parroquias de A Laxe e Santa Cruz do Valadouro. *Nomenclátor de Galicia. Lugo*, Xunta de Galicia, 2000, páxs. 147-148.
[6] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 99.
[7] Informante de datas e nomes de alcaldes desde o ano 1837: Fina Geada Losada, 16.04.2014.
[8] X. Fariña Jamardo, op. cit., 1993, t. I (Alfoz), páxs. 62-63, e t. X (O Valadouro), páx. 24.
[9] Informante: Xosé M.ª Rodríguez López (1908-1991).
[10] Informante de datas e nomes de alcaldes desde o ano 1837: Fina Geada Losada, 16.04.2014 (IF).

*1841-1844*

A comarca do Valadouro, retorno á bipartición. Cronoloxía: 07.11.1841.

Este concello único de 'Valle de Oro' debeu funcionar un ano escaso. No BOPLU do 25 de abril de 1841 figura con 16 parroquias. Mais na seguinte relación de concellos que se publica no BOPLU do 7 de novembro dese mesmo ano xa non figura o concello de 'Valle de Oro', aparecendo no seu lugar como independentes 'Alfoz de Castro de Oro' e 'Tierra Llana del Valle de Oro' [1].

Neste período gobernan tres alcaldes: Ramón M.ª Alonso (1840, concello único de 'Valle de Oro') (1841, concello de 'Tierra Llana del Valle de Oro'), Ramón M.ª Villares (1842) e Antonio Prieto (1843-1844).

*1845*

No Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de data 02.03.1845, en que aparece a división en parroquias cos seus nomes respectivos, figura o concello de 'Valle de Oro' [2], sendo o seu primeiro alcalde Ramón M.ª Villares (1844-1849). En rigor, o primeiro alcalde do concello (unificado da comarca) que leva por nome 'Valle de Oro', e que durou un ano, foi Ramón M.ª Alonso (outubro de 1840 até antes de novembro de 1841).

*1846*

"En el año 1846 [sendo alcalde Ramón M.ª Villares (1844-1849)] los vecinos de Alaxe procedieron al remate de precios para el mercado de Ferreira: *A la salida de la misa del pueblo celebrada el uno de enero del que rige han sido invitados los vecinos de él por los apoderados D. Francisco Maseda de Zaragoza y D. Ramón Alonso para que todos aquellos que quisiesen rematen el peso y romaneo del mercado de Ferreira: el artículo de los aguardientes, el vino del ribero, el mazuelo de carnes, el impuesto sobre degüello de lechones y el vino que cogen los cosecheros de su añada con sus mieses en particular.* Documento en el que se puede ver aquellos productos que se comercializan en el mercado de Ferreira" [3].

*1850*

Segundo a profesora Dolores Sánchez Orol, figura como primeiro alcalde de 'Valle de Oro' Ramón *García [M.ª] Villares, no ano 1850 [4], cando, en realidade, debería dicir no ano 1845, durante o seu terceiro e último período de mandato (1844-1849); os datos actualizados dánnos como alcalde no ano 1850 a Manuel González Seco (1850-1853) [5].

*1857*

En relación co número de parroquias que tiña o concello de 'Valle de Oro' no ano 1845 houbo unha alta, que se produce cando a Deputación de Lugo, na sesión do 24 de abril de 1857, examina unha instancia dos veciños de Moucide solicitando a segregación do concello de Foz, para incorporarse ao de 'Tierra Llana del Valle de Oro', do que era alcalde Antonio de Cora Bidarte (ou Vidarte) (1856-1858). Mais no Nomenclátor de decembro dese ano 1857, a parroquia de Moucide aínda figura en Foz [6].

*1860*

[1] X. Fariña Jamardo, *Os Concellos Galegos*, tomo I (Alfoz), 1993, páxs. 62-63.
[2] X. Fariña Jamardo, op. cit., tomo X (O Valadouro), 1993, páx. 25.
[3] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páxs. 99 e 106, n. 30: Arquivo particular da Familia Canoura, Mercado de Ferreira.
[4] D. Sánchez Orol, *Villa de Ferreira (1894-1994)*, 1994, páx. 110.
[5] Informante de datas e nomes de alcaldes desde o ano 1837: Fina Geada Losada, 16.04.2014.
[6] X. Fariña Jamardo, op. cit., t. X, 1993, páx. 25.

No Nomenclátor de 1860, Moucide aparece no concello de 'Valle de Oro', o que nos indica que foi aceptada a instancia de 1857, e que se fixo o cambio entre os anos 1858 e 1860.

*1869*

No ano 1869 o concello ten a sede en Ferreira, sendo o seu alcalde Antonio Carballés (1865-1885) [1].

O Mercado dos cochos. O Bosque da Alcabala. A Costa do Parque.

"Unido al mercado que se celebraba alrededor de la ermita destacan *la feria de cerdos* y la de ganado. La primera a mediados del XIX se celebraba en un campo existente en las afueras del pueblo denominado: *Bosque da Alcabala*, debiéndose su nombre a que se cobraba en este sitio el impuesto de la alcabala y que con toda probabilidad estaba situado al inicio de la actual calle de Andrés López Palmeiro" [2].

*1879*

A Feira Nova.

"La feria de ganado, citada por primera vez en tiempos de Larruga, es mencionada con carácter oficial en un documento de 1879 con el nombre de *Feira Nova*, su situación en la carretera Viveiro-Mondoñedo enfrente de la actual casa consistorial es debido a la falta de espacio dentro de la plaza y la necesidad de expansión" [3].

*1894*

A declaración da localidade de Ferreira como vila. Cronoloxía: 27.02.1894.

Ferreira foi declarada vila por decreto da Raíña Rexente dona María Cristina, sendo alcalde do concello Mariano Mon y Rouco (1891-1895).
O Real Decreto asinouse o 27 de febreiro [4] de 1894, e di como segue:

*Queriendo dar una prueba de Mi Real Aprecio al pueblo de Ferreira del Valle de Oro, provincia de Lugo, por el desarrollo de su industria, comercio y aumento de su población, en nombre de Mi Augusto Hijo el Rey Don Alfonso XIII y como Reina Regente del Reino, vengo a concederle el título de villa.*

*Dado en Palacio a veintisiete de Febrero de mil ochocientos noventa y cuatro.- Maria Cristina.- El ministro de la Gobernación.- Joaquin López [Puigcerver]* [5].

*1895-1896*

A creación da nova parroquia de Santa María de Ferreira. Cronoloxía: 06.06.1895.

A de Ferreira é a parroquia de nova creación máis recente do val, a pesar de ser o núcleo urbano máis destacado. O 6 de xuño de 1895, o Prelado Diocesano, D. Manuel Fernández de Castro (o Bispo Santo) eleva á S. M. a Raíña Rexente, o expediente de reestruturación territorial das parroquias da diocese de Mondoñedo; entre elas, dezasete de nova creación.

"Entre las múltiples actuaciones llevadas a cabo tenemos que señalar el arreglo parroquial realizado el 6 de junio de 1895 bajo el pontificado de D. Manuel Fernández de Castro, por el que se modifican muchos de los límites parroquiales preexistentes, se realizan nuevos agregados parroquiales, se erigen 17 nuevas parroquias y tres anejos y se declaran independientes veinte" [6].

---

[1] Informante de datas e nomes de alcaldes desde o ano 1837: Fina Geada Losada, 16.04.2014.
[2] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 99.
[3] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 99.
[4] A. Canoura dá para este decreto o mes de xaneiro, op. cit., 2000, páx. 100.
[5] Reproducido do texto da acta da sesión extraordinaria celebrada polo Concello en Pleno o día 16 de marzo de 1894. Documentación existente no Arquivo Municipal do Valadouro (AMV [O Valadouro]).
[6] M.ª P. de Torres Luna- F. R. Durán Villa [USC], "La Diócesis de Mondoñedo-Ferrol. El territorio y el clero (1960-1996)", *Estudios Mindonienses*, núm. 15, 1999, páx. 626 e n. 10.

"[As dezasete novas parroquias son:] Ambosores (Sta. María), Barquera (San Antonio), Cariño (San Bartolomé), Ferreira (Sta. María), Gestoso (San Pedro), Lagostelle (Sta. Marina), Mondoñedo (Ntra. Sra. del Carmen), Mondoñedo (Ntra. Sra. de los Remedios), Nieves (Ntra. Señora), Puentes (San Mamed), Rececende (S. Esteban), Rinlo (S. Pedro), Seijas (Sta. María), Vieiro (S. Ciprián) y Villaframil (S. Lorenzo)" [1].

*1896*

Aprobación Real da parroquia de Santa María de Ferreira. Cronoloxía: 21.01.1896 [2].
Segregación da parroquia de Santa María de Ferreira. Cronoloxía: 01.04.1896.

Creouse como parroquia, segregada da de A Laxe, o día primeiro de abril de 1896, quedando como igrexa parroquial a capela de Santa María, situada na praza da vila. Tamén figuran coa mesma data como parroquias independentes das demais a do Cadramón (San Xurxo) e a de Vilacampa (Santa María).
Nese tempo era alcalde do concello Justo Alonso y Alonso (1896-1897) [3].

Personaxes. César González-Seco Romero. Cronoloxía: 1877-1921.

«... o veciño de Alaxe [A Laxe] [4], D. César González-Seco Romero, nado o 20/12/1877 [5], casado para Mondoñedo fundou unha das primeiras imprentas que houbo na cidade mindoniense: "*... en su imprenta se editó 'El Regenerador de Ferreira' y 'Brisas del Oro'. Gran aficionado a las tareas musicales reorganiza el 'Orfeón Pacheco', organizó secciones de declamación y participó en numerosas fiestas populares. Fue también organizador de la Banda Municipal...*"» [6].

*Século XX*

A sociedade "El Valle de Oro".

A comezos do século XX, marcaron época os emigrantes do Valadouro en Cuba; en 1907 fundaron a "Sociedad de Instrucción, Protección y Recreo El Valle de Oro", con sede na Habana e cunha delegación no Valadouro, que representaba José Martínez Cobo, párroco de Bacoi. A sociedade tiña como obxectivo fundamental o ensino (creación de escolas), sen esquecer a beneficencia [7].

Personaxes. Andrés Canoura Palmeiro e Ramón Canoura Fernández.

Aínda que figuran como personaxes nas súas respectivas parroquias de nacemento, Andrés Canoura Palmeiro (Santa Cruz do Valadouro, 1852 – Ferreira, 1930) e o seu fillo Ramón Canoura Fernández (A Laxe, 1899 – Ferreira, 1969), non podemos deixar pasar estas mínimas referencias a eles dous, pola importancia que tiveron na primeira metade do século XX para o desenvolvemento da vila de Ferreira.

"De la familia Canoura [8] eran los capitalistas cubanos que ejercieron de banqueros en Ferreira do Valadouro en la primera mitad del siglo XX" [9].

---

[1] M.ª P. de Torres Luna- F. R. Durán Villa [USC], "La Diócesis de Mondoñedo-Ferrol. El territorio y el clero (1960-1996)", *Estudios Mindonienses*, núm. 15, 1999, páx. 626, n. 10.
[2] E. Cal Pardo-J. M. Fernández, "Don Manuel Fernández de Castro, el Obispo Santo", *Estudios Mindonienses*, núm. 6, 1990, páx. 728.
[3] Informante de datas e nomes de alcaldes desde o ano 1837: Fina Geada Losada, 16.04.2014.
[4] É preciso ter en conta que en 1877 aínda non existía Ferreira como parroquia, pois pertencía á de A Laxe. Por esa razón vémonos obrigados a incluír este personaxe en ambas as dúas parroquias.
[5] Armando Requeixo Cuba dáo por nacido no ano 1878 en Mondoñedo. A. Requeixo, "Mondoñedo e os seus escritores", *Monfadal*, revista mindoniense de cultura, núm. 1, Impr. en Gijón, 1998, páx. 27.
[6] F. Piñeiro González-M.ª P. Rodríguez Silva, *Lembranzas musicais do Valadouro*, edita: Asociación Cultural O Mundo de Galea, A Mariña Lucense, xullo de 2013, páx. 74.
[7] F. Monterroso Carril, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XXIX, páx. 214. Véxase máis amplo en Adelán.
[8] Andrés Canoura Palmeiro e o seu fillo Ramón Canoura Fernández.
[9] Chemi Lombardero Rico, *La huella de la emigración a América en el Cantábrico Occidental*, Edita: CICEES, Gijón (Asturias), 2013, p. 87.

“La familia Canoura tuvo banca en Ferreira durante gran parte de la primera mitad del siglo XX, aproximadamente hasta los años sesenta. Ya se ha mencionado a Andrés Canoura Palmeiro como capitalista en Cuba a finales del XIX que volvió a su pueblo a comienzos del siguiente. Su hijo Ramón Canoura Fernández estuvo también en Cuba en el primer tercio del XX y continuó con el negocio. (Canoura, 2000:147)” [1].

“Otros emigrantes se establecieron con comercios en Valadouro a su regreso. Andrés Canoura [Palmeiro], a quien ya hemos citado como banquero y empresario de alto fuste, además de benefactor de Ferreira, tuvo a principios del XX un comercio de tejidos, y entre otros negocios fue contratista de obras públicas” [2].

“En el ayuntamiento de O Valadouro fue alcalde a principios del siglo XX [1912-1915] [3] Andrés Canoura Palmeiro, que había nacido en Santa Cruz do Valadouro en 1852. A Canoura, de ideología conservadora, lo hemos citado como empresario, filántropo y benefactor de la villa de Ferreira” [4].

“... Andrés Canoura [Palmeiro] era un hombre emprendedor y con visión de futuro. Emigrante de primera hornada, había regentado en La Habana la zapatería La Moda y sido uno de los fundadores y primeros directivos del Centro Gallego, de Hijos del Valle de Oro y de Naturales de Galicia. Cuando regresó, fue alcalde y acometió diversos proyectos empresariales, desde un comercio-Casa de Banca hasta la fábrica de harinas El Canedo pasando por una hidroeléctrica en A Ponte dos Cobertizos o la concesión del reparto del correo en el norte de Lugo” [5].

“Ramón Canoura Fernández, de Ferreira do Valadouro [nacido en A Laxe], hijo del indiano capitalista Andrés Canoura [Palmeiro], hizo estudios de Comercio en España antes de marchar a Cuba a hacerse cargo de los negocios de su padre” [6].

“Ramón Canoura Fernández, ya mencionado más arriba, hijo del riquísimo emigrante a Cuba Andrés Canoura Palmeiro, también estuvo en Cuba en el primer tercio del XX y fue alcalde de O Valadouro en 1939” [7].

“En 1912,... Andrés Canoura Palmeiro [alcalde do Concello do Valadouro]..., encargó al ingeniero vasco Eguileor un plano del ensanche de la capital municipal, Ferreira. La iniciativa fue clave para lo que vino después: la urbanización de A Feira Nova; el derribo de una capilla y la construcción de una plaza en 1931 con su hijo, Ramón Canoura (Alaxe [sic] 1899-Ferreira 1969) en la alcaldía; la construcción de un nuevo templo; la proliferación de ferias y mercados; el auge del sector servicios y de la edificación de casas indianas. Delante, detrás o al lado de todo ese notable desarrollo urbanístico, social y económico estuvieron los emigrantes, la mayoría con pasado en Cuba” [8].

Ramón Canoura Fernández ten unha rúa que rememora o seu nome, na vila de Ferreira, barrio da Feira Nova, a rúa das casas que construíu el fronte á lateral dereita da Casa-Cuartel da Garda Civil.

[1] Ch. Lombardero Rico, *La huella de la emigración a América en el Cantábrico Occidental*, Edita: CICEES, Gijón (Asturias), 2013, p. 139.
[2] Ch. Lombardero Rico, op. cit., 2013, pp. 151-152.
[3] Andrés Canoura Palmeiro foi alcalde desde comezos de 1912 até finais de 1915. Informante de datas e nomes: Fina Geada Losada, funcionaria do Concello do Valadouro, 16.04.2014. (IF).
[4] Ch. Lombardero Rico, op. cit., 2013, pp. 127-128.
[5] Martín Fernández, “MEMORIA DE MARIÑÁNS. Los emigrantes fueron clave en el desarrollo urbanístico y económico de O Valadouro”, *La Voz de Galicia* (A Mariña), 20.05.2018, páx. 6.
[6] Ch. Lombardero Rico, op. cit., 2013, p. 104.
[7] Ch. Lombardero Rico, op. cit., 2013, p. 132. Nota dos autores: en realidade, Ramón Canoura Fernández foi alcalde do Concello do Valadouro en dúas etapas: a primeira desde o 18 de xullo de 1931 até o 4 de xullo de 1933, e a segunda desde o 25 de agosto de 1938 até o 23 de abril de 1941. Informante de datas e nomes: Fina Geada Losada, funcionaria do Concello, 16.04.2014.
[8] Martín Fernández, op. cit., *La Voz de Galicia* (A Mariña), 20.05.2018, páx. 6.

*1901*

Personaxes. Severino Cociña Sanjurjo. Cronoloxía: (1867-1949). Párroco: 1901-1949.

O primeiro cura da parroquia de Ferreira (Santa María) foi Severino Cociña Sanjurjo (Viveiro, 1867-Ferreira, 1949) [1], que exerceu este cargo desde o ano 1901 até o 1949 en que faleceu aos 82 anos de idade. Existe panteón dos Cociña no cemiterio parroquial de Ferreira.

"Foi o primeiro cura párroco que houbo en Ferreira. Era natural de Viveiro, pero aquí exerceu o seu ministerio, aquí morreu e aquí está soterrado. Home de forte complexión e de forte carácter, era un pouco así coma o avó de toda a parroquia..." [2].

"D. Severino faleceu o [xoves] 25.08.1949 e enterrárono o sábado, día 27, no cemiterio de Ferreira. Eu creo escoitar a meu tío Eulogio [Fernández Murias, sucesor de don Severino como párroco de Ferreira] que tiña 82 anos" [3].

*1904*

Personaxes. Xosé María Candia Nécega. Cronoloxía: 1904-1918.

Anterior aos Fernández Candia de Ferreira, e case con toda seguridade tío deles.

"En 1904 este emigrante [talvez procedente do Valadouro] foi elixido como vogal da sección de instrución do *Centro Gallego* da Habana, neste mesmo ano tamén formou parte da sección de propaganda desta institución (ocupando o cargo de secretario). En 1905 Candia Nécega foi un dos inspiradores da *Asociación Iniciadora y Protectora de la Real Academia Gallega*, sendo membro da comisión xestora desta entidade. En 1907 estivo entre os impulsores da sociedade *El Valle de Oro*, sendo secretario da primeira xunta directiva desta entidade. En 1918 participou na fundación da sociedade *Hijas de Iberia*, entidade da que foi vogal da súa primeira comisión directiva. Candia Nécega traballaba como oficial na secretaría da *Sociedad de Beneficencia de Naturales de Galicia*, entidade da que en 1918 foi elixido vogal. Tiña o seu enderezo na rúa Muralla 64 e estaba casado con Carmen Nécega" [4].

"Outros promoveran aquela xuntanza [de outubro de 1907] [5], sobre todo José María Candia Nécega e Andrés Canoura Palmeiro" [6].

Un José María Candia foi presidente de Honor da Sociedade "El Valle de Oro" na Habana [7].

*1910*

Poboación a comezos de século.

"En el año 1910, la población des distrito era de 4.057 habitantes de hecho y 4.165 de derecho.
El número de edificios era de 945, de ellos 869 de un solo piso y 76 de dos, hallándose habitados 866, inhabitados accidentalmente 33 y los restantes 46 inhabitados por razón del uso a que se les destinaba" [8].

*1912*

O ensanche de Ferreira.

---

[1] Carlos. A. González Paz, a través de seu irmán Martín González, Facebook, 18.04.2018.
[2] D. Sánchez Orol, *Personaxes e cousas do Val do Ouro*, Mondoñedo, 2003, páxs. 11-14.
[3] Domingo Fernández Barrera, Facebook, "Eres de Ferreira do Valadouro si...", 19.04.2018.
[4] P. Viveiro Mogo, "O Valadouro en Cuba: a sociedade *El Valle de Oro* da Habana", *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páx. 609.
[5] Data en que se fundou a sociedade de instrucción "El Valle de Oro" na Habana, por un consello de dez fundadores.
[6] Martín Fernández, "Cen anos de 'Hijos del Valle de Oro' en Cuba", *El Progreso* (A Mariña), 19.08.2007, páx. 10.
[7] A. Orol Pernas (ed.), *El Valle de Oro. Sociedad de Instrucción, Protección y Recreo. Memoria social 1928*, Habana, Castañeda, 1929; facsímile: Colección Vallis Auri, núm. 1, maio de 1991, páx. 15.
[8] D. Sánchez Orol, *Villa de Ferreira (1894-1994)*, 1994, páx. 96.

«La villa de Ferreira, cabecera del concejo de Valadouro, debe buena parte de su fisonomía a la iniciativa constructora de los americanos. El más destacado de todos ellos, Andrés Canoura, hizo varias casas seguidas en la calle principal al comienzo del siglo XX. En 1912 el ingeniero Eguileor, por encargo del Ayuntamiento, trazó un plano del ensanche de la villa. En un suelto bastante explícito de lo que estamos intentando patentizar, publicado en el semanario *Las Riberas del Eo*, el 28 de diciembre de 1912, se decía que "(...) El ensanche citado alcanza 200 y pico metros de largo por 35 de ancho. Se presupuesta en 7.000 pesetas. Es de gran importancia para la villa, que empezó a desenvolverse hace poco con rapidez poco corriente y va aumentando, gracias a los encargos que recibe de sus hijos y al celo vivísimo de quienes rigen aquel ayuntamiento."
Por esa época era alcalde el propio Andrés Canoura [Palmeiro] [1912-1915] y podemos afirmar casi con seguridad que la idea de planificar la ampliación urbana de la villa fue suya. Además de las casas de la calle principal, también es obra de la familia Canoura gran parte del entorno de la Feira Nova, barrio al cual creemos que se refiere el citado ensanche, incluyendo el edificio del ayuntamiento [1] y el cuartel de la Guardia Civil. Otro ejemplo de casa de origen americano fue la de la familia Alonso, hoy derruida, que estuvo en la plaza» [2].

«En 1912, el Ayuntamiento de O Valadouro decidió ser razonable. Y su alcalde, Andrés Canoura Palmeiro..., encargó al ingeniero vasco Eguileor un plano del ensanche de la capital municipal, Ferreira. La iniciativa fue clave para lo que vino después: la urbanización de A Feira Nova; el derribo de una capilla y la construcción de una plaza en 1931 con su hijo, Ramón Canoura (Alaxe [sic] 1899-Ferreira 1969) en la alcaldía; la construcción de un nuevo templo; la proliferación de ferias y mercados; el auge del sector servicios y de la edificación de casas indianas. Delante, detrás o al lado de todo ese notable desarrollo urbanístico, social y económico estuvieron los emigrantes, la mayoría con pasado en Cuba.
...
El estudio encargado al ingeniero Eguileor tenía por objeto ordenar el ensanche del núcleo de Ferreira, según documenta Chemi Lombardero en su libro *La huella de la emigración a América*... [2013]. En él, reproduce una noticia del 28 de diciembre de 1912 en *Las Riberas del Eo* que detalla sus características: "Alcanza los 200 y pico metros de largo por 35 de ancho. Su presupuesto es de 7.000 pesetas. Es de gran importancia para la villa que empezó a desenvolverse hace poco con rapidez poco corriente y va aumentando gracias a los encargos que recibe de sus hijos y al celo vivísimo de quienes rigen aquel ayuntamiento".
La medida convirtió a O Valadouro en uno de los primeros concellos que planificó su desarrollo urbano. En base a él, los Canoura construyeron las tres casas de inspiración indiana que van desde A Ponte hasta el barrio de Triana: en la primera (una casa con dos portales, sede de la Banca Canoura) vivían Ramón Canoura [Fernández] y una hermana [Aurelia] casada con el médico [José] Costas; en la siguiente, su hermano Rafael; y en la tercera, haciendo esquina Andrés Canoura [Fernández]. Además, promovieron viviendas en A Feira Nova, incluido el Consistorio, el cuartel y otros.
Los emigrantes solían levantar sus casas a lo largo de la carretera general o en lugares estratégicos, para exhibir su poderío. En Ferreira, lo hicieron en la plaza surgida al derribar la vieja iglesia. Ahí estaban, entre otras, las de los Alonso, los Mogo, la del viejo Bazar [de Manuel Romero Fernández, padre de] Pepín, la de Cazás... Y en otros puntos, la de Pernas [3] y otros cubanos» [4].

*1914*

[1] Neste caso, foi Ramón Canoura Fernández, fillo de Andrés Canoura Palmeiro, quen acabou de construír a Casa do Concello no ano 1946.
[2] Ch. Lombardero Rico, *La huella de la emigración a América en el Cantábrico Occidental*, 2013, pp. 97-98.
[3] "Martín Fernández Vizoso: ... Por certo, unha curiosidade que che pode interesar como xornalista: a casa que se menciona no artigo como casa de Pernas construíuna (para vivir el e montar negocio de hostalería) o noso bisavó, Juan Orol Maseda, o pai natural do artista Juan Orol (de quen xa sabes moito). Aínda se conservan nos balcóns as iniciais J. O. Morto o noso bisavó [Juan Orol Maseda, en 1929], quedou na casa a súa viúva, Consuelo Balseiro Carracedo [sic] [Moscoso], que lla alugou a Fernando Castro Raña (quen tamén estivera en Cuba), e montou aí o seu primeiro negocio (posteriormente fixo a casa do Hotel Asturias sobre o río Ferreira). Morta a nosa bisavoa Consuelo [Balseiro Moscoso, en 1933], a casa pasou a unha filla (Horacia Orol Balseiro [nacida en 1909]) e mais a un fillo (Alfonso Orol Balseiro [falecido en 1943]); estas dúas persoas vendéronlle a casa a Eduardo Pernas Orol, e Eduardo pasoulla a seu irmán Rogelio [Pernas Orol (1908-1999)], que rexentou o famoso bazar Casa Pernas. Como podes comprobar son fíos que van aparecendo cando se publica unha historia con moita historia...". (Isaac Pérez Blanco, Facebook, 20.05.2018). (IF).
[4] Martín Fernández, "MEMORIA DE MARIÑÁNS. Los emigrantes fueron clave en el desarrollo urbanístico y económico de O Valadouro", *La Voz de Galicia* (A Mariña), 20.05.2018, páx. 6.

Escolas a comezos de século.

"Allá por el año 1914, aproximadamente, había en el municipio siete escuelas públicas: las de niños y niñas de Ferreira y las de Budián, Cabanela, Fonte da Vila, Recaré y Villacampa-Frejulfe, a las cuales concurrían por término medio anual unos 360 alumnos de uno y otro sexo. Además los vecinos de Santa Cruz, Moucide y Cuadramón, sostienen en sus respectivas parroquias escuelas no oficiales y subvencionadas por el Ayuntamiento" [1].

*1917*

*Hijas de Galicia*

"Xa para rematar coas sociedades xenéricas imos referirnos a *Hijas de Galicia*. Dixemos con anterioridade que entre os principais servizos do *Centro Gallego* estaba a oferta sanitaria. Ora ben, este servizo ía dirixido con exclusividade aos homes, pois só eles podían ser asociados. No seo da institución existiron partidarios de estender a cobertura sanitaria ás mulleres, pero esta medida nunca se chegou a concretar. Deste xeito, cábelle á sociedade *Solidaridad Pontevedresa* a honra de ser a primeira en ofrecer servizos sanitarios ás mulleres, oferta que comezaron a realizar en 1912. Cinco anos despois, en 1917, esta entidade transformouse en *Hijas de Galicia*, entidade encargada de dar cobertura á muller emigrante. Esta institución chegou a contar cun hospital propio: o sanatorio Concepción Arenal, lugar onde viñeron ao mundo varias xeracións de galego-cubanos [2]. Cómpre dicir, para rematar, que malia ser unha entidade dedicada ao coidado da muller emigrante, a xunta directiva de *Hijas de Galicia* sempre estivo constituída de forma maioritaria por homes [3]. Tampouco os emigrantes do Valadouro foron alleos a H*ijas de Galicia*. En efecto, aquí debemos referirnos á figura de Manuel Palmeiro Fernández, quen en 1936 foi elixido como vogal da xunta directiva de Hijas de Galicia por un período de dous anos. Non obstante, non foi este o único posto relevante que ocupou este emigrante natural do Valadouro. En 1922 ocupara o cargo de vicepresidente da sociedade *El Valle de Oro*, pasando en 1928 a desempeñar o posto de tesoureiro desta mesma entidade, neste mesmo ano foi nomeado como socio de honra da sociedade. Para o ano social de 1926-1927 foi elixido membro da directiva da Sociedad de Beneficencia de Naturales de Galicia, sendo reelixido en varias ocasións" [4].

"*Hijas de Galicia* foi fundada en 1917 cando a asociación pontevedresa se transformou en *Hijas de Galicia*. En 1919, na xunta directiva da sociedade había polo menos nove mulleres, entre outras a vicepresidenta segunda. [...] Tiñan sanatorio e balneario" [5].

*Fábrica de pirotecnia*

"Contó Ferreira con... fábrica de pirotecnia a la cual, en el año 1917, le fueron encargados los fuegos artísticos para la Plaza de María Pita, en La Coruña, por un precio aproximado de 1.500 reales" [6].

*1920*

Sociedade "Hijos del Valle de Oro".
Constitución, na Habana, do Comité Pro Iglesia de Ferreira.

[1] D. Sánchez Orol, *Villa de Ferreira (1894-1994)*, 1994, páx. 95.
[2] O xornalista, escritor e gastrónomo, Miguel Vila Pernas (fillo de Ovidio Vila Mariña e de Araceli Pernas Fernández) naceu na Habana no ano 1958, neste sanatorio que creara a sociedade *Hijas de Galicia*. Informante: Miguel Vila Pernas, 06.09.2016.
[3] Julio César González Pagés, *Emigración de mujeres gallegas a Cuba: las Hijas de Galicia*, Vigo, Concello de Vigo, 2003.
[4] P. Viveiro Mogo, "O Valadouro en Cuba: a sociedade *El Valle de Oro* da Habana", *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páxs. 609-610.
[5] Miguel Vila Pernas, Facebook, Eres de Ferreira do Valadouro si...", 06.09.2016. Ovidio Vila Pernas, irmán de Miguel, ten visitado en varias ocasións, con súa nai, este sanatorio cando vivían na Habana; e publicou, neste mesmo grupo de Facebook, seis fotografías do sanatorio novo (anos 50) e do balneario, 07.09.2016.
[6] D. Sánchez Orol, op. cit., 1994, páx. 25.

Aínda que xa figura escrito ao referírmonos á escola de Adelán, non está de máis reproducir aquí este parágrafo, da colleita do historiador Prudencio Viveiro Mogo, para que conste na evolución da aínda nova parroquia de Santa María de Ferreira.

"Ademais..., a sociedade El Valle de Oro participou decisivamente na restauración das igrexas do val..., a súa principal actuación foi remitir os fondos necesarios para rematar a igrexa de Ferreira..., en decembro de 1920 constituíuse na Habana o Comité Pro Iglesia de Ferreira, que estaba integrado por: Juan R. Álvarez, Pedro García Hernán, Manuel Rico, Manuel Palmeiro, Manuel Díaz, Ramón Reigosa, Ramón Canoura, Pedro Fernández López, Antonio Vila, Eduardo Pernas, Antonio Rúa Cao, Ramón Blanco Álvarez, José Orol Fernández, Manuel Pernas, Laureano Díaz e Manuel Mon Reimonde" [1].

*O Dous de Febreiro de 1922*

*Un mitin de Basilio Álvarez, Edmundo Estévez e Fernández Mato en Ferreira*

«Los agrarios del Valle de Oro se han plantado de un salto en la cima del triunfo. Seis eran los candidatos elegibles en estas elecciones municipales y los camaradas de Ferreira sin lucha, sin enemigo, que había abandonado el campo al constatar la fuerza incontrolable, la briosa unanimidad de las masas agrarias, lograron los seis puestos por el artículo 29.
La victoria era sonada, y había que conmemorar la fecha... Se acordó, pues, celebrar el día dos [de febreiro} un mitin agrario en Ferreira e invitar especialmente a Basilio Álvarez a este acto de afirmación y propaganda.
Y la realidad superó con creces los pronósticos más optimistas. A las tres de la tarde, cuando el automóvil que conducía a Basilio Álvarez y Edmundo Estévez, a quienes acompañaba desde Lugo el más alto prestigio agrario de aquella comarca, nuestro ilustre colaborador y camarada, Ramón Fernández Mato, entraba en la deliciosa villa de Ferreira del Valle de Oro, una muchedumbre inmensa llenaba la enorme plaza y aclamaba incansable a los propagandista, que se dirigieron al local social del sindicato para saludar a las numerosas comisiones y delegaciones que allí los esperaban.
A las tres y media comenzaba el mitin, en medio de una enorme expectación y un entusiasmo indescriptible...[O primeiro en tomar a palabra foi Fernández Mato, que fixo a presentación de Edmundo Estévez (o segundo en falar) e de Basilio Álvarez, que cerrou o mitin]... El abad de Beiro, en un discurso que duró una hora hizo el resumen del acto. El entusiasmo que este discurso despertó es indescriptible. Las ovaciones insistentes y dilatadas interrumpieron muchas veces la arrebatadora oración del *leader* del agrarismo gallego, que logró en la tarde del 2 uno de los triunfos más resonantes de su vida.
...
También asistieron al comicio con sus banderas respectivas, las comisiones de "La Unión de Labradores de Alfoz", "Sociedad Agraria de Landrove", "Constructores de Barcos de Vivero", "Sociedad de Marineros de Foz" y ·Sociedad Agraria de Gerdiz".
...
Al concluir el mitin los propagandistas se dirigieron a la casa social del Sindicato Agrícola "Unión de labradores del Valle de Oro", donde fueron espléndidamente agasajados, mientras una banda de música de Alfoz tocaba un escogido repertorio.
Ramón Fernández Mato, en nombre de la directiva del sindicato, saludó a Basilio Álvarez y brindó por el engrandecimiento de la organización agraria...
Después, acompañados por la directiva del sindicato, los excursionistas visitaron el espléndido edificio social de los agrarios. Desde la cooperativa del sindicato, que funciona en los bajos del edificio, hasta la sala de fiestas, donde en aquellos momentos se celebraba un baile muy animado, toda la instalación es una verdadera maravilla.
En el salón de actos pudimos admirar un retrato al óleo de Basilio Álvarez, hecho por el ilustre pintor ferrolano Bello Piñeiro, que acusa en esta obra una recia personalidad artística.
...
Y no queremos rematar estas apuradas líneas sin dedicar un recuerdo cariñoso al camarada entrañable, a Ramón Fernández Mato y a su joven y gentilísima esposa [Pepita], que con pródiga esplendidez nos obsequiaron delicadamente en su lujosísima residencia de Ferreira [2], donde pudimos

[1] P. Viveiro Mogo, "Os nosos homes na Habana. Memoria da Sociedade El Valle de Oro", *Búsola*, núm. 2, Suso Rubio (dir.), 2006, páx. 35.
[2] A Casa de Lourenzo ou de Mato, na actual rúa Andrés López Palmeiro, núm. 16.

admirar una de las bibliotecas más completas que hemos visto, y una escogida colección de óleos y dibujos firmados por los artistas más conocidos y admirados en la España de hoy» [1].

*1925-1928*

Personaxes. Cándido Fernández Candia: 1925-1928.

Cándido Fernández Candia anunciaba en 1925 nun xornal editado por "Hijos del Valle de Oro":

"Tintorería el Río de Oro" [2].

Cándido era socio activo, co número 45, da sociedade "Hijos del Valle de Oro" na Habana en data de 31 de decembro de 1928 [3].
Este emigrante de orixe valadouresa tiña un irmán chamado Pascual e outro chamado Xosé Manuel, que tamén emigraron a Cuba:

"Cándido Fernández Ledo, que se licenció en Derecho y su primo Rodrigo Fernández Estévez, aparejador, eran hijos de los hermanos Fernández Candia, naturales de Ferreira afincados en Ribadeo a su regreso de Cuba" [4].

Personaxes. Pascual Fernández Candia: 1928.

Irmán de Cándido e de Xosé Manuel, Pascual era socio activo, co número 104, da sociedade "Hijos del Valle de Oro" na Habana en data de 31 de decembro de 1928 [5].

Personaxes. Xosé Manuel Fernández Candia.

Irmán de Cándido e de Pascual, Xosé Manuel fundou na Habana varios negocios, negocios que reasentou en Ribadeo co seu irmán Cándido ao retornaren de Cuba.

"De origen cubano fueron los negocios ribadenses *La Casa Americana* y la *Tintorería Americana*, que aún existe, fundados por José Manuel Fernández Candia, natural de Ferreira, establecido en Ribadeo a su regreso de América algo antes de la Guerra del 26. En ellos participó su hermano Cándido, que también había estado en La Habana" [6].

Tamén temos noticia dunhas irmás Candia de Ferreira, acaso descendentes dos anteriores.

"... en casa de Andrés Orol, que fue hasta hace poco tiempo casa de ultramarinos, vivieron las hermanas Candia. Una de ellas se casó con un chico de Reirado del Ayuntamiento de Alfoz. Por aquellas fechas que no había TV, ni muchas más cosas de las que ahora disponemos, la gente se divertía de otra forma y en seguida se inventaban coplas para cantar. En esta ocasión, parece ser que la copla decía más o menos:

*Carmita Candia*
*habla mucho de Reirado*
*porque tiene un novio*
*que dicen es Secretario*" [7].

---

[1] Anónimo (1922), "NUESTRA PROPAGANDA. En Ferreira del Valle de Oro", *La Zarpa*, Ourense, 04.02.1922. Artigo facilitado por Juan Fanego Vidarte, Facebook, "Eres de Ferreira do Valadouro si...", 24.09.2016.
[2] A. Orol Pernas, "Nuestra publicidad ayer", *Programa das Festas do Oito*, Lugo, setembro de 1988, s/p.
[3] A. Orol Pernas (ed.), *El Valle de Oro. Sociedad de Instrucción, Protección y Recreo. Memoria social 1928*, Habana, Castañeda, 1929; facsímile: Colección Vallis Auri, núm. 1, maio de 1991, páx. 63.
[4] Ch. Lombardero Rico, *La huella de la emigración a América en el Cantábrico Occidental*, Gijón, 2013, p. 108.
[5] A. Orol Pernas (ed.), op. cit., facsímile: Colección Vallis Auri, núm. 1, maio de 1991, páx. 62.
[6] Ch. Lombardero Rico, op. cit., Gijón, 2013, p. 149.
[7] D. Sánchez Orol, *Villa de Ferreira (1894-1994)*, 1994, páx. 23.

*1926*

Personaxes. Andrés López Palmeiro. Cronoloxía: 1926.

Benefactor. Crea unha fundación benéfico-docente (só para os nenos varóns de Ferreira). Institución benéfica con finalidade docente-relixiosa e con autonomía económica probada. Mais, no testamento, omitiu ou esqueceu crear un Padroado, polo que a fundación non se clasifica oficialmente como benéfico-docente-relixiosa até o 9 de xaneiro de 1951 (B.O.E).
Testamento: 18.10.1926.
A rúa principal da vila de Ferreira leva o seu nome completo: Andrés López Palmeiro.

"*ORDEN de 16 de diciembre de 1950 por la que se clasifica como benéfico-docente fa Fundación instituida por don Andrés López Palmeiro en Valle de Oro (Lugo).*

Ilmo. Sr.: Visto el expediente de que se hará mérito; y
Resultando que don Andrés López Palmeiro, por testamento otorgado el 18 de octubre de 1926, ante el Notario de Ferreira del Valle de Oro (Lugo) dispuso, entre otros extremos que «de lo que constituye las herencias se deducirá la renta de 200 pesetas de pensión anual, la cual se invertirá: 150 a los niños varones de la escuela de esta villa (Ferreira del Valle de Oro) que más se distingan por su aplicación y aprovechamiento a juicio de la Junta local de primera enseñanza, y 50 pesetas que se destinará a una función religiosa por las almas del testador y sus padres, la cual función se celebrará todos los años en esta parroquia el día que se repartan entre los niños varones de la escuela los premios a la aplicación y aprovechamiento a los que antes se refiere este testamento...»: ;
Resultando que los albaceas designados por el testador, en cumplimiento de la voluntad de éste, han adquirido dos títulos de la Deuda pública al 4 por 100, por un capital de 6.600 pesetas (uno de 5.000 y otro de 1.600), con cuyas rentas (211,20 pesetas nominales) se atenderá al cumplimiento de los fines benéficos docentes establecidos por el señor López Palmeiro;
Resultando que la Junta de Beneficencia de Lugo, por edicto inserto en el «Boletín Oficial» de la provincia del día 1 de marzo último, hace pública la incoación del expediente de clasificación de esta Obra pía, expresando sus fines y concediendo audiencia a los interesados en sus beneficios por un plazo de quince días;
Resultando que transcurrido dicho plazo, la expresada Junta eleva a este Ministerio el aludido expediente, que informa favorablemente por estimar que la finalidad de la Institución encaja en las señaladas para las fundaciones benéfico-docentes por el artículo segundo del Real Decreto de 27 de septiembre de 1912, y que el capital con que ha sido dotada es suficiente para cumplir el objetivo de la Fundación;
Resultando que el testador no designó a persona alguna para el gobierno y administración de la Obra pía.
Visto el Real Decreto de 27 de septiembre de 1913, la Instrucción de 24 de julio de 1913 y demás disposiciones de aplicación;
Considerando que la Institución de que se trata constituye un conjunto de bienes destinados a un fin mixto de enseñanza y culto, que han de rentar lo suficiente para cumplir los específicos objetos [sic] previstos por el fundador, sin necesidad de ayuda alguna oficial, por cuyas circunstancias encaja de lleno en el grupo de Instituciones benéficas, cuyo protectorado corresponde a este Ministerio a tenor de lo dispuesto en los Reales Decretos de 27 de septiembre de 1912 y 10 de julio de 1915;
Considerando que a este Ministerio compete, por tanto, conocer respecto a la clasificación que se interesa, ponderando para concederla si en la aludida Institución concurren los requisitos que expresamente exige el artículo 44 de la Instrucción de 24 de julio de 1913, y si se han cumplido en general las condiciones y trámites establecidos en el capítulo segundo de dicha Instrucción;
Considerando que no hay duda alguna respecto al primero de dichos aspectos, dada la finalidad docente-religiosa de la institución y su autonomía económica, extremos ambos debidamente justificados con el testimonio auténtico de la voluntad fundacional, en el que se señala el doble fin a que ya se ha hecho referencia, de premios y misas para esta Institución, y con la relación de bienes con que aquélla ha sido dotada por los albaceas;
Considerando que en la tramitación del expediente se han cumplido, asimismo, las exigencias legales mediante la aportación de los documentos necesarios y la concesión de audiencia a los representantes e interesados en la Fundación;
Considerando que la única omisión advertida es la referente al Patronato fundacional, que al no designarse por el causante debió ser objeto de propuesta por la Junta de Beneficencia; omisión ésta que de momento puede ser subsanada con el nombramiento de patronato interino a favor de dicha Junta, con el fin de que la Institución inicie inmediatamente su vida normal, pero con la obligación por parte de aquélla de proponer –una vez encauzados los servicios más urgentes– a las personas que en propiedad hayan de ejercer el Patronato;

Considerando que para la buena marcha de la Institución es conveniente dotarla de un breve reglamento interno en el que se establezcan las normas a que se ha de ajustar en cumplimiento de los fines y la administración de la Obra pía, en cuya redacción es asimismo conveniente que intervenga el futuro Patronato, por lo que se debe demorar su presentación hasta que aquél tome posesión;
Considerando, por último, que el fundador no dispuso excepción alguna referente al régimen de contabilidad de esta Institución, por lo que se la debe considerar obligada a rendir cuenta anualmente a este Protectorado, conforme a lo dispuesto en el artículo 19 del Real Decreto de 27 de septiembre de 1912 y artículos 84 y siguientes de la Instrucción de 24 de julio de 1913, y a formular presupuesto en los términos previstos en la Orden ministerial de 6 de julio de 1948 (BOLETÍN OFICIAL DEL ESTADO del 13),
Este Ministerio, a propuesta de la Sección de Fundaciones y de conformidad con el dictamen de la Asesoría Jurídica, ha resuelto:
1.º Clasificar como benéfico-docente-religiosa la fundación instituida por don Andrés Lopez Palmeiro en Ferreira del Valle de Oro (Lugo).
2.º Nombrar Patronato interino de dicha Institución a la Junta de Beneficencia de Lugo, con la obligación de resolver los servicios más urgentes de la misma y proponer seguidamente las personas que hayan de ostentar la representación en propiedad de la Obra pía.
3.º Ordenar al Patronato interino, como al que en su día se nombre en propiedad, que han de formular presupuesto y rendir cuentas anualmente a este Protectorado, en los términos reglamentarios.
4.º Imponer la obligación en su día de redactar y someter a la aprobación de este Ministerio el reglamento interno de la Fundación.
Lo digo a V. I. para su conocimiento y efectos correspondientes.
Dios guarde a V. I. muchos años.
Madrid, 16 de diciembre de 1950.
IBÁÑEZ-MARTÍN.” [1].

*1931*

“El año de la gran hora de la capital municipal”.

«Ramón Fernández Mato –escritor, periodista y político casado en O Valadouro con Pepita Fernández, hija de un contratista beneficiario de adjudicaciones de obras de la Dictadura de Primo de Rivera– escribió en *Vida Gallega*, en octubre del año 1931, un artículo que llevaba por título “La capital del Valle de Oro vive su gran hora”. En él recordaba que quince años antes Jaime Solá, el propietario de esa revista, había estado en Ferreira do Valadouro invitado por él [por Mato] y fotografiado “el ruinoso cobertizo que hacía las veces de templo parroquial y las parcas filas de sillería que mostraban el precario desarrollo de la nueva iglesia”. Solá las publicara con “un gracioso sarcasmo: la iglesia que no acaba de caer y la iglesia que no acaba de levantarse”.
Por eso, en su crónica, Ramón Fernández Mato se alegra al comunicar que “la decrépita iglesucha ha desaparecido dando lugar su derribo a una soberbia plaza que, por amplitud y perspectivas, puede homologarse con las mejores de Galicia, y el templo nuevo está ya abierto al culto”. La noticia le hace decir que es “la gran hora” de O Valadouro y destacar otras obras de ese año de 1931: “toca a su fin la desviación y encauzamiento del río que era una barrera para desarrollar la villa y con esa mejora van a remolque la plaza del mercado, los dos grupos de lavaderos públicos, la alameda y el matadero”. Unas obras –dice– dirigidas desde el ayuntamiento por “un joven de férrea y disimulada voluntad, Ramón Canoura, y a su lado hombres del desinterés y la tenacidad inteligente de un José Ramón Alonso y de un Ángel Mandiá que han tenido hasta el buen gusto de mantener su limpia inclinación monárquica ante la que se descubre mi ideal republicano”. Los tres eran viejos emigrantes.
Ramón Fernández Mato concluye aplaudiendo “este magnífico brote de realidades que un puñado de ciudadanos conscientes y abnegados suscitó para remordimiento de los que pasaron sin pena ni gloria por el consistorio”» [2].

*1931-1955*

A Capela da Praza de Santa María e a igrexa nova.

[1] Google. Andrés López Palmeiro (fundación) B.O. del E. – Núm. 9. 9 enero 1951, p. 123. PDF: A00122-00123 (635 KB).
[2] Martín Fernández, “MEMORIA DE MARIÑÁNS. Los emigrantes fueron clave en el desarrollo urbanístico y económico de O Valadouro”, *La Voz de Galicia* (A Mariña), 20.05.2018, páx. 6.

"La capilla fue derruída en el año 1931 [sendo alcalde Ramón Canoura (1931-1933)]. Ese mismo año, el último domingo [30] de agosto se abrió al culto la actual Iglesia Parroquial, que había comenzado a construirse en 1911. Su construcción estuvo parada mucho tiempo y en el año 1955 el día 3 de julio, se coronaba la obra con la colocación, como remate de la torre, de la imagen del Sagrado Corazón, bendecida solemnemente por el Obispo de Mondoñedo, D. Mariano Vega Mestre" [1].

*1946*

Organización eclesiástica. O actual Arciprestado do Valadouro. Cronoloxía: 1946.

No ano 1946, a diocese de Mondoñedo está dividida en 27 arciprestados, un deles é o Arciprestado do Valadouro, que abrangue os concellos de Alfoz, O Valadouro e tamén parte do de Mondoñedo.

Compoñen o arciprestado do Valadouro 16 parroquias matrices máis 4 anexas. Unha das dezaseis parroquias matrices é Santa María de Ferreira, que ten como anexa a de San Xoán de A Laxe [2].

*1947-1949*

O cine de Ferreira. Cronoloxía: 1949.
Situación: Avda. de Viveiro, núm. 11, Ferreira.
No ano 1947, sendo alcalde Manuel Lorenzo González-Seco (1941-1958), solicitouse a construción do edificio do cine, que se inaugurou no ano 1949 co nome de *Salón Cinema*. Na Casa do Concello do Valadouro existen documentos do proxecto e mais do permiso [3].
Arquitecto: Alfredo Vila López. Estudou na Escuela de Arquitectura de Madrid, onde coincidiu cos membros da chamada Xeración do 25.
Alfredo Vila deseñou, entre outros:
o edificio do Gran Teatro (Lugo, 1932-1995),
o cine Colón (Ribadeo, 1949-anos 70), con motivos Art Déco,
o cine Capitol (Melide),
o Salón Cinema (Ferreira, 1947-1979),
o Fraternal e o Capitol (Monforte de Lemos).
O cine Colón de Ribadeo e o Salón Cinema de Ferreira teñen un enorme parecido.
O arquitecto, falecido en 1954, estivo casado con Gloria Montero Losada, coa que tivo sete fillos: Alfredo [*Vilita*, futbolista], Luis, María Gloria, José Manuel, Miguel, Ana María e Margarita [4].

"As primeiras películas que se puxeron no cine [de Ferreira], e van por orde, 'Mamá a la fuerza', 'La condesa María', 'Recuerda aquel día' e 'El camino del amor'..." [5].

"Unha das primeiras [películas que proxectaron no cine de Ferreira] foi 'Guadalcanal'" [6].

[1] D. Sánchez Orol, *Villa de Ferreira (1894-1994)*, 1994, páx. 25.
[2] J. L. Mínguez Goyanes, "Don Fernando Quiroga Palacios, obispo de Mondoñedo (1946-1949)", *Estudios Mindonienses*, núm. 10, 1994, páx. 125. E. Cal Pardo, "Episcopologio mindoniense", *Estudios Mindonienses*, núm. 10, 1994, páxs. 25-26. F. Monterroso Carril, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XXIX, páx. 214. Tradución e actualización de topónimos: IF, 19.10.2001.
[3] Un dos socios do Salón Cinema era Ventura Miranda Luengo, pai do noso informante, Domingo Miranda Pardeiro, 10.09.2013. O edificio continúa en pé e está en venda (IF, 10.07.2016).
[4] En "Ribadeo e o cine: Alfredo Vila. Arquitecto do Colón".
http://cinesribadeo.blogspot.com/2013/alfredo-vila-arquitecto...
[5] Informante: Alejandro Baamonde [*Tito de Llopis*], Facebook, 14.08.2017.
[6] Informante: Eloy Galán Orol, Facebook, 13.08.2017.

*1949*

A chegada da imaxe da Virxe de Fátima a Ferreira. Cronoloxía: 04.09.1949.

"La llegada a Ferreira de la imagen de la Virgen de Fátima tuvo lugar el domingo 4 de septiembre [de 1949]. La bendición de la imagen se hizo en Adelán, adonde acudió el prelado [D. Fernando Quiroga Palacios, Mondoñedo (1946-1949)]... La comitiva llegó a la plaza de Ferreira a las 12 de la mañana" [1].

*1969*

Na acta do inspector do SNIACL (26.09.1969) dise que sería interesante acadar a fusión dos concellos do Valadouro e Alfoz, que teñen certa confusión de termos, dado que hai casas en que a entrada pertence a un dos concellos e o resto da casa ao outro [2].

*1985*

Asociacionismo cultural. Cronoloxía: 1985.
Fúndase a Asociación Cultural Amado Lar [3].

*1988*

Asociacionismo cultural. Cronoloxía: 1988.
Fúndase a Coral Polifónica do Valadouro [4].

*2011*

Asociacionismo cultural. Cronoloxía: 2011.
Fúndase o Seminario de Estudos do Valadouro (SEVA) [5].

[1] E. Cal Pardo, "Episcopologio mindoniense. Obispos de la parte central del siglo XX", *Estudios Mindonienses*, núm. 27, 2011, páxs. 375-530.
[2] X. Fariña Jamardo, *Os Concellos Galegos*, t. X, 1993, páx. 25.
[3] F. Piñeiro González-M.ª P. Rodríguez Silva, *Lembranzas musicais do Valadouro*, xullo de 2013, páx. 172.
[4] F. Piñeiro González-M.ª P. Rodríguez Silva, op. cit., xullo de 2013, páx. 172.
[5] Primeira xuntanza de promotores: Alfoz, Casa da Cultura, 09.08.2011. Primeira Asemblea de Socios: Alfoz, Casa da Cultura, 21.08.2012. Véxase na parroquia de Adelán.

## CAPELA DE SANTA MARÍA

Situación: Praza de Santa María, Ferreira.
Cronoloxía: documentos desde o ano 1615. Derrubada en 1931.
Foi parroquial desde o ano 1896 até o 1929, en que se cerrou para o culto. É preciso ter en conta que Ferreira pertenceu á parroquia de A Laxe até o ano 1896.

A división do territorio do Valadouro por Igrexas data dun privilexio outorgado polo rei Alfonso VII (1126-1157) no ano 1128 e confirmado polo rei Fernando II (1157-1188), renovado en 1167. Nesa división por Igrexas figura a de *San Joannes de Lagena*, A Laxe [1].

*Século XVII*

A capela da Nosa Señora de Ferreira. Cronoloxía: 1615, 1617, 1635.

Visitas pastorais. Cronoloxía: 1615.

A primeira noticia documentada que temos data do ano 1615; neste ano, o bispo de Mondoñedo Alfonso Mesía de Tovar (1612-1616) visita a capela da nosa Señora de Ferreira, visita na que menciona a existencia de gando: *yeguas, bueyes y vacas* [2]. Como se sabe, nesta época, Ferreira pertencía á parroquia de A Laxe.

O 12 de abril de 1617, o bispo de Mondoñedo, D. Pedro Fernández Zorilla (1616-1618), realiza unha visita pastoral ás parroquias de Budián e A Laxe, e tamén visita a capela de Ferreira [3].

Visitas pastorais. Cronoloxía: 12.04.1617.

Visita do bispo de Mondoñedo Pedro Fernández de Zorrilla (1616-1618) ás parroquias de Budián e A Laxe, que inclúe visita á capela de Ferreira [4], sendo mordomo Álvaro Darriba, na que se anota que: *Tiene ganado, mandose tomar quenta cada año y hacer recuento... no se venda nada sin ponerlo a puja. Tres fiestas. Se traiga a puja la cuadra de las yeguas que tiene la dicha hermita* [5].

"[D. Pedro Fernández Zorrilla, bispo de Mondoñedo (1616-1618)] Reanudó la vista [visita] el 7 de abril de 1617, empezando por las tierras del Valle de Oro. La primera parroquia que visitó fue la de San Salvador del Castro de Oro. El 12 de abril visitó las parroquias de Budián y Alaje [A Laxe] y la capilla de Ntra. Señora de Ferreira, pasando seguidamente a San Martín de Mondoñedo y llegando a Benquerencia" [6].

Visitas pastorais. Cronoloxía: 1635.

A ermida é visitada polo bispo de Mondoñedo, Antonio de Valdés (1633-1636), posteriormente bispo de Oviedo; e o mordomo da ermida, Francisco Gómez, preséntalle ao bispo un inventario de bens e obxectos pertencentes á capela. Existía un libro de fábrica no que se recollían as rendas da ermida. Neste libro faise referencia á existencia dunha casa-hospital, desaparecida no ano 1755. Dita casa-hospital, situada no camiño real de

[1] J. Martínez Cobo, *El Valle de Oro. Apuntes históricos*, 1912, páx. 19.
[2] ACM. Visitas. Messia de Tovar 41/4. A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 96. A tradución é nosa.
[3] E. Cal Pardo, "Episcopologio mindoniense. Siglo XVII", *Estudios Mindonienses*, núm. 16, 2000, páx. 55.
[4] E. Cal Pardo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 16, 2000, páx. 55.
[5] ACM. Visitas. Messia de Tovar 41/4. Zorrilla 41/9. A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 96.
[6] E. Cal Pardo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 16, 2000, páx. 55.

Mondoñedo a Viveiro, actuaba como dispensario daqueles comerciantes ou mercadores que facían a ruta do norte [1].

"Desde el año 1635 [e desde 1615 tamén] existen datos escritos sobre la ermita de Nuestra Señora de Ferreira del Valle de Oro, que, en el correr de los años, dio origen a la actual parroquia de Ferreira. [...]
Dentro de los límites de la parroquia de Alaje, se incluía la antigua ermita de Nuestra Señora de Ferreira, que ya en el año 1635, aparece visitada por el entonces obispo de Mondoñedo [1633-1636], D. Antonio [de] Valdés " [2].

"La actual Alaje incluiría dentro de sus límites la antigua ermita de Nuestra Señora de Ferreira" [3].

"La antigua ermita de Sta. María de Ferreira fue construida en el lugar que hoy ocupa la plaza de la villa. La existencia de la misma y el desarrollo de un mercado corren paralelos a lo largo de los siglos XVII y XIX. La expansión comercial provocada por el auge de los mercados entre 1865 y 1900 conlleva el surgimiento de una entidad de población que con el título de Villa se convierte en capital de un ayuntamiento y de una comarca" [4].

*Século XVIII*

O mercado semanal dos sábados.

"La ermita por tanto fue centro de romerías en honor de la Virgen, desarrollándose paralelamente un mercado o feria, origen de numerosos pleitos durante el siglo XVIII, vinculados a la figura del clérigo de Budián D. Ángel Castañón y Ayala" [5].

*1733*

Canoura Quintana dános a data de 1733 como orixe dunha fundación.

"En el año 1733 varios feligreses de Alaxe en nombre de la parroquia decidieron establecer una fundación... Por el citado documento tenemos constancia de la existencia, en aquel tiempo, de mercados todos los sábados del año *con concurso de muchísimas personas de todos estados así del país como de fuera y la especial devoción ocasionada por los repetidos milagros que los fieles devotos experimentan*" [6].

*1735*

Uns fregueses de A Laxe suplícanlle ao bispo de Mondoñedo, Frei Antonio Alejandro Sarmiento Sotomayor (1728-1751), a aprobación dunha fundación que desexan facer na capela.

*Século XIX*

*1840*

A Xunta de Goberno Provincial autoriza ao Concello do Valadouro (xa segregada a comarca en dous concellos desde 1832) para que proceda urxentemente ao derrubamento do *recodo que en su parte trasera formaba la sacristía* (Canoura Quintana: 2000, 97), porque impedía o paso, mesmo dunha persoa, entre as casas contiguas (as casas de Alonso e Cillero). Dábase esta autorización o 26 de outubro de 1840.

---

[1] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 96. A transcrición é nosa. Segundo tradición oral, a casa-hospital estaba situada no terreo da casa das Varelas. Véxase: Ferreira → Casas de interese desaparecidas.
[2] D. Sánchez Orol, *Villa de Ferreira (1894-1994)*, 1994, páx. 101.
[3] Euloxio Fernández Murias, párroco de Santa María de Ferreira. Documento sen data. Colección particular: IF.
[4] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 96.
[5] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 97.
[6] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páxs. 96-97.

*1875*

A Deputación Provincial de Lugo aboa 1.300 reais polo derrubamento e ocupación do terreo onde estaba o pórtico da capela, para dar paso á estrada Mondoñedo-Viveiro comezada en 1869.

*1885*

O Estado incáutase de todos os censos e bens do santuario.

*1896*

Ferreira é erixida en parroquia, segregada da de A Laxe, e abranguendo os seguintes lugares: a vila de Ferreira (que pertencía a A Laxe), o lugar do Penido (pertencía a San Pedro de Mor), A Castellana, A Pena, Os Pinos, O Rebuxento, O Reirado, Retiro, As Teixoeiras (pertencían á parroquia de Santa Cruz) [1].

*Século XX*

*1929*

Dado o estado ruinoso da capela, *y exigiéndolo la estética de la nueva villa que alrededor de ella se iba formando*, foi clausurada ao culto neste ano 1929.

*1931*

A Capela de Santa María de Ferreira é derrubada *por mutuo acuerdo entre la autoridad eclesiástica y la civil* [2].

*Unha nota manuscrita do cura-párroco Euloxio Fernández Murias (sen data)*

"Antigua capilla de Ferreira a donde venían los fieles a honrrar [sic] a la Virgen, llamada Nuestra Señora de la leche, de una manera especial los sabados [sic] y de esa manera fundó el mercado sabatino, el Párroco de Budian [sic] en aquel entonces, D Angel Castañón y Alaya [Ayala] que luchando con los poderes logró convertir en realidad sus deseos y en torno a esa Capilla se fue formando la Villa de Ferreira –que en en [el] año 1895– fue [sic] eregida [sic] en parroquia, y prueba evidente de [lo] que escribo es que los mercados principales y concurridos se celebran en las fechas principales de la Virgen o sea el 2 de febrero –Purificación de la Virgen[–], 25 de marzo, Anunciación de la Virgen y 8 de setiembre [sic] nacimiento de la Virgen Maria [sic]. El primer parroco [sic] de Ferreira, fue D Severino Cocina [Cociña], fallecido el 25 de agosto de 1948 y un segundo este servidor y entre los dos completan un siglo en la historia de la parroquia y de la iglesia mindoniense" [3].

[1] D. Sánchez Orol, *Villa de Ferreira (1894-1994)*, 1994, páxs. 102-103.

[2] Euloxio Fernández Murias, párroco de Ferreira (falecido nesta mesma parroquia o 19.06.2007), tirado do *Libro viejo de cuentas de la ermita de Ferreira*, Arquivo Diocesano de Mondoñedo, que fala da capela e do hospital anexo.

[3] Esta carta manuscrita envíalla o señor cura a un pregoeiro das Festas do Oito de Setembro, felicitándoo pola súa intervención; de modo que a data da súa autoría debe estar entre o ano 1998 (05.09.1998) (en que Manuel Lourenzo dá o seu pregón, [re]iniciando este fermoso costume) e 2007, ano de falecemento de Fernández Murias (Trabada, 1917-Ferreira do Valadouro, 2007). Transcrición da carta: IF, 16.05.2013. No ano 2001 deu o pregón Pepita Sacristán Couso; no ano 2003 (06.09.2003) deu o pregón Miguel Vila Pernas; e en 2006 deu o pregón Andrés Jerez Benaque.

«La vieja iglesia de Ferreira fue construída en 1635 [1615] [1]. Cuando fue demolida [en 1931] estaba deteriorada y apuntalada para evitar su caída. Las fuerzas vivas consideraban que no era acorde con una población a la que años antes, en 1894, la reina María Cristina concediera el título de villa. Su derribo supuso cierta pérdida patrimonial pero, a cambio, posibilitó una "soberbia plaza" que dio carácter a O Valadouro y de la que vivió –a través de ferias, comercios, servicios...– durante años. La nueva iglesia» [2].

*Restos da capela de Ferreira*

Catro columnas do retablo da antiga capela están na igrexa parroquial de San Martiño de Figueiras (Mondoñedo) [3].

Imaxe da Virxe do Leite.
Situación: Museo da Catedral de Mondoñedo [4].
Cronoloxía: século XII.
Estilo: rasgos románicos [5].
Material: madeira policromada.
Tamaño: 29 cm.
Restaurada no ano 1974.

"Esta preciosa imagen de la Virgen Madre con una manzana dorada en la mano derecha y que abraza al Niño que mama de su pecho con la izquierda es depósito de la parroquia de Los Remedios de Mondoñedo, que la conservaba en la capilla de Seivane, el único barrio medieval de entidad notable que se va desfigurando y perdiendo su carácter.
Fue restaurada en Santiago en el año 1974 por el profesional Sande.
Se trata de una imagen policromada con colores llamativos y oro del siglo XII y con una altura de 29 cm.
Durante muchos años fue objeto de devoción. Numeroras madres que criaban a sus hijos la visitaban y se encomendaban a ella. También recibió el nombre de Nosa Señora da Sede Episcopal probablemente aludiendo a su origen en la Catedral de Mondoñedo [sic].
Hoy la podemos admirar en la tercera sala del Museo Catedralicio y Diocesano Santos San Cristóbal" [6].

Maternidade. Talvez procedente da capela da Praza.
Situación: sacristía dereita da igrexa parroquial de Ferreira [7].
Material: pedra.
Descuberta no ano 1995 por mor dunhas reformas no adro da igrexa parroquial.
É moi importante ter en conta que o cura-párroco de Ferreira, Euloxio Fernández Murias menciona "la Virgen, llamada Nuestra Señora de la leche" cando fai referencia á Capela da Praza de Santa María na carta manuscrita que inserimos neste traballo.
Tamén existía na parroquia de Recaré a Capelanía da Nosa Señora do Leite (1705-1854) [8].

---

[1] Como xa se mencionou en *Século XVII*, a primeira noticia documentada que temos data do ano 1615, en que o bispo de Mondoñedo Alfonso Mesía de Tovar (1612-1616) visita a capela da nosa Señora de Ferreira, noticia na que menciona a existencia de gando: *yeguas, bueyes y vacas*. ACM. Visitas. Messia de Tovar 41/4. A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 96.

[2] Martín Fernández, "MEMORIA DE MARIÑÁNS. Los emigrantes fueron clave en el desarrollo urbanístico y económico de O Valadouro", *La Voz de Galicia* (A Mariña), 20.05.2018, páx. 6.

[3] E. Fernández Murias (1917-2007), párroco de Ferreira (1949-2007).

[4] Actualmente está no Museo Diocesano da Catedral de Mondoñedo. A persoa responsábel do Museo, Simonetta Dondi, marquesa Dall'Orologio, opinaba en 2014 que esta imaxe era de estilo románico (existe fotografía de Abel Vigo García, 2016). Informante: Abel Vigo García, 20.05.2016 (IF).

[5] Levárona [de Ferreira? Antes A Laxe (San Xoán) (O Valadouro)] para a capela de Seivane (San Xoán), parroquia dos Remedios (Mondoñedo). A información sobre a cronoloxía probábel (séculos XV-XVI), estilo (supostamente gótico-comezos do renacemento) e material (madeira policromada) facilitóunola o escultor valenciano, profesor e veciño de Mondoñedo Juan Puchades Quilis, o 15.12.2001 (IF). Posteriormente soubemos que era de estilo románico, do século XII.

[6] Páxina dixital do Museo Catedralicio e Diocesano Santos San Cristóbal, 5 decembro, 2017. (IF).

[7] Encontrouna Manuel Pumares Ares (Manolo de Ramona), natural de Frexulfe. A imaxe de pedra está debaixo dunha mesa da sacristía (IF, 1999). Existe fotografía de Xesús Pisón (sen data).

[8] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 137.

A Virxe do Leite aparece por moitos recunchos do país; así, na mesma Mariña Luguesa como na propia igrexa de Santiago, a máis antiga (anterior ao ano 1208) da cidade da Coruña.

"Onde hai tamén a Virxe do Leite é na igrexa de San Vicente de Covelas [Ribadeo]" [1].

"Nadie se fija en esas dos aras romanas que son de la época de la Torre [de Hércules] y sobre las que están la Virgen de la Leche y Santa Teresa" [2].

Pía da auga bendita, supostamente da capela [3].
Situación: A Veiga-Ferreira. Desaparecida (2011).
Material: pedra.

Porta da antiga capela de Ferreira.
Situación: sacristía da igrexa parroquial das Oiras [4].

Campá procedente da antiga capela de Ferreira [5].
Situación: igrexa nova de Ferreira.
Material: bronce.
Retirada do campanario da igrexa actual, fundida e cambiada por outra nova en 1983 [6].

"Fai anos, polo que se ve, en 1983, [había tres campás], a campá pequena (que procedía da capela da Praza) estaba fendida e en moi malas condiciós (caíase [sic] a cachos). D. Eulogio [o párroco] mandou refundila e, de paso, encargou unha nova para poñer 4 [campás]" [7].

"... Case no borde, a campá tiña unha inscrición en alto relieve no que poñía o nome da campá e mais a data de fabricación (nos últimos anos xa era complicado velo, debido ao deterioro). O que non lembro, cal era a data nin o nome... E tampouco lembro se poñía algún dato máis, pero é posible que si" [8].

[1] Informante: Ángeles Parga [Pardiñas], Facebook, "Eres de Ferreira do Valadouro si...", 01.06.2018.
[2] Informante: Andrés García Vilariño, párroco da igrexa de Santiago, A Coruña. En Rodri García, "A CORUÑA ESCONDIDA. El abrazo al Apóstol... en la Ciudad Vieja" , *La Voz de Galicia* (A Coruña), 16.09.2018, páx. 4.
[3] A pía estaba instalada sobre un pé de pedra, en Ferreira, na horta dunha casa situada na Avenida da Veiga. Procedente de detrás da Casa Reitoral, onde estivo facendo a función de pío debaixo dunha billa. Informante: Euloxio Fernández Murias (IF, 05.07.2001). Temos fotografías da pía instalada nese lugar, con data de agosto de 2000; desaparecida desde 2011 (IF). Agora sabemos tamén que a pía puido proceder da desaparecida Capela de San Cristovo (Budián).
[4] Informante: Euloxio Fernández Murias, 08.06.2001.
[5] "Que procedía da capela da Praza eu escoiteillo a D. Eulogio [párroco de Ferreira]", Francisco José Vila Pernas, Facebook, "Eres de Ferreira do Valadouro si...", 25.01.2017.
[6] Na dedicatoria a Isaac Ferreira do libro escrito por Antonio Orol Pernas *Acuñaciones de Alfonso IX*, Ed. Jesús Vico, Madrid, 1982, figura: "F. Valle de Oro, 29-VIII-1983, día del cambio de campanas".
[7] Francisco José Vila Pernas, Facebook, "Eres de Ferreira do Valadouro si...", 23.01.2017.
[8] Francisco José Vila Pernas, Facebook, "Eres de Ferreira do Valadouro si...", 25.01.2017.

## IGREXA DE FERREIRA *(Santa María)*

Parroquial.
Situación: Ferreira.
Cronoloxía: 1911-1931 [1].
Estilo: neogótico.

Figura como parroquial de Santa María no Inventario do Patrimonio Cultural da provincia de Lugo. Histórico-Artístico. Arte: Arquitectura relixiosa [2].

Construída nun desaxeitado estilo neogótico, distinto do proxecto inicial [3].

"De acusada verticalidade" [4].

O arquitecto foi Leoncio Bescansa Casares [5], arquitecto diocesano [6].

Leoncio Bescansa prolongou na primeira década do século XX a construción de templos nun neogótico tardío, xa máis atenuado, como é o caso desta igrexa parroquial de Ferreira.

Segundo os planos asinados en xullo de 1910, vai ser unha igrexa con planta de cruz latina e fachada con marcado protagonismo das liñas e grandes xanelas verticais, efecto reforzado pola súa elevada situación na vila de Ferreira [7].
Iniciáronse as obras no ano 1911 [8] e discorreron moi lentamente, mesmo estiveron paralizadas, e proseguíronse en 1928 [9].
Ábrese ao culto o 30 de agosto de1931 e inaugúrase oficialmente o 8 de setembro dese mesmo ano [10].
O 3 de xullo de 1955 finalízase a obra da torre coa colocación da imaxe do Sagrado Corazón de Xesús.
O historiador Andrés Canoura Quintana atribúelle os planos ao arquitecto lugués Ruperto Sánchez (1911-1931, nave e ábsidas; 1955, torre) [11].
Contribuíu á consecución das obras o *Comité Pro Valle de Oro*, presidido por Joaquín Díaz Villar, e a sociedade *El Valle de Oro* da Habana.

---

[1] Informante: Euloxio Fernández Murias, 08.06.2001.
[2] DOG, núm. 133, 12.07.1991. X. Fariña Jamardo, *Os Concellos Galegos*, t. X, 1993, páx. 35.
[3] R. Reigosa Méndez, *As cruces do Valadouro* (inédito).
[4] L. Ponce Couce-J. A. Sánchez García, *Galicia. Guía do Patrimonio Arquitectónico*, 1999, páx. 145.
[5] Leoncio Bescansa Casares, nacido en 1879, titulado en 1903, exerceu como arquitecto municipal de Lugo nos anos 1908 e 1909, e como provincial interino desde 1909 até 1910. Tamén exerceu como arquitecto diocesano de Lugo. Tras un breve período en 1911 como arquitecto municipal de Santiago de Compostela, desempeñou a profesión por libre na Coruña (onde deseñou, como discípulo de Gaudí, o edificio do Colexio Labaca, de estilo modernista-ecléctico) até a súa morte no ano 1957. Jesús Ángel Sánchez García, "La arquitectura contemporánea y sus opciones en la antigua provincia de Mondoñedo", *Estudios Mindonienses*, núm. 15, 1999, páx. 599, n. 83. Santiago Fernández, "Titiriteiros do Norte", *Casahamlet*, Revista de teatro, núm. 2, Francisco Pillado Mayor (dir.), A Coruña, maio de 2000, páx. 44.
[6] O arquitecto diocesano, figura creada polo Real Decreto do 13 de agosto de 1876, era o encargado de velar polo patrimonio arquitectónico da Igrexa. J. A. Sánchez García, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 15, 1999, páx. 596.
[7] J. A. Sánchez García, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 15, 1999, páx. 599.
[8] Nunha carta do cura párroco de Ferreira aos veciños, pedíndolles donativos para rematar as obras da igrexa, indica que estas comezaron no ano 1906. Mais os planos foron asinados no 1910.
[9] E. Fernández Murias, 08.06.2001.
[10] *C.* (Mondoñedo) (1931), "VALLE DE ORO. Inauguración de una iglesia", *El Progreso*, Lugo, 09.08.1931.
[11] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 97.

O primeiro cura da parroquia foi Severino Cociña Sanjurjo (1901-1949, ano en que faleceu), o segundo foi Euloxio Fernández Murias (1949-2007) [1]. Só dous párrocos nun século. O terceiro e actual párroco é Fernando Monterroso Carril, antes cura-párroco da de Santa Cruz do Valadouro.
Existe arquivo parroquial.

*A igrexa nova, a capela, as Festas do Oito e o quiosco de pedra que nunca existiu*

"Ferreira 7.- El próximo día 8 de setiembre [de 1931], fecha en que se celebran en esta villa las tradicionales fiestas patronales, tendrá lugar el acto de inauguración de la nueva iglesia parroquial, obra comenzada desde hace muchos años, y a la que se da fin gracias a los activísimos trabajos que [a] tal objeto lleva a cabo D. Ramón Canoura Fernández, entusiasta hijo de Ferreira del Valle de Oro.
El nuevo templo figurará, sin duda, entre los mejores de la diócesis.
Para bendecirlo vendrá dicho día de Lugo el obispo Dr. Balanzá y Navarro, celebrándose con tal motivo una solemne función religiosa en la que, probablemente, predicará un conocido canónigo de la Catedral lucense.
Las fiestas profanas, que para estos días se preparan, van a resultar muy lucidas. Una numerosa comisión integrada por distinguidos vecinos de Ferreira, se ha encargado de la organización de los festejos. Para amenizarlos se contratará a una brillante banda militar de la región, y a un popular coro gallego.

La iglesia vieja
Han comenzado los trabajos de derribo de la destartalada capilla que hasta hace pocos meses se abría al culto parroquial de esta villa [en realidade a capela estaba cerrada ao culto desde o ano 1929].
Parece ser que en el lugar que deja la antigua iglesia, se levantará un artístico quiosco de piedra para la música.-C. MONDOÑEDO [2].

*Igrexa parroquial*

"Comenzada en 1908 sobre unos hermosos planos de estilo neogótico, la obra fue lentamente, y finalmente fue preciso concluirla aceleradamente, y suprimiendo muchos elementos en el año 1934. La torre se terminó en 1962" [3].

"Durante este pontificado [de D. Juan José Solís y Fernández, bispo de Mondoñedo (1907-1931)] se construyó la iglesia de Santa Rita de Jubia... También se construyeron la iglesia de Germade, la iglesia de Ferreira del Valle de Oro, la iglesia de Viloalle, la iglesia de Portocelo..." [4].

"En 1911 salió a la subasta por un total de 10.000 pesetas (BEOM, 1911, p. 45). En 1913 el prelado, de una testamentería, por segunda vez, concede 8.995 pesetas y el Estado contribuye ese mismo año con 4.000 pesetas [BEOM, 1913, pp. 553-554)" [5].

"Ademais das escolas, a sociedade El Valle de Oro participou decisivamente na restauración das igrexas do val. Neste senso, sen dúbida, a súa principal actuación foi remitir os fondos necesarios para rematar a igrexa de Ferreira. En efecto, en decembro de 1920 constituíuse na Habana o Comité Pro Iglesia de Ferreira, que estaba integrado por: Juan R. Álvarez, Pedro García Hernán, Manuel Rico, Manuel Palmeiro, Manuel Díaz, Ramón Reigosa, Ramón Canoura, Pedro Fernández López,

[1] Don Euloxio Fernández Murias naceu en Trabada no ano 1917 e faleceu en Ferreira en 2007. En 1939 estivo en Ortigueira, como capelán dun convento de monxas; despois pasou cinco anos en Espasante; no 1949 está como vigairo en Ferreira, xa moi enfermo don Severino Cociña. Á morte deste, don Euloxio pasou a ecónomo de Ferreira. Informante: E. Fernández Murias, 29.06.2001, (IF).
[2] *C.* (Mondoñedo) (1931), "VALLE DE ORO. Inauguración de una iglesia", *El Progreso*, Lugo, 09.08.1931. Nota dos autores: Este artigo facilitóunolo Juan Fanego Vidarte, de Burela, o 17.02.2017.
[3] S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, t. III, 1980, páx. 45.
Realmente, a obra acabouse o 3 de xullo de 1955 coa colocación da imaxe do Sagrado Corazón de Xesús, traballo de colocación que fixo Xosé Lorenzo Prieto, o popularísimo *Piribí* (como dicía el: Pepe de Xosé de Pepe, falecido o 15.01.2005). Algún dos autores deste inventario lembra os feitos como se acontecesen hoxe mesmo.
[4] E. Cal Pardo, "Episcopologio mindoniense. Primer tercio del siglo XX", *Estudios Mindonienses*, núm. 18, 2002, páx. 874.
[5] E. Cal Pardo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 18, 2002, páx. 874 n. 283.

Antonio Vila, Eduardo Pernas, Antonio Rúa Cao, Ramón Blanco Álvarez, José Orol Fernández, Manuel Pernas, Laureano Díaz e Manuel Mon Reimonde" [1].

«... a creación, en decembro de 1920, do "Comité Pro Iglesia de Ferreira", organismo encargado de xuntar os fondos necesarios para dar finalización ao templo parroquial de Ferreira, rematado grazas ás achegas dos emigrantes» [2].

«Desde a creación da parroquia de Santa María de Ferreira, en 1896, dous anos despois de que fora [sic] elevada á categoría de vila, a antiga capela situada na praza pública era a que viña funcionando como templo parroquial. Ora ben, o mal estado do edificio fixo que, desde moi cedo, se pensase na necesidade de construír unha nova igrexa parroquial. En efecto, co gallo da visita pastoral que realizou o bispo de Mondoñedo D. Juan José Solís [y Fernández] [1907-1931] ao Valadouro en 1908 xurdiu a iniciativa de edificar unha igrexa, doando para este fin o prelado a cantidade de 5.000 pesetas. Por outra parte, os herdeiros de Ricardo González Saco [Seco?] fixeron doazón dos terreos necesarios [3]. As subvencións tamén chegaron das institucións públicas, pois en 1913 o deputado polo distrito electoral de Mondoñedo (ao que pertencía O Valadouro) Avelino Montero Villegas acadou a cantidade de 3.000 pesetas [4].
Estas doazóns e subvencións foron suficientes para dar comezo ás obras baixo a supervisión do arquitecto Leoncio Bescansa. Porén, unha vez que remataron as achegas económicas, as obras paralizáronse e a igrexa de Ferreira quedou apenas cos muros construídos. As obras estiveron paralizadas entre 1916 e 1928. É aquí onde entran en escena os emigrantes e o "Comité Pro Iglesia de Ferreira", de tal xeito que foi grazas aos fondos recadados na Habana por esta entidade que se puido rematar o templo, o cal estivo listo para o culto en 1931 [5]. Nun primeiro envío os emigrantes achegaron a cantidade de 17.000 pesetas, coas que se puideron consolidar os muros e deixar o edificio en condicións de comezar os traballos da cuberta. Posteriormente, realizaríase un novo envío de 30.000 pesetas coas que se puido rematar o templo [6].
Aínda que a igrexa xa estaba lista para o culto faltaba por rematar a torre principal, que non estaría finalizada até os anos cincuenta e para o cal os emigrantes tamén achegaron doazóns. En efecto, o 15 de marzo de 1954 constituíuse na Habana unha comisión que tiña por obxectivo recadar fondos para a construción da torre da igrexa de Ferreira, así como para o seu reloxo. Ás doazóns reunidas por esta comisión temos que engadir tamén a achega realizada pola propia sociedade El Valle de Oro para estas obras. Conscientes do importante[s] que foron as axudas económicas dos emigrantes para poder rematar a igrexa de Ferreira, a revista *Juventud de Alaje* promoveu a celebración dunha xornada de homenaxe a todos os fillos do Valadouro residentes na Habana, tal xornada tivo lugar o 9 de setembro de 1954, no marco das festas de Ferreira"» [7].

"Comisión para a torre da igrexa de Ferreira (1954):

| | |
|---|---|
| Presidente | Joaquín Díaz Villar |
| Tesoureiro | Eduardo Pernas Orol |
| Secretario | Ramón Fernández Mato |
| Vogais | José Manuel Lamelas Ladra |
| | Saladino Reigosa Sampayo |
| | Eladio Chantres |

[1] P. Viveiro Mogo, "Os nosos homes na Habana. Memoria da Sociedade El Valle de Oro", *Búsola*, núm. 2, revista anual editada pola Casa da cultura do concello do Valadouro, Suso Rubio (dir.), 2006, páx. 35.
[2] P. Viveiro Mogo, "O Valadouro en Cuba: a sociedade *El Valle de Oro* da Habana", *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páx. 618.
[3] *Diario de Galicia*, Santiago de Compostela, 2 de decembro de 1908, páx. 2. P. Viveiro Mogo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páx. 618, e n. 35.
[4] *El Eco de Galicia*, A Coruña, 9 de xuño de 1913, páx. 1. P. Viveiro Mogo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páx. 619, e n. 36.
[5] *Vallibria*, Mondoñedo, núm. 80, 6 de setembro de 1931. «Este número de *Vallibria* está dedicado especialmente á consagración da igrexa de Ferreira. En todos os artigos publicados faise fincapé no relevante papel xogado polos emigrantes do Valadouro no remate das obras e, moi especialmente, na figura de Ramón Canoura Fernández como promotor do "Comité Pro Iglesia de Ferreira"». P. Viveiro Mogo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páx. 619, e n. 37.
[6] *Juventud de Alaje*, A Laxe (O Valadouro), núm. 110, setembro de 1954, páxs. 4-5. P. Viveiro Mogo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páx. 619, e n. 37.
[7] *Juventud de Alaje*, A Laxe (O Valadouro), núm. 110, setembro de 1954, páx. 1. P. Viveiro Mogo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páxs. 618-619, e nn. 35, 36, 37, 38 e 39.

FONTE: *Juventud de Alaje*, A Laxe (O Valadouro), núm. 105, abril de 1954, páx. 2" [1].

Na Memoria social do ano 1928 da sociedade "El Valle de Oro", da Habana, figura unha "Relación" de las cantidades y nombres de los que han contribuido para la iglesia de Ferreira". Nesa relación aparecen os nomes e apelidos de 55 homes e as cantidades, en pesos cubanos, que aportaron cada un deles para a construción da igrexa nova de Ferreira. A suma total da aportación, supoñemos que recollida en 1928, ascende a 646 pesos [2].

«... Miguel Vila habló de los vínculos establecidos entre los emigrantes gallegos en Cuba y personajes de la Historia de la isla. Así, señaló que el militar Fulgencio Batista, presidente de Cuba de 1940 a 1944, "colaborou economicamente coa financiación da construción da igrexa parroquial de Ferreira", y Celia Cruz actuó en las fiestas de la sociedad *El Valle de Oro* [de La Habana]» [3].

«La nueva iglesia, de estilo neogótico, comenzó a construirse en los años 20 en plena Dictadura de Primo de Rivera [4], un período de proliferación de obras públicas. El proyecto inicial era de cinco naves (en vez de las tres actuales) de dimensiones mucho mayores que las que, al final, se concretaron. La monumentalidad pomposa es un rasgo común a la arquitectura de las dictaduras. Para erigir el nuevo templo, Hijos del Valle de Oro en La Habana creó en el año 1920 un Comité Pro Iglesia de Ferreira, encargado de recaudar fondos. Lo formaban Juan R. Álvarez, Manuel Rico, Antonio Vila, Manuel Palmeiro, Ramón Reigosa, Ramón Canoura [Fernández], Manuel [Pernas] y Eduardo Pernas [Orol], Pedro Fernández, Pedro García Hernán, Manuel Díaz, Antonio Rúa, Ramón Blanco [Álvarez], José Orol, Laureano Díaz y Manuel Mon Reimunde.
El nuevo templo de Ferreira se inauguró "sin la soberbia torre de 14 metros" –asegura [Ramón Fernández] Mato– y sin el reloj. Para financiar esos trabajos restantes, de nuevo colaboraron los emigrantes en 1954 con una comisión en la que estaban, entre otros [Ramón Fernández Mato, secretario], Saladino Reigosa [Sampayo], Eladio Chantres, J. Manuel Lamelas [Ladra], Eduardo Pernas [Orol, tesoureiro] y J. [Joaquín] Díaz Villar [presidente]» [5].

*Nave*

"Planta de cruz latina con los brazos del crucero de forma semipoligonal, y cubierta de madera imitando algo nervios góticos. Dos sacristías a ambos lados del presbiterio. Cuatro de los ventanales llevan vidrieras de color, representando a San Miguel, San Antonio, Perpetuo Socorro y Circuncisión del Señor" [6].

*Retablos*

Cinco retablos.
Estilo: neogótico.

Retablo maior.
Situación: presbiterio.
É o retablo da Patroa, Santa María [7].
Autor: mestre Urbano Parcero Rodríguez, de Santiago de Compostela.

Retablo do Carme [8].
Situación: brazo esquerdo do cruceiro.

---

[1] P. Viveiro Mogo, "O Valadouro en Cuba: a sociedade *El Valle de Oro* da Habana", *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páx. 620.
[2] A. Orol Pernas (ed.), *El Valle de Oro. Sociedad de Instrucción, Protección y Recreo. Memoria social 1928*, Habana, Castañeda, 1929; ed. facsimilar: Colección Vallis Auri, núm. 1, maio de 1991, páx. 50.
[3] Anónimo (Delegación / A Mariña), "Un foro propone eliminar trabas a los emigrantes gallegos retornados", *El Progreso* (A Mariña), 18.07.2007, páx. 6.
[4] O proxecto comeza entre 1908 (primeira doazón) e 1911. As obras estiveron paralizadas entre 1916 e 1928.
[5] Martín Fernández, "MEMORIA DE MARIÑÁNS. Los emigrantes fueron clave en el desarrollo urbanístico y económico de O Valadouro", *La Voz de Galicia* (A Mariña), 20.05.2018, páx. 6.
[6] S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, t. III, 1980, páx. 45.
[7] Doado por Purificación Pérez Mon.
[8] Doado por Tilleira.

Autor: Urbano Parcero Rodríguez.

Retablo da Dolorosa [1].
Situación: brazo dereito do cruceiro.
Autor: Urbano Parcero Rodríguez.

O púlpito [2] tamén é obra do mestre Urbano Parcero Rodríguez [3].

*Os dous retablos laterais da nave central*

Retablo do Sagrado Corazón.
Situación: lado esquerdo da nave central.
Autor: Xosé Villarino Casabella [4].

Retablo de Fátima.
Situación: lado dereito da nave central.
Autor: Xosé Villarino Casabella.

"Cinco retablos neogóticos con las siguientes tallas modernas de madera:
Virgen titular del templo,
San Antonio,
San José,
Corazón de Jesús,
Corazón de María,
Cristo yacente,
Cristo crucificado de tamaño natural en un nicho a la entrada" [5].

*Sacristía*

"Cristo, siglo XIX (1,20).
Cáliz de plata sin dorar procedente de la antigua capilla con inscripción: *Es de la capilla de Ntra. Sra. de Ferreira, 1779* (0,22)" [6].

*Antiga capela*

"De la antigua capilla hay imágenes de San Vicente Ferrer y San Ramón Nonato, ambas tallas barrocas del siglo XVIII, pintadas al óleo (1,10)" [7].

*Imaxes existentes no ano 1999* [8]

| | |
|---|---|
| *Santa de pedra* | Maternidade. Procedente da capela da Praza.<br>Actualmente depositada na sacristía dereita da parroquial.<br>Podería ser A Virxe do Leite, moi venerada no Valadouro [9]. |

[1] "Doado pola tía Concha, casada con Andrés Orol Maseda, non tiveron fillos. Andrés era sacristán en Ferreira, sendo párroco don Severino Cociña". Informante: Isabel Blanco Orol, 2013 (IF).
[2] Doado por Purificación Pérez Mon.
[3] Informante: Xosé Villarino Casabella, *Pepe de Mariola*, Ferreira, 10.09.2000 (IF).
[4] D. Sánchez Orol, *Villa de Ferreira (1894-1994)*, 1994, páx. 126. O carpinteiro e tallista Xosé Villarino Casabella, natural de Ferreira e residente en Venezuela, considérase discípulo do mestre Urbano Parcero Rodríguez, 10.09.2000, (IF).
[5] S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, t. III, 1980, páx. 45.
[6] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. III, 1980, páx. 45.
[7] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. III, 1980, páx. 45.
[8] Colección gráfica: Xesús Pisón, 1999.
[9] Nota dos autores: esta Virxe con neno apareceu enterrada, como chanzo de entrada á sacristía da igrexa nova, co relevo para abaixo, no ano 1995, ao facer unhas reformas no adro. Segundo unha testemuña, xa falecida, hai dúas imaxes máis, de pedra, da mesma procedencia, enterradas no presbiterio da igrexa parroquial, como era costume ao desfacer unha igrexa e edificar outra (XP).

| | |
|---|---|
| *San Vicente Ferrer* | Cronoloxía: século XVIII.<br>Procedente da capela da Praza. |
| *San Ramón Nonnato* | Cronoloxía: século XVIII.<br>Procedente da capela. |
| *Cristo crucificado* | Cronoloxía: século XIX.<br>Situación: sacristía. |
| *A Patroa vella* | Situación: sacristía esquerda. |

Sagrario.
Situación: presbiterio, altar maior [1].

Lámpada de araña.
Situación: nave central [2].

*Portas exteriores*

Portón principal: no arco superior, un rosetón de madeira que ten no centro, en oco-gravado, unha cruz celta, e en ambos os lados inferiores externos ao rosetón, tamén en oco-gravado, cadanseu trifolio ou trevo.

Portas laterais: en cada brazo da cruz hai unha porta, cada unha delas cun motivo na madeira, en oco-gravado, con forma de trifolio ou trevo. A porta do brazo esquerdo é a que se utiliza habitualmente para o acceso ao interior do templo. A porta do brazo dereito hai moitos anos que non se abre.
Á súa vez, cada sacristía ten a súa porta exterior de acceso. A do brazo esquerdo non se abre habitualmente, e esa sacristía úsase de almacén. A do brazo dereito é a de entrada exterior da habitual sacristía. O anterior chanzo de acceso era o que contiña gravada por unha cara a mencionada por nós como A Virxe do Leite, aparecida, dada de volta, nunha reforma dos anos 90 do século XX, e que está na sacristía da dereita, debaixo dunha mesa. Ambas as dúas sacristías teñen, naturalmente, acceso interior polo presbiterio [3].

[1] Doado por Purificación Pérez Mon.
[2] Doada por Rafael Canoura Fernández.
[3] Visita: IF, 16.06.2018.

## CRUCEIRO DA PRAZA DE SANTA MARÍA

Situación: Praza de Santa María, Ferreira.
Cronoloxía: 1958-1976 [1].

Figura como Cruceiro de Santa María no Inventario do Patrimonio Cultural da provincia de Lugo. Histórico-Artístico. Etnografía: Cruceiros e petos de ánimas [2].

Descrición: de recente creación, imita as antigas obras dos canteiros galegos [3].
Basa cuadrangular sobre dúas bases circulares concéntricas.
Fuste con instrumentos da Paixón.
Capitel con catro anxos.
Cruz con Cristo crucificado, na cara anterior [4].
Historia: como lembranza de que nesa praza de Santa María, aínda que do outro lado da estrada, houbo unha ermida co mesmo nome que ten hoxe a praza e mais a parroquia.
Autoría: trouxérono e instalárono uns canteiros de Pontevedra, de onde veu a pedra toda, xa labrada, "porque había un documento que dicía que cando se derrubase a capela da praza de Ferreira tiñan que poñer un recordatorio. E puxeron o cruceiro, que algún veciño protestou porque non o quería dese lado da Praza" [5].

«Forma parte do grupo de Cruceiros datados nos séculos XVIII, XIX e XX.
Trátase dun cruceiro de recente construción situado na praza de Santa María de Ferreira, figurando no Inventario do Patrimonio Cultural da provincia de Lugo. Histórico Artístico. Etnografía: Cruceiros e petos de ánimas. Está asentado enriba dunha plataforma circular moi propia dos cruceiros de Alfoz e do Valadouro. Fuste cos instrumentos da Paixón e un capitel propio dos canteiros de Román (Vilalba) onde aparecen anxos alados e volutas, No anverso da cruz, Cristo exento e brazos estendidos. Este cruceiro foi colocado neste lugar en lembranza dunha capela coñecida como "Capela de Santa María"» [6].

## CRUZ DOS PINOS (ou CRUZ DE GUILLERMITO)

Situación: Os Pinos.
Na encrucillada do Villarao-Lodeiros-Lagoa. Actual Avenida da Veiga.
A 0,7 Km da intersección da Avenida da Veiga coa Avenida do Xistral.
Cronoloxía: 1950-1960.
Descrición: de pequeno formato, con labra popular. Está formada por unha basa coas letras J. L., da persoa que fixo a doazón, e unha cruz cun viril en relevo na cara anterior [7].

«Trátase dunha cruz recentemente colocada no ano 1960, segundo testemuñas, por unha promesa (curar un neno) dunha familia que tivo un fillo enfermo. Ten unha lenda coas iniciais: "J. L.". Foi feita por José María López Expósito. A cruz é de sección cuadrangular e coas arestas rebaixadas por tramos sobre unha base tronco piramidal. Na base hai un rebaixe onde se atopa a lenda "J. L.". No anverso hai outro rebaixe e no centro achamos unha custodia e no cumio unha cruz» [8].

---

[1] Erixiuse durante o mandato como alcalde de José María Guzmán Prieto (1958-1976), oriúndo de Asturias e veterinario de Ferreira. As datas dos alcaldes do Concello do Valadouro facilitóunolas Fina Geada Losada, funcionaria do Concello, o 16.04.2014.
[2] DOG, núm. 133, 12.07.1991. X. Fariña Jamardo, *Os Concellos Galegos*, t. X, 1993, páx. 35.
[3] R. Reigosa Méndez, *As cruces do Valadouro*, (inédito), páx. 25.
[4] Fotografías: IF, 03.09.2001.
[5] Informante: Cándido Lorenzo Acebo, 15.04.2014 (IF).
[6] M. Saavedra Pérez, *Cruceiros, cristos, cruces, viacrucis e esmoleiros no concello do Valadouro*, 2014, www.mesondoforno.com, 07.12.2015.
[7] R. Reigosa Méndez, *As cruces do Valadouro*, (inédito), páx. 26. Fotografía: IF, 24.08.2000.
[8] M. Saavedra Pérez, op. cit., 2014, www.mesondoforno.com, 07.12.2015.

## A CASA-HOSPITAL DA PRAZA DE SANTA MARÍA

Situación: Praza de Santa María, Ferreira.
Cronoloxía: 1633-1755.

O bispo de Mondoñedo, Antonio de Valdés (1633-1636), visita a ermida de Santa María de Ferreira, e o mordomo da ermida, Francisco Gómez, preséntalle ao bispo un inventario de bens e obxectos pertencentes á capela. Existía un libro de fábrica en que se recollían as rendas da ermida. Este libro menciona a existencia dunha casa-hospital, desaparecida no ano 1755. Dita casa-hospital, situada no camiño real de Mondoñedo a Viveiro, actuaba como dispensario daqueles comerciantes ou mercadores que facían a ruta do norte [1].
A casa-hospital, que estaba situada fronte con fronte da ermida, era propiedade da mesma capela, e vendeuse no ano 1755, o mesmo ano en que desapareceu.

A existencia desta casa-hospital induce a supoñer que discorría polo Valadouro algunha das rutas dos peregrinos que viñan pola costa e se detiñan en San Martiño de Mondoñedo [2].

"El camino [jacobeo] desde la iglesia de Santa Cruz se dirigía a la ermita de Ferreira, que estaba en la actual plaza de dicha localidad, donde se rendía culto a Santa María de Ferreira" [3].

Neste contexto, é preciso que non esquezamos o pormenor das máis de vinte cunchas de vieira no portón da Casa da Barra, na rúa Pardo de Cela, núm. 5, de Ferreira.

"En Ferreira existía un hospital e unha capela situados na praza onde actualmente se celebra o mercado. Se ben é certo que houbo o hospital, así como que tamén é certa a existencia dunha rota comercial que unía o porto de Viveiro con Mondoñedo, ata agora non puidemos facer un estudio en profundidade, que poida demostrar que no hospital de Ferreira se acolleron peregrinos" [4].

"Certo é que nos centramos nunha ruta en concreto, non afondamos no estudo dos hospitais de Mondoñedo, Lourenzá, Ferreira ou [San Pedro de] Mor, por estar fóra da vía que estudamos, non porque carezan de importancia. Mondoñedo está xa dentro da ruta oficial do *Camiño Norte* e tanto Ferreira como Mor forman parte dunha ruta comercial que ten coma fin a unión do porto de Viveiro, a onde chegan mercancías e peixe, co centro receptor-administrativo de Mondoñedo" [5].

[1] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 96. A transcrición é nosa. Segundo tradición oral, a casa-hospital estaba situada no terreo da casa das Varelas ("con cheminea barroca", R. Reigosa Méndez, 28.03.2013). Véxase: Ferreira → Casas de interese desaparecidas.
[2] Hospital de peregrinos, que servía de parada nun dos ramais do Camiño Xacobeo do Norte. R. Reigosa Méndez, *As cruces do Valadouro*, (inédito), (inédito). D. Sánchez Orol, *Villa de Ferreira (1894-1994)*, 1994, páx. 101. A tradución é nosa. A ubicación da casa-hospital estaría nos actuais números 6-7 da Praza de Santa María (IF, 2015).
[3] F. Monterroso Carril, "El Valle del Ouro y la ruta jacobea", *El Progreso* (A Mariña), 20.03.1992, páx. 16.
[4] Xoán Ramón Fernández Pacios, "O hospital de peregrinos de San Sebastián", *Bolanda*, Cadernos de História Fozega, núm. 1, edita: A Pomba do Arco, Foz, 2003, páx. 71.
[5] J. R. Fernández Pacios, *O Camiño de Santiago na Mariña Lucense*, Xunta de Galicia, Sociedade de Xestión Plan Xacobeo 2004, Lugo, 2004, páx. 62.

## A TORRE DE FERREIRA

Situación: barrio da Torre, Ferreira.
Accédese a el pola rúa da Torre.
Edificación hoxe desaparecida, debeu de existir até o primeiro terzo do século XX.

"Y ya tierra adentro, el torrillón de Mañente y otras [atalayas y torres] anteriormente citadas, como Ferreira del Valle de Oro, Castro de Oro, Adelán, etc.,... la torre de Señorío sita en el lugar de Outeiro [Lagoa],... de pertenencia y jurisdicción, todas ellas, de la casa de los Pardo de Cela" [1].

"A toponimia da zona fala da posible existencia dunha construción de carácter defensivo, como unha casa-torre ou un bastión defensivo. Na prospección da zona non se atoparon indicios que denotasen a existencia da dita construción, ao estar os prados cubertos de pasto. É posible que na zona queden os cimentos" [2].

Manuel Amor Meilán, na súa impagábel *Geografía...* [3], aporta unha toma fotográfica cuxo pé nos indica: "Valle de Oro.─ Vista de la capital (Ferreira) Clisé de Santiago Pernas" [4].
Se ampliamos esa fotografía [5], podemos observar unha casa formada de baixo e dous andares, do tipo casa-torre (abundante no Valadouro e e moitos outros lugares), cunha curiosa xanela redondeada, que ben podería ser a torre mencionada por Vázquez Seijas en "Ferreira del Valle de Oro".

## O LUGAR DA TORRE

Clave de identificación topográfica: GA.27.063.TOP6 [6].
Situación: barrio da Torre, Ferreira.
Accédese a el pola rúa da Torre.

Coordenadas U.T.M.: X: 626.248; Y: 4.823.294 [7].

Lugar foral.
Nos documentos aos que tivemos acceso, en que se nos fala deste lugar, datados entre os anos 1850, 1857, 1858, 1860 e 1864, todo o barrio pertencía á parroquia de A Laxe, pois aínda non se segregara Ferreira como parroquia de seu.

"El cual confina con otras casas en el mercado de Ferreira" [8].

Aportamos, como exemplo, un dos asentamentos no libro de contas da renda foral do lugar da Torre, propiedade desde 1860 de Juan José [Martínez] Moscoso.

---

[1] M. Vázquez Seijas, *Fortalezas de Lugo y su provincia*, t. VI, 1973, páxs. 83-84.
[2] Juan Francisco López Calzada (Arqueólogo Director), *Revisión do Catálogo de Patrimonio Arqueolóxico. Concello do Valadouro*, Ferreira do Valadouro, 19.09.2005, páx. 47. Inédito.
[3] M. Amor Meilán, *Geografía del Reino de Galicia. Provincia de Lugo*, 1928; ed. de 1980, páx. 550.
[4] Santiago Pernas era fotógrafo, debuxante e pintor, nacido en Viveiro e afincado en Mondoñedo; realizou a maior parte das imaxes referidas á Mariña e á Terra Chá recollidas na *Geografía de Galicia* de Carreras Candi. *¡Guau... Guau!*, Periódico editado en Foz en 1906, edición facsimilar, edita: S. A. de Xestión do Plan Xacobeo coa colaboración da Asociación Socio-Cultural A Pomba do Arco (Foz), Vigo, 2006, páx. 5.
[5] Traballo de ampliación que realizou Roberto Reigosa Méndez e que nos fixo chegar o 27.03.2013 (IF).
[6] Xacementos inventariados en Patrimonio, Xunta de Galicia, 2014. Listaxe facilitada por Manuel Miranda Ruíz, de Mariña Patrimonio, 17.05.2014.
[7] Medicións: Juan Francisco López Calzada, 2005.
[8] Pertencera ao Convento de monxas da Concepción de Viveiro, e coa desamortización comproullo ao Estado o escribán Juan José Martínez Moscoso. Documento privado de 1850, (IF).

Renda foral. Lugar da Torre. Cronoloxía: 1857.

"[San Juan de Alaje].
Pedro Palmeiro y en su representacion Juan Carvalles, por la renta foral del Lugar da Torre, segun se compone de trece partidas de vienes de su inmediación, viene pagando doscientos diez y ocho reales con veinte y un [céntimos ou marabedís] y una marrana cevada.
En 1851 tubo el aumento de 4 ferrados de trigo, 8 de centeno y una gallina por renta asibien foral de varios vienes que posee, segun se adquirio su dominio de D. Juan de Castro con el cual viene a pagar 4 [ferrados de trigo] 8 [ferrados de centeno] 218 [reales con] 21 [céntimos] 1 [gallina] 1 [marrana cevada]" [1].

## | Casas de interese |

### A CASA DO CHARLO

Situación: A Pena.
Con escudo, hoxe instalado na fábrica de cerámica de Sargadelos (Cervo).
Cronoloxía: século XVIII.

Personaxes. Alvar Charlo. Cronoloxía: 1485-1487.

Alvar ou Álvaro Charlo era o nome dun criado de Pedro de Bolaño, casado con Beatriz de Castro, filla do Mariscal Pedro Pardo de Cela. Era, por tanto, Pedro de Bolaño xenro do Mariscal. Nunha época inzada de conflitos e preitos entre os tres poderes: a Igrexa, a nobreza galega e a realeza de Castela, Alvar Charlo participou, con outro criado chamado Juan Rabea e co propio Pedro de Bolaño, na toma de Ponferrada, no ano 1485, en colaboración co Conde de Lemos, Rodrigo Enríquez Osorio. Como consecuencia disto, Alvar Charlo e mais Juan Rabea estaban presos por Diego López de Haro, gobernador do Reino de Galicia. Os Reis Católicos, en carta desde Salamanca, de data 29 de xaneiro de 1487, comunícanlle a López de Haro o seu perdón para Pedro de Bolaño e os dous criados, Alvar Charlo e Juan Rabea [2].

Personaxes. Juan Florencio Charlo Pedrosa. Cronoloxía: 1760.

"D. Juan Florencio Charlo Pedrosa ordena a sus administradores la venta del grano en el mercado de Ferreira en 1760" [3].

"[A casa do Charlo, no lugar da Pena, actual parroquia de Ferreira] Poseía escudo propio y aparece vinculada a los Charlo de Lourenzá" [4].

---

[1] Documento [cosido]: *Administracion de Mondoñedo. Espediente de las cuentas de mi Administrador en la Casa de Villatuije [A Casa da Cerca], parroquia de Santa Cecilia del Valle de Oro, Partido de Mondoñedo, provincia de Lugo, que lo es, mi cuñado D. Francisco Mon [Pardo Ribadeneira], de todos los bienes que me administra en dicho Partido, hallándose las anteriores con otras en el correspondiente Libro. Comprende las [cuentas] correspondientes á los años de 1854, 55, 56, con lo que percibo y pago en su nombre en esta Corte [de Madrid]. _57_58_59_60_61_62_63_ ...* [Libro de contas]. Folla 105, anverso. Asento núm. 100. Propietario: Juan José Martínez Moscoso, Escribán de Cámara da Audiencia de Madrid. (Transcrición: IF, 08.04.2013).
[2] J. García Oro, "Viveiro y la familia de los Pardo de Cela", *Estudios Mindonienses*, núm. 4, 1988, doc. 13, páxs. 194-195.
[3] ANM. L. F. Allegue. 1760. Fol. 80. A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páxs. 98 e 105 n. 28.
[4] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 131.

"No número 30 [2014] do anuario de *Estudios Mindonienses*, e nun traballo sobre os rexidores de Viveiro, aparece Francisco Charlo, casado con Feliciana de Pravio Osorio. Ela é filla de Josefa Osorio Bolaño y Montenegro e de Antonio de Pravio Montenegro y Ulloa, señor da casa-torre de Budián e da casa-torre de Pravio en Mondoñedo. De mediados do século XVII. Francisco Charlo aparece como veciño de San Pedro de Mor [1]. Tamén aparece José Charlo casado con Nicolasa de Cancio y de la Vega da casa-torre de Espiñarido [Espiñeirido] en Cervo, tamén da mesma época, non di de onde é" [2].

## Escudos de armas

### ESCUDO DOS CHARLOS

Situación: Fábrica de cerámicas de Sargadelos (Cervo) [3].
Coa lenda: ESTAS ARMAS SON DE LOS CHARLOS.
Procedente da casa de Charlo, no lugar da Pena.
Cronoloxía: moi posibelmente do século XVIII.
Historia: estivo na vila de Ferreira polo ano 1950, entre outras pedras dunha obra, na que hoxe é a rúa Pardo de Cela, no popular barrio de Triana.
Comprouno a Fábrica de Sargadelos, onde está situado hoxe en día (2016), no muro sobre o aparcadoiro da explanada exterior á entrada da fábrica [4].

*A cerimonia do rei charlo e a elección de alcaldes*

"O charlo, segundo a RAE,´´e o 'zorzal', o [paxaro] que aquí chamamos 'tordo'...
O apelido [Charlo] está presente en Cádiz e Sevilla hoxe en día" [5].

"Que todos los vecinos de este concejo [Lourenzá?] en el día de año nuevo están obligados a ir a buscar el pájaro que en este país llaman *rey Charlo* a la pumarega de la fuente, y allí lo ponen en un palo grueso, y traen preso desde allí todos juntos hasta el Palacio y *sala vella* del señor abad, y selo [sic] entregan con toda reverencia, quien lo recibe, y después les manda dar y repartir un pan de trigo y una vez vino entre cada cuatro, y dos veces vino a los que lo quisieren. Después van a la casa del Concejo y nombran cuatro sugetos [sic] para alcaldes hordinarios [sic] y el abad escoge dos para dicho oficio, quienes hacen juramente [sic] en su mano de exercerlo fielmente... Quando no podían hallar el *pájaro Rey* para traherlo [sic] al abad el día de Año Nuevo, venían todos juntos a pedirle por merced, les diere término para buscarlo, y en caso que no lo trajeren estaban obligados a dar seiscientos marav. [maravedís] al monasterio [de San Salvador de Lourenzá] y traher [sic] las luctuosas de aquel año" [6].

[1] Nota dos autores: No século XVII aínda non existía a parroquia de Ferreira (O Valadouro), e o lugar da Pena é máis que probábel que pertencese á parroquia de San Pedro de Mor (Alfoz).
[2] Informante: Juan Fanego Vidarte, de Burela, no grupo de Facebook: "Eres de Ferreira do Valadouro si…", 08.07.2016. (IF).
[3] "Este escudo vendeuno Eulogio-O Pote [Eulogio Fernández Sampaio] á fca. de cerámica de Sargadelos". Informante: Xosé Blanco López, no grupo de Facebook: "Eres de Ferreira do Valadouro si…", 06.07.2016. (IF).
[4] Informante: Juan Fanego Vidarte, grupo de Facebook: "Eres de Ferreira do Valadouro si…", 05.07.2016. (IF).
[5] Informante: Juan Fanego Vidarte, grupo de Facebook: "Eres de Ferreira do Valadouro si…", 05.07.2016. (IF).
[6] Mª José Rodríguez Galdo, *Señores y campesinos de Galicia, Siglos XIV-XVI*, Editorial Pico Sacro, Santiago de Compostela, 1976, páx. 199. Documento de 1527, publicado por Juan Fanego Vidarte, grupo de Facebook: "Eres de Ferreira do Valadouro si…", 05.07.2016. (IF).

## A CASA DE ALONSO (rama mindoniense)

Situación: Praza de Santa María, núm. 16, Ferreira. Tiña oratorio.

Os primeiros Alonsos de Ferreira procedían do Valle de Ancares, dos lugares de Pereda e Tejedo, nos Ancares Leoneses. Eran comerciantes arrieiros que negociaban as mercadorías coa parte luguesa. Un dos fillos, Justo Alonso, estabeleceuse en Ribadeo onde casou con Manuela Díaz Ron (natural de Ribadeo); outro Alonso casou en Mondoñedo. Alonsos da mesma procedencia leonesa debéronse de estabelecer na cidade da Coruña.

Do Alonso afincado en Mondoñedo era fillo Justo María Alonso, que casou con Justa Juana Ramona Alonso Díaz (de Ribadeo, 21.12.1812), filla dese primeiro Justo Alonso (de Tejedo, León). Justo María e Justa Juana eran primos en 1º grao e tiveron varios fillos, entre outros: Jesusa (sen descendencia), Pastora, Aurora (bisavoa do autor desta información) [1], Filomena (avoa do avogado Alejo Barja Prieto), Pascual, Justo (casou en Ferreira, de onde veñen, como veremos a seguir, os Alonsos da actual farmacia de Ferreira), Guillermo (poeta mindoniense, 1836-1865), e sor M.ª de los Ángeles [2].

Un dos nove fillos de Justo María e Justa Juana era Justo Alonso Alonso (de Mondoñedo), que casou con Victorina Pérez Alonso (natural de Ferreira); o matrimonio morou nesta casa, tamén eran curmáns, e tiveron oito fillos: Manuela, María, Jesusa, Justa, Justo, Xosé Ramón (*O Boticario*), Benito, e Pascual.
Justo Alonso Alonso foi alcalde do Valadouro en tres etapas: (1885-1886), (1896-1897), (1921-1923).
Á morte de Justo Alonso Alonso, a casa herdouna a súa viúva, Victorina Pérez Alonso.

Tamén morou nesta casa Dionisia Villarino Fuente [3]. E por último, Benito Alonso Pérez; así mesmo, nos baixos tivo consulta médica Pascual Alonso Pérez (foi alcalde do concello en 1924-1925), o irmán máis novo de Xosé Ramón, todos tres fillos, como se dixo, de Justo Alonso Alonso e Victorina Pérez Alonso.

## A CASA DE ALONSO (rama ribadense)

Situación: Praza de Santa María, núms. 13-14, Ferreira.

Como queda dito, un dos fillos do primeiro Alonso, chamado Justo Alonso, era natural de Tejedo de Ancares (León) e estabeleceuse en Ribadeo onde casou con Manuela Díaz Ron (natural de Ribadeo) e tiveron dous fillos e unha filla; o fillo máis vello, Ramón Manuel Alonso Díaz (Ribadeo, 09.12.1802) casou en Ferreira, con Irene Rodríguez Alonso (da Coruña ou de Ribadeo) [4], e tiveron seis fillos.

"Simultaneamente á chegada a Mondoñedo de Justa Alonso e Justo M.ª Alonso, pais do poeta Guillermo Alonso [e de Justo Alonso Alonso, o que casou en Ferreira coa súa curmá Victorina Pérez Alonso], irmáns e curmáns daqueles, establecéronse en Ferreira do Valadouro, Ribadeo e Vegadeo, orixinando varias familias moi coñecidas na comarca, como Cillero Alonso (parentes nosos); Elisa

[1] Rafael Martínez Sánchez (Mondoñedo, 1928), xuíz, escritor e poeta.
[2] Rafael Martínez Sánchez, "Guillermo Alonso, poeta mindoniense", *Monfadal*, revista mindoniense de cultura, núm. 2, Mondoñedo, 2000, páxs. 123-124. O resumo deste parágrafo é noso.
[3] Don Xosé Ramón Alonso († 23.06.1975) e Dionisia Villarino Fuente (*Nisa*) († 14.04.1951) eran os pais de M.ª del Carmen Alonso Villarino, farmacéutica (nai do tamén farmacéutico Carlos Acevedo Alonso), actual propietaria da casa. Informante: M.ª del Carmen Alonso Villarino, 15.08.2013 (IF).
[4] Segundo o investigador Joaquín Tomás Bustamante (Chañi Lao), *Alguien vigila en el Imperio*. Un médico gallego en Chocancharawa, Buenos Aires, 15 de abril de 1970, Irene Rodríguez Alonso era de Ribadeo.

Alonso, viúva do banqueiro Obanza; Alonso y Díaz de Herrera, que foi mariño [sic]; Alonso Couso, Alonso Cigarrán, etc., Entre os descendentes destas familias –algúns dos cales emigraron a Uruguay– figura Dámaso Alonso" [1].

Personaxes. Ramón Manuel Alonso Díaz. Cronoloxía: 1802-1862.

Ramón Manuel Alonso Díaz naceu en Ribadeo o 9 de decembro de 1802; casou en Ferreira, coa súa prima Irene Rodríguez Alonso, e tiveron seis fillos, o segundo falecido neno: Ramón Justo (1850), casado, avogado, viviu en Mondoñedo; o terceiro, Eduardo (1855), solteiro, farmacéutico en Ferreira; Gumersindo (Ferreira, 13.01.1857), médico, casado, viviu en Córdoba (Arxentina); Julia (1860), casou co médico Antonio Cillero Losada; e Justo (1871), tenente de navío, casou con "Doña Pepita" Díaz de Herrera (La Habana, 1873).
Ramón Manuel, unha vez casado, instalou negocio de ultramarinos nos baixos da casa da Praza de Santa María [2], onde posteriormente o seu fillo Eduardo abriu farmacia.
Ramón Manuel Alonso Díaz faleceu en Ferreira o 11 de xaneiro de 1862, aos 59 anos de idade. Irene Rodríguez Alonso faleceu, tamén en Ferreira, o 15 de febreiro de 1888.

Personaxes. Eduardo Alonso Rodríguez. Cronoloxía: 1855.

Eduardo Alonso Rodríguez era o terceiro fillo de Ramón Manuel Alonso Díaz e Irene Rodríguez Alonso. Naceu en Ferreira no ano 1855. Era farmacéutico e abriu farmacia no baixo da casa da Praza de Santa María. Foi alcalde do concello do Valadouro (1904-1911). De estado civil solteiro, ao morrer deixoulle ás súas sobriñas, María Justa, Rosalía (*Chalía*) e Ramona (*Inín*) [3], a metade da casa de Ferreira. A outra metade deixoulla á súa irmá Julia [4]. Posteriormente partiron a casa en dúas.

Personaxes. Gumersindo Alonso Rodríguez. Cronoloxía: 1857-1922.

Gumersindo Alonso Rodríguez, cuarto fillo de Ramón Manuel Alonso Díaz e Irene Rodríguez Alonso, naceu en Ferreira o 13 de xaneiro de 1857. Era médico cirurxián, conseguindo o título o 13.10.1879. Revalida este título na Universidade de Córdoba (Arxentina) o 20.06.1881, recibindo o certificado desta Universidade o 05.07.1881.
Embarcou na Coruña o 24 de novembro de 1879 no "Ovenoquin" con rumbo á Arxentina.
Casou con Nisia Juana Basagoiti Capello [5] (natural de Río Cuarto, Córdoba, Arxentina) e tiveron 18 fillos.
Foi concelleiro en La Concepción, Río Cuarto, Córdoba, Arxentina. Integrou o Comité Nacional de Creación da Cruz Vermella Arxentina. Fundou a Cruz Vermella en La Concepción. Organizou a Asistencia Pública até que morreu. Foi o seu director desde 1912. Foi Vicecónsul de España en Río Cuarto e Laboulaye. Exerceu a presidencia do Club Social e tamén presidiu La Sociedad Española.
Empeñouse en incorporar á sede mutual unha grande sala para espectáculos, inaugurada coa obra teatral *Don Juan Tenorio* (en 1902?) [6].
Dirixiu o Hospital Regional de Río Cuarto durante 34 anos (1881-1915), gratuitamente.

---

[1] R. Martínez Sánchez, "Guillermo Alonso, poeta mindoniense", *Monfadal*, revista mindoniense de cultura, núm. 2, Mondoñedo, 2000, páx. 124.
[2] Hoxe, no baixo do antigo ultramarinos, está instalada a carnizaría de Serxio. Na porta lindante a este negocio actual estaba a farmacia de Eduardo Alonso Rodríguez, que logo rexentou o seu sobriño, Gumersindo Cillero Alonso (*Chindo*).
[3] Eran as tres fillas que tiveron Justo Alonso Rodríguez e "Doña Pepita" Díaz de Herrera.
[4] Julia Alonso Rodríguez, a cuarta dos cinco fillos de Ramón Manuel Alonso Díaz e Irene Rodríguez Alonso. Julia naceu en 1860 e casou con Antonio Cillero Losada, médico cirurxián; tiveron seis fillos: Ramón Cillero Alonso, Antonio, Eduardo (*Babiño*), Justo, Gumersindo (*Chindo*), e Irene (IF).
[5] Nisia Juana era filla de Juan José de Basagoiti, vasco, que sobrevivira a un naufraxio perto de Valparaíso (Chile) e de alí pasou a La Concepción (Río Cuarto, Arxentina). A nai, oriúnda do Uruguai chamábase María Capello; despois de casados, tiveron negocio propio en Rosario. Misia Juanita era filla única. Datos tirados de J. T. Bustamante, *Alguien vigila en el Imperio*, Buenos Aires, 15.04.1970.
[6] "Intuía que el teatro es fuente de sano esparcimiento cuando no se lo usa con fines subalternos". En J. T. Bustamante, op. cit., Buenos Aires, 15.04.1970, p. 83.

En Río Cuarto hai unha rúa que leva o seu nome, rúa que lle dedicou o Concello cando o seu pasamento.
Faleceu o 26 de marzo de 1922, en Buenos Aires, onde fora levado como último e desesperado recurso.

Personaxes. Justo Alonso Rodríguez. Cronoloxía: 1871-1899.

Justo Alonso Rodríguez era o sexto e máis novo dos fillos de Ramón Manuel Alonso Díaz e Irene Rodríguez Alonso. Naceu en Ferreira no ano 1871. Era tenente de navío e foi Gobernador de Guinea. Casou con "Doña Pepita" Díaz de Herrera, nacida na Habana en 1873. Casaron en Puerto Rico e viviron en Filipinas. Deste matrimonio viñeron tres fillas: María Justa Alonso Díaz de Herrera, Rosalía (*Chalía*) e Ramona (*Inín*).
Justo Alonso Rodríguez morreu moi novo, de 28 anos, o 30 de marzo de 1899, en Santa Isabel, Fernando Poo, onde está enterrado. "Doña Pepita" faleceu o 25 de abril de 1941, e está enterrada no cemiterio parroquial de Ferreira do Valadouro.

A esta señora, "Doña Pepita" Díaz de Herrera, fai referencia a copla popular que di:

*Don Atilano / tiene un caballo / color castaño / muy andador / para ir a ver / a Doña Pepita / que está malita / del jarampó* [1].

## A CASA DA BARRA

Situación: rúa Pardo de Cela, núm. 5, Ferreira.
Portón de madeira pintado de gris, con máis de 20 vieiras xacobeas de pequeno tamaño [2].

## A CASA DE LOURENZO (ou DE MATO)

Situación: rúa Andrés López Palmeiro, núm. 16, Ferreira [3].
Material: pedra de cantería. Con fermosos balcóns, de ferro moi taballado, no primeiro andar e galería inmensa no segundo.
Conserva pinturas de Felipe Bello Piñeiro (1886-1952), nacido en Mugardos e residente, por un tempo, en Viveiro.
Nós temos constancia dunha prolongada estadía (de meses) nesta casa, de Juan [de] Ardit, pintor catalán autor do retrato a un personaxe moi popular en Ferreira, Xan Rañolas. Ardit faleceu prematuramente nunha viaxe a Cataluña por mor dunha epidemia de gripe (en 1918). (A viaxe era con proxecto de volta, pois o pintor pensaba retornar a Ferreira para casar cunha rapaza da familia dos Alonsos, rama Cillero). Juan [de] Ardit era amigo de Fernández Mato e da súa dona, Josefa López Fernández, filla dos propietarios da casa de Lourenzo.

«Las fiestas de O Valadouro tuvieron presencia y dependencia de los emigrantes, sobre todo a partir de 1918 cuando Andrés Canoura [Palmeiro] –uno de los fundadores del Centro Gallego de La

[1] Esta copla escoitámoslla a Xosefa Rega Fernández, do Castrodouro, polo ano 1985. Don Atilano era o médico Atilano Basanta Santomé, que foi propietario da casa de Basanta de Adelán e faleceu solteiro, pasando o vínculo a través de súa irmá Dolores, para a filla desta, Bernarda Reimunde Basanta, e desta para o seu sobriño Ramón Reimunde Noreña, actual propietario. "Doña Pepita" quedara viúva de Justo Alonso Rodríguez cando ela tiña 26 anos e tres fillas (IF).
[2] A inscrición existente na porta, JTR, son as iniciais de Julio Trigo Rouco, feitas por este, (que rexentou por moitos anos, no século XX, unha famosa taberna: *A Barra*), sobre outras anteriores, JR, correspondentes a Jesús Rodríguez, anterior titular dunha ferraxaría nos baixos desa casa (IF).
[3] A casa era propiedade dos pais de Xosefa López [Fernández], *Pepita*, a muller de Ramón Fernández Mato; o pai de Pepita debía ser un López Palmeiro, propietario de varias casas de Ferreira (a actual casa de Vila, a da antiga farmacia de Xosé Ramón Alonso, as casas de Cabezán,...). A familia de Lourenzo comproulles a casa, con horta, aos pais de Pepita de Mato. Na actualidade (2014) a casa de Lourenzo pertence a María Xosé Fernández Díaz (IF).

Habana– y Ladislao Santo (o Souto) formaron la comisión organizadora. Ese año el escritor y político Ramón Fernández Mato y su esposa, la valadouresa Josefa López, acudieron a Barcelona invitados por el sacerdote y poeta gallego, Rey Soto, que gozaba del éxito de su drama *Amor que vence al amor*. A su regreso a Ferreira vinieron acompañados por el pintor catalán Juan de Ardit que se alojó durante meses en su pazo [sic] para realizar los bocetos y decorados de sus nuevas obras *Muros de oro* y *Monte abajo*.
De Ardit tenía gran fama debido al éxito de una exposición suya en el Casal de Catalunya en Buenos Aires, a ilustrar en la revista *Suevia* varios reportajes y, sobre todo, a elaborar el cartel del famoso jabón Heno de Pravia.
Al pintor debieron de placerle mucho las atractivas bellezas del valle y sus frondosos trigales porque *Vida Gallega* publicó ese año [1918] este suelto: "Juan de Ardit piensa que por mucho trigo no es mal año pero que el llegó hace tres meses a Ferreira para dibujar las decoraciones de Monte Abajo y, perdido entre los trigales, no les puso todavía la mano".

*Rañolas*

El caso es que –por su implicación en O Valadouro y por pintar a uno de sus personajes más populares, Rañolas– Canoura y Santo le pidieron al párroco que concediese al pintor el honor de portar una vara del palio que el día de la fiesta salía en procesión por las calles. La crónica de la revista la relató (literalmente) así: "En medio de la emoción del pueblo y conducido por los primates de la localidad, el palio se pone en marcha". Entre los "primates" figuraban el propio Mato, De Ardit y otros notables de la villa que la revista describía como "un grupo de personas 'bien' y otro grupo de señoritas 'bien' y bien risueñas"... De Ardit murió ese mismo año [1918] en Barcelona» [1].

O historiador Andrés Canoura Quintana comentounos que nesta casa estivo tamén Alfonso R. Castelao, compañeiro de estudos universitarios e amigo de Ramón Fernández Mato [2].

Personaxes. Ramón Fernández Mato. Cronoloxía: 1889-1980.

Nacido en Cespón (Boiro) o 13 de maio de 1889. Médico [3], emigrante na Arxentina en 1914, político, representou ao Valadouro nas Irmandades da Fala (Lugo, 1918), exiliado en Cuba en novembro de 1936 (en xaneiro de 1937 xa é Socio de Honra de "El Valle de Oro"), de onde pasou a Venezuela en febreiro de 1943; andou por diversos países latinoamericanos. Retorna a Cuba, onde está en 1948, ano en que funda a revista *Raíz. España en América*, dedicándose nesta etapa maiormente ao xornalismo, pois Fernández Mato foi, sobre todo, xornalista e escritor. Retornou a España en 1963 e foi membro correspondente da Real Academia Galega. Faleceu en Vilagarcía de Arousa o 19 de novembro de 1980 e está enterrado no cemiterio parroquial de Ferreira.
Aínda hoxe anda viva na memoria das xentes a figura desta persoa polifacética trascendida a personaxe. A primeiros de xaneiro do ano 2012, o popular Suso do Bahía, libreiro, escritor e cronista de Foz, pronunciou unha conferencia lembrando a figura polifacética de Ramón Fernández Mato [4].

«Outro persoaxe singular e importante vencellado a Foz foi D. Ramón Fernández Mato, natural de Boiro, casado cunha señora do Valadouro. Estudou Medicina, algo que nunca exerceu, xa que segundo el: "Como ia poñer na consulta: Mato de 7 a 8". Político da República, Director Xeral de Seguridade, Governador Civil de várias províncias, Deputado exiliado a Cuba durante a Guerra Civil, con odisea incluida en Alicante, e que primeiro fuxiu de Franco e logo da Cuba de Fidel Castro. Home de grande simpatia, amigo persoal de Castelao, Risco, Otero Pedrayo, autor dun bon número de libros, sendo estrenada unha obra de teatro sua pola famosa actriz Lola Membibre» [5].

[1] Martín Fernández, "MEMORIA DE MARIÑÁNS. Dos hermanas de Valadouro y una cuñada de Bóveda organizaron las fiestas de 1923", *La Voz de Galicia* (A Mariña), 11.09.2016, páx. 4.
[2] A. Canoura Quintana; 01.08.2000.
[3] Oficio que non nos consta que exercese, acaso "por amor á humanidade", como sostiña con tanto humor o seu colega e amigo Castelao.
[4] Suso Fernández [López], "Vida e obras de Ramón Fernández Mato", conferencia, Alfoz, Casa da Cultura, Salón de Actos, 28.01.2012.
[5] S. Fernández [López], "A prensa en Foz", *Un povo con memória própia*, I Xornadas de história de Foz, setembro de 1997, páx. 30.

"Ramón Fernández Mato representou ao Valadouro na *Primeira Asamblea Nazonalista* das Irmandades da Fala, celebrada en Lugo os días 17 e 18 de novembro de 1918" [1].

«Ensayista, dramaturgo, conferencista, periodista y político. Realizó estudios de medicina en las universidades de Santiago de Compostela y de Madrid y desde joven comenzó a colaborar en la prensa. Durante un tiempo residió en Argentina y retornó después a España, donde publicó algunas obras, dirigió un diario [*El Pueblo Gallego*, de Vigo] y estrenó varias zarzuelas. De ideas liberales, durante la República fue nombrado Gobernador Civil de Ciudad Real, Málaga, Jaén y Cáceres, así como Director General de Seguridad. En noviembre de 1936, pocos meses después del inicio de la Guerra Civil Española, llegó a La Habana como exiliado . Con posterioridad comenzó a escribir en el DM [*Diario de la Marina*] la sección "España. Con los ojos del Recuerdo". En febrero de 1943 partió hacia Venezuela y durante un tiempo recorrió varios países hispanoamericanos, pero al cabo regresó a Cuba. En 1948 fundó y comenzó a dirigir la importante revista *Raíz. España en América* y en la década de los años 50 fue un constante colaborador del periódico *Prensa Libre*. Recibió la Medalla de Oro de la Cruz Roja Cubana, perteneció a la Real Academia Gallega [como membro correspondente] e impartió conferencias en la Universidad del Aire, en el Centro Gallego y en el Círculo de Amigos de la Cultura Francesa. Colaboró además en *Carteles*, *Orbe*, *Grafos*, *Vida Gallega*, *Cultura Gallega*, *La Vida Gallega en Cuba* y *Eco de Galicia*. En 1958 la revista *Cultura Hispánica* le dedicó un número íntegro y en 1963 volvió a España, donde continuó su obra literaria. BIBL.: *España. Con los ojos del recuerdo* (1941), prólogo de José María Chacón y Calvo, 381 pp.» [2]

«Vinculado ao Valadouro pola súa muller, natural de Ferreira. Naceu en Cespón (Boiro) [o 13.05.1889]. Político, xornalista e escritor. Amigo persoal de Castelao e de Valle-Inclán, tío do poeta Manuel María, agrarista con Basilio Álvarez, xornalista adiantado ao seu tempo creando un dos xornais máis avanzados da súa época: *El Pueblo Gallego* [de Vigo]. Figura destacada na II República nos gabinetes de Lerroux, Portela Valladares e Casares Quiroga, con cargos de alta responsabilidade sempre resoltos con grande éxito.
Ramón Fernández Mato foi presidente do Real Club Celta [de Vigo], Presidente de Mérito do Centro Galego de Madrid e membro correspondente da Real Academia Galega. Fundou antes da guerra a primeira biblioteca mariñeira do mundo, en Bouzas, polo que o condecoraron coa Gran Cruz del Mérito Naval.
A Guerra Civil obrígao a exiliarse en Cuba, Venezuela e Santo Domingo, onde dirixe o diario *La Nación* e escribe baixo a protección do ditador Leónidas Trujillo o panexírico "Trujillo o la Transfiguración dominicana". Morre en Vilagarcía de Arousa o 22 [19] de novembro de 1980 e os seus restos trasládanos para o cemiterio de Ferreira do Valadouro» [3].

"Mato tiña fortes vencellos co Valadouro pois estaba casado coa acaudalada ferreirense Pepita López. Na súa longa peripecia vital fora director dun dos mellores xornais europeos da época –*El Pueblo Gallego*, que se editaba en Vigo–, prolífico escritor e político de sona. Ocupou varios altos cargos como home de confianza que era dun dos máis fascinantes políticos do período da Restauración e da [Segunda] República: o pontevedrés Manuel Portela Valladares (Pontevedra [4], 1867-Bandol, Francia, 1952), que foi o xefe do goberno que convocou as eleccións gañadas polo Frente Popular. Tralo golpe militar de Franco, Mato exiliouse a Cuba" [5].

"Ramón Fernández Mato nacera en Cespón (Boiro) [en 1889] [de Boiro era a súa familia materna] aínda que a súa familia [paterna] –seu sobriño foi o poeta Manuel María– era oriúnda de Outeiro de Rei. Casou en Ferreira do Valadouro con Josefa López [Fernández], filla dun acaudalado contratista que construíu numerosas estradas da rede viaria provincial. Foi un home pintoresco e polifacético, brilante [sic] e gran orador, autor dunha prolífica obra literaria e ensaística.
Tivo sombras. A dicir de Borobó foi o único exiliado republicano galego que, xunto a Álvaro de las Casas, se converteu ó franquismo no exilio, sen dúbida influído polo seu refuxio na República Dominicana do ditador Trujillo, de quen foi panexirista. Nesa condición voltou a España, na década dos sesenta, da man do entón Ministro de Información e Turismo, Fraga Iribarne, que, previo paso por Foz, conseguiulle a quinta *Miña Terra* en Vilagarcía onde morreu en 1980.
Pero tamén tivo luces. Sobre todo cando, nos anos vinte, dirixiu en El Pueblo Gallego, o xornal de Portela Valladares, a unha redacción da que formaban parte nada máis e nada menos que Roberto Blanco Torres (redactor xefe) ou redactores tan notables como Rafael Dieste, Xerardo Álvarez

[1] S. V., *La Voz de Galicia*, A Coruña, 25.07.2001, "Día de Santiago", páx. 6.
[2] J. Domingo Cuadriello, *Los españoles en las letras cubanas durante el siglo XX. Diccionario bio-bibliográfico*, Editorial Renacimiento, Sevilla, 2002, pp. 70-71.
[3] www.valadouro.org/es/historia/persoeiros.php. Tradución: IF, 24.04.2013.
[4] Algunhas descricións biográficas sitúan, cremos que por erro, o seu nacemento na Fonsagrada.
[5] M. Fernández, "El Valle de Oro, solar de hidalguía", *El Progreso* (A Mariña), 14.10.2007, páx. 9.

Gallego, Felipe Fernández Armesto [Augusto Assía], Valentín Paz Andrade e Carlos Maside (director artístico) ou Manuel Torres e Álvaro Crebeiro (ilustradores).
En Mato se apoiaron os Hijos del Valle de Oro en Cuba para defender a súa terra" [1].

«E, finalmente, neste repaso aos principais protagonistas vinculados á sociedade *El Valle de Oro* atendemos agora á figura do político e escritor Ramón Fernández Mato que está unido a Ferreira do Valadouro polo seu matrimonio cunha veciña da vila (Pepita Fernández) [2] e porque, logo do seu pasamento, foi soterrado no cemiterio de Ferreira.
Ramón Fernández Mato naceu na parroquia de Cespón (Concello de Boiro) o 13 de maio de 1889. Ensaísta, dramaturgo, xornalista e político. Realizou estudos de Medicina nas Universidades de Santiago de Compostela e Madrid e desde mozo comezou a colaborar na prensa. A vida literaria sería a súa principal ocupación, xa que case non exerceu a Medicina.
Emigrou á Arxentina en 1914, país no que permaneceu durante catorce meses. Foi colaborador do xornal *La Nación* e das revistas *Crítica* e *Caras y caretas*. No xornal *Correo de Galicia* responsabilizouse da sección "Retablo español". En colaboración co xornalista José R. Lence escribiu a zarzuela *La Galleguita*, con música do mestre Padilla foi estreada en abril de 1914. En colaboración con Lence tamén escribiu a obra *La conquista de América*, obra que se estreou o 7 de novembro de 1914. Xunto con Luis Sánchez Abal escribiu a comedia *La retirada*. En solitario foi autor da comedia *El Altar*. O 13 de xuño [de 1914?] ditou unha conferencia sobre Rosalía de Castro no marco do festival organizado pola "Federación de Residentes de Teo en Sud América", nesta conferencia Fernández Mato aproveitou para pedir a axuda dos emigrantes á construción dunha estatua a Rosalía de Castro en Santiago de Compostela. Tras esta etapa de residencia na Arxentina retorna a Galiza para se dedicar ao xornalismo.
Coa chegada da II República foi Gobernador Civil de varias provincias: Ciudad Real, Málaga, Jaén e Cáceres. Foi tamén Director Xeral de Seguridade. Nas eleccións de febreiro de 1936 saíu elixido deputado pola provincia de Lugo en representación do Partido do Centro, formación política que encabezaba o tamén galego Portela Valladares.
Co inicio da guerra civil vese na obriga de seguir o camiño do exilio. Así, en novembro de 1936 chega á Habana. Na capital de Cuba foi colaborador do *Diario de la Marina*, onde se ocupou da sección "España. Con los ojos del recuerdo", Foi a partir deste momento cando comezou unha estreita relación coa sociedade *El Valle de Oro*, de tal xeito que en xaneiro de 1937 foi nomeado socio de honra da entidade. As razóns que levaron aos emigrantes do Valadouro a premiar a Fernández Mato apareceron reflectidas nun artigo publicado na revista habaneira *Cultura Gallega*:

"Los méritos contraídos por el señor Fernández Mato con los hijos del Valle de Oro son muchos y de gran trascendencia, pues que los servicios prestados a aquella histórica y progresista comarca durante su actuación política y periodística fueron de los que ningún pueblo sensible al sentimiento de gratitud puede olvidar. Sin tener en cuenta diferencias políticas ni cuestiones personales, sino sólo el interés del Valle de Oro, consiguió múltiples mejoras para aquél..." [3].

Non tardou moito Fernández Mato en devolver o agradecemento aos directivos de *El Valle de Oro*. Así, nun artigo publicado en febreiro de 1937 –tamén na revista *Cultura Gallega*– gababa a súa terra de adopción. Certamente, neste escrito, baixo o título de "El Valle de Oro, solar de hidalguía", Fernández Mato facía un repaso polo heroico pasado do Valadouro, centrándose especialmente na figura de Pardo de Cela [4].
En 1943 saíu con destino a Venezuela, comezando entón un periplo por varios países latinoamericanos. Tras volver a Cuba, en 1948 fundou e dirixiu a revista *Raíz. España en América*. Durante a década dos anos 50 foi un frecuente colaborador do periódico *Prensa libre*. Foi asiduo colaborador de medios como *Cultura Gallega*, *Carteles*, *Vida Gallega*, *Eco de Galicia*, etc. Recibiu a Medalla de Ouro da Cruz Vermella Cubana. Foi nomeado académico correspondente da Real Academia Galega.
No futuro seguiu vinculado á sociedade *El Valle de Oro*. Así, o 15 de marzo de 1954 foi elixido como secretario dunha comisión encargada de recadar fondos para rematar a torre e o reloxo da igrexa de

[1] M. Fernández, "El Valle de Oro, solar de hidalguía", *El Progreso* (A Mariña), 14.10.2007, páx. 9.
[2] Martín Fernández, "Onte e hoxe de "Hijos del Valle de Oro"", *El Progreso* (A Mariña), 14 de setembro de 2008, páx. 10. En P. Viveiro Mogo, "O Valadouro en Cuba: a sociedade *El Valle de Oro* da Habana", *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páx. 627 e n. 59.
[3] *Cultura Gallega*, A Habana, núms. 19-20, xaneiro de 1937, páx. 28. En P. Viveiro Mogo, "O Valadouro en Cuba: a sociedade *El Valle de Oro* da Habana", *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páx. 628 e n. 60.
[4] Ramón Fernández Mato, "El Valle de Oro, solar de hidalguía", *Cultura Gallega*, A Habana, núms. 21-22, febreiro de 1937, páxs. 4-5. En P. Viveiro Mogo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páxs. 628-629, e n. 61.

Ferreira do Valadouro... Do mesmo xeito, participou na conmemoración do cincuentenario desta sociedade –lendo un discurso no banquete de celebración– acontecido en 1957.
En 1963 regresou a España. Faleceu [en Vilagarcía de Arousa] o 19 de novembro de 1980, sendo soterrado no cemiterio de Ferreira do Valadouro» [1].

## A CASA DO CUARTEL VELLO

Situación: Avenida de Viveiro, núm. 5, barrio da Ponte, Ferreira.
Material: pedra de cantería.
Cronoloxía: 1885.
Construíuna Xosé María Balseiro Carracedo [2].
A casa foi mesón e cuartel da Garda Civil.

Personaxes. Juan Orol. Cineasta. Cronoloxía: Santiso (Lalín),1893 – México, 1989 [1988?].

Actor, produtor, guionista e director de cinema, Juan Orol naceu en Santiso, parroquia pertencente ao concello de Lalín (Pontevedra) o 30 de xullo de 1893 e bautizárono como Juan Rogelio García García, fillo de moza de Ramona García e de pai descoñecido, que resultou ser Juan Orol Maseda de solteiro (posteriormente xenro de Xosé María Balseiro Carracedo, o construtor da casa do Cuartel Vello, e de Manuela Moscoso Salcedo, ao casar coa filla destes).

Seu pai, Juan Orol Maseda, era comerciante de Ferreira do Valadouro, que casou pouco tempo despois con Consuelo Balseiro Moscoso, coa que tivo 16 fillos: Xosé Manuel Orol Balseiro (nacido en 1895, dous anos máis novo que o artista), notario en Becerreá, Ourense, Madrid e Lugo, era o fillo máis vello dentro do matrimonio; a segunda era Celsa (1896), que rexentou durante 29 anos a central manual de Telefónica en Ferreira (casada con Ramón Blanco Álvarez; os nosos avós maternos); e o terceiro Prudencio (1898), Administrador de Correos, tamén en Ferreira,... até os 16. Todos eles irmáns de Juan Orol, por parte de pai.

Este Juan Orol Maseda, pai destas 17 criaturas, e Consuelo Balseiro Moscoso casaran en Budián e viviron na casa coñecida polas persoas máis vellas de Ferreira como O Cuartel Vello, no barrio da Ponte, casa que construíra (como queda escrito), no ano 1885, José María Balseiro Carracedo, o pai da nosa bisavoa Consuelo, e, por tanto, tataravó noso.

Juan Orol Maseda construíu a que hoxe se coñece como Casa de Pernas (por ser Roxelio Pernas un dos últimos propietarios do edificio, procedente de seu irmá Eduardo Pernas, que lla comprou a Horacia e Alfonso Orol Balseiro, fillos de Juan e Consuelo, unha vez falecida esta última); aínda figuran nos forxados dos balcóns as iniciais JO. Nesta casa tivo negocios de hostalería (con mesa de billar incluída) o noso bisavó e pai do artista, e, posteriormente Fernando Castro Raña, antes de pasar a ser (por venda do edificio) o Bazar Casa Pernas e antes de que se construíse a casa do actual Asturias.

*Unha lenda familiar*

Sempre se escoitou no ámbito da nosa familia materna a historia de que Juan Orol Maseda enviaba cartos a Lalín, onde vivía a nai do artista, para que o seu fillo natural fixese os

[1] P. Viveiro Mogo, "O Valadouro en Cuba: a sociedade *El Valle de Oro* da Habana", *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páxs. 627-629, e nn. 59, 60, 61.
[2] Escritura de contrato, 1884. Informante: Xoán Prudencio Orol Campo, actual propietario (2014), (falecido o 04.07.2018). Nesta casa tivera mesón o seu primeiro propietario, Xosé María Balseiro Carracedo (*Froilán*), que casara con Manuela Moscoso Salcedo, de Forxán ou de Vilaxuane (Foz). Xosé María Balseiro e Manuela Moscoso eran os pais de Consuelo Balseiro Moscoso, casada con Juan Orol Maseda [pai biolóxico, sendo solteiro, do director, artista e produtor de cinema radicado en México Juan Orol], e avós, en total, de 16 irmáns produto do matrimonio de Juan e Consuelo: Xosé Manuel (o máis vello, 1895), Celsa (1896), Prudencio, María de los Ángeles, Raimundo, Arturo, Amelia (1905) Consuelo, Horacia (1909), Alfonso, Silvino, Adolfo, Armando, Isabelita, Pilar e ?, (IF, 2012).

estudos universitarios. Alguén de Lalín debeu facer a carreira á conta do noso bisavó, porque o seu fillo, o artista, o etiquetado por algúns especialistas como "O pai do cine mexicano", non fixo carreira dese tipo.

*O artista Juan Orol entra en contacto cos seus irmáns do Valadouro*

Pasada a guerra civil española, Juan Orol, talvez informado pola nai, envía unha carta a Ferreira destinada a un tal Juan Orol [seu pai]. O administrador de Correos de Ferreira, naquel tempo, era [Juan] Prudencio Orol Balseiro, fillo, como queda dito, de Juan Orol Maseda, e como este xa morrera (o 23.12.1929), Prudencio abriu aquela carta. E así foi como souberon por primeira vez dese medio irmán, artista en México, chamado Juan Orol como seu pai.

*As tres viaxes de Juan Orol a Ferreira*

Primeira viaxe. Cronoloxía: 27.08.1952.

Esta primeira viaxe fíxoa Juan Orol con Pedro Montalbán, apoderado ou representante seu, e irmán do tamén actor Ricardo Montalbán. Foi a viaxe en que se fixeron as dúas fotografías de familia na Ponte de Ferreira, nas que figura o daquela ostentoso automóbil ou "haiga" marca Cadillac (Foto Marciana, 27.08.1952).
Nesta primeira estadía en Ferreira, Juan Orol deu un pase nocturno de filmes no Salón Cinema (o cine de Miranda), ao que parece con películas producidas, dirixidas e mesmo interpretádas por el, entre elas SIBONEY (1938). Para o día seguinte, o señor cura da parroquia (Eulogio Fernández Murias) parece ser que botou unha boa filípica desde o púlpito. Todo un escándalo para o lugar e a época.

Segunda viaxe. Cronoloxía: ?

Esta vez Juan Orol aparece en Ferreira acompañado polo seu fillo Arnaldo ou Arnoldo [o artista estivo casado cinco veces], que faleceu novo en accidente de circulación.

Terceira viaxe. Cronoloxía: finais dos anos 60.

Nesta terceira e última ocasión Juan Orol preséntase na casa de súa irmá Celsa Orol, acompañado da súa quinta e última muller, Dinorah Judith, que ía moi elegante, con vestido e prendas de peles. Eran as Festas do Oito de Setembro e só estiveron en Ferreira unha tarde.

*A última noticia de Juan Orol*

O último que soubemos en Ferreira acerca de Juan Orol foi por boca de Ovidio Orol Freire (Vivi do Mariñeiro), emigrante e parente que residía en Orlando (EE. UU.), e que o foi ver a un rancho [pensamos que en México], onde o cineasta vivía retirado coa súa última muller, moito máis nova ca el, como non podía ser doutro modo (xenio e figura). Era a comezos dos anos oitenta.
Juan Orol, o artista de pai valadourés, morreu en México en 1989 [1].

*Versión do Diccionario do cine en Galicia (2008)*

«Emigrante en Venezuela, EE. UU., Cuba e, posteriormente, México, onde chega en plena revolución. Retorna a Cuba, onde desempeñará os máis diferentes oficios: mecánico, piloto automobilístico, xogador de béisbol, boxeador profesional e actor de teatro na Habana. Con vinte anos volta a México e convértese no toureiro "Esparterito, percorrendo durante sete anos os principais cosos taurinos de América Central e do Sur. Alternou esa profesión coa de policía secreta ata 1928, ano en que abandona este oficio desconforme cos métodos das forzas de seguridade mexicanas. Nas xiras como toureiro nacería o seu interese polo cinema.

[1] Notas de IF, Porto de Santa Cruz (Oleiros), 26.10.2012.

Ós trinta e tres anos comezou a traballar como director artístico nunha empresa radiofónica estatal onde tratará persoalmente a moita xente do cine. Cando se roden as primeiras películas sonoras en México a comezos dos trinta, Orol colaborará en ocasións como galán secundario ata que merca o argumento dun melodrama esquemático e popular –"Sagrario"– e funda a produtora Aspa Filmes. Contrata como director a Ramón Peón, un profesional que, anos máis tarde, será un referente do cinema cubano prerrevolucionario. En **Sagrario** (1933) [1] Orol aprende os rudimentos do oficio como responsable da xestión da produción. A película acadou un enorme éxito comercial e converteuno para sempre en profesional da cinematografía mexicana.

A segunda das produción de Aspa Films, **Mujeres sin alma** [1934], será un fracaso, pero coa seguinte, **Madre querida** (1935), xa como director, convértese nun fenómeno de referencia do cine comercial e popular en toda América Central. Aproveitando a publicidade gratuíta da instauración en México do "Día das nais", Orol adaptou a novela *Huérfanos del destino*. El mesmo mirando a cámara no prólogo da película dicíalle ó conmovido público: "En las madres, como en divino crisol, se han fundido la bondad y el sacrificio. ¡Oh, madres! Símbolo de paz y confraternización universal." **Madre querida** iniciará o subxénero das "traxedias maternais", filón fundamental de boa parte do cinema e da televisión latinoamericanos. Rodará o seu *remake* en 1950.

A partir desta cinta, lánzase a producir, escribir, dirixir e actuar incansablemente en case cincuenta películas para México, Puerto Rico e Cuba, coa súa nova produtora España Sonofilms.

Débenselle tamén outros subxéneros cinematográficos, como o "melodrama tropical delirante", un cine onde os viláns reciben o seu castigo polo delito de amar sen medida a mulleres casadas, con paixóns tormentosas, rumbas e diálogos extravagantes ou a súa peculiar visión dun cinema negro "á mexicana", repleto de cabareteiras, charros, gángsteres e rumbas, saga iniciada en 1944 con **Los misterios del hampa**. Sempre co mesmo esquema, Orol falaba nos prólogos deixando ben clara a sentenza da historia: "Un hombre que esgrime la fábula para corregir los defectos del mundo". Non hai máis que botarlle unha ollada ós títulos da súa filmografía para facérmonos unha idea do tipo de filmes producidos e dirixidos por Juan Orol.

Orol –para Eduardo de la Vega– "es la perfecta síntesis del cine mexicano, su desconocimiento del cine, de la cultura, del humor, del melodrama, de las convenciones, es tan total, que no hay ni siquiera lugar, posibilidad para la crítica." Orol é un personaxe controvertido e inclasificable: Para uns, foi o Ed Wood mexicano, cun cine primitivo onde os cortes de plano, entradas/saídas dos personaxes, non tiñan intención nin sentido e as historias eran auténticos delirios paroxísticos dun indocumentado autodidacta que facía películas kitsch. Para outros é unha figura senlleira, o paradigma do cinema popular mexicano, creando estereotipos e subxéneros que influirán grandemente en tódolos achegamentos á cultura de masas en México. Por último, para algúns críticos contemporáneos, a figura e a obra de Juan Orol, co seu exotismo etéreo, inconsciencia total, lóxica e salvaxismo primario, amenizado con toques rumbeiros, está emparentado co movemento surrealista e resulta un cine moi interesante e estimulante para degustadores de películas sen prexuízos» [2].

*Versión actual do xornalista Martín Fernádez (2016)*

«"Produjo, escribió, dirigió y actuó en 56 películas de gran éxito popular en México".

...

Al acabar la Guerra Civil, Juan Orol, el cineasta mexicano, contactó con su familia de O Valadouro. Remitió una carta a su padre: Juan Orol Maseda, pero nunca le llegó: se había muerto años atrás. El azar – que otros dicen destino– quiso que el administrador de Correos fuese Prudencio Orol Balseiro, hijo del fallecido, que abrió la misiva. Y fue así como se enteró de que él y sus 16 [15] hermanos tenían un medio hermano en México que triunfaba como director y actor de cine.

Juan Orol había nacido en Santiso (Lalín) el 30 de julio de 1893. Fue bautizado como Juan García García, hijo ilegítimo de Ramona García y "de padre incógnito". El incógnito progenitor era Juan Orol Maseda que, después de procrearlo, se casó en Ferreira con Consuelo Balseiro Moscoso con la que tuvo 16 hijos. El niño se crió con sus abuelos maternos.

A los 12 años, el chaval fue enviado desde Ferrol a La Habana. Estorbaba los planes de su madre, una mujer de vida alegre conocida por A Bufa. En Cuba fue acogido por Carmen Fondevila, emigrante de Lalín. Pero el chico era inquieto y en 1910 se fue a México en plena Revolución mexicana.

[1] Para unha filmografía completa de Juan Orol consúltese o *Dicionario do cine en Galicia 1896-2008*, José Luis Cabo Villaverde e Miguel Anxo Fernández (Coords.), Edita: Foro Galego do Audiovisual, A Coruña, 2008, páxs. 471-472.

[2] José Luis Cabo Villaverde e Miguel Anxo Fernández (Coords.), *Dicionario do cine en Galicia 1896-2008*, Edita: Foro Galego do Audiovisual, A Coruña, 2008, páxs. 469-472. [Para Juan Orol: Manuel González].

Allí vivió un tiempo pero pronto regresó a La Habana. De 1915 a 1917 desempeñó los más insólitos oficios: mecánico, *pitcher* [lanzador] de béisbol, boxeador, actor sin éxito... Vivía en un tiovivo que le daba vueltas y vueltas pero siempre lo bajaba en el mismo lugar en que había subido...
Volvió a México y se convirtió en el torero Juan García Esparterito. Durante 7 años recorrió América, y en 1926 dejó los ruedos. Tenía 33 años y se ocupó como publicista en la XEO, una empresa de radio nacional. Allí conoció a estrellas del naciente cine mexicano, por el que se interesó. Vendió un terreno que poseía y fundó su propia productora, Aspa Filmes. En 1933 produjo su primera película, Sagrario, de gran éxito. Fracasó con la segunda, Mujeres sin Alma [1934]. Y con la tercera, Madre querida, se convirtió en 1935 en un fenómeno del cine popular de América Latina. Entonces comprendió que todo en la vida es cine. Y ya nunca pudo salir de una pantalla...

## Se casó con cinco rumberas a las que aupó al estrellato.

Juan Orol produjo, escribió, dirigió y actuó en 56 películas. Su cine conectó con el alma popular y fue estudiado, entre otros, por Eduardo de la Vega, de la Universidad de Guadalajara [México], o por el gallego Manuel González.
Entendía que la vida es lo que no puede hacerse ni con mujeres fieles ni con hombres sensatos. Y se casó con cinco rumberas cubanas a las que aupó al estrellato aunque tenía una idea sentimental del cine. Con la primera, Consuelo Moreno, grabó entre 1934 y 1937 Madre querida [1935], El calvario de una esposa [1936] o Eterna Mártir [1937]. En 1938 se casó con Mª Antonieta Pons, con la que rodó Siboney [1938], Los misterios del hampa [1944] o Pasiones tormentosas [1945]. Con ella hizo una gira de baile por Estados Unidos entre 1940 y 1943. En 1946 la sustituyó por otra diosa rumbera, Rosa Carmina, mulata que hipnotizaba con el ritmo de sus caderas y de su cimbreante cintura. Tenía 17 años y con ella hizo Sandra, la mujer de fuego [1952], Jhonny Carmenta, El sindicato del crimen [1953] o la exitosa Gángsteres contra charros [1947].
En 1954 rodó en España Quiéreme con música y se casó con Mary Esquivel, mujer sexy con la que filmó El farol de la ventana [1955], Te odio y te quiero [1956] o Zonga, el ángel diabólico [1957]. Ella y Javier Solís –uno de los grandes cantantes mexicanos de siempre– protagonizaron en 1962 Sangre en la barranca.
Su última mujer fue Dinorah Judith con quién rodó, entre 1964 y 1978, Contrabandistas del Caribe [1966] o El fantástico mundo de los hippies, su última película de 1970[1].

## Visitó tres veces en Ferreira a sus 16 hermanastros.

Juan Orol estuvo tres veces en Ferreira do Valadouro. La primera en 1952, acompañado por su representante, el actor Pedro Montalbán, hermano del también famoso actor Ricardo Montalbán. La segunda, en una fecha posterior, acompañado por su único hijo, Arnoldo, que poco después moriría en un accidente de coche. Y la tercera, a finales de los 60 cuando visitó a su hermana Celsa con su mujer.
En su primera visita fueron proxectadas algunas de sus películas en el cine de Ferreira y quedó para la historia la foto que ilustra esta crónica rodeado por toda su familia [2].
El padre del cineasta, Juan Orol Maseda, era natural de Santa Cruz. Se casó en Budián con Consuelo Balseiro Moscoso. Había participado en la Guerra de Cuba con la categoría de teniente. Regentaba una tienda de ultramarinos en Ferreira y tramitaba pasajes para los emigrantes. El matrimonio tuvo 16 hijos, entre ellos José Manuel (notario), Celsa, Prudencio, Amelia, Horacia, María Pilar, Raimundo, Alfonso, Arturo y otros, todos ellos medios hermanos del padre del cine mexicano.
Los 25 que figuran en la foto, en torno al haiga –un Cadillac– que traía un 29 de agosto de 1952, son: Juan Orol (con sombrero) y Pedro Montalbán; Celsa, su marido Ramón Blanco Álvarez y sus hijos Isabel [Chiqui] –con su marido Isaac Pérez Salvatierra y sus hijos Isabel, Isaac y Francisco– Juan José y Ramón con su mujer María [Maruja] Mogo [Fernández], y sus hijos Luis, Ramón y Pablo. Está también Prudencio con su esposa Purificación Campo [Colmenares] y sus hijos Amelia [Melucha], Isabel, Juan, Teluca y Purificación; Amelia y Horacia con su marido Manuel Díaz.
Orol tuvo en su vida dos constantes: el recuerdo de la madre y la defensa de la familia. En el prólogo de Madre querida [1935] –claro antecedente del melodrama y de las telenovelas– salía él mismo mirando fijamente a la cámara y pregonando al concurrido público: “En las madres, como en divino crisol, se han fundido la bondad y el sacrificio. Madres de todo el mundo, que este episodio cinematográfico sirva para avivar la llama sagrada de nuestros corazones, de nuestro cariño, admiración y respeto por vosotras”.

## Luz propia.

[1] E en 1978 o seu últmo filme: El tren de la Muerte. *Dicionario do cine en Galicia 1896-2008*, José Luis Cabo Villaverde e Miguel Anxo Fernández (Coords.), A Coruña, 2008, páx. 472.
[2] Nota dos autores: esta fotografía de 1952, do artigo de Martín Fernández, (que reproducimos íntegro), non figura neste *Inventario*, onde non figuran fotos de personaxes, só as de monumentos.

Juan Orol murió en México en 1988 [1989?]. Su cine anticipó las telenovelas. Y entre los emigrantes brilló con luz propia. Porque fue capaz de fusionarse con su país de adopción, desarrollar su imaginario colectivo y ser clave en el origen de su cine popular» [1].

## A CASA DO CONCELLO

Situación: antes era A Feira Nova; desde 1992 é Parque Antonio Orol Pernas [2], Ferreira.
Material: pedra de cantería e cachotaría.
Cronoloxía: 1946.
Construtor: Ramón Canoura Fernández.

"En 1946 a empresa de construción de Ramón Canoura rematou o edificio destinado a casa do Concello do Valadouro. Con tal motivo, o 31 de marzo, Canoura reuniu nunha comida a obreiros e autoridades para festexar o fin das obras" [3].

## A CASA DO MAVI

Situación: Praza de Santa María, núm. 10, Ferreira.
Dous edificios contiguos. En fronte existía unha fonte de pedra, que quedou tapada.
Construtor: Francisco Pernas Ben (Paco de Pisón).
Na fachada da parte que foi a Cafetería Mavi, sobre os balcóns pódese ver o rostro con bigode de Belsior Alves, tío de Abilio Alves (pai), que fixo eses alto-relevos [4].
Na outra fronte existen pedras de cantaría labradas.

[1] Martín Fernández, "MEMORIA DE MARIÑÁNS. La vida exagerada de Juan Orol, cineasta mexicano oriundo de O Valadouro", *La Voz de Galicia* (A Mariña), 31.12.2016, páx. 6.
[2] Antiga Feira Nova, nomeada Parque de Antonio Orol Pernas por acordo do Pleno do Concello celebrado en xaneiro de 1992. En memoria deste ilustre valadourés experto en numismática, falecido en Madrid o 7 de decembro de 1991.
[3] P. Viveiro Mogo, "O Valadouro en Cuba: a sociedade *El Valle de Oro* da Habana", *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páx. 626.
[4] Informante: Manuel Vicente Iglesias Marful, 09.12.2017 (IF). Os netos (Ovidio Vila Pernas, 19.08.2017) de Paco de Pisón consideraban que o rostro con bigodes podería ser o do seu avó, que foi quen construíu as casas (IF, 23.08.2017).

## A CASA DAS VARELAS

Situación: Praza de Santa María, núms. 6-7, Ferreira.
Cheminea barroca (rematada en catro pináculos redondos) e pombal redondo.
Séculos XIX-XX. Casa das Varelas (había fonda e paraban as carruaxes).
A Casa das Varelas continuaba en pé despois do ano 1931, cando derrubaron a capela.
Séculos XX-XXI. Casa propiedade dos Canouras, que lla venderon a Cazás.
Hoxe coñecida como a Casa de Cazás ou de Pepe Mel (por ter morado nela este doutor) [1].

"En 1923 las fiestas do Oito de O Valadouro fueron organizadas por tres mujeres: las hermanas Nivarda [nacida no ano 1903] y Granada Pérez Salvatierra y Enriqueta Álvarez Gallego, hermana de Amalia, la esposa del mártir gallego Alexandre Bóveda fusilado en 1936 en A Caeira (Pontevedra) por militares franquistas. En la larga lucha de las mujeres por la igualdad, el hecho supuso, sin duda, un pequeño hito en aquella sociedad cerrada, clasista, masculina y clerical.
La noticia fue recogida por la prensa emigrante pues en los años 20 del pasado siglo O Valadouro tenía peso poblacional, económico y social en Cuba y los emigrantes aportaban dinero para las fiestas como forma de colaboración y morriña pero también, y sobre todo, de reconocimiento social y de triunfo.
Los Pérez Salvatierra eran ocho hermanos implicados y comprometidos con su tierra y con origen familiar en una casa de Vilaúde (Alfoz) próxima a la des sus primos Pérez-Mel. De los hombres, Pedro fue alcalde de Ferreira en 1925 [1927-1929] [2]; Paco y Máximo, dentista y contratista de obras, respectivamente, y fundadores en 1927 del equipo de fútbol local; e Isaac tuvo un taxi en la villa.
Entre las hermanas, Pura se casó en Ribadeo con el médico Xusto Moreda, hijo del segundo matrimonio del tabaquero Pedro Moreda Debén con la devesana Amadora Díaz Rañón; Carmen es la madre del dramaturgo Manuel Lourenzo; Nivarda, la abuela de los Pisón; y Granada tuvo un hijo, Gerardo, que fue en Barcelona la mano derecha del doctor Barraquer [Puigvert]. Estas dos últimas constituyeron la comisión de fiestas del año 1923 junto a la que la revista Vida Gallega denominó erróneamente Enriqueta Limeses cuando en realidad, se llamaba Enriqueta Álvarez Gallego.
Esta mujer era una de los once hijos de Enrique Álvarez Limeses –pomtevedrés, abogado, escritor, creador del Partido Galeguista– y de Dolores Gallego Martínez, y [Enriqueta] hermana, por tanto de Amalia Álvarez Gallego, esposa del infortunado Alexandre Bóveda. El error de atribuirle el apellido Limeses deriva de que su abuelo, Emilio Álvarez Giménez, llegó a Pontevedra desde El Bierzo –fue catedrático, vicepresidente de la Diputación, académico– y se casó con la pontevedresa Amalia Limeses Iglesias, un apellido tan enraizado en la ciudad que dio nombre a la familia. Enriqueta Álvarez Gallego –que se casó con Justo López Blanco– no era, pues, de O Valadouro, sino de

[1] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 96. Nota dos autores: Consérvanse fotos da Casa das Varelas, a máis antiga, de entre 1895 e 1896, (revela unha procesión, a casa, os antigos postos do mercado e o pombal redondo) é da autoría de P. Corral, que tiña o estudio na Plaza Carruajes, no barrio dos Muíños, de Mondoñedo, que sería un tal Pedro Corral. Capitán do Batallón Lugo nº 64 (fundado arredor de 1892), que estaba asentado en Mondoñedo. Sería un fotógrafo non profesional, pero que complementaría o seu salario de militar coa fotografía. Nos censos de Mondoñedo de 1906 xa non figura este Pedro Corral (Informantes: Abel Vigo García e Andrés García Doural, 26.05.2016). Outra foto desta casa é de primeiros do século XX, con cheminea barroca (Informante e foto: R. Reigosa Méndez, 28.03.2013). Nota dos autores e de Martín Fernández: Enriqueta e Amalia Álvarez Gallego eran sobriñas das Varelas (que tamén eran dúas irmás). Amalia era a muller de Alexandre Bóveda, e Enriqueta era moi amiga de Nivarda Pérez Salvatierra, tía de Manuel Lourenzo e de Isaac Ferreira e avoa materna de Xesús Pisón (autores deste *Inventario*). No baixo da Casa das Varelas estivo a perruquería da familia dos de Latas [Eladio e Abelardo López Prieto]. A casa foi despois dos Canouras, a quen lles comprou unha parte Xosé Rodríguez Cazás, que construíu alí posteriormente unha das casas parellas que existen hoxe (2017), a do nº 6 da Praza, propiedade de seu irmán Santiago Rodríguez Cazás. A outra casa, a do actual nº 7 (onde naceron todos os Casabella López) "era propiedade de Domingo do Liñar (e dos irmáns, Xusto e Daniel) que estivera en Cuba e Puerto Rico" (Informante: Miguel Vila Pernas, 11.05.2016). Nota dos autores: O 5 de xullo de 2014 descubriuse unha placa nesta casa, onde nacera Miro Casabella (1946), en homenaxe ao músico e cantautor, que reza así: MIRO CASABELLA / POR CEIBAR A VOZ / 2014. Nota: No primeiro andar desta casa naceron tamén todos os seus irmáns, e en todos cinco partos foi atendida a nai, Xesusa López Chao polo doutor Pepe Mel Pérez (Informante: Suso Casabella López, 2014, IF).
[2] Información facilitada por Fina Geada Losada na Casa do Concello, en Ferreira do Valadouro, o 16.04.2014 (IF).

Pontevedra, aunque siempre mantuvo mucha relación con el valle a través de los Pérez Salvatierra [sobre todo con Nivarda]. La relación de amistad venía motivada porque su tío Gerardo Álvarez Gimenez era notario en Mondoñedo y Enriqueta pasaba largas temporadas con él" [1].

## ALGUNHAS CASAS DE FERREIRA CON TRAZOS NEO-RACIONALISTAS

### A CASA DO FARDO

Situación: Avda. de Mondoñedo, núm. 16 [2].

### A CASA DAS MODAS

Situación: Rúa Severino Cociña, núm. 1 [3].

### A CASA DO ROXO

Situación: Parque Concepción Arenal, núm. 8 [4].

### A CASA DE MANOLO DE SECO

Situación: Praza de Santa María, núm. 5 [5].

### A CASA DOS CASABELLA

Situación: Praza de Santa María, núm. 8 [6].

### A CASA DE ANDRÉS CANOURA

Situación: Rúa Andrés López Palmeiro, núm. 21 [7].

### A CASA DO VETERINARIO

Situación: Rúa Andrés López Palmeiro, núm. 38 [8].

### A CASA DO COMERCIO DE FLORITA

Situación: Avda. de Viveiro, entre os núms. 4 e 6 [9].

### A CASA DE TALLERES FERNÁNDEZ

Situación: Avda. de Viveiro, núms. 12-14 [10].

---

[1] Martín Fernández, "MEMORIA DE MARIÑÁNS. Dos hermanas de Valadouro y una cuñada de Bóveda organizaron las fiestas de 1923", *La Voz de Galicia* (A Mariña), 11.09.2016, páx. 4.
[2] O baixo foi comercio de ultramarinos.
[3] O baixo é comercio do téxtil.
[4] O baixo foi comercio de ultramarinos.
[5] Manuel Lorenzo González-Seco, que foi alcalde do concello do Valadouro (1941-1958).
[6] Xosé Casabella Cabeza e Xesusa López Chao. Hoxe Bar Venezuela.
[7] Andrés Canoura Fernández. Houbo o comercio San Luís e hoxe (2017) é un comercio de produtos agro-gandeiros.
[8] José María Guzmán Prieto, que foi alcalde do concello do Valadouro (1958-1976). Houbo a Ferretería de Florita Rodriguez Sampayo e despois o comercio Todo a Cien.
[9] A ferretería de Florita Rodríguez Sampayo, entre a casa de Miranda (núm. 4) e a de Manolo Rodríguez, O Ferreteiro (núm. 6), pai de Florita, onde tamén houbo ferretería, que rexentaron seus irmáns Antonio e Suso Rodríguez Sampayo, todos tres falecidos.
[10] Esa casa foi de Anselmo. Actualmente é propiedade de Xosé Fernández Guerreiro.

### A CASA DE XENEROSO DE MOA

Situación: Avda. de Viveiro, núm. 15 [1].

### A ANTIGA CASA DE CORREOS

Situación: Avda. de Viveiro, núm. 21[2].

## | Escultura |

### MONUMENTO A MANUEL LOURENZO

Situación: Parque Concepción Arenal.
Autor: Cruz Casabella Fernández.
Cronoloxía: 08.07.2007.
Tipo: menhir.
Material: granito.

Homenaxe ao dramaturgo Manuel Lourenzo. *O Escritor na súa Terra*.
Cronoloxía: 08.07.2007.

O oito de xullo de 2007, a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) [3] realiza no Valadouro unha homenaxe a Manuel Lourenzo (Ferreira, 1943), acto que vén organizando a AELG, baixo o título *O Escritor na súa Terra*, para recoñecer cada ano o labor dunha personaxe viva das letras galegas.
Con tal motivo, colocouse unha placa de pedra na casa onde naceu o autor, lembrando a data en que veu a este mundo. Tamén se instalou unha pedrafita que ten gravado un parágrafo orixinal do autor, e mais plantouse unha árbore (un albedro) a poucos metros da pedra fincada.
Non acabou aquí a celebración, pois a Asociación de Escritores conseguiu que a Casa da Cultura de Ferreira levase o nome de Manuel Lourenzo. No Castelo do Castro celebrouse un acto en que o profesor e autor Henrique Rabuñal Corgo leu unha *Laudatio* ao homeaneado, acto en que tamén se lle entregou unha escultura da autoría do escultor ourensán Acisclo Manzano.
Cerrou a xornada un multitudinario xantar de irmandade [4].
Dous anos despois, a Corporación Municipal do Valadouro en Pleno nomeará a Manuel Lourenzo Fillo Predilecto do Concello. Ocorría o 13 de xuño de 2009.
(En ambos os dous acontecementos, o alcalde do concello do Valadouro era Euloxio Fernández Sampaio, 1988-2011).

---

[1] Propiedade dos sucesores de Xeneroso Rego Fernández e Lauriña López Chao.
[2] Propiedade de Gema Fernández Sampayo, irmá de Euloxio, que foi alcalde do concello do Valadouro (1988-2011).
[3] O presidente da AELG era o poeta Cesáreo Sánchez Iglesias e a secretaria Mercedes Queixas Zas, organizadores e asistentes, con outros membros da asociación, á homenaxe a Manuel Lourenzo.
[4] Manuel Lourenzo Pérez naceu o 15 de abril de 1943 na casa que construíran, no ano 1909, os seus avós maternos, Francisco Pérez Mon (Vilaúde, 1871-Ferreira, 1962; foi alcalde do concello do Valadouro en 1926-1927) e Vitoria Salvatierra Freire (Vilanova de Lourenzá, 1877-Ferreira, 1955), casa que hoxe ten o número 5 da rúa Andrés López Palmeiro. A placa da casa e mais a pedrafita, ubicada no Parque Concepción Arenal de Ferreira, realizounas Cruz Casabella Fernández, mindoniense oriúndo do Pereiro. Mentres se colocaba a placa, soou o Himno do Antigo Reino de Galiza, executado en gaita con ritmo cadencioso por Brandán Lourenzo Modia, fillo do homenaxeado. Aos actos asistiu, entre outras moitas persoas, o histórico galeguista Avelino Pousa Antelo. Manuel Lourenzo é Socio de Honra da AELG. Letra E 2007. Os avós de Manuel Lourenzo son tamén avós paternos doutro dos autores deste Inventario, Isaac Ferreira, e bisavós maternos do terceiro e máis novo, Xesús Pisón.

## FONTE DA FEIRA NOVA

Situación: Parque Antonio Orol Pernas, fronte á Casa do Concello, Ferreira.
Cronoloxía: século XX (1992?).
Material: pedra.
Descrición: columna central con dous pratos.
A auga cae desde o alto da columna nos dous pratos de pedra, e destes vai esvarando para un pequeno estanque de forma octogonal.
Todo o conxunto da fonte descansa sobre unha basa de pedra tamén octogonal.

## FONTE DO PARQUE CONCEPCIÓN ARENAL

Situación: xardíns do Parque Concepción Arenal, Ferreira.
Autor: Xosé Díaz Fernández (Pepe de Burón), de Mañente (Ribadeo).
Cronoloxía: 1987.
Material: pedra.
Descrición: dous relevos: un representa unha muller cunha cántara e o outro representa o escudo do Valadouro.
Ten dous canos da auga, que sae da boca de ambas cabezas de león pintadas de verde.
Historia: feita polos alumnos dun curso do INEM. O mestre era Pedro Cao Mosquera, e participaron na súa construción catorce alumnos.

"A Fonte do Parque Concepción Arenal fíxoa [fixo o proxecto] o artista popular Pepe de Burón, artesán da que viviu en Mañente, parroquia de Vilaronte, concello de Foz" [1].

"Ten un monolito na súa honra posto polo Concello de Foz na Praza da Igrexa de Vilaronte (Foz)" [2].

Personaxes. Xosé Díaz Fernández (Pepe de Burón), Mañente (Ribadeo) (1939-2016).
"Artesán autodidacta da talla da madeira, a lousa e o mármore".

## FONTE DA PRAZA DE SANTA MARÍA

Situación: Praza de Santa María, Ferreira.
Cronoloxía: século XX.
Material: pedra.
Descrición: forma de prisma cuadrangular.
Con dúas billas e as súas correspondentes pías enreixadas.

Existía na mesma praza outra fonte de pedra, máis antiga, con tres canos, hoxe tapada pola beirarrúa [3].

[1] Informante: Milagros Canoura López, Facebook, 17.04.2018.
[2] Informante: Milagros Canoura López, Facebook, setembro de 2018.
[3] Fronte á cafetaría *Mavi*, hoxe desaparecida, anexa á posterior taberna e cafetaría *O lar do Alemán*, despois *La Piazza*. Na primeira metade do século XX, existía *A Fonte Nova*, no barrio da Ponte; hoxe só queda a súa lembranza na memoria dos máis vellos e no nome dunha rúa (IF).

## A PONTE DE FERREIRA

Situación: barrio da Ponte, Ferreira.
Sobre o río Ferreira, que nace en Vilacampa, afluente do Ouro (< Douro) pola esquerda.
Estrada LU-161 (Viveiro-Ferreira).
Material: pedra.
Con rompe-augas ou tallamares.
Reformada.

## A lagoa da Praza de Ferreira

"Cuenta la tradición popular que en tiempos inmemoriables, sólo había en Ferreira unas pocas casas, quizá cuatro o cinco casuchas, junto a un juncal con una pequeña laguna situada en lo que luego fue y es hoy Plaza de Santa María o Plaza de Ferreira.
Un día estando aquellas mujeres lavando en aquella laguna se les apareció la Virgen en las ramas de un álamo que había en el juncal.
A partir de entonces se construyó allí, en el juncal, una capilla en honor a la Virgen; en torno a la capilla se fueron construyendo más casas. Las gentes comenzaron a venir en romería y así se fue formando Ferreira" [1].

## A virxe fea (ou A Virxe do Leite)

Na capela vella de Ferreira había unha Virxe de pedra co Neno Xesús no colo. Aos que desfixeron a capela pareceulles unha virxe fea e enterrárona de fociños no adro da igrexa nova, servindo de paso para a sacristía. Hai pouco, estando uns obreiros a traballar alí, atoparon a santa. E un deles dixo:
—Vas chea de fozar na terra, miña santiña [2].

## O Encanto do Rebuxento

Xulia era unha rapaciña de Santa Cruz que andaba a servir polas casas de Ferreira. Unha mañá cedo, cando ía pola costa do Rebuxento, saíulle ao camiño un rapaz moi galán montado nun cabalo branco, con intención de acompañala. Xulia esquivouno e seguiu camiño. Entón o galán díxolle:
—Non teñas medo, que eu son do Canedo, daquel castelo que ves alí.
Xulia ollou para o monte e viu un castelo onde antes eran toxos. Así e todo non deixou que o galán a acompañase, e seguiu ela soa até Ferreira.
Para o outro día volveulle aparecer o rapaz, insistindo en acompañala, e ela tampouco lle fixo caso.
E díxolle o galán:
—Agora voume, mais déixoche esta bolsiña con diñeiro para que compres o que precisares.
E desapareceu por un carreiro.
Xulia abriu a bolsa, que estaba chea de ouro, e agachouna debaixo dunha pedra.
Para o outro día a rapaza agardou polo galán para lle dar as grazas, mais el non apareceu. Entón Xulia quixo comprobar se a bolsiña seguía no seu sitio, e ao desapartar a pedra viu que non estaba.
Nunca máis volveu ver o galán nin o castelo relucente. Pouco tempo despois foise para as Américas e morreu alí de vella [3].

## A Cama dos Demachiños

Na Casa dos Pinos, de Ferreira, tiñan a Cama dos Demachiños, que daba pelo, e había que cortarllo dúas veces no ano [4].

## A xiganta da Ponte de Ferreira

Un home de Ferreira saía de madrugada coa besta para Santo Acisco, e chegando á Ponte, o animal levantou as patas dianteiras e negouse a pasala, por máis que o home lle fincaba as esporas. E é que no medio da ponte había unha muller moi alta, vestida de negro, que non se movía. O home ao

[1] D. Sánchez Orol, *Villa de Ferreira (1894-1994)*, 1994, páx. 15.
[2] Contadora: Celsa Orol Balseiro, avoa materna de Isaac Ferreira. X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, 2005, conto CCCVI, páx. 18.
[3] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CLI, páxs. 107-108.
[4] Contador: Xosé Ramón Longarela Lorenzo, 21.08.2001. X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCXXI, páx. 128.

primeiro pensou: “Igual é Pepa do Pito, que vén esperar o Lorito que lle trae o peixe de Viveiro”. Mais non era esa nin outra. E como a besta se negase a dar un paso, ambos, home e cabalo, tiveron que dar volta [1].

## A Vedoira

Dolores de Esqueira era vedoira. Disque cando a bautizaran lle puxeran os óleos dos defuntos no canto dos do bautismo, e así vía os enterros da xente antes de que morrese, só con pórse de noite a varrer contra si diante dun espello. Tamén sabía se o defunto ía para bon ou para mal sitio. Cando morría un anxeliño, contaba, o enterro levaba repenique de campás e alegraba moito. Cando o morto ía para mal sitio, entón a caixa paraba diante dunha porta que non se abría. Un dos enterros máis tristes que anunciou foi o do Menú, que era un borrachuzas da Lavandeira a quen uns compadres lle apostaran unha botella de caña se a bebía toda. Como o home xa estaba cheo antes de comezar, non a deu engulido. Entón os compadres obrigárono a acabala meténdolle un funil pola boca. E xaora, o Menú morreu aquela noite [2].

[1] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, 2005, conto CCLXXIII, páx. 154.
[2] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCCVI, páx. 166.

**Capela de Santa María de Ferreira (O Valadouro). Desaparecida en 1931**



*Capela de Santa María.*
Ferreira.
Cronoloxía: documentada desde 1635.
Derrubada no ano 1931.
Fotografía publicada por
Francisco José Vila Pernas.
Facebook,
"Eres de Ferreira do Valadouro si...",
Data: 16.01.2018.



*Igrexa parroquial.*
Ferreira.
Cronoloxía: 1911-1931.
Estilo: neogótico.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 09-09-2000.



*Virxe co Neno.*
*A Virxe do Leite.*
De pedra.
Procedente da capela de Santa María.
Ferreira.
Apareceu no ano 1995.
Foto: Xesús Pisón.



*A Virxe do Leite*
[posibelmente da Capela de Santa María, Ferreira].
Cronoloxía: século XII.
Situación actual: Museo Diocesano, Mondoñedo.
Foto: Abel Vigo García.
Data: 12.08.2014.



*Pía.*
Material: pedra.
Procedente da capela de Santa María (Ferreira) ou da de San Cristovo (Budián).
Foto: Isaac Ferreira.
Data: agosto 2000.





*Cemiterio parroquial.*
Ferreira.
Situación: O Empalme.
Fotos: Xosé Manuel Casabella López.
Data: 02-11-2017.



*Cruz dos Pinos*
*ou Cruz de Guillermito.*
Ferreira.
Cronoloxía: 1950-1960.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 24-08-2000.



*Cruceiro da Praza.*
Ferreira.
Praza de Santa María.
Cronoloxía: século XX.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 03-09-2001.



*Escudo dos Charlos.*
Cronoloxía: prob. século XVIII.
Orixe: *A Pena.*
Ferreira.
Situación actual: aparcadoiro Fábrica de Sargadelos.
Comprado.
Foto: Colección Sargadelos.





*Casa das Varelas.*
Ferreira. Praza de Santa María.
Foto facilitada por Roberto Reigosa Méndez.
*Casa do Cuartel Vello.*
Ferreira. Barrio da Ponte.
Foto facilitada por Xoán Ramón Pérez Blanco.



*Capela, pendellos do mercado e Casa das Varelas.*
Ferreira.
Foto public. por Eloy Galán Orol.
Data: 10-05-2016.



*Casa de Alonso* (liña mindoniense).
Ferreira.
Foto: Colección Sargadelos.
Data: década dos anos '60.






*Casa de Mato* ou *de Lourenzo.*
Ferreira.
Fotos: Isaac Ferreira.
Data: 03-09-2001.



*Salón Cinema.*
Ferreira.
Situación: A Ponte.
Foto: Xosé Manuel Casabella López.
Data: 12-08-2017.

*Frexulfe*

## FREXULFE

Parroquia do concello do Valadouro, arciprestado do mesmo nome e diocese de Mondoñedo-Ferrol [1].

Coordenadas [2]: Latitude: 43º 31' Lonxitude: 7º 28'

Superficie [3] en Km$^2$: 11,19

Delimitada, ao norte, polas parroquias de San Tomé de Recaré (O Valadouro) e Recaré (O Valadouro); ao sur, polas do Cadramón (O Valadouro), O Pereiro (Alfoz) e Lagoa (Alfoz), ao leste, pola de Lagoa (Alfoz); e ao oeste, pola de Miñotos (Ourol) [4].

Recibe as augas do río *Ouro* (<*Douro*) e do seu afluente *O Rego da Fraga das Lerias*, e rexistra as principais elevacións do seu relevo nos montes *Picheira* e *Loureiro*, de 498 e 232 metros, respectivamente.

O río Ouro (Douro), que nace no pico do Cadramón (1.056 m), forma parte da Rede Natura 2000 (áreas ou espazos naturais de alto valor ecolóxico), precisamente nos tramos medio e baixo do seu curso, desde Frexulfe até a súa desembocadura en Fazouro (Foz), que protexe un total de 109 hectáreas dos concellos do Valadouro, Alfoz e Foz. Tamén forma parte dos 59 espazos galegos denominados LIC (Lugares de Importancia Comunitaria) e declarados zonas de especial protección dos valores naturais [5].

Conta con 87 habitantes (Homes: 45. Mulleres: 42) [6], nas 21 entidades de poboación de: *A Abelleira, Anido, Baer, A Cazcalleira, Cerdeiras, O Chaíño, Couso, Coutomil, O Escallal, Freixido, Os Galegos, O Lagar, O Leirado, Painzás, O Pazo, Piñeiro, O Solloso, Suaigrexa, Teixeda, Vilaestremil, Vilares* [7].

Sepáraa unha distancia de 5,7 Km da capital do concello, coa que se comunica pola estrada CP-0101 (Ferreira-O Cadramón-Abadín).

Festividades [8]: *O Sagrado Corazón de Xesús*
(Un venres de xuño, en función da Semana Santa).
*Santa Eulalia*, 10 de decembro. Titular da parroquia.

[1] P. Iglesia Hernández, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XIV, páx. 123.
[2] A. Precedo Ledo-M. Gallego Priego (dirs.), *Mapa de parroquias de Galicia (1:200.000)*, 2001, páx. 149.
[3] A. Precedo Ledo-M. Gallego Priego, op. cit., 2001, páx. 87.
[4] Fonte: elaboración propia, IF, 2000.
[5] Directiva 92/43/CEE, Consello da Unión Europea, 1992. Real Decreto 1997/1995, Madrid. Decreto 72/2004, Xunta de Galicia.
[6] Fonte: INE, 01.01.2017.
[7] DOG, núm. 69, 09.04.1992. páx. 3.159. *Nomenclátor de Galicia. Lugo*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2000.
[8] Informante: Xoán Ramón Pérez Blanco, 1983.

## | Toponimia | [1]

*Frexulfe:* nome da parroquia. (Orixe xermánica, dun nome de persoa).

### Orónimos

*A Serra do Xistral, O Penido Vello* (796 m), *A Picheira* (498 m), *O Couto de Montoxo* (244 m).

### Hidrónimos

*Río Ouro [Douro], Rego do Penido, Rego das Balsadas ou de Sinás, Rego da Fraga das Lerias* (nace no Rego da Pena Moura e delimita as parroquias de Frexulfe e O Cadramón), *Rego de Pedrouzos, Rego de Vilares, A Fonte da Cona da Vella* (no lugar das Forxas) [2], *A Fonte de María Arteira*, *A Fontelafría*.

### Entidades de poboación

*A Abelleira* (fauna; do lat. APICULA > *abec'la* > *abella*), *Anido, Baer, A Cazcalleira, Couso* (referencia ás técnicas baseadas en acurralar as feras até un foxo ou cercado. Proba evidente deste labor de caza e captura do lobo ou xabarín) [3], *Coutomil, O Escallal, Freixido* (flora; do lat. FRAXINUS > *fraxio* > *freixo*), *Os Galegos, O Lagar, Painzás, O Pazo, O Solloso, Suaigrexa, Teixeda* (flora; colectivo de *teixo*, árbore velenosa) [4], *Vilaestremil* (composto latino-xermánico: VILLA + OSTREMIRI) [5].

### Lugares

*Os Castelos* (na cabeceira da Fraga das Lerias) [6], *Os Cortellos* (arriba da Fraga das Lerias; hai unha 'cabana'), *A Cova do Baratón* ou *O Baratón de Barro* (en Freixido) [7], *A Cova dos Encantos*, *As Forxas, María Arteira, A Pena Moura* (no Couto de Montoxo) [8].

### Topónimos con data documentada

*Frigulfe* (1488) [9], *Villa Ostremiri* (*Vilaestremil*) (cara ao ano 1100) [10].

No ano 1928, Manuel Amor Meilán cita os seguintes lugares, que xa non figuran no actual Nomenclátor oficial da provincia de Lugo:

*Basanta, Calvario* (lat. CALVARIUM), *Chouza, Lama Redonda, Maiarteira (María Arteira), Picheira* [11].

---

[1] Fonte: elaboración propia, IF, 2000-2014.
[2] "Está na pista que sube... ao Ramallal. Esta fonte non ten pía; sae auga de entre unha raxa de pedras semellando o atributo [que se menciona no topónimo]". Informante: Juan Vidal [Orol], Facebook, "Eres de Ferreira do Valadouro si...", 27.07.2017.
[3] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 93. A tradución é nosa.
[4] Nunha casa de *Teixeda* está o marco ou pedreiro que deslinda as parroquias de Frexulfe e de San Tomé de Recaré.
[5] Nomenclátor da provincia de Lugo, DOG, núm. 16, 25.01.2000, páx. 1.006.
[6] Informante: Xosé Cao García, veciño de *Ferrocente* (O Cadramón), 13.09.2001.
[7] Nunha propiedade de Horacio Barro Vázquez, veciño de *Freixido* (Frexulfe) e residente en Ferreira (falecido). Etimoloxía: gr.-lat. *barathru* > báratro 'cova profunda; abismo; precipicio; sima; lugar onde residen as almas dos mortos; inferno'. I. Alonso Estravís, *Dicionário da lingua galega*, t. I, Madrid, 1986, páx. 344.
[8] Fonte: elaboración propia, X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, 1999.
[9] E. Cal Pardo, *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*, 1999, doc. 206, doc. 206, Santiago, data: 19.02.1488, páx. 428.
[10] AHN. Clero. Lorenzana. Tumbo 1044 B. Fols. 23v-26v. A. Rodríguez González-J. A. Rey Caíña, "Tumbo de Lorenzana. Transcripción y estudio", *Estudios Mindonienses*, núm. 8, 1992, doc. 13 C, (páxs. 43-45), páx. 44. A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 51.
[11] M. Amor Meilán, *Geografía del Reino de Galicia. Provincia de Lugo*, 1928, páx. 550.

*Século XI*

No Apeo de servos e posesións do mosteiro de Lourenzá, cara ao ano 1100 [1], no apartado 13 C, Noticia das *villas* (casas con herdades) que Guterri Osoriz (fillo de Osorio Guterriz, o Conde Santo), figura: *Villa Ostremiri* (Vilaestremil).

"... Villa Ostremiri in Aurio;..." [2].

*Século XIII*

Cartas. Murcia. Cronoloxía: 17.06.1271.

Nunha carta enviada desde Murcia, no ano 1271, polo rei Afonso X o Sabio para o bispo D. Nuno II Pérez (1261-1286), figura *Santa Valla de Frejulfe*.

"La segunda etapa de los acontecimientos se desarrolla en tiempos de Alfonso X el Sabio, siendo del 17 de junio de 1271 una carta del rey [ao bispo D. Nuno II Pérez (1261-1286)] [3] en la que se hace referencia al intento de anexión del valle entero, que por algún tiempo logra el concejo y alcaldes" [4].

«La carta de Alfonso X [de data 17.06.1271] dirigida a D. Nuño II desde Murcia informaba a este último de la presentación de los del Castro al rey de otra carta carta abierta de Alfonso IX [avó de Alfonso X], confirmatoria de la concesión que les hiciera el Obispo D. Martín de cierto territorio: *"En términos de Val douro"*, por alfoz, y que se querellaban por que *"vos"*, téngase en cuenta que la carta va dirigida a D. Nuño: *"sen razon e sen dreito lles pasades a este foro et lles tenedes tomado aun felegresias que dicen S. Iohan [San Vicente] de Lagoa, Santa Cruz et Santa Maria de Villa Campa et S. Martino da Veyga et San Gilao [San Xiao] de Recare et Santome et Santa Valla de Frejulfe et S. Jurio [San Xurxo] de Quadramon et Santo Esteuuo de Oyran* [Mondoñedo] *et S. Martino de Figueiras* [Mondoñedo]*, que cazen en el término de Val de Ouro, que es su alfoz et que elles tenian de juro et de poder cogelas non queredes leixar"*» [5].

*Século XV*

O Coto de Frexulfe. Cronoloxía: 1483.

Juan Núñez Pardo, fillo bastardo (?) do Mariscal Pedro Pardo de Cela, figura como herdeiro do Coto de Frexulfe, cando faleza Isabel de Castro (esposa do Mariscal), que levará a posesión do Coto mentres ela viva, pasando despois a este seu fillo natural (?) Juan Núñez Pardo.
Así figura no testamento de Pardo de Cela. Achado e edición do documento.
Eduardo Pardo de Guevara y Valdés. Cronoloxía: 2013 [6].

"... Creo que no puede dejar de destacarse la singular mención que el Mariscal hace a un hijo de cuya existencia nada se sabía con seguridad:

---

[1] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 51.
[2] AHN. Clero. Lorenzana. Tumbo 1044 B. Fols. 23v-26v. *Tumbo de Lourenzá*, colección diplomática, *Noticia de las villas [casas] que Guterri Osoriz dio al monasterio [de Lourenzá]*, F. Mayán Fernández, *Estudios Mindonienses*, núm. 5, 1989, páxs. 296-322. A. Rodríguez González-J. A. Rey Caíña, "Tumbo de Lorenzana. Transcripción y estudio", *Estudios Mindonienses*, núm. 8, 1992, doc. 13 C, páx. 44. Documento sen data, cara ao ano 1100; A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 51.
[3] J. Martínez Cobo, *El Valle de Oro. Apuntes Históricos*, 1912, páx. 12.
[4] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 59.
[5] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 59; e páx. 65, n. 27. M. Amor Meilán, t. IV, páx. 107.
[6] E. Pardo de Guevara y Valdés, "El testamento del Mariscal Pardo de Cela. Noticia del hallazgo y edición del documento", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, LX, núm. 126, enero-diciembre 2013, páxs. 171-223.

*Yten nonbro por voz en el fuero del coto de Frejulfe a Juan Núñez Pardo, mi hijo, para que lo aya et llieve con las vozes que tiene después de la muerte de la dicha donna Ysabel, mi muger, porques mi boluntad qu'ella, en su bida, lo llieve, et después de su muerte que lo aya el dicho Juan Nunnez Pardo, mi hijo.*

La naturaleza no legítima de este hijo se deduce muy bien de la referencia del propio Mariscal, pues no precisa que sea hijo de doña Isabel de Castro, su mujer, y en todo caso lo aparta de la masa hereditaria y lo sitúa claramente al margen de la mención que hace poco después a sus dos hijas, doña Constanza y doña Beatriz, cuya legitimidad sí declara de manera expresa, nombrándolas además sus *legítimas y universales herederas*. Esta circunstancia de origen –incluída la propia bastardía– se refuerzan todavía más en el codicilo, donde el Mariscal ruega y manda a sus herederos *por la mi bendiçion et so pena de maldiçion que non ocupen nin tomen el coto de Frejulfe a Juan Nunnez Pardo, mi fijo, porque yo lo fize et nonbré por voz et persona del, et mando que moriendo él menor de hedad, que quede a mis herederos...* Poco más puede añadirse en torno a este nuevo personaje, que ahora irrumpe sin sombra de dudas en la vida del mariscal Pardo de Cela y de la misma manera parece que se desvanece después, pues nada posterior consta de él, ni siquiera si llegó o no a hacerse cargo del mencionado legado... No obstante, a pesar de que la tradición se hace eco de su existencia, se me antoja un tanto aventurado aceptar ahora, sin más averiguación, lo que en ella y en algún texto cronístico se ha consagrado; esto es, que aquel hijo –todavía un niño probablemente– corrió el mismo fatídico destino que su padre en la plaza mayor de Mondoñedo" [1].

Do primeiro traslado do testamento e codicilo do mariscal Pedro Pardo de Cela...
Cronoloxía: 1 e 1 de outubro de 1483. Villamayor de Mondoñedo.

"Yten rogo et mando a mis herederos por la mi bendiçion et so pena de maldiçion que non ocupen nin tomen el coto de Frejulfe a Juan Nunnes Pardo, mi fijo, porque yo lo fize et nombre por voz et persona del, et mando que moriendo el menor de hedad, que quede a mis herederos, et que a la muerte de mi muger, que lo llieve Alonso Avade, fasta quel sea de hedad" [2].

O profesor Antón Meilán non parece coincidir, como xa se indicou, en que Juan Nunnez Pardo fose fillo bastardo do Mariscal, senón lexítimo deste e da súa muller Isabel de Castro.

«O feito é que os enterran xuntos na catedral, como se escoita aínda hoxe en Mondoñedo, e como recolle a *Relazon*:

"Degolaron juntamente co él á Pero de Miranda Saavedraá é Castro seo filló, é da sua muller Dona Isabela de Castro, que era filla de Dona Beatriz yrmá do Duque de Arjona; era moco virtuoso de edad de vinte é dous anos, foy sua morte como de vn Martir, porque jamais se achou error, que fosse contra pesoa algúa, mor nen menor, se non por os pecados de seu padre, é querelo defender como deveo, que o matavan; sepultarono junto a él. Deus aja misericordia co a sua alma".

Cinco séculos despois, no ano 1964, apareceron alí as tres caveiras cos seus esqueletos. Nótese que non coincide o nome do fillo que aparece no testamento co da *Relazón*, mais si co que indica Diego de Varela, por tanto hai que pensar que foi así [3]. Polo demais, é rechamante que se cite, tanto no testamento como no codicilo, para que lle dean o coto de Frexulfe, como se o fillo fose unha teima, unha preocupación do Mariscal, se ben o codicilo di:

"Yten rogo et mando a mis herederos por la mi bendiçion et so pena de maldiçion que non ocupen nin tomen el coto de Frejulfe a Juan Nunnez Pardo, mi fijo, porque yo lo fize et nonbre por voz et persona del, et mando que moriendo el menor de hedad, que quede a mis herederos, et que a la muerte de mi muger, que lo llieve Alonso Avade, fasta quel sea de hedad".

Sospeitou o Mariscal que tamén ían degolar o rapaz, ao poñer en condicional "moriendo el menor de hedad"? Insiste Pardo de Cela na minoría de idade cando di "que (o coto de Frexulfe) lo llieve Alonso Avade, fasta quel sea de hedad".» [4].

[1] E. Pardo de Guevara y Valdés, "El testamento del Mariscal Pardo de Cela. Noticia del hallazgo y edición del documento", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, LX, núm. 126, enero-diciembre 2013, páxs. 193 e 194.
[2] E. Pardo de Guevara y Valdés, op. cit., *Cuadernos de Estudios Gallegos*, LX, núm. 126, enero-diciembre 2013, páx. 204.
[3] En definitiva, as tres caveiras son a do Mariscal, a do fillo, Juan Nunnez Pardo, e a dun fillo de Pero Miranda, que era parente do Mariscal.
[4] Antón Xosé Meilán García, *Os derradeiros días do Mariscal (O testamento e a igrexa mindoniense)*, Cadernos do Seminario de Estudos do Valadouro, núm. 9, inédito en outubro de 2018.

Organización eclesiástica. O “Deanalgo”. Cronoloxía: 19.02.1488.

No ano 1488, conforman o “Deanalgo” 24 parroquias, unha delas é *Frigulfe* (syn obispo) [1].

*Século XVI*

O Coto de Frexulfe. Cronoloxía: 1510.

Dona Leonor e dona Maior de Bolaños eran familiares do Mariscal Pedro Pardo de Cela y Aguiar Saavedra Bolaño.

“Yten una escritura otorgada entre el Muy Reverendísimo Señor Obispo de Mondonedo don Diego de Muros [1505-1512] y Bernardino Castellanos en nombre de dona Leonor de Bolanos, su muger, sobre el coto de Freyulfe. Pasó por ante Diego de Alariz, escrivano y notario público, fecha a veynte e quatro días del mes de abrill de mill e quinientos e seys años” [2].

“De la visita del bachiller Serrano en 1510 se deduce el carácter variable de las propiedades... de una parroquia a otra... la propiedad de Cotos como el de Frexulfe llevado en 1510 por los herederos de Pardo de Cela” [3].

“Yten una escritura de çiertos autos de la posesión que se tomó del coto de Fregulfe por parte del Obispo de Mondoñedo quando murió dona Mayor de Bolaños, que lo tenía ocupado” [4].

“Yten unas escrituras de juramento de Pedro Domíngues, escribano, de cómo cojió la renta del coto de Frejufe y que nayde se lo ynpidió ni estorvó” [5].

Foros. Cronoloxía: 08.05.1538.

“[Fr. Antonio de Guevara, bispo de Mondoñedo (1537-1545)] Regresó a la capital de la diócesis a primeros de mayo, si bien el día 8 ya lo encontramos en el Castro de Oro, en donde otorgó un foro a Juan de Lagar, vecino de Frejulfe, de una hanega, sita en el lugar de Las Huertas –Frejulfe–, por tres vidas y en canon de la cuarta parte de la producción” [6].

“El 8 de mayo de 1538 el obispo Fr. Antonio de Guevara [1537-1545] afora en el castillo del Castro de Ouro, en favor de Juan de Lagar, vecino de Frexulfe, una heredad de una fanega situada en el lugar de Hortas, en la misma parroquia de la que era vecino” [7].

Foros. Cronoloxía: 20.05.1538.

Obsérvese que, cando menos no segundo cuarto do século XVI, as xentes colleitaban viño no Valadouro.

---

[1] ACM. Arm. 8. Doc. 206. Santiago, 19.02.1488. E. Cal Pardo, *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*, 1999, páx. 428.

[2] J. García Oro-Mercedes Vázquez Bertomeu-M.ª del Pilar Rodríguez Suárez. Universidade de Santiago, “El obispo fray Antonio de Guevara y la documentación mindoniense”, inventario de escrituras que lle enviaron ao bispo para o seu estudo, *Estudios Mindonienses*, núm. 11, 1995, páx. 57.

[3] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 104.

[4] J. García Oro-M. Vázquez Bertomeu-M.ª del P. Rodríguez Suárez, Universidade de Santiago, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 11, 1995, páx. 59.

[5] J. García Oro-M. Vázquez Bertomeu-M.ª del P. Rodríguez Suárez, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 11, 1995, páx. 59.

[6] AHN. Clero. Libros. Núm. 6371. Fol. 147s. E. Cal Pardo, “Episcopologio mindoniense. Siglo XVI”, *Estudios Mindonienses*, núm. 15, 1999, páx. 162 e n. 172.

[7] C. A. González Paz, “Las fortificaciones medievales en el Val do Ouro”, en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, Lugo, 2006, páx. 164, n. 124. Tirado de E. Cal Pardo, “Episcopologio mindoniense. Siglo XVI”, *Estudios Mindonienses*, núm. 15, 1999, páx. 162.

"El día 20 del mismo mes [de mayo] [Fr. Antonio de Guevara, bispo de Mondoñedo (1537-1545)] también se halla por tierras del Valle de Oro, en donde extiende documento de foro a Pedro Nabal, vecino igualmente de Frejulfe, de una heredad que se hallaba dentro de otra del forero, por tres vidas y en canon foral del 5º del vino cosechado" [1].

Foros. Cronoloxía: 05.04.1541.

"En 5 de abril [de 1541] [Fr. Antonio de Guevara, bispo de Mondoñedo (1537-1545)] se hallaba en Mondoñedo, en donde otorgó un foro a favor de Juan Gasallo, vecino de Frejulfe [sic], por tiempo de tres vidas, de un terreno sito en la Mojoeira [sic] [2], de dicha parroquia, en el quinto de lo que cosechare" [3].

Débedas. Cronoloxía: 1572.

Fr. Antonio de Luján, OFM, bispo de Mondoñedo (1570-1572), natural de Madrid e falecido no Castrodouro en 1572, deixou algunhas débedas pendentes de pagamento á súa morte.

"Fr. Antonio de Luján dejó diversas deudas a la hora de su muerte. En efecto, Juan Ramos, clérigo de Frejulfe, reclamaba 70 ducados, de los 100 que había prestado al prelado" [4].

Mandas. Cronoloxía: 1598.

"En 1598 Juan Canoura, de la vecina parroquia valadourense de Santa Baia de Frexulfe, dejo un depósito de seis fanegas de trigo para prestárselas a los pobres" [5].

*Séculos XVI e XVII*

A fidalguía no Antigo Réxime. Oficios liberais.

"Los Farto de Freixido de Frexulfe: A. Farto (1588-1624) y D. Farto (1623-1631) caracterizan sagas de escribanos que se repiten a lo largo de los tres siglos [XVI-XVII-XVIII]" [6].

Monte de Piedade. Cronoloxía: 1598.

"En 1598 existía un monte de piedade, fundado por Juan Canoura, con 6 fanegas de millo miúdo" [7].

*Século XVII*

Foros. Cronoloxía: 1603-1696.

En todo este século existe constancia documental do outorgamento de diversos foros, por parte dos sucesivos bispos de Mondoñedo, nesta parroquia de Frexulfe. Así, a favor do Bacharel Pedro Fernández de Cabarcos (11.02.1603), cura da parroquia; Gómez de Pardiñas (11.02.1603), veciño de Frexulfe; Pedro Maseda (02.08.1630); Pedro Pernas (28.04.1644), veciño de Frexulfe; Bartolomé Canoura (19.10.1649), veciño de Frexulfe; Pedro de Lanza (26.06.1684), veciño de Frexulfe; e Diego da Veiga (20.09.1696).

---

[1] AHN. Clero. Libros. Núm. 6371. Fols. 133ss. E. Cal Pardo, "Episcopologio mindoniense. Siglo XVI", *Estudios Mindonienses*, núm. 15, 1999, páx. 162 e n. 173.
[2] Hoxe existe *A Muxueira* nas parroquias do Cadramón e de San Tomé de Recaré. *Nomenclátor de Galicia. Lugo*, 2000, páxs. 147 e 148.
[3] AHN. Clero. Libros. Núm. 6371. Fols. 121ss. E. Cal Pardo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 15, 1999, páx. 166 e n. 192.
[4] E. Cal Pardo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 15, 1999, páx. 238.
[5] P. Saavedra Fernández, *Economía, política y sociedad en Galicia: la provincia de Mondoñedo, 1480-1830*, Xunta de Galicia, 1985, páxs. 616-617. En C. A. González Paz, "Un alarde en la jurisdicción de Alfoz del Castro de Ouro en el año 1579", *Estudios Mindonienses*, núm. 24, 2008, páx. 400, n. 48.
[6] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 101.
[7] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 99.

Dous foros. Cronoloxía: 11.02.1603.

"El 11 de febrero de 1603 D. Diego [González Samaniego, bispo de Mondoñedo (1599-1611)] otorgó dos foros de bienes sitos en la feligresía de Frejulfe, uno a favor del Bach. Pedro Fernández de Cabarcos, cura de dicha parroquia, y otro a favor de Gómez Pardiñas, vecino de la misma parroquia. Ambos se hicieron por tiempo de tres vidas y en canon foral de la quinta parte de la producción agrícola" [1].

Foros. Cronoloxía: 02.08.1630.

"El 3 de septiembre de 1629, hallándose nuestro prelado [Fr. Rafael Díaz de Cabrera, OSS Trinitatis, bispo de Mondoñedo (1618-1630)] de camino para Madrid, otorgó poder al expresado Hernando Alonso Blanco para poder otorgar documentos de foro o arrendamiento. Éste aforó, el 2 de agosto del susodicho año de 1630, a Pedro Maseda, por tiempo de tres reyes, las heredades de Prado, sitas en Frejulfe, en canon de un ferrado de trigo y otro de centeno" [2].

Foros. Cronoloxía: 28.04.1644.

"D. Gonzalo [Sánchez de Somoza Quiroga, bispo de Mondoñedo (1638-1644)] otorgó unos cuantos foros a lo largo de los años de su pontificado... El cuarto fue otorgado el 28 de abril de 1644 a favor de Pedro Pernas, vecino de Frejulfe, de ciertas heredades" [3].

Foros. Cronoloxía: 19.10.1649.

"D. Francisco [de Torres y Grijalba, bispo de Mondoñedo (1648-1662)] otorgó unos cuantos foros durante su pontificado. El primero conocido es el que hizo, el 19 de octubre de 1649, a Bartolomé Canoura, vecino de Frejulfe, por tiempo de tres reyes de España, de una pieza de heredad sita en el lugar de Anido de dicha feligresía, en canon foral de un ferrado de pan" [4].

Foros. Cronoloxía: 26.06.1684.

"El 26 de junio de 1684 [Fr. Gabriel Remírez de Arellano, bispo de Mondoñedo (1682-1689)] aforó a Pedro de Lanza, vecino de Frejulfe, por tiempo de tres vidas, los bienes que contenía el foro que había otorgado el obispo Fr. Antonio de Guevara [1537-1545], en 30 reales de vellón" [5].

Foros. Cronoloxía: 20.09.1696.

"El 20 de septiembre, el referido [Fr.] Julián López [apoderado do prelado Fr. Miguel Quijada, O. Cist., bispo de Mondoñedo (1690-1698)] otorgó un foro de Frejulfe a Diego da Veiga" [6].

Montes de Piedade. Cronoloxía: 1603-1668.

En 1603 e 1668 fundáronse dous montes de piedade, con 14 fanegas de pan e millo miúdo, por metade, depositadas na igrexa [7].

Confrarías do Rosario e das Ánimas. Cronoloxía: 1617-1680.

---

[1] AHN. Secc. Clero. Libros. N. 6371. Fols. 122-129. E. Cal Pardo, "Episcopologio Mindoniense. Siglo XVII", *Estudios Mindonienses*, núm. 16, 2000, páx. 29 e n. 123.
[2] AHN. Clero. Libros. N. 6371. Fols. 139-146. E. Cal Pardo, op, cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 16, 2000, páx. 81.
[3] AHN. Clero. Libros. N. 6371. Fols. 147ss. E. Cal Pardo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 16, 2000, páxs. 132-133.
[4] AHN. Clero. Libros. N. 6371. Fols. 65v-66r, 130r-294r. E. Cal Pardo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 16, 2000, páx. 164.
[5] AHN. Clero. Libros. N. 6371. Fols. 147-150. E. Cal Pardo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 16, 2000, páx. 239.
[6] AHN. Clero. Libros. N. 6371. Fols. 139-146. E. Cal Pardo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 16, 2000, páx. 260.
[7] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 99.

"Entre las Cofradías del Valle destaca por su importancia económica la de ánimas en la parroquia de Frexulfe y la de la parroquia inmediata de Cuadramón, todas ellas en áreas de montaña, caracterizadas por la tenencia de una ganadería caballar que en régimen de libertad poblaba los montes de las parroquias.
La propiedad del ganado se remonta al año 1617, perteneciendo a la cofradía del Santísimo Rosario de Frexulfe, los libros de cuentas de la de ánimas arrancan del año 1680. La posesión de ganado era común a otras parroquias como la de Alaxe (1617), Cofradía del SS. Sacramento o incluso ermitas como la de Ferreira. Su finalidad era el sostenimiento de las necesidades de la iglesia. El sistema se basaba en la existencia de un mayordomo encargado de la *egoada*, una administración a cargo del cura párroco encargado de tomar las cuentas y una supervisión realizada por el obispo o visitador, reflejada en los libros de visitas pastorales" [1].

Orfos de pai. Almoeda. Cronoloxía: 1628-1650.

«... y más cuando los usureros se arrojaban encima de bienes muebles y raíces: "quien quisiere comprar los bienes... pertenecientes a los hijos que fincaron de Juan Fernández de Foxo para pagar sus deudas y cumplimientos, acuda delante de Diego Farto de Freixido, escribano, que se le admitirá la puja y remates en el mayor postor, para el martes de Páscoa de Flores", decía una "cédula" clavada en la iglesia de Frexulfe de O Valadouro en 1628. Y en una almoneda de 1650, celebrada en la misma jurisdicción, nada queda sin pujar, a excepción de "las madejas de hilado, para haçer ropa a los muchachos [huérfanos]» [2].

*Século XVIII*

O 29 de setembro de 1708 aínda existía en Frexulfe a Confraría das Ánimas. Era o seu mordomo Domingo García [3].

A parroquia de Santa Eulalia de Frexulfe, no ano 1718, pertencía á Mitra de Mondoñedo, formando parte da Xurisdición da "Tierrallana del Valle de Oro" [4].

*Século XIX*

Carlistas en Frexulfe. Cronoloxía: 1835.

Sendo bispo de Mondoñedo D. Francisco López Borricón (1827-1839) [5], natural de Ornillayuso, Burgos, e estando este en Valladolid, de camiño para Madrid, como consecuencia dun oficio do Ministerio de Gracia y Justicia, na súa diocese acontece o que segue:

O 22 de novembro do ano 1835, baixo o pretexto de buscar ao arcediago de Melide Juan Martínez Villaverde que, segundo se dicía, estaba agachado no Palacio Episcopal, ese mesmo día pola mañá "nacionais e tropa" rodearon a Catedral e o Palacio Episcopal procedendo a un detido recoñecemento de todas as oficinas e de todos os acochos do devandito palacio. Nese momento pretendeu entrar nel o oficial de secretaría, Manuel López, que voltaba de Frexulfe (O Valadouro). Rexistrárono e atopáronlle, "entre la piel y calceta", un Boletín de D. Carlos e parece ser que tamén unha carta con noticias do Exército do Norte. En consecuencia foi arrestado inmediatamente, e un grupo de Cabalaría partiu sen demora para Frexulfe. Alí acharon á sobriña do prelado, Dona Ildefonsa, que fora visitar a un sobriño que estaba enfermo na casa do cura de Frexulfe. Rexistraron á sobriña do señor López Borricón, á que parece ser que lle atoparon dúas cartas, razón pola que a

[1] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 137.
[2] ANM. Diego Farto. 1628. Fols. 127-132, e 1650. Fol. 245. P. Saavedra, *La vida cotidiana en la Galicia del Antiguo Régimen*, Barcelona, 1994, páxs. 199 e 200, n. 38.
[3] Documento privado: recibo *addenda* ao testamento de Inés López. Transcrición: IF, 07.07.2001.
[4] J. I. Fernández Villalba, *Mondoñedo, regreso al pasado*, 1999, páx. 223.
[5] Don Francisco López Borricón tamén era carlista, e pasouse ao Exército do Norte, abandonando a diocese de Mondoñedo. Morreu en Morella (Cataluña) o 12 de decembro do ano 1839.

arrestaron, xunto co cura da expresada freguesía. Os realizadores do rexistro de Mondoñedo pecharon o palacio e depositaron as chaves en poder do gobernador [1].

O 9 de decembro dese mesmo ano (1835) escríbelle o bispo D. Francisco ao colector de Espolios lamentando todo o que lles ocorrera aos seus familiares en Mondoñedo e mesmo ao seu mordomo, que era o único que podía satisfacer as súas débedas. Os días 6 e 21 dese mesmo mes e ano diríxese o bispo en carta ao Capitán Xeneral do Exército de Galiza interesándose polo chantre de Mondoñedo, o seu secretario, polo cóengo Ponciano de Arciniega, por Manuel López (o oficial de secretaría que detiveran cando voltaba de Frexulfe para Mondoñedo) e polo definidor beneditino de Vilanova de Lourenzá, que, segundo as noticias, estaban arrestados en Lugo. Interésase tamén pola súa sobriña Ildefonsa, que tamén fora levada ao cárcere de Lugo. O referido Capitán Xeneral contéstalle lamentando a mágoa que invade ao prelado e indicándolle que "no está en su mano alterar una causa que marcha en justicia" [2].

Organización eclesiástica. O "Deanato" da Mariña. Cronoloxía: 01.06.1855.

Até o Concordato de 1851, a diocese mindoniense estaba dividida en 12 territorios, en función das diversas dignidades, tanto episcopal como catedralicias, e así as parroquias designábanse e agrupábanse con distintos nomes. Un dos doce territorios era o "Deanato" [3], que incluía a Zona da Montaña: parte da Terra Chá e O Valadouro.
Suprimidas moitas das dignidades capitulares, xurdiu a necesidade dunha nova ordenación do territorio diocesano en arciprestados.
Esta modificación estabeleceuse en virtude do decreto de 27 de abril do ano 1855 e comezou a rexer o 1 de xuño do mesmo ano.
En consecuencia, o bispado estruturouse en 18 arciprestados, un deles foi o "Deanato" da Mariña, que abranguía 26 parroquias (18 matrices e 8 anexas): toda a comarca do Valadouro máis 6 parroquias de Foz e 2 de Mondoñedo.
Unha das 18 parroquias matrices que conformaban o "Deanato" da Mariña era *Santa Eulalia de Frejulfe* [4].

*Séculos XIX e XX*

Personaxes. Cecilio Casabella Vázquez. Violinista. Cronoloxía: 1869-1942 [5].

Coñecido como *O Cego de Frexulfe*, O Cego de Canoura ou O Cego de Cigarro, Cecilio Casabella era o avó de moitos Casabellas do Valadouro, entre eles do cantautor e compositor Miro Casabella, (Ramiro Cecilio Domingo Casabella López), quen, como vemos, mantén oficialmente o nome de seu avó, o mesmo que un seu curmán, Cecilio Fernández Casabella. Continuando cos pormenores, a irmá de Miro (a máis nova dos cinco irmáns) leva por nome de pía o da súa avoa paterna, Amalia.

«Cecilio naceu no ano 1869 [en Vilaestremil (Frexulfe)]. Era o menor dos sete fillos de Ambrosio Casabella e Benita Vázquez, ámbolos dous naturais do Pereiro pero establecidos na parroquia de

[1] Juan Martínez Villaverde, nomeado reitor do Seminario polo bispo de Mondoñedo D. Francisco López Borricón, e posteriormente nomeado arcediago de Melide, estaba acusado de acaudillar unha facción de carlistas. Foi procesado e encarcerado. Non podendo probarse os cargos que contra el se alegaban, puxérono en liberdade. Con todo, ante o cerco a que se vía constantemente sometido, o 26 de marzo de 1834, foxe de Mondoñedo. A raíña mandou extraditalo e confiscar os seus bens temporais. Martínez Villaverde morreu en San Juan de Luz (Francia) no ano 1843. Nota dos autores: Para carlismo véxase tamén na parroquia do Cadramón.
[2] ARM. 4. Est. 1. Leg. 7. Carta de José de la Vega y Bolaño, Maxistral de Mondoñedo, e de José M.ª Gillao, cura de Budián. E. Cal Pardo, "Episcopologio Mindoniense", *Estudios Mindonienses*, núm. 13, 1997, páx. 425. A tradución é nosa.
[3] Territorio baixo a xurisdición dun deán; deádego, deado.
[4] Recompilación, tradución e adaptación: IF, 29.11.2001.
[5] F. Piñeiro González-M.ª P. Rodríguez Silva, *Lembranzas musicais do Valadouro*, xullo de 2013, páx. 25.

Frexulfe, no lugar de [Vila] Estremil, antes de se mudaren definitivamente ó lugar de Chaíño [O Chaíño], na mesma parroquia.
[...]
Cecilio, con dous anos, sufriu e resistiu ás atrocidades provocadas pola viruela... quen lembra a súa cara asegura que "non tiña ollos"...
[...]
Coa pérdida [perda] da visión [en 1871] o neno desenrolou [sic] outras capacidades que lle permitiron acadar as habilidades necesarias para completar unha vida ateigada de experiencias... Seguindo as valiosísimas indicacións dos seus netos Juan Antonio Fernández Casabella e Jesús Casabella López, asesores deste capítulo, soubemos que Cecilio *para aprender a tocar o violín ía a algún lugar preto de Zoñán*, en Mondoñedo, *ou nalgún lugar entre Zoñán e Labrada*, en Abadín... Chegamos á conclusión de que o seu mestre probablemente fose "O cego de Espiñarcao", Manuel Reigosa, nado no 1860, quen ós oito meses quedara cego polo *mal das vexigas* como vulgarmente se coñecía a 'viruela'. Pola súa idade debeu aprender a tocar o violín do Refaixeiro ou talvez da Pachacha a cal acostumaba *a botar tempadas tocando polas aldeas entre o Viveiró e Abadín*.
[...]
Non descartamos tampouco o contacto de Cecilio co Benigno Soto, "O Roso", cego de Rego de Cas, Mondoñedo, que tiña o seu percorrido dende Zoñán a Gontán e ademais era natural de Silán, no concello de Ourol, o mesmo lugar que Amalia, a moza coa que casou Cecilio.
[...]
Despois de casar con Amalia Cabeza Fernández [en 1900], nada no 1872 en Silán (Ourol), emprende a primeira das catro viaxes [1900, 1907, 1910, 1915] que fixo á Arxentina. Realizouno no mil novecentos na compaña de Eliseo Cabeza, o neno de doce anos que xa tivera Amalia de solteira. Repetiron a experiencia en outubro de 1907. Eliseo [Cabeza] quedou prendado das terras americanas e rematou emigrando para afincarse definitivamente nelas; así que Cecilio, para realizar as dúas seguintes viaxes, tivo que botar man do seu grande amigo José Benito Vivero Paz, da familia dos Roquitos do Couto de Arriba en San Pedro de Mor [*Benito dos Roquitos, de quen sabemos que morre o 19 de marzo de 1954*]. *Da primeira vez arribaron en novembro de mil novecentos dez* como dúo musical, Cecilio ó violín e Benito ó clarinete, causando tal impresión que ata *os trolebuses e os tranvías se detiñan para escoitalos*, segundo eles mesmos contaban á volta. A segunda viaxe, novembro do mil novecentos quince, Benito queda rexistrado como ferreiro, a súa profesión verdadeira.
[...]
... no [ano] 1904 nace a súa [de Cecilio] primeira filla [Benita?].
Os beneficios obtidos [polas viaxes] eran substanciosos. Analizados os documentos de compra parece ser acertada a expresión de que *cada vez que ía xuntaba para mercar aquí un lugar* pois as súas posesións foron en aumento progresivo, se ben é certo que xa comezara a incrementar patrimonio estando solteiro, como se pode comprobar consultando documentos de compra ó seu nome no 1890.
De volta á casa, aínda que asistía ás feiras, festas e mercados na compaña dunha filla que facía de guía, non atopamos testemuñas de lembralo tocando en público nin cantando ou vendendo coplas. O mesmo Miro Casabella, afamado cantautor que se ten presentado dicindo: "*... son o quinto neto dun cego cantor de coplas*"... nos aclara que usa tal expresión nun sentido poético xa que nunca atopou pegadas de que Cecilio se exercitase como trobador de casos e crimes polos arredores do Valadouro.
Téñase en conta que no mundo musical dos cegos o máis habitual era que a voz a puxese o acompañante xa que o instrumentista estaba obrigado a cantar de memoria, polo baixo, a partitura que loxicamente non podía ver.
[...]
Instalado definitivamente como dono do muíño do Chaíño, tivo ó muíño do Pazo de Frexulfe (das ramas familiares Pardeiro, Rolle, Abelleira) como competencia pero coas cales rematará emparentándose. Para captar clientela e non perder a súa, durante o inverno, pagaba a un mestre para darlles escola ós fillos dos seus clientes e cando se trazou a estrada do Cadramón pagou do seu peto a expropiación dos terreos para que pasara [sic] cerca do [muíño] del.
[...]
A carencia de vista non impedía trato e relacións con familias locais (entre elas a do médico [don Atilano] Basanta, de Adelán), viaxar a Lugo para xestionar e tramitar documentos e incluso asistir en Madrid á coroación do rei Alfonso XIII, acto para o cal lle mercou á súa dona un mantón de Manila. No seu oficio de rexedor do muíño distinguía de quen eran os sacos pola forma de estaren atados; cando ía repartir sabía onde estaban os cruces de camiños polo son dos cascos da besta ó bater co chan.
Como anécdota final anotamos a explicación que facía dun reloxio que trouguera das Américas.
—*Un día caéume [o reloxo] na estrada xusto cando pasaba un coche, tripoumo cunha roda pero seguiu andando!*
—*Seguiu andando, o coche pola estrada* –remataba a historia a súa dona, con ironía.

Cecilio morreu no ano 1942. Deixou os fillos e fillas estudiados e donou o seu violín á directora dun dos colexios de Lugo» [1].

*Século XX*

Organización eclesiástica. O actual Arciprestado do Valadouro. Cronoloxía: 1946.

No ano 1946, a diocese de Mondoñedo está dividida en 27 arciprestados, un deles é o Arciprestado do Valadouro, que abrangue os concellos de Alfoz, O Valadouro e tamén parte do de Mondoñedo.
Compoñen o arciprestado do Valadouro 16 parroquias matrices máis 4 anexas.
Unha das dezaseis parroquias matrices é Santa Eulalia de Frexulfe [2].

[1] F. Piñeiro González-M.ª P. Rodríguez Silva, *Lembranzas musicais do Valadouro*, xullo de 2013, páxs. 25-27.
[2] J. L. Mínguez Goyanes, "Don Fernando Quiroga Palacios, obispo de Mondoñedo (1946-1949)", *Estudios Mindonienses*, núm. 10, 1994, páx. 125. E. Cal Pardo, "Episcopologio mindoniense", *Estudios Mindonienses*, núm. 10, 1994, páxs. 25-26. F. Monterroso Carril, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XXIX, páx. 214. Tradución e actualización de topónimos: IF, 19.10.2001.

## IGREXA DE FREXULFE *(Santa Eulalia)*

Parroquial.
Situación: Estrada CP-0101 (Ferreira-O Cadramón-Abadín). Dista 6,2 Km de Ferreira.
Cronoloxía: 1779.
Estilo: barroco popular.
Construída sobre unha capela.
Pórtico lateral, sostido por dúas pilastras, no muro dereito.
Porta dereita: sobre o lintel, o ano de construción.

Figura no Inventario do Patrimonio Cultural da provincia de Lugo. Histórico-Artístico. Arte: Arquitectura relixiosa [1].

"Fue construida en 1779 sobre otro templo anterior" [2].

"El auge económico vivido por el Valle en el siglo XVIII permitió a los feligreses y clero disponer del caudal necesario para transformar las antiguas ermitas de la época medieval en templos de estilo barroco popular. No eran los primitivos templos lugares decentes, sino edificaciones de reducidas dimensiones. La iglesia de Santa Eulalia de Frexulfe es un ejemplo claro de esta transformación arquitectónica, la primitiva ermita debía de ocupar lo que hoy en día es el presbiterio, a ella se le añadió el resto del crucero y sacristía" [3].

### *Nave*

"Consta de una nave cubierta de madera a dos aguas, arco triunfal y capilla mayor con la sacristía detrás. A ambos lados de la nave tiene dos pequeñas capillas cubiertas con bóvedas de cañón" [4].

### *Fachada principal*

Torre, á dereita.
Estilo: barroco popular.

"La fachada principal lleva arco adintelado con su guardapolvo y remate de cruz de piedra. A la derecha de la fachada se levanta una torre de un solo cuerpo coronada por cúpula y bolas. Adosado al muro derecho de la nave hay un pórtico sencillo sostenido por dos pilastras y con puerta adintelada al templo. Sobre la puerta se lee la fecha de la construcción del templo" [5].

### *Presbiterio*

Retablo.
Estilo: rococó.

"Hermoso retablo de estilo rococó jaspeado y buen dorado, dos cuerpos. En el primer cuerpo sagrario con expositor. A los lados San Miguel y San José, ambos de la segunda mitad del siglo XVIII bien estofados (0,90).
El segundo cuerpo lleva una sola hornacina con imagen titular de Santa Eulalia, de buen estofado (1,10). A los lados hay dos ángeles que sostienen lamparitas del siglo XVIII de metal amarillo" [6].

---

[1] DOG, núm. 133, 12.07.1991. X. Fariña Jamardo, *Os Concellos Galegos*, t. X, 1993, páx. 35.
[2] S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, t. III, 1980, páx. 157.
[3] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 111.
[4] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. III, 1980, páx. 157.
[5] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. III, 1980, páx. 157.
[6] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. III, 1980, páx. 157.

*Capela lateral dereita*

Retablo.
Estilo: neoclásico.

"Retablo neoclásico de un solo cuerpo con dos columnas y frontón triangular. Lleva Inmaculada Concepción (0,65), siglo XVIII; Virgen del Rosario (0,58), y Santa Eulalia (0,62), popular" [1].

*Capela lateral esquerda*

Retablo.
Cronoloxía: século XVIII.
Estilo: renacentista.

"Hermoso retablo todo dorado, de estilo renacimiento, dos cuerpos. En el primero sagrario con copón y forma en la puerta y rematado con sencilla cupulita. A los lados San Roque (0,72), popular, y San Antonio (0,75), buen estofado.
El segundo cuerpo lleva San Miguel (0,68), de buen estofado, y San Rosendo obispo (0,56), siglo XVIII. El retablillo pertenece al siglo XVIII" [2].

*Sacristía*

"En el muro una fuente de piedra con su mascarón.
Custodia de plata sobredorada, últimos años del siglo XIX, pie repujado (0,50).
Lienzo representando a San Juan Bautista, segunda mitad del siglo XVIII (0,70 x 0,55).
Cáliz de plata sobredorada, liso (0,23), siglo XVIII.
Dos cálices lisos de plata, siglo XVIII, ambos de 0,22.
Juego de seis candeleros de bronce de estilo renacimiento.
Niño Jesús vestido, siglo XVIII.
Sobre la cajonería un Cristo popular (0,60).
Cruz procesional de estilo renacimiento, siglo XVI, plata repujada sin sobredorar. En el anverso Cristo y en el reverso Virgen con el Niño, ambos coronados y sobredorados (0,80 x 0,60)" [3].

*Arquivo parroquial*

"Se conservan doce libras [libros] de culto y fábrica, algunos pertenecientes también al término limítrofe de San Xurxo de Cadramón, documentación que arranca del año 1680 y que refleja cómo han venido funcionando a lo largo de casi tres siglos las cofradías propietarias de caballos explotados en régimen de libertad en los montes inmediatos" [4].

*Imaxes existentes no ano 1999* [5]

| | |
|---|---|
| *Santo Antonio* | Cronoloxía: século XVIII.<br>Situación: retablo renacentista. |
| *San Roque* | Estilo: popular. |
| *Inmaculada* | Cronoloxía: século XVIII. |
| *San Miguel* | Cronoloxía: século XVIII.<br>Estilo: popular. |

[1] S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, t. III, 1980, páx. 157.
[2] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. III, 1980, páx. 157.
[3] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. III, 1980, páxs. 157-159.
[4] P. Iglesia Hernández, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XIV, páx. 123.
[5] Colección gráfica: Xesús Pisón, 1999.

| | |
|---|---|
| *San Rosendo* | Cronoloxía: século XVIII. |
| *Santa Eulalia* | Estilo: popular. |
| *Neno Xesús* | Cronoloxía: século XVIII. |
| *San Bartolomeu?* | Coitelo. Demo colgado polo pescozo. |
| *San Xosé* | Cronoloxía: segunda metade do século XVIII. |
| *Santa Eulalia* | Titular da parroquia.<br>Situación: cimo do retablo do presbiterio. |

*Santos de pedir*

Un deles moi antigo, con tres figuras humanas no Purgatorio.
Outro dunha Santa. Caixa de cor azul e vermello.
O terceiro, unha caixa sen traballar, cun corazón pintado sobre papel.

## NOTICIA DUNHA IGREXA EN VILAESTREMIL

No lugar de Vilaestremil (VILLA OSTREMIRI, cara ao ano 1100) houbo unha igrexa.
Existe neste lugar *A Horta do Cura* [1].

# | Cruceiros, cristos e cruces |

## CRUCEIRO DE ANIDO

Situación: Anido.
Ao pé da pista, no murado dunha pequena eira.
Cronoloxía: 1960.
Descrición: base cuadrangular, de pedra. Fuste octogonal. Cruz con Cristo exento. Dúas mulleres, unha a cada lado da cruz, sobre o capitel.
Cartela de mármore, na base, coa seguinte lenda:

RECUERDO DE SANTIAGO AVILLEIRA Y SOBRINOS.
FRANCISCO RUBAL
SU ESPOSA DOLORES MARTÍNEZ [2].

"Forma parte do grupo de Cruceiros dos séculos, XVIII, XIX e XX.
Na eira dos Anidos e moi preto da estrada achamos este cruceiro moi semellante ao cruceiro do Chaíño. Está formado por unha base cúbica, un varal octogonal, capitel con diferente estrutura e unha cruz moi sinxela na que hai un Cristo cos brazos estendidos ao longo da cruz. Na base hai unha lenda en lembranza da morte dunha persoa: RECUERDO DE/SANTIAGO AVILLEIRA/Y SOBRINO FRANCISCO RUBAL/Y SU ESPOSA/DOLORES MARTINEZ/. Neste cruceiro figura o nome da

[1] Informante: Fernando Monterroso Carril, 12.04.2001.
[2] Visita e fotografías: IF, 30.10.2001.

esposa de Francisco Rubal, dato a ter en conta, pois nos cruceiros desta zona non se dá este feito. Está datado no ano 1960 e os canteiros procedían do Valadouro" [1].

## CRUCEIRO DO CHAÍÑO

Situación: O Chaíño.
Estrada CP-0101 (Ferreira-O Cadramón-Abadín). Dista 6,5 Km da vila de Ferreira.
Na subida para a Fraga das Lerias (máis abaixo da subida por Freixido).
Onde a casa do Parragués.
Cronoloxía: século XIX.
Descrición: cruz alta con base normal cuadrangular, fuste en chafrán e cuadrangular nos extremos, capitel modulado de sinxelas liñas rectas, rematado o conxunto por unha cruz esvelta con iconografía semellante á das cruces pequenas de montaña, a saber: a imaxe de Xesús crucificado [duns 50 cm], de tres cravos e trazos populares; os brazos aparecen completamente aliñados en ángulo recto con respecto ao corpo, sen ter en conta a anatomía. Aos pés do crucificado aparece unha pequena figura en relevo, que representa á Virxe orante; semella servir, máis que como iconografía común, como un simple obxecto ateigado de espazos baldeiros nese curioso *horror vacui* ben común nas obras populares de montaña.
Todo o conxunto sobre un sinxelo pedestal de tres corpos.
Historia: este cruceiro foi doado polos veciños hai moito tempo. Cando se arranxou a estrada cambiárono de sitio, limpárono e restauráronlle as múltiples roturas que sufrira en varias caídas anteriores, dunha maneira tan acertada que practicamente é imposíbel notar estes arranxos. Con todo, na limpeza efectuada con chorro de area desapareceron tamén as letras da basa [2].

"Forma parte do grupo de Cruceiros dos séculos, XVIII, XIX e XX.
O cruceiro foi cambiado de lugar coa mellora da estrada dende o Cadramón a Ferreira, na pista que vai á Fraga das Lerias. Este cruceiro é típico desta zona e presenta copias doutros no referente ao varal, capitel e cruz. A efixie de Cristo cos brazos estendidos ao longo da cruz descansa sobre un supedáneo coa Virxe en actitude orante. Comentan os veciños que este cruceiro foi limpo con area e dende entón perdeuse a lenda da base. Datado no século XIX, quizais ano 1880" [3].

## CRUZ DE MONTEIRO

Situación: érguese sobre unha pena no remate dos pastos desta parroquia, a bastante altura, no respaldo do Chao da Pena que Fala, perto do Penido Vello.
Descrición: cruz alta de pedra, de forma sinxela e sen ningunha labra.
Historia: nese punto morreu un home que viña buscar molime co carro. Feneceu esmagado por este. De primeiras tivo unha cruz de madeira que, pola súa pouca durabilidade, foi substituída pola actual de pedra [4].
No verán de 2008, un dos autores deste *Inventario* encontrouse, por acaso, perto deste lugar cun fillo (que, sendo neno, presenciara a morte do pai), unha neta e mais un bisneto do falecido, emigrantes, que viñan localizar a cruz, que rompera, por mor de reparala, e non a daban encontrado. O autor deste parágrafo levou aquela boa familia ao lugar buscado [5].
Comentario: representa, por tanto, un lugar de accidente, como moitas que foron erguidas a partir do século XIX.

---

[1] M. Saavedra Pérez, *Cruceiros, cristos, cruces, viacrucis e esmoleiros no concello do Valadouro*, 2014, www.mesondoforno.com, 07.12.2015.
[2] R. Reigosa Méndez, *As cruces do Valadouro*, (inédito), páx. 23. Visita e fotografía: IF, agosto de 2002. Outra visita e fotografías: IF, 11.08.2013.
[3] M. Saavedra Pérez, op. cit., 2014, www.mesondoforno.com, 07.12.2015.
[4] R. Reigosa Méndez, op. cit., páxs. 22-23. Visita e fotografías: IF, 02.09.2000.
[5] Encontro casual no monte cuns emigrantes, un deles, chamado Edelmiro, era o fillo do defunto rememorado por esta cruz, que non daban encontrado (IF, verán de 2008).

"Unha cruz de desgraza, das moitas que hai neste concello do Valadouro, é a Cruz de Monteiro situada na ladeira do Chao da Pena que Fala, preto do Penido Vello. Está formada por unha plataforma cúbica, mesa tronco piramidal invertida, base cuadrangular e tronco piramidal, plinto cúbico e unha cruz de granito cuadrangular. Foi colocada en lembranza da morte dun señor debaixo dun carro de mulime. Algúns anos tivo unha cruz de madeira e despois colocouse a actual. É conservada por Luís de Monteiro, fillo do finado" [1].

"O Monteiro que morreu era o pai de Edelmiro de Recaré [que era o neno que veu morrer a seu pai naquel fatídico accidente], avó de Juan Montero e bisavó de Roberto e Iván Montero. Tamén era padre de Luís de Monteiro da Grela [sic], de Elsira e de dous fillos máis que ten na Argentina e Perú. É certo que ten familia fóra de España pero tamén a ten en Recaré e en Lagoa" [2].

## CRUZ DOS MONTES DE FREXULFE (ou CRUZ DE AMPARO)

Situación: pista de Freixido para o Penido Vello.
Cronoloxía: 1957.
Descrición: cruz alta de pedra; está esnaquizada ao pé doutra pequena de cemento.
Historia: a cruz vella ten unha cartela que fai referencia a un nome de muller [3], caracterizándoa como asasina e retomando así un escuro tema que é mellor que fique no esquecemento [4].

"No lugar das Extremas, ao carón da pista aos Penidos dende Freixide [Freixido], achamos a Cruz de Amparo, tamén coñecida como a Cruz do Asasinato. Trátase de dúas cruces, unha de pedra derrubada e outra de cemento colocada posteriormente. Na base lemos: */AMPARO HERMIDA./FACIO./EL 9-6-57 ASESINADA/POR LA PECHINA/RECUERDO DE SU FAMILIA/*. Ambas cruces lembran o pasamento de Amparo Hermida Folgueira, morta neste lugar por unha muller, por razón de celos. A cruz foi mandada poñer polo marido de Amparo no ano 1957" [5].

[1] M. Saavedra Pérez, *Cruceiros, cristos, cruces, viacrucis e esmoleiros no concello do Valadouro*, 2014, www.mesondoforno.com, 07.12.2015.
[2] María Pilar Casabella Méndez, Facebook, "Eres de Ferreira do Valadouro si...", 28.07.2017.
[3] Algúns veciños coñécena como A Cruz de Amparo (IF, 16.04.2001).
[4] R. Reigosa Méndez, *As cruces do Valadouro*, (inédito).
[5] M. Saavedra Pérez, op. cit., 2014, www.mesondoforno.com, 07.12.2015.

## A CASA DO PAZO

Situación: O Pazo.
Estrada CP-0101 (Ferreira-O Cadramón-Abadín). A 6,4 Km de Ferreira, no lugar do Chaíño, desvío á esquerda; a casa do Pazo está a 800 metros do desvío do Chaíño, pasando por entre as casas do lugar de María Arteira.
Antiga casa dos Ribadeneira [1] ou Valcarce.
Cronoloxía: século XVIII.
Casa patrucial dos Pardeiros.
Ten outra casa pegada, e enfronte hai un cuberto de bloques e de ladrillo vistos.
Na outra marxe da pista está o muíño, de sólida construción, pertencente á Casa do Pazo.

Personaxes. Leonardo [de] Mon Fernández e familia. Cronoloxía: séculos XVIII-XIX.

Leonardo Mon, veciño de Santa Eulalia de Frexulfe, era fillo de Carlos Mon e María Fernández, de Burela.
Foi escribán da S. M. [2]; casou con Teresa Dopico Pardo Ribadeneira, filla de Xosé Dopico e de Francisca Pardo Ribadeneira, de Frexulfe.
Leonardo e Teresa, que vivían na casa do Pazo, tiveron un fillo, Francisco Antonio Mon Pardo Ribadeneira (1790-1890), que casou con Vicenta Martínez Valcárcel de Moscoso, falecida en 1868 [3].

Personaxes. Ricardo Pardeiro Rodríguez. Cronoloxía: século XIX-1958.

Ricardo Pardeiro Rodríguez naceu nesta casa do Pazo. Foi alcalde do concello do Valadouro por tres veces: (1916-1921), (1930-1931), (1933-1936); faleceu o día 11 de novembro de 1958 e está enterrado no cemiterio parroquial de Santa Cruz do Valadouro, xunto coa súa dona, Dolores, que falecera no ano 1929 [4].

## A CASA REITORAL

Situación: entre a igrexa parroquial e a Estrada CP-0101 (Ferreira-O Cadramón-Abadín).
Cronoloxía: século XVII.
Deshabitada, en estado de semi-abandono.
Nun dos seus muros exteriores hai unha inscrición que non se le ben.
Escudo de armas, sobre a mesma pedra escrita.

---

[1] Foi propiedade de Inés Ribadeneira.
[2] Escritura foral das monxas do Convento da Concepción Francisca da Vila de Viveiro, en favor de Francisco Palmeiro, veciño de Santa Cruz. Documento de data 10.02.1804 (IF).
[3] Francisco Antonio Mon Pardo Ribadeneira e Vicenta Martínez Valcárcel de Moscoso eran os avós maternos de Francisco Pérez Mon (avó de Manuel Lourenzo e de Isaac Ferreira, e bisavó de Xesús Pisón); por tanto, Francisco Antonio e Vicenta eran os tataravós de Manuel Lourenzo e de Isaac Ferreira, e cuartos avós de Xesús Pisón, autores todos tres deste *Inventario*.
[4] Ricardo Pardeiro Rodríguez casou con Dolores González Gómez e tiveron seis fillos: Ramón, María, Xosefina, Mercedes, Aurelia e Chucha Pardeiro González. Ricardo deixoulle a casa á súa filla Mercedes Pardeiro González, que morou nela. Mesmo cando Mercedes casou con Manuel, este matrimonio sen fillos viviu nesa casa até que se foron para o asilo. Mercedes faleceu o 06.08.1988 aos 81 anos de idade e, como seus pais, está enterrada no cemiterio parroquial de Santa Cruz. Todo o vinculado á casa do Pazo é propiedade dos Pardeiros. Informantes: Juan Antonio Fernández Casabella, 17.08.2000; Arturo Blanco Orol, 21.08.2000; Ricardo Pardeiro Rodríguez (neto), 10.08.2013 (IF). Visitas e fotografías: IF, 13.08.2001; 11.08.2013; 28.08.2013.

No século XIX, as terras do igrexario pertencían a D. Manuel Pardo Montenegro y Cordal, veciño de Mondoñedo [1].

Figura no Inventario do Patrimonio Cultural da provincia de Lugo. Histórico-Artístico. Arte: Arquitectura civil. Casas e pazos [2].

"En uno de sus muros exteriores inscripción no fácilmente legible y escudo de piedra de forma ovalada" [3].

## Escudos de armas

Situación: Casa Reitoral.
Cronoloxía: século XVII.
Escudo de pedra de forma ovalada [4].

## Outras casas de interese

### A CASA DE ANUNCIA

Situación: O Solloso [5].
Cronoloxía: 1713.
Pedra con inscrición, na fachada principal, ao ras do camiño, na que se pode ler:

LÓPEZ CADRADO AÑO DE 1713.

Esta pedra estaba colocada noutro lugar da fachada da casa.
Hoxe o exterior da casa está lucido de cemento [6].

### A CASA DE CATALINA

Situación: O Solloso.
En moi bon estado de conservación [7].

[1] Documento privado, de data 24.05.1880; Acta, ante o Notario público de Mondoñedo, D. Antonio Ferreiro Hermida, asinada polo propietario das terras do igrexario, D. Manuel Pardo Montenegro, e o cura da parroquia de Frexulfe, D. Pascual Orol Méndez. O Igrexario de Frexulfe fora "enagenado por la Nación" coa Desamortización de Mendizábal, comprando as terras o señor Pardo Montenegro.
[2] DOG, núm. 133, 12.07.1991. X. Fariña Jamardo, *Os Concellos Galegos*, t. X, 1993, páx. 35.
[3] S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, t. III, 1980, páx. 159.
[4] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. III, 1980, páx. 159.
[5] Ao pé da casa materna de Roberto Prieto Ferreiro. Informante: R. Prieto Ferreiro, 09.07.2001.
[6] Visita e fotografías: Xesús Pisón e Isaac Ferreira, agosto de 2001.
[7] Propiedade de Xesús Xoán López Soto.

### A CASA DE LUÍS DA MONA

Situación: O Lagar-O Leirado.
É a primeira entidade de poboación, indo do Rizal (Lagoa) para Frexulfe.
Ten unha pedra moi vella no patín [1].

"Hai unha pedra de lintel con inscrición. Un veciño dixo que procedía dunha capela" [2].

### A CASA DE NOVÁS

Situación: O Lagar.
Foi casa de cregos [3].

## | F o n t e s |

### A FONTE DE MARÍA ARTEIRA

Situación: María Arteira.
Estrada CP-0101 (Ferreira-O Cadramón-Abadín). A 6,4 Km de Ferreira, no lugar do Chaíño, desvío á esquerda; a fonte está a 200 metros do desvío do Chaíño.
Onde a casa de Santiago Prieto López.
Cronoloxía: século XVIII.
O contorno máis inmediato da fonte está ben conservado.
Antigamente, a fonte era pública [4].

"La fuente de María Arteira es la más destacada. Es del siglo XVIII y tiene muy buen trabajo de talla en piedra para canalizar el agua" [5].

## | P o n t e s |

### A PONTE VELLA

Situación: Sobre o río Ouro.
Estrada CP-0101 (Ferreira-O Cadramón-Abadín). A 6,4 Km de Ferreira, no lugar do Chaíño, desvío á esquerda: estrada que leva do Chaíño (Frexulfe) ao Rizal (Lagoa).
A Ponte Vella está a 1 Km do lugar do Chaíño en sentido a Lagoa.
Estado: ponte con catro ollos, de madeira e pedra, o piso de madeira está intransitábel.
Varios metros do leito do río están revestidos con pedras de granito.
No contorno fíxose un merendeiro.
Un grupo de persoas do Valadouro celebran neste lugar, desde 2014 (anualmente e no verán), unhas xornadas literarias co nome Ponte Literaria.

---

[1] Informantes: Juan Antonio Fernández Casabella e Antonio Lorenzo Palmeiro, 17.08.2000.
[2] Informante: Juan Antonio Fernández Casabella, 13.07.2013.
[3] Informante: Roberto Prieto Ferreiro, 09.7.2001.
[4] Na actualidade forma parte das propiedades da casa de Varela. Cando realizamos esta visita (11.08.2013) xa non viven alí. Informante: Santiago Prieto López, 19.08.2013 (IF). Visita: Xesús Pisón, Isaac Ferreira, Amalia Casabella López, Alfonso Pérez Blanco, 26.08.2015 (IF).
[5] http://www.laspain.com/sitios-de-interes/lugo/o-valadouro/63.html, 06.03.2013.

## A PONTE DO PAZO

Situación: O Pazo.
Estrada CP-0101 (Ferreira-O Cadramón-Abadín). A 6,4 Km de Ferreira, no lugar do Chaíño, desvío á esquerda; a casa do Pazo está a 1 Km do desvío, pasando por entre as casas de María Arteira.
Cronoloxía: século XVI.
Estado: desaparecida como tal ponte de pedra, ao faceren unha pista e unha ponte nova de cemento con varandas de tubos de ferro. Con posibilidades de restauración.

## Frexulfe e o Marqués de Sargadelos

Hai moitos anos, a parroquia de Frexulfe fornecía de madeira a fundición de ferro que había en Sargadelos. Nunha ocasión o Marqués de Sargadelos fíxolles aos veciños unha encarga moi grande de madeira, e cando lla foron levar, el negouse a pagarlles o prezo que acordaran. Entón xuntáronse os de Frexulfe e queimáronlle a fábrica [1].

## O castelo de ouro

Na Fraga das Lerias hai un castelo de ouro que só se ve o Día de San Xoán [2].

## A pelella do boi mouro

En Pero Amigo hai unha caseta, e debaixo hai a pelella dun boi mouro chea de ouro e prata, que ha ser destapada polos pés das cabras [3].

## A Pena que Fala

A Pena que Fala está situada nos montes de Frexulfe, ao pé do Penido Vello, e ten unha pedra que cando a move alguén soa coma unha campá.

## A trabe de ouro

En Frexulfe, no Couto de Montoxo, había unha pena grande que lle chamaban A Pena Moura. Unha vez pasou por alí un obreiro que viña de cavar na roza. E aparecéuselle a moura e díxolle que había unha trabe de ouro que ía por debaixo da terra desde alí até a ponte de Centoi, e que se descubría coa escalada dunha galiña. O home prometeulle á moura que había voltar para buscar a trabe, e ela díxolle que se demoraba máis de catro días non había dar con ela. Os catro días pasaron, e cando voltou o home xa non había tal pena, que a fenderan uns canteiros para facer os nichos de Frexulfe [4].

## O sacho de ouro

Un home de Freixido que pasaba todos os días por diante da Cova dos Encantos sentía cavar dentro, e entón dicía:

*—Ai, Encanto, sal ao campo*
*e dáme da túa riqueza,*
*que eu heiche dar da miña pobreza.*

Un día saíu o Encanto cun sacho de ouro na mao e contestoulle:
—Toma este sacho e vaino enterrar debaixo da casa, que así haste poñer rico, mais de hoxe en cinco anos tes que volver e darme da túa pobreza.
O home prometeulle facer como lle mandaba e foise moi contento a enterrar o sacho debaixo da casa. Desde aquel día non tivo que traballar máis, que o sacho facía o labor por el.

---

[1] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, outubro de 2005, conto XXIV, páxs. 22-23.
[2] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., conto CXXVIII, páx. 100.
[3] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CXXIX, páx. 100.
[4] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CL, páx. 107.

E resulta que con aquela riqueza a muller deu en parir fillos, e á volta de cinco anos tiñan tantos que non había na casa pan para mantelos. Entón o home lembrou as palabras do Encanto e tivo que voltar para a Cova e darlle os fillos [1].

## A Encanta dos Prados do Xesto

Un rapaz de Frexulfe que viña do Xesto coas ovellas viu pasar unha muller que levaba unha pena moi grande na cabeza, e en chegando á casa fóillelo contar aos pais. Eles contestáronlle que non voltase por alí co gado, xa que a muller que vira era unha Encanta e podía levalo canda ela.
O rapaz prometeu facer como lle mandaban, mais ben seguro que desobedeceu, porque ao outro día foise co rabaño para o monte e nunca máis voltou [2].

## O tintinexo


Unha noite viña un home de Frexulfe para a casa, e ao pasar pola Fontelafría sentiu tintinar un anóuxere detrás del, e de repente comezou a camiñar para atrás. Por máis que quería ir para diante non podía. O tintinexo levouno por sitios que nunca vira, e ao raiar o sol deixouno na porta da casa e desapareceu [3].

[1] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, 2005, conto CXCIV, páx. 116.
[2] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCI, páx. 118.
[3] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCLXXXIX, páx. 160.





*Igrexa parroquial.*
Frexulfe.
Cronoloxía: 1779.
Estilo: barroco popular.
Fotos: Isaac Ferreira.
Datas: 30-10-2001 e 15-09-2000.




**IGREXA PARROQUIAL DE FREXULFE**
Elías Valiña Sampedro,
Nicanor Rielo Carballo,
Santos San Cristóbal Sebastián,
José Manuel González Reboredo.
*Inventario Artístico de Lugo y su provincia,*
tomo III, 1980, p. 158.



*Cruceiro de Anido.*
Frexulfe.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 30-10-2001.



*Cruz de Monteiro.*
Frexulfe.
Cronoloxía: s. XX.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 02-09-2000.



*Cruceiro do Chalño.*
Frexulfe.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 11-08-2013.





*Casa Reitoral.*
Frexulfe.
Pedra fundacional
con escudo de armas.
Cronoloxía: 1683?
Fotos: Isaac Ferreira.
Datas: 30-10-2001 e 17-05-2001.






*A Fonte de María Arteira.*
Frexulfe.
Situación: María Arteira.
Cronoloxía: século XVIII.
Fotos: Isaac Ferreira.
Data: 21-07-2016.



*Mulño do Pazo.*
Frexulfe.
Situación: O Pazo.
Foto: Ángeles Parga.
Data: 14-10-2017.



*Mulño do Pazo.*
Frexulfe.
Situación: O Pazo.
Foto: Fina Díaz Pardeiro.
Data: 02-09-2017.

| | |
|---|---|
| A. Cps. | Actas Capitulares |
| Arm. | armario |
| ARM. | armario |
| Bach. | Bacharel / Bachiller |
| Bibl. | Bibliografía |
| Carp. | Carpeta |
| cf. | compárese (*confer*) |
| Cf. | compárese (*confer*) |
| cfr. | compárese (*confer*) |
| cm | centímetro, centímetros |
| col. part. | colección particular |
| Col. part. | Colección particular |
| cols. | coleccións |
| coord. | coordinador |
| coords. | coordinadores |
| cronol. | cronoloxía |
| Cronol. | Cronoloxía |
| dir. | director |
| dir.ª | directora |
| dirs. | directores |
| doc. | documento |
| Doc. | documento |
| docs. | documentos |
| ed. | edición, editor |
| Ed. | Edición, Editor |
| Escr. | Escribán / Escribano |
| Est. | estante [andel] |
| Exp. | Expediente |
| fol. | folio |
| Fol. | folio |
| fols. | folios |
| Fols. | Folios |
| gr. | grego |
| *ibid*. | *ibidem* (‘no mesmo lugar’) |
| *Ibid*. | *ibidem* (‘no mesmo lugar’) |
| Km | quilómetro, quilómetros |
| lat. | latín |
| Lc. | Licenciado |
| Lcdo. | Licenciado |
| Ldo. | Licenciado |
| Leg. | legajo [atado, mazo] |
| Legs. | legajos |
| m | metro, metros |
| mrs. | marabedís |
| n. | nota |
| N. dos A. | nota dos autores |
| nn. | notas |

| | |
|---|---|
| Ntra. | Nuestra |
| núm. | número |
| Núm. | Número |
| O. Cist. | Orde Cisterciense |
| op. cit. | obra citada |
| or. | orixe |
| p. | página |
| pág. | página |
| págs. | páginas |
| páx. | páxina |
| páxs. | páxinas |
| pp. | páginas |
| Rvdmo. | Reverendísimo |
| Secc. | Sección |
| s/n | sen número, sen numerar |
| s/p | sen paxinar |
| Sra. | Señora |
| ss. | seguintes / siguientes |
| t. | tomo |
| tt. | tomos |
| Trad. | Tradución |
| transcr. | transcrición |
| Transcr. | Transcrición |
| *Vid.* | ver, véxase |

| | |
|---|---|
| AA [AAS] | Arquivo Arcebispal de Santiago |
| ACM | Arquivo da Catedral de Mondoñedo |
| ADA | Archivo de los Duques de Alba |
| ADHL | Archivo de la Delegación de Hacienda de Lugo |
| ADM | Arquivo Diocesano de Mondoñedo |
| AELG | Asociación de Escritores en Lingua Galega |
| AGS | Archivo General de Simancas |
| AHN | Archivo Histórico Nacional |
| AHPLu | Archivo Histórico Provincial de Lugo |
| AHRG | Arquivo Histórico do Reino de Galicia |
| AL | Alfoz (Concello de) |
| ARG | Arquivo do Reino de Galicia |
| AMF | Arquivo Municipal de Foz |
| AMM | Arquivo Municipal de Mondoñedo |
| AMV [O Valadouro] | Arquivo Municipal do Concello do Valadouro |
| AMV | Arquivo Municipal de Viveiro |
| ANM | Arquivo Notarial de Mondoñedo |
| ANV | Arquivo Notarial de Viveiro |
| ASCR | Arquivo de Santa Clara de Ribadeo |
| BCML | Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo |
| BEOM | Boletín Eclesiástico del Obispado de Mondoñedo |
| BIC | Ben de Interese Cultural |
| BOE | Boletín Oficial del Estado |
| BOPLU | Boletín Oficial da Provincia de Lugo |
| BP | Bulas Pontificias [en plural mellor sería BBPP] |
| CCG | Consello da Cultura Galega |
| CEDA | Confederación Española de Derechas Autónomas |
| CEMP | Centro de Enseñanza Media y Profesional |
| DHEE | Diccionario de Historia Eclesiástica de España |
| DOG | Diario Oficial de Galicia |
| DSC | Diario de Sesiones de las Cortes |
| EM | *Estudios Mindonienses* (revista de periodicidade anual) |
| E.S.O. | Ensino Secundario Obrigatorio |
| ESO | Ensino Secundario Obrigatorio |
| I.E.S. | Instituto de Ensino Secundario |
| IES | Instituto de Ensino Secundario |
| IF | Isaac Ferreira (Isaac Pérez Blanco) |
| IGE | Instituto Galego de Estatística |
| IGN | Instituto Geográfico Nacional |
| INE | Instituto Nacional de Estadística |
| INEM | Instituto Nacional de Empleo |
| LIC | Lugar de Importancia Comunitaria |
| LSL | Leste Sur-Leste |
| ML | Manuel Lourenzo |
| MPL | Museo Provincial de Lugo |
| N. C. | Nome Científico |

| | |
|---|---|
| OFM | Orde de Frades Menores (Franciscanos) |
| OP | Orde de Frades Predicadores (Dominicos), fund. no século XIII |
| OSC | Orde da Santa Cruz |
| OSS.T | Orde da Santísima Trindade (Trinitarios) |
| OV | O Valadouro (Concello de) |
| RAG | Real Academia Galega |
| RGS | Registro General del Sello (Archivo General de Simancas, AGS) |
| SEVA | Seminario de Estudos do Valadouro |
| S. I. C. | Santa Igrexa Catedral |
| S. M. | A Súa Maxestade [o rei ou a raíña] |
| SNIACL | Servicio Nacional de Inspección y Asesoramiento de las Corporaciones Locales |
| TVE | Televisión Española |
| TVG | Televisión de Galicia |
| UNED | Universidad Nacional de Educación a Distancia |
| USC | Universidade de Santiago de Compostela |
| XOR | Xenealoxías do Ortegal |
| XP | Xesús Pisón |

*Adelán*..... 15

*Bacoi*..... 101

*Budián*..... 141

*O Cadramón*..... 171

*Carballido*..... 215

*O Castro de Ouro*..... 265

*Ferreira*..... 385

*Frexulfe*..... 451

*Bibliografía*..... *ao final do tomo II*

*Abreviaturas e siglas*..... 481

*Índice*..... 485

© Isaac Pérez Blanco (*Isaac Ferreira*), Manuel Lourenzo, Xesús Pisón, 2003-2019